

serie informes anuais / 34

A Economía Galega

Informe 2019/2020

Equipo realizador

Dirección

Alberto Meixide Vecino

Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA

Membros

Juan J. Ares Fernández • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA

Roberto Bande Ramudo • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA

Adrián Blanco Estévez • Economista

Melchor Fernández Fernández • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA

Raquel Fernández González • Grupo ERENEA, Universidade de Vigo

Manuel Ferro Novoa • ABANCA e investigador asociado de IESIDE

Isabel Fuentes Santos • Instituto de Investigaciones Marinas de Vigo (CSIC)

Uxío Labarta Fernández • Instituto de Investigaciones Marinas de Vigo (CSIC)

Edelmiro López Iglesias • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA

Dolores Martínez Martínez • Afundación e investigadora asociada de IESIDE

Fidel Martínez Roget • Universidade de Santiago de Compostela

Manuel Núñez Piñeiro • ABANCA e investigador asociado de IESIDE

Luis Otero González • Universidade de Santiago de Compostela / IDEGA

Yolanda Pena Boquete • AYeconomics *spin-off* Universidade de Santiago / IDEGA

Marcos Pérez Pérez • Grupo ERENEA, Universidade de Vigo

Bernardo Valdés Paços • Universidade de Santiago de Compostela

Miguel Anxo Vázquez Taín • Universidade de Santiago de Compostela

Manuel Vilas Fernández • Universidade de Santiago de Compostela

Deseño e maquetación

Manuel López Sande

Supervisión lingüística

Ana Suárez Piñeiro • Universidade de Santiago de Compostela

--

ISBN: 978-84-09-27453-6

Depósito legal: C 67-2021

9	Introdución
11	Economía internacional
15	Economía española
17	Economía galega
23	I. Mercado de traballo
25	Introdución
26	O comportamento do emprego
28	Evolución do desemprego
29	A evolución do mercado laboral dos sete grandes concellos
32	Salarios e custos laborais
34	O impacto da crise do COVID-19 no emprego: unha primeira avaliación dos seus efectos en Galicia
36	O impacto sectorial da crise do COVID-19: evolución da afiliación por ramas de actividade
38	Recuperación e Salarios: ¿que podemos esperar?
42	COVID-19 e risco de deflación
45	II. Agricultura
47	O contexto no bienio 2019-2020: entre a definición da nova Política Agraria Común (PAC) e o impacto da crise da COVID-19
50	Dinámica do complexo agroalimentario e do complexo da madeira no período 2000-2018
53	Cambios no comercio exterior agroalimentario na última década (2005-2016)
57	Tendencias a medio prazo do sector agrario (1990-2018)
60	A conxuntura agraria en 2019 e 2020: contexto internacional, na UE e en España
62	A dinámica do sector agrario galego en 2019 e avance para 2020: unha visión global
64	Evolución da produción
66	Prezos percibidos e prezos pagados polos agricultores
68	Conxuntura das principais ramas agrarias
68	Poboación ocupada
69	Censos gandeiros

73	III. Pesca, Marisqueo e acuicultura
75	III.1. Pesca
75	Introdución
76	Frota pesqueira
77	Distribución da frota e emprego pesqueiro nas diferentes zonas costeiras de Galicia
81	Produción pesqueira
83	Impacto da COVID-19 na produción pesqueira de 2020
84	Xestión e conxuntura do sector pesqueiro galego
90	III.2. Marisqueo e acuicultura
90	Pesquerías e acuicultura, situación global
90	A industria do mexillón
96	O marisqueo: produción e mercados de ameixas, berberecho e ostras
100	Piscicultura
105	IV. Industria
107	IV.1. A industria galega
107	O comportamento da industria galega
122	IV.2. A política industrial
122	A incidencia da política rexional comunitaria en 2019
125	A Política de Cohesión no período 2021-2027 e a súa incidencia en Galicia
126	A política da Administración central aplicada en Galicia
131	A política industrial da Administración autonómica
143	V. Sector exterior
145	Comercio exterior de mercancías
164	O investimento directo estranxeiro (IED)
181	VI. Construción
183	Introdución
187	Vivenda
193	Demanda pública de obras
197	VII. Servizos
199	A actividade do sector servizos en 2019 e 2020
202	Os prezos no sector servizos
203	A distribución e o comercio
207	O sector turístico en Galicia
214	Os transportes en Galicia

223 VIII. Sector financeiro

- 225 Introducción
- 226 Contexto financeiro
- 226 Principais magnitudes do sistema financeiro español e galego
- 232 Principais retos do sector bancario
- 233 Os intermediarios financeiros non bancarios

245 IX. Sector público

- 247 Introducción
- 247 O sector público autonómico galego
- 250 O sector público local galego
- 252 O sector público estatal en Galicia
- 253 O gasto sanitario en Galicia
- 255 O sistema público de pensións en Galicia
- 257 O gasto en educación en Galicia

Introducción

Economía internacional

A economía mundial creceu un 2,8% en 2019, terceiro ano consecutivo de desaceleración, nun exercicio marcado polas tensións xeopolíticas, friccións comerciais e perda de impulso nas economías avanzadas. Con todo, a conxuntura económica cambiou abruptamente coa irrupción do virus da COVID-19 no mes de decembro na cidade chinesa de Wuhan. A súa rápida propagación por todo o mundo arrastrou a economía mundial a unha crise no ano 2020 cunhas características únicas e dunha magnitude con escasos precedentes. Conforme a pandemia se estendía desde Asia cara a Europa e aos Estados Unidos e, posteriormente, a América Latina e ao resto dos territorios emerxentes, os Gobernos decidiron paralizar a economía para tentar frear a expansión do virus. Así, declararon peches empresariais e restricións de mobilidade principalmente no segundo trimestre do ano, que conduciron a un afundimento da actividade empresarial e a un *shock* de oferta. A súa vez, eses mesmos factores, unidos á incerteza xeneralizada e ao aumento do desemprego, desencadearon un afundimento do consumo e un *shock* de demanda. Como consecuencia da combinación de ambos os *shocks* de oferta e demanda a actividade económica no mundo afundiuse, e espérase que o PIB global se contraía un 4,4% en 2020, segundo estimacións do Fondo Monetario Internacional (FMI); a maior caída desde que existen rexistros.

De forma distinta á anterior crise, a Gran Recesión dos anos 2008 e 2009, na que moitos países en desenvolvemento apenas se viran afectados, a crise da COVID-19 está tendo un impacto en todas as rexións económicas. As estimacións apuntan a que o conxunto dos países avanzados rexistrará unha caída do 5,8% a final do ano, sendo particularmente severa a contracción na Unión Europea (-7,6%), e algo menor nos Estados Unidos (-4,3%) e Xapón (-5,3%). Pola súa parte, prevese que os países emerxentes rexistren unha contracción da actividade menor (-3,3%), aínda que moi diverxente, con América Latina liderando a caída (-8,1%) e China (+1,8%) a recuperación. Todos os organismos internacionais e analistas coinciden en sinalar a intensidade da crise en 2020, pero tamén que se producirá un forte rebote en 2021, dun 5,1% para o FMI. En todo caso, a recuperación está rodeada de incertezas es as previsións descansan sobre o suposto de que a distancia social se reducirá, e se recuperará gradualmente a actividade económica pola chegada dunha vacina e a mellora nos tratamentos ao longo do próximo ano.

Estados Unidos viña desacelerando o seu crecemento, e rexistrou un avance do PIB do 2,2% en 2019, sete décimas menos que no ano anterior. Coa chegada da pandemia en marzo de 2020 foi un dos países que máis cedo e con maior forza activaron medidas para compensar o impacto negativo na súa economía. O Senado aprobou un plan de estímulo de 2,2 billóns de dólares, un volume que representa o dobre do aprobado na crise de 2008. O paquete fiscal inclúe axudas ás familias (como un cheque de 1.200 dólares por adulto) e a mellora da cobertura do desemprego, e as medidas financeiras a préstamos brandos para as pequenas empresas, incluíndo axudas non reembolsables, e avais para as grandes compañías. O paquete, xunto coa flexibilización das medidas de distanciamento social, permitiron unha vigorosa recuperación no terceiro trimestre, arredor do 33% do PIB en termos interanuais, porcentaxe semellante á caída do segundo trimestre. O aumento do consumo, en particular en automóviles, mobiliario, equipos informáticos, roupa e enerxía, actuaron como motor da recuperación económica nos meses centrais do ano.

As medidas de política fiscal acompañaron unha política ultraexpansiva por parte da Reserva Federal (Federal Reserve ou FED, polas súas siglas en inglés), que foi un dos primeiros grandes bancos centrais en reaccionar ante a crise. En concreto, no mes de marzo anunciou unha baixada dos tipos de xuro de referencia desde o 1%-1,25% ata o 0%-0,25%, así como un programa de compra de activos por 700 mil millóns de dólares. Particularmente importante foi o anuncio de finais de agosto do seu presidente, Jerome Powell, que modificou as prioridades no mandato por primeira vez desde 1979 (para combater a estancación derivada da crise do petróleo). Así, comprometeuse a non modificar a política monetaria para centrarse en regresar a niveis de pleno emprego, e, en especial, a renunciar ao obxectivo de inflación anual do 2%, buscando acadar ese nivel no longo prazo. O feito de que a FED relegue o obxectivo de inflación a un segundo plano ten moita importancia debido a súa capacidade para marcar o camiño ao resto das autoridades monetarias no resto do mundo.

A principios de novembro o presidente Trump foi derrotado polo candidato demócrata Joe Biden nas eleccións presidenciais, abrindo un novo tempo para a política de Estados Unidos. O final do *trumpismo* deixa atrás un período populista e convulso, en particular debido a unha heterodoxa política exterior, marcada por unha renuncia ao multilateralismo, e unha política interna marcada polas numerosas destitucións no gabinete presidencial e polos enfrontamentos coa prensa. Non obstante, no terreo económico o desempeño da economía durante o Goberno Trump debe ser considerado como positivo, cando menos ata a irrupción da COVID-19. A boa marcha da economía está relacionada coa herdanza da Ad-

ministración Obama, que deixou a Casa Branca co ciclo económico en fase expansiva; se ben o mandatario republicano conseguiu prolongar e intensificar o ritmo de crecemento. O paro acadou o nivel récord de 3,5% a finais do 2019 e os salarios aumentaran un 2,9%, a maior subida en dez anos. Na política económica a Administración Trump será lembrada pola agresiva reforma fiscal que baixou a fiscalidade empresarial e das rendas máis altas, así como a posterior lexislación que permitiu un aumento dos límites do gasto público. Nas relacións económicas co exterior tivo luces e sombras. A boa noticia foi a renovación do Tratado de Libre Comercio de América do Norte con México e Canadá (antigo TLCAN, agora rebautizado como TMEC). Non obstante, a guerra comercial con China levou a unha subida arancelaria que non evitou que se disparase o déficit comercial co país asiático.

Ao igual que nos Estados Unidos, a Unión Europea e a Eurozona perdían rapidamente pulso na actividade nos últimos anos, rexistrando un exíguo avance do PIB do 1,7% e 1,3% respectivamente. En 2020, desde a chegada da COVID-19 Europa foi unha das rexións máis afectadas, converténdose no epicentro mundial da pandemia en distintos períodos. A caída interanual do PIB na primeira metade do ano foi de -11,2% en Alemaña, -18,9% en Francia, -17,9% en Italia e -21,5% en España. E a contracción esperada para final do ano, segundo as estimacións do FMI, serían sensiblemente inferiores, do -6%, -9,8%, -10,6% e -12,8%, respectivamente; do -8,2% na Eurozona e do -7,6% na Unión Europea. As boas novas foron que a resposta por parte das institucións europeas foi totalmente distinta á da anterior crise, na que tanto desde Frankfurt como desde Bruxelas apostaran por políticas de austeridade; o que complicou a saída da crise *subprime* en distintas economías e deu lugar a fortes movementos antieuropeístas no vello continente.

Agora, porén, tanto o Banco Central Europeo (BCE) como a Unión Europea decidiron apoiar a saída da crise cunha batería de medidas monetarias e fiscais que non teñen precedentes. No primeiro caso, o BCE xa tiña antes da crise o tipo de xuro de referencia en niveis historicamente baixos, coa facilidade de depósito no -0,5%, a facilidade de préstamo no 0,25% e o tipo de referencia para operacións de refinanciamento no 0%. Ademais, xa viña apoiando a través de distintos programas a compra de débeda pública e privada nos mercados secundarios para impulsar o financiamento dos países periféricos e conter posibles escaladas das primas de risco. Coa irrupción da crise, o Consello de Goberno do BCE decidiu dar un novo paso adiante e aprobou un paquete de emerxencia extraordinario (Programa de Compra de Emerxencia Pandémica ou PEPP), baseado na compra de activos públicos e privados por valor de 750 mil millóns de euros ata finais do 2020. O BCE, que desde novembro de 2019 ten como gobernadora a Christine Lagarde, logo do esgotamento de mandato por parte de Mario Dragui, redobra a súa aposta, amosando dunha forma clara o seu obxectivo de apoiar o crecemento e a creación de emprego en Europa, e relegando os obxectivos de inflación a un segundo plano, seguindo a estela iniciada pola FED.

En segundo lugar, particularmente inesperado foi o acordo acadado na Unión Europea para dar unha resposta unificada e coordinada á crise económica entre os países membros. Unha vez superadas as reticencias iniciais dos países chamados *frugais* (Países Baixos, Austria, Dinamarca e Suecia), grazas á firme posición do eixe franco-alemán e da chanceler Angela Merkel, o Consello Europeo acordou no mes de xullo un apoio orzamentario de grande envergadura como resposta á crise económica. O elemento máis novidoso foi non só a magnitude do orzamento, senón o seu financiamento, xa que por primeira vez se realizará a emisión de débeda conxunta por parte da Unión Europea para apoiar a recuperación, no que supón un impulso ao proxecto europeo nun momento crítico. Ábrese así un precedente histórico, coa Unión Europea emitindo débeda de forma conxunta para financiar principalmente os gastos e investimentos das economías máis golpeadas pola pandemia, como pode ser o caso de Italia e España.

O orzamento aprobado por Bruxelas presenta tres iniciativas a curto prazo. A primeira é unha rede de seguridade para os traballadores con préstamos para financiar o desemprego por 100 mil millóns de euros, o Apoio Temporal para Mitigar os Riscos de Desemprego nunha Emerxencia (SURE, polas súas siglas en inglés). En segundo lugar, unha segunda liña de préstamos do preexistente Mecanismo Europeo de Estabilidade (MEDE) por 250 mil millóns de euros, sen condicionalidade, para que os países poidan facer fronte aos gastos derivados da crise. En terceiro lugar, un fondo paneuropeo de garantías empresariais financiado polo Banco Europeo de Investimentos (BEI).

Con todo, o máis interesante e novidoso foi a resposta a medio prazo por parte da Comisión Europea, baseada en engadir ao Marco Financeiro Plurianual (2021-2027) un instrumento chamado Next Generation EU, polo cal a Unión Europea obterá 750 mil millóns nos mercados para financiar os gastos da recuperación. Do total, 390 mil millóns serán transferencias non reembolsables e 360 mil millóns préstamos reembolsables, e os desembolsos realizaranse ao longo de seis anos, ata finais de 2026 (e terán que ser devoltos antes de finais de 2058). O maior dos programas contidos no novo instrumento sería o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), que liberará recursos para que os países poidan

realizar os investimentos necesarios para apoiar a saída da crise, así como poñer en marcha reformas que permitan desenvolver un patrón de crecemento máis sostible, con particular acento na dixitalización e descarbonización da economía. Para recibir os fondos, os países membros terán que presentar un programa nacional de investimentos e reformas para o período 2021-2023. O volume do MRR e o seu carácter reformista supón unha oportunidade única e o seu éxito dependerá de que os fondos se traduzan en investimentos e reformas que consigan incrementar o crecemento potencial das economías periféricas.

Á marxe de Estados Unidos e Europa, a outra grande economía avanzada, Xapón, amosaba un maior crecemento da actividade antes da chegada da pandemia (+0,7% no 2019, catro décimas máis que un ano antes). En todo caso, en 2020 a suspensión da actividade económica por mor da COVID-19 tamén levou a unha caída histórica do seu PIB, sendo a de maior intensidade desde a II Guerra Mundial. A economía xaponesa, de acordo cos datos para o segundo trimestre do ano, tivo unha caída trimestral do 7,8%, unha taxa menor que outras economías da OCDE, principalmente debido a que as restricións de mobilidade e peches empresariais decretados polo Goberno xaponés foran máis laxos. O Goberno de Toquio conseguira ter un maior control da pandemia e na segunda metade do ano a produción industrial e as exportacións xa comezaran a indicar o camiño da recuperación económica. Para final do ano o FMI estima unha contracción do PIB xaponés do 5,2%, por debaixo da media dos países avanzados.

Polo que respecta ás rexións emerxentes e de renda media, China foi o país no que comezou a pandemia e o primeiro que experimentou as consecuencias económicas derivadas da interrupción da actividade económica. No primeiro trimestre de 2020, cando o resto da economía mundial continuaba crecendo, a economía asiática experimentou a primeira contracción do PIB desde a Revolución Cultural de 1976, tirando por terra todas as previsións do Partido Comunista respecto da evolución económica. Non obstante, meses despois dun duro peche económico e fortes restricións de mobilidade, e de ser o primeiro país en anunciar que a pandemia estaba baixo control no seu territorio, a economía chinesa creceu novamente, un 3,2% e un 4,9% no segundo e terceiro trimestre, respectivamente.

As medidas desenvolvidas en China no plano económico foron semellantes ás das outras grandes economías, integradas nun paquete de estímulo de 322 mil millóns de euros, que inclúen aliviar a fiscalidade e os pagos á Seguridade Social para as empresas, así como os préstamos sen xuros e liñas de avais. A diferenza no mellor comportamento económico non estaría tanto nestas medidas contracíclicas como na maior capacidade para facer fronte á pandemia, derivada dun sistema político e social que favorece a imposición de restricións dos movementos e o funcionamento colectivo, así como a experiencia acumulada doutros episodios epidémicos. Así, o control do evento sanitario disipou a incerteza económica, xerando as condicións para unha rápida volta ao consumo interno, apoiándose tanto no consumo interno como nos investimentos públicos.

O país asiático conseguiu no medio da pandemia –e en parte grazas a ela– seguir gañando espazo na economía mundial. Na segunda metade do ano, cando o PIB se contraeu en todo o mundo, China xa rexistraba taxas de crecemento e o FMI estima un crecemento do 1,8% para 2020, fronte á caída estimada para o resto das grandes economías, e do 8,2% para 2021. Deste xeito, e pese a que continúan as dúbidas acerca dos fundamentos e sostibilidade no que descansa o seu modelo de crecemento, especialmente pola elevada débeda e a aínda forte dependencia do gasto público, o xigante asiático é a única potencia na que se produciu a desexada recuperación en forma de V.

A pandemia chegou a América Latina algo máis tarde que noutras rexións, na metade do segundo trimestre de 2020, pero desde entón foi unha das rexións máis castigadas, tanto desde o punto de vista sanitario como económico. A rexión xa viña dun período de crecemento moi lento de 1,3% en 2018 e 0% no 2019, e conta con diversos episodios recesivos nos anos 80 e 90, pero a intensidade da recesión provocada pola pandemia, que pode levar ao PIB a unha caída do -8,1% en 2020, non ten precedentes. América Latina viuse particularmente afectada por dous canles de transmisión que son vellos coñecidos da rexión, como a caída nos prezos das *commodities*, que se situaran nos niveis máis baixos dos últimos anos, como no caso do petróleo (que chegou a prezos negativos) cobre, soia, azucre ou café; e a fuga de capitais de curto prazo (*sudden stop*), que levou o índice de bonos de mercados emerxentes (EMBI), de 346 puntos a final de 2019 a 703 puntos a finais de marzo, coa consecuenta caída do valor das moedas locais. Outros canles de transmisión foron o derrube dos ingresos procedentes das remesas (que chegaron a representar 500 mil millóns de dólares anuais) por mor do desemprego en Estados Unidos, e a paralización do turismo que chega a concentrar o 15% do PIB nalgúns países centroamericanos e caribeños. Ademais, a desaceleración ou recesión sincronizada dos tres principais socios económicos da rexión provocou tanto a paralización das exportación (por exemplo, China absorbe o 79% da soia brasileira)


e o 60% do cobre peruano), e a paralización das cadeas de valor fundamentais na industria mexicana ou brasileira.

Con todo, o impacto está sendo moi desigual nos distintos países. Brasil, que tras atravesar unha grave crise en 2015 e 2016 comezaba un novo ciclo de crecemento, viuse fortemente afectado. Pese a ser un país pechado, cun gran mercado interno, foi unha das economías con maior número de afectados do mundo, e espera unha caída do PIB do 5,8% en 2020. A outra grande economía latinoamericana, México, xa estaba en 2019 nunha forte desaceleración económica, e a COVID-19 terminou de afundir a actividade, nunha economía moi dependente dos Estados Unidos e dos prezos do petróleo, e as estimacións indican unha caída do PIB do 8,9% para finais do ano. As economías andinas e que forman parte da Alianza do Pacífico, que contaban cun mellor comportamento económico e que tiveran un maior espazo fiscal para facer políticas contracíclicas, tamén rexistrarán unha intensa redución da actividade en 2020, como é o caso de Colombia (-8,2%), Chile (-6%) e Perú (-13,9%). As boas novas para a rexión neste complicado 2020 chegaron por parte de Arxentina e Ecuador, países que iniciaban o ano nunha situación delicada con ameazas de impago de débedas, pero que acadaron un acordo cos acredores do 99% e o 97% da débeda respectivamente, que reduce os tipos de xuro e amplía os prazos de devolución, e dará aire aos dous países para afrontar o período pos pandemia.

Polo que respecta a outras economías emerxentes de gran tamaño, o impacto da COVID -19 foi en termos xeral negativo, aínda que de intensidade variable. No caso de Rusia, a baixada esperada do PIB é algo menor que no conxunto da rexión emerxente, cunha caída do PIB esperada do 4,1% para 2020. A velocidade de saída da crise en Rusia no só dependerá da evolución da pandemia, senón tamén do comportamento dos prezos do petróleo e do gas (que concentran o 39% do PIB), e que determinará a capacidade de activar medidas fiscais contracíclicas por parte do Goberno. A situación actual é unha proba de foga para o acordo implícito entre o Goberno e a sociedade rusa, de aceptación de menores liberdades por parte desta última a cambio de estabilidade e desenvolvemento económico.

A evolución do prezo das *commodities*, e en particular do cru, tamén será un factor determinante no proceso de recuperación nas principais economías árabes, que pese a estar realizando grandes esforzos por diversificar as súas fontes de crecemento, especialmente no caso dos Emiratos Árabes Unidos (EAU), aínda contan cunha altísima dependencia da evolución do petróleo. Os dous xigantes da península arábiga verán contraerse o seu PIB a final de ano. A caída esperada nos EAU é de -6,6% (cunha contracción do crecemento non enerxético do 4,1%), mentres que en Arabia Saudita se espera unha baixada do 5,4%, por mor dunha balanza por conta corrente que pasará de rexistrar un superávit de 50 mil millóns de dólares en 2019, a un déficit de 8 mil millóns como resultado do afundimento na demanda de petróleo.

Polo demais, 2020 consolidou as tendencias na economía mundial que xa estaban presentes nos últimos anos. A globalización parece frearse ou estar incluso en retirada, se atendemos os datos de comercio mundial, os investimentos estranxeiros ou os fluxos de movementos de capital *cross-border*. Ademais, o proteccionismo de orixe política materializado nun aumento das medidas restritivas —como a proliferación dos mecanismos de supervisión dos investimentos na Unión Europea ou o aumento dos aranceis—, contribúen a este fenómeno. Outra tendencia relevante son os niveis reducidos de inflación, alimentados polo exceso de aforro nas principais economías, o aumento da esperanza de vida ou o menor pulso da actividade económica. Pero, talvez a tendencia máis importante no excepcional exercicio económico de 2020 é a comentada viraxe respecto da anterior crise por parte dos Gobernos e *policy-makers* sobre a necesidade de impulsar o gasto público para conter os efectos da crise e impulsar a demanda e as súas consecuencias nas contas nacionais. Como resultado destas políticas a débeda pública no mundo situarase a finais de ano nos 255 billóns de dólares, ou o 322% do PIB mundial segundo as estimacións do Instituto de Finanzas Internacionais (IFF). As medidas fiscais para contrarrestar o efecto da pandemia deixarán a economía global con 40 puntos porcentuais máis que no comezo da Gran Recesión no ano 2008. Aínda que en 2020 e 2021 o mundo económico seguirá ocupado na saída da crise desatada pola COVID-19, e posiblemente na segunda metade do próximo ano se retorne a un crecemento da actividade económica, a




medio prazo chegará o momento de devolver a débeda contraída, o que impactará moi negativamente no crecemento económico de moitas economías, e no caso dos países emerxentes pode dar lugar a eventos de falta de pago (*default*).

Economía española

A economía española amosou unha preocupante perda de forza nos últimos anos e o ano 2019, cun avance do 2%, foi o cuarto exercicio consecutivo de desaceleración da actividade. Nese momento de perda de impulso chegou a crise da COVID-19, que pon fin a un longo período de seis anos de expansión económica (2014-2019). É relevante a fortaleza coa que a crise actual golpeou a economía española desde o primeiro momento. A combinación dun réxime de confinamento dos máis estritos do mundo para frear a primeira vaga do virus e un modelo de crecemento excesivamente dependente do sector servizos, en particular turismo e hostalería, levaron a actividade a rexistrar unha histórica caída do PIB do 17,8% no segundo trimestre, a maior da Unión Europea. As perspectivas para final do ano non son moi esperanzadoras, e na revisión de outono o FMI estimou que España será a economía avanzada máis afectada pola COVID-19 a nivel global, cunha redución do 12,8%, sendo a única economía avanzada que non mellora as expectativas respecto das estimacións anteriores.

No período estival, o estrito confinamento deu resultados e España conseguiu controlar a expansión do virus, e de forma gradual foi recuperando a actividade económica, o que permitiu un rebote do crecemento no terceiro trimestre do 17,6% en termos trimestrais. Polo lado da demanda agregada, os compoñentes que máis descendieron no segundo trimestre foron o gasto dos fogares (-20,4%), tanto pola imposibilidade de gastar como do peche da economía, a FBCF¹ (-21,5%), tanto pola paralización da actividade como da elevadísima incerteza económica, e as exportacións (-33,4%), debido ao afundimento na demanda mundial de produtos e servizos. Como era esperable, foron as mesmas partidas as que lideraron o rebote no terceiro trimestre, cun +20,7%, +17,8% e 34,3% respectivamente. Polo lado da oferta, a caída no segundo trimestre foi protagonizada polo comercio, transporte e hostalería (-39,6%), principal motor da economía española, a actividade manufactureira (-22,5%) e a construción (-21,9%); partidas que tamén rebotaron con forza no terceiro trimestre, cun avance do +42,5%, +33% e +22,5% respectivamente.

De forma análoga ao resto de países, o Goberno español asumiu ben cedo un importante papel coa finalidade de minimizar o custo económico e social da crise. Consciente do rol fundamental do sector público nestas circunstancias extraordinarias, xa no mes de marzo presentou unha ampla batería de medidas, na que destaca a reforma dos expedientes de regulación temporal de emprego (ERTE), que pasou a permitir que as empresas e autónomos puidesen acollerse ao suposto de forza maior e, polo tanto, ampliar as súas coberturas. O Goberno tamén aprobou unha moratoria impositiva para as empresas, bonificacións para o pago das cotas á Seguridade Social e liñas de avais por 100 mil millóns de euros



xestionadas polo Instituto de Crédito Oficial (ICO), co obxectivo de xerar liquidez, entre outras². Estas medidas foron sendo ampliadas nos meses seguintes, e tamén foron engadidas diferentes axudas para algúns dos sectores máis afectados pola crise, así como iniciativas postas en marcha polas comunidades autónomas, que recibirán 6 mil millóns non reembolsables da Administración central para facer fronte á pandemia. En xeral, a tipoloxía das medidas está en liña coas adoptadas noutros países avanzados, pero non o volume das mesmas. Segundo estimacións do FMI, as axudas directas equivalen ao 3,6% do PIB (uns 32 mil millóns de

¹Formación bruta de capital fixo.

²Para maior información sobre as medidas aprobadas ver:

<https://www.mineco.gob.es/portal/site/mineco/menuitem.ac30f9268750bd56a0b0240e026041a0/?vgnnextoid=cb5cb342d03f0710VgnVCM1000001d04140aRCRD&vgnnextchannel=864e154527515310VgnVCM1000001d04140aRCRD>

euros), o que deixa a España como o segundo país avanzado con menos esforzo fiscal contra cíclico, pese a ser o máis golpeado a nivel económico. Neste sentido, existe espazo para medidas máis ambiciosas, como as postas en marcha por Alemaña, que absorbe o 75% das perdas empresariais, ou de Francia, con programas masivos de reciclaxe de traballadores.

Ademais das axudas por parte do sector público, que contan cun amplo consenso, a economía española está podendo conter parte dos efectos derivados da crise económica grazas ao papel que está a realizar o BCE. De particular importancia foron dúas iniciativas postas en marcha pola institución dirixida por Christine Lagarde. A primeira foi o novo programa de compras de activos (PEPP, *Pandemic Emergency Purchase Programme*), que de forma excepcional liberou 750 mil millóns de euros, e que rapidamente afastou as dúbidas da sostibilidade a curto prazo da economía española, contendo as primas de risco. A segunda foi o financiamento bancario a tipos negativos (LTRO, *long term refinancing operations*), que permitiu evitar un *shock* de liquidez, e mitigar os efectos sobre as entidades bancarias, que utilizaron estas liñas para comprar bonos públicos (*carry trade*). Con todo, cabe lembrar que a intervención na economía española por parte de Frankfurt non é gratis, e que o Goberno español xa acumula débeda co BCE derivada do PEPP por valor de 43 mil millóns de euros, e que a débeda da banca española coa institución supera os 250 mil millóns de euros.

A crise da COVID-19 rompeu a inercia positiva do mercado laboral español, que pechou 2019 cunha taxa de desemprego do 14,7%, dez puntos menos que na fase máis dura da crise anterior. Con todo, no segundo trimestre do ano 2020 a taxa subiu ata o 15,3%, un volume que non reflicte a gravidade da crise actual, posiblemente por mor da masiva activación de ERTE (os afectados forman parte da poboación ocupada e non computan a efectos de desemprego), que acadaron os 3,3 millóns de traballadores en abril. Contra o final do ano España tiña algo menos de 1 millón de traballadores en ERTE, e o Goberno afrontaba a disxuntiva de ou renovación masiva desta figura para evitar a destrución de emprego, ou dar por finalizadas as axudas para evitar un maior consumo de recursos de empresas insolventes. Como en períodos anteriores de depresión da actividade económica, o paro afecta principalmente os colectivos de novos (o paro xuvenil acadou o 33%), traballadores con contratos temporais e perfís escasamente cualificados e parados de longa duración. Como consecuencia do rebote da economía no terceiro trimestre aumentou o número de ocupados en 569.000 persoas respecto do trimestre anterior, se ben en comparación cun ano antes o número de persoas ocupadas descendeu en 697.000. Malia a recuperación, a taxa de paro continuou subindo ata o 16,3%.

A economía española pechou 2019 cun déficit público do 2,7%, dúas décimas máis que no ano anterior e a primeira subida deste indicador desde 2012, mentres que a débeda pública acadou o 95,5% do PIB. O Goberno aprobou unha liña de consolidación fiscal que debería levar o déficit ao 1,8% en 2020, e que descendería ata o 0,9% en 2023. Pero a irrupción da crise fixo saltar polos aires as previsións para 2020, máxime cando o sector público asumiu o papel protagonista de resposta á situación económica a través dun amplo paquete fiscal. Así, as estimacións actuais son que o déficit público escalará ata o 14,1% do PIB a final do ano e a débeda pública ata o 123%, segundo o FMI. Para 2021, o Goberno de España presentou uns orzamentos extraordinarios que inclúen un aumento do gasto público de 62 mil millóns e un obxectivo de déficit do 7,7%.

En todo caso, a análise sobre os planos de gasto público do Goberno debe entenderse nun marco de financiamento externo por parte da Unión Europea mediante o mencionado *Next Generation EU*. Este foi visto polos políticos, empresarios e pola sociedade española non só como unha importante fonte de recursos para paliar os efectos da crise, senón especialmente como unha oportunidade histórica para avanzar na transición do modelo económico tantas veces postergada. Trátase de 140 mil millóns que chegarán a España entre 2021 e 2023 en forma de transferencias directas e préstamos, e apoiarán a transición ata unha economía verde e dixital a partir dun plan con proxectos concretos que poidan ser financiados. España será o segundo país de Unión Europea en recepción de fondos, só por detrás de Italia. Tan importante como os fondos será a condicionalidade dos mesmos, xa que o seu desembolso dependerá da adopción das recomendacións de Bruxelas ao Goberno español, descrita de forma regular nos informes que con periodicidade semestral a Comisión Europea envía a Madrid.

Cadro núm. 1
Previsións de crecemento da economía española (en %)

	2020	2021
Goberno	-11,2	7,2 / 9,8
Banco de España	-11,1	6,8
Comisión Europea	-12,4	5,4
FMI	-12,8	7,2
OCDE	-11,6	5,0

Fonte: Elaboración propia.

España enfróntase así a súa escasa capacidade de cumprir co receptor clásico de reformas, non poucas veces comentadas neste informe, como as reformas educativas ou da Administración, un maior impulso á innovación, reducir os moi elevados niveis de

desigualdade ou garantir as pensións e as sostibilidade das contas públicas. Ademais, España afrontará un dobre desafío. Por unha banda, a xestión dos fondos, que conta con precedentes preocupantes, o ter España gastado só un terzo do asignado no período orzamentario 2014-2020, o terceiro peor desempeño na Unión Europea. Por outra banda, existe unha evidente dificultade de identificar proxectos que poidan absorber os fondos, e, en especial, que sexan capaces de impulsar o desexado maior crecemento potencial.

O acordo do Brexit

O final do ano 2020 significou a saída definitiva do Reino Unido da Unión Europea logo de 47 anos, pechando un longo proceso que comezou coa votación a favor do abandono en 2016. No terreo económico, Londres e Bruxelas asinaron un acordo de mínimos (Acordo de Comercio e Cooperación) que senta os piares da relación para os próximos anos. Posiblemente, a parte máis importante deste texto é a non existencia de aranceis nin cotas para os bens intercambiados, co que, a priori, os intercambios comerciais bilaterais, de grande importancia, non se verán especialmente afectados. Si mudarán no plano comercial os acordos con terceiros países (incluíndo os aranceis comúns), que no caso do Reino Unido pasarán, de ser competencia compartida europea, a depender directamente do Goberno de Londres.





Pero este acordo non debe facer esquecer a gran cantidade de aspectos que si se verán afectados co divorcio. A partir de agora, co final do mercado único que inclúe o Reino Unido, haberá inspección dos bens nas alfándegas, distintos trámites burocráticos e maiores limitacións na prestación de servizos (que estarán suxeitas aos acordos no seo da Organización Mundial do Comercio acabando o libre acceso), e rematará o recoñecemento mutuo de categorías profesionais e o pasaporte para empresas financeiras. Así mesmo, o acordo deixa numerosas consecuencias en infinidade de sectores, como no transporte, no que as aeroliñas británicas xa non serán consideradas europeas (limitando o número de voos no espazo aéreo europeo); ou na pesca, na que os barcos europeos terán un menor acceso aos caladoiros británicos (o que prexudicará a flota española e galega).

O acordo entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2021, se ben ten que ser aprobado polos parlamentos dos 27 países membros da Unión Europea, ademais de polo Parlamento Europeo e a Cámara dos Comúns (Parlamento británico). Tamén falta por desenvolver o regulamento en diferentes puntos, o que anticipa a continuación da negociación en aspectos máis técnicos. Polo demais, á marxe dos temas económicos, tanto Boris Jonhson como Ursula Von Del Leyen afirmaron a súa vontade de seguir cooperando en ámbitos como cambio climático, enerxía ou seguridade.

Economía galega

Tanto as últimas estimacións dispoñibles do IGE como do INE mostran un crecemento do PIB galego dun 1,8% en 2019. Esta cifra é dúas décimas inferior á do conxunto de España, pero cinco décimas superior á da Eurozona. Nese ano confirmase a desaceleración da actividade en Galicia, en liña co comportamento da economía española. Así, desde 2015 ata 2019 a taxa de crecemento do PIB, malia que positiva, vai sendo cada ano menor á do anterior e coa peculiaridade de que a taxa galega sempre (excepto en 2015) foi inferior á española. Isto reflicte unha paulatina diverxencia entre ambas as economías, que contrasta coa converxencia que se observaba nos anos de crise. Por tanto, en liñas xerais, a traxectoria do PIB galego e español tras a crise de 2008 volve confirmar o que xa viña sucedendo no pasado. En períodos de recesión a economía galega non cae tanto como a española, pero en períodos expansivos crece menos.

Este menor incremento do PIB galego que o español non impediu que proseguise a converxencia en termos de PIB por habitante. A estimación do INE calcula para Galicia un valor de 23.873 euros en 2019 fronte a 26.426 euros do total español, que equivale ao 90,3%, cinco décimas máis que a porcentaxe alcanzada en 2018; sendo, ademais, o valor máis alto acadado no que vai de século. Lembremos que en 2000 a porcentaxe era do 77,6%, 12,7 puntos máis baixo. Nesta converxencia co conxunto do Estado influíu máis a evolución demográfica que o incremento da produción. De feito, mentres no conxunto de España desde o 1 de xaneiro de 2000 ata o 1 de xaneiro de 2020 a poboación medrou un 17% (pasou de 40,5 millóns de habitantes a 47,3 millóns), en Galicia tan só aumentou en 121 persoas (2,7 millóns nos dous anos), cunha taxa de crecemento practicamente nula.



En termos de PIB por habitante apreciouse un sistemático avance de Galicia no *ranking* por comunidades autónomas neste século. En 2000, Galicia ocupaba o antepenúltimo lugar e só Andalucía e Estremadura tiñan un valor inferior. Da décimo quinta posición de 2000 pasou a ocupar en 2019 o posto noveno, xusto por riba de Asturias e por debaixo de Cantabria.

O incremento do PIB galego nun 1,8% en 2019 coincidiu co que experimentaron tanto Cataluña como o País Vasco e foi inferior en dúas décimas ao crecemento da economía española no seu conxunto.

Desde o lado da demanda interna, os seus compoñentes tiveron en 2019 unha achega positiva ao PIB, destacando o gasto dos fogares e as ISFLSF. A contribución do 2% da demanda interna foi o principal factor explicativo do incremento nun 1,8% do PIB. Pola súa banda, a demanda externa tivo un comportamento máis moderado. As exportacións de bens e servizos creceron un 0,2% fronte a un 0,6% das importacións, polo que a súa participación no PIB do sector exterior foi negativa.

En canto ao comercio de mercancías co estranxeiro, en 2019 observouse unha desaceleración no seu crecemento con respecto a 2018. O valor monetario das exportacións foi case idéntico ao de 2018, mentres que as importacións aumentaron un 3,2%; evolución que supuxo un descenso no saldo comercial de 611,3 millóns de euros.

Polo lado da oferta, a evolución en 2019 dos grandes sectores foi moi irregular. Ao incremento do PIB nun 1,8% contribuíron dun xeito positivo a construción e os servizos. Neste último caso rexistrouse un incremento do 2,7%, grazas, sobre todo, aos bos resultados de comercio, hostalería, transporte e actividades profesionais. A traxectoria foi positiva en todas as ramas de servizos destinados ao mercado e os prestados polas Administracións públicas avanzaron na mesma porcentaxe que o conxunto do sector, un 2,7%. Pola contra, a evolución do sector industrial non foi tan positiva, ao igual que a do primario. As industrias extractivas e enerxéticas experimentaron un descenso na súa actividade e a manufactureira tan só incrementou o VEB nun 0,6%, cun comportamento tamén desigual dos seus subsectores. Segundo o índice de produción industrial (IPI), produciuse un descenso da actividade en metalurxia, material e equipamento eléctrico, madeira (sen a industria do moble) e

Cadro núm. 2

Evolución dos compoñentes do PIB. Taxas de variación interanuais (en %)

	2016	2017	2018	2019	I trim. 2020	II trim. 2020	III trim. 2020
Demanda							
Gasto en consumo final	1,8	2,8	1,0	2,0	-4,2	-17,5	-4,6
Gasto dos fogares e ISFLSF	1,9	3,1	0,8	2,1	-7,0	-23,8	-6,9
Gastos das AA.PP.	1,5	2,2	1,9	1,8	4,3	1,5	2,1
Formación bruta de capital	0,9	7,2	6,3	1,8	-8,7	-24,0	-9,2
Exportación de bens e servizos	5,0	4,3	3,8	0,2	-0,1	-23,3	0,9
Importación de bens e servizos	1,6	7,4	1,4	0,6	-2,4	-24,7	2,4
Oferta (VEB)							
VEB. Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	-0,3	-1,5	-0,5	-0,2	-0,8	-1,9	-3,6
VEB. Industria	6,3	2,7	8,9	-1,4	-1,1	-23,5	-3,7
VEB. Industria manufacturera	4,3	7,1	2,2	0,6	-1,3	-29,6	-2,7
VEB. Construción	5,1	4,8	2,7	3,4	-7,1	-19,6	-9,3
VEB. Servizos	2,8	2,0	2,4	2,7	-3,5	-16,0	-5,5
PIBpm	3,4	2,0	3,2	1,8	-3,8	-17,9	-6,2

Fonte: IGE.

naval, que se contrarrestou cunha maior produción en alimentación, confección, automoción, produtos metálicos e industria do moble, entre outros sectores.

O incremento dun 1,8% do PIB en Galicia en 2019 logrouse cunha subida do 1,6% da poboación ocupada e a poboación activa practicamente estabilizada (caeu un 0,2%). Consecuentemente, isto supuxo unha redución na taxa de desemprego, que se situou no 11,8%, 1,5 puntos menos que no ano anterior.

O escenario que acabamos de resumir sofre un cambio radical a partir de marzo de 2020. En primeiro lugar, a desaceleración que se viña observando no PIB nos últimos anos transfórmase nunha caída que vai superar amplamente a experimentada na anterior crise. A falta dos resultados do cuarto trimestre, o IGE estimou unha contracción do PIB do -3,8%, -17,9% e -6,2% nos tres primeiros trimestres, respectivamente. A caída no segundo trimestre, con España en confinamento, foi, con moita diferenza, a máis elevada desde 1996 (primeiro ano no que o IGE publica esta serie). Os resultados do terceiro trimestre foron os segundos peores. Nos respectivos capítulos deste informe trátase polo miúdo a traxectoria seguida polos diferentes sectores neste período, se ben cómpre indicar que os anteriores descenso son menores, en todos os trimestres, aos experimentados no conxunto de España (-4,2%, -21,6% e -9%).

En 2020, a demanda interna caeu nos tres primeiros trimestres (-5%, -18,6% e -5,4%), mentres que o PIB entre xaneiro e xuño o fixo con menos intensidade grazas a que as exportacións descendieron menos que as importacións; malia que no terceiro trimestre do ano ocorreu o contrario. A previsión do IGE para todo 2020 é dunha caída da demanda interna do -8,9%, sendo moi intenso o descenso na formación bruta de capital e no gasto dos fogares e das ISFLSF; o que se contrarresta, nunha pequena parte, coa traxectoria positiva do gasto das Administracións públicas, que estima roldará o 2,3%. En 2021 as previsións apuntan a unha sensible recuperación no gasto de familias e empresas, pero agardan que as taxas sexan inferiores ás caídas de 2020. Tamén prevén un estancamento do gasto das Administracións públicas.

A actividade caeu bruscamente en 2020, en especial no segundo trimestre, no que a industria manufacturera foi o principal sector prexudicado pola crise sanitaria, descendendo o seu VEB un 29,6%. Tamén foron notables as caídas na construción (-19,6%) e nos servizos (-16%), que se amorteceron no terceiro trimestre. No sector primario foi onde menos se sentiron os efectos da crise, se ben o seu VEB foi caendo progresivamente conforme transcorreu o ano. En canto aos resultados totais de 2020, todo apunta a que o comportamento máis negativo será o do sector servizos, nun contexto dunha baixada do VEB moi elevada en todos os macrosectores, agás no primario. Así, o IPI da industria ata novembro reflicte unha redución, en media anual, do -9,7% (-10,9% no conxunto de España). Entre os indicadores de actividade do terciario, o índice da cifra de negocios recolle un descenso de xaneiro a outubro do -14% (-16,6% en España) e, no sector do turismo, obsérvase un afundimento do -60% no número de viaxeiros (-84,6% estranxeiros e -50,1% españois) nos once primeiros meses de 2020.

A evolución positiva do mercado de traballo nos últimos anos, cun progresivo incremento da ocupación e cunha sistemática caída da taxa de desemprego (na crise anterior alcanzou o seu valor máis alto en 2013 cun 22%), truncouse en 2020, aínda que os resultados alcanzados non reflicten valores tan negativos como os do VEB. A media dos tres primeiros trimestres mostraba unha caída na ocupación, segundo a EPA, do -2,1% e un aumento dos parados do 1,4%, co que a taxa de paro se situou no 12,1%; só

tres décimas máis alta que en 2019 e iso a pesar da notable caída da produción. Esta evolución explícase pola masiva utilización dos expedientes de regulación temporal de emprego (ERTE) desde o inicio da pandemia. Deste xeito, mantense como ocupado o traballador regulado (os expedientes por forza maior alcanzaron a 150.241 traballadores a finais de abril de 2020 e a 118.258 en maio). Por outra banda, ante as dificultades para buscar activamente emprego, parte dos parados pasaron a ser inactivos, de aí que o número de activos descendese un 1,7% e o dos inactivos medrase un 2,3%.

En todo caso, en 2020 o mercado de traballo galego non se resentiu tanto como a produción. As afiliacións á Seguridade Social descendéron un -1,8% e a EPA, como xa se indicou, mostraba unha caída da ocupación nos tres primeiros trimestres do -2,1%.

En 2019, o crecemento dos prezos moderouse. O IPC subiu un 0,7% fronte ao 1% de 2018, e o IPRI pasou a ser negativo ao caer un -3% tras o incremento do 2,1% en 2018. Este descenso do IPRI non foi tan forte en 2020, xa que os resultados dos once primeiros meses mostran unha caída do -1,9%. Polo contra, o IPC, ante a desaceleración da actividade, acadou taxas negativas (-0,6% de xaneiro a novembro), situación que non se observaba desde 2015.

Neste escenario cheo de incertezas, as previsións de crecemento da economía española para 2020 foron modificándose a medida que transcorría o ano e sitúanse nun rango que reflicte a volatilidade na que nos estamos movendo. Tamén as proxeccións relativas á recuperación esperada para 2021 sufriron unha revisión á baixa como consecuencia, en boa medida, da intensidade da terceira vaga da COVID-19 e da demora esperada na vacinación da poboación. Para este ano, a maioría das previsións de crecemento do PIB están nun intervalo que van do 5 ao 9%, sendo a máis optimista a do Goberno (cadro 1).

Respecto da economía galega, a Xunta estima que 2020 finalizará cunha contracción do PIB do -9,7% e un crecemento en 2021 do 8%. Como no caso de España, as estimacións do Goberno galego sitúanse na franxa máis elevada, fronte a outras nas que se espera unha caída máis forte en 2020 e unha recuperación non tan intensa en 2021. En calquera caso, si parece existir un certo consenso en que a contracción sufrida polo PIB galego en 2020 será algo inferior á do conxunto do Estado. Entre outros, a especialización sectorial, como acontece noutras comunidades autónomas, é un dos factores relevantes á hora de explicar estas diferenzas. Os indicadores dispoñibles, comentados de forma detallada nos capítulos deste informe, apuntan nesa mesma dirección.




Máis difícil resulta predicir o que aconteza en 2021, tanto na economía española coma na galega, debido á confluencia de múltiples factores externos e internos caracterizados por un elevado grao de incerteza e volatilidade. A duración e intensidade da terceira vaga da COVID-19, o tempo estimado do período de vacinación, as repercusións do acordo do Brexit en determinados sectores produtivos, a capacidade de xestión dos fondos europeos, as políticas da nova Administración norteamericana e as súas implicacións no comercio internacional ou o desenvolvemento das reformas estruturais pendentes son algúns dos factores que marcarán a traxectoria da economía española e da galega neste e nos próximos anos.

I. Mercado de traballo

- Cinco anos de crecemento sostido da ocupación non foron suficientes para a recuperación do emprego precrise.
- Comezamos 2020 con 106 mil ocupados menos e 32 mil parados máis que en 2008.
- En 2019 continúa caendo a poboación activa, o que favoreceu a evolución positiva da taxa de desemprego durante todo o período de recuperación.
- O inicio da pandemia acentúa a perda de poboación activa (no segundo semestre de 2020 Galicia acada o seu mínimo histórico interanual, -3,73%), o que atenúa o impacto da pandemia en termos de desemprego.
- O número de afectados por un ERTE durante 2020 supón, en media, o 5,5% do total de afiliados cun máximo en abril do 15,5% e un mínimo en outubro do 1,5%.
- Os ERTE, máis a evolución negativa da poboación activa, permiten manter a taxa de paro agregada galega en 2020 en valores similares aos de 2019.
- O impacto da pandemia no emprego efectivo é difícil de avaliar cos indicadores tradicionais. A cifra estimada de desempregados pola EPA está moi condicionada pola dificultade de realizar unha busca activa de emprego na situación actual e pola propia utilización dos ERTE.
- Repítense desequilibrios anteriores: en 2019 a creación de emprego é maior nos homes, acaparando o 65% dos novos postos de traballo e volve ser relevante o diferencial entre a taxa de paro feminina e a masculina.
- Os resultados do mercado laboral galego difiren significativamente entre as grandes áreas urbanas, con Lugo e Ferrol nos extremos.
- Forte moderación na evolución dos prezos. O aumento salarial pactado en 2019 non se modera coa mesma intensidade.
- Significativo incremento do custo laboral durante 2019, que a crise sanitaria leva no segundo trimestre de 2020 a unha caída histórica.

Introdución





En 2019 Galicia suma o seu quinto ano consecutivo de incremento na ocupación, aínda que xa é patente o freo do ritmo de crecemento da economía galega na dinámica laboral. Segundo os datos da enquisa de poboación activa (EPA) do Instituto Nacional de Estatística (INE), en 2019 creáronse 17.600 empregos, un 30% menos que en 2018 (gráfico 1). Despois de cinco anos de recuperación económica, o mercado laboral galego inicia 2020 con 106 mil empregos menos, 32.300 parados máis e, polo tanto, con 73.700 activos menos que en 2008. Tampouco España logra acadar a finais de 2019 o nivel de emprego existente antes da crise económica, pero a dinámica foi claramente moito máis positiva. Se consideramos o conxunto de España sen Galicia, a perda de emprego en 2019 en relación a 2008 é inferior ao -3%, mentres que en Galicia supera o -8,8%. Só Canarias e Baleares lograron en 2019 recuperar o emprego de 2008, o que é unha mostra máis da relevancia da actividade turística na xeración de emprego en España.



A retardación da creación de emprego en Galicia intensificábase desde o segundo trimestre de 2019 (en termos interanuais), iniciándose 2020 cun tímido avance (gráfico 2). O freo da actividade económica é moito máis intenso en Galicia que no conxunto de España. Mentres no primeiro trimestre de 2020 a ocupación interanual aumenta en algo máis do 1% en España, mantense case estable en Galicia. A brecha na dinámica da ocupación entre as dúas economías volve aumentar despois de catro anos dun débil proceso de aproximación (gráfico 3).

Tamén o desemprego tivo unha evolución positiva, con 20 mil parados menos, o que se traduce nunha redución da taxa de desemprego en máis de 1,5 puntos porcentuais (algo menor á observada en 2018); co que mantén a súa tendencia descendente ata acadar o 11,8%, incrementándose o diferencial con España neste indicador ata os 2,3 puntos porcentuais (figura 1 e gráfico 4). Esta mellora está moi condicionada pola evolución diferencial da poboación activa. Se en España en 2019 se observou un incremento de 220.300 activos (1% máis), en Galicia produciuse de novo unha redución da poboación activa, igual que nos seis anos anteriores. Se a poboación activa tivese o mesmo comportamento en Galicia que en España, só nos dous últimos anos, o diferencial na taxa de paro favorable a Galicia case desaparecería por completo.

A forte redución do número de desempregados de moi longa duración (máis de dous anos) observada en 2018 baixou case á metade en 2019 (gráfico 5). De feito, o 68% da caída do desemprego concentrouse neste colectivo. Non obstante, a incidencia do paro de longa duración segue sendo moi elevada e lixeiramente superior á media española (se consideramos os parados que




levan máis dun ano buscando emprego, en total suman case a metade dos parados, o 44,3% en España e o 44,8% en Galicia).

En resumo (figura 1), os principais agregados do mercado de traballo galego (ocupación e desemprego) manteñen unha evolución relativamente favorable en 2019, aínda que reflicten o freo da economía galega. Durante 2019, o dinamismo na creación de emprego redúcese considerablemente, aumentando a fenda co conxunto de España. Non obstante, a taxa de paro galega segue a estar entre as máis baixas das comunidades autónomas e o diferencial con España mantense. A recuperación económica parece frearse, polo menos en termos de emprego, e a poboación activa total segue a ter unha evolución negativa; algo difícil de entender nun contexto de crecemento continuado da actividade económica e de redución do desemprego, incluso cando temos en conta a estrutura por idades da poboación potencialmente activa. Once anos despois do inicio da crise económica e financeira de 2008, Galicia conta con 106 mil ocupados e 73.700 activos menos. Son evidentes as dificultades para acadar unha recuperación real do emprego. Temos que ter en conta que o IGE nas contas económicas trimestrais estima un crecemento acumulado do PIB entre 2008 e 2019 superior ao 3,4% e que, polo tanto, este incremento positivo non se está traducindo en variacións no emprego da mesma intensidade (gráfico 6). De feito, en 2019 o nivel de emprego é un 8,8% inferior ao acadado en 2008. Galicia xunto con Asturias son as dúas rexións máis lonxe do nivel de emprego previo á crise.

O comportamento do emprego


A creación de emprego en 2019, 17.600 ocupados máis segundo a EPA, representa un crecemento do 1,6%, significativamente inferior ao observado en 2018 (cadro 1), confirmando o freo da economía galega. A diferenza dos anos precedentes, o aumento da ocupación foi moito máis intenso nos homes que nas mulleres, rompendo cunha tendencia común a todos os anos de recuperación. En 2019, os homes acapararon o 65% dos novos postos de traballo, cando no ano anterior foran as mulleres as que sumaron o 80% da nova ocupación. Destaca no caso das mulleres o mal comportamento do emprego autónomo e o reducido incremento do emprego asalariado privado (o de maior peso no total). En conxunto, tamén resul-



Cadro núm. 1
Evolución da ocupación en Galicia segundo a EPA
Taxas de crecemento interanuais (en %)

	2016	2017	2018	2019
Ocupados	2,3	1,2	2,4	1,6
Homes	2,0	0,4	2,1	2,0
Mulleres	2,6	2,0	2,7	1,2
Ocupados segundo relación laboral				
Asalariados	2,2	1,1	4,2	1,8
Por duración de contrato				
Indefinidos	1,1	0,1	4,9	2,0
Temporais	5,4	4,2	2,6	1,5
Por duración de xornada				
Xornada completa	3,1	1,3	4,1	1,1
Xornada parcial	-2,5	0,3	5,1	6,2
Non asalariados	2,2	1,3	-4,5	0,7
Ocupados por ramas de actividade				
Agricultura	12,1	5,3	-9,6	-1,9
Industria	1,5	5,7	-1,3	6,2
Construción	-2,4	-7,2	1,1	4,2
Servizos	2,1	0,6	4,5	0,7
Hostalería	2,6	9,0	5,1	2,1
Actividades sanitarias e servizos sociais	4,4	1,0	8,1	7,6
Ocupados por nivel de formación				
Estudios primarios	-14,7	4,0	-9,8	-31,5
Estudios secundarios. 1ª etapa	1,6	-1,3	-0,5	2,3
Estudios secundarios. 2ª etapa	5,3	0,6	7,8	3,1
Estudios altos (ed. superior)	3,6	3,1	2,8	3,6
Ocupados por nacionalidade				
Nacionais	2,7	0,8	2,1	1,2
Estranxeiros	-6,8	11,5	9,0	11,5

Fonte: Elaboración propia a partir EPA, INE e IGE.




dos polo Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social, a dinámica da ocupación é semellante cun crecemento da afiliación en Galicia inferior á media nacional (2,61% en España fronte a 1,75% de Galicia), mostrando nos dous casos os efectos da desaceleración económica cunha intensidade similar á estimada pola EPA (gráfico 9).

ta significativo o retroceso do emprego público (-1,8%), despois dun 2018 no que a subida fora moi significativa (un 5%).

Outro aspecto relevante é o crecemento da ocupación a tempo parcial (cadro 1), moito máis intenso que o da ocupación a tempo completo, e que supón un aumento do seu peso no total de case un punto porcentual. Destaca neste caso que o incremento foi maior tamén nos homes, o que rompe coa tendencia dos últimos anos. Aínda así, as mulleres representan o 75% dos ocupados a tempo parcial. Por outra banda, os asalariados con contrato indefinido medraron un 2%, mostrando un dinamismo maior que a ocupación temporal, 1,5%. As diferenzas por xénero na motivación do emprego a tempo parcial seguen sendo moi relevantes e non deixan de ampliarse. Mentres que o 17,6% das mulleres nesta situación indican como motivo o coidado de nenos ou adultos enfermos, incapacitados ou maiores, no caso dos homes só sinalan esta motivación o 2,6% dos ocupados a tempo parcial. Tamén as diferenzas na aceptación do contrato a tempo parcial por non poder obter un contrato a tempo completo medra entre homes e mulleres. Se en 2018 era a razón principal para o 58% dos homes e o 56% das mulleres, en 2019 o é para o 60% dos homes e o 52% das mulleres.

Por ramas de actividade, a creación de emprego no 2019 reflicte o dinamismo dos servizos en España e da industria manufacturera en Galicia (gráfico 8). O 80% dos novos ocupados en España traballa nalgún sector de servizos fronte ao 32% en Galicia. A ocupación na construción mantense, cun lixeiro incremento, mentres que no sector primario e na industria non manufacturera se producen reducións na ocupación moi significativas. A construción tanto en España como en Galicia mostrou unha acusada melloría, cun crecemento interanual superior ao 4%. O dato máis significativo é o forte incremento da ocupación no sector industrial. Tras a perda de emprego de 2018, a industria volve mostrar sinais do seu dinamismo, encabezado pola industria da Madeira, papel e mobles e pola Metalurxia e produtos metálicos, electrónicos e maquinaria.

Se acudimos á información dos datos rexistrados nas oficinas de emprego, e recollidos



Cadro núm. 2

Evolución do desemprego segundo a EPA

Taxas de variación (en %) e niveis (en %) da poboación activa de cada categoría

	2016	2017	2018	2019
Desempregados	-11,5	-9,2	-15,2	-12,1
Homes	-11,8	-10,6	-18,3	-13,1
Mulleres	-11,2	-7,8	-12,1	-11,1
Taxa de paro	17,2	15,7	13,3	11,8
Por sexos				
Homes	16,5	15,0	12,4	10,7
Mulleres	17,8	16,4	14,4	12,8
Por idades				
Entre 16 e 29 anos	29,8	26,0	23,6	21,0
Entre 30 e 44 anos	16,1	15,0	12,6	11,0
Máis de 45 anos	14,2	13,2	11,2	9,9
Por nivel de formación				
Estudios primarios	32,8	28,5	25,6	28,1
Estudios secundarios. 1ª etapa	20,6	19,5	16,9	14,5
Estudios secundarios. 2ª etapa	16,7	14,8	13,6	13,0
Estudios altos (ed. superior)	12,1	11,1	8,9	7,7
Taxa de paro de longa duración	8,9	7,9	5,9	4,6
Homes	8,6	7,6	5,2	3,9
Mulleres	9,2	8,2	6,5	5,3
Incidencia paro de longa duración	58,5	55,5	50,5	44,9
Homes	58,9	55,7	49,3	43,3
Mulleres	57,9	55,2	51,5	46,4

Fonte: Elaboración propia a partir EPA, INE e IGE.

pre salientar que o diferencial na taxa de paro entre o grupo de 30 e 44 anos e o grupo de maiores de 45 é moi reducido.

Como ocorre nas economías do noso contorno, a taxa de paro redúcese para todos os niveis de formación, sendo esta redución máis intensa nos niveis educativos superiores. Deste xeito, a fenda por nivel educativo ampliase considerablemente durante o último ano, o que xa estaba acontecendo desde o inicio da recuperación. Se en 2017 a taxa de paro da poboación con estudos primarios era 2,56 veces maior que a taxa de paro da poboación con educación superior, en 2019 este factor elévase ata 3,65. Non obstante, o peso no total de desempregados da poboación con estudos superiores é en Galicia 2,1 p.p. superior (25,1% en España e 27,2% en Galicia).

O mercado laboral galego no contexto nacional e europeo

En resumo, 2019 supuxo unha mellora nos indicadores principais do mercado laboral galego, de menor intensidade que no ano 2018 e máis favorable aos homes e á poboación de maior idade, o que son elementos comúns a toda a fase de recuperación. A boa noticia é a forte redución do desemprego de longa duración e a mala o aumento das diferenzas de xénero. Tamén na parte negativa da balanza atopamos as reducidas taxas de actividade (53,14% fronte ao 58,64% do conxunto de España) e de emprego (46,90% fronte ao 50,37%), que matizan o bo resultado en termos de taxa de paro (Galicia aumenta en 2019 lixeiramente o diferencial positivo respecto ao conxunto de España no nivel da taxa de paro ata os 2,34 p.p.). Polo tanto, a situación de Galicia no contexto español é boa en relación á taxa de desempre-

Evolución do desemprego

No conxunto do ano o desemprego medio descendeu en 20 mil persoas, situando a taxa de paro no 11,8%, unha caída de 1,5 p.p. Trátase dunha redución moi importante (-12,1%), malia que inferior á do ano 2018 (que foi a máis elevada desde o inicio da recuperación). A caída no número de desempregados é claramente superior á observada no conxunto de España (-6,65%), onde parece que o freo á evolución positiva é máis intenso (en 2018 o descenso no número de desempregados foi do -15,2% en Galicia e do -11,2% en España).

A redución no número de parados afectou de xeito similar a homes (10.400 menos, un -13,1%) e mulleres (9.600 menos, un -11,1%), mantendo o diferencial existente desde o inicio da recuperación. Como resultado, o diferencial entre a taxa de paro feminina e masculina, que case desaparecera por completo en 2014 (0,07 p.p.), volve ser relevante (2,1 p.p.). De feito, a situación relativa da muller nos indicadores laborais evolucionou negativamente en relación aos homes. Así, dunha incidencia do desemprego de longa duración un punto porcentual superior nos homes en 2014, no último ano a incidencia é superior nas mulleres en 3,1 p.p.

A diminución do desemprego está sendo máis intensa nos homes que nas mulleres, e tamén está favorecendo a poboación de maior idade. A taxa de paro da poboación máis nova máis que duplica a taxa de paro da poboación de idades máis avanzadas. Cóm-


go, pero por baixo da media nacional en canto á taxa de actividade e emprego; xa que nos dous indicadores conta con taxas entre as máis reducidas de España.

Cadro núm. 3
Taxas de emprego. 2019

	Total		Mulleres		
	De 20 a 64 anos	De 55 a 64 anos	De 20 a 64 anos		
Algarve (PT)	78,1	Algarve (PT)	66,8	Algarve (PT)	76,0
Área Metropolitana de Lisboa (PT)	77,9	Área Metropolitana de Lisboa (PT)	63,4	Área Metropolitana de Lisboa (PT)	75,3
Centro (PT)	77,6	Alentejo (PT)	62,2	Centro (PT)	73,9
Portugal	76,1	Centro (PT)	62,1	Portugal	72,7
Alentejo (PT)	75,7	Madrid	60,5	Alentejo (PT)	72,5
Norte (PT)	74,4	Portugal	60,4	Norte (PT)	70,4
Madrid	74,2	Aragón	60,1	A Rioxa	69,9
A Rioxa	74,0	Eurozona-19 (desde 2015)	60,0	Madrid	69,9
Aragón	73,8	A Rioxa	59,2	Cataluña	69,5
Navarra	73,7	UE-27 (desde 2020)	59,1	País Vasco	69,1
Cataluña	73,6	Navarra	58,9	Navarra	68,8
UE-27 (desde 2020)	73,0	Baleares	58,6	Francia	68,0
Eurozona-19 (desde 2015)	72,6	Cataluña	58,1	Aragón	67,4
País Vasco	72,4	Castela e León	57,7	UE-27 (desde 2020)	67,2
Baleares	72,1	Norte (PT)	56,2	Eurozona-19 (desde 2015)	67,1
Francia	71,5	Cantabria	55,7	Baleares	66,5
Castela e León	69,8	País Vasco	55,0	Galicia	64,4
Cantabria	68,8	España	53,8	Castela e León	63,2
España	68,0	Murcia	53,8	Cantabria	62,9
Galicia	68,0	C. Valenciana	53,1	España	62,1
C. Valenciana	67,8	Francia	53,0	C. Valenciana	60,4
Castela-A Mancha	65,8	Galicia	52,5	Asturias	59,6
Murcia	65,8	Castela-A Mancha	52,0	Murcia	57,0
Asturias	62,9	Extremadura	49,4	Canarias	56,5
Canarias	61,4	Canarias	48,3	Castela-A Mancha	56,0
Extremadura	60,0	Asturias	48,1	Andalucía	51,2
Andalucía	59,3	Andalucía	45,5	Extremadura	50,5

* Resáltanse en verde Galicia, así como as comunidades autónomas españolas e a comarca portuguesa veciñas a esta.

Fonte: Elaboración propia a partir Eurostat.



A situación relativa de Galicia mellora cando analizamos a taxa de emprego por colectivos (tramos de idade e xénero), situándose a taxa de emprego de 16 a 64 anos na media nacional e a das mulleres galegas de entre 16 e 64 anos case tres p.p. por enriba da española (cadro 3). Non obstante, a taxa de emprego da poboación en idade avanzada (55 a 64 anos) é relativamente baixa, claramente inferior á dos territorios veciños.

Galicia seguía en 2019 moi lonxe de alcanzar os obxectivos Europa 2020 en materia de Emprego. A Unión Europea fixou como meta concreta para 2020 acadar unha taxa de ocupación para o total da poboación entre 20 e 64 anos do 75%, que si acadou Portugal e case a rexión Norte, pero que segue a 7 puntos no caso galego.

No Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 fixouse un obxectivo de emprego moito máis modesto: acadar o 70%. Por suposto, este quedou máis preto de acadarse en 2019 (só a dous puntos porcentuais, pero o impacto da crise sanitaria da COVID-19 (ver recadro 1) acabará reducindo considerablemente esta taxa a final de 2020 (gráfico 10).

A evolución do mercado laboral dos sete grandes concellos

Os límites administrativos rexionais son demasiado extensos para albergar un só mercado laboral homoxéneo. Tampouco a división provincial na maioría das ocasións pode identificarse cun mercado laboral único. Pero, por outra parte, tamén é normal que as relacións de traballo-residencia poidan entenderse entre varios municipios, polo que o uso do municipio como mercado laboral é inadecuado. O

problema da análise laboral a escala local resolveuse a partir da definición do mercado local de traballo, utilizando os datos de mobilidade residencia-traballo. Isto, polo tanto, aproxima a área na que a poboación vive e traballa e permite satisfacer a condición de que a área territorial contida polo mercado de traballo local constitúa unha comunidade de empresas e persoas.

O proxecto europeo Audit Urban¹ define 7 grandes áreas urbanas funcionais en Galicia que teñen como foco central os sete grandes concellos galegos (A Coruña, Vigo, Ourense Lugo, Santiago de Compostela, Pontevedra e Ferrol). A enquisa de poboación activa (EPA) permite unha análise homoxénea do mercado laboral destes concellos que, ademais, é comparable a nivel nacional e internacional. Non obstante, non ten en conta o mercado de traballo local senón só a situación no núcleo central de cada un dos mercados laborais. É dicir, considera a situación laboral dos residentes no concello, independentemente de que traballen ou non no mesmo concello ou noutros.

Tendo en conta que cada un destes mercados presentan unha relación diferente co núcleo central², imos facer unha valoración da evolución do mercado laboral nos sete grandes concellos a partir da EPA³, que serve para aproximar as diferenzas territoriais existentes en Galicia.

Os sete grandes concellos supoñen no terceiro trimestre de 2019 o 37% da poboación en idade de traballar de Galicia, o 39% da poboación ocupada e case o 43% da poboación parada. As diferenzas entre concellos dos principais indicadores son moi significativas (cadro 4) e, excepto Ferrol, todos mostran valores superiores á media galega en taxa de actividade e taxa de ocupación e inferiores na taxa de paro. Santiago de Compostela e Lugo son os concellos que presentan en conxunto uns indicadores laborais máis favorables e Ferrol o que ofrece unha situación laboral máis precaria, case duplicando a taxa de

paro de Santiago de Compostela e cunha taxa de emprego 17 p.p. inferior. Esta é a situación antes da crise sanitaria da COVID-19.

A continuación analizaremos a evolución desde o inicio da crise económica de 2008 (tomando como referencia o terceiro trimestre de 2009). A dinámica do mercado laboral local durante este período é moi heteroxénea, pero podemos agrupar os concellos en dous grupos. Un primeiro grupo con Lugo e Santiago de Compostela, que tiveron unha evolución positiva, incrementado a ocupación e actividade e reducindo o desemprego, e un segundo onde diminúe o número de activos e ocupados e aumenta o número de parados. Neste segundo grupo, Vigo ten un comportamento lixeiramente diferente, xa que a perda de empregos é inferior á perda de activos, o que supón unha redución no número de desempregados (cadro 5).

Cadro núm. 4
Indicadores de mercado de traballo dos grandes concellos galegos
(III trimestre de 2019)

	Taxa de actividade	Taxa de ocupación	Taxa de paro
Santiago de Compostela	63,3	57,9	8,5
Lugo	60,1	56,0	6,8
A Coruña	55,5	49,1	11,7
Vigo	58,2	49,1	15,6
Ourense	55,3	48,4	12,5
Pontevedra	55,9	48,0	14,0
Galicia	53,5	47,3	11,5
Ferrol	48,4	40,9	15,6

Fonte: EPA, IGE e INE.

Cadro núm. 5
Evolución da poboación activa, ocupada e parada nos grandes concellos galegos entre o III trimestre de 2009 o III trimestre 2019



	Activos	Ocupados	Parados
Lugo	0,1	1,8	-1,7
Santiago de Compostela	0,6	1,4	-0,9
Pontevedra	-1,0	-1,2	0,1
Ferrol	-3,9	-4,1	0,1
Ourense	-4,4	-4,5	0,0
Vigo	-8,0	-7,1	-1,0
A Coruña	-7,3	-8,0	0,7

Fonte: EPA, IGE e INE.

¹ O proxecto Audit Urban ofrece datos para as cidades seleccionadas, as conurbacións ou áreas onde o contorno urbano da cidade se expande máis alá dos seus límites administrativos, as zonas supramunicipais definidas pola súa influencia laboral (áreas urbanas funcionais) e para zonas submunicipais equivalentes á partición administrativa en distritos.

² Unha medida do grao de relevancia do concello no mercado de traballo local é o nivel de autosuficiencia en emprego de cada concello. Santiago de Compostela acadou o valor máximo cun índice de 167,1 no ano 2018 (o que significa que o número de traballadores no concello é un 67% superior ao número de ocupados residentes no concello; para este cálculo considérase que o número de traballadores é equiparable ao de afiliacións á Seguridade Social en situación de alta laboral o último día de cada ano). O resto dos grandes concellos teñen tamén valores superiores a 100 (A Coruña 152,1; Lugo 131,7; Vigo 124,3; Ourense 123,5; Pontevedra 104,8, e Ferrol 102,7).

³ Os resultados dos sete grandes concellos deben tomarse con precaución porque poden estar afectados por elevados erros de mostraxe, como indica o propio Instituto Galego de Estatística.



empresarios e traballadores independentes.

Un dos problemas estruturais do mercado laboral galego e español é a forte segmentación do mercado laboral. Fronte aos empregados indefinidos que contan cun elevado grao de seguridade no emprego e de beneficios sociais, coexiste un amplo colectivo de empregados temporais con escasa cobertura social e elevada estacionalidade. O aumento deste segundo colectivo, que aglutina esencialmente os mozos, os menos formados e as mulleres, parece estabilizado no conxunto de Galicia despois de acadar o máximo do 28,13% no terceiro trimestre de 2017. En relación á positiva evolución da ocupación en Lugo e Santiago de Compostela hai que ter en conta que en Lugo ese incremento se concentra en contratacións de asalariados con duración indefinida (reducíndose a taxa de temporalidade, que xa era relativamente baixa), mentres que en Santiago de Compostela a contratación indefinida descende, subindo a contratación temporal; o que, en todo caso, non permite compensar a perda da ocupación indefinida. Como resultado, a taxa de temporalidade medra en todas as cidades excepto en Lugo, A Coruña e Ferrol. O aumento é, sobre todo, moi intenso en Ourense.

Se situamos o foco na análise da evolución da ocupación, hai que ter en conta que a ocupación por situación profesional difire entre concellos de xeito significativo. O peso na ocupación dos empresarios e traballadores independentes é máis relevante en Santiago de Compostela e Pontevedra, e moito menos importante en Ferrol, onde o peso do traballador asalariado público é moi significativo, duplicando o peso na ocupación que, por exemplo, observamos en Vigo. De feito, en Vigo case 3 de cada 4 ocupados son asalariados do sector privado, mostrando a importancia das empresas industriais no volume global de emprego no concello, moi por enriba do resto dos grandes concellos de Galicia.

Cando poñemos en relación a variación absoluta da ocupación co seu nivel de referencia, as diferenzas entre as sete cidades son aínda maiores. Como xa indicamos, excepto Lugo e Santiago de Compostela todos os concellos teñen menos ocupados en 2019 que en 2009 e na maioría a perda é máis intensa que no conxunto de Galicia. Especialmente significativo é o impacto en Ferrol e Ourense, en ambos os casos pola importante perda de asalariados do sector privado. A Coruña tamén presenta unha importante caída de ocupación no sector privado, pero esta é compensada parcialmente polo aumento da ocupación no sector público. Vigo reduce ocupación de xeito moi intenso entre os empresarios e traballadores independentes, pero tamén entre os ocupados do sector público. Na mesma liña, en Pontevedra baixa a ocupación, moi lastrada pola evolución do emprego no sector público, aínda que sobe entre os empresarios. En contraposición, Lugo e Santiago de Compostela gañan poboación ocupada, no caso de Lugo polo incremento da ocupación asalariada no sector privado, e no de Santiago de Compostela pola subida no número de


En resumo, as cidades de Ourense e Ferrol teñen unha dinámica laboral moi negativa durante este período, con perda de ocupación e unha importante compoñente de temporalidade; A Coruña e Vigo non conseguen remontar os niveis de emprego previos á crise económica, e Pontevedra está nunha situación intermedia (mellora os resultados do conxunto de Galicia), pero non consegue recuperar o emprego anterior á crise. Só Lugo e Santiago de Compostela presentan un resultado en termos de ocupación positivo, máis favorable no caso de Lugo. Recordemos que o aumento de ocupación en Lugo se concentra no emprego asalariado do sector privado e na contratación indefinida, mentres que en Santiago de Compostela o principal aumento da ocupación se produce na contratación temporal e no traballo independente. As cidades en conxunto non tiveron neste período un comportamento mellor que a media galega, moi lastradas polas dificultades para recuperar emprego na Coruña e Vigo, ao que se unen os resultados negativos de Ourense e Ferrol.

Salarios e custos laborais

Durante 2019 a taxa de inflación, medida a través da taxa de variación interanual do índice de prezos ao consumo moderou de xeito notable a súa evolución respecto a 2018, caendo do 1,7% ao 0,56%. Non obstante, a evolución ao longo do ano presentou certa volatilidade, cunha repunta no primeiro trimestre ata o 1,35%, para iniciar unha forte caída nos seguintes trimestres, ata situarse en valores negativos nos meses de setembro e outubro (-0,24% e -0,95% respectivamente) e volver subir no último trimestre, para situarse no 0,74% en decembro. A evolución en 2020 vén condicionada pola pandemia e pola forte caída no consumo derivada do confinamento da poboación e as posteriores restricións impostas polas autoridades na nova normalidade. Despois dunha leve alza nos primeiros meses, desde marzo a taxa de inflación situouse de xeito permanente en terreo negativo, o que abre a porta a un certo risco de deflación.

Segundo a estatística de convenios colectivos de traballo do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social, os convenios asinados ao longo do ano 2019 (un total de 226, dos que 171 foron convenios de empresa e 55 de ámbito superior) non parece que tivesen en conta a evolución dos prezos á hora de fixar o aumento salarial pactado, que se situou no conxunto do ano no 2,14%, moi por enriba do 0,56% da subida nos prezos. Este incremento salarial negociado varía entre o tipo de convenio considerado. O motivo é que unha maior descentralización da negociación colectiva (a negociación directa coa empresa) permite o pacto de cláusulas extra-salariais, como poden ser mellores condicións no posto de traballo (garderías, transporte, comedor, etc.) ou unha negociación específica sobre as horas extraordinarias. A negociación nun nivel superior (por exemplo, os convenios de sector) impiden este tipo de acordos. Por este motivo, os convenios a nivel empresarial adoitan fixar un aumento salarial inferior aos de ámbito superior. No ano 2019 repetiuse este patrón, malia que a diferenza entre os dous tipos de convenio foi menor á rexistrada en anos precedentes: a subida pactada foi do 1,83% para os convenios de empresa e do 2,15% para os de ámbito superior. En calquera caso, a porcentaxe de traballadores afectados por convenios de empresa é moi pequena (5,2% en 2019), reducíndose aínda máis respecto dos valores de 2018 (6,5%).

Por provincias, para o total de convenios Pontevedra e Ourense lideraron o incremento salarial pactado (2,31% e 2,2% respectivamente), mentres en Lugo e A Coruña os aumentos foron lixeiramente inferiores (2,13% e 1,95%). A desagregación por tipo de convenio amosa que nos convenios de empresa Lugo marcou a subida salarial máis intensa (2,03%), fronte ao 1,82% de Ourense. Nos convenios de ámbito superior, o maior crecemento deuse en Pontevedra (2,34%), seguida de Ourense (2,21%) e Lugo (2,14%). A Coruña limitou a subida salarial a un 1,95%.



A enquisa trimestral de custo laboral publicada polo INE ofrece unha visión complementaria da evolución dos custos salariais das empresas dos sectores non primarios, cunha desagregación por tipo de custo. No ano 2019 o custo total medrou para o conxunto de sectores un 3,8% respecto a 2018, sendo este incremento especialmente maior na construción (5%). Na industria e nos servizos os aumentos respectivos foron do 3,5% e 3,8%. Dentro dos compoñentes do custo, a maior subida deuse no custo salarial ordinario (4,4%), de novo coa construción lideran-

do o avance sectorial neste compoñente (6,3%). Esta enquisa permite a análise da evolución dos custos por hora traballada. Podería ser que un aumento no custo total fose compensado cun incremento nas horas traballadas, polo que o custo efectivo se reduciría. No ano 2019 o custo por hora, non obstante, subiu un 4,7% (5,3% se consideramos o custo salarial ordinario por hora traballada). Neste caso, a construción (5,1%) e os servizos (5%) lideraron o crecemento salarial total, cun incremento moito máis moderado na industria (3,7%).

Esta enquisa permite tamén analizar o uso por parte das empresas das horas extraordinarias como mecanismo de axuste, tanto nos contratos a tempo completo como nas xornadas a tempo parcial. Para o conxunto de sectores non primarios, as horas efectivas mensuais por traballador caeron un 0,9% respecto a 2018 (cun descenso do 0,9% para a xornada a tempo completo e un leve aumento do 0,3% para a xornada a tempo parcial). As horas extraordinarias mensuais por traballador, polo contrario, medraron de forma importante (un 16,7% para o total), cun incremento moi notable para a xornada a tempo parcial (47,4%). Este resultado vén explicado polo comportamento da industria e dos servizos. O sector industrial lidera o aumento nas horas extraordinarias na xornada a tempo completo (18,2%), mentres os servizos rexistraron unha notable repunta no uso das horas extraordinarias por traballador nas xornadas a tempo parcial (57,9%).


Cadro 6
Evolución dos custos laborais. Galicia

	2018	2019				Media	Variación	
	Media	I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.		absoluta	TVI (%)
Industria								
Custo total	2.808,0	2.796,3	2.858,5	2.779,6	3.186,0	2.905,1	97,1	3,5
Custo salarial total	2.085,2	2.039,7	2.105,2	2.044,4	2.429,9	2.154,8	69,5	3,3
Custo salarial ordinario	1.749,8	1.809,1	1.829,7	1.813,2	1.854,7	1.826,7	76,8	4,4
Outros custos	722,8	756,7	753,3	735,3	756,2	750,4	27,6	3,8
Custo por percepcións non salariais	54,3	60,7	56,7	43,9	56,7	54,5	0,2	0,4
Custo por cotizacións obrigatorias	680,1	703,2	705,6	701,7	714,6	706,3	26,2	3,9
Subvencións e bonificacións da S. Social	11,5	7,2	9,0	10,4	15,1	10,4	-1,1	-9,5
Construción								
Custo total	2.563,8	2.535,3	2.913,5	2.534,4	2.786,3	2.692,4	128,5	5,0
Custo salarial total	1.764,3	1.697,5	2.114,3	1.725,1	1.976,5	1.878,4	114,1	6,5
Custo salarial ordinario	1.514,0	1.622,4	1.594,2	1.587,3	1.630,6	1.608,6	94,7	6,3
Outros custos	799,6	837,7	799,2	809,3	809,8	814,0	14,4	1,8
Custo por percepcións non salariais	144,3	141,6	114,4	129,5	131,9	129,3	-15,0	-10,4
Custo por cotizacións obrigatorias	664,1	700,6	691,0	685,1	693,1	692,4	28,3	4,3
Subvencións e bonificacións da S. Social	8,8	4,5	6,1	5,3	15,1	7,8	-0,1	-0,8
Servizos								
Custo total	2.169,0	2.181,6	2.242,5	2.229,4	2.354,3	2.252,0	83,0	3,8
Custo salarial total	1.604,1	1.568,6	1.666,7	1.631,2	1.761,3	1.657,0	52,8	3,3
Custo salarial ordinario	1.425,4	1.469,1	1.468,8	1.498,3	1.507,7	1.486,0	60,5	4,2
Outros custos	564,8	613,0	575,8	598,3	593,0	595,0	30,2	5,3
Custo por percepcións non salariais	54,6	82,6	43,7	58,8	58,2	60,8	6,2	11,3
Custo por cotizacións obrigatorias	521,2	539,7	542,1	548,9	548,1	544,7	23,5	4,5
Subvencións e bonificacións da S. Social	11,0	9,3	10,0	9,5	13,4	10,5	0,1	1,1
Total non primario								
Custo total	2.313,2	2.318,0	2.400,3	2.350,6	2.533,5	2.400,6	87,4	3,8
Custo salarial total	1.703,1	1.663,0	1.777,0	1.712,7	1.896,2	1.762,2	59,1	3,5
Custo salarial ordinario	1.490,8	1.541,5	1.542,8	1.561,6	1.578,5	1.556,1	65,3	4,4
Outros custos	610,1	654,9	623,3	637,9	637,3	638,3	28,3	4,6
Custo por percepcións non salariais	60,8	82,8	50,9	61,0	63,1	64,5	3,6	6,0
Custo por cotizacións obrigatorias	560,2	580,7	582,0	586,1	588,0	584,2	24,0	4,3
Subvencións e bonificacións da S. Social	11,0	8,6	9,5	9,3	13,8	10,3	0,0	-0,3

Fonte: INE, Encuesta trimestral de costes laborales.


O impacto da crise do COVID-19 no emprego: unha primeira avaliación dos seus efectos en Galicia

A crise sanitaria da COVID-19 iniciada a finais de 2019 tivo unha rápida expansión por todo o mundo, o que unido ás elevadas taxas de mortalidade provocou a adopción de medidas estritas de distanciamento social, peche de fronteiras e suspensión das actividades consideradas non esenciais. O impacto foi inmediato sobre a produción e a actividade, pero por primeira vez na historia recente, o parón da actividade produtiva non se trasladou na mesma intensidade ao emprego (gráfico A1).



Os datos de ocupación da EPA (e tamén os de afiliación á Seguridade Social) mostran un empeoramento do mercado laboral moi inferior ao que correspondería tendo en conta o nivel de destrución de PIB que estamos observando. A taxa de variación interanual da ocupación do segundo trimestre de 2020 foi, segundo a EPA, do -4,4% fronte ao case -18% de variación no PIB. A clave para explicar esta diferenza son os expedientes de regulación temporal de emprego (ERTE) que lles permiten ás empresas reducir o custo salarial do seu cadro de persoal sen necesidade de efectuar despidos, xa que é o Estado o que asume a maior parte do custo salarial



dos traballadores nesta situación. As persoas en ERTE non figuran nas estatísticas de destrución de emprego da Seguridade Social nin da EPA, posto que seguen de alta e manteñen o seu emprego, malia que non estean realizando ningunha hora de traballo. O mesmo ocorre coas medidas de apoio a autónomos e empresas. Polo tanto, as cifras de desemprego da EPA, e o mesmo ocorre coas cifras do paro rexistrado ou o número de traballadores afiliados á Seguridade Social, non están recollendo a magnitude da caída da actividade. E a diferenza é moi significativa. A finais de abril de 2020 o número de traballadores en ERTE en Galicia era de 165.038, o 17% dos afiliados en alta laboral e supoñían case a mesma cifra que o número de parados rexistrados (191.629). Polo tanto, a incidencia da crise sobre o emprego está sendo moi superior ao que reflicten os datos dos indicadores que ata agora utilizabamos para analizar os resultados do mercado laboral (gráfico A2), o que podemos apreciar claramente cando analizamos a evolución do número de afiliados observados e o número de afiliados efectivos (son os traballadores con horas de traballo no período considerado e calcúlase restando do total de afiliados os traballadores en ERTE¹ e os autónomos que están recibindo prestacións extraordinarias por cese de actividade).



A figura dos ERTE logrou frear os despidos a cambio de ser o Estado o que asuma os custos laborais. De feito, o impacto sobre o mercado laboral é moi inferior ao observado na anterior crise se nos fixamos nos indicadores tradicionais (evolución afiliados ou evolución da ocupación), cando realmente a situación é moito máis grave, como podemos observar ao restaren os traballadores en ERTE do número de afiliados ou ocupados. De feito, as cifras mostran que a pandemia provocou un shock económico sen precedentes no mercado laboral que a rápida

¹ A cifra de traballadores afectados por ERTE é unha aproximación realizada pola estatística mensual de afiliación á Seguridade Social publicada polo MISSM, nas notas de prensa mensuais, xa que a estatística de regulación de emprego, debido á avalancha de procedementos presentados nos inicios da crise, non recolle a información sobre a regulación de emprego no ámbito provincial e autonómico; é dicir, esta estatística unicamente conta con información sobre os procedementos de regulación de emprego no ámbito estatal.

resposta dos gobernos mitigou parcialmente. Pero, que ocorrerá co emprego cando finalicen os ERTE? As previsións son incertas, pero posibles rebrotes poden ter consecuencias sobre a economía moi negativas ante a imposibilidade de manter a excepcional intervención financeira e laboral feita ata agora para facer fronte ao impacto do confinamento sobre a actividade económica. No gráfico A3 mostramos de novo a diferenza entre os afiliados observados e os afiliados efectivos. Tomando como referencia o mes de novembro de 2019, o emprego afiliado observado por termo medio en 2020 sería un 2,8% inferior, mentres que a caída no emprego afiliado efectivo sería moi superior (-9,5%); cifra próxima á caída do emprego estimada no cadro macroeconómico dos orzamentos de 2021 de Galicia (-10,6%).





Unha segunda cuestión ten que ver coa asimetría sectorial do shock provocado pola pandemia. A brusca caída da actividade económica non é homoxénea sectorialmente, afectando en maior medida o sector servizos, o comercio, o transporte e a hostalería, o que paralelamente supón un maior impacto laboral en mulleres, mozos e traballadores con ingresos baixos. Neste caso, o impacto detectárase a máis longo prazo nas enquisas de periodicidade anual sobre salarios, protección social e políticas do mercado de traballo. Neste momento, o que si podemos realizar é unha primeira valoración do impacto a curto prazo en cada economía rexional. Como mostra o gráfico A4 a perda de emprego está moi relacionada co peso da rama da hostalería en cada comunidade autónoma; o que significa que a reacción inicial do mercado laboral de cada rexión (a resistencia do emprego efectivo) está moi limitada pola estrutura produtiva de cada economía, á marxe de cal fose a resposta das autoridades locais á crise sanitaria. Non obstante, o pasado non pode determinar a resposta a medio e longo prazo, xa que a resiliencia do emprego (capacidade para absorber o shock e volver á posición de equilibrio) estará determinada pola eficacia e eficiencia dos plans de recuperación que estableza cada economía rexional ou nacional.

O impacto sectorial da crise do COVID-19: evolución da afiliación por ramas de actividade

Estamos ante unha crise global que inflúe en todos os sectores e en todos os territorios, pero que tamén ten un mercado carácter asimétrico, consecuencia de como afectan as medidas tomadas contra a pandemia as actividades, así como a estrutura produtiva e as características do mercado laboral de cada comunidade autónoma. O risco de contaxio levou a decretar o confinamento da poboación, a paralización de actividades non esenciais e a adopción de medidas para manter a distancia entre persoas. Todas estas medidas teñen un impacto moi diferente por sectores, tipos de emprego e colectivos de traballadores. Ademais, tamén a intensidade dos problemas sanitarios foi diferente en cada territorio e, polo tanto, observamos distintas velocidades e modalidades de abandono do confinamento e do progresivo retorno á plena actividade.

A nivel sectorial a crise desatada pola COVID-19 sobre o mercado laboral incidíu de xeito moi dispar entre as distintas ramas. Mentres que os servizos de restauración e o comercio se viron moi castigados polo peche de establecementos e o confinamento, outras actividades sufriron un impacto máis leve, chegando incluso algunhas actividades a gañar cotizantes á Seguridade Social (actividades sanitarias; fabricación de produtos farmacéuticos; actividades postais e de correos; programación; consultoría ou educación).

Unha primeira aproximación á asimetría sectorial e territorial do impacto inicial da COVID-19 no emprego podemos estimala comparando a situación en novembro de 2019 coa actual (novembro de 2020). Iniciamos a análise co conxunto de España (gráfico B1). A variación interanual da afiliación é negativa en case todos os sectores (no total agregado supón unha perda do 2,5% da afiliación), pero moi heteroxénea, con caídas a nivel nacional do -21,7% nos servizos de aloxamento (R55) e tamén moi elevadas na industria do coiro (R15, -17,8%), na hostalería (R56, -15,3%), nas actividades de creación artística e espectáculos (R90, -15,2%), nas actividades de axencias de viaxes (-13,7%) ou nas actividades deportivas (-13,7%). No extremo oposto atópanse as actividades postais e de correos (R53, +10,6%) e as actividades sanitarias (R86, +6,56%). Tamén aumentan o seu emprego, a silvicultura (R2), a programación (R62), a Administración pública (R84), os servizos a edificios e actividades de xardinería (R81) ou as telecomunicacións (R61), con incrementos en torno ao 2%.



Atopamos unha situación parecida cando analizamos a evolución interanual da afiliación observada en Galicia (gráfico B2). A variación agregada en Galicia é similar, malia que lixeiramente inferior, unha perda do -2,1% fronte á caída do 2,5% no conxunto de España. Tamén o número de sectores con descensos na afiliación é similar, pero, aínda que en xeral apreciamos sectores con parecido comportamento (actividades de servizos relacionadas co turismo), a variabilidade é maior en Galicia.

Non obstante, temos que destacar algunhas particularidades da economía galega, a maior parte sobradamente coñecidas e que deben considerarse con precaución cando se realizan exercicios de proxección macro-económica. No lado positivo, o sector que máis aumenta a afiliación en Galicia é o de actividade das sedes centrais e actividades de consultoría de xestión empresarial (R70) xunto coa fabricación de produtos farmacéuticos (R21), que no conxunto de España tamén crece, pero moi lonxe do incremento en Galicia. No lado negativo, transporte marítimo (R50) perde en Galicia o -20,26% da afiliación, mentres que no conxunto de

España a caída é significativamente menor (-8,23%); o que tamén ocorre co sector da publicidade (R73), a enxeñaría civil (R42) e as actividades relacionadas co emprego (R78). Pero o máis rechamante é o comportamento oposto do mesmo sector entre os dous territorios, ben por perda de emprego en Galicia e aumento en España (por exemplo, na agricultura e gandería (R1) e nas telecomunicacións (R61), ou, pola contra, aumento en Galicia e perda no conxunto de España: fabricación de vehículos de motor (R29) ou actividades administrativas de oficina e outras actividades (R82). É importante destacar estes diferenciais, os cales obedecen a múltiples causas que deben ser estudadas con detalle; o que queda fóra do alcance desta análise. Sen dúbida, non ter en conta que o mesmo sector pode ter comportamentos diferentes en función do territorio é unhas das razóns que explican que o Banco de España no *Boletín Económico 2-2020*² estimase un impacto negativo no emprego e na produción da crise da COVID-19 en Galicia claramente superior ao calculado para o conxunto de España; cando a situación real é a oposta, como confirman os datos aquí expostos, coincidentes tamén cos informes da AIREF³.



Pero o impacto sobre o emprego debe ter en conta non só a caída na afiliación senón tamén o número de traballadores que se atopan en situación de ERTE (expediente de regulación temporal de emprego). O último día de novembro estaban en situación de ERTE 746.900 afiliados; unha cifra que supón case o 4% do total e que situaría as persoas sen actividade nunha porcentaxe equivalente ao 7,90% do emprego afiliado en novembro de 2019. En Galicia a situación é lixeiramente mellor, xa que o número de traballadores sen actividade en novembro de 2020 é o 6,76% menos que en novembro de 2019.

Os afiliados en ERTE para o conxunto de España⁴ concéntranse nos sectores da hostalería (45%), o comercio (13,8%) e nos sectores de actividades deportivas e recreativas (4,2%) e axencias de viaxe (3,2%). En conxunto, seis ramas de actividade aglutinan o 66% dos traballadores en ERTE en novembro. As medidas de confinamento, o peche de fronteiras e o conseguinte impacto sobre o turismo internacional levou a que o 72,3% dos traballadores do sector de servizos de aloxamento perdesen o seu emprego ou se vise incluído nun ERTE. O mesmo lle sucedeu ao 57,8% dos traballadores do sector aéreo e ao 57,3% dos traballadores das actividades de axencia de viaxes. O intenso impacto da crise sanitaria na actividade turística supón que case tres de cada catro ocupados dos servizos de aloxamento en España deixasen de traballar activamente. Non obstante, a maioría deles non perderon o seu posto de traballo, posto que os empresarios, como xa comentamos, acudiron de forma maioritaria aos ERTE.

Cadro B1
Redución na afiliación efectiva (novembro 2020-novembro 2019). España

	%
Servizos de aloxamento	72,3
Transporte aéreo	57,8
Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas cos mesmos	57,3
Servizos de comidas e bebidas	35,6
Actividades de xogos de azar e apostas	31,0
Actividades deportivas, recreativas e de entretemento	30,0
Actividades de creación, artísticas e espectáculos	22,5
Industria do coiro e do calzado	21,8
Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais	21,3
Actividades de aluguer	21,1

Fonte: Elaboración propia a partir notas de prensa Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións:
<http://prensa.inclusion.gob.es/WebPrensaInclusion/noticias/archivo>

Como mostra o cadro B1, os sectores máis penalizados polo confinamento son os máis directamente relacionados coa actividade turística e co ocio. Entre os 10 nos que se observa o maior impacto no emprego (restamos á diferenza na afiliación observada entre 2020 e 2019 os traballadores en ERTE de cada sector), só contamos cun exemplo da rama de actividade industrial (industria do coiro e do calzado).

² Heterogeneidad en el impacto económico del COVID-19 entre regiones y países del área del euro. Elvira Prades Illanes, Patrocinio Tello Casas, *Boletín Económico Bando de España 2*, 2020, páx. 22-39.

³ Autoridad Independiente de Responsabilidad Fiscal, *Informe sobre las previsiones macroeconómicas del presupuesto 2021 de Galicia*.

⁴ Non dispoñemos de información desagregada sobre o número de traballadores en ERTE por sectores para Galicia, o que impide realizar a análise por sectores en relación ás variacións na afiliación efectiva por sectores.

Gráfico B4
Variación afiliados febrero 2020 - xuño 2020 por sector
 Galicia (5 maiores variacións positivas e negativas en sectores con máis do 1% da afiliación total)




Gráfico B5
Variación afiliados febrero 2020 - xuño 2020 por sector
 España (5 maiores variacións positivas e negativas en sectores con máis do 1% da afiliación total)




Gráfico B6
Variación afiliados xuño 2020 - novembro 2020 por sector
 Galicia (5 maiores variacións positivas e negativas en sectores con máis do 1% da afiliación total)





Gráfico B7
Variación afiliados xuño 2020-novembro 2020 por sector
 España (5 maiores variacións positivas e negativas en sectores con máis do 1% da afiliación total)



Non obstante, nesta lista temos que diferenciar aqueles sectores que destruíron máis emprego (industria do coiro e calzado; actividades de creación, artísticas e espectáculos) doutros sectores que recorreron en maior medida aos ERTE (servizos de aloxamento; transporte aéreo; actividades de axencias de viaxes, ou o propio transporte marítimo e por vías navegables). Despois destes sectores de actividade máis vinculados coa actividade turística, o seguinte sector máis afectado é a hostalería. De feito, sete de cada dez traballadores incluídos nas dúas novas modalidades de ERTE creadas no RDL 30/2020 para facer fronte aos efectos do gromo están empregados na restauración (servizos de comidas e bebidas, R56). As medidas restritivas de aforo e horario que se aprobaron nos últimos meses, incluíndo o peche total en Cataluña, Navarra, Asturias, Castela-León, Euskadi, Murcia e parcialmente en Galicia e A Rioxa, explican o significativo peso da hostalería nos ERTE de limitación e impedimento.

De feito, a dinámica da afiliación efectiva sectorial neste período está moi marcada polas decisións de desescalada e finalización do estado de alarma e polas novas restricións impostas desde outubro ante os gromos e a consolidación da denominada segunda vaga. Se dividimos o período de análise en dous subperíodos (febreiro-xuño e xuño-novembro), podemos observar importantes diferenzas (gráficos B4 a B7). Os gráficos mostran os cinco sectores con maior crecemento da afiliación e os cinco con menor crecemento, sempre que o seu peso no total da afiliación supere o 1% na economía de referencia. O volume da burbulla indica o peso no total de afiliación do sector. A comparación temporal e territorial permite visualizar as diferenzas por sectores e territorios, pero tamén as diferenzas entre períodos. Entre territorios observamos sectores coincidentes, mais tamén elementos diferenciadores, como o maior impacto sectorial e agregado en España no primeiro período, a caída de restauración, educación e actividades relacionadas co emprego; a débil pero relevante recuperación dos servizos de aloxamento (impacto estacional), ou o incremento da afiliación nas actividades sanitarias. Na análise temporal podemos apreciar o distinto impacto no mesmo sector segundo o período analizado independentemente do territorio de referencia. Por exemplo, analizemos o que acontece con servizos de aloxamento, educación ou actividades relacio-

nadas co emprego. Na primeira etapa da pandemia, sectores como a educación ou as actividades relacionadas co emprego tiveron un impacto moi intenso que non se recuperou co fin do estado de alarma. Non ocorre o mesmo coa afiliación na rama de servizos de aloxamento, que inicia a campaña de verán xusto co remate do estado de alarma. A preparación para a volta á normalidade supón un incremento da afiliación en relación a febreiro, aínda que respecto a xuño de 2019 a perda de afiliados na rama é moi significativa. De feito, cando consideramos a variación interanual entre novembro de 2019 e 2020, a rama de servizos de aloxamento é a que presenta o maior impacto negativo (cadro R1). Unha situación similar obsérvase tamén na rama de actividades relacionadas co emprego, o que indica as dificultades do emprego temporal para afrontar as situacións de crise.

Por último cómpre destacar que o incremento da afiliación na rama sanitaria foi moito máis intenso no segundo período, pero en termos relativos destaca máis no primeiro, nun contexto onde a maioría dos sectores perderon afiliados. Recordemos que en termos agregados, entre febreiro e xuño, Galicia perdeu o 2,6% dos afiliados (España o 4,1%); entre xuño e novembro gañou o 1,8% (España un 2,7%), e a diferenza interanual novembro 2019-novembro 2020 é claramente negativa e similar para ambos os territorios (un -2,11% para Galicia e un -2.27% para España).

Recuperación e Salarios: ¿que podemos esperar?


A crise sanitaria xerada pola COVID-19 está deixando graves consecuencias económicas en todas as economías do mundo e tamén na galega. A incerteza de cando estará dispoñible unha vacina con garantías para a poboación e, polo tanto, a incidencia e magnitude da segunda ou terceira vaga fai moi difícil prever as consecuencias económicas totais da pandemia e cando acadaremos a ansiada recuperación das economías. Os efectos sobre o mercado de traballo son moi importantes. A perda de postos de traballo, a extensión dos ERTE, a modificación das cadeas de valor internacional e, incluso, as propias modificacións dos patróns de consumo afectan directa e indirectamente a xeración de rendas do traballo e, sobre todo, a súa distribución por xénero e grupos socioeconómicos. As crises económicas nunca teñen efectos equivalentes entre grupos; sempre atopamos gañadores e perdedores, o que pode incidir significativamente sobre a desigualdade, a pobreza e a brecha de xénero. Neste momento é moi difícil ter datos fiables que nos permitan coñecer cal está sendo o efecto sobre o emprego e os salarios da situación creada pola necesaria medidas de confinamento e restricións de mobilidade aplicadas para conter a pandemia. E tampouco sabemos ata que punto as distintas políticas aplicadas están paliando a caída de rendas asociada. Porén, si podemos facer un exercicio para ter unha aproximación a realidade da evolución salarial na crise anterior e canto tempo levou recuperar os niveis salariais do 2008.

Aínda que esta crise é moi diferente da anterior polos sectores que están sendo máis intensamente afectados e pola rápida posta en marcha de medidas de protección de rendas, é interesante analizar a evolución dos salarios na crise anterior para ter pistas de como podería ser a evolución desta, a duración e os posibles impactos sobre a distribución de rendas e a fenda de xénero.

No gráfico C1 podemos ver a variación do salario día a prezos constantes de cada ano (descontadas, polo tanto, as variacións de prezos) no período 2009-2018 respecto a 2008 (datos da mostra continua de vidas laborais, MCVL). Na crise anterior un dos sectores máis afectados foi a construción, que é altamente masculinizado, e, polo tanto, nunha primeira instancia as mulleres víronse relativamente menos afectadas e as diferenzas de xénero reducíronse polo empeoramento das condicións dos homes.

Esta tendencia cambiou contra 2011, cando os efectos da crise chegan a outros sectores e coas políticas de recortes que afectaron en maior medida as mulleres por estar ocupadas principalmente no sector servizos e moi concentradas no sector público. A partir do 2015 parece que as mulleres recuperan os seus salarios diarios a unha velocidade máis alta que os homes.


Non obstante, o mercado de traballo de 2008 e o de 2018 non teñen as mesmas características produtivas, o sector da construción ten un menor peso no total do emprego, os niveis educativos medios son máis altos, hai un maior peso do traballo a tempo parcial, etc. Por esta razón tampouco deberíamos



esperar ter os mesmos salarios en 2008 e 2018. Polo tanto, no gráfico anterior puídemos ver a variación observable do salario diario pero non a perda efectiva dos mesmos. A perda efectiva sería o cambio salarial producido en cada ano despois da crise, descontando ese efecto composición: cambios na composición sectorial, nos niveis educativos e de experiencia, tipos de contrato, etc. Para facer unha aproximación da perda efectiva baseámonos nos datos da mostra continua de vidas laborais (MCVL),⁵ e adaptamos a descomposición Oaxaca-Blinder para calcular a retribución que debería percibir un traballador ou traballado-

⁵ Para estimar as ecuacións salariais que nos permiten calcular a que prezo se retribúe cada característica nos anos analizados necesitamos unha base de datos que teña datos individuais non só de salarios senón tamén das características do traballador ou traballadora (educación, experiencia, etc.) e do posto de traballo (sector da empresa, tamaño, etc.) para cada un dos anos abordados. A única base que permite facer esta análise para o total do período analizado é a MCVL.

ra en cada ano posterior á crise se as súas características (nivel educativo, sector, tipo de contrato...)⁶ fosen retribuídas aos prezos de 2008. A perda ou ganancia salarial efectiva en cada ano viría dada pola diferenza entre o que percibiron e o que deberían percibir segundo os prezos de 2008.



Como podemos apreciar no gráfico C2, ata o 2013 a perda efectiva é menor que o salario diario observado. Isto indicaría que ata 2013 unha parte da perda salarial sufrida era debida a que as características medias dos traballadores e traballadoras que tiñan retribucións máis altas foron diminuindo, por exemplo antigüidade (coas xubilacións anticipadas baixou a antigüidade media).

Ata 2013 a perda efectiva dos traballadores é máis importante que a das traballadoras, pero a partir dese momento a recuperación dos homes é máis forte ata o estancamento de 2018. Aínda que as traballadoras



teñen unha recuperación do salario día observado máis importante que os traballadores, o cambio salarial efectivo (perda efectiva) é o mesmo en 2018. Este efecto é debido a que a mellora das características das traballadoras é moito máis significativa que a dos traballadores, e por iso o crecemento salarial das mulleres traballadoras debería ser máis alto do que realmente foi. Se os datos o permitisen, sería relevante utilizar o salario hora para este tipo de análise, pois as horas traballadas poden ser unha fonte de variación entre homes e mulleres. Non obstante, a base de datos non o permite.

En resumo, a crise iniciada en 2008 supuxo unha perda de postos de traballo que no inicio de 2020 aínda non se recuperara, pero tamén tivo un forte impacto sobre os salarios dos traballadores. En aparencia, a perda salarial recuperárase totalmente entre 2017 (mulleres) e 2018 (homes), despois de acumular unha perda arredor do 10% no ano 2013. Porén, cando temos en conta as características das novas traballadoras e traballadores que se van incorporando aos novos postos de traballo, así como as melloras das características dos que conseguiron manterse no mercado de traballo neste período (promocións, máis antigüidade ou experiencia), observamos que a perda no salario día efectivo é aínda dun 5% en 2018; e, polo tanto, a posible redución da brecha de xénero indicada pola evolución dos salarios observados en termos efectivos quedou anulada.

⁶ As variables incluídas para os cálculos son as que aproximan as características do posto de traballo (sector, tipo de contrato, tipo de xornada, tamaño de empresa, ocupación aproximada polo grupo de cotización e antigüidade) e características do traballador (nivel de educación e experiencia. Incluímos tamén a experiencia ao cadrado para capturar a posible depreciación do capital humano).

COVID-19 e risco de deflación

A pandemia provocada pola COVID-19 a nivel mundial está a provocar unha serie de impactos macroeconómicos, con efectos aínda por cuantificar. O confinamento da poboación supuxo a paralización da actividade económica en numerosos sectores e a reordenación das relacións laborais para favorecer o tele-traballo. En calquera caso, e tal e como se analizou noutras seccións deste informe, as caídas no PIB e do nivel de emprego non teñen precedentes na historia económica recente do noso país.



A caída do PIB explícase pola redución notoria dos diferentes compoñentes da demanda agregada, fundamentalmente o consumo privado e o investimento. Segundo os datos do Instituto Galego de Estatística, no segundo trimestre de 2020 (momento máis intenso da primeira vaga da pandemia) o PIB real caeu en termos interanuais un 17,9%, o consumo privado un 23,8% e o investimento un 24%. Isto supuxo que a demanda interna baixase un 18,6% nese trimestre. As exportacións tamén sufriron unha importante redución (-23,3%), igual que as importacións (-24,7%), polo que a demanda externa tivo un resultado neto positivo. En definitiva, o colapso do PIB estivo relacionado coa caída na demanda interna (gráfico D1).

Ademais dos coñecidos efectos multiplicadores destas reducións nos compoñentes do gasto, a caída na demanda provocou una forte redución no crecemento dos prezos, medidos a través da taxa de variación do índice de prezos ao consumo. O gráfico D2 resume a evolución para España e Galicia da taxa de inflación. Desde o mes de marzo a taxa é negativa (caída do nivel de prezos). O preocupante non é tanto que os prezos baixen, senón o impacto macroeconómico que unha situación sostida no tempo de caída xeneralizada pode causar.

Estes efectos poden observarse por estas tres vías fundamentais.

- **Adiamento nas decisións de gasto.** Dado que os prezos se están reducindo co paso do tempo, as familias e as empresas poden adiar os seus gastos previstos (no primeiro caso en bens non perecedoiros, no segundo o gasto en bens de equipo) á espera de poder obter estes bens a prezos máis baixos no futuro. Isto provoca caídas aínda maiores da demanda interna, o que agrava o cadro macroeconómico. As taxas de variación interanuais negativas do consumo e do investimento no terceiro trimestre de 2020 (-6,9% e -9,2% respectivamente) indican que este fenómeno pode estar producíndose, aínda que tamén pode estar vinculado á maior incerteza macroeconómica (que provocaría un aumento do aforro por precaución e a conseguinte caída do consumo).
- **Aumento dos tipos de xuro en termos reais.** As taxas de inflación negativas implican que os tipos de xuro medidos en termos reais están, de feito, aumentando. Malia que os tipos de xuro nominais que se fixan nas operacións de préstamos seguen movéndose en niveis baixos, debido á política fortemente expansiva do Banco Central Europeo que mantén o tipo de xuro oficial en cero, a taxa de inflación negativa fai que en termos reais o custo de financiamento sexa, de feito, positivo e crecente. Isto implica novas caídas na demanda de consumo e investimento que pretende ser financiada a través de operacións de crédito.
- **Cambios nos valores das débedas.** A taxa de inflación negativa modifica o valor en termos reais das posicións acreedoras e debedoras dos axentes económicos. En presenza de inflación negativa e au-

sencia de indexación dos tipos de xuro nominais, o valor das débedas acrecéntase, o que provoca a transferencia de renda dos debedores aos acredores; co correspondente impacto adicional sobre a capacidade de gasto das familias e empresas, limitando, polo tanto, a posible expansión da demanda agregada.

Ademais, a concorrencia de tipos de deflación con taxas de crecemento do PIB negativas pode provocar a perda de tracción da política monetaria, co correspondente risco de perda dun instrumento que se demostrou clave para superar a anterior fase recesiva. Nese contexto quedaría tan só a política fiscal, moi limitada aínda polos niveis de endebedamento adquiridos na gran recesión. O Plan de recuperación para Europa deseñado pola Comisión Europea trata de mutualizar o esforzo de recuperación dos diferentes países, pero está a amosar as enormes diferenzas entre os socios europeos en relación ás estratexias de disciplina fiscal, polo que a súa aplicación pode resultar difícil.

II. Agricultura

- En novembro de 2020 foi aprobado o Marco Financeiro Plurianual da UE para o período 2021-2027, que recolle unha estabilidade dos fondos da Política Agraria Común en euros correntes e unha redución en euros constantes.
- Continúa o proceso de definición da PAC pos 2020, cuxa entrada en vigor se vai atrasar a 2023.
- O complexo agroalimentario aporta actualmente en Galicia o 5,1% do VEB e o complexo da madeira outro 2%, sumando entre os dous o 9% do emprego.
- Na última década asistimos a unha mellora da balanza agroalimentaria de Galicia, que permitiu reducir o seu déficit estrutural.
- A conxuntura do sector agrario galego en 2019 caracterizouse por un forte crecemento dos volumes de produción, especialmente nas ramas gandeiras. Pero a deterioración simultánea dos prezos provocou que a renda permanecese estancada.
- A nova redución da man de obra no sector deu como resultado unha mellora da renda por ocupado próxima ao 5%, continuando a tendencia das tres últimas décadas.
- As ramas que integran o complexo agroalimentario foron das menos afectadas ao longo de 2020 pola crise económica derivada da COVID-19.
- O afundimento das vendas na hostalería e restauración orixinou, porén, fortes cambios na estrutura do consumo alimentario, cun forte impacto en certas ramas da alimentación e bebidas.
- No lado positivo hai que destacar o bo comportamento que seguiu mantendo en 2020 en Galicia o sector lácteo, cunha forte expansión da produción (por encima do 4%) acompañada dunha estabilidade ou lixeira alza dos prezos.
- En contraste, asistimos a un importante deterioro no vacún de carne e no ovino e cabrún, dúas ramas moi afectadas pola caída das vendas na hostalería e restauración.

O contexto no bienio 2019-2020: entre a definición da nova Política Agraria Común (PAC) e o impacto da crise da COVID-19

Reforma da PAC e aprobación do Marco Financeiro Plurianual da UE 2021-2027

No informe de 2018 demos conta da presentación en xuño de 2018 por parte da Comisión Europea das súas propostas legislativas para a nova reforma da Política Agraria Común (PAC) a aplicar no período 2021-2027. A previsión inicial era que os regulamentos foran aprobados polo Consello da UE e o Parlamento Europeo ao longo de 2019, de tal modo que as medidas da nova PAC puidesen comezar a aplicarse o 1 de xaneiro de 2021. Ese calendario, porén, non se cumpriu e no momento de redactar este texto (decembro de 2020) os regulamentos están aínda en discusión. O Consello de Ministros de Agricultura da UE non alcanzou un acordo político sobre o contido da reforma ata o 21 de outubro de 2020 e o mesmo fixo o Parlamento Europeo o 23 de outubro; polo que actualmente estanse desenvolvendo as negociacións a tres bandas (os chamados "trólogos") entre Consello, Parlamento e Comisión para aprobar o texto final dos regulamentos.

Dado o atraso acumulado, está xa decidido que a nova reforma da PAC non entrará en vigor ata 2023, aplicándose pois no período 2023-2027. Isto obrigou a aprobar unha fase transitoria de dous anos (2021-2022), na que continuarán aplicándose as normas actuais da PAC (as do período 2014-2020), pero co volume de fondos establecido no novo Marco Financeiro Plurianual 2021-2027.

En todo caso, podemos adiantar que o acordo do Consello da UE, que previsiblemente marcará o contido final dos regulamentos (en maior medida que as propostas do Parlamento), mantén os elementos esenciais da reforma que avanzamos no anterior informe. A principal novidade respecto á actual PAC vai estar no modelo de aplicación das medidas (*New Delivery Model*), que concede maior marxe de autonomía aos Estados. Cada país terá que elaborar un plan estratéxico da PAC que, partindo da normativa comunitaria, detalle as súas intervencións, tanto no referido ás axudas directas aos agricultores (primeiro piar da PAC) como ás medidas de desenvolvemento rural (segundo piar). Eses plans deberán ser avaliados e aprobados pola Comisión Europea, centrándose non tanto no contido das medidas senón na súa adecuación para alcanzar os obxectivos establecidos a nivel comunitario.

No que se refire ao primeiro piar, o acordo do Consello mantén que os Estados membros distribuirán os fondos asignados entre os tipos de axudas directas que indicamos no informe de 2018: axuda básica á renda, pagamento redistributivo, apoio específico a agricultores mozos, réximes no dominio climático e ambiental (ecoesquemas), axudas asociadas á produción e axuda ao algodón. Porén, o acordo do Consello de Ministros introduce cambios relevantes na regulación dalgunhas desas axudas:

1. O pagamento redistributivo, que na proposta da Comisión era obrigatorio, pasa a ser voluntario para os Estados. Lembremos que este pago aumenta a contía da axuda para as primeiras hectáreas de cada explotación, *estando* dirixido pois a atenuar as desigualdades na distribución das axudas.
2. Nunha liña similar, o establecemento dun tope máximo ás axudas por explotación (*capping e degresividade*) convértese tamén en optativo para os Estados, e ademais límitase a súa potencialidade ao fixaren como porcentaxes máximas de redución das axudas as que na proposta da Comisión figuraban como mínimas.
3. A limitación do pagamento das axudas aos considerados como agricultores xenuínos pasa a ser tamén voluntaria para cada país. Os Estados que decidan aplicar isto deberán concretar no seu plan estratéxico da PAC a definición de agricultor xenuíno, contando cunha case total autonomía neste aspecto.
4. No que respecta aos ecoesquemas (axudas a prácticas agrarias beneficiosas para o medio ambiente), a principal novidade dentro das axudas directas do primeiro piar, o Consello da UE acordou a obriga para todos os Estados de dedicar a eles un mínimo do 20% dos fondos para axudas directas.

No outro gran compoñente do primeiro piar da PAC, a regulación dos mercados, o acordo do Consello non incorpora en cambio modificacións de calado, mantendo o rumbo marcado polas reformas anteriores de reducir os mecanismos de intervención pública a unha rede de seguridade para situacións de crise. Neste aspecto reafirmase a aposta por dúas vías para darlle estabilidade aos mercados, dúas vías xa ensaiadas nos últimos anos: as ferramentas de xestión de riscos (seguros, fondos mutuos), que os Estados poden apoiar con axudas do segundo piar; e os instrumentos para reforzar a posición dos agricultores co fin de equilibrar as relacións ao longo da cadea alimentaria. Como matiz á liña xeral de liberalización dos mercados agrarios, o Consello acordou que o sistema de autorizacións de plantacións de viñedo, que regula este cultivo e cuxa vixencia finalizaba en 2030, se estenda ata 2040 (o Parlamento Europeo propón ampliar esa prórroga ata 2050).

O debate sobre a reforma da PAC produciuse ao mesmo tempo que se discutía o futuro Marco Financeiro Plurianual (MFP) para o período 2021-2027, o orzamento co que vai contar a UE neste período. A fase final das negociacións coincidiu coa crise económica provocada pola pandemia da COVID-19, e isto reflíctese no acordo que alcanzou o Consello Europeo (os xefes de Estado e de Goberno) a finais de xullo de 2020. Nun intento de ofrecer unha resposta europea a esa crise, o acordo inclúe, ademais do MFP 2021-2027 "normal" dotado con 1,0743 billóns de euros, un instrumento temporal de recuperación, *Next Generation EU* (NGEU), con 750 mil millóns de euros (390 mil millóns en subvencións e 360 mil en préstamos) para os anos 2021-2023 (todas as cifras están expresadas en euros constantes de 2018). Destes fondos extraordinarios só 7.500 millóns afectan directamente á PAC, ao incorporarse á dotación para as medidas de desenvolvemento rural (FEADER).

Finalmente, en novembro de 2020 o Consello e o Parlamento Europeo alcanzaron un acordo sobre o MFP 2021-2027 que mantén sen cambios substanciais as cifras de xullo. No momento de redactar este informe, o MFP aínda non foi definitivamente aprobado e publicado, pero isto débese a un problema relativamente colateral: o bloqueo desa aprobación por parte dos gobernos de Hungría e Polonia, provocado pola súa oposición a que a liberación dos fondos se condicione ao cumprimento de determinados requisitos de funcionamento das institucións democráticas. Un problema que acaba de ser resolto a mediados do mes de decembro.

No cadro 1 recolleamos as dotacións previstas no acordo entre Consello e Parlamento para a PAC no período 2021-2027 e a súa comparación coas do período 2014-2020, expresando todas as cifras en euros constantes de 2018. O orzamento global da PAC para os próximos sete anos ascende a 343.944 millóns de euros, incluíndo 7.500 millóns dentro de NGEU. De compararmos os recursos para o período 2021-2027 cos de 2020 multiplicados por sete, os fondos sofren unha redución do 6,4%. Como consecuencia, a PAC continuará perdendo peso dentro do orzamento comunitario, pasando de representar o 33,2% en 2020 ao 31,3% no período 2021-2027 (sen NGEU). A redución de fondos vai afectar en maior medida o segundo pilar da PAC, as medidas de desenvolvemento rural (-9,1%), que o primeiro (-5,5%). No caso de non considerarmos os fondos contemplados no NGEU, a contracción dos recursos do segundo pilar sería de 17,1% (cadro 1). Esas son as conclusións tomando as cifras en euros constantes. En euros correntes o MFP aprobado implica que a PAC vai contar no período 2021-2027 cun volume global de fondos similar ao do período 2014-2020, mesmo lixeiramente superior para o primeiro pilar.

Cadro núm. 1

Orzamento da PAC aprobado para o período 2021-2027; variación respecto a 2014-2020 (dotación para compromisos)
(Millóns de euros constantes de 2018)

	UE-28 2014/2020 A	UE-27 2020 (x7) B	UE-27 2014/2020 C	UE-27 2021/2027 D	% Variación D/B	% Variación D/C
1. FEAGA	309.064	273.743	286.143	258.594	-5,5	-9,6
2. FEADER	102.004	93.877	96.712	85.350	-9,1	-11,7
Recursos FEADER no marco de Next Generation EU (incluídos no anterior)				7.500		
2bis. FEADER sen Next Generation EU	102.004	93.877	96.712	77.850	-17,1	-19,5
3. TOTAL PAC (1+2)	411.068	367.621	382.855	343.944	-6,4	-10,2
4. TOTAL Marco Financeiro Plurianual (MFP)	1.136.105	1.107.138	1.082.320	1.824.300	64,8	68,6
4bis. TOTAL MFP sen Next Generation EU				1.074.300	-3,0	-0,7
5. % PAC (3/4)	36,1	33,2	35,3	18,9		
5bis. % PAC sen Next Generation EU ((1+2bis)/5)	36,1	33,2	35,3	31,3		

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Comisión Europea e do acordo sobre o Marco Financeiro Plurianual 2021-2027 aprobado polo Consello Europeo en xullo de 2020.

En paralelo aos debates a nivel europeo, sobre os regulamentos e o orzamento da futura PAC, ao longo de 2019 e 2020 o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), coa participación das comunidades autónomas, foi avanzando na elaboración do Plan Estratéxico da PAC para España. Segundo o esquema establecido, ao igual que aconteceu no período 2014-2020, tamén para 2021-2027 as decisións sobre a aplicación das distintas axudas directas do primeiro pilar serán adoptadas a nivel estatal. Mentres, o deseño das intervencións do segundo pilar (desenvolvemento rural) corresponderá a cada comunidade autónoma, co posible establecemento de elementos comúns para todo o Estado. En todo caso, no momento de redactar este informe están aínda pendentes as decisións esenciais, tanto sobre as axudas directas do primeiro pilar como no relativo ao reparto dos fondos de desenvolvemento rural (FEADER); unhas decisións que en principio deberían irse adoptando ao longo do primeiro semestre de 2021.

A crise da COVID-19 e o seu impacto no sector agroalimentario

Confirmando os resultados doutros informes e estudos, tanto a FAO como a OMC (Organización Mundial do Comercio) constatan a maior capacidade de resistencia do sector agroalimentario fronte á crise económica desatada pola COVID-19. Un fenómeno que se explica, de entrada, polo carácter de bens de primeira

necesidade dos produtos alimentarios. Así, a OMC observa que, nun contexto marcado pola drástica redución do comercio internacional no primeiro trimestre de 2020, as exportacións agrarias e de alimentos aumentaron, en cambio, respecto ao mesmo período de 2019. Con todo, constátanse diferenzas notables entre produtos: mentres que aumentou a demanda de bens básicos, diminuíu a de produtos de maior valor e a daqueles máis dependentes da restauración, os comedores escolares ou o turismo¹. Unha recente publicación da FAO² chega a conclusións similares: no primeiro semestre de 2020 o comercio mundial de alimentos mantívose en conxunto estable, pero cunha contracción naqueles produtos de maior elasticidade renda (bebidas, produtos da pesca e parte dos gandeiros).

Tamén en España e en Galicia as ramas que integran o complexo agroalimentario foron das menos afectadas pola crise económica derivada da COVID-19. A isto contribuíu que o real decreto 463/2020, de 14 de marzo, que declarou o estado de alarma, recollía a necesidade de garantir o abastecemento alimentario. Con este fin mantívose a actividade nas ramas relacionadas coa produción de alimentos e, do mesmo xeito, a obriga de peche do comercio polo miúdo non afectou os establecementos de alimentación e bebidas. Tamén se considerou esencial a subministración das materias primas necesarias para a produción de alimentos. Como consecuencia diso e do propio carácter destes bens, no segundo trimestre de 2020, mentres que o PIB galego caía, segundo as estimacións do IGE, en preto dun 15%, e o VEB da industria manufactureira en máis do 28% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior, a diminución do VEB xerado pola agricultura, gandería, silvicultura e pesca non chegaba ao 2%. Tamén a industria alimentaria resistiu comparativamente moito mellor que o conxunto da industria manufactureira, sufrindo o índice de produción nesta rama unha caída interanual do 10,9% no mes de abril e alcanzando un descenso máximo do 19,5% en maio.

A suspensión de actividades decretada polo estado de alarma non afectou directamente a produción de alimentos nin a súa venda a través do comercio polo miúdo, pero si tivo un impacto indirecto notable sobre o sector polo peche da hostalería e restauración, unha canle de comercialización (a chamada canle HORECA: hoteis, restaurantes e cafeterías) de gran peso para certos alimentos e bebidas. Así, segundo a Enquisa de Orzamentos Familiares do INE, o gasto en alimentación e bebidas en España distribuíuse en 2019 entre uns 84 mil millóns de euros de consumo no fogar e 48 mil millóns de consumo fóra do fogar, na restauración e comedores colectivos. Os datos do *Informe del consumo de alimentación en España 2019*, publicados polo Ministerio de Agricultura, difiren na magnitude do gasto total en alimentación, pero recollen unha distribución relativa similar entre consumo no fogar e fóra do fogar: ao redor de 70 mil e 36 mil millóns, respectivamente; isto é, aproximadamente, dous terzos e un terzo. De acordo con esta fonte, do consumo total fóra do fogar o 58,5% correspondía a alimentos, 28,1% a bebidas frías e 11,4% a bebidas quentes. Dentro dos alimentos, as partidas máis importantes atendendo ao volume eran hortalizas e verduras (27,3%), carnes (14,9%), pan (11,6%), peixe e mariscos (9,5%) e derivados lácteos (7,6%). Nas bebidas quentes era o leite o que ocupaba un lugar destacado (66,5%). No que se refire ás bebidas frías os maiores volumes correspondían a cervexa (36%), auga envasada (32,8%), bebidas refrescantes (19,4%) e viño e derivados (6,5%).

Partindo desa estrutura do consumo, a declaración do estado de alarma provocou un afundimento das vendas de alimentos e bebidas na canle HORECA en toda España, e tamén obviamente en Galicia. Segundo a consultora NDP Group, entre o 15 de marzo e o 30 de abril as vendas da restauración caeron en España máis dun 90% en comparación co mesmo período de 2019. Unha redución de máis de 4 mil millóns de euros que se concentrou nos restaurantes de servizo completo (49,4%), seguidos de bares e cafeterías (29,6%). Pola contra, as vendas nos servizos de envío a domicilio aumentaron lixeiramente, un 5%. Coa desescalada o consumo fóra do fogar foise recuperando, pero manténdose en niveis moi inferiores aos do ano anterior. Así, segundo a mesma fonte, no primeiro semestre de 2020 as vendas na restauración caeron un 43% en comparación co mesmo período de 2019.

Unha gran parte do descenso na canle HORECA foi compensado por un incremento do consumo de alimentos e bebidas no fogar; de tal modo que o resultado final non foi tanto unha redución do consumo total senón un cambio substancial na súa estrutura. Segundo o MAPA, o volume de alimentos consumidos no fogar nas semanas 11 a 23 de 2020 aumentou un 24,5% respecto ao mesmo período do ano anterior. E unha recente publicación de CaixaBank, baseada nos datos das súas terminais de puntos de venda, constata o mesmo feito: unha caída de máis do 90% dos gastos en restauración no período de mediados de marzo a finais de abril, en comparación co mesmo período de 2019; mentres que, simultaneamente, o gasto en supermercados e grandes superficies de alimentación creceu en preto do 50% (e en concreto nun 90% na semana do 9 ao 15 de marzo, polo efecto acaparamento)³.

¹ OMC (2020): *COVID-19 and agriculture: a story of resilience*. Information Note, 26 de agosto.

² Schmidhuber, J. e Qiao, B. (2020): Recent trends in food imports bills and export earnings: the COVID-19 challenge. *Food Outlook*, nº 11, novembro.

³ Montoriol Garriga, J. (2020): *Cambio en los patrones de consumo durante el confinamiento: del restaurante al hogar*. CaixaBank Research.

Ao lado da substitución do consumo fóra do fogar polo realizado no fogar, o outro cambio a salientar na demanda alimentaria é o importante incremento do comercio *online*. Segundo os datos do MAPA, as vendas por esta vía fixeron máis que duplicarse no período que vai do 9 de marzo ao 6 de xuño de 2020 en comparación co ano anterior. O propio barómetro do CIS de maio revela que unha quinta parte dos entrevistados comprou alimentos *online* durante o confinamento. Con todo, a cota de mercado do comercio electrónico mantense en niveis moi reducidos dentro do total do consumo alimentario doméstico: pouco máis do 2% de acordo cos datos do MAPA.

A información recompilada por CaixaBank tamén permite constatar a importancia do turismo para o sector de alimentación e bebidas, especialmente en certas áreas do Estado; polo que o corte dos fluxos turísticos que provocou a pandemia foi outro fenómeno que afectou o sector alimentario. En concreto, na situación previa á pandemia o 21% do gasto con tarxetas en bares e restaurantes que se efectuaba en España correspondía a tarxetas doutros países. E outro 15% era de tarxetas españolas dunha provincia distinta á do establecemento no que se efectuaba o gasto.

En contraste co impacto negativo derivado da crise do turismo, o comportamento relativamente favorable do sector agroalimentario en España viuse favorecido pola boa evolución do comercio internacional. As exportacións destes bens, que crecieran máis dun 5% en 2019, continuaron no primeiro semestre de 2020 cunha expansión a taxas similares. Un factor este que tivo, porén, menos importancia no caso particular de Galicia.

En conxunto, como xa indicamos, tanto en Galicia como en España o complexo agroalimentario rexistrou unha relativa estabilidade durante a crise desatada pola COVID-19, nun contexto de intensa recesión económica. Non obstante, esa imaxe global oculta evolucións moi dispares entre uns produtos e outros. Por unha parte, o peche temporal da hostalería e restauración e as posteriores limitacións á súa actividade tiveron un impacto moi diferente duns a outros subsectores. Ademais, como sucede sempre nas crises económicas, a redución dos ingresos dunha parte importante da poboación e a incerteza xerada pola crise apenas están afectando o consumo dos bens básicos, pero si o daqueles produtos alimentarios máis elaborados e cunha maior elasticidade renda.

Entre as ramas agroalimentarias relevantes en Galicia que se están vendo afectadas en maior medida cabe salientar o viño e unha parte das producións cárnicas. A hostalería e restauración constitúe unha canle de comercialización fundamental para os viños galegos, especialmente nalgunhas denominacións de orixe e para as pequenas e medianas adegas. De aí que a caída das vendas na canle HORECA estea supoñendo un enorme reto de adaptación, tratando de incrementar a presenza nas cadeas de distribución e, na medida do posible, reforzar as exportacións a mercados internacionais. No que respecta ás carnes, o peso das vendas na hostalería e restauración é en conxunto moito menor, pero a situación difire moito duns produtos a outros, sendo ese peso considerable nas carnes de calidade e de maior prezo, como ocorre para parte da carne de vacún e a de ovino e cabrún. Ademais esas carnes son produtos dunha elevada elasticidade renda, o que fai que a súa demanda, mesmo para consumo no fogar, se vexa afectada pola deterioración da renda de parte da poboación que ten lugar nos contextos de crise. Fóra estritamente do ámbito alimentario, pero dentro do sector agrario, tamén a rama das flores e plantas ornamentais está sendo moi afectada, debido á súa vinculación a eventos e celebracións que se viron fortemente limitados a partir de marzo de 2020.

Dinámica do complexo agroalimentario e do complexo da madeira no período 2000-2018

En 2019 e 2020 o Instituto Galego de Estatística (IGE) comezou a publicación das series adaptadas á *Revisión estatística 2019* (RE19). Esta revisión non supón cambios metodolóxicos nin nas clasificacións, pero si melloras das fontes e dos procedementos de estimación de determinadas variables. Como resultado contamos cunha nova serie das contas de produción e explotación por ramas de actividade para o período 2000-2018, que imos utilizar para ofrecer unha imaxe actualizada da estrutura e da dinámica do complexo agroalimentario e do complexo da madeira.

Complexo de produción agroalimentario

O IGE distingue 72 ramas produtivas na súa *Revisión estatística 2019*, das que 6 son as que podemos incluír no complexo de produción agroalimentario (CPA): agricultura, gandería, caza e servizos relacionados; procesamento e conservación de carne e elaboración de produtos cárnicos; fabricación de produtos lácteos; fabricación de produtos para a alimentación animal; outras industrias alimentarias e fabricación de bebi-

das (tamén se integraría no complexo a industria do tabaco, mais esta non ten presenza en Galicia desde 2002). O complexo así definido ten un importante peso na economía galega, xerando en 2018 un VEB de 2.883 millóns de euros e 65 mil postos de traballo equivalentes a tempo completo; o que supón o 5,1% do VEB e o 6,5% do emprego total (cadros 2, 3 e 4).

Cadro núm. 2

Evolución do valor engadido bruto (VEB) do complexo agroalimentario en Galicia. Período 1995-2018

	Base 2000		Revisión estatística 2019							
	1995	2000	2000	2010	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Millóns de euros correntes										
Agricultura, gandería e caza	892,3	856,9	1.154,0	1.471,0	1.815,9	1.819,5	1.927,1	1.863,3	1.790,8	1.789,2
Industria agroalimentaria	428,4	532,7	592,9	770,3	899,9	959,5	964,2	1.008,0	1.097,4	1.093,7
Industria cárnica	66,6	91,9	138,4	178,8	224,9	222,7	245,1	254,4	253,8	245,6
Industria láctea	78,8	75,7	111,5	99,3	150,1	188,5	136,6	133,7	137,0	124,8
Industria alimentación animal	65,4	65,8	55,1	78,5	77,0	75,0	67,6	63,1	66,6	80,0
Outras industrias alimentarias	145,2	186,0	197,0	209,0	272,5	245,9	239,6	262,9	307,6	314,9
Industria de bebidas	72,5	113,3	90,9	204,7	175,4	227,4	275,3	293,9	332,4	328,4
Total	1.320,8	1.389,5	1.746,8	2.241,3	2.715,8	2.779,0	2.891,3	2.871,3	2.888,1	2.882,9
% sobre o total do complexo										
Agricultura, gandería e caza	67,6	61,7	64,4	63,9	66,9	65,5	66,7	64,9	62,0	62,1
Industria agroalimentaria	32,4	38,3	35,6	36,1	33,1	34,5	33,3	35,1	38,0	37,9
Industria cárnica	5,0	6,6	7,3	6,6	8,3	8,0	8,5	8,9	8,8	8,5
Industria láctea	6,0	5,4	6,9	5,0	5,5	6,8	4,7	4,7	4,7	4,3
Industria alimentación animal	4,9	4,7	3,4	3,7	2,8	2,7	2,3	2,2	2,3	2,8
Outras industrias alimentarias	11,0	13,4	11,9	10,2	10,0	8,8	8,3	9,2	10,6	10,9
Industria de bebidas	5,5	8,2	6,1	10,5	6,5	8,2	9,5	10,2	11,5	11,4
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- IGE, *Contas Económicas. Base 2000. Serie 1995-2001.*

- IGE, *Contas Económicas de Galicia. Revisión estatística 2019. Serie 2000-2018.*

Cadro núm. 3

Evolución do emprego no complexo agroalimentario en Galicia. Período 1995-2018

Postos de traballo equivalentes a tempo completo (en miles)

	Base 2000		Revisión estatística 2019							
	1995	2000	2000	2010	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Agricultura, gandería e caza	182,4	133,3	119,9	56,7	48,1	41,6	38,0	41,8	46,7	44,6
Industria agroalimentaria	16,3	18,6	16,3	20,1	18,7	18,8	18,4	18,7	19,5	20,4
Industria cárnica	2,5	2,9	4,3	5,3	5,1	5,0	4,4	4,3	4,3	4,8
Industria láctea	1,8	1,7	1,9	2,0	2,0	2,0	1,9	2,0	2,0	2,1
Industria alimentación animal	1,3	1,2	1,4	1,5	1,2	1,2	1,2	1,3	1,3	1,4
Outras industrias alimentarias	9,1	10,9	6,9	8,4	7,9	8,0	8,2	8,4	8,9	9,2
Industria de bebidas	1,6	1,9	1,9	2,9	2,4	2,7	2,6	2,8	2,9	2,9
Total	198,6	151,9	136,2	76,8	66,7	60,4	56,3	60,5	66,1	65,0

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- IGE, *Contas Económicas. Base 2000. Serie 1995-2001.*

- IGE, *Contas Económicas de Galicia. Revisión estatística 2019. Serie 2000-2018.*

No que respecta á súa dinámica ao longo das dúas primeiras décadas do presente século, podemos diferenciar claramente tres períodos, que están asociados ao ciclo económico. Para comprender isto hai que ter en conta que os alimentos en xeral se caracterizan pola baixa elasticidade renda da demanda (esta é inferior a 1). Isto orixina que en períodos de crecemento económico a produción alimentaria tenda a perder peso no conxunto da economía, pero tamén fai que en etapas de recesión estas ramas se vexan menos afectadas que outros sectores. Acorde co que cabería agardar segundo esas pautas, vemos como na primeira década deste século, en realidade durante toda a fase de expansión económica 1995-2007, a achega do complexo ao VEB global reduciuse de forma continua. A crise económica fixo que se invertese esa tendencia, pasando de representar o 4,9% do VEB en 2008 e o 4,3% en 2010 ao 5,8% en 2015; unha porcentaxe mesmo superior á de comezos de século. Finalmente, a partir de 2015, coa recuperación da senda de crecemento económico, o peso do complexo volve caer ata situarse no 5,1% en 2018 (cadro 4).

O ciclo económico tamén deixou sentir os seus efectos na evolución do peso do sector agrario no conxunto do complexo. O feito esencial a destacar é que o complexo agroalimentario galego continúa centrado na produción primaria, de tal modo que en 2018 o sector agrario aportaba o 62,1% do VEB e o 68,6% do emprego; isto é, en números redondos, ao redor dos 2/3. Pero, partindo dese trazo estrutural, a evolución concreta difire nos tres períodos antes sinalados: o peso relativo do sector agrario tendeu a reducirse, aínda que de modo moi gradual, durante a fase de expansión económica 1995-2007; a crise económica acompañouse, en cambio, dun aumento en catro puntos na achega da agricultura e gandería ao VEB do complexo entre 2009 e 2013; por último, a partir de 2015, coa recuperación económica, o sector primario perdeu o peso gañado. Deste xeito, en 2018 a achega ao VEB da agricultura e gandería (62,1%) retornou a unha cifra similar á de 2009 (62,9%) (cadro 2).

No relativo ao emprego, podemos destacar tres feitos. O primeiro é a dinámica totalmente oposta que se constata no conxunto do período 2000-2018 entre os dous compoñentes do complexo: forte caída do em-

prego no sector agrario fronte a un incremento moi moderado na industria agroalimentaria. O segundo feito é que os postos de traballo creados nas ramas industriais (uns 4 mil nos 18 anos) só permitiron compensar unha parte moi pequena dos destruídos na agricultura e gandería (75 mil); de xeito que o volume total de emprego do complexo se reduciu á metade (de 136.200 postos de traballo no ano 2000 a 65 mil en 2018). A terceira nota a salientar é o comportamento totalmente diferente en relación ao ciclo económico: o emprego agrario diminúe de forma continua pero cunha dinámica anticíclica (a caída é máis intensa nas fases de crecemento económico, mentres que se frea nos anos de crise); en tanto que na industria agroalimentaria a evolución é claramente procíclica (o emprego aumentou, dentro de cifras moi modestas, durante a expansión económica de 1995-2007, reduciuse na crise e volve incrementarse desde 2015) (cadro 3).

Cadro núm. 4

Evolución do peso do complexo agroalimentario no conxunto da economía galega. Período 1995-2018

	Base 2000		Revisión estatística 2019							
	1995	2000	2000	2010	2013	2014	2015	2016	2017	2018
VEB (%)										
Agricultura, gandería e caza	3,7	2,5	3,7	2,8	3,8	3,7	3,8	3,6	3,3	3,2
Industria agroalimentaria	1,8	1,6	1,9	1,5	1,9	2,0	1,9	1,9	2,0	1,9
Industria cárnica	0,3	0,3	0,4	0,3	0,5	0,5	0,5	0,5	0,5	0,4
Industria láctea	0,3	0,2	0,4	0,2	0,3	0,4	0,3	0,3	0,3	0,2
Industria alimentación animal	0,3	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,1
Outras industrias alimentarias	0,6	0,6	0,6	0,4	0,6	0,5	0,5	0,5	0,6	0,6
Industria de bebidas	0,3	0,3	0,3	0,4	0,4	0,5	0,5	0,6	0,6	0,6
Total	5,5	4,1	5,5	4,3	5,6	5,7	5,8	5,5	5,4	5,1
Postos de traballo (%)										
Agricultura, gandería e caza	18,3	12,3	11,6	5,3	5,0	4,4	4,0	4,3	4,7	4,4
Industria agroalimentaria	1,6	1,7	1,6	1,9	2,0	2,0	1,9	1,9	2,0	2,0
Industria cárnica	0,2	0,3	0,4	0,5	0,5	0,5	0,5	0,4	0,4	0,5
Industria láctea	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
Industria alimentación animal	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1
Outras industrias alimentarias	0,9	1,0	0,7	0,8	0,8	0,8	0,9	0,9	0,9	0,9
Industria de bebidas	0,2	0,2	0,2	0,3	0,2	0,3	0,3	0,3	0,3	0,3
Total	19,9	14,0	13,1	7,1	7,0	6,4	5,9	6,2	6,7	6,5

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- IGE, *Contas Económicas. Base 2000. Serie 1995-2001.*

- IGE, *Contas Económicas de Galicia. Revisión estatística 2019. Serie 2000-2018.*

A nova serie estatística do IGE, de acordo á RE19, non altera o que é unha característica estrutural do CPA galego: a debilidade da industria agroalimentaria en comparación coa agricultura e gandería. O VEB xerado pola agroindustria limitase aínda en 2018 a pouco máis de 1/3 do complexo (37,9%). Este dato contrasta co que se observa nos países do noso contorno, nos que o habitual é que o VEB xerado na transformación das materias primas agrarias supere o da agricultura. A explicación hai que buscala en dous factores que se manteñen no tempo: a) unha parte significativa da produción agraria galega é transformada fóra do noso territorio, co que perdemos o valor e o emprego xerado na transformación industrial; b) ademais, a agroindustria galega está especializada en xeral en produtos de escaso valor engadido. Como pequeno matiz a isto último cabe sinalar a lixeira mellora da ratio VEB/produción que se constata na nosa industria agroalimentaria desde 2014; aínda que o valor desa ratio en 2018 segue limitándose ao 20,1%, inferior mesmo ao que se alcanzaba antes da crise económica.

Complexo da madeira

O complexo da madeira (CM) integra catro ramas das contas económicas do IGE: silvicultura e explotación forestal; industria da madeira e da cortiza; industria do papel e fabricación de mobles.

En 2018 este complexo xerou un VEB de 1.144 millóns de euros, 2% do VEB total da economía galega, e deu emprego directo a 23.500 persoas, 2,3% do emprego total. Os últimos datos confirman a recuperación iniciada desde 2015, despois da forte caída do VEB e do emprego que sufriu o complexo durante a crise económica. Esa recuperación reflíctese nunha evolución claramente positiva tanto do VEB como do emprego, que permitiu alcanzar de novo en 2017 e 2018 os niveis previos á crise; tanto en cifras absolutas como no relativo ao peso no conxunto da economía (cadros 5 e 6).

En canto á súa estrutura interna, a *Revisión estatística 2019* aporta unha importante mudanza na imaxe do complexo da madeira que viñan ofrecendo os datos do IGE. Se ata agora estes mostraban a industria da madeira e da cortiza como a rama que xeraba un maior VEB, isto cambia segundo a nova serie publicada polo IGE, que sitúa en todo o período 2000-2018 a silvicultura nesa posición. Concretamente, no ano 2000 a silvicultura aportaba o 41,3% do VEB do complexo, fronte ao 25% da industria da madeira; e, aínda que a distancia se acurtou nos últimos anos, en 2018 as porcentaxes seguían sendo do 36,5% e 28,3%, respectivamente. Con todo, a diferenza do que acontece no complexo agroalimentario, segue sendo certo que no complexo da madeira o predominio corresponde á industria transformadora: as tres ramas que integran esa industria aportan en 2018 o 63,5% do VEB e o 61,1% do emprego (cadro 5).

Cadro núm. 5

Evolución do valor engadido e do emprego no complexo da madeira en Galicia. Período 1995-2018

	Base 2000		Revisión estatística 2019							
	1995	2000	2000	2010	2013	2014	2015	2016	2017	2018
VEB										
Millóns de euros correntes										
Silvicultura, explotación forestal e actividades dos servizos relacionados	182,5	245,8	342,4	394,6	365,6	365,8	394,8	390,6	411,3	417,1
Industria da madeira e da cortiza	278,1	344,9	206,8	249,6	219,4	243,0	268,7	311,7	343,8	323,7
Industria do papel	127,5	158,2	157,6	150,0	105,6	94,1	156,9	160,1	222,6	246,8
Fabricación de mobles			121,7	175,7	148,8	135,7	124,6	139,5	173,3	156,4
Total	588,1	749,0	828,4	970,0	839,4	838,6	945,1	1.001,9	1.151,0	1.144,0
% sobre o total do complexo										
Silvicultura, explotación forestal e actividades dos servizos relacionados	31,0	32,8	41,3	40,7	43,6	43,6	41,8	39,0	35,7	36,5
Industria da madeira e da cortiza	47,3	46,1	25,0	25,7	26,1	29,0	28,4	31,1	29,9	28,3
Industria do papel	21,7	21,1	19,0	15,5	12,6	11,2	16,6	16,0	19,3	21,6
Fabricación de mobles			14,7	18,1	17,7	16,2	13,2	13,9	15,1	13,7
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
EMPREGO										
Postos de traballo (miles)										
Silvicultura, explotación forestal e actividades dos servizos relacionados	3,8	6,7	5,0	6,2	5,8	6,5	7,4	7,7	8,3	9,1
Industria da madeira e da cortiza	11,3	14,1	13,3	9,4	7,4	6,8	6,9	7,4	7,8	7,8
Industria do papel	1,1	1,0	1,2	1,8	1,6	1,8	1,7	1,8	1,8	1,8
Fabricación de mobles			9,6	6,2	4,3	4,1	4,1	4,2	4,7	4,7
Total	16,2	21,8	29,1	23,6	19,1	19,2	20,1	21,1	22,6	23,5
% sobre o total do complexo										
Silvicultura, explotación forestal e actividades dos servizos relacionados	23,7	30,6	17,0	26,4	30,2	33,7	37,0	36,5	36,7	38,9
Industria da madeira e da cortiza	69,7	64,7	45,7	40,0	38,6	35,5	34,3	35,0	34,6	33,3
Industria do papel	6,6	4,7	4,3	7,5	8,5	9,2	8,5	8,6	8,0	7,8
Fabricación de mobles			33,1	26,1	22,7	21,6	20,2	20,0	20,6	20,0
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- IGE, *Contas Económicas. Base 2000. Serie 1995-2001.*- IGE, *Contas Económicas de Galicia. Revisión estatística 2019. Serie 2000-2018.*

Cadro núm. 6

Evolución do peso do complexo da madeira no conxunto da economía galega. Período 1995-2018

	Base 2000		Revisión estatística 2019									
	1995	2000	2000	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
VEB (%)												
Silvicultura, explotación forestal e actividades dos servizos relacionados	0,8	0,7	1,1	0,8	0,8	0,8	0,8	0,8	0,8	0,7	0,8	0,7
Industria da madeira e da cortiza	1,2	1,0	0,7	0,5	0,5	0,5	0,5	0,5	0,5	0,6	0,6	0,6
Industria do papel	0,5	0,5	0,5	0,3	0,2	0,2	0,2	0,2	0,3	0,3	0,4	0,4
Fabricación de mobles			0,4	0,3	0,3	0,3	0,3	0,3	0,2	0,3	0,3	0,3
Total	2,7	2,6	2,6	1,9	1,9	1,8	1,7	1,7	1,9	1,9	2,1	2,0
Postos de traballo (%)												
Silvicultura, explotación forestal e actividades dos servizos relacionados	0,4	0,6	0,5	0,6	0,6	0,6	0,6	0,7	0,8	0,8	0,8	0,9
Industria da madeira e da cortiza	1,1	1,3	1,3	0,9	0,8	0,8	0,8	0,7	0,7	0,8	0,8	0,8
Industria do papel	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
Fabricación de mobles			0,9	0,6	0,5	0,5	0,5	0,4	0,4	0,4	0,5	0,5
Total	2,1	2,6	2,8	2,2	2,1	2,0	2,0	2,0	2,1	2,2	2,3	2,3

*Os datos de 2016 son provisionais.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- IGE, *Contas Económicas. Base 2000. Serie 1995-2001.*- IGE, *Contas Económicas de Galicia. Revisión estatística 2019. Serie 2000-2018.*

Isto é así a pesar de que a industria se centra aquí fundamentalmente nos segmentos da primeira transformación, a industria da madeira e da cortiza (taboleiros, serra) e dentro da industria do papel, a produción de pasta. Unha situación ben diferente á existente no total de España, onde a fabricación de mobles é a rama que ten maior relevancia, e, dentro da industria do papel, a fabricación de artigos de papel e cartón e a produción de papel e cartón superan a produción de pasta.

Cambios no comercio exterior agroalimentario na última década (2005-2016)

A publicación polo IGE en 2019 das primeiras operacións estatísticas de acordo á *Revisión estatística 2019* tamén incluíu o marco *input-output* de Galicia 2016. Esta fonte ten entre os elementos de interese que non só recolle datos dos intercambios co exterior de España (comercio internacional) senón tamén dos realizados con outras áreas do Estado (comercio interrexional). Este é un aspecto de gran relevancia nunha economía como a galega, posto que, a pesar da crecente apertura comercial internacional das últimas décadas, aínda hoxe ao redor da metade do noso comercio externo ten lugar co resto do Estado. Por ese motivo, a

publicación dos datos correspondentes a 2016 é unha boa ocasión para ofrecer unha imaxe actualizada da nosa balanza agroalimentaria.

Segundo o marco *input-output* de 2016, as exportacións (incluíndo as interrexionais e as internacionais) supoñen en Galicia o 21,3% dos empregos dos produtos agroalimentarios, en tanto que as importacións representan o 29,3% da oferta interior destes produtos. Efectuando a comparación con 2005, obsérvase que na última década os mercados exteriores gañaron peso como destino da nosa produción agroalimentaria, pasando de absorber o 18,7% ao 21,3%. Mentres, simultaneamente, reduciuse a importancia relativa das importacións para abastecer o mercado galego, baixando do 32,5% ao 29,3% da oferta total (cadro 7). Como consecuencia, asistimos a unha mellora do nivel de autoabastecemento, acurtándose o déficit estrutural que veu caracterizando a nosa balanza agroalimentaria.

Cadro núm. 7

Valor dos índices importacións/oferta e exportacións/empregos nos diferentes produtos do complexo agroalimentario. Galicia

	2005		2016	
	Importacións/ oferta (%)	Exportacións/ empregos (%)	Importacións/ oferta (%)	Exportacións/ empregos (%)
Produtos agrícolas	42,77	7,17	31,07	23,54
Produtos gandeiros	4,72	33,66	3,36	74,15
Carne elaborada e en conserva	11,18	20,90	1,62	33,41
Produtos cárnicos	65,46	7,40	8,65	9,15
Leite de consumo	9,52	53,84	41,36	51,65
Derivados lácteos e xeados	36,92	33,82	9,44	26,91
Produtos para a alimentación animal	5,96	14,77	34,78	8,52
Froitas e hortalizas, preparadas e en conserva	61,47	7,01	18,52	22,53
Aceites e graxas vexetais e animais	63,16	15,26	61,28	15,67
Produtos do muiño, amidóns e amiláceos	75,26	6,95	70,16	12,68
Outros produtos alimenticios	56,80	6,28	53,73	17,21
Viño	56,44	12,38	55,24	25,42
Outras bebidas alcohólicas	37,34	24,28	50,88	30,30
Augas minerais e bebidas sen alcohol	38,67	8,20	18,44	12,88
Tabaco manufacturado	100,00		100,00	
Total Complexo de Produción Agroalimentario	32,47	18,73	29,27	21,32

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE, Marco Input-Output de Galicia 2005 e 2016.

Entrando nunha análise máis detallada, o peso das exportacións alcanza os valores máis elevados nos produtos de orixe gandeira, destacando os produtos gandeiros (74,2%) e o leite de consumo (51,6%). Mentres, as importacións supoñen máis do 50% do abastecemento interior en boa parte dos produtos transformados para consumo humano derivados de materias primas vexetais (viño, graxas e aceites vexetais, produtos do muiño, amidóns e amiláceos). Por outro lado, dentro dos derivados gandeiros destaca o menor peso relativo das exportacións e a maior magnitude das importacións nos produtos cárnicos e derivados lácteos en comparación, respectivamente, coa carne fresca, refrixerada ou conxelada e co leite de consumo. Isto pon de manifesto a especialización que caracteriza tanto a nosa industria láctea como cárnica nas primeiras fases da transformación e en produtos de menor valor engadido (cadro 7). O resultado é que, mentres Galicia rexistra unhas fortes exportacións netas de leite envasado, presenta, en cambio, un saldo lixeiramente negativo nos derivados lácteos; e fronte ao superávit da balanza exterior de carne fresca, refrixerada ou conxelada, dáse un déficit nos produtos cárnicos.

No cadro 8 poden verse os datos detallados do comercio exterior por produtos e zonas xeográficas en 2005, e no cadro 9 figura a información similar para 2016. Neste último ano o comercio agroalimentario de Galicia presenta globalmente un déficit de 388,7 millóns de euros e unha taxa de cobertura do 88,6%. Este déficit débese en conxunto aos produtos transformados, cun saldo negativo que supera os 720 millóns de euros, mentres que nos bens primarios (sen elaborar) dáse un superávit de 333 millóns. Por produtos, unicamente existe un superávit nos bens gandeiros sen transformar (leite en cisternas, gando...), no leite envasado, na carne fresca, refrixerada ou conxelada e nas outras bebidas alcohólicas. Pola contra, o déficit céntrase nos bens agrícolas sen transformar, tanto os destinados ao consumo humano como os utilizados para a elaboración de pensos para o gando, e nos produtos elaborados de orixe vexetal (cadro 9).

A maior parte do noso comercio agroalimentario (máis do 70% das exportacións e das importacións) ten lugar co resto do Estado. Porén, en comparación con 2005 o mercado español perdeu importancia relativa, mentres gañaban peso o resto da UE e o resto do mundo, tanto no destino da produción como na orixe das importacións. Por outro lado, a pesar de que a maior parte do noso comercio exterior ten lugar co resto do Estado, o déficit comercial concéntrase no comercio co exterior da UE. Este comercio con terceiros países só supón o 12% das importacións e o 6% das exportacións, pero aquí concéntrase máis da metade do déficit da nosa balanza agroalimentaria, limitándose a taxa de cobertura ao 44,5%. Son fundamentalmente dous os grupos de produtos que explican este acusado déficit, os produtos agrícolas e os aceites e graxas vexetais e animais; partidas ambas moi relacionadas coa dependencia das importacións de materias primas para a alimentación da nosa cabana gandeira. Tamén os intercambios co resto do Estado presentan un saldo negativo de 216 millóns de euros, pero en termos relativos a taxa de cobertura elévase aquí ao 91%. O déficit co resto

de España e con terceiros países ten o contrapunto no moderado superávit que se dá no comercio cos outros países da UE (taxa de cobertura do 108,9%), debido principalmente aos bens gandeiros sen transformar e á carne elaborada e en conserva (cadro 9).

Cadro núm. 8

Comercio exterior de produtos agroalimentarios (interrexional e internacional). Galicia 2005 (miles de euros)

	Resto do Estado	Resto da UE	Resto do mundo	Total
Exportacións				
Produtos agrícolas	86.865	29.167	121	116.153
Produtos gandeiros	445.068	57.149	782	502.999
Carne fresca, refrixerada ou conxelada	154.709	71.693	1.861	228.263
Produtos cárnicos	26.112	6.852	320	33.284
Leite de consumo	427.401	680	10	428.091
Derivados lácteos e xeados	128.612	26.900	4.353	159.865
Alimentos preparados para animais	84.694	11.563	85	96.342
Viño	25.763	4.119	15.486	45.368
Outras bebidas alcohólicas	89.726	16.819	511	107.056
Augas minerais e bebidas sen alcohol	34.558	4.861	488	39.907
Froitas e hortalizas, prep. e en conserva	2.992	6.013	731	9.736
Graxas e aceites vexetais ou animais	59.416	16.725	4.013	80.154
Prod. do muiño, amidóns e amiláceos	9.154	2.259	92	11.505
Outros produtos alimenticios	36.851	32.067	7.383	76.301
Tabaco manufacturado	0	0	0	0
Total produtos agroalimentarios	1.611.921	286.867	36.236	1.935.024
Importacións				
Produtos agrícolas	293.130	79.664	86.778	459.572
Produtos gandeiros	28.220	40.488	151	68.859
Carne fresca, refrixerada ou conxelada	93.400	11.685	1.826	106.911
Produtos cárnicos	242.060	1.000	0	243.060
Leite de consumo	73.124	143	0	73.267
Derivados lácteos e xeados	135.036	36.546	0	171.582
Alimentos preparados para animais	14.716	4.524	18.524	37.764
Viño	168.682	402	36	169.120
Outras bebidas alcohólicas	123.717	8.203	3.534	135.454
Augas minerais e bebidas sen alcohol	161.269	3.129	0	164.398
Froitas e hortalizas, prep. e en conserva	61.398	5.098	6.818	73.314
Graxas e aceites vexetais ou animais	247.940	10.921	48.307	307.168
Prod. do muiño, amidóns e amiláceos	106.544	6.913	232	113.689
Outros produtos alimenticios	542.250	22.799	10.133	575.182
Tabaco manufacturado	50.490	77.403	3.483	131.376
Total produtos agroalimentarios	2.341.976	308.918	179.822	2.830.716
Saldo (exportacións-importacións)				
Produtos agrícolas	-206.265	-50.497	-86.657	-343.419
Produtos gandeiros	416.848	16.661	631	434.140
Carne fresca, refrixerada ou conxelada	61.309	60.008	35	121.352
Produtos cárnicos	-215.948	5.852	320	-209.776
Leite de consumo	354.277	537	10	354.824
Derivados lácteos e xeados	-6.424	-9.646	4.353	-11.717
Alimentos preparados para animais	69.978	7.039	-18.439	58.578
Viño	-142.919	3.717	15.450	-123.752
Outras bebidas alcohólicas	-33.991	8.616	-3.023	-28.398
Augas minerais e bebidas sen alcohol	-126.711	1.732	488	-124.491
Froitas e hortalizas, prep. e en conserva	-58.406	915	-6.087	-63.578
Graxas e aceites vexetais ou animais	-188.524	5.804	-44.294	-227.014
Prod. do muiño, amidóns e amiláceos	-97.390	-4.654	-140	-102.184
Outros produtos alimenticios	-505.399	9.268	-2.750	-498.881
Tabaco manufacturado	-50.490	-77.403	-3.483	-131.376
Total produtos agroalimentarios	-730.055	-22.051	-143.586	-895.692
Taxa de cobertura (exportacións/importacións) (%)				
Produtos agrícolas	29,6	36,6	0,1	25,3
Produtos gandeiros	1.577,1	141,2	517,9	730,5
Carne fresca, refrixerada ou conxelada	165,6	613,5	101,9	213,5
Produtos cárnicos	10,8	685,2	0,0	13,7
Leite de consumo	584,5	475,5	0,0	584,3
Derivados lácteos e xeados	95,2	73,6	0,0	93,2
Alimentos preparados para animais	575,5	255,6	0,5	255,1
Viño	15,3	1.024,6	43.016,7	26,8
Outras bebidas alcohólicas	72,5	205,0	14,5	79,0
Augas minerais e bebidas sen alcohol	21,4	155,4	0,0	24,3
Froitas e hortalizas, prep. e en conserva	4,9	117,9	10,7	13,3
Graxas e aceites vexetais ou animais	24,0	153,1	8,3	26,1
Prod. do muiño, amidóns e amiláceos	8,6	32,7	39,7	10,1
Outros produtos alimenticios	6,8	140,7	72,9	13,3
Tabaco manufacturado	0,0	0,0	0,0	0,0
Total produtos agroalimentarios	68,8	92,9	20,2	68,4

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE, Marco Input-Output de Galicia 2005.

O déficit da balanza agroalimentaria en 2016 baixou a menos da metade do contabilizado en 2005. En termos absolutos foron os intercambios co resto do Estado os que experimentaron unha maior redución do déficit, que pasou de 730 millóns de euros en 2005 a 216 en 2016, subindo a taxa de cobertura do 68,8% ao

91%. Os intercambios co resto da UE tamén rexistraron unha evolución positiva, pasando dun déficit de 22,1 millóns de euros a un superávit de 53,7 millóns⁴. Só nos intercambios co resto do mundo se ampliou o déficit (de 143,6 a 226,3 millóns de euros), a pesar de mellorar tamén aquí a taxa de cobertura relativa (cadros 8 e 9).

Cadro núm. 9

Comercio exterior de produtos agroalimentarios (interrexional e internacional). Galicia 2016 (miles de euros)

	Resto do Estado	Resto da UE	Resto do mundo	Total
Exportacións				
Produtos agrícolas	195.367	96.934	739	293.040
Produtos gandeiros	614.772	118.964	431	734.167
Carne fresca, refrixerada ou conxelada	256.532	129.550	60.973	447.055
Produtos cárnicos	36.660	10.184	5.472	52.316
Leite de consumo	320.889	63.036	12.695	396.620
Derivados lácteos e xeados	119.016	39.647	5.622	164.285
Alimentos preparados para animais	65.277	25.490	760	91.527
Viño	31.779	20.743	5.918	58.440
Outras bebidas alcohólicas	91.447	51.525	14.314	157.286
Augas minerais e bebidas sen alcohol	7.853	11.991	449	20.293
Froitas e hortalizas, prep. e en conserva	184.893	66.366	41.599	292.858
Graxas e aceites vexetais ou animais	75.831	13.374	26.195	115.400
Prod. do muiño, amidóns e amiláceos	148.521	3.295	3.126	154.942
Outros produtos alimenticios	44.209	7.369	2.921	54.499
Tabaco manufacturado				
Total produtos agroalimentarios	2.193.046	658.468	181.214	3.032.728
Importacións				
Produtos agrícolas	278.108	254.177	90.645	622.930
Produtos gandeiros	49.236	20.957	1.020	71.213
Carne fresca, refrixerada ou conxelada	57.183	37.940	778	95.901
Produtos cárnicos	167.125	1.026	28	168.179
Leite de consumo	28.299	35.416	59	63.774
Derivados lácteos e xeados	160.091	22.579	35	182.705
Alimentos preparados para animais	185.602	7.656	1.874	195.132
Viño	117.517	8.831	10.960	137.308
Outras bebidas alcohólicas	319.361	72.107	254.616	646.084
Augas minerais e bebidas sen alcohol	53.717	15.156	479	69.352
Froitas e hortalizas, prep. e en conserva	651.917	23.975	29.053	704.945
Graxas e aceites vexetais ou animais	201.732	648	34	202.414
Prod. do muiño, amidóns e amiláceos	39.196	26.102	15.590	80.888
Outros produtos alimenticios	89.714	7.946	59	97.719
Tabaco manufacturado	10.357	70.216	2.291	82.864
Total produtos agroalimentarios	2.409.155	604.732	407.521	3.421.408
Saldo (exportacións-importacións)				
Produtos agrícolas	-82.741	-157.243	-89.906	-329.890
Produtos gandeiros	565.536	98.007	-589	662.954
Carne fresca, refrixerada ou conxelada	199.349	91.610	60.195	351.154
Produtos cárnicos	-130.465	9.158	5.444	-115.863
Leite de consumo	292.590	27.620	12.636	332.846
Derivados lácteos e xeados	-41.075	17.068	5.587	-18.420
Alimentos preparados para animais	-120.325	17.834	-1.114	-103.605
Viño	-85.738	11.912	-5.042	-78.868
Outras bebidas alcohólicas	-227.914	-20.582	-240.302	-488.798
Augas minerais e bebidas sen alcohol	-45.864	-3.165	-30	-49.059
Froitas e hortalizas, prep. e en conserva	-467.024	42.391	12.546	-412.087
Graxas e aceites vexetais ou animais	-125.901	12.726	26.161	-87.014
Prod. do muiño, amidóns e amiláceos	109.325	-22.807	-12.464	74.054
Outros produtos alimenticios	-45.505	-577	2.862	-43.220
Tabaco manufacturado	-10.357	-70.216	-2.291	-82.864
Total produtos agroalimentarios	-216.109	53.736	-226.307	-388.680
Taxa de cobertura (exportacións/importacións) (%)				
Produtos agrícolas	70,2	38,1	0,8	47,0
Produtos gandeiros	1.248,6	567,7	42,3	1.030,9
Carne fresca, refrixerada ou conxelada	448,6	341,5	7.837,1	466,2
Produtos cárnicos	21,9	992,6	19.542,9	31,1
Leite de consumo	1.133,9	178,0	21.516,9	621,9
Derivados lácteos e xeados	74,3	175,6	16.062,9	89,9
Alimentos preparados para animais	35,2	332,9	40,6	46,9
Viño	27,0	234,9	54,0	42,6
Outras bebidas alcohólicas	28,6	71,5	5,6	24,3
Augas minerais e bebidas sen alcohol	14,6	79,1	93,7	29,3
Froitas e hortalizas, prep. e en conserva	28,4	276,8	143,2	41,5
Graxas e aceites vexetais ou animais	37,6	2.063,9	77.044,1	57,0
Prod. do muiño, amidóns e amiláceos	378,9	12,6	20,1	191,6
Outros produtos alimenticios	49,3	92,7	4.950,8	55,8
Tabaco manufacturado	0,0	0,0	0,0	0,0
Total produtos agroalimentarios	91,0	108,9	44,5	88,6

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE, Marco Input-Output de Galicia 2016.

⁴ Como é sabido, en 2007 a UE ampliouse coa adhesión de Bulgaria e Romanía e en 2013 coa de Croacia, polo que os datos de 2005 e 2016 do comercio exterior co resto da UE e co resto do mundo non son perfectamente comparables.

Dada a magnitude dos cambios na balanza agroalimentaria que mostran os datos do marco *input-output* de 2005 e 2016, sería conveniente poder contrastalos con outras fontes estatísticas. Porén, isto non é posible para o comercio con outras comunidades autónomas. Para os intercambios co exterior do Estado si contamos con datos anuais, procedentes do Departamento de Aduanas da Axencia Tributaria, dos que se desprenden os seguintes resultados⁵.

- As cifras confirman o saldo deficitario da balanza agroalimentaria de Galicia co exterior do Estado (sumando o resto da UE e o resto do mundo). Non obstante, o déficit que mostra esta fonte é moi inferior: uns 20 millóns de euros en 2016, fronte aos máis de 170 millóns que recolle o marco *input-output*.
- A magnitude dese déficit mantívose relativamente estable entre 2005 e 2016 segundo ambas as fontes. Iso si, mentres que de acordo co marco *input-output* o déficit aumentou lixeiramente, os datos de aduanas indican unha pequena redución.
- As dúas fontes coinciden tamén no saldo positivo do comercio co resto da UE e na súa mellora no período 2005-2016. Deste xeito, o déficit global no noso comercio internacional agroalimentario concéntrase exclusivamente no comercio extracomunitario.

Tendencias a medio prazo do sector agrario (1990-2018)

No informe anterior ofrecemos un balance sobre a evolución das macromagnitudes do sector agrario galego no período 1990-2017, tomando como base a información dispoñible procedente de dúas series: a publicada polo Ministerio de Agricultura para o decenio 1990-2000 e os anos 2011-2016, e a serie integrada polas estimacións da Consellería do Medio Rural para 2000-2008 e os datos para 2008-2016 publicados polo IGE nas *Contas Económicas de Galicia*; completando iso coas nosas propias estimacións para 2017. No último ano e medio viron a luz novas cifras que permiten actualizar esa análise. Por unha parte, o IGE publicou unha nova serie das *Contas Económicas de Galicia* detalladas por ramas de actividade para o período 2000-2018. En paralelo, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), continuando co que vén facendo desde 2011, deu a coñecer as contas económicas da agricultura por comunidades autónomas en 2017 e 2018⁶.

Con base nesas cifras, imos aportar unha imaxe actualizada das tendencias a medio prazo do sector, no período 1990-2018. O obxectivo é resumir a dinámica nos últimos 28 anos, para contextualizar a análise da súa conxuntura en 2019 e 2020.

Tendencias globais no período 1990-2018

No gráfico 1 recolleamos a evolución anual das macromagnitudes básicas do sector agrario galego en termos reais no período 1990-2018 que se obtén tomando dúas series: a procedente dos datos do MAPA para 1990-2000 e a resultante de enlazar as estimacións da Consellería do Medio Rural para 2000-2008 coas cifras do IGE para 2008-2018⁷. Catro son as notas que definen as tendencias no conxunto do período, aproximadamente nas tres décadas transcorridas desde a integración na UE.


- a. A produción agraria experimentou un crecemento significativo: 39,6% nos 28 anos, o que supón unha taxa media acumulativa anual do 1,2%.
- b. Esa expansión do *output* acompañouse, porén, dunha contracción da renda do sector en moeda constante (-13,3%; unha taxa de variación media acumulativa anual do -0,5%). O que se debeu a dous factores: o aumento dos consumos intermedios e das amortizacións do capital fixo, ligado ás mudanzas na tecnoloxía produtiva; e a dinámica desfavorable dos prezos (caída dos prezos dos produtos agrarios en termos reais e deterioración da relación prezos percibidos/ prezos pagados), só compensada en parte pola alza das subvencións.

⁵ Esta análise refírese aos capítulos 1 a 24 da clasificación TARIC coa excepción dos peixes, crustáceos e moluscos e dos seus derivados. Os datos utilizados proceden de *DataComex*.

⁶ MAPA: *Cuentas Económicas de la Agricultura. Resultados Renta Agraria Regional 2017, 2018*

(<https://www.mapa.gob.es/es/estadistica/temas/estadisticas-agrarias/economia/cuentas-economicas-agricultura>)

⁷ As cifras de produción están expresadas en termos reais (descontando a variación dos prezos percibidos), e as relativas á renda agraria en moeda constante (deflactadas polo IPCA). Todos os datos refírense á rama "Agricultura, gandería, caza e actividades dos servizos relacionadas", e a produción aparece medida a prezos básicos (suma dos prezos ao produtor máis as subvencións ligadas aos produtos).



- c. O terceiro feito a salientar foi o fortísimo axuste da man de obra, que se concreta en que a poboación ocupada se reduciu a menos de 1/5 do seu volume inicial (-82,1% nos 28 anos, implicando unha taxa anual do -6%).
- d. Esa acelerada diminución da man de obra fixo que a produción media obtida por cada agricultor se multiplicase case por 8. E, a pesar do empeoramento dos prezos, o resultado foi que a renda por ocupado experimentou tamén un incremento espectacular, multiplicándose por 4,9 en euros constantes (gráfico 1).

En suma, na actualidade (en 2018) o sector agrario galego xera unha produción un 40% superior á de hai tres décadas, se ben a súa renda global é algo inferior. Pero o máis importante é que iso o fai con menos de 1/5 da man de obra inicial, o que posibilita que a renda media por ocupado quintuple a que obtiñan os nosos agricultores en 1990.

O cadro 10 permite comparar esas tendencias coas da agricultura española, a partir das contas económicas en termos correntes publicadas polo MAPA para 1990, 2000 e 2011-2018. As conclusións poden resumirse da seguinte maneira.

Cadro núm. 10

Evolución das macromagnitudes do sector agrario galego e do seu peso na agricultura española*. Período 1990-2018 (valores correntes)

	Millóns de euros correntes							Poboación ocupada (miles)	Renda agraria/ocupado (miles de euros)
	(A) Produción agraria	(B) Consumos intermedios	(C = A-B) VEB a prezos básicos	(D) Amortizacións (consumo de capital fixo)	(E) Outras subvencións á produción	(F) Outros impostos sobre a produción	Renda agraria (VENc) (C-D+E-F)		
Cifras absolutas									
1990	1.470,8	505,0	965,7	181,2	17,9	1,5	800,8	292,4	2,7
2000	1.653,7	788,3	865,4	266,1	23,9	2,0	621,1	140,0	4,4
2011	3.078,5	1.645,8	1.432,7	400,7	245,8	10,5	1.267,4	64,8	19,6
2012	3.191,8	1.763,7	1.428,1	421,4	227,4	9,5	1.224,6	59,3	20,7
2013	3.653,7	1.959,0	1.694,7	441,9	203,2	10,1	1.445,8	56,3	25,7
2014	3.594,4	1.875,7	1.718,7	454,1	221,3	12,3	1.473,6	49,1	30,0
2015	3.690,8	1.868,2	1.822,6	461,7	161,0	13,8	1.508,1	45,6	33,1
2016	3.472,1	1.708,2	1.763,9	449,6	197,8	15,7	1.496,4	49,2	30,4
2017	3.482,1	1.793,7	1.688,3	452,6	197,3	14,2	1.418,8	55,4	25,6
2018	3.648,3	1.939,5	1.708,8	461,4	186,6	17,3	1.416,7	52,3	27,1
% variación									
1990-2000	12,4	56,1	-10,4	46,8	33,2	27,9	-22,4	-52,1	62,0
2000-2018	120,6	146,0	97,5	73,4	681,9	772,7	128,1	-62,6	510,6
1990-2018	148,1	284,0	76,9	154,6	941,8	1.016,5	76,9	-82,1	889,0
Galicia/España (%)									
1990	6,0	5,7	6,2	9,2	6,1	3,0	5,8	21,0	27,7
2000	4,6	5,9	3,8	9,6	1,8	1,5	2,9	14,5	20,2
2011	7,5	8,3	6,7	8,5	4,1	4,0	5,7	8,9	63,9
2016	7,2	8,1	6,5	8,8	3,4	4,1	5,4	6,7	81,2
2017	6,9	8,2	5,9	8,7	3,3	3,5	4,9	7,1	68,4
2018	7,0	8,3	5,9	8,6	3,2	4,0	4,9	6,8	72,8

*Rama Agricultura, gandería, caza e actividades dos servizos relacionados.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- MAPA (Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación): *Cuentas Económicas de la Agricultura. Resultados nacionales 1990-2019*;
- Resultados Renta Agraria Regional (serie histórica 1990-2000)*; *Cuentas Económicas de la Agricultura. Resultados regionales 2011-2018*.
- INE, EPA.

- O valor económico da produción agraria (resultado da dinámica combinada do volume do *output* e dos prezos) rexistrou en Galicia no período 1990-2018 un crecemento maior que en España, facendo que o noso peso na produción agraria española ascendese do 6% ao 7%.
- Isto acompañouse, porén, dun incremento máis forte dos consumos intermedios (o gasto das explotacións na compra de *inputs* correntes). O que limitou o crecemento do valor engadido e fixo que o peso da agricultura galega no VEB agrario español permanecese estancado e mesmo diminuíse lixeiramente: do 6,2% ao 5,9%.
- Se a iso unimos a maior carga das amortizacións do capital fixo no agro galego (reflexo da intensidade e baixa eficiencia no uso dos bens de capital) e o menor aumento das subvencións⁸, o resultado é que, a pesar da expansión maior do valor da produción, a renda do sector rexistrou aquí unha evolución máis desfavorable. Isto reflíctese en que a participación do noso agro na renda agraria de España baixou do 5,8% en 1990 ao 4,9% en 2018.
- Cunha dinámica produtiva mellor e un comportamento máis desfavorable en cambio da renda agregada, a principal singularidade da evolución do sector en Galicia estivo na intensidade alcanzada polo axuste da man de obra. Se en 1990 a agricultura galega xeraba o 5,8% da renda agraria española co 21% dos agricultores, en 2018 obtén o 4,9% da renda pero só co 6,8% da poboación ocupada agraria de España (a participación no emprego agrario español baixou a menos de 1/3 da que se rexistraba 28 anos atrás).
- Esa intensidade moito maior do axuste demográfico posibilitou una notable converxencia da renda por ocupado, que segundo estes datos pasou do 27,7% ao 72,8% da media da agricultura española. Noutras palabras, se en 1990 a renda que obtiña cada agricultor galego se limitaba a 1/4 da media do sector en España en 2018 aproximase a 3/4 (cadro 10). Contamos cada vez con menos agricultores, pero estes obteñen hoxe un ingreso medio moito máis próximo ao estándar español, se ben lonxe aínda de completar a converxencia.

As distintas etapas dentro do período 1990-2018

Esas tendencias globais no período 1990-2018 esconden unha dinámica totalmente contraposta entre dous subperíodos: comportamento negativo e moito peor que en España nos anos 1990; evolución, en cambio, positiva e mellor que a española no conxunto das dúas últimas décadas (cadro 10). Nunha análise máis detallada, podemos diferenciar seis etapas na dinámica do sector agrario galego ao longo deses 28 anos (gráfico 1).

- A primeira metade da década de 1990 (1991-1995) caracterizouse por unha significativa alza da produción e da renda do sector, e aínda máis da renda por ocupado.
- A evolución modificouse por completo no quinquenio 1996-2000, no que asistimos a unha contracción do *output* acompañada dunha caída intensa da renda, que levou a unha notable deterioración da renda por agricultor.
- Despois desa fonda crise, a produción e a renda do sector experimentaron unha clara recuperación nos anos 2001-2007, cun incremento moderado da renda por traballador no quinquenio 2001-2005, que deu paso a unha dinámica moito máis favorable no bienio 2006-2007.
- A cuarta etapa comprende o trienio 2008-2010, no que o sector rexistrou de novo un comportamento moi desfavorable. Nestes tres anos asistimos a un lixeiro incremento da produción, pero o acusado empeoramento dos prezos, derivado das tendencias dos mercados agrarios na UE, provocou un descenso da renda e mesmo da renda por ocupado.
- A quinta etapa correspóndese co quinquenio 2011-2015, que se caracterizou por unha dinámica claramente positiva despois da crise anterior. Nestes 5 anos o *output* da agricultura galega aumentou un 19,7%, a renda agregada un 22,8% e a forte caída simultánea da poboación ocupada fixo que a renda por traballador experimentase un incremento do 77,8%, a un ritmo medio superior ao 12% anual.
- A sexta e última etapa está constituída polo trienio 2016-2018. Tres son as notas que definen a conxuntura do sector nestes anos: caída significativa da produción (-8,2% no trienio), debido á súa contracción nas ramas agrícolas ou vexetais; redución algo maior da renda agregada (-10,3%), consecuencia do incremento dos consumos intermedios e a pesar do comportamento moderadamente

⁸ Como se deduce do cadro 10, a ratio "subvencións/produción agraria" limitábase en Galicia en 2018 ao 5,1%, menos da metade da media española.


favorable dos prezos; e o que constitúe o feito máis rechamante e singular, segundo a Enquisa de poboación activa (EPA) ten lugar un incremento da man de obra agraria, que dá como resultado unha notable deterioración da renda por ocupado (-21,8%). Esas pautas definen sobre todo o bienio 2016-2017. Mentres, en 2018 proseguiu a caída da renda agregada, pero o descenso da poboación ocupada posibilitou unha recuperación da renda por traballador.

En conxunto, o balance global do período 1990-2018 aparece ensombrecido pola dinámica moi negativa que tivo lugar na segunda metade dos anos 1990, no trienio 2008-2010 e de novo no bienio 2016-2017; pola contra, no resto das etapas que acabamos de sinalar o sector rexistrou en xeral un comportamento positivo.


A conxuntura agraria en 2019 e 2020: contexto internacional, na UE e en España

Evolución dos prezos internacionais das *commodities* agrarias

Partindo desas tendencias a medio prazo, e das constatadas en concreto nos anos recentes, a conxuntura do sector agrario galego en 2019 e 2020 estivo condicionada en primeiro lugar pola evolución dos mercados mundiais. Neste aspecto o índice da FAO sobre prezos dos alimentos mostra en 2019 unha lixeira recuperación das cotizacións das principais *commodities* agrarias, despois da súa importante caída en 2018. Concretamente, a media anual deste índice experimentou en 2019 un incremento en termos reais do 1,4%, en contraste co descenso do 6,5% o ano anterior. Con maior detalle, nos datos mensuais conséntase unha recuperación moi moderada durante a maior parte do ano, que deixou paso a unha alza máis significativa no último trimestre. No que respecta a 2020, a información dispoñible, referida aos 10 primeiros meses, mostra dous subperíodos diferentes: unha clara e continua caída dos prezos ata maio, seguida dunha recuperación a partir de xuño (coincidindo aproximadamente, de forma en principio rechamante, co impacto da pandemia da COVID-19). O resultado é un valor medio do índice no período xaneiro-outubro superior nun 1,7% ao de 2019, prolongando pois a lixeira recuperación (gráfico 2).



Esas lexeiras recuperacións no bienio 2019-2020 esconden comportamentos moi dispares dos cinco grupos de produtos incluídos no índice da FAO⁹. Na carne a forte caída sufrida polos prezos en 2018 (-7,2%) deu paso a unha recuperación de magnitude similar en 2019 (7,8%); pero esta non tivo continuidade en 2020, cando asistimos a un novo descenso (-3,8%), que se dá ademais de modo continuo en todos os meses. As cotizacións dos produtos lácteos, pola súa parte, presentan unha elevada volatilidade, con sucesivas alzas e baixas, pero dentro dunha tendencia descendente das medias anuais: a caída iniciada en 2018 (-5%) proseguiu, a un ritmo máis moderado, tanto en 2019 (-1,9%) como en 2020 (-1,5%) (gráfico 2).



Esas lexeiras recuperacións no bienio 2019-2020 esconden comportamentos moi dispares dos cinco grupos de produtos incluídos no índice da FAO⁹. Na carne a forte caída sufrida polos prezos en 2018 (-7,2%) deu paso a unha recuperación de magnitude similar en 2019 (7,8%); pero esta non tivo continuidade en 2020, cando asistimos a un novo descenso (-3,8%), que se dá ademais de modo continuo en todos os meses. As cotizacións dos produtos lácteos, pola súa parte, presentan unha elevada volatilidade, con sucesivas alzas e baixas, pero dentro dunha tendencia descendente das medias anuais: a caída iniciada en 2018 (-5%) proseguiu, a un ritmo máis moderado, tanto en 2019 (-1,9%) como en 2020 (-1,5%) (gráfico 2).

O empeoramento do mercado lácteo internacional que mostran eses datos para os tres últimos anos débese ao ocorrido na graxa, como evidencia a evolución da cotización da manteiga tanto a nivel mundial como no mercado europeo. O prezo da manteiga na UE, despois da alza espectacular en 2016 e 2017, baixou de 590 euros/100 kg en xuño de 2018 a 345 en outubro de 2020, abandonando os máximos históricos que tiña alcanzado. Esta deterioración só se viu compensada, nunha pequena medida, pola moderada recuperación nestes anos da cotización do outro principal produto industrial lácteo, o leite magro en po, segundo a información recollida polo EU Milk Market Observatory (gráfico 3).

⁹ No gráfico 2 representamos os datos de catro deses grupos de produtos (carne, produtos lácteos, cereais e óleos e graxas). Prescindimos do azucre debido á súa carencia de interese para o agro galego.

Nunha imaxe global, podemos concluir que a conxuntura dos mercados internacionais foi en 2019 desigual para as principais ramas do agro galego. Asistimos a unha clara recuperación dos prezos da carne fronte á moderada caída nos produtos lácteos, e todo iso nun contexto de lixeiro abaratamento das materias primas para a alimentación do gando, cereais (-2%) e oleaxinosas (-2,9%). Mentres, en 2020 a conxuntura volveuse netamente desfavorable, ao confluiren o descenso dos prezos da carne (-3,8%) e dos produtos lácteos (-1,5%), cun encarecemento tanto dos cereais (4,6%) como das oleaxinosas (13,5%) (gráfico 2).

Conxuntura do sector na Unión Europea e en España

Condicionada por ese contexto a nivel internacional, a dinámica do sector agrario na UE-28 estivo marcada en 2019 por tres fenómenos¹⁰: i) crecemento moderado do *output* (1,3%), que se apoiou case exclusivamente na expansión da produción vexetal (2,2%), dado o estancamento da gandeira (o aumento limitouse ao 0,3%); ii) leve redución do volume de consumos intermedios (-0,7%), que posibilitou un crecemento máis significativo do VEB real (3,9%); iii) comportamento lixeiramente desfavorable dos prezos, debido á caída dos prezos percibidos en euros constantes (-0,8%), concentrada nos produtos vexetais (-2,1%), só compensada parcialmente polo abaratamento dos consumos intermedios (-0,4%). O resultado final foi, segundo as estimacións máis recentes do Eurostat, un crecemento do 2,4% da renda do sector en euros constantes; o que, unido á diminución da man de obra (-2,1%), orixinou un incremento máis significativo da renda por UTA – unidade de traballo ano– (4,6%). Esta suba permitiu absorber o empeoramento sufrido pola renda dos agricultores europeos en 2018 (-1,7%), retomando a tendencia ascendente que a caracteriza na presente década (cadro 11, gráficos 4 e 5).

Cadro núm. 11

Evolución da renda global e da renda por ocupado no sector agrario en Galicia, España e na UE

Taxas de variación anuais (en %)

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Galicia											
Renda agraria ¹	-12,8	-3,6	1,0	-2,5	16,7	0,2	6,7	-3,0	-5,9	-1,8	0,3 *
Man de obra (ocupados)	-4,1	-1,4	-1,9	-8,5	-5,1	-12,8	-7,1	7,9	12,6	-5,6	-4,6
Renda/ocupado	-9,1	-2,3	2,9	6,6	22,9	14,9	14,8	-10,1	-16,4	4,1	5,0 *
España											
Renda agraria ¹	-8,4	10,8	-6,0	1,4	4,4	0,6	4,2	12,5	4,5	-2,9	-4,4
Man de obra (UTA)	-8,9	4,5	-6,3	-1,5	-5,4	-2,1	-0,7	1,3	5,1	-0,8	-1,2
Renda/UTA	0,5	6,2	0,3	2,9	9,9	2,6	5,0	11,1	-0,5	-2,1	-3,2
Unión Europea (UE-28)											
Renda agraria ¹	-12,4	11,0	7,3	-2,3	3,8	-0,8	-5,0	0,7	11,4	-2,8	2,4
Man de obra (UTA)	-3,2	-7,8	-2,6	-0,5	-1,1	-1,8	-1,7	-0,9	-1,2	-1,1	-2,1
Renda/UTA	-9,5	20,3	10,2	-1,8	5,0	0,9	-3,4	1,6	12,7	-1,7	4,6

1 VENCf en moeda constante.

* Estimación propia.



Fonte: Elaboración propia a partir de:

- Eurostat, *Economic Accounts for Agriculture*.
- MAPA, *Cuentas Económicas de la Agricultura*.
- IGE, *Contas Económicas de Galicia. Revisión estadística 2019. Serie 2000-2018*
- INE, EPA.

Como todos os anos, eses resultados para o conxunto da agricultura comunitaria esconden dinámicas moi desiguais nos 28 Estados membros. En 2019 a renda por UTA aumentou en 20 dos 28 países, destacando os crecementos superiores ao 25% en Dinamarca, Alemaña e os tres Estados bálticos (Estonia, Letonia e Lituania). Mentres diminuíu nos 8 restantes, coas caídas máis pronunciadas (entre -6% e -11%) en Francia, Luxemburgo, Eslovaquia e Eslovenia.

España figura entre os oito Estados que viron reducida a renda agraria por traballador, polo que a dinámica foi claramente peor que a media comunitaria. O primeiro factor explicativo é o menor crecemento da produción (0,6%), que no caso español se limitou á produción animal (2,1%), para permanecer estancada a vexetal (-0,2%). A pesar de que o volume dos consumos intermedios diminuíu, o anterior provocou que o aumento do VEB real fose de pouco máis do 1%, moi inferior á media europea (3,9%). Ademais, esa peor dinámica produtiva acompañouse dun comportamento máis desfavorable dos prezos: redución máis significativa dos prezos percibidos (-1,5%), concentrada nas ramas agrícolas (-4,3%), en contraste coa alza dos prezos gandeiros (2,6%); e encarecemento simultáneo dos consumos intermedios (1,8%). O resultado, segundo as últimas estimacións do MAPA que nutren tamén as cifras publicadas polo Eurostat, é que a renda agraria (en euros constantes) sufriu en España en 2019 unha caída do 4,4%. E, a pesar da lixeira redución da man de obra (-1,2%), iso orixinou un descenso tamén da renda por UTA (-3,2%), en contraste co aumento na UE-28 (o

¹⁰ Todas as cifras que ofrecemos a continuación para a agricultura comunitaria proceden das series de Eurostat: *Economic Accounts for Agriculture*.



ra europea, interrompendo a mellora en 2019 e no conxunto da última década. Aínda que esa caída será con toda seguridade máis suave que a recesión do conxunto da economía.

Para a agricultura española os datos suxiren unha evolución máis favorable. Deste xeito, a expensas do que ocorra nos meses finais, é moi posible que, a pesar do impacto da COVID-19, o ano 2020 se salde cun incremento da renda agraria e da renda por traballador, despois da súa caída no trienio 2017-2019. Nesta dirección apuntan as estimacións provisionais da Contabilidade Nacional Trimestral do INE, que recollen un importante crecemento interanual do VEB do sector da agricultura, gandería, silvicultura e pesca no segundo e no terceiro trimestre (6,3% e 5%, respectivamente) (cadro 12), en contraste coa caída do PIB (-21,5% e -8,7%). A isto hai que unir a alza dos prezos percibidos polos agricultores no período xaneiro-xullo, segundo os últimos datos publicados polo MAPA. Haberá que agardar, porén, a contar con cifras máis precisas e para o conxunto do exercicio. Por outro lado, podemos adiantar que esa dinámica positiva débese esencial ou exclusivamente ás ramas agrícolas, mentres que no ámbito gandeiro a conxuntura é moito menos favorable e con diferenzas dunhas a outras producións. Así, se no porcino e no leite as informacións dispoñibles indican un significativo aumento da produción e un comportamento relativamente favorable dos prezos, o contrario ocorre no vacún de carne e no ovino, moito máis afectados pola crise derivada da COVID-19.

A dinámica do sector agrario galego en 2019 e avance para 2020: unha visión global

En Galicia non contamos polo momento con ningunha estimación oficial das contas económicas do sector agrario en 2019¹². Por esta razón debemos conformarnos con perfilar un balance provisional a partir dos datos dispoñibles, referidos á dinámica das principais producións no noso agro e aos prezos percibidos e pagados a nivel español.

¹¹ MAPA (2020): Cuentas Económicas de la Agricultura. Avance Renta Agraria Nacional 2019 (octubre 2020).

<https://www.mapa.gob.es/es/estadistica/temas/estadisticas-agrarias/economia/cuentas-economicas-agricultura/>

Os cálculos iniciais, publicados en decembro de 2019 e xaneiro de 2020, elevaban a caída da renda por UTA na agricultura española ata niveis próximos ao 10%, o triplo do descenso estimado actualmente.

¹² Para este ano existen estimacións (do IGE e do INE) sobre a evolución do VEB do sector agropesqueiro. Pero estas cifras, ademais de limitarse a esa variable, non son directamente utilizables aos nosos efectos ao incluír tamén a pesca, que en Galicia achega ao redor do 25% do VEB do sector primario.

citado 4,6%)¹¹. Deste modo, prolongouse a deterioración observada en 2017 e 2018, que veu poñer fin á mellora dos ingresos dos agricultores españois constatada desde comezos da presente década (cadro 11, gráficos 4 e 5).

Para 2020 non dispoñemos aínda de estimacións, nin sequera preliminares, das contas económicas da agricultura na UE e en España. Tan só cabe avanzar algunhas notas a partir de datos parciais, referidos segundo as variables aos dous ou tres primeiros trimestres do ano.

No conxunto da UE os datos apuntan a que 2020 se vai pechar cun descenso da produción e o VEB do sector agrario, pero de magnitude moi inferior á caída global do PIB. Así, para o segundo trimestre, o máis afectado polo impacto da COVID-19, as estimacións provisionais do Eurostat indican que o PIB sufriu na UE-27 (xa sen o Reino Unido) un retroceso do 13,8%, mentres que no sector da agricultura, silvicultura e pesca a contracción se limitou ao 3,2%. No que respecta aos prezos percibidos polos agricultores, as cifras mostran unha alza no primeiro trimestre (3% en termos nominiais), que deixou paso a un estancamento no segundo a causa do empeoramento dos prezos gandeiros. Integrando esas informacións parciais, cabe prever que o exercicio se vai pechar probablemente cun moderado descenso da renda e da renda por traballador na agricultura

Estes datos apuntan a un balance que cabe cualificar de moderadamente positivo, moito mellor que o rexistrado en España, malia que lonxe das cifras da UE. No lado favorable está o forte incremento dos volumes de produción moi por enriba da media española e comunitaria. Pero iso acompañouse dunha deterioración dos prezos máis acusada que nos espazos da nosa contorna. O resultado, segundo os nosos cálculos, é que a renda agraria experimentou aquí un crecemento moi lixeiro, un práctico estancamento, en euros constantes (0,3%); situándose nun punto intermedio entre a súa caída en España (-4,4%) e o aumento na UE-28 (2,4%).

A nota adicional a destacar é que, seguindo coa tendencia das tres últimas décadas, a man de obra do sector rexistrou de novo unha notable redución (-4,6%), a unha taxa moi superior á media española (-1,2%) e europea (-2,1%). Como consecuencia, a práctica estabilidade da renda agregada acompañouse dunha mellora significativa da renda por ocupado (5%), similar á que se deu na UE (4,6%) e en claro contraste coa súa deterioración na agricultura española (-3,2%) (cadro 11 e gráfico 4). Deste xeito, consolidouse a recuperación da renda agraria por traballador constatada en Galicia en 2018, despois do descenso sufrido en 2016 e 2017 (gráfico 5).

Dun modo algo máis detallado, podemos caracterizar así a conxuntura do sector agrario galego en 2019¹³:

- O volume global do *output* rexistrou un notable crecemento (5,6%), debido principalmente á expansión da produción gandeira (7,2%) e en menor medida da agrícola ou vexetal (2,5%). Aínda que tamén se incrementou o volume dos consumos intermedios, o anterior posibilitou un aumento do VEB real que estimamos no 4,3%. Neste aspecto os nosos cálculos apuntan a unha evolución moito mellor que a que recollen as contas económicas trimestrais do IGE para o VEB agropesqueiro, que indican un descenso do 0,2% (cadro 12). Se ben, cómpre ter presente que estas últimas inclúen tamén a pesca.
- A expansión do *output* e do VEB real acompañouse, porén, dun comportamento desfavorable dos prezos, claramente peor que en España e na UE, que rompeu en Galicia coa evolución positiva no bienio 2017-2018. O estancamento en termos nominais dos prezos gandeiros (0,2%), unido á súa notable caída nos produtos vexetais (-7,1%), orixinou un descenso do índice global de prezos percibidos polos agricultores (-2,5%). Se a iso engadimos a leve alza dos prezos pagados (0,5%), o saldo foi un claro empeoramento dos prezos percibidos en euros constantes (-3,1%) e tamén da ratio prezos percibidos/prezos pagados (-3%).
- O empeoramento dos prezos absorbeu o efecto do crecemento da produción, facendo que a renda agraria en euros constantes rexistrase unha variación practicamente nula (o aumento limitouse, segundo as nosas estimacións, ao citado 0,3%).

A información da que dispoñemos para 2020 é aínda moi incompleta. Limitáase a estimacións provisionais das producións agrícolas e gandeiras e da evolución dos prezos, na maioría dos casos só para o primeiro semestre. Polo tanto, o que podemos indicar sobre a dinámica do sector debe tomarse como un avance preliminar. Con esas cautelas, os datos que recolleemos nos apartados seguintes levan ao seguinte balance.

En primeiro lugar, semella que asistimos en Galicia a un significativo freo do crecemento da produción, que se centrou nas ramas gandeiras e sobre todo nalgunhas delas (como a carne de vacún e o ovino e cabrún). Nos cultivos, en cambio, moito máis dependentes das condicións climáticas, a evolución das colleitas foi similar ou mesmo mellor que en 2019. As estimacións do IGE para o VEB agropesqueiro corroboran a deterioración respecto ao ano anterior: o estancamento aproximado en 2019 (-0,2%) deixou paso a taxas de variación interanuais claramente negativas nos tres primeiros trimestres de 2020 (-0,8%, -1,9% e -3,6%, respectivamente) (cadro 12). Aínda que a caída foi modesta en comparación coa doutros sectores. O noso diagnóstico para o sector agrario (excluíndo a pesca e tamén a silvicultura) coincide nese empeoramento, pero mantendo a produción e o VEB agrogandeiro taxas de variación positivas.

No que se refire aos prezos, os datos para o primeiro semestre mostran unha evolución global similar, mesmo algo mellor, que a de 2019, que fóra moi desfavorable. Esta mellora apoiouse en dous factores: o freo da caída dos prezos dos produtos vexetais e o importante abaratamento dos consumos intermedios das explotacións, debido sobre todo á enerxía. O resultado final, do

Cadro núm. 12

Variación real do VEB a prezos básicos das ramas agraria e pesqueira

Taxas de variación interanuais (en %)

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario

	Galicia	España
2017	-1,5	-3,7
2018	-0,5	7,5
2019	-0,2	-2,3
I trim.	0,0	0,7
II trim.	-1,9	-4,4
III trim.	0,3	0,0
IV trim.	0,7	-5,3
2020		
I trim.	-0,8	-0,2
II trim.	-1,9	6,3
III trim.	-3,6	5,0

Fonte: IGE e INE.

¹³ Os datos nos que se sustenta este balance son analizados de forma pormenorizada nos apartados seguintes.

crecemento moderado da produción e o comportamento neutro ou lixeiramente favorable dos prezos, é que a renda agraria tería experimentado un aumento máis significativo que o ano anterior. Non así a renda por ocupado, dado que, segundo os datos da EPA para os tres primeiros trimestres, a poboación ocupada no sector agrario estabilizouse en 2020.

Reiteramos, porén, que se trata dun avance preliminar apoiado en datos fragmentarios. O diagnóstico pode modificarse cando contemos con información máis firme e para o conxunto do exercicio. O que si é seguro é que, nun contexto de forte recesión económica, o sector agrario tivo un comportamento moito mellor que outras ramas da economía galega.

Evolución da produción

Estrutura da produción agraria

No cadro 13 resumimos a evolución da estrutura da produción agraria en Galicia no período 1990-2018, incluíndo as cifras máis recentes dispoñibles: as publicadas polo MAPA para 2016-2018. Centrándonos na situación actual, en 2018, podemos ver que o agro galego continúa presentando unha nidia especialización gandeira, cun peso relativo deste subsector (58,2%) similar ao de 28 anos atrás (61,8%). Esta especialización está focalizada en catro produtos, que aportan en conxunto o 95% do valor da produción animal: leite, carne de vacún, carne de aves e porcino. As ramas vexetais, pola súa parte, achegan o 38,6% da produción agraria, destacando catro grupos de cultivos que suman tamén o 95% do total: plantas forraxeiras, hortalizas, froitas (onde se inclúen as uvas) e patacas (cadro 13).

Esa orientación gandeira do agro galego contrasta coa especialización agrícola da agricultura española: o peso relativo dos dous subsectores móvese en ambos os espazos nunha relación de 60/40, pero con porcentaxes invertidas. Examinando con maior desagregación os datos, vemos que no ámbito agrícola Galicia só presenta no contexto do Estado un índice de especialización superior a 1 (peso relativo maior que a media española) nas plantas forraxeiras e nas patacas. Mentres, a nosa especialización gandeira no marco español céntrase no leite, na carne de vacún, na carne de aves e nos coellos; rexistrando en cambio unha desespecialización relativa nos ovos e nas restantes producións cárnicas (porcino, equino e ovino-cabrún) (cadro 13).

Partindo desas cifras sobre o peso económico das distintas ramas, examinamos a continuación a dinámica rexistrada en 2019, e ata onde o permiten os datos en 2020, polo volume das principais producións agrícolas e gandeiras.

Cadro núm. 13

Evolución da estrutura da produción agraria en Galicia; comparación con España. Período 1990-2018

	Estrutura da produción agraria (en %)				España 2018	Índices de especialización de Galicia*	Peso de Galicia no total español (%)
	Galicia						
	1990	2016	2017	2018			
Produción vexetal	35,2	38,6	36,9	38,6	60,2	0,6	4,5
Cereais	1,2	0,9	1,1	0,8	8,3	0,1	0,6
Plantas industriais ¹	1,0	0,5	0,5	0,4	2,0	0,2	1,3
Plantas forraxeiras	8,5	10,1	8,0	8,3	3,5	2,4	16,4
Hortalizas ²	7,2	11,2	12,8	12,8	17,9	0,7	5,0
Patacas	10,5	5,3	2,3	4,5	1,3	3,5	24,4
Froitas ³	3,6	10,3	10,7	10,6	19,3	0,5	3,8
Viño e mosto	2,8	0,3	1,4	1,3	3,1	0,4	2,9
Outros	0,3	0,0	0,0	0,0	4,8	0,0	0,0
Produción animal	61,8	58,1	59,9	58,2	36,4	1,6	11,2
Carne e gando	32,3	34,4	34,2	32,7	28,0	1,2	8,2
Bovino	16,3	15,6	15,9	14,1	6,1	2,3	16,0
Porcino	7,0	6,6	7,3	6,8	14,1	0,5	3,4
Equino	0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,5	3,3
Ovino e caprino	1,1	0,2	0,3	0,2	2,3	0,1	0,6
Aves	6,9	11,1	10,0	10,8	5,0	2,2	15,2
Coellos e outros	1,0	0,8	0,7	0,8	0,4	2,1	14,7
Produtos animais	29,4	23,7	25,7	25,5	8,5	3,0	21,1
Leite	24,1	21,9	23,7	23,8	5,8	4,1	28,5
Ovos	5,1	1,5	1,5	1,4	2,1	0,6	4,4
Outros	0,3	0,3	0,4	0,4	0,5	0,8	5,7
Servizos e actividades secundarias non agrarias	3,1	3,3	3,2	3,2	3,3	1,0	6,7
Produción rama agraria	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	1,0	7,0

¹ Inclúe remolacha, tabaco, algodón, xirasol e leguminosas en gran.

² Inclúe flores e plantas de viveiro.

³ Inclúe froitas frescas, cítricos e uvas.

* Relación entre o peso relativo de cada produción en Galicia e o que ten en España.

Fonte: Elaboración propia a partir de MAPA: *Resultados Renta Agraria Regional (serie histórica 1990 - 2000)*; *Cuentas Económicas de la Agricultura. Resultados regionales 2011-2018*.

Evolución das principais producións agrícolas (en volume)

Segundo as estimacións do Eurostat, o ano 2019 saldouse na UE-28 cun crecemento moderado da produción vexetal (2,2%), que contrasta co seu estancamento en España (-0,2%). Considerada nese contexto a evolución galega foi moderadamente positiva, en liña coa constatada no conxunto da agricultura comunitaria. En concreto, as cifras subministradas polos *Avances de superficies y producciones de cultivos* do MAPA¹⁴ apuntan para Galicia a un notable incremento das colleitas de patacas, froitas e millo forraxeiro, tendo como únicos contrapuntos o descenso da produción no sector vitícola (uva de vinificación) e nos cereais (cadro 14). Ponderando esas taxas de variación polo peso económico dos distintos cultivos, estimamos un crecemento global da produción agrícola do 2,5%, en liña co que se deu na UE e que contrasta co seu estancamento a nivel español.

Os datos para 2020 que recellemos no cadro 14 proceden da mesma fonte. Pero deben tomarse con suma cautela, porque se trata de avances iniciais sometidos a revisión. Con esas reservas, ao que apuntan é a un aumento xeneralizado das colleitas en todos os grupos relevantes de cultivos, coa única excepción do millo forraxeiro. De confirmarse eses datos, a produción agrícola rexistraría un crecemento global próximo ou mesmo algo superior ao 5%, claramente maior que o de 2019.

Cadro núm. 14

Evolución das principais producións agrícolas en volume en Galicia*

	Produción (miles de toneladas)						TVA (%)				
	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2016/ 2015	2017/ 2016	2018/ 2017	2019/ 2018	2020/ 2019
Cereais en gran	208,9	188,3	158,5	156,2	142,0	149,3	-9,9	-15,8	-1,4	-9,1	5,2
Trigo	46,8	35,1	33,3	35,2	34,5	27,6	-25,1	-5,0	5,5	-1,9	-20,0
Centeo	13,1	10,9	21,4	18,1	17,7	13,4	-16,9	96,4	-15,4	-2,4	-24,3
Millo	149,0	142,3	103,7	102,9	89,8	108,3	-4,5	-27,1	-0,7	-12,8	20,7
Leguminosas en gran	4,4	4,8	4,8	3,7	3,8	3,8	8,6	-1,0	-21,3	1,9	0,0
Patacas	505,2	417,1	439,0	317,3	372,0	393,2	-17,4	5,2	-27,7	17,2	5,7
Millo forraxeiro	2.451,0	2.187,8	2.378,2	2.043,2	2.715,8	2.078,8	-10,7	8,7	-14,1	32,9	-23,5
Hortalizas	271,6	261,3	271,8	260,2	263,0	265,3	-3,8	4,1	-4,3	1,0	0,9
Leituga	19,9	22,2	24,9	25,9	24,0	24,0	11,3	12,5	4,1	-7,6	0,0
Tomate	92,5	89,4	93,2	89,2	87,5	89,9	-3,4	4,3	-4,3	-1,9	2,7
Pemento	70,3	65,5	72,9	68,5	71,0	71,0	-6,8	11,3	-6,0	3,7	0,0
Cebola	41,0	32,6	35,0	28,1	31,8	31,8	-20,6	7,4	-19,6	13,1	0,0
Feixón verde	47,8	51,7	45,9	48,5	48,7	48,7	8,1	-11,2	5,7	0,4	0,0
Froitas	121,7	122,0	134,8	116,1	127,6	135,7	0,2	10,5	-13,9	9,9	6,4
Mazá para sidra	59,3	59,5	66,2	55,3	65,2	65,2	0,3	11,4	-16,5	18,0	0,0
Mazá de mesa	53,0	53,1	57,6	49,9	50,7	60,5	0,3	8,4	-13,3	1,5	19,4
Pera	9,5	9,4	11,0	10,9	11,7	10,0	-0,8	17,2	-0,9	7,2	-14,7
Uva de vinificación	141,1	123,0	140,9	151,6	139,4	159,7	-12,9	14,5	7,6	-8,0	14,6

* Os datos de 2019 son provisionais e os de 2020 constitúen avances.

Fonte: MAPA, *Anuario de Estadística e Avances de superficies y producciones agrícolas*.

Evolución das principais producións gandeiras (en volume)

No ámbito gandeiro a conxuntura en 2019 caracterizouse na UE-28 por un estancamento aproximado do *output* (0,3%), en tanto que en España proseguíu un incremento máis significativo (2,1%). A dinámica en Galicia estivo en sintonía coa tendencia española, pero cunha expansión dos volumes producidos de moita maior magnitude e que afectou a case todas as ramas cun peso relevante. Especialmente salientable é o forte ritmo ao que medrou a produción láctea (4,9%), pero tamén a carne de vacún (9,9%) e as dúas principais ramas cárnicas intensivas, porcino (15,8%) e aves (4,7%), así como os ovos (9,3%). As únicas notas negativas corresponderon á nova redución en dúas producións cárnicas cun peso moito menor, os coellos (-7,9%) e o ovino (-5,6%) (cadro 15).

Se ponderamos as taxas de variación recollidas no cadro 15 co peso económico de cada rama, obtemos un crecemento estimado da produción gandeira do 7%, o triplo do rexistrado en España. Nunha imaxe de conxunto temos, en definitiva, que a dinámica do sector agrario galego se caracterizou en 2019 por unha expansión moderada da produción agrícola e, sobre todo, polo forte crecemento da gandeira. O resultado foi un incremento global do *output* agrario do 5,6%, moi por enriba do que indican os datos para a UE-28 (1,3%) e España (0,6%).

No cadro 15 recellemos tamén unha primeira aproximación á taxa de variación das diferentes producións gandeiras en 2020, a partir dos datos correspondentes ao período xaneiro-agosto. No lado positivo destaca a continuidade da forte expansión da produción láctea (con taxas por enriba do 4%) e tamén a suba significativa no porcino (4,8%). Pero nas restantes ramas asistimos a un notable freo do crecemento observado o

¹⁴ MAPA: *Avances de superficies y producciones de cultivos*.

<https://www.mapa.gob.es/es/estadistica/temas/estadisticas-agricolas/agricultura/avances-superficies-producciones-agricolas/>

ano anterior, sendo de mencionar especialmente a carne de vacún, que pasou dun incremento do 9,9% en 2019 a unha caída do 1,9% en 2020 (cadro 15). En función destes datos pode estimarse que a produción gandeira rexistrou globalmente este último ano un aumento do 2,1%, lonxe do 7% alcanzado en 2019, e sustentado sobre todo no sector lácteo.

Cadro núm. 15

Evolución das principais producións gandeiras en volume en Galicia

	Volume de produción en cada ano							
	1985	1995	2005	2015	2016	2017	2018	2019
Leite de vaca ¹	1644,499	2.110,7	2.258,1	2.647,6	2.627,6	2.671,0	2.752,8	2.887,0
Carne de vacún ²	52,5	65,6	96,1	89,9	94,6	95,0	94,1	103,4
Carne de porcino ²	85,6	75,6	101,6	74,3	74,5	81,9	76,1	88,1
Carne de ave ²	92,6	111,0	163,4	183,7	191,1	197,7	214,0	224,1
Carne de ovino ²	0,9	0,4	0,6	0,3	0,4	0,4	0,3	0,3
Carne de caprino ²	0,3	0,3	0,1	0,1	0,1	0,1	0,0	0,1
Carne de coello ²	10,1	4,7	6,7	13,1	12,1	14,3	12,1	11,2
Ovos ³	122,5	74,3	58,9	45,8	45,9	41,6	36,7	40,1

	Taxa de variación acumulativa anual (%)							% variación 1985/2019	Galicia/España (%)	
	1985/1995	1995/2005	2005/2015	2016/2017	2017/2018	2018/2019	2019/2020 (*)		1985	2019
Leite de vaca ¹	2,5	0,7	1,6	1,7	3,1	4,9	4,1	75,6	26,9	38,8
Carne de vacún ²	2,3	3,9	-0,7	0,4	-0,9	9,9	-1,9	96,9	13,1	14,9
Carne de porcino ²	-1,2	3,0	-3,1	9,9	-7,1	15,8	4,8	3,0	7,4	1,9
Carne de ave ²	1,8	3,9	1,2	3,4	8,3	4,7	0,8	142,0	11,4	13,1
Carne de ovino ²	-7,8	3,4	-5,3	-9,3	-10,0	-5,6	-14,8	-66,0	0,7	0,3
Carne de caprino ²	-1,6	-5,3	-10,2	4,4	-22,0	26,1	-18,3	-80,7	3,7	0,6
Carne de coello ²	-7,3	3,6	6,9	17,6	-15,2	-7,9	-1,4	10,6	12,9	21,4
Ovos ³	-4,9	-2,3	-2,5	-9,3	-11,8	9,3	2,2	-70,0	13,9	3,7

¹ Millóns de litros.

² Miles de toneladas.

³ Millóns de dúcias.

(*) Variación xaneiro-agosto 2020/ xaneiro-agosto 2019. Para o leite as cifras refírense á variación das entregas declaradas a industrias.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- MAPA, *Anuario de estadística, Boletín Mensual de Estadística, Encuesta de sacrificio de ganado e Estadística láctea.*

- Consellería do Medio Rural, *Anuario de estadística agraria e información subministrada directamente.*

Prezos percibidos e prezos pagados polos agricultores

O notable incremento da produción agraria en 2019 acompañouse en Galicia dun comportamento dos prezos claramente desfavorable, moito máis que en España e na UE, que veu romper coa dinámica positiva do bienio anterior. Ese comportamento desfavorable debeuse en primeiro lugar á caída dos prezos dos produtos agrícolas (-7,1%), que afectou sobre todo a froitas, hortalizas, viño e, en menor medida, patacas. Ao

Cadro núm. 16

Porcentaxe de variación dos prezos percibidos e pagados polos agricultores en Galicia

	2017/2016	2018/2017	2019/2018	2020/2019 ¹
A. Prezos percibidos*				
Produtos agrícolas	-0,1	9,5	-7,1	-1,5
Cereais	6,0	1,7	2,6	-0,7
Leguminosas	17,0	-0,2	-15,5	-2,5
Patacas	-44,0	2,6	-1,6	-9,4
Citrícos	-4,6	2,4	-13,7	32,9
Froitas non cítricas	-4,2	8,1	-16,7	9,4
Hortalizas	11,2	-0,3	-3,2	1,9
Viño e subprodutos	26,8	19,9	-15,0	-1,5
Flores e plantas ornamentais	3,0	5,4	9,7	5,2
Cultivos forraxeiros	1,4	-0,2	15,5	-2,2
Produtos animais	6,6	1,3	0,2	0,9
Leite	3,7	1,2	3,2	1,6
Carne e gando bovino	5,2	1,5	-2,6	-1,3
Carne e gando porcino	10,0	-3,3	10,4	3,2
Carne e gando aviar	12,1	2,2	-9,1	-0,7
Carne e gando ovino	5,0	2,3	-3,1	2,3
Carne e gando caprino	-6,1	0,5	3,8	-0,1
Carne e gando coellos	7,3	0,7	9,0	-3,8
Ovos	25,6	8,0	-12,2	5,5
Índice xeral de prezos percibidos	4,3	4,0	-2,5	0,0
B. Prezos pagados**				
Sementes selectas e pés	0,5	4,5	-1,5	-2,1
Alimentos para o gando	-1,2	3,5	1,2	-3,0
Fertilizantes	-5,0	1,2	6,5	-7,9
Enerxía e lubricantes	9,2	12,3	-3,1	-23,2
Protección fitopatolóxica	0,6	1,7	-0,1	0,5
Tratamentos zosanitarios	1,2	0,5	1,1	0,4
Conservación e reparación de maquinaria	3,3	-0,1	0,3	10,1
Conservación e reparación de edificios	1,5	2,0	2,1	-2,7
Índice xeral de prezos pagados	1,0	4,4	0,5	-4,9

* Evolución dos prezos por grupos de produtos no conxunto de España e variación dos índices de prezos por subsectores que resulta para Galicia ao aplicarlle á evolución anterior a estrutura da produción agraria galega.

** Evolución dos prezos dos diversos inputs correntes no conxunto de España, e variación do índice xeral de prezos pagados que resulta para Galicia ao aplicarlle á evolución anterior a estrutura dos consumos intermedios da nosa agricultura.

(1) Os datos de 2020 corresponden ao período xaneiro-xullo.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- MAPA, *Índices de prezos percibidos, pagados y salarios agrarios.*

mesmo tempo, a alza dos prezos gandeiros en 2017 e 2018 deixou paso en 2019 a un estancamento en termos nominais (0,2%), se ben isto esconde evolucións desiguais. No lado positivo hai que destacar a continuación do ascenso moderado do prezo do leite (3,2%) e o incremento máis significativo no porcino (10,4%) e nos coellos (9%). Pero iso viuse contrarrestado pola deterioración das cotizacións nas restantes producións cárnicas (bovino, aves, ovino) e nos ovos (cadro 16).

O resultado foi que o índice xeral de prezos percibidos polos agricultores galegos sufriu un descenso do 2,5%. Ao mesmo tempo asistimos a unha leve alza dos prezos pagados (0,5%), resultado do moderado encarecemento da maioría dos consumos intermedios coa única excepción clara da enerxía. Como consecuencia, o sector enfrontouse en 2019 a unha caída dos prezos percibidos en euros constantes (-3,1%) e a un empeoramento tamén da relación real de intercambio, da ratio prezos percibidos/prezos pagados (-3%) (cadros 16 e 17).

Os datos para 2020 teñen un carácter provisional e limitanse ao primeiro semestre, polo que deben tomarse con suma cautela. Con esas reservas, chama a atención que o que mostran é unha evolución mellor que a do exercicio anterior.

Por un lado, atenuouse o descenso dos prezos agrícolas (-1,5%). Este feito, unido á estabilidade aproximada dos prezos gandeiros (0,9%), levou a unha variación nula do índice xeral de prezos percibidos. Simultaneamente, as cifras indican un abaratamento significativo dos consumos intermedios (-4,9%), debido sobre todo á baixa dos prezos da enerxía e en menor medida tamén dos dos fertilizantes e dos alimentos para o gando. Deste modo, o resultado é unha estabilidade dos prezos percibidos en euros constantes e unha mellora da ratio prezos percibidos/prezos pagados (5,1%) (cadros 16 e 17).

Cadro núm. 17

Evolución dos índices de prezos percibidos e pagados polos agricultores galegos

	Índice xeral de prezos percibidos ¹	Índice xeral de prezos pagados ¹	IPC	Prezos percibidos/Prezos pagados	Prezos percibidos/IPC
1985	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
1986	110,5	102,7	109,1	107,5	101,2
1987	113,1	103,2	115,2	109,5	98,1
1988	119,2	104,4	121,2	114,2	98,4
1989	132,6	105,8	130,0	125,4	102,0
1990	128,3	108,4	138,5	118,4	92,6
1991	127,2	110,4	146,7	115,2	86,7
1992	116,2	112,5	154,7	103,3	75,1
1993	123,8	116,6	162,0	106,1	76,4
1994	147,8	118,9	170,3	124,2	86,8
1995	154,2	125,0	178,3	123,4	86,5
1996	147,2	129,6	184,5	113,5	79,8
1997	149,1	133,9	188,0	111,4	79,3
1998	152,9	132,6	191,7	115,3	79,8
1999	150,8	132,4	196,5	113,9	76,7
2000	158,0	140,6	203,0	112,4	77,9
2001	165,4	143,3	210,1	115,5	78,7
2002	156,7	147,3	218,0	106,4	71,9
2003	165,6	151,0	223,1	109,7	74,3
2004	168,1	159,1	230,4	105,6	73,0
2005	162,0	160,3	238,1	101,1	68,1
2006	168,6	165,1	246,5	102,1	68,4
2007	186,6	179,7	252,6	103,9	73,9
2008	191,4	208,2	263,3	91,9	72,7
2009	168,0	180,9	261,7	92,8	64,2
2010	174,8	188,5	266,7	92,7	65,5
2011	180,7	213,6	275,7	84,6	65,5
2012	196,4	226,4	282,2	86,7	69,6
2013	203,2	226,0	286,5	89,9	70,9
2014	187,8	214,9	286,5	87,4	65,5
2015	183,6	212,3	284,5	86,5	64,5
2016	181,5	204,3	283,6	88,8	64,0
2017	189,4	206,4	289,6	91,8	65,4
2018	196,9	215,4	294,5	91,4	66,8
2019	191,9	216,5	296,3	88,7	64,8
2020 ²	192,0	206,0	295,4	93,2	65,0
TVI (%)					
2017/2016	4,3	1,0	2,1	3,3	2,2
2018/2017	4,0	4,4	1,7	-0,4	2,2
2019/2018	-2,5	0,5	0,6	-3,0	-3,1
2020/2019	0,0	-4,9	-0,3	5,1	0,3

(1) Os índices de prezos percibidos e prezos pagados que ofrecemos son os que resultan de imputarlle os índices sectoriais españois (para os diferentes produtos agrarios e as diversas partidas dos consumos intermedios) á estrutura da produción e dos consumos intermedios da agricultura galega.

(2) Para 2020 os datos de prezos percibidos e prezos pagados corresponden ao período xaneiro-xullo e os do IPC a xaneiro-outubro.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

- MAPA, *Índices de precios percibidos, pagados y salarios agrarios*.
- Consellería do Medio Rural, *Anuario de Estadística Agraria*.
- INE.

Conxuntura das principais ramas agrarias

A partir dos datos que acabamos de expoñer, sobre os volumes de produción e os prezos, no cadro 18 elaboramos unha estimación da variación que experimentou en 2019 o valor da produción nas principais ramas do sector agrario galego. Unhas cifras que podemos asimilar coa variación dos ingresos dos produtores, e que permiten perfilar un balance provisional da conxuntura nas diversas ramas¹⁵.

Nas ramas vexetais rexistrouse en conxunto unha expansión moderada do *output* (2,5%), acompañada dunha caída maior dos prezos percibidos (-7,1%), que deu como resultado un descenso significativo do valor da produción (-4,6%). Este descenso foi especialmente relevante no sector vitivinícola (-23%), pero tamén se deu nos cereais, froitas e hortalizas. Mentres que só se constata unha dinámica positiva nas patacas e nos cultivos forraxeiros, apoiada en ambos os casos, sobre todo, no notable incremento das colleitas (cadro 18).

Pola súa parte, a conxuntura global das ramas gandeiras caracterizouse pola forte alza do valor da produción, dos ingresos das explotacións (7,2%); pero que se apoiou exclusivamente no incremento dos volumes producidos (7%), mentres que permaneceron estancados os prezos (0,2%). No lado positivo hai que destacar un ano máis o crecemento dos ingresos das explotacións lácteas: a forte expansión do leite producido (4,9%), unida a unha nova alza do prezo medio anual (3,2%), deron como resultado un aumento do valor da produción do 8,1%. Pero a conxuntura foi tamén favorable no porcino e, con matices, no vacún de carne. Pola contra, os datos indican unha caída do valor da produción no ovino, na carne de aves e nos ovos; en todos os casos provocada principalmente polo empeoramento dos prezos (cadro 18).

Cadro núm. 18

Estimación da variación do valor da produción nas principais ramas agrícolas e gandeiras de Galicia. Ano 2018*

	TVI (%) 2019/2018			TVI (%) 2020/2019		
	Volumen de produción	Precio	Valor da produción	Volumen de produción	Precio	Valor da produción
Cereais	-9,1	2,6	-6,5	5,2	-0,7	4,4
Patacas	17,2	-1,6	15,6	5,7	-9,4	-3,7
Froitas	9,9	-16,7	-6,7	6,4	9,4	15,8
Hortalizas	1,0	-3,2	-2,1	0,9	1,9	2,8
Viño	-8,0	-15,0	-23,0	14,6	-1,5	13,1
Cultivos forraxeiros	32,9	15,5	48,4	-23,5	-2,2	-25,6
Producción vexetal	2,5	-7,1	-4,6	6,1	-1,5	4,6
Leite	4,9	3,2	8,1	4,1	1,6	5,7
Carne e gando vacún	9,9	-2,6	7,3	-1,9	-1,3	-3,1
Carne e gando porcino	15,8	10,4	26,2	4,8	3,2	8,0
Carne e gando aviar	4,7	-9,1	-4,3	0,8	-0,7	0,1
Carne e gando ovino	-5,6	-3,1	-8,7	-14,8	2,3	-12,5
Carne e gando caprino	26,1	3,8	29,9	-18,3	-0,1	-18,4
Carne e gando coellos	-7,9	9,0	1,2	-1,4	-3,8	-5,2
Ovos	9,3	-12,2	-2,9	2,2	5,5	7,7
Producción animal	7,0	0,2	7,2	2,1	0,9	2,9
Producción agraria	5,6	-2,5	3,1	3,4	0,0	3,4

* As cifras referidas á variación dos volumes de produción proceden das estimacións do MAPA para Galicia. As relativas aos prezos corresponden, en cambio, á evolución dos prezos percibidos en España.

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos dos cadros 14,15 e 16.

No mesmo cadro recolleemos tamén o avance de resultados para 2020. O primeiro feito salientable é a mellora global da conxuntura nas ramas agrícolas ou vexetais. A confluencia dun maior aumento das colleitas (6,1%) e un freo da deterioración dos prezos (-1,5%) leva a estimar un incremento do valor da produción (4,6%), en contraste coa súa contracción en 2019. O contrario ocorre para o conxunto das ramas gandeiras: o forte freo do crecemento dos volumes producidos (2,1%) e a continuación do estancamento global dos prezos (0,9%) fai prever un aumento do valor da produción moi inferior ao do ano anterior (2,9% fronte a 7,2%). No lado positivo segue destacando o bo comportamento do sector lácteo, pero isto acompáñase dun empeoramento noutras ramas, en especial o vacún de carne e o ovino e cabrún (cadro 18).

Poboación ocupada

Despois do incremento, sorprendente e pouco plausible, da poboación ocupada no sector agrario galego que recollían as estimacións da EPA en 2016 (7,9%) e 2017 (12,6%), en 2018 retornouse a unha evolución máis crible, cunha diminución do 5,6%. Pois ben, ese descenso continuou a un ritmo similar en 2019 (-4,6%). Mentres, en 2020, tomando a media dos tres primeiros trimestres, a perda de emprego agrario limitouse ao 0,7%, o que cabe relacionar con que a crise desatada pola COVID-19 afectou con dureza a outros sectores económicos, freando os transvases procedentes da agricultura (cadro 19).

¹⁵ Convén recalcar que nese cadro os datos sobre os volumes de produción proceden das estimacións do MAPA referidas a Galicia. Mentres, os relativos aos prezos corresponden á evolución dos prezos percibidos de cada produto a nivel español.

Cadro núm. 19
Evolución da poboación ocupada no sector agrario en Galicia e en España
(medias anuais)

	Galicia		España	
	Número (miles)	Índices (1985=100)	Número (miles)	Índices (1985=100)
1985	415,1	100,0	1.829,6	100,0
1995	223,9	53,9	1.040,1	56,8
2008	69,8	16,8	779,4	42,1
2009	67,0	16,1	745,5	40,6
2010	66,0	15,9	749,1	41,3
2011	64,8	15,6	721,3	39,7
2012	59,3	14,3	703,5	39,0
2013	56,3	13,6	699,3	38,7
2014	49,1	11,8	702,4	38,4
2015	45,6	11,0	705,0	38,5
2016	49,2	11,9	738,0	40,3
2017	55,4	13,3	778,8	42,6
2018	52,3	12,6	772,9	42,2
2019	49,9	12,0	758,1	41,4
2020 *	49,5	11,9	717,9	39,2
Taxas de variación media acumulativa anual (%)				
1995/1985		-6,0		-5,5
2008/1995		-8,6		-2,2
2015/2008		-5,9		-1,4
2017/2015		10,2		5,1
2020/2017		-3,7		-2,7
2020/2008		-2,8		-0,7

* Media dos tres primeiros trimestres de 2020.

Fonte: EPA, INE e IGE, *Enquisa de poboación activa en Galicia*.

sector agrario e no medio rural, pero cos datos actuais vai continuar con toda probabilidade no futuro, dado o elevado envellecemento dos que permanecen no sector. Abonda neste sentido cunha cifra: das 49.900 persoas ocupadas no sector en 2019, máis do 35% superaban os 54 anos.

Máis alá desas oscilacións, se nos fixamos nas tendencias a medio prazo hai que salientar dous feitos. O primeiro é que desde o estalido da crise económica en 2007 tendeu a suavizarse a redución do emprego no sector; un fenómeno consistente co que cabería agardar e que hai que poñer en relación coa acusada deterioración que sufriu o mercado de traballo, as oportunidades de emprego fóra da agricultura, nos anos 2008-2014. Así, no período 2008-2020 o ritmo de diminución da poboación ocupada no sector agrario galego foi do 2,8% acumulativo anual, menos da terceira parte do rexistrado durante a fase de expansión económica 1995-2007 (-8,6%). O outro feito a destacar é que, a pesar dese freo, a caída seguiu alcanzando un ritmo moi superior ao de España, onde o volume do emprego agrario case se estabilizou na última década (-0,7% acumulativo anual no período 2008-2020). Polo tanto, prosegue o que vén sendo a tendencia desde a integración europea: o intenso axuste da poboación ocupada na agricultura, a unha taxa moi superior á media española (cadro 19). Esta tendencia está xerando crecentes problemas, no

Censos gandeiros

Gando bovino

Os datos das *Encuestas ganaderas* do MAPA indican que en 2019 e 2020 proseguíu a dinámica xeral do censo de gando bovino que se vén constatando en Galicia desde 2013: unha estabilidade aproximada do número total de vacas (en torno ás 550 mil), máis alá de pequenas oscilacións anuais, cunha leve diminución das leiteiras e o aumento paralelo das de carne. Esa estabilidade vén suceder a notable redución que se produciu na primeira década do presente século, sendo de salientar sobre todo o mantemento aproximado nos anos recentes do número de vacas de leite; un sintoma da madurez á que ten chegado o proceso de reconversión da nosa cabana leiteira.

Se nos fixamos na situación actual (en 2020), pode verse que Galicia concentra máis do 42% das vacas de leite do Estado; mentres que a porcentaxe baixa ao 10% para as vacas de carne e ao 14% para o total de animais bovinos, cifra esta última influída tamén pola menor relevancia que a actividade de cebo ten no noso país en comparación con outras comunidades autónomas. Unha nota adicional a apuntar é que a estabilidade aproximada do censo bovino en Galicia desde 2013, tanto no número de vacas como no total de animais, segue acompañándose dunha perda, lenta pero continua, de peso no total español (cadro 20).

Cadro núm. 20
Evolución do censo de gando bovino en Galicia *

	1987	1995	2000	2010	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Miles de cabezas										
Vacas	980,1	953,9	1.016,4	963,4	955,2	948,9	946,4	934,9	937,3	948,2
Leiteiras	704,5	624,8	666,5	570,1	560,8	550,2	553,6	547,6	545,1	549,5
Resto	101,9	178,8	234,1	219,8	191,7	201,2	206,1	203,4	204,0	206,6
Total bovinos	602,6	446,0	432,3	350,3	369,1	349,0	347,4	344,3	341,1	342,9
Índices (Base 1987=100)										
Vacas	100,0	97,3	103,7	98,3	97,5	96,8	96,6	95,4	95,6	96,8
Leiteiras	100,0	88,7	94,6	80,9	79,6	78,1	78,6	77,7	77,4	78,0
Resto	100,0	175,4	229,7	215,7	188,0	197,4	202,2	199,5	200,1	202,7
Total bovinos	100,0	74,0	71,7	58,1	61,3	57,9	57,7	57,1	56,6	56,9
Galicia/España (%)										
Vacas	19,2	17,3	16,5	15,3	15,3	14,7	14,4	13,9	13,9	14,1
Leiteiras	25,1	22,1	22,1	20,1	20,9	19,6	19,5	19,1	19,1	18,8
Resto	10,0	11,7	12,5	11,0	10,5	10,2	10,3	10,0	10,0	9,8
Total bovinos	33,6	34,5	37,9	41,8	43,3	42,2	42,1	41,7	41,8	42,3

*Os datos de 1987, 1995 e 2000 son os de decembro. Para os demais anos corresponden a maio.

Fonte: MAPA, *Anuario de estadística e Encuestas ganaderas*.

Cadro núm. 21
Evolución da estrutura dimensional das explotacións de bovino en Galicia

Tamaño (número de bovinos)	Explotacións (miles)				Tasa de variación anual (%)	Vacas (miles)				Tasa de variación anual (%)
	2008	%	2019	%		2008	%	2019	%	
1-9	25,9	52,4	13,6	44,3	-5,7	49,1	8,7	26,9	5,1	-5,3
10-19	8,3	16,8	4,8	15,5	-4,9	71,5	12,7	39,9	7,5	-5,2
20-29	4,9	9,9	3,1	9,9	-4,1	74,1	13,2	44,9	8,5	-4,5
30-49	5,5	11,2	3,8	12,4	-3,3	132,3	23,6	88,2	16,6	-3,6
50-99	3,8	7,6	3,4	11,2	-0,8	150,2	26,8	138,6	26,2	-0,7
>=100	1,1	2,1	2,1	6,7	6,3	84,2	15,0	191,5	36,1	7,8
<50	44,5	90,2	25,3	82,1	-5,0	327,0	58,2	199,8	37,7	-4,4
>= 50	4,8	9,8	5,5	17,9	1,2	234,5	41,8	330,1	62,3	3,2
Total	49,4	100,0	30,8	100,0	-4,2	561,4	100,0	529,9	100,0	-0,5

Fonte: IGE, *Rexistro de explotacións de bovino*.

No cadro 21 recollemos a distribución das explotacións e do censo de vacas segundo o tamaño das explotacións (número de bovinos), en función dos datos máis recentes do Rexistro de explotacións de bovino publicados polo IGE, os correspondentes a 2019. Estas cifras mostran que continúa o proceso de reestruturación do sector, coa desaparición de unidades produtivas nos estratos de menor dimensión e a crecente concentración do censo nos segmentos de maior tamaño. Concretamente, no período 2008-2019 só se incrementou o número de explotacións nos intervalos por enriba de 100 animais. Como consecuencia, en 2019 as explotacións con 50 ou máis animais, o 17,9% do total, concentran máis do 60% das vacas; e aquelas con 100 ou máis cabezas, sendo só o 6,7%, reúnen o 36% das vacas (cadro 21). Cabe engadir que, como é sabido, esa concentración é moito máis acusada no sector lácteo, en contraste coa presenza numerosa de pequenas unidades produtivas que se mantén no vacún de carne. Así, no leite as explotacións con 100 ou máis animais concentran en 2019 o 53% das vacas, e aquelas con 200 ou máis cabezas suman o 23% das vacas lácteas.

Gando porcino

Despois da redución experimentada en 2017 e 2018, en 2019 e 2020 o censo de gando porcino volveu aumentar en Galicia, logrando superar a cifra alcanzada en 2016, á súa vez resultado do incremento da década anterior (cadro 22). Esa evolución do censo é coherente co notable crecemento da produción de carne de porcino tanto en 2019 como en 2020 que indican as cifras recollidas anteriormente no cadro 15.

Cadro núm. 22
Evolución do censo de gando porcino en Galicia *

	1987	1997	2006	2010	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Miles de cabezas										
Porcos da ceba	436,0	239,6	223,2	401,9	433,5	476,5	399,3	466,9	401,7	497,8
Porcas reprodutoras	182,8	121,8	104,2	97,8	118,1	111,4	84,6	80,6	100,4	83,3
Total	1.589,9	1.013,7	879,9	1.034,3	1.090,1	1.215,1	1.116,7	1.088,2	1.212,1	1.224,7
Índices (Base 1987=100)										
Porcos da ceba		55,0	51,2	92,2	99,4	109,3	91,6	107,1	92,1	114,2
Porcas reprodutoras		66,6	57,0	53,5	64,6	61,0	46,3	44,1	54,9	45,6
Total		63,8	55,3	65,1	68,6	76,4	70,2	68,4	76,2	77,0
Galicia/España (%)										
Porcos da ceba	8,5	3,7	2,2	4,3	4,2	4,5	3,6	4,0	3,4	4,0
Porcas reprodutoras	9,2	5,7	4,0	3,9	4,9	4,7	3,4	3,2	4,0	3,3
Total	9,8	5,4	3,5	4,2	4,0	4,4	3,9	3,6	4,0	3,9

*Os datos de 1987, 1997 e 2006 corresponden a abril. Para os demais anos corresponden a maio.

Fonte: MAPA, *Anuario de estadística e Encuestas ganaderas*.

Porén, esa dinámica positiva nos dous últimos anos relativízase se a situamos no contexto español, onde constatamos que o peso relativo da cabana porcina galega apenas se recuperou, limitándose en 2020 ao 3,9% (cadro 22). Este sector vén mantendo no Estado un importante dinamismo, que levou a que a cabana porcina española se convertese na primeira da UE, superando o país que historicamente ocupaba esa posición, Alemaña. Unha expansión que en boa medida se explica polo crecemento das exportacións, en especial das dirixidas ao exterior da UE, con China como principal destino. Precisamente, en 2019 deuse un forte aumento das exportacións, tendencia ascendente que se mantén en 2020.

III. Pesca, marisqueo e acuicultura

- O volume de pesca fresca desembarcada en Galicia en 2019 experimentou a maior caída en 15 anos, pero o prezo medio acadado en primeira venda foi o máis alto desde que hai rexistro.
- As cotas pesqueiras para 2020 aumentan as posibilidades de pesca ao lograr evitar importantes recortes para a pescada sur, o linguado do caladoiro nacional e o xurelo sur. Este último, a xarda e o rapante do caladoiro nacional incrementan significativamente as súas cotas.
- A obriga de desembarque esténdese desde 2019 a todas as especies, con prohibición total dos descartes.
- O Brexit fíxose efectivo e as negociacións subsecuentes acadaron un acordo en materia de pesca que cede ao Reino Unido o 25% do valor medio das cotas en augas británicas.
- A pandemia da COVID-19 afectou significativamente a pesca galega, con baixadas dos prezos superiores ao 30% e perdas na facturación de arredor de 20 millóns de euros.
- O volume de produción de acuicultura en Galicia en 2019 foi de 268.132 toneladas, fronte ás 158.167 procedentes da pesca. A acuicultura de mexillón, cunha produción de 255.514 toneladas e un valor de 111,9 millóns de euros, representa o 59,9% da produción da Galicia mariñeira e o 16,5% dos ingresos.
- A gran capacidade produtiva da industria mexilloeira en Galicia, con 230 mil toneladas/ano no período 2007-2019, supón o 74% do volume da produción da acuicultura e converte España no primeiro produtor de acuicultura na UE.
- A crise da COVID-19 provocou un descenso nas exportacións de mexillón fresco, que chegou a ser do 50% no mes de abril.
- A crise da COVID-19 diminuíu considerablemente a produción de ameixa e berberecho durante os meses de confinamento. En abril a produción de ameixa xaponesa caeu un 55%, mentres que as outras especies de ameixa e o berberecho sufriron unha redución do 80%.

III. 1. Pesca

Introdución

Polo que respecta ao Brexit, durante 2019 houbo dous aprazamentos do mesmo, ata que finalmente se fixo efectivo en xaneiro de 2020. Abriuse entón un período de transición que durou todo o ano, e durante o cal se desenvolveron ata nove roldas de intensas negociacións, nas que Galicia, a través do seu destacado papel dentro da Alianza Pesqueira Europea, participou activamente. En xuño de 2020, a Xunta de Galicia renovou o apoio á flota pesqueira galega e europea a través dunha nova "Declaración de Santiago" que actualizaba as reivindicacións da de 2017. Finalmente, en decembro chegou a un acordo que establece a futura relación comercial e pesqueira entre a UE e o Reino Unido.

Negociacións do Brexit e acordo Reino Unido - UE:

A retirada do Reino Unido da Unión Europea, inicialmente prevista para o 29 de marzo de 2019 e posteriormente aplazada ao 31 de outubro dese ano, produciuse finalmente o 31 de xaneiro de 2020. Durante o período de transición que rematou o 31 decembro de 2020, o Reino Unido seguiu a formar parte do mercado único e da unión aduaneira, mentres negociaba a futura relación comercial coa UE en diferentes áreas, incluída a pesca. A cuestión das augas territoriais británicas e, polo tanto, do acceso aos caladoiros, foi un dos principais obstáculos para acadar un acordo comercial satisfactorio. O Reino Unido quere recuperar estas augas na súa totalidade, excluindo aos restantes pescadores europeos do acceso ás mesmas. Defende polo tanto o seu Fisheries Bill, que establece a autonomía do país para operar como un estado costeiro independente e xestionar a actividade pesqueira nas súas augas, decidindo quen, como e cando pode pescar nelas. Con base na súa nova condición legal como estado costeiro, o Reino Unido pretende replicar o modelo de relacións pesqueiras coa UE doutros estados costeiros europeos como Noruega ou Islandia.

En xuño de 2020, co obxectivo de renovar o apoio de Galicia á flota pesqueira galega e europea na defensa dos seus intereses, a Xunta promoveu unha segunda "Declaración de Santiago", despois da asinada en outubro de 2017 e denominada formalmente "Declaración das comunidades pesqueiras europeas sobre o futuro do sector pesqueiro en Europa despois do Brexit". Este primeiro manifesto contou con 400 seguidores de todo o sector marítimo-pesqueiro europeo. A nova declaración reafirma a importancia da pesca para as comunidades costeiras e o obxectivo de convertela nunha prioridade nas negociacións do Brexit. Como na anterior ocasión, o documento enviouse ás autoridades europeas co obxectivo de incorporar a outros responsables de rexións e cidades europeas con intereses no sector pesqueiro ao chamamento presentado ao comisario europeo para as negociacións do Brexit, ao presidente do Consello Europeo e aos xefes de Estado e de Goberno da UE, no sentido de que tomen as medidas necesarias "para garantir o futuro social e económico das comunidades pesqueiras e da súa industria a través dun acordo a longo prazo co Reino Unido que faga xustiza ás comunidades de pescadores e aos seus pobos".

As negociacións acadaron o 24 de decembro de 2020 un acordo de nova asociación. O articulado para a relación pesqueira establece que o sector comunitario cederá anualmente ao Reino Unido o 25% do valor medio das cotas de 32 especies que captura en augas británicas (160 millóns de euros dun total de 640) durante un período de transición de cinco anos e medio, ata xuño de 2026. Transcurrido ese prazo, a cesión será total, e entón as partes establecerán as posibilidades de pesca en negociacións anuais. España deberá ceder cota nun total de 17 especies, algunhas delas fundamentais para a frota galega, coma a pescada, o peixe sapo, o rapante, o lagostino, a raia e o lirio, este último especie clave para intercambios de cota. A perda total sobrepasará as 15.500 toneladas e os 36 millóns de euros de facturación. O acordo comercial acadado, con exención de taxas, non afecta a territorios de ultramar como Malvinas, onde os aranceis para as empresas galegas serán de entre o 6% no caso da captura principal, o calamar Loligo, e o 18% para outros produtos pesqueiros. Polo que respecta á Política Pesqueira

Comunitaria tras o Brexit, a retirada do Reino Unido non implicará a revisión, reivindicada por Galicia, do Principio de estabilidade relativa para a asignación das cotas, que seguirá vixente.

Frota pesqueira

A frota pesqueira galega é a máis importante frota rexional tanto do ámbito nacional como do europeo. A súa actividade desenvólvese en escenarios moi diferentes, desde as augas nacionais e comunitarias ata as augas internacionais ou de terceiros países non membros da UE. A dimensión do sector pesqueiro galego en relación co español e co da Unión Europea amósase no cadro 1. En outubro de 2020, a frota galega estaba composta de 4.313 unidades (53 menos que o ano anterior), que daban emprego a 10.716 tripulantes, segundo se reflicte nos cadros 1 e 2.

Cadro núm. 1

Dimensión do sector pesqueiro galego en relación co español e co da UE-28. Ano 2019¹

	UE-28	España	Galicia	% Galicia/ España	% Galicia/ UE-28
Frota ²					
Núm. de barcos	81.253	8.886	4.313	48,5	5,3
Capacidade (miles de GT)	1.551	333	129	38,7	8,3
Potencia motor (miles de Kw)	6.065	777	256	32,9	4,2
Produción					
Valor dos desembarques (millóns de euros)	7.220	2.147	832	38,8	11,5
Consumo ³					
Quilogramos por persoa e ano	24,4	23,1	29,7		
Renda ⁴					
Valor engadido da pesca e acuicultura/PIB (%)	0,05	0,19	1,85		

¹ *Facts and Figures on the Common Fisheries Policy, 2020*. Comisión Europea.

² Na frota non se consideran os buques auxiliares de cultivos mariños.

³ Consumo *per cápita* = subministración dispoñible de produtos pesqueiros por persoa e ano.

⁴ No peso relativo do sector respecto do PIB considéranse conxuntamente pesca e acuicultura.

Fonte: Elaboración propia a partir da Comisión Europea, INE, IGE, Cepesca e Consellería do Mar.

En función da distribución xeográfica da actividade pesqueira, a frota clasifícase en tres grandes grupos de embarcacións: frota do caladoiro nacional ou Cantábrico-Noroeste, frota de altura ou comunitaria, e frota de grande altura ou internacional (ver cadro 2).

A frota do caladoiro nacional ou Cantábrico-Noroeste é con moita diferenza a máis numerosa (4.143 unidades censadas, o 96,1% da frota galega), se ben representa só un 32,5% da capacidade total. Faena habitualmente en augas próximas do Atlántico e do Cantábrico con embarcacións de pesca e marisqueo de pequeno porte que empregan as modalidades de arrastre, artes menores, cerco, palangre de fondo, palangre de superficie, rascos e volantas. Os buques con autorizacións para a pesca de palangre de fondo e palangre de superficie non traballan a totalidade do ano neste caladoiro, posto que temporalmente poden pescar fóra destas augas baixo a pertinente autorización. As embarcacións do caladoiro nacional teñen unha capacidade media de 10,1 GT e unha potencia media de 35,8 Kw. Esta frota xera a meirande parte do emprego pesqueiro directo en Galicia, o 82,1%, e o valor de facturación máis alto da frota galega.

O segmento máis importante do grupo de buques do caladoiro nacional é o de artes menores, que constitúe unha numerosa frota de pequenas embarcacións (3.841 unidades censadas, cunha capacidade media de 2,3 GT e unha potencia media de 21,3 Kw). Cabe destacar a redución de 45 unidades durante o último ano neste segmento de frota. As embarcacións de artes menores traballan principalmente nas augas de competencia da comunidade autónoma de Galicia, onde practican unha pesca multiespecífica cunha ampla variedade de artes (trasmallos, miños, palangrillos, marisqueo a flote ou diferentes tipos de nasas), que utiliza de xeito estacional en función da especie obxectivo. Este segmento xera ocupación para o 59,1% dos tripulantes da frota galega, cunha media de 1,65 tripulantes por embarcación, a maioría autónomos, e é tamén o segmento máis importante do caladoiro nacional en termos de facturación. Estes datos sitúan a frota de baixura como un sector estratéxico de grande importancia social para as poboacións costeiras galegas.

Cadro núm.2

Frota pesqueira en Galicia. Datos de outubro de 2020

	Número de barcos	Capacidade (TRB)	GT*	Potencia (CV)	Potencia (Kw)	Estimación do emprego
Caladoiro nacional (Cantábrico Noroeste)						
Arrastre	54	7.740	12.353	26.670	19.613	461
Artes menores	3.841	9.198	8.737	111.137	81.730	6.338
Cerco	152	5.085	6.593	33.171	24.394	1.236
Palangre de fondo	20	749	1.203	3.941	2.899	155
Palangre de superficie	52	6.374	11.562	21.820	16.046	444
Rasco	3	97	105	430	316	20
Volanta	21	794	1.444	4.466	3.284	143
Total	4.143	30.037	41.997	201.635	148.283	8.798
Pesqueira comunitaria (altura)						
NEAFC < 100 TRB	41	6.511	11.927	23.794	17.498	497
NEAFC arrastre	7	578	1.079	2.235	1.644	85
NEAFC palangre de fondo	19	4.136	6.206	13.646	10.035	230
Portugal	4	641	985	1.941	1.427	48
Total	71	11.866	20.197	41.616	30.605	861
Pesqueira internacional (grande altura)						
Bacallaeiros	2	973	6.080	7.434	5.467	31
Cerco	1	1.582	2.082	2.941	2.163	16
Conxeladores	13	9.116	14.560	22.480	16.532	204
NAFO conxeladores	15	11.094	17.047	24.319	17.884	236
Palangre de superficie	68	15.215	27.046	47.252	34.749	571
Total	99	37.981	66.815	104.426	76.795	1.058
Total xeral	4.313	79.883	129.009	347.678	255.682	10.716
Acuicultura/auxiliar bateas	1.275					

* Tonelaxe bruta (Gross tonnage).

Fonte: Consellería do Mar: *Rexistro de Buques Pesqueiros*. Plataforma Tecnolóxica da Pesca (<http://www.pescadegalicia.com>).

A frota de altura está constituída por 71 buques (o 1,6% da frota), cunha capacidade media de 284,5 GT e unha potencia media de 431,1 Kw, e traballa habitualmente en augas doutros países da Unión Europea. A frota de grande altura dispón dun total de 99 buques (o 2,3% da frota), cunha capacidade media de 674,9 GT e unha potencia media de 775,7 Kw, e opera en augas internacionais e de terceiros países cos cales a UE asina acordos pesqueiros. Debido ás grandes dimensións destes buques, esta frota representa o 51,8% da tonelaxe do total da frota galega pese á súa pequena porcentaxe numérica. A frota de altura embarca o 8% dos tripulantes galegos e a de grande altura o 9,9%. As tripulacións son máis numerosas que as do caladoiro nacional polas dimensións dos buques e os longos períodos de marea. Alcanzan os 11 tripulantes de media por buque, cun máximo de 16 tripulantes no caso dos grupos de arrastre e cerco de pesqueiras internacionais.

Distribución da frota e emprego pesqueiro nas diferentes zonas costeiras de Galicia.

A frota galega e o emprego pesqueiro distribúense ao longo da costa en nove zonas que van desde a ría de Vigo á Mariña lucense. Os distintos portos e zonas costeiras especialízanse en tipos de frota característicos. Deste xeito, a zona I (ría de Vigo) é o principal núcleo da frota de grande altura, a zona III (ría de Arousa) concentra a frota do caladoiro nacional, e a zona IX (Mariña lucense) especialízase na frota de altura.

A zona I (ría de Vigo) ten o porto pesqueiro de Vigo como principal base de operacións. Este porto acumula o 47,8% da tonelaxe da frota galega e o 34,4% da potencia total con só o 15,3% do número de buques, grazas á presenza xa mencionada da frota de grande altura, composta polos buques de maiores dimensións, capacidade e potencia. A actividade desta frota está supeditada á participación da Unión Europea en organizacións pesqueiras internacionais e á firma de acordos pesqueiros con terceiros países con recursos de interese nas súas augas. A frota de grande altura componse dos seguintes segmentos de frota: os cerqueiros conxeladores, dedicados á captura de túnidos, que son os buques de maior porte (1 unidade, capacidade de 2.082 GT e potencia de 2.163 Kw); seguidos polos bacallaeiros, que faenan principalmente en Noruega (2 unidades, capacidade media de 3.040 GT e potencia media de 2733,8 Kw); os arrastreiros conxeladores, que operan no Atlántico Sudoeste (incluíndo Arxentina e as Malvinas), Senegal e Mauritania e capturan raias, camarón, pescadas, luras, etc. (6 unidades, 1.303,2 GT e 1.478 Kw); os arrastreiros conxeladores que capturan fletán negro no Atlántico Noroeste (NAFO) (13 unidades, 1.154,7 GT e 1.195,1 Kw), e, por último, o grupo máis numeroso, composto polos palangreiros de superficie, que

teñen como especies obxectivo peixe espada, túnidos e escualos (44 unidades, 364,9 GT e 473,3 Kw). A frota de altura opera na área NEAFC (principalmente no Gran Sol), captura sobre todo pescada, peixe sapo, gallo e lagostino, e está composta por 13 arrasteiros (capacidade media de 337,1 GT e potencia media de 525,5 Kw) e dous palangreiros (capacidade media de 316,5 GT e potencia media de 422,9 Kw). A frota do caladoiro nacional é a máis numerosa (580 unidades, capacidade media de 16,5 GT e potencia media de 47,1 Kw), en particular o segmento de artes menores, co 89% das embarcacións desta frota. O emprego estimado na zona I é de 2.235 persoas.

Cadro núm. 3

Frota pesqueira na zona I (ría de Vigo). Datos de outubro de 2020

Descrición (caladoiro e arte de pesca)	Número de barcos	Capacidade (TRB)	GT*	Potencia (CV)	Potencia (Kw)	Estimación do emprego
Pesqueira internacional (grande altura)						
Arrastre	Bacallaeiros	2	973	6.080	7.434	31
	Conxeladores	6	5.001	7.819	12.057	94
	NAFO conxeladores	13	9.988	15.011	21.124	204
Cerco	1	1.582	2.082	2.941	2.163	16
Palangre de superficie	44	9.139	16.055	28.313	20.824	370
Pesqueira comunitaria (altura)						
Arrastre	NEAFC arrastre	13	3.051	4.382	9.289	130
Palangre	NEAFC palangre de fondo	2	293	633	1.150	24
Caladoiro nacional (Cantábrico Noroeste)						
Arrastre		1	120	201	360	9
Artes menores		519	1.285	1.066	16.289	856
Cerco		25	653	857	5.559	203
Palangre de superficie		34	4.093	7.422	14.739	290
Enmallada	Rasco	1	40	41	230	7
Totais		661	36.217	61.649	119.485	2.235
Buques dedicados a acuicultura/auxiliares		113				

* Tonelaxe bruta (Gross tonnage).

Fonte: Consellería do Mar: Rexistro de Buques Pesqueiros. Plataforma Tecnolóxica da Pesca (<http://www.pescadegalicia.com>).

A zona II (ría de Pontevedra) ten en Marín o seu principal porto. Representa o 7,4% da frota galega en número de buques e o 9,7% en tonelaxe. Existe unha frota de grande altura con base no porto de Marín, composta por 8 conxeladores, dos cales dous operan na área NAFO (capacidade media de 1.074,62 GT e potencia media de 1.227 Kw), e un palangreiro de superficie (627 GT, 359 Kw). A frota de altura está composta por 4 arrasteiros (capacidade media de 246 GT e potencia media de 356,9 Kw), que traballan en augas de xurisdición portuguesa. A frota do caladoiro nacional está formada por 308 embarcacións (capacidade media de 7,3 GT e potencia media de 34,1 Kw), o 94,8% delas de artes menores. Existen 10 cerqueiros con base en Portonovo e Bueu, e 6 arrasteiros, sobre todo en Marín. O emprego estimado nesta zona é de 724 persoas.

Cadro núm. 4

Frota pesqueira na zona II (ría de Pontevedra). Datos de outubro de 2020

Descrición (caladoiro e arte de pesca)	Número de barcos	Capacidade (TRB)	GT*	Potencia (CV)	Potencia (Kw)	Estimación do emprego
Pesqueira internacional (grande altura)						
Arrastre	Conxeladores	6	4.031	6.562	10.152	94
	NAFO conxeladores	2	1.101	2.035	3.194	31
Palangre de superficie		1	234	627	488	8
Pesqueira comunitaria (altura)						
Arrastre	Portugal	4	639	984	1.941	40
Caladoiro nacional (Cantábrico Noroeste)						
Arrastre		6	776	1.215	2.697	51
Artes menores		292	875	763	10.041	482
Cerco		10	221	274	1.560	17
Totais		321	7.877	12.460	30.073	724
Buques dedicados a acuicultura/auxiliares		87				

* Tonelaxe bruta (Gross tonnage).

Fonte: Consellería do Mar: Rexistro de Buques Pesqueiros. Plataforma Tecnolóxica da Pesca (<http://www.pescadegalicia.com>).

A zona III (ría de Arousa) é a que concentra o maior número de embarcacións en Galicia, cun total de 1.694. Isto supón o 39,3% da frota galega en número de buques, se ben só o 10,4% en tonelaxe, debido a que se trata na maioría dos casos de pequenas embarcacións dedicadas á pesca de baixura. O porto de Ribeira é o máis significativo de Galicia para a frota do caladoiro nacional, no que faena o 99% dos bar-

cos desta zona (capacidade media de 5,4 GT e potencia media de 19,2 Kw). A maior parte pertencen ó segmento de artes menores (capacidade media de 0,9 GT e potencia media de 11,4 Kw), que operan sobre todo en augas interiores da ría ou en zonas moi próximas á costa con artes de nasas, liñas ou enmalle. Existen tamén 26 arrasteiros de litoral con base en Ribeira, 26 cerqueiros, principalmente en Cambados, un palangreiro de fondo, 2 palangreiros de superficie e un volanteiro. A frota de altura está composta por 4 palangreiros de fondo que operan en NEAFC (capacidade media de 336,25 GT e potencia media de 504 Kw). Ademais existe en Ribeira unha frota de grande altura constituída por un arrastreiro conxelador e 7 palangreiros de superficie. O emprego estimado nesta zona é de 3.271 persoas; o cal supón o 31% do emprego pesqueiro en Galicia.

Cadro núm. 5

Frota pesqueira na zona III (ría de Arousa). Datos de outubro de 2020

Descrición (caladoiro e arte de pesca)	Número de barcos	Capacidade (TRB)	GT*	Potencia (CV)	Potencia (Kw)	Estimación do emprego
Pesqueira internacional (grande altura)						
Arrastre Conxeladores	1	79	178	270	199	16
Palangre de superficie	7	1.292	2.843	5.192	3.819	59
Pesqueira comunitaria (altura)						
Palangre de fondo NEAFC palangre de fondo	4	669	1.345	2.741	2.016	48
Caladoiro nacional (Cantábrico noroeste)						
Arrastre	26	3.756	5.846	12.422	9.136	222
Artes menores	1.626	1.544	1.540	25.254	18.574	2.683
Cerco	26	817	1.240	5.463	4.018	211
Palangre superficie	2	122	331	390	287	16
Palangre de fondo	1	55	111	270	199	8
Enmalle Volantas	1	23	16	150	110	8
Totais	1.694	8.356	13.449	52.152	38.358	3.271
Buques dedicados a acuicultura/auxiliares	891					

* Tonelaxe bruta (Gross tonnage).

Fonte: Consellería do Mar: *Rexistro de Buques Pesqueiros*. Plataforma Tecnolóxica da Pesca (<http://www.pescadegalicia.com>).

As zonas IV (ría de Muros), V (Fisterra) e VI (Costa da Morte) representan xuntas unha pequena porcentaxe da capacidade pesqueira da frota galega, cun 8,1% da tonelaxe total, se ben a actividade pesqueira ten unha grande importancia social para as comunidades costeiras. Contan co 24% das embarcacións galegas (respectivamente, o 14,7%, o 2,9% e o 6,4%), faenando todas elas no caladoiro nacional. Máis do 90% da frota nestas zonas pertence ao grupo de artes menores, aínda que existe tamén unha importante frota de cerco con base en Portosín, Camariñas e Malpica de Bergantiños, outra de arrastre de litoral en Muros e outra de palangre de fondo principalmente en Muxía. O emprego total estimado nestas zonas é de 2.270 persoas.

Cadro núm. 6

Frota pesqueira nas zonas IV (Muros), V (Fisterra) e VI (Costa da Morte). Datos de outubro de 2020

Descrición (caladoiro e arte de pesca)	Número de barcos	Capacidade (TRB)	GT*	Potencia (CV)	Potencia (Kw)	Estimación do emprego
Caladoiro nacional (Cantábrico noroeste)						
Arrastre	5	688	1.105	2.015	1.482	43
Artes menores	946	2.550	2.569	25.846	19.010	1.561
Cerco	62	2.297	2.911	14.278	10.501	504
Palangre de fondo	13	564	883	2.818	2.073	101
Enmalle Volantas	8	346	572	1.407	1.035	55
Rasco	1	19	21	120	88	7
Totais	1.035	6.464	8.061	46.484	34.189	2.270
Buques dedicados a acuicultura/auxiliares	38					

* Tonelaxe bruta (Gross tonnage).

Fonte: Consellería do Mar: *Rexistro de Buques Pesqueiros*. Plataforma Tecnolóxica da Pesca (<http://www.pescadegalicia.com>).

A zona VII (A Coruña-Ferrol) ten como porto máis importante o da Coruña, e conta co 7,5% da frota galega en número de buques e co 5,1% en tonelaxe. Existe unha frota de grande altura, composta por 6 palangreiros de superficie (capacidade media de 458,2 GT e potencia media de 575,5 Kw), e outra de altura composta por 3 arrasteiros que operan na área NEAFC (capacidade media de 322 GT e potencia media de 641,4 Kw), ambas as dúas con base no porto da Coruña. A frota do caladoiro nacional dispón de 315 embarcacións (capacidade media de 9,1 GT e potencia media de 36 Kw), das cales o 92% son de

artes menores. Ademais existe unha frota de cerco con base principalmente en Sada e Pontedeume, e outra de arrastre de litoral na Coruña. O emprego estimado nesta zona é de 758 persoas.

A zona VIII (Cedeira) ten Cedeira como porto principal, e alberga o 2,6% das embarcacións galegas e o 1,3% da tonelaxe total. Conta con 2 buques de altura, palangreiros de fondo con capacidade media de 172 GT e potencia media de 388,7 Kw. A frota do caladoiro nacional consta de 110 unidades (capacidade

Cadro núm. 7

Frota pesqueira na zona VII (A Coruña-Ferrol). Datos de outubro de 2020

Descrición (caladoiro e arte de pesca)	Número de barcos	Capacidade (TRB)	GT*	Potencia (CV)	Potencia (Kw)	Estimación do emprego
Pesqueira internacional (grande altura)						
Palangre de superficie	6	1.688	2.748	4.695	3.453	50
Pesqueira comunitaria (altura)						
Arrastre NEAFC arrastre	3	570	966	2.616	1.924	30
Caladoiro nacional (Cantábrico noroeste)						
Arrastre	6	899	1.396	3.135	2.306	51
Artes menores	291	792	698	8.545	6.285	480
Cerco	18	656	779	3.722	2.738	146
Totais	324	4.605	6.587	22.713	16.706	758
Buques dedicados a acuicultura/auxiliares	126					

* Tonelaxe bruta (Gross tonnage).

Fonte: Consellería do Mar: *Registro de Buques Pesqueiros*. Plataforma Tecnolóxica da Pesca (<http://www.pescadegalicia.com>).

Cadro núm. 8

Frota pesqueira na zona VIII (Cedeira). Datos de outubro de 2020

Descrición (caladoiro e arte de pesca)	Número de barcos	Capacidade (TRB)	GT*	Potencia (CV)	Potencia (Kw)	Estimación do emprego
Pesqueira comunitaria (altura)						
Palangre de fondo NEAFC palangre de fondo	2	233	344	1.057	777	24
Caladoiro nacional (Cantábrico noroeste)						
Artes menores	92	302	241	2.792	2.053	152
Cerco	2	41	44	320	235	16
Palangre de fondo	4	80	140	501	369	31
Enmalle Volantas	11	356	714	2.500	1.839	75
Rasco	1	39	43	80	59	7
Totais	112	1.052	1.526	7.250	5.332	305
Buques dedicados a acuicultura/auxiliares	6					

* Tonelaxe bruta (Gross tonnage).

Fonte: Consellería do Mar: *Registro de Buques Pesqueiros*. Plataforma Tecnolóxica da Pesca (<http://www.pescadegalicia.com>).

Cadro núm. 9

Frota pesqueira na zona IX (Mariña lucense). Datos de outubro de 2020

Descrición (caladoiro e arte de pesca)	Número de barcos	Capacidade (TRB)	GT*	Potencia (CV)	Potencia (Kw)	Estimación do emprego
Pesqueira internacional (grande altura)						
Palangre de superficie	10	2.843	4.767	8.560	6.296	84
Pesqueira comunitaria (altura)						
Palangre de fondo NEAFC palangre de fondo	40	5.870	10.679	21.079	15.504	485
NEAFC <100 TRB	7	578	1.079	2.235	1.644	85
Arrastre NEAFC arrastre	3	508	856	1.740	1.280	30
Caladoiro nacional (Cantábrico noroeste)						
Arrastre	10	1.483	2.577	6.038	4.441	85
Artes menores	77	440	453	3.710	2.729	127
Cerco	9	395	481	2.265	1.666	73
Palangre de fondo	2	49	67	350	257	16
Palangre de superficie	16	2.146	3.801	6.691	4.921	137
Enmalle Volantas	1	68	140	408	300	7
Totais	175	14.380	24.900	53.076	39.038	1.128
Buques dedicados a acuicultura/auxiliares	13					

* Tonelaxe bruta (Gross tonnage).

Fonte: Consellería do Mar: *Registro de Buques Pesqueiros*. Plataforma Tecnolóxica da Pesca (<http://www.pescadegalicia.com>).

Cadro núm. 10

Evolución da pesca fresca vendida nas lonxas galegas

Ano	Cantidade (t)	Valor (miles euros)	Prezo (euros/kg)
2000	145.302	350.969	2,42
2001	142.871	354.862	2,48
2002	128.029	329.124	2,57
2003	124.680	335.071	2,69
2004	149.733	383.441	2,56
2005	158.625	403.151	2,54
2006	169.327	432.726	2,56
2007	172.249	463.430	2,69
2008	173.569	451.323	2,60
2009	195.785	422.373	2,16
2010	187.395	458.381	2,45
2011	183.501	474.847	2,59
2012	175.004	440.534	2,52
2013	163.434	413.422	2,53
2014	187.178	432.341	2,31
2015	180.464	458.195	2,54
2016	188.603	491.664	2,61
2017	212.785	508.672	2,39
2018	174.298	490.993	2,82
2019	158.167	464.888	2,94

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería do Mar, *Estadísticas de Producción Pesqueira*, Plataforma Tecnolóxica da Pesca (<http://www.pescadegalicia.com>).

Cadro núm. 11

Peixe fresco comercializado en primeira venda en Galicia

Ano	Cantidade (t)	Valor (miles euros)	Prezo (euros/kg)
2018			
Xaneiro	10.011	38.619	3,86
Febreiro	10.062	31.611	3,14
Marzo	15.969	42.482	2,66
Abril	14.631	41.469	2,83
Maio	13.773	35.995	2,61
Xuño	15.966	35.767	2,24
Xullo	18.984	41.762	2,20
Agosto	19.651	45.967	2,34
Setembro	17.702	39.525	2,23
Outubro	15.869	45.938	2,89
Novembro	12.256	40.633	3,32
Decembro	9.423	51.224	5,44
2019			
Xaneiro	8.953	36.104	4,03
Febreiro	9.507	30.286	3,19
Marzo	11.432	35.128	3,07
Abril	11.944	35.989	3,01
Maio	12.756	35.820	2,81
Xuño	13.872	31.434	2,27
Xullo	19.392	43.769	2,26
Agosto	18.420	45.128	2,45
Setembro	15.424	37.595	2,44
Outubro	17.361	43.982	2,53
Novembro	9.711	37.065	3,82
Decembro	9.395	52.588	5,60

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería do Mar, *Estadísticas de Producción Pesqueira*, Plataforma Tecnolóxica da Pesca (<http://www.pescadegalicia.com>).

Cadro núm. 12

Producción pesqueira total por zonas. Ano 2019

Lonxa	Cantidade (t)	Valor (miles euros)	Prezo (euros/kg)
Zona I - Ría de Vigo	34.991	120.031	3,43
Zona II - Pontevedra	4.528	15.351	3,39
Zona III - Arousa	33.737	93.141	2,76
Zona IV - Muros	10.141	30.684	3,03
Zona V - Fisterra	895	5.339	5,97
Zona VI - Costa da Morte	6.350	10.311	1,62
Zona VII - A Coruña-Ferrol	34.619	72.666	2,10
Zona VIII - Cedeira	2.131	8.472	3,98
Zona IX - Mariña Lucense	30.775	108.893	3,54
Totais	158.167	464.888	2,94

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería do Mar, *Estadísticas de Producción Pesqueira*, Plataforma Tecnolóxica da Pesca (<http://www.pescadegalicia.com>).

mes máis produtivo en volume) e outubro, o volume foi sempre inferior ao de 2018. O valor só superou a 2018 en xullo e decembro (o mes máis produtivo en valor). Non obstante, os prezos de 2019 foron du-

media de 10,7 GT e potencia media de 41,4 Kw), o 83,6% de artes menores. Existen tamén 2 cerqueiros con base en Cariño, 4 palangreiros de fondo en Cariño e Cedeira, e 12 embarcacións de enmalle nestes dous portos. O emprego pesqueiro estimado nesta zona é de 305 persoas.

A zona IX (Mariña lucense) ten Celeiro e Burela como portos máis representativos, que albergan unha das frotas máis importantes de Galicia, a frota de altura que opera en augas do Gran Sol coas modalidades de palangre de fondo e arrastre. Existe ademais unha frota de grande altura, composta por 10 palangreiros de superficie (capacidade media de 476,7 GT e potencia media de 629,6 Kw). Dentro da pesquería comunitaria, o segmento máis numeroso é o de palangre de fondo (40 unidades, capacidade media de 267 GT e potencia media de 387,6 Kw), que ten a pescada como principal especie obxectivo. Os arrastreiros de altura (3 unidades, capacidade media de 285,3 GT e potencia media de 426,6 Kw) dedícanse sobre todo á captura de pescada, peixe sapo, rapante e cigala, que desembarcan maioritariamente en Celeiro, Burela e Vigo. A frota do caladoiro nacional consta de 115 unidades (capacidade media de 65,3 GT e potencia media de 124,5 Kw). O segmento máis numeroso (67%) é o de artes menores, seguido polo palangre de superficie e o arrastre. O emprego pesqueiro estimado nesta zona é de 1.128 persoas.

Producción pesqueira

De acordo cos datos publicados pola plataforma Pescadegalicia, o volume de pesca fresca (peixe e marisco) poxada nas lonxas de Galicia durante o ano 2019 foi de 158.167 toneladas, un 9,3% menor que en 2018 e un 25,7% menor que en 2017 (o ano con maior produción rexistrada). A cotización media dos desembarques en 2019 foi de 2,94 euros por quilogramo, o maior rexistro da serie histórica, e o valor acumulado ao final do ano foi de 464,9 millóns de euros, o que supón unha redución dun 5,3% respecto a 2018.

O cadro 11 amosa a evolución mensual das vendas de peixes e mariscos frescos nas lonxas galegas durante os anos 2018 e 2019. A diminución da produción neste último ano, debida á menor actividade da frota de cerco, pódese apreciar claramente na evolución mensual, xa que, agás nos meses de xullo (o

Cadro núm. 13

Produción pesqueira na zona I (ría de Vigo). Ano 2019

Lonxa	Cantidade (t)	Valor (miles euros)	Prezo (euros/kg)
A Guarda	149	1.528	10,26
Arcade	221	2.344	10,61
Baiona	158	2.372	15,01
Cangas	338	3.873	11,46
Moaña	176	1.907	10,84
Panxón	14	90	6,43
Redondela	108	1.081	10,01
Vigo	33.664	105.047	3,12
Vigo (Canido)	85	878	10,33
Vilaboa	79	911	11,53
Totais	34.992	120.031	3,43

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería do Mar, *Estatísticas de Producción Pesqueira*, Plataforma Tecnolóxica da Pesca (<http://www.pescadegalicia.com>).

Cadro núm. 14

Produción pesqueira na zona II (Pontevedra). Ano 2019

Lonxa	Cantidade (t)	Valor (miles euros)	Prezo (euros/kg)
Aldán-Hío	81	686	8,47
Bueu	702	3.486	4,97
Campelo	613	6.045	9,86
Marín	825	2.496	3,03
Pontevedra (Mercado)	19	284	14,95
Portonovo	2.288	2.354	1,03
Sanxenxo	0,00	0,00	0,00
Totais	4.528	15.351	3,39

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería do Mar, *Estatísticas de Producción Pesqueira*, Plataforma Tecnolóxica da Pesca (<http://www.pescadegalicia.com>).

Cadro núm. 15

Produción pesqueira na zona III (Arousa). Ano 2019

Lonxa	Cantidade (t)	Valor (miles euros)	Prezo (euros/kg)
A Illa de Arousa	757	6.238	8,24
Aguiño	283	3.421	12,09
Cabo de Cruz	344	4.238	12,32
Cambados	1.223	7.726	6,32
Carril	1.210	10.107	8,35
Coop. Ría de Arousa	21	246	11,71
O Grove	828	8.736	10,55
Pobra do Caramiñal	86	745	8,66
Rianxo	826	5.901	7,14
Ribeira	27.639	40.513	1,47
Vilanova	438	4.398	10,04
Vilaxoán	82	873	10,65
Totais	33.737	93.142	2,76

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería do Mar, *Estatísticas de Producción Pesqueira*, Plataforma Tecnolóxica da Pesca (<http://www.pescadegalicia.com>).

Cadro núm. 16

Produción pesqueira nas zonas IV (Muros), V (Fisterra) e VI (Costa da Morte). Ano 2019

Lonxa	Cantidade (t)	Valor (miles euros)	Prezo (euros/kg)
Esteiro	111	903	8,14
Muros	986	3.334	3,38
Noia	2.771	20.735	7,48
Porto do Son	520	929	1,79
Portosín	5.753	4.782	0,83
Carnota (Lira)	159	974	6,13
Carnota (O Pindo)	0,40	36	90,00
Corcubión	195	1.197	6,14
Fisterra	541	3.131	5,79
Baldaio	11	66	6,00
Caión	0,00	0,00	0,00
Camariñas	4.306	4.486	1,04
Camelle	13	97	7,46
Corme	4	33	8,25
Laxe	336	1.415	4,21
Malpica	1.521	3.167	2,08
Muxía	12	84	7,00
Rio Anllóns	146	963	6,60
Totais	17.385	46.332	2,66

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería do Mar, *Estatísticas de Producción Pesqueira*, Plataforma Tecnolóxica da Pesca (<http://www.pescadegalicia.com>).

rante todo o ano (agás en outubro) superiores aos de 2018, grazas ao cal a facturación total do ano non diminuíu na mesma medida que o volume total.

A produción pesqueira total por zonas durante o ano 2019 amósase no cadro 12. A zona de maior produción, tanto en volume como en valor, foi a Zona I (Ría de Vigo). Séguese de preto a Zona VII (Coruña-Ferrol) en termos de volume, aínda que moito menos en valor. A continuación, en produción, están as Zonas III (Arousa) e IX (Mariña Lucense), quedando as restantes moi por debaixo. En termos de valor, tras a Zona I aparece a IX e, xa a máis distancia, as III e VII. A cotización media máis alta acadouse na Zona V (Fisterra), con 5,97 euros por quilogramo.

A produción pesqueira galega comercialízase a través das 62 lonxas distribuídas ao longo da costa. Na provincia de Pontevedra existen 22 lonxas (ver cadros 13-15). A principal é a do porto de Vigo, co 76,4% do volume. En 2019 a provincia produciu 44.058 toneladas (o 27,9% da produción galega). A facturación foi de 173,5 millóns de euros (o 37,3% do total) e o prezo medio de 3,94 euros. As principais especies comercializadas nesta provincia foron: peixe sapo, xurelo, rapante, castañeta, ameixa xaponesa e pescada.

A provincia da Coruña conta con 34 lonxas (ver cadros 15-18). A produción total da provincia en 2019 foi de 83.382 toneladas, o maior volume das tres provincias, e máis da metade do total vendido en Galicia (o 52,7%). A facturación acadou os 182,6 millóns de euros (o 39,3% do total) e o prezo medio foi de 2,19 euros/kg. As lonxas do porto da Coruña e de Ribeira acumulan o 73,7% do volume total comercializado na provincia. As especies que se comercializaron en maior cantidade foron: xurelo, lirio, pescada, xarda pintada, xarda, berberecho e sardiña.

Na provincia de Lugo localízanse 6 lonxas (ver cadro 19). Burela e Celeiro concentran o 99,8% da cantidade e do valor comercializado. A produción total en 2019 foi de 30.727 toneladas (o 19,4% do total de Galicia), cunha facturación de 108,8 millóns de euros (o 23,4% do total) e un prezo medio de 3,54 euros. As especies máis comercializadas foron: pescada, xarda, xurelo, bonito do norte, lirio, xarda pintada e boga.

O subsector da pesca conxelada desenvolve a súa actividade en augas internacionais e de terceiros países nos que operan empresas mixtas galegas. A frota pesqueira

Cadro núm. 17
Produción pesqueira na zona VII (Coruña- Ferrol). Ano 2019

Lonxa	Cantidade (t)	Valor (miles euros)	Prezo (euros/kg)
A Coruña (Confraría)	45	560	12,44
A Coruña (Lonja Coruña, S.A.)	33.780	69.136	2,05
Barallobre	90	738	8,20
Ferrol	156	1.265	8,11
Miño	15	99	6,60
Mugardos	29	259	8,93
Pontedeume	17	197	11,59
Sada	487	412	0,85
Totais	34.619	72.666	2,10

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería do Mar, *Estadísticas de Producción Pesqueira*, Plataforma Tecnolóxica da Pesca (<http://www.pescadegalicia.com>).

Cadro núm. 18
Produción pesqueira na zona VIII (Cedeira). Ano 2019

Lonxa	Cantidade (t)	Valor (miles euros)	Prezo (euros/kg)
Cariño	869	2.227	2,56
Cedeira	1.230	6.144	5,00
Espasante	32	101	3,16
Totais	2.131	8.472	3,98

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería do Mar, *Estadísticas de Producción Pesqueira*, Plataforma Tecnolóxica da Pesca (<http://www.pescadegalicia.com>).

Cadro núm. 19
Produción pesqueira na zona IX (Mariña lucense). Ano 2019

Lonxa	Cantidade (t)	Valor (miles euros)	Prezo (euros/kg)
Burela	17.517	63.715	3,64
Celeiro	13.154	44.892	3,41
Foz	0,20	7,00	35,00
O Barqueiro	48	90	1,88
O Vicedo	33	40	1,21
Ribadeo	23	149	6,48
Totais	30.775	108.893	3,54

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería do Mar, *Estadísticas de Producción Pesqueira*, Plataforma Tecnolóxica da Pesca (<http://www.pescadegalicia.com>).

aplicación de novas regulacións máis áxiles, a perda de confianza de boa parte dos operadores vigueses dificulta a recuperación do antigo tráfico de contedores.

Impacto da COVID-19 na produción pesqueira de 2020

O estado de alarma decretado debido á pandemia de coronavirus tivo importantes consecuencias económicas para a pesca galega. As lonxas sufriron unha caída do 26,3% na facturación, ao perderen 19,7 millóns de euros en vendas. Entre o inicio do estado de alarma, o 15 de marzo de 2020, e o final do mesmo en Galicia o 15 de xuño, desembarcáronse 26.440 toneladas de peixe fresco na comunidade e facturáronse 55,4 millóns de euros. No mesmo período de 2019 vendéronse 24.435 toneladas, un 8,2% menos, pero os resultados económicos alcanzaron os 75,1 millóns de euros. Polo tanto, o prezo medio caeu un 32%, aínda que se recuperou tras rematar o confinamento. O peche da canle Horeca (hoteis, restaurantes, cafés e bares) é o principal motivo desta redución de prezos e facturación, xa que a caída da demanda practicamente non se trasladou ao consumidor. O cadro 20 permite observar o impacto producido polo estado de alarma na produción pesqueira das distintas zonas costeiras de Galicia. Malia que as descargas se mantiveron ou aumentaron lixeiramente en toda a comunidade, tanto a facturación como os prezos caeron sen excepción en todas as zonas costeiras. A maior caída da facturación produciuse na Zona III (6 millóns de euros), seguida da Zona I (4,5 millóns de euros).

Só dúas das dez primeiras especies por facturación aumentaron o seu prezo medio durante este período: a castañeta (2,3 euros o quilo) e o rapante (3,9 euros o quilo). O prezo medio da pescada, a principal especie en valor, caeu en máis de 80 céntimos o quilo (2,98 euros); o do peixe sapo, a segunda especie máis valorada, en un euro e medio (3,84); o do polbo en 1,2 euros e o da sardiña en 30 céntimos. O groso do sector marisqueiro paralizou a actividade ata que comezaron a abrir os restaurantes.

conxeladora (galega, de empresas mixtas ou de embarcacións abandeiradas noutros países), ou ben os buques mercantes e portacontedores, desembarcan o peixe conxelado nos portos de Vigo e Marín, ademais de nos de Vilagarcía de Arousa, Ribeira e A Pobra do Caramiñal; estes dous últimos especializados nas descargas de túnidos para a industria conserveira. O porto de Vigo é o máis representativo de Galicia en volume de peixe conxelado comercializado, constituindo tamén un dos puntos de referencia a nivel mundial. Entre o 80% e o 85% deste volume chega ao porto en contedores procedentes dos países onde faenan os buques das sociedades mixtas, rexistrándose polo tanto como importacións de peixe conxelado; mentres que o 15% ou 20% restante desembárcase directamente no porto de Vigo pola frota conxeladora galega de grande altura. En 2019 desembarcáronse en Vigo 563.309 toneladas de peixe conxelado, das cales 493.239 chegaron en contedores e 70.070 foron descargadas por pesqueiros. O volume total experimentou un descenso dun 9,9% con respecto a 2018, cando se rexistraron 649.691 toneladas. A principal causa desta baixada é que miles de toneladas de peixe conxelado seguen entrando na península por Leixoes, a terminal do Porto, debido aos problemas habidos nos últimos anos en relación co posto de inspección fronteiriza de Vigo. A pesar das melloras realizadas no PIF, coa

Cadro núm 20

Comparativa da produción pesqueira durante o estado de alarma de 2020 e o mesmo período de 2019

Zona	15 marzo - 15 xuño 2020			15 marzo - 15 xuño 2019		
	Cantidade (tm)	Valor (miles de euros)	Prezo (euros/kg)	Cantidade (tm)	Valor (miles de euros)	Prezo (euros/kg)
Zona I - Ría de Vigo	4.733	14.810	3,13	4.732	19.316	4,08
Zona II - Pontevedra	336	812	2,42	458	2.004	4,38
Zona III - Arousa	5.277	9.074	1,72	5.321	15.076	2,83
Zona IV - Muros	388	727	1,87	617	1.836	2,98
Zona V - Fisterra	175	866	4,95	180	965	5,36
Zona VI - Costa da Morte	571	1.005	1,76	730	1.741	2,38
Zona VII - Coruña-Ferrol	5.223	8.580	1,64	4.897	11.573	2,36
Zona VIII - Cedeira	357	984	2,76	523	1.696	3,24
Zona IX - Mariña Lucense	9.380	18.548	1,98	6.977	20.929	3,00
Totais	26.440	55.406	2,10	24.435	75.136	3,07

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería do Mar, *Estadísticas de Producción Pesqueira*, Plataforma Tecnolóxica da Pesca (<http://www.pescadegalicia.com>).

A crise da COVID-19 tamén afectou a frota galega de grande altura. A frota atuneira que traballa no océano Índico sufriu en xuño a aparición de 70 casos de coronavirus, que obrigaron a paralizar a súa actividade e amarrar máis de vinte buques en Seychelles ata que se controlou o brote. En xullo a frota retomou a súa actividade.

Cadro núm 21

Cotas pesqueiras para España. Ano 2020

Especie	Zona ICES	Cota España 2020	Variación % 2019-2020
Brosmio	V, VI e VII	60	0,0
Anchoa	VIII	28.702	-3,4
Boquerón	IX, X, COPACE 34.1.1	8.930	30,0
Rapante	VI	671	2,1
	VII	5.620	3,3
	VIIIa, VIIIb, VIIIc, VIIIe VIIIc, IX, COPACE 34.1.1	993 2.143	5,3 24,0
Peixe sapo	VI	307	-30,4
	VII	1.296	7,0
	VIIIa,b,d,e	1.372	7,6
	VIIIc, IX	3.353	-3,4
Mertán	VIII	1.016	0,0
	VI, VII	18.667	-20,6
Pescada	VIIIa,b,d,e	12.996	-19,0
	VIIIc, IX, COPACE 34.1.1	5.600	-5,5
Lirio	I-XIV (agás VIIIc e IX)	42.258	2,1
	VIIIc, IX, X, COPACE 34.1.1	35.806	1,6
Maruca azul	Vb, VI, VII	356	-2,0
	Zona augas internacionais de XII	132	-40,2
Maruca	VI, VII, VIII, IX, X, XII, XIV	3.361	0,0
	VI, Vb	32	5,3
Lagostino	VII	1.009	-15,0
	UF 16 (incluída en zona VII)	795	-0,3
	VIIIa,b,d,e	233	0,0
	VIIIc	3	35,0
	IX, X, COPACE 34.1.1	97	-3,7
Solla	VIII, IX, X, COPACE 34.1.1	59	-10,1
	VI	3	-40,1
Abadexo	VII	16	-30,0
	VIIIa,b,d,e	252	0,0
	VIIIc	187	-10,0
	IX e X, COPACE 34.1.1	246	-9,9
Fletán negro	II, IV e augas internacionais de Vb e VI	4.648	-
	Vla,b, VIIa-c e VIIe-k	1.111	0,0
Raia	Zonas VII fg	21	0,0
	Zona VII DE (Raia ondulada)	23	30,0
	VIIIc e IX	1.472	0,0
Xarda	VI, VII, VIIIabde, VB, XII, XIV	25	41,5
	VIIIc, IX, COPACE 34.1.1	34.708	41,1
Linguado	VIIIa, VIIIb	8	-5,3
	VIII cde, IX, X, COPACE 34.1.1	322	-20,0
Melga	I, V, VI, VII, VIII, XII, XIV	10	0,0
	Vlb, Vic, VIId	121	9,0
Xurelo	IIa - XIV	7.498	-39,9
	VIIIc	10.015	-40,7
	IX	30.237	24,3

Fonte: Elaboración propia a partir da Comisión Europea.

Xestión e conxuntura do sector pesqueiro galego

A continuación descríbese a conxuntura e acontecementos máis relevantes para a xestión e regulación do sector pesqueiro galego durante o ano 2019, agrupados nos eixos de xestión dos recursos, modernización e investimento dos recursos, galega e mellora da eficiencia enerxética, política comercial e industria de transformación pesqueira, e goberno.

Xestión dos recursos

1. Os TAC (totais admisibles de captura) e cotas de pesca para 2020 acadados no Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea, permiten á frota española contar con 285 mil toneladas en cotas, por un valor de arredor de 500 millóns de euros. A negociación estivo marcada por ser 2020 o ano de referencia previsto na Política Pesqueira Común para acadar o obxectivo de rendemento máximo sostible (RMS). España conseguiu minimizar o recorte do 20% proposto pola Comisión Europea para a cota de pesca sur (caladoiro nacional), que descendeu finalmente un 5% con respecto a 2019, mantendo a explotación en niveis de RMS. A cota de xurelo sur, cunha proposta de recorte do 50%, aumentou un 24%. O recorte do 40% proposto para o linguado do caladoiro nacional quedou nun 20%. A xarda incrementouse un 41% no cantábrico. No Gran Sol, o peixe sapo e o rapante aumentaron respectivamente un 7% e un 3%. O rapante tamén

incrementou a súa cota un 24% no Cantábrico Noroeste e no golfo de Cádiz. Producíronse recortes do 20% na pescada norte (augas de Escocia e Irlanda, Gran Sol e augas francesas do Golfo de Biscaia) e do 40,7% no xurelo do Oeste (Cantábrico), aínda que, para minimizar o impacto na frota que captura esta especie nesa zona, estableceuse un mecanismo de flexibilidade que permite transferir ata o 80% da cota do xurelo do norte (Gran Sol). A pesqueira de lagostino no Cantábrico permanece pechada desde 2017.

Durante 2020 mantense o acceso da frota europea ás augas do Reino Unido e a distribución actual das cotas entre o Reino Unido e os Estados membros. As negociacións entre o Reino Unido e a Unión Europea para establecer a futura relación en materia pesqueira a partir do ano 2021 están actualmente en marcha.

2. As cotas de xarda e xurelo repártense dentro do marco do plan de xestión para os buques dos censos do caladoiro nacional do Cantábrico Noroeste. Os criterios de repartición das cotas entre as comunidades con intereses na pesquería teñen sido novamente debatidos durante o ano 2019. Ás habituais protestas dos pescadores galegos sumáronse as dos asturianos, que tamén se consideran prexudicados pola cota de xarda. Asturias recibe o 14,7% da xarda que corresponde a España, e Galicia o 17,4%. O 67,9% restante pertence a Cantabria e País Vasco. A distribución este ano, aplicando eses mesmos criterios, de 2.362 toneladas de xarda obtidas por intercambios con terceiros países, foi o detonante das protestas. O País Vasco recibiu o 42%, Cantabria, case o 27% e Galicia e Asturias o 31% restante. Estas dúas últimas comunidades esixen unha modificación do sistema de repartición de cotas na que o criterio socioeconómico teña máis peso que o histórico. En 2019 desembarcáronse en Galicia 5.989 toneladas de xarda e 38.568 de xurelo.
3. O Plan de xestión e recuperación da sardiña en augas ibéricas das frots española e portuguesa foi elaborado polas dúas nacións, responsables do 100% das capturas deste stock, para aplicarse nos anos de 2018 a 2023. O plan contén unha regra de explotación coa que se pretende recuperar o nivel de biomasa ata un nivel que se sitúe antes de finais de 2023 en, polo menos, o 80% do valor de Blim (biomasa límite), segundo a avaliación do Consello Internacional para a Exploración do Mar (ICES) de outubro de 2017. Esta regra de explotación determina un nivel de capturas anuais inferior á mortalidade por pesca que produciría o máximo rendemento sostible (Frms) sempre que non se alcance a biomasa obxectivo do 80% de Blim, fixándose entón no valor que produciría o rendemento máximo sostible (na súa avaliación de 2017, Frms=0,12). España e Portugal acordaron no mesmo plan establecer unha distribución do posible límite anual de capturas de xeito provisional e mentres dure. España é responsable do 33,5% das capturas máximas acordadas cada ano en función da aplicación do plan, mentres que Portugal representará o 66,5%. Os dous países pactaron para 2019 unha cota de 10.799 toneladas; das que 7181,3 corresponden a Portugal e 3617,7 a España.

En xuño de 2019, o ICES publicou, a instancias de España e Portugal, un novo informe no que recomendaba non pescar máis de 7 mil toneladas de sardiña ibero-atlántica. A poboación continúa en baixa produtividade desde 2006, cando a biomasa da especie era de case 650 mil toneladas. En 2018 era de menos de 150 mil. Segundo o ICES, ningunha das regras de explotación incluídas no plan acordado por España e Portugal coincide cos criterios de precaución dos científicos. A fórmula gradual para manter os puntos de referencia e lograr un aumento interanual do 5% na biomasa de desove permitiría alcanzar o obxectivo para 2022. O informe atribúe a baixa produtividade da sardiña ao escaso recrutamento da última década, consecuencia dunha combinación de capturas por enriba do recomendado e cambios no medio ambiente. O sector rexeitou as conclusións do informe, citando os bos resultados obtidos nas campañas científicas realizadas en 2018 (*Pelacus*, *Pelago* e *EcoCádiz*). En función disto reclamou unha actualización á alza da limitación de pesca a 30 mil toneladas para 2020, que finalmente quedaron en 19.106 toneladas.

4. Desde o 1 de xaneiro de 2019, e tras un proceso gradual de entrada en vigor que comezou o 1 de xaneiro de 2015, a normativa de obriga de desembarque para a frota española ten carácter xeral para todas as especies con TAC e cotas no Atlántico e todas as especies con talle mínima de referencia para a conservación no caso do Mediterráneo, prohibindo polo tanto os descartes de todas estas especies. O obxectivo da obriga de desembarcar todas as capturas é que as frots busquen unha mellora permanente da selectividade, de xeito que se deixen de capturar as especies que, polo seu tamaño ou o seu mal estado biolóxico, deban protexerse e reducir a súa mortalidade co fin de mellorar o estado destas poboacións.

Os pescadores galegos comezaron o ano con incertezas polo descoñecemento da aplicación da norma e a posibilidade de ter que amarrar os seus barcos ante a eventualidade de pescar "especies de estrangulamento". Con todo, o balance do primeiro ano de aplicación sen restricións da normativa foi positivo para o sector, que puido cumprir coa regulación adaptando diversas normativas ao longo do ano segundo as súas necesidades, o cal permitiu manter a actividade de todos os segmentos da frota. O arrastre, como arte multiespecífica, ía ser potencialmente o segmento máis afectado. Porén, como exemplo, os 13 barcos de arrastre de Pesca Galicia-Arpega-O Barco, cunha descarga total de 9 mil toneladas, xeraron durante o último ano 66 toneladas de descartes, tan só un 0,7% do total. Por outra banda, a Resolución de 6 de marzo de 2020, da Secretaría General de Pesca, fai pública unha lista de especies para 2020 que dispoñen dunha exención á obriga de desembarque por alta supervivencia.

5. O Plan xeral de explotación marisqueira para o ano 2019, aprobado pola orde de 20 de decembro de 2018 e publicado no *Diario Oficial de Galicia* o 31 de decembro de 2018, prorrogouse ata o 31 de decembro de 2020. O día 9 de decembro de 2019 tivo lugar a publicación do decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas. Unha das principais novidades da norma é o establecemento de plans de xestión de marisqueo de vixencia trianual, nos que xunto á planificación da explotación dos recursos, teranse en conta aspectos de carácter medioambiental e socioeconómico. Por outra banda, de acordo coa disposición transitoria primeira e a disposición transitoria segunda do decreto, todos os plans de xestión de marisqueo aprobados para 2019 ven prorrogada a súa vixencia nas mesmas condicións de aprobación. No caso dos plans de marisqueo de recursos xerais, tanto en zonas de autorización como en zonas de libre marisqueo mediante plan específico, a vixencia prorrógase ata o 31 de decembro de 2020; data tras a cal terá inicio o primeiro período de plans trianuais para os recursos marisqueiros xerais (2021-2023).

No caso dos plans de recursos específicos, a súa vixencia prorrógase ata o 31 de decembro de 2021: data a partir da que terá inicio o primeiro período de plans trianuais para os recursos específicos (2022-2024).

Igualmente, as normas de extracción en zonas de libre marisqueo non sometidas a plan e os períodos autorizados para a extracción de crustáceos establecidos no Plan Xeral de explotación marisqueira para o ano 2019 prorróganse nas mesmas condicións ata o 31 de decembro de 2020.

No decreto régulase a figura dos plans de xestión de nova incorporación, que as entidades poderán presentar para un período inferior a tres anos para recursos, ámbitos zonais ou útiles, equipos e técnicas de marisqueo regulamentarios, diferentes aos plans de xestión trianuais aprobados para un período, e que se poderán autorizar para determinar a viabilidade da explotación antes da súa aprobación como plan de xestión trianual. Deste xeito, xunto ás fichas dos plans de 2019 prorrogados, poderanse incluír fichas de plans de nova incorporación de recursos xerais con vixencia en 2020 e de recursos específicos con vixencia en 2020 e 2021.

Modernización e investimentos na frota galega e mellora da eficiencia enerxética

1. A Consellería do Medio Rural e do Mar destinou en 2019 un total de 797.558,75 euros ás axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para propietarios de buques pesqueiros, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca. A orde do 5 de decembro de 2019 establece as bases e regula o procedemento para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de estas axudas, e convoca para o ano 2020 o devandito procedemento, tramitado como expediente anticipado de gasto. As axudas concédense con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias que figuran dotadas no proxecto de orzamento de gastos da Consellería do Mar para o ano 2020, e o importe total máximo das subvencións que se concedan neste exercicio orzamentario para cada unha delas, segundo a finalidade, será o seguinte: 237.688,50 euros para limitar o impacto da pesca no medio mariño e adaptación da pesca á protección das especies; 222.406,01 euros para mellorar a hixiene, saúde, seguridade e condicións de traballo; 100 mil euros para mellorar a eficiencia enerxética e mitigar o cambio climático; 67.390,54 euros para cambio de motores; 145.073,70 euros para aumentar o valor engadido, a calidade dos produtos e a utilización de capturas non desexadas, e 25 mil euros para servizos de asesoramento para fomentar a pesca sustentable.

2. A orde do 26 de abril de 2019 da Consellería do Medio Rural e do Mar establece as bases reguladoras xerais e convoca para o ano 2019, en réxime de concorrencia competitiva, axudas a proxectos colectivos, financiados polo FEMP, que contribúan á protección e recuperación da biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas, así como ao fomento da sensibilización ambiental. O importe máximo das subvencións concedidas no ano 2019 estableceuse en 3.440.000 euros e distribuiranse nas seguintes anualidades: anualidade 2019, 1.720.000 euros; anualidade 2020, 1.720.000 euros.
3. A orde do 11 de xuño de 2019 da Consellería do Medio Rural e do Mar establece as bases reguladoras xerais e a convocatoria, para o ano 2019, para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, ás organizacións de produtores pesqueiros do sector dos produtos da pesca e da acuicultura no ámbito exclusivo da comunidade autónoma de Galicia, para a preparación e aplicación dos plans de produción e comercialización, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca. A contía máxima das subvencións estableceuse en 1.559.002,62 euros.
4. A orde do 12 de decembro de 2019 da Consellería do Medio Rural e do Mar establece as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para investimentos produtivos, incremento da eficiencia enerxética e fomento da reconversión das empresas acuícolas a fontes de enerxía renovables, e para a obtención de servizos de asesoramento de carácter técnico, científico, xurídico, ambiental ou económico no ámbito da acuicultura, cofinanciadas co FEMP, e procede á súa convocatoria para o ano 2020, tramitada como expediente anticipado de gasto. O importe máximo das subvencións será de 10.430.000 euros en total para os anos 2020 e 2021.
5. A orde do 20 de decembro de 2019 da Consellería do Medio Rural e do Mar establece as bases reguladoras xerais e a convocatoria, para o ano 2020, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a proxectos de rexeneración que permitan mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros con problemas de perda de produción e que contribúan a unha mellora da xestión e conservación sostibles dos recursos mariños, tramitada como anticipado de gasto. As axudas reguladas na presente convocatoria fináncianse con fondos propios da comunidade autónoma de Galicia. O importe máximo das subvencións que se concedan no ano 2020 será de 300 mil euros nunha única anualidade 2020.

Política comercial e industria de transformación pesqueira

1. A orde do 5 de decembro de 2019 establece as bases e regula o procedemento tramitado como expediente anticipado de gasto para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para investimentos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e da acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e convoca estas axudas para o ano 2020. Os importes máximos das subvencións que se concedan ascenderán a 17 millóns de euros distribuídos nas seguintes anualidades: anualidade 2020, 7 millóns de euros; anualidade 2021, 10 millóns de euros.
2. O sector galego da conserva afiánzase como primeiro produtor de Europa e segundo do mundo. Dentro de España, Galicia representa o 80% da produción, o 70% da facturación e o 60% do emprego. A Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados y Mariscos (ANFACO) conta con 252 empresas asociadas en España, que xeran 26 mil empregos. En 2019 o sector produciu un total de 352.112 toneladas e facturou 1.674 millóns de euros; un 0,3% máis que o ano anterior a pesar de que o volume producido diminuíu na mesma proporción. As conservas de atún seguen a ser o principal produto, representando máis do 68% do volume total. As exportacións de conservas de peixe e marisco medraron nos últimos cinco anos un 25% en volume e un 40% en valor. En 2019 acadaron un máximo histórico a pesar da retardación do seu crecemento, con 206.440 toneladas e 993 millóns de euros. Os cinco destinos principais para as exportacións de conservas en 2019 foron Italia, Francia, Portugal, Holanda e Alemaña, destacando o crecemento do volume de vendas un 15% en Portugal e un 12% Francia, e, en menor medida, en Romanía, Polonia, Bélxica, Croacia, Estados Unidos e Marrocos. Por outra banda, sobresaí o forte descenso do 22% no Reino Unido. Xa en 2020, Turquía incorporouse con forza ao grupo de países importadores. Entre os retos que afronta o sector conserveiro están a innovación en produtos e a modernización de sistemas de produción, cunha maior robotización de procesos.

Goberno

1. Acordos de pesca

A Unión Europea e Sao Tomé e Príncipe asinaron en abril de 2019 un novo acordo pesqueiro que permitirá a unha vintena de embarcacións vascas e galegas volver aos caladoiros que tiveron que abandonar despois de finalizar o protocolo anterior o 22 de maio de 2018. Este acordo durará cinco anos e ofrecerá posibilidades de pesca a 26 cerqueiros atuneiros comunitarios e 6 palangreiros de superficie, a cambio dunha contribución económica anual de 400 mil euros para o acceso aos recursos máis outros 440 mil euros de apoio sectorial.

En maio de 2019 asinouse un novo acordo entre a UE e a República de Cabo Verde, que permitirá a 45 buques vascos e galegos regresar a este caladoiro. O protocolo anterior finalizara o 22 de decembro de 2018. A contrapartida financeira anual será de 400 mil euros por acceso a recursos máis outros 350 mil euros para apoio sectorial. A duración do acordo será de 5 anos.

A renovación do acordo UE-Marrocos entrou en vigor o 18 de xullo de 2019, unha vez aprobados todos os trámites para a súa conclusión e sinatura por ambas as partes, e estará vixente ata o 17 de xullo de 2023. O protocolo permitirá a un máximo de 138 buques de once países europeos pescar fronte ás costas de Marrocos, incluída España, aos que se asignaron 92 licenzas. Andalucía, Canarias e Galicia son as comunidades autónomas máis beneficiadas.

A UE e Senegal pactaron en xullo de 2019 un novo acordo de pesca para substituír o anterior, que finalizaría o 19 de novembro. Das 45 licenzas que se ofrecen para embarcacións europeas, polo menos 28 serán para buques españois, principalmente, galegos, vascos e canarios. A contrapartida financeira é de 1,7 millóns de euros; dos que 900 mil irán destinados a apoiar o sector pesqueiro do país.

En setembro de 2019 Mauritania e a UE acordaron prorrogar o actual protocolo de pesca entre as dúas partes ata novembro de 2020, se ben posteriormente decidiuse estendelo ata novembro de 2021. Trátase do acordo máis importante entre a Unión Europea e un terceiro país en materia pesqueira. Beneficia a un total de 50 buques españois, de varias modalidades, de Galicia, Canarias, Andalucía e País Vasco. Entre eles hai 11 embarcacións marisqueiras, 11 embarcacións de cerco conxelador, 7 atuneiros de punta e liña, 11 embarcacións dedicadas ao peixe dentado, 4 palangreiros de superficie e 6 palangreiros de fondo.

2. Negociacións do Brexit

A retirada do Reino Unido da Unión Europea, inicialmente prevista para o 29 de marzo de 2019 e posteriormente adiada ao 31 de outubro dese ano, produciuse finalmente o 31 de xaneiro de 2020. Durante o período de transición que rematará o 31 decembro de 2020, o Reino Unido seguirá a formar parte do mercado único e da unión aduaneira, mentres negocia a futura relación comercial coa UE en diferentes áreas, incluída a pesca. Despois da novena rolda de negociacións (outubro de 2020), a cuestión das augas territoriais británicas e, polo tanto, do acceso aos caladoiros, segue a ser un dos principais obstáculos para alcanzar un acordo comercial satisfactorio. O Reino Unido quere recuperar estas augas na súa totalidade, excluindo os restantes pescadores europeos do acceso ás mesmas. Defende, polo tanto, o seu *Fisheries Bill*, que establece a autonomía do país para operar como un Estado costeiro independente e xestionar a actividade pesqueira nas súas augas, decidindo quen, como e cando pode pescar nelas. Con base na súa nova condición legal como Estado costeiro, o Reino Unido pretende replicar o modelo de relacións pesqueiras coa UE doutros Estados costeiros europeos como Noruega ou Islandia.

En xuño de 2020, co obxectivo de renovar o apoio de Galicia á frota pesqueira galega e europea na defensa dos seus intereses, a Xunta promoveu unha segunda "Declaración de Santiago", despois da asinada en outubro de 2017 e denominada formalmente "Declaración das comunidades pesqueiras europeas sobre o futuro do sector pesqueiro en Europa despois do Brexit". Este primeiro manifesto contou con 400 seguidores de todo o sector marítimo-pesqueiro europeo. A nova declaración reafirma a importancia da pesca para as comunidades costeiras e o obxectivo de convertela nunha prioridade nas negociacións do Brexit. Como na anterior ocasión, o documento enviouse ás autoridades europeas co obxectivo de incorporar outros responsables de rexións e cidades europeas con intereses no sector pesqueiro ao chamamento presentado ao comisario europeo para as negociacións do Brexit, ao presidente do Consello Europeo e aos xefes de Estado e de Goberno da UE; no sentido de que tomen as medidas nece-

sarias “para garantir o futuro social e económico das comunidades pesqueiras e da súa industria a través dun acordo a longo prazo co Reino Unido que faga xustiza ás comunidades de pescadores e aos seus pobos”.

O Brexit afecta a uns 140 buques galegos ou propiedade de armadores da comunidade que faenan en augas británicas (Gran Sol e Malvinas) e empregan a máis de 1.700 tripulantes. A ausencia dun acordo dificultaría a descarga de produtos pesqueiros tanto nos portos británicos como nos portos comunitarios e provocaría importantes obstáculos administrativos, arancelarios e sanitarios. No caso da frota galega das Illas Malvinas, o principal problema vén dado polos aranceis, que, de non chegar a un acordo, serían do 6% no caso da captura principal, o calamar *Loligo*, e incluso do 18% noutros produtos pesqueiros. Esta perspectiva tamén lle preocupa ao sector pesqueiro de Malvinas, representado na FIFCA (Asociación de Empresas Pesqueiras de Malvinas) e ao goberno das illas, dado que as exportacións pesqueiras malvinas representan o 40% do seu PIB. Debido a isto, fixo presión sobre o goberno británico durante as negociacións do Brexit para que liberase por completo de aranceis as capturas realizadas nas súas augas. Esta medida beneficia considerablemente a Galicia, xa que as exportacións de Malvinas á UE corresponden na súa gran maioría a empresas galegas, e máis do 90% entran na UE polo porto de Vigo. A proposta malvina foi aceptada polo goberno británico, que propón agora un arancel cero para os calamares nas negociacións coa UE, argumentando que a cuestión de Malvinas é de interese para ambas as partes. Para a Alianza Pesqueira Europea (EUFA), que representa os intereses do sector pesqueiro da UE nas negociacións, este resultado é positivo, xa que supón un achegamento ao *statu quo* previo ao Brexit que demandan para outras áreas clave como o Gran Sol, e que centra en gran parte as negociacións en curso.

3. Medidas adoptadas fronte á COVID-19

Coa finalidade de afrontar as consecuencias da pandemia de coronavirus, o sector pesqueiro galego recibirá axudas tanto da Xunta de Galicia como do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA); estas últimas cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e Pesqueiro. Segundo a Consellería do Mar, as perdas acumuladas durante o estado de alarma ascenden a 25 millóns de euros en primeira venda, case 60 millóns de euros en perdas inducidas pola falta de actividade e máis de 500 millóns de euros no conxunto da cadea mar-industria.

A Xunta de Galicia deseñou o plan Avantemar para promover a recuperación do seu complexo mar-industria despois da crise sanitaria. O plan ten un orzamento de 77 millóns de euros para 2020 e 14 millóns para 2021. O seu obxectivo é atender todos os sectores e subsectores do ámbito marítimo-pesqueiro, e fai especial fincapé naqueles profesionais que non se benefician das axudas e medidas deseñadas polo MAPA ao abeiro da modificación do FEMP. Entre estes últimos inclúense os buques que mantiveron a actividade durante o estado de alarma e as redeiras, polo que o plan Avantemar destina 7,3 millóns de euros aos armadores que permaneceron activos durante a pandemia e sufriron perda de ingresos, e 400 mil euros para as redeiras que viron caer os seus pedidos como resultado da completa paralización da actividade de moitos barcos pesqueiros. As embarcacións deben estar radicadas en Galicia, estar inscritas no rexistro pesqueiro galego e sufrir, no período comprendido entre o 14 de marzo e o 15 de maio de 2020, unha caída da facturación superior ao 25% debido a vendas realizadas nas lonxas de Galicia en relación coa media obtida no mesmo período dos tres anos anteriores (2017, 2018 e 2019). No caso das redeiras, poderán beneficiarse destes apoios as autónomas e asociadas a calquera das entidades galegas neste campo que realizaron a actividade de armado de redes no ano anterior á data de presentación da solicitude e que non se beneficiasen do cese da actividade habilitado despois da declaración do estado de alarma.

O real decreto 703/2020 do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación concede apoio a pescadores, armadores e organizacións de produtores de pesca e acuicultura co fin de compensar a paralización da actividade ou a diminución da facturación, por mor do peche dos negocios de hostalaría. As axudas gobernamentais teñen un orzamento de 30 millóns de euros e serán cofinanciadas polo FEMP nun 75% e o MAPA nun 25%. Entre 6 mil e 9 mil embarcacións españoas poderán optar ás axudas previstas. O período que se terá en conta para optar a este tipo de axuda está entre o 16 de marzo e o 15 de xullo de 2020. Poderán beneficiarse tanto os armadores como os tripulantes cuxas empresas non presentaron un procedemento para suspender os contratos ou cesar a actividade.


III. 2. Marisqueo e acuicultura

Pesqueiras e acuicultura, situación global

A acuicultura é o sector de produción de alimentos que experimentou unha maior expansión ao longo das últimas décadas, sendo a súa contribución tanto á produción global de alimentos como ao crecemento económico cada vez maior. Mentres que en 1950 o 16% do peixe e produtos derivados para consumo humano procedía da acuicultura, en 2016 esta actividade representa o 54% da produción total, incluíndo plantas acuáticas, e o 47% da produción de peixe e marisco a nivel mundial. Un exemplo claro do peso da acuicultura como fonte de alimento a nivel global vese no feito de que entre 2014 e 2016, cando a produción global estimada de acuicultura e pesca pasou de 193 a 202 millóns de toneladas, a produción global de acuicultura aumentou un 9% e, pola contra, as capturas descenderon un 0,4%.

A produción acuícola na UE aumentou en torno a un 24% desde 1990 e, aínda que rexistrou un leve retroceso do 2% desde o ano 2007, ten un peso cada vez maior no mercado de produtos do mar debido á tendencia decrecente das capturas pesqueiras a partir de 1990. En 2016, o 20% do peixe e marisco producido na UE procedía da acuicultura. España é o primeiro produtor, representando un 21% de peixe e marisco de acuicultura da UE, aínda que o seu peso se reduce ao 13% en valor debido ao baixo prezo de mercado do mexillón de Galicia, que supón o 74% do volume de produción deste sector.

O volume de produción de acuicultura en Galicia en 2019 foi de 268.132 toneladas, fronte ás 158.167 toneladas procedentes da pesca. A acuicultura de mexillón, cunha produción de 255.514 toneladas e un valor de 111,9 millóns de euros, representa o 59.9% da produción da Galicia mariñeira e o 16,5% dos ingresos (gráfico 1).



A industria do mexillón


A produción de mexillón é a base da acuicultura española e tamén do mundo do mar de Galicia. Cunha produción que supón máis do 60% dos desembarcos de produto fresco e un emprego a tempo completo de máis de 8.000 persoas, o cultivo do mexillón é por dereito a maior actividade produtiva do noso mar.

Producción e mercados

Ó longo dos últimos 13 anos (2007-2019) producíronse en Galicia unha media de 231.120 toneladas de mexillón de batea ao ano, dando lugar a unha facturación media de 100,79 millóns de euros/ano. No gráfico 2 podemos observar grandes fluctuacións interanuais cunha diferenza de 95.000 toneladas (54 millóns de euros) entre 2013 e 2018, que rexistraron, respectivamente a menor e a maior produción deste período. Esta gran variabilidade débese sobre todo á incidencia das mareas vermellas e, no caso do 2008, a graves conflitos entre organizacións mexilloeiras. Sorprende a estabilidade do prezo, de xeito que as fluctuacións de produción repercuten directamente na facturación total que se move nun abano entre os 74,5 millóns de euros de 2013 e os 128,5 millóns de euros de 2018.

Gráfico 2

Acuicultura de mexillón en Galicia, evolución 2007-2019



Máis aló da produción neta aportada polos mexilloeiros galegos, e malia os conflitos entre eles, moi agudos entre 2008 e 2010, e mesmo dos conflitos entre produtores e industria, cómpre deterse no destino da produción e tamén no tipo de produtos. Así, na serie analizada (gráfico 2, esquerda) o destino da produción, historicamente superior para industria (na proporción 60/40), atopa o seu punto de inflexión no ano 2007, cando se equilibran por metade o destino para fresco e para industria, superando logo en 2014 a produción para fresco o 65% do total e achegarse a partir de 2015 á proporción de 65/35. En termos de ingresos, o mexillón fresco (50% da produción) supuña en 2007 o 55% da facturación, dado que o seu prezo medio de venda era superior ao de industria (0,08 euros/kg), mentres que nos últimos anos a contribución de fresco e industria á facturación total é proporcional á produción destinada a cada mercado como consecuencia da homoxeneización dos prezos de venda.

Singular é o que toca á produción por tipo de mexillón para fresco (gráfico 2, dereita), onde se observa unha caída de máis de 10 puntos (do 22% de 2007 ao 8,7% de 2019) na produción de mexillón grande, un sensible descenso do mexillón mediano, e un incremento de case 15 puntos (de 52,3% a 68,4%) do mexillón pequeno; datos que xunto coa baixada de prezo de venda do mexillón grande manifestan a adaptación do sector ás demandas dos mercados.


Producción europea e mercados comunitarios

A produción mundial de mexillóns vén medrando desde os anos 70 ata superar os 2 millóns de toneladas ao ano en 2016. China, con case 1 millón, é o principal produtor, seguido de Chile (300.000), España con 250.000 producidas case na súa totalidade en Galicia, e Tailandia e Nova Zelandia (100.000 toneladas/ano). A diferenza do crecemento da produción mundial, a produción de mexillón na UE un retroce-

so, tras acadar o seu nivel máximo (600.000 toneladas/ano) a mediados dos anos 90, manténdose por debaixo do medio millón durante as dúas últimas décadas (Avdelas et al., 2020¹, FAO). Esta tendencia levou á identificación dun declive na acuicultura de mexillón en Europa (Avdelas et al., 2020), cando os datos mostran máis unha estabilización do sector.

Segundo os datos de Eurostat, o cultivo de mexillón representa o 37% da produción e o 11% dos ingresos da acuicultura na UE. A produción anual media da acuicultura de mexillón na UE durante a última década (2008-2018) foi de 447.903 toneladas, cun valor medio de 398 millóns de euros/ano. A variabilidade interanual na produción da UE, das 399.693 toneladas de 2013 ás 496.9431 de 2008, está fortemente influenciada pola produción de España, que, co 53% do total en 2018, é o primeiro produtor da UE. O segundo lugar é para Italia, que aporta o 14% da produción; seguida de Francia e os Países Baixos que aportan un 10% cada un. O resto de países produtores de mexillón, entre os que están Irlanda, Reino Unido e Grecia, teñen unha produción inferior ao 1% do total da UE (gráfico 3, esquerda). As producións de Italia e Francia sufriron caídas do 24% e o 35%, respectivamente, entre 2008 e 2018, mentres que a produción dos Países Baixos aumentou un 25%. Entre os responsables das fluctuacións na produción podemos destacar os peches prolongados por marea vermella, identificada como a principal causa das caídas de produción en Galicia, as mortalidades de verán sufridas en Francia, a aparición de enfermidades, a falta de semente con fluctuacións no recrutamento e mesmo a baixa rendibilidade.

Como podemos observar no gráfico 3 (dereita), o prezo medio do mexillón na UE mantívose arredor dos 0,9 euros/kg durante toda a década, acadando o seu valor máximo (1 euro/kg) en 2013 coincidindo coa caída da produción de mexillón de Galicia. O gráfico 3 tamén mostra grandes diferenzas entre países, con prezos que van desde os 0,55 euros/kg en España ata os máis de 2 euros/kg en Francia. O consumo aparente de mexillón na UE, estimado en 1,28 kg per cápita e ano, representa o 5% do consumo aparente de produtos do mar. Este consumo converte o mexillón nun dos principais produtos do mar no mercado europeo e xera unha demanda de 600.000 toneladas/ano. Tendo en conta a produción, consumo aparente e fluxos comerciais, estímase que a UE ten un nivel de autosuficiencia, ratio entre demanda do mercado e produción, do 82% para o mexillón.



Mercado europeo

A UE rexistrou un fluxo intracomunitario de 204.000 toneladas/ano de mexillón no período 2015-2019, das que o 85% foron produtos frescos. España e os Países Baixos son os principais exportadores de mexillón da UE, mentres que Francia, Países Baixos e Italia son os principais importadores. A pesar da súa alta produción, a UE ten un importante déficit no fluxo extracomunitario (104 millóns de euros/ano) debido á importación de mexillón conxelado e procesado, procedente principalmente de Chile (45.000 toneladas/ano) e Nova Zelandia (4.000 toneladas/ano). De acordo a González-Poblete et al. (2018)², o 93,1% da produción total de mexillón en Chile no ano 2014 foi para os mercados internacionais, sendo o 96,3% exportado como produto conxelado, o 3,6% como produtos enlatados e só o 0,01% como produtos frescos refrixerados. Enténdese por conxelado todo tipo de preparación, excepto a das conservas herméticas, das que máis do 90% se exportaron a España. E a exportación chilena incide nos mercados de Francia e Italia, ademais de España, Estados Unidos e Rusia.

¹Avdelas, L., Avdic-Mrvlje, E., Borges Marques, A. C., Cano, S., Capelle, J. J., Carvalho, N.... & Guillen, J. (2020). The decline of mussel aquaculture in the European Union: causes, economic impacts and opportunities. *Reviews in Aquaculture*.

²González-Poblete, E., Rojo, C., & Norambuena, R. (2018). Blue mussel aquaculture in Chile: Small or large scale industry?. *Aquaculture*, 493, 113-122.

Gráfico 4
Comercio exterior de mexillón en España





Gráfico 5
Comercio exterior de mexillón en España. Balance exportación-importación




Fluxo comercial de España

O mercado internacional do mexillón en España mostra unha sensible mellora nos fluxos de mexillón fresco e en conserva hermética (gráfico 4). En concreto, en 2019 importáronse 4583 toneladas de mexillón fresco (fronte ás máis de 8300 de 2016) e exportáronse 47.737 toneladas (35.000 en 2016). En 2019 importáronse 1195 toneladas de conxelado, procedentes case na súa totalidade de Nova Zelandia (90%) e exportáronse 4.285 toneladas; o que supón unha caída do 32% con respecto a 2018. (gráfico 5). Ao fluxo comercial de mexillón conxelado teriamos que sumar a importación (70 toneladas en 2019) e exportación (444 toneladas) de mexillón afumado e en salmoira, que a partir de 2017 se recolle nunha epígrafe independente da clasificación de produtos. A exportación de conservas non herméticas aumentou considerablemente nos dous últimos anos, pasando de 1500 toneladas en 2017 a 10.500 en 2019, e superando en case 2.000 toneladas o volume das importacións, pero deixando un déficit de 7,8 millóns

de euros en facturación. Podemos atribuír este aumento das exportacións de conservas non herméticas ás novas preparacións de mexillón en atmosfera e en precociñado da empresa Aguinamar. Tamén debemos salientar que a maior parte deste incremento nas exportacións de conservas non herméticas foi recibido por Francia (56%) e Italia (28%), compensando a caída nas exportacións de conxelados (gráfico 6).

En definitiva, a balanza comercial sitúase ao noso favor en mexillón fresco e conxelado, que acadan taxas de cobertura do 1071% e o 567%, e mellorou significativamente en preparados tanto herméticos como non herméticos. A caída das importacións de conservas herméticas en 2019 sitúa a taxa de cobertura nun 106%, o mellor dato da última década. Pola súa vez, o aumento das exportacións de preparados non herméticos incrementou a súa taxa de cobertura, pasando do 12% en 2016 ao 123% en 2019.



Estratexias de innovación e adaptación ao mercado

As estatísticas de produción e comercio exterior de mexillón mostran só esforzos da industria mexilloeira para mellorar a súa posición nos distintos mercados. No caso do mexillón fresco, onde as vanta-


xes comparativas eran maiores, adaptouse o tamaño do produto aos gustos do mercado, pasando de comercializar cinco tipos de mexillón a tres, axustando tamaños, acurtando os ciclos de cultivo, eliminando desdobres e buscando mellores rendementos en carne (Labarta e Fernández-Reiriz, 2019)³. Por outra parte, buscouse unha maior diferenciación do produto, desenvolvendo producións máis modernas, adaptadas aos novos hábitos de consumo e incrementando o seu valor engadido cunha maior incorporación de I+D. É o caso das formas de conservas non herméticas: atmosferas protectoras, pasteurizados, novas formas de conxelados, etc. (Labarta e Fernández-Reiriz, 2019). Isto fixo necesarios diferentes procesos de colaboración e integración empresarial co fin de dotar de maior dimensión competitiva e capacidade financeira ás empresas produtoras, depuradoras e distribuidoras. Finalmente, buscouse reforzar a imaxe de marca a través da denominación de orixe protexida "Mexillón de Galicia".

Dúas accións de grande importancia afectaron os mercados a partir do 2008: en primeiro lugar, o pulo dado por Mercadona ao mexillón tanto fresco como conxelado e en conserva, situando sobre todo o fresco como mercadoría de primeira orde. A esta acción sumáronse Gadis, Carrefour, Eroski-Vegalsa e mesmo Lidl. Isto levou a novos formatos de comercialización e ao aumento conseguinte da demanda deste tipo de produto. En segundo lugar, a capacidade innovadora do Grupo Linamar, que comezou comercializando mexillón fresco e que, tras a compra do 50% do seu capital polo Grupo Angulas de Aguinaga (controlado tradicionalmente por un fondo de investimento) pasou a desenvolver unha liña de produtos de mexillón de gama alta (V gama) e en conserva non hermética, ao que se sumaron outras empresas como o grupo Bateamar de Cambados ou a Empresa Barlovento no Grove.

Por último, a consolidación dos mercados europeos e o asentamento do mexillón no mercado español como produto cunha demanda en expansión, xunto cun volume de exportacións que supera as 40.000 toneladas/ano, fai que actualmente se abra a interrogante de se deberían manter, tanto a estratexia de limitar a produción adoptada a finais dos anos oitenta, como as posicións pouco activas no que toca ás mareas vermellas e ao seu control por parte da Administración ou polos grupos comerciais; pois da produción e da incidencia das mareas vermellas nos seus ciclos dependerá en gran medida a expansión dunha industria que, tras a da pesca, segue sendo clave do mar galego.

A COVID-19, o confinamento e a produción de mexillón no 2020

Co fin de analizar o impacto das limitacións impostas pola crise da COVID-19 na industria do mexillón en Galicia, e tendo en conta a falta de datos de produción para o ano en curso, centramos a nosa atención no fluxo comercial de mexillón fresco. No gráfico 7 (esquerda) vemos que as exportacións de mexillón fresco presentan un claro patrón estacional con valores máximos en outono (setembro-décembro), polo que a etapa de menor actividade económica corresponde á época de baixa actividade do sector derivada do seu ciclo biolóxico e rendimento en carne. Aínda así, vemos que as exportacións de mexillón fresco en 2020 caeron en torno ao 30% con respecto á media dos tres anos anteriores, salvo para os meses de abril e xullo. En abril, onde se decretaron dúas semanas de cese total de actividades non esenciais, a caída das exportacións foi do 50%, mentres que xullo rexistrou un aumento do 8% con respecto a media dos tres anos anteriores. O gráfico 7 (dereita) mostra un maior descenso das importacións, chegando a caer entre un 64% e un 83% entre marzo e maio.




³ Labarta, U. e Fernández-Reiriz, MJ. (2019). [The Galician mussel industry: Innovation and changes in the last forty years](#). Ocean & Coastal Management 167, 208-218

O marisqueo: produción e mercados de ameixas, berberecho e ostras

Permisos de marisqueo

O gráfico 8 mostra un descenso progresivo do número de permisos de marisqueo desde 2010, ata estabilizarse arredor dos 3.800 en 2014. O panel inferior do gráfico mostra tendencias opostas nos permisos de marisqueo de mulleres e homes. O número de mulleres con permiso de marisqueo, 3.887 en 2010 (91% dos permisos), sufriu un descenso do 33% na última década. Pola contra, o número de homes con permiso de marisqueo aumentou desde 394 en 2010 ata 1.114 en 2019 (30% dos permisos). Estes homes traballan principalmente no marisqueo a flote, alternando esta actividade coa pesca doutras especies distintas dos bivalvos, mentes que a principal actividade das mulleres é o marisqueo a pé. Esta diferenza no tipo de actividade explica as diferenzas na distribución por idades que se observan no panel inferior do gráfico.



O potencial marisqueiro de Galicia, estimado pola Unidade Técnica da Pesca de Baixura en 2006, describe 510 bancos marisqueiros que ocupan máis de 81 millóns de metros cadrados de beiramar, dos que o 60% se explotan desde embarcación e ocupan ao 36% dos mariscadores. O marisqueo a pé supón o 49% do emprego e explota menos dun terzo das superficies marisqueiras. As estimacións da Unidade Técnica de Pesca de Baixura tamén establecen que as colleitas de ameixas babosa e rubia superan o 20% do potencial estimado destas especies, mentres que para a ameixa fina e o berberecho as colleitas apenas supoñen o 6% e o 4% do potencial estimado, respectivamente. Non obstante, entre o potencial estimado e a realidade as diferenzas son significativas.

Ademais das concesións e autorizacións públicas das que proceden os datos anteriores, existen en Galicia 1.134 parques de cultivo de ameixa e berberecho en réxime de concesión administrativa a entidades privadas, dos que 988 están situados en Carril (Vilagarcía de Arousa).

Condicionantes ecolóxicos na produción marisqueira


A situación ecolóxica das rías, fortemente alterada polas achegas de augas residuais con alta carga orgánica e microbiolóxica, altera as condicións da cría de organismos. Segundo datos de Augas de Galicia, nas 19 rías galegas hai preto de mil puntos de vertedura e na metade deles detectouse a presenza de contaminación.

No mantemento da calidade ecolóxica inclúese tamén o control de epizootias detectadas (Anelo marrón, Perkinsus, Marteilia), tanto sobre as zonas de produción actuais, como sobre a semente e os adul-

tos das especies a introducir nos lugares de cultivo, ou mesmo nas depuradoras. O caso máis recente é o do berberecho, que sufriu unha alarmante caída nas colleitas en 2014.

Produción de ameixa e berberecho

Na gráfico 9 recóllese a evolución das colleitas de ameixas e berberecho entre 2001 e 2019. Observamos, tanto para ameixa como para berberecho un aumento da produción a partir do ano 2014. Este aumento é especialmente significativo no caso do berberecho, que viña arrastrando un importante retroceso, caendo das 5.000 toneladas recollidas en 2008 ás 1.200 toneladas en 2014. A partir de 2015 obsérvase un claro cambio de tendencia e, se aínda estamos lonxe dos valores de 2008, as 3500 toneladas recollidas en 2019 (1000 máis que en 2018) confirman a evolución positiva dos últimos anos.




Esta evolución débese fundamentalmente á recuperación da produción na ría de Arousa, segunda zona produtora de Galicia tras a ría de Noia, e que sufriu un forte devalo a partir de 2012 e grandes fluctuacións nos últimos catro anos. Mentres, as colleitas da ría de Noia se manteñen máis estables mesmo desde 2011. Logo da gran caída do berberecho producida pola infestación do parasito *Marteilia cochillia*, que provocou o devalo das colleitas, sobre todo, nos bancos naturais do fondo da ría de Arousa. Os programas de investigación da Xunta de Galicia, ben de selección de resistentes ou mesmo de híbridos con berberecho birollo, *Cerastoderma glaucum*, sufriron roubos repetidos dos berberechos experimentais obtidos en dúas ocasións: a primeira en 2016 e a segunda neste outono de 2020. Malia todo, a propia selección natural de resistentes á *Marteilia* explica esa incipiente recuperación das colleitas do berberecho na ría de Arousa a partir de 2015. As rías de Arousa e Noia acumulan, respectivamente, o 40% e 30% dos permisos de marisqueo e presentan a mesma tendencia descrita anteriormente para toda Galicia.

No que respecta á ameixa, o grande aumento da produción entre 2014 (3.704 toneladas) e 2019 (6.731 toneladas) débese fundamentalmente a que se triplicou a produción de ameixa xaponesa que, con 4.815 toneladas en 2019, representa o 71,5% do total da produción. As producións de ameixa babosa e fina aumentaron un 14% e un 33%, con respecto a 2018. Pola contra, a ameixa rubia sufriu unha caída do 33%. Os prezos de ameixa fina e xaponesa experimentaron un descenso inferior ao 5% respecto a ese

mesmo ano, mentres que a caída de produción da ameixa rubia vén acompañada dun aumento do 24% no seu prezo. Pola súa parte, o prezo de berberecho segue a tendencia lixeiramente crecente dos últimos anos, a pesar de subir a produción.

Gráfico 10
Producción de berberecho en Galicia (toneladas)



O mercado internacional de ameixa

Tal como podemos observar no gráfico 11, España presenta un importante déficit de produción de ameixa, a pesar de que en 2019 se duplicaron as exportacións de ameixa (2.048 toneladas) aumentando a taxa de cobertura do 6% ao 12%, dado que o volume de importacións se mantivo estable. En 2019 España importou 16.917 toneladas de ameixa procedentes sobre todo de Italia (37%), Portugal (32%), Francia (14%) e Países Baixos (11%). O gráfico 12 (esquerda) mostra que Italia foi o principal provedor de ameixa de España durante a última década, mentres Portugal foi gañando peso a partir de 2011 en detrimento de Reino Unido, Francia e Países Baixos. Se atendemos ás exportacións, os principais destinos das 2048 toneladas de ameixa exportada en 2019 foron Italia (58%), Francia (25%) e Países Baixos (18%). O gráfico 12 (dereita) mostra importantes cambios nos socios comerciais ao longo da última década, xa que ata 2012 o noso principal cliente era Portugal, que só recibiu o 3% das exportación de 2019, mentres que Italia e Francia pasaron de ter un peso discreto a seren os dous principais compradores. A este balance cómpre engadir as importacións de ameixa conxelada, que suman outras 4.000 toneladas; das que Chile (33%) e Korea (14%) son os principais provedores extracomunitarios. Este relevante desfase entre as 24.000 toneladas de ameixa importada e as case 6.700 toneladas producidas en 2019 en Galicia pon de manifesto a baixa capacidade do sector para satisfacer a demanda do mercado nacional, polo que se fai necesario buscar alternativas que permitan mellorar esta situación.

Gráfico 11
Comercio exterior de ameixa en España (en toneladas)





Gráfico 12
Comercio exterior de ameixa en España (en toneladas)




A COVID-19, o confinamento e as producións de ameixas e berberechos en 2020

Acudindo ás vendas en lonxa nos meses de 2020, e comparando coas colleitas de 2017 a 2019 tamén por meses para cadansúa especie no gráfico 13, podemos observar que o confinamento entre marzo e xuño tivo efectos nas colleitas. O maior impacto sufriuse no mes de abril, con caídas de produción arredor do 80% con respecto á media dos anos anteriores tanto nas ameixas babosa, fina e rubia, como no berberecho, mentres que no caso da ameixa xaponesa a caída foi do 55%. No mes de xuño vese unha certa recuperación con caídas que van do 15% para a ameixa xaponesa ata o 31% da ameixa babosa. Debemos ter en conta que a forte estacionalidade do cultivo de berberecho, que concentra a maior parte da produción a partir de outubro, fai que o efecto das perdas observadas durante o confinamento sexa relativamente baixo en caso de recuperar a actividade normal a finais de ano.

Gráfico 13
Evolución mensual da produción de ameixa e berberecho en Galicia (toneladas)



Gráfico 14
Produción de ostra en Galicia



Producción de ostra

A produción de ostra, tanto europea como xaponesa, chega en España ás 1.107 toneladas, cun valor en primeira venda de 4,2 millóns de euros. Tras a caída sufrida desde 2011, a produción de ostra en Galicia experimentou un incremento do 22% en 2019, con 918 toneladas, fronte ás 754 recollidas en 2018 (gráfico 14). Seguindo o patrón dos últimos anos, a ostra rizada representa o 57% do total da produción de ostra.

As instalacións de criadeiras e maternidades

A principal limitación do cultivo de ameixa e ostra en Galicia é a escaseza de semente. En Galicia xurdiron sucesivas iniciativas empresariais e mesmo públicas para poñer en marcha criadeiras de ameixa e ostras. Segundo os nosos datos, só unha empresa, Ostreira SA, con instalacións en Malpica e O Grove, está a producir semente de ameixa en criadeiro en Galicia, acadando unha produción próxima aos 100 millóns de unidades por ano.

A tecnoloxía de maternidades en cestos suspendidos en batea, desenvolvida por vez primeira en 1987 por Pérez-Camacho e Cuña (1987)⁴, acadou unha actividade industrial propia tras novos e sucesivos intentos como o Plan Galicia e o cultivo en pochóns no intermareal e mesmo batea con circulación forzada. Así, ademais da citada Ostreira, atopamos dúas empresas na ría de Arousa dedicadas ao preengorde de ameixa: Venerupis Gal en Boiro e Proameixa Fernández en Rianxo; sen que teñamos datos desagregados da súa produción, aínda que sempre con déficit na subministración de semente. Este déficit de semente, tanto de ameixa como de ostra, estase cubrindo mediante importacións que proveñen principalmente de Francia e Reno Unido, sendo a francesa Satmar o maior provedor.

Piscicultura

En 2017 producíronse na UE 746.105 toneladas de peixe de acuicultura, cun valor en primeira venda de 3,9 millóns de euros; o que supón un aumento do 8,3% en produción e do 28,8% en valor con respecto a 2016. Na actualidade prodúcense na UE unha ampla gama de especies de peixe en acuicultura, tanto mariña como de auga doce. As principais especies desta industria son o salmón atlántico con 209.628 toneladas e un valor de mercado de 1.340 millóns de euros; seguido da troita arco da vella, cunha colleita de 195.417 toneladas e un valor en primeira venda de 689 millóns de euros. aos salmónidos únense a dourada e a robaliza, que xuntas representan o 20% da produción acuícola da UE.


A produción en Galicia

Galicia carece dun plan oulei de acuicultura. Esta falta de lexislación xera unha incerteza xurídica que leva anos freando as posibles inversións neste sector. Esta lexislación é necesaria sobre todo para o desenvolvemento da acuicultura de peixes, que precisa de instalacións na zona marítimo terrestre. Malia estas limitacións, a produción de piscicultura mariña de Galicia aumentou un 42% no que vai de década (de 6.419 toneladas de 2011 a 9142 en 2019) e acadou un valor de mercado en primeira venda de 71,9 millóns de euros. Esta produción representa arredor do 17% do total de España e un discreto 1% do total a UE. O principal produto desta actividade é o rodaballo, que significa máis do 93% da produción e aporta máis do 92% dos ingresos; o resto da produción corresponde principalmente a linguado e ollomol.

Produción de rodaballo


A produción anual de rodaballo en Galicia mantívose a partir de 2013 por enriba das 7.200 toneladas, manténdose entre 8.000 e 8.500 toneladas nos últimos tres anos cunha facturación superior aos 58 millóns de euros (gráfico 15, esquerda). O rodaballo galego supón case a totalidade (99% en 2018) da produción de España e un 78% da UE. O 22% restante prodúcese en Portugal, que, despois da caída sufrida en 2013, achega arredor das 2.700 toneladas (gráfico 15, dereita). Xunto co rodaballo comercial, producíronse nas maternidades de Galicia 11.49 millóns de crías de rodaballo en 2017, o que supón unha perda do 45% fronte aos 26,44 millóns de 2016 (Eurostat).

⁴ Pérez-Camacho, A., Cuña, M., 1987. Cultivo experimental de *Venerupis decussata* y *Ruditapes philippinarum*. Cuad Marisq Publ Tec 12, 353–358.




Producción de linguado

O linguado senegalés foi a última especie en incorporarse á produción de acuicultura a escala comercial tras moitos anos de investigación e avances tecnolóxicos. A produción de linguado en Galicia experimentou un grande aumento na primeira metade desta década, acadando o máximo coas 485 toneladas de 2014. Tras dous anos de crise, nos que a produción caeu un 45%, a produción a partir de 2017 volve superar as 400 toneladas por ano, cunha facturación superior a 4,4 millóns de euros. Galicia é o segundo produtor de linguado de España por detrás de Andalucía, aportando un 46,2% do total nacional (1012 toneladas en 2017). A produción de linguado na UE concéntrase en España (8% en 2017) e Portugal (13%).



Producción de ollomol

Galicia é a única rexión de Europa onde se produce ollomol, única especie engordada en gaiolas en medio natural. Tal como podemos ver no gráfico 17, a produción de ollomol, que en 2011 se aproximou a 250 toneladas, mostra un patrón decrecente con gran variabilidade interanual, rexistrándose o peor dato en 2017 cunha produción de 50 toneladas. En 2019 producíronse 132 toneladas, continuando a recuperación iniciada o ano anterior.




Esta inestabilidade pódese atribuír, por unha parte, a problemas derivados do lento crecemento desta especie e, por outra, aos cambios estruturais na empresa que os cultiva (Grupo Isidro de la Cal). O prezo do ollomol, que se mantivo próximo aos 10 euros/kg durante toda a década, caeu un 60% en 2019. Esta caída tanto na produción como no prezo do ollomol débese aos problemas de viabilidade da empresa, o que nesta fin de ano levou á parálise da explotación.

Producción de troita

O cultivo industrial de troita en Galicia experimentou unha importante expansión nas décadas de 1980 e 1990 coa creación de varios grupos empresariais, a introdución de transformados de troita que aumentaron considerablemente o mercado e a implantación de avances tecnolóxicos. Entre as melloras realizadas cómpre salientar a produción de ovos durante todo o ano e a optimización do uso da auga con achega de osíxeno, que permitiron incrementar as cargas de cultivo e manter unha produción estable. A produción de troita en Galicia chegou ás 9.000 toneladas anuais, pero a partir de 2003 esta industria sufriu un importante retroceso por diversos factores; entre os que podemos destacar a contracción do mercado e o traslado de varias plantas a Castela-León.

A UE rexistrou na última década (2010-2018) unha produción media de troita de 172.709 toneladas por ano (Eurostat). En 2018 rexistráronse 178.533 toneladas, 18.002 en España; unha cantidade similar á



dos anos anteriores, pero a metade das 35.000 toneladas que se producían a comezos do século XXI. O gráfico 18 mostra a importante caída da produción de troita en Galicia entre 2008, con 6383 toneladas, o 28% do total nacional, e 2018 con 2689 toneladas, o 15% da total nacional. Este devalo débese ao peche de Maricultura e á redución da produción tanto de Tres Mares coma de Isidro de la Cal. Unha parte importante do espazo perdido por Galicia foi ocupado por Castela-León, a onde se trasladaron plantas da nosa comunidade, e que en 2018 aportou o 33% da produción nacional.

Os fracasos ou parálises dalgúns cultivos de peixes

O cultivo de salmón iniciouse en Galicia no ano 1976 en instalacións de dous tipos, gaiolas flotantes e plantas en terra, pero tras vinte anos foi abandonado tanto por dificultades técnicas como de mercado. Todos estes factores dificultan o manexo do cultivo e reducen máis a súa rendibilidade, limitada pola competencia do salmón importado, pois aínda que en España existe un mercado consolidado dunhas 20.000 toneladas, atópase copado maioritariamente polo salmón noruegués e escocés.

Tras vinte anos de tentativas, o cultivo do salmón foi abandonado en Galicia ata que en 2008 o Goberno bipartito da Xunta de Galicia autorizou gaiolas experimentais na ría de Arousa. Posteriormente o Goberno autonómico do PP, debido ás protestas, trasladou estas gaiolas á ría de Noia e Muros; ampliando no 2013 a concesión experimental de 3 a 6 gaiolas e prometendo a creación de 300 empregos. Esta iniciativa, unha vez máis, fracasou e con ela o diñeiro público concedido.

As estatísticas oficiais do MAPAMA (Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente) e da Xunta de Galicia non deixan lugar a dúbidas: nos anos 2001 e 2003 declarábanse arredor de 300 toneladas cultivadas, que logo foron descendendo ata as 80 toneladas en 2010, cero en 2011, 3,98 toneladas en 2012 e cero de novo en 2013 e 2014. Aínda que os informes "La acuicultura de España" de APROMAR non consideran o salmón entre as especies cultivables, a Xunta de Galicia e polo tanto o MAPAMA recollen unha produción de 5,1 toneladas en 2016; o que supón unha redución do 35% con respecto a 2015: Mentres, nos anos 2017 e 2018, e obviamente tampouco en 2019 e 2020, non se rexistra produción, cumpríndose unha vez máis as previsións coa conseguinte perda de inversión pública.

Por máis que o cultivo de polbo, pasando da investigación pública á empresa privada, se anunciou o ano pasado como esperanzador por parte de Pescanova e Pereira, a realidade neste ano da pandemia indica que desde un punto de vista industrial e mesmo técnico os resultados están lonxe de acadar repliabilidade e escalado para a súa produción.

Tamén no caso do mero ou cherna a situación na investigación pública viuse afectada pola parálise dos traballos provocados pola pandemia, limitados neste ano ao mantemento das actividades e ciclos alcanzados.

IV. Industria

- En 2019 o VEB da industria manufactureira en Galicia foi similar á de 2018, cun crecemento (0,6%) inferior ao dos outros macrosectores.
- No segundo trimestre de 2020 o VEB industrial caeu un 29,6%, descenso superior en 11,7 puntos ao do PIB. No terceiro trimestre conseguiu recuperarse unha boa parte da actividade perdida en abril e maio.
- Nun escenario convulso pola situación da planta de Endesa nas Pontes, a produción de enerxía baixou en 2019 un 20,6% con respecto a 2018, descenso que afectou tanto as renovables como as non renovables. Os resultados melloraron en 2020.
- A industria manufactureira non recupera os niveis de produción da primeira década deste século. En 2019 só en cinco sectores se producía máis que en 2007: alimentación, bebidas, papel, químicas e outras industrias manufactureiras.
- Os primeiros trimestres de 2020 reflicten unha severa caída na produción en case todas as divisións industriais. O incremento da automoción foi unha importante excepción.
- A carencia de pedidos foi o principal factor limitativo da actividade. En 2020, na maior parte dos sectores, tamén se observan problemas de liquidez.
- No novo marco financeiro plurianual da Unión Europea, aos tradicionais fondos estruturais hai que engadir os fondos NextGenerationEU. España recibirá en torno a 140 mil millóns de euros, dos que aproximadamente 72 mil millóns serán transferencias directas e os restantes outorgaranse baixo a fórmula de préstamo.
- Galicia será no período 2021-2027, para a política rexional da Unión Europea, unha rexión en transición, xa que o seu PIB por habitante se situou entre o 75% e o 100% do PIB medio europeo.
- En 2020 a maioría de organismos que inciden na política industrial galega tomaron medidas excepcionais ante a pandemia.
- Nun marco de continuidade co realizado en 2019, o orzamento do IGAPE alcanzou en 2020 os 126,7 millóns de euros. En 2021, para facer fronte á crise da COVID-19, dotouse este organismo con 262,5 millóns de euros e as transferencias de capital pasan de 88,4 millóns a 227,9 millóns, cifra récord desde a creación do instituto.

IV. 1. A industria galega

O comportamento da industria galega

A actividade

O VEB da industria galega descendeu en 2019 un 1,4% con respecto a 2018. O comportamento do sector enerxético foi a principal causa desta caída na produción. Excluído este sector, a produción da industria manufactureira foi similar á de 2018, polo que dado o crecemento do PIB galego dun 1,8%, a súa evolución foi peor que a dos outros macrosectores. Estes resultados suxiren que as expectativas optimistas xeradas en 2017, ante unha repunta na actividade industrial manufactureira dun 7,1%, se foron diluíndo tras os resultados de 2018 e 2019. Nestes anos fóronse acumulando problemas que reforzan a sensación de desmantelamento do tecido produtivo tradicional e de que os novos investimentos non son suficientes para promover a modernización dunha actividade clave na economía de Galicia. O peso relativo no PIB da produción manufactureira está experimentando un lento pero paulatino descenso e, en 2019, xa representaba só o 11,5%.

En paralelo á estimación do VEB industrial do IGE, a que efectúa o INE mostra, para 2019, un sector relativamente estancado, aínda que a taxa de crecemento é un pouco máis elevada. Estima un crecemento da industria manufactureira dun 1,5% (case dous puntos máis que o IGE), o que fai que a taxa do conxunto da industria en lugar de ser negativa, como no IGE, sexa positiva (1,4%).

Cadro núm. 1

1

Macromagnitudes básicas do sector industrial en Galicia

	VEB industria	VEB industria manufactureira	PIBpm	% industria manufactureira	% industria
a) IGE					
Prezos correntes (miles de euros)					
2017	9.514.269	7.020.995	59.421.328	11,8	16,0
2018	10.575.086	7.293.013	62.225.855	11,7	17,0
2019	10.405.255	7.365.939	63.985.457	11,5	16,3
TVI (%) 2019/2018	-1,6	1,0			2,8
TVI (%) I trimestre 2020/2019	-4,7	-1,6	-3,0		
TVI (%) II trimestre 2020/2019	-24,9	-30,3	-17,6		
TVI (%) III trimestre 2020/2019	-5,1	-3,5	-5,4		
Índices de volume					
TVI (%) 2017/2016	2,7	7,1	2,0		
TVI (%) 2018/2017	8,9	2,2	3,2		
TVI (%) 2019/2018	-1,4	0,6	1,8		
TVI (%) I trimestre 2020/2019	-1,1	-1,3	-3,8		
TVI (%) II trimestre 2020/2019	-23,5	-29,6	-17,9		
TVI (%) III trimestre 2020/2019	-3,7	-2,7	-6,2		
b) INE					
Prezos correntes (miles de euros)					
2017	10.035.483	7.662.427	60.394.810	12,7	16,6
2018	10.375.944	7.822.262	62.436.133	12,5	16,6
2019	10.658.534	8.178.595	64.429.878	12,7	16,5
TVI (%) 2019/2018	2,7	4,6	3,2		
Índices de volume					
TVI (%) 2017/2016	5,3	7,9	2,5		
TVI (%) 2018/2017	0,9	-0,2	2,0		
TVI (%) 2019/2018	1,4	2,5	1,8		

Fonte: IGE. Contabilidade Trimestral de Galicia (Avance) e INE, Contabilidad Regional de España. Base 2015.

No cadro 1, ademais dos resultados globais da actividade da industria galega no período 2017-2019, recóllese a evolución nos primeiros trimestres de 2020 do VEB industrial, tanto en termos monetarios como reais. A diferenza entre un e outro é escasa ante a estabilidade observada nos prezos industriais. O máis notable foi o comportamento experimentado pola industria no segundo trimestre, no que se alcanza unha taxa negativa inédita nas últimas décadas. A caída da taxa de crecemento real nun 29,6% nestes tres meses, superior en 11,7 puntos á do PIB, supón un shock notable para a economía e evidencia un parón sen precedentes nesta produción. Afortunadamente, a singularidade da situación ante os confinamentos e as caídas da produción industrial parece que só produciron efectos moi negativos neste período, posto que os resultados dispoñibles do terceiro trimestre mostran unha sensible recuperación con respecto aos meses de primavera e a xeración de VEB xa era só un 2,7% menor que a realizada no mesmo período de 2019. Esta caída do 2,7% da industria é inferior á que nos meses de verán tivo o PIB total, un 6,2%. Polo tanto, malia que a industria non acelerou a súa produción no terceiro trimestre, polo menos conseguiu recuperar unha boa parte da actividade perdida en abril e maio.

Un dos sectores con maior peso na facturación da industria galega é o de xeración de enerxía eléctrica. Un tema de especial transcendencia nos últimos meses foi a situación da planta de produción de enerxía que Endesa ten nas Pontes e as súas perspectivas de futuro. É evidente que as operacións de xeración de enerxía con carbón estaban chegando á súa fin e que era preciso deseñar alternativas ao peche dunha industria, que sería catastrófico, non só para o municipio das Pontes senón para o norte da provincia da Coruña. Lembremos que en 2027 non se poderá xerar enerxía con carbón e o final previsto desa produción en Galicia é 2022. A procura da continuidade da planta das Pontes co desenvolvemento doutras tecnoloxías e outras materias primas, ao día de hoxe, non atopou unha solución satisfactoria e as negociacións entre a empresa e os traballadores son complexas; tendo en conta, ademais, as apreciacións do comité técnico de Endesa sobre a rendibilidade e viabilidade das posibles alternativas.

Outra noticia no sector enerxético na mesma comarca, tampouco positiva, é o posible peche, a pesar do incremento da xeración de enerxía eólica, da fábrica que Siemens Gamesa ten nas Somozas, dedicada á fabricación de palas para aerogeneradores. Neste caso é probable que se produza a deslocalización da actividade cara a Aveiro en Portugal, o que, de non evitarse, suporá unha sensible perda de emprego.

Con estes movementos tan negativos na evolución do sector industrial galego, a produción de enerxía caeu en 2019 en termos físicos un 20,6% con respecto a 2018; caída que afectou tanto as renovables como as non renovables. Respecto destas últimas, o abandono do carbón foi moi evidente, de tal modo que a produción de enerxía xerada a través deste medio se reduciu en nada menos que un 76,1%, nun ano no que a xeración nas renovables, tamén caeu, un 6,7%. O cambio entre 2018 e 2019 foi tan drástico que, se en 2018 o peso relativo da enerxía producida con carbón foi, aproximadamente, un terzo do total, en 2019 apenas supoñía o 10%.

Así, as renovables van gañando cada vez máis peso relativo sobre as non renovables e en 2019, ao contrario que en 2018, a produción eólica (35% do total) superou con claridade a hidráulica (28,4%). De feito, un recente informe da Xunta de Galicia referido a 2019 indica que nese exercicio se puxeron en funcionamento 18 novos parques eólicos; o que engade unha capacidade adicional de 415,24 Mw, 1,5 veces máis que toda a potencia creada de 2009 a 2018.

Os resultados dispoñibles sobre a evolución da produción de enerxía no primeiro semestre de 2020 reflicten unha repunta do 4,7%; o que en termos monetarios supuxo un incremento do valor do seu VEB (cadro 1) que permitiu que a desaceleración do sector industrial no seu conxunto fose menor que a experimentada pola industria manufactureira. Neste período, o uso do carbón reduciuse nun 62,5% (a enerxía xerada por este mineral xa só representaba o 6,5% do total) e foi substituído por enerxía eólica (incrementouse a súa produción un 20,7%), pero, sobre todo, por hidráulica, favorecida pola climatoloxía. Deste xeito logrouse xerar un 42% máis de Mw. que no primeiro semestre de 2018. En conxunto, a produción das renovables aumentou un 31%.

Mentres o VEB industrial representaba o 16,3% do PIB total (11,5% da industria manufactureira) en 2019, o peso relativo da ocupación era do 16,4%, porcentaxe que case coincide coa do VEB. A pesar de que esta última variable apenas variou con respecto a 2018, constatouse un aumento de 10.400 ocupados, o que significa un 6,2% máis que en 2018. Malia iso, aínda se está moi lonxe da ocupación industrial anterior á crise (179.400 traballadores en 2019, fronte a 217.300 en 2007). O aumento do emprego produciuse realmente na industria manufactureira, grazas a unha maior ocupación en todos os sectores máis relevantes, coa excepción do téxtil-confección. Esta evolución suxire, a diferenza do acontecido nos últimos anos, unha perda de produtividade do traballo na industria.

Nos tres primeiros trimestres de 2020, coas notables caídas no VEB apuntadas anteriormente, a ocupación media foi de 184.500 traballadores. No primeiro trimestre de 2020, o emprego na industria aumentou en 19.300 persoas con respecto ao mesmo período do ano anterior, pero só 5.800 en relación aos tres últimos meses de 2019, xa que, ao longo dese ano, a ocupación mellorou sensiblemente trimestre a trimestre. A partir dese primeiro trimestre, o emprego cae debido á profunda desaceleración económica. Estímase 7.400 traballadores menos no segundo trimestre, aos que se deben sumar 2.800 no terceiro. A posibilidade de que unha boa parte dos asalariados, que por forza maior non podían realizar a súa actividade habitual, puidesen ser incluídos nun ERTE (o 30 de abril un total de 150.241 asalariados en todos os sectores) facilitou que os descenso na ocupación fosen máis moderados.

Malia esta evolución positiva no emprego, o índice de produción industrial (IPI) elaborado polo INE, pero do que o IGE publica unha ampla desagregación, reflicte un comportamento negativo da industria en 2019 e unha notable caída da actividade nos nove primeiros meses de 2020, debido especialmente á perda de máis de 30 puntos no índice xeral durante os meses de primavera. No cadro 2 obsérvase, en primeiro lugar, a traxectoria irregular que seguiu a industria galega no seu conxunto en 2019, sendo no cuarto trimestre cando se lograron os mellores resultados. Esta traxectoria non empeora demasiado no primeiro trimestre de 2020 para, xa no segundo, experimentar o descenso antes citado. Grazas ao retorno a unha certa normalidade no terceiro trimestre, o valor por termo medio do índice neste período foi de 92,4. Esta cifra suxire que o xerado entre xaneiro e setembro en 2020 pola industria galega supoñía o 92,4% do alcanzado en 2015, sendo un 10,6% inferior á produción de 2019 nese mesmo período.

Por grandes grupos, segundo o destino económico dos bens, apréciase como a evolución negativa de 2019 debeuse á caída na produción enerxética, descenso dun 21,8% segundo este índice; o que se aproxima á información que anteriormente mostrabamos sobre a produción en Mw declarada polas sociedades xeradoras de electricidade, unha caída do 20,6%. Se excluimos o sector enerxético, no cadro 2 compróbese que as cifras da industria manufacturera eran relativamente positivas para todos os subsectores, agás para o segmento de bens intermedios. Pola contra, a produción en 2020 reduciuse significativamente en todos os grupos de bens, pero especialmente no de consumo duradeiro, no que a caída foi do 19,5%. Neste caso, a traxectoria da enerxía permitiu amortecer a elevada desaceleración observada nas restantes actividades.

O grupo de bens destinados ao consumo non duradeiro incrementou o seu IPI un 6,2% en 2019, o que pon de manifesto unha dinámica positiva que se mantivo durante todo o ano. En 2020, a caída de 42,3 puntos no IPI do segundo trimestre conseguiu suavizar grazas ao retorno a unha actividade similar á de 2019 no terceiro trimestre. Doutra banda, os resultados relativamente bos do primeiro trimestre, aínda sen pandemia, tamén permiten suavizar o dato por termo medio dos nove primeiros trimestres de 2020. Neste grupo inclúense, sobre todo, dúas actividades moi importantes na estrutura industrial galega, a alimentación e bebidas e o téxtil-confección; ademais tamén se contemplan os produtos deportivos, farmacéuticos e a industria do xoguete, entre outros.

Cadro núm. 2
Índice de produción industrial en Galicia (CNAE-2009)
(Ano 2015=100)

		I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.	Media	TVA (%)*
Xeral	2018	110,6	113,5	104,2	108,5	109,2	
	2019	104,2	103,7	102,1	110,2	105,1	-3,8
	2020	103,4	73,4	100,3		92,4	-10,6
Consumo duradeiro	2018	121,3	149,2	125,4	129,1	131,3	
	2019	110,6	132,8	156,2	144,7	136,0	3,6
	2020	105,8	80,4	135,2		107,1	-19,5
Consumo non duradeiro	2018	101,7	114,5	119,2	109,6	111,3	
	2019	104,8	121,7	128,2	117,8	118,1	6,2
	2020	105,9	79,5	125,3		103,6	-12,4
Bens equipo	2018	95,6	109,6	90,2	97,3	98,2	
	2019	98,0	103,9	104,3	107,6	103,5	5,4
	2020	99,0	61,2	103,1		87,8	-14,0
Bens intermedios	2018	124,8	134,1	112,0	113,2	121,0	
	2019	115,7	122,7	112,7	117,1	117,1	-3,3
	2020	110,2	92,7	116,7		106,5	-9,0
Enerxía	2018	118,8	95,3	97,4	113,1	106,2	
	2019	98,7	69,1	65,9	98,4	83,0	-21,8
	2020	99,1	61,9	59,7		73,6	-5,6

* Taxa de variación anual (sobre a media).

Fonte: INE.

A fabricación de bens destinados ao consumo duradeiro mostrou unha maior caída no IPI de 2020 que os non duradeiros (-19,5%). Nos meses anteriores á pandemia xa se notaba unha desaceleración, a cal se agudizou na primavera, e, a pesar de que no verán se observou unha recuperación, non conseguiu alcanzar a produción realizada en 2019; ano no que ese grupo logrou un incremento do IPI dun 3,6%.

Pola súa banda, o grupo de bens intermedios, nos que se inclúen os sectores de metalurxia, madeira, química, papel, cauchos e plásticos e equipamento eléctrico, foi o único na industria manufactureira que presentou unha taxa de variación negativa en 2019 e iso debido aos malos resultados do primeiro semestre que non se puideron compensar cos xa mellores do segundo. Estas actividades en 2020 son as que sufriron unha menor caída no valor do IPI, grazas a que, logo da perda de 30 puntos no segundo trimestre, seguiu unha rápida recuperación nos meses de verán, nos que o IPI superou o valor alcanzado nese mesmo período de 2019.

A traxectoria do segmento de bens de equipo non difire da do resto dos grupos, aínda que ten unhas peculiaridades de interese. Estamos ante un grupo clave na estrutura da industria galega, posto que xunto coa maquinaria se inclúen, entre outros sectores, a fabricación de estruturas metálicas e todo o sector do transporte; é dicir, o importante sector galego da automoción e naval. Malia a información sobre as boas perspectivas do sector do automóbil, a desaceleración nos nove primeiros meses de 2020 foi a máis intensa de todos os grupos nos que se desagrega a industria manufactureira. O resultado medio do IPI nos tres primeiros meses de 2020 foi 87,8; o que indica que a produción foi un 12,2% inferior a de 2015, cando en 2019 fora un 3,5% máis elevada. Obsérvase, no cadro 2, que este é o grupo cun maior impacto negativo no período de confinamento e nos sucesivos estados de alarma. Así, logo de alcanzar o IPI un valor de 103,9 no segundo trimestre de 2019, pasouse no mesmo período de 2020 a tan só 61,2, o que indica que a parálise na produción foi moi xeneralizada nas empresas incluídas nestas actividades. Con todo, no terceiro trimestre a recuperación foi intensa e os resultados foron similares, malia que algo inferiores, aos do mesmo período de 2019.

Cadro núm. 3

Índice de produción industrial en Galicia. Por seccións e divisións da CNAE-2009
(Ano 2015=100)

	2007*	2018*	2019*	Xaneiro- outubro 2020*	TVA (%) 2019/2018	TVA (%) 2019/2007	TVA (%) Xaneiro- outubro 2020/2019
Índice xeral	140,1	109,2	105,1	94,1	-3,8	-25,0	-9,7
B Industrias extractivas	274,8	76,4	110,3	109,9	44,4	-59,9	11,7
08 Outras industrias extractivas	243,1	76,4	110,3	109,9	44,4	-54,6	11,7
C Industria manufactureira	148,5	112,8	114,3	101,3	1,4	-23,0	-12,2
10 Industria da alimentación	93,4	109,3	115,0	114,9	5,2	23,0	-1,3
11 Fabricación de bebidas	81,8	119,8	126,8	88,6	5,8	55,0	-34,4
13 Industria téxtil	370,7	90,9	91,0	78,1	0,1	-75,4	-13,0
14 Confección de roupa de vestir	154,8	117,0	128,3	103,5	9,7	-17,1	-19,7
15 Industria do coiro e do calzado							
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	167,2	129,1	122,1	109,8	-5,4	-27,0	-11,8
17 Industria do papel	81,5	116,6	119,7	106,2	2,7	47,0	-11,4
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados							
19 Coquerías e refino de petróleo							
20 Industria química	111,2	126,2	120,2	113,9	-4,7	8,2	-7,0
21 Fabricación de produtos farmacéuticos							
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	137,1	111,2	105,9	102,2	-4,8	-22,7	-4,7
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	153,1	121,6	110,5	99,2	-9,1	-27,8	-12,2
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixaxes	144,7	112,9	98,1	93,4	-13,1	-32,2	-6,4
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	165,1	119,1	135,7	103,0	14,0	-17,8	-25,8
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos							
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	195,2	156,5	134,2	130,2	-14,3	-31,3	-5,6
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	173,1	154,8	143,1	120,4	-7,6	-17,3	-14,8
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	200,0	84,2	94,3	95,3	12,0	-52,9	3,0
30 Fabricación doutro material de transporte	260,8	121,4	95,7	70,7	-21,2	-63,3	-31,4
31 Fabricación de mobles	211,9	127,7	132,4	101,7	3,8	-37,5	-22,4
32 Outras industrias manufactureiras	92,8	121,3	135,2	101,1	11,5	45,7	-24,3
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento		99,3	87,2	77,7	-12,2		-9,6
D Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	100,3	99,4	73,6	68,1	-25,9	-26,6	2,0
35 Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	100,3	99,4	73,6	68,1	-25,9	-26,6	2,0

* Media dos valores mensuais.

Fonte: IGE.

Para rematar, o IPI de enerxía reflicte unha caída media nos tres primeiros trimestres do 5,6, tras o descenso, xa comentado, do 21,8% de 2019. Esta desaceleración motivada polos resultados do segundo e terceiro trimestre do ano e que podería explicarse pola caída na demanda ante o parón da actividade económica, non é de todo coincidente coa información comentada anteriormente sobre a contía da produción enerxética proporcionada polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

No cadro 3 preséntanse os resultados do IPI, publicados polo IGE, a dous díxitos da clasificación nacional de actividades económicas (CNAE). Esta desagregación, máis ampla que a dos grupos por destino económico dos bens que figura no cadro 2, permite comentar a evolución dos sectores determinantes da industria galega. Temos que subliñar que os sectores que non conteñen datos no cadro 3 débese a que non contan con suficientes observacións para preservar o segredo estatístico ou que a mostra non é o bastante significativa para esa actividade.

Como nos informes anteriores, os resultados do IPI no período obxecto de estudo desta análise compáranse cos alcanzados polas distintas actividades industriais en 2007, ano anterior ao comezo da crise económica, que en Galicia tivo unha especial incidencia no sector industrial. En liñas xerais, no cadro 3 apréciase que a produción industrial en 2019, que como indicamos foi inferior á de 2018, distaba aínda moito de alcanzar a lograda na primeira década deste século. Así, mentres o valor medio do IPI xeral en 2007 (base 2015) era 140,1, en 2019 era 105,1; cunha diferenza de 35 puntos que reflicte unha preocupante caída na actividade industrial. Neste cadro tamén se pode ver a recomposición da produción en 2019 con respecto a 2007. En 2019 só en cinco sectores se producía máis que en 2007: alimentación, bebidas, papel, químicas e outras industrias manufactureiras. Pola súa transcendencia foi notable o empuje dos sectores de alimentación e de bebidas, cuxo IPI en 2019 foi un 23% e un 55% superior ao de 2007. No lado contrario, en dous sectores, a produción caeu moi notablemente. Referímonos á industria téxtil e á actividade que no cadro 3 se denomina "outro material de transporte", no que se encadra o naval. Agora ben, as taxas negativas de dous díxitos predominan en case todas as actividades.

En 2019, a caída do IPI nun 3,8% debeuse ao comportamento das industrias extractivas e enerxéticas, xa que se consideramos exclusivamente a manufactureira, o resultado foi dun crecemento do 1,4%, aínda que a evolución sectorial foi moi desigual. En metalurxia, material e equipamento eléctrico e o sector da madeira (sen a industria do moble) e o naval descendeu a produción, o que se contrarrestou cunha maior actividade na alimentación, confección, automoción, produtos metálicos e industria do moble, entre outros sectores.

En suma, a traxectoria dos diversos sectores da industria manufactureira galega en 2019 mostra que se estabiliza o crecemento que fora intenso nos anos da recuperación tras a crise económica. Nos últimos anos destaca 2017, no que o crecemento do VEB foi dun 7,1%, cifra totalmente inédita nas últimas décadas. Non obstante, a traxectoria expansiva seguida desde 2013 non permitiu recuperar as caídas observadas na actividade industrial desde 2008, nas que sobresaen os resultados negativos de 2009 (-12,7%) e 2012 (-9,8%).

No cadro 3 tamén se recolle o comportamento do termo medio mensual do IPI durante o período de xaneiro a outubro dos sectores industriais galegos. En primeiro lugar cómpre destacar que só a produción do sector de automoción superou a do mesmo período de 2019. A noticia é moi positiva considerando que se trata dunha actividade que absorbe unha boa parte da ocupación industrial galega. A factoría viguesa do grupo PSA, que tivo que deter a súa produción durante o confinamento, recuperou o seu ritmo habitual rapidamente grazas á súa elevada carga de traballo e ao desempeño que ten a fábrica galega no conxunto do grupo PSA. Todo está a indicar que se está preparando ante a incerteza dos cambios tecnolóxicos que se avexiñan, tanto no produto como na súa fabricación, onde as tecnoloxías, apoiadas na robótica, a intelixencia artificial ou o *big data*, son xa actualmente unha realidade. Á aposta das plantas galegas polos coches eléctricos e pola ensamblaxe de baterías para todos os modelos que fabrica o grupo, únese a súa capacidade habitual de produción de automóviles. Nos últimos meses, as plantas traballan a pleno rendemento, polo que se agarda un mellor resultado que en 2019. A fabricación de novos modelos substituindo as furgonetas incrementou nos primeiros nove meses de 2020 un 14,5% o número de vehículos fabricados (330.652), polo que se está no camiño de superar as 406.678 unidades fabricadas en 2019. O bo momento de produción en Vigo é un acicate para a potente industria de compoñentes, na que paulatinamente vai perdendo o seu peso o capital galego ante as continuas adquisicións realizadas polos grandes grupos multinacionais. No capítulo dedicado á internacionalización da economía de Galicia apréciase que os investimentos estranxeiros de 2019 e 2020 incidiron en empresas tan emblemáticas do sector como, por exemplo, Viza Automoción adquirida recentemente por capital canadense.

Se a automoción é unha excepción na evolución da produción industrial galega en 2020, o outro sector relevante de material de transporte en Galicia, o naval, experimentaba nos primeiros dez meses dese ano un descenso do IPI en torno ao 31%. Así, non parecen correr bos tempos para Navantia, á espera do inicio da construción das fragatas F-110, que as últimas noticias sitúan en 2022, cun atraso, polo tanto, dun ano. Cando na primavera de 2021 se entregue o buque AOR á armada australiana, o estaleiro non terá produción material, quedando só os traballos de enxeñería. A industria auxiliar da ría ferrolá xa está padecendo esta falta de traballo. Ademais, non se albiscan novidades sobre o avance na remodelación dun estaleiro creado no século XVIII, que, para ser competitivo, precisa investimentos para a completa transformación dixital iniciada parcialmente a mediados desta década. Tampouco parece que no curto prazo se vaia realizar o ansiado dique cuberto, infraestrutura que se entende básica para o seu futuro. Recentemente, o alcalde de Ferrol reclamaba que Navantia opte, con ese proxecto, aos fondos de recuperación que a Unión Europea aportará a España.

En canto aos estaleiros do sur de Galicia, en especial os da ría de Vigo, a súa carteira de pedidos pasou de 27 buques no terceiro trimestre de 2019 (25 para os mercados exteriores), a 21 no mesmo período de 2020 (19 para o mercado internacional). Nodosa converteuse, en canto á ocupación, no primeiro estaleiro da ría viguesa ao asumiren internamente tarefas que polo común realizaban as industrias auxiliares. Doutra banda, xa indicamos no informe de 2018 a situación de Vulcano, na actualidade en liquidación, e tamén a preocupante situación dun dos principais estaleiros da ría de Vigo, Hijos de Barreras, S.A. Este, tras moitos avatares e, despois da súa adquisición hai anos polo grupo mexicano Pemex, parece que pode alcanzar a súa viabilidade tras a adquisición do 75,5% pola armadora The Ritz Carlton. A compañía norteamericana comprométese a finalizar o primeiro cruceiro Evrima, realizado no estaleiro para esta mesma compañía, asumindo os sobrecostos. Todo parece suxerir que, superados estes problemas, o futuro do estaleiro en mans dos novos propietarios será máis prometedor.

En canto á ocupación, a industria galega do sector de alimentación e bebidas compite polo liderado con material de transporte. Segundo a EPA, se no segundo trimestre de 2020 a alimentación xeraba 44.500 empregos e o transporte 40.800, no terceiro trimestre os resultados foron 38.800 e 42.900 respectivamente.

O sector da alimentación galego é moi diverso. No cadro 3 obsérvase un descenso do seu IPI de tan só un 1,3%. Dentro del, destaca a preparación e conservación de produtos da pesca que, como se aprecia no capítulo no que se trata a internacionalización da empresa galega, está moi entroncado co sector exterior. Nos últimos anos alcanzou producións récords que, obviamente, se reduciron coa pandemia, malia tratarse dun produto non perecedeiro. Desde Anfaco alértase das dificultades de recuperación dalgúns dos segmentos do mercado, preocupados porque a menor renda dos consumidores substitúa a compra de conservas por outros produtos de menor prezo. En todo caso, constatan que varias das empresas asociadas tiveron que acudir a ERTE, en especial, as produtoras de *delicatessen* ante a negativa evolución da súa demanda. Nos últimos meses, o sector tamén mostra a súa preocupación polos resultados da negociación do Brexit e porque poidan entrar, vía Reino Unido, empresas a Europa de terceiros países que non cumpran coas regras establecidas. En canto aos investimentos nesta actividade, cabe sinalar o proxectado pola conserveira Hijos de Carlos Albo (adquirida hai uns anos polo grupo chinés Shanghau Kaichuang) da construción dunha nova factoría na Plisan (Salvaterra-As Neves), cun investimento que roldará os 29 millóns de euros.

Doutra banda, neste sector temos que resaltar a recuperación de Pescanova, agora Nova Pescanova, que, unha vez reflatada, alcanzou unha facturación de 1.075 millóns de euros en 2019. O seu futuro parece prometedor, pero aínda terá que facer fronte aos 650 millóns de débeda acreedora e vencer algún obstáculo máis.

No sector da alimentación galego un dos emblemas é o grupo ourensán Coren, que en 2020, como o resto do sector, debeu afrontar a caída da demanda e o encarecemento dos seus custos, ao teren que aplicar as medidas hixiénico sanitarias esixidas ante a crise sanitaria. Segundo os seus responsables, en 2020 caeron as súas vendas (sobre todo á hostalería que representaba un 25% do total) e encarecéronse os seus custos. A nova situación motivou un cambio na súa oferta para adaptala aos novos hábitos de consumo. En 2019, a facturación alcanzara un máximo, 1.033 millóns de euros, e coa pretensión de estenderse no mercado chinés.

Á débil caída na produción do sector alimentario contraponse o descenso do 34,3% do IPI en bebidas en 2020. No cadro 3 obsérvase que é o máis elevado de todas as agrupacións industriais, o que trunca un longo período de crecemento dunha actividade que non se viu afectada pola crise iniciada en 2008. De feito, das agrupacións cun certo peso na economía galega é a que máis se desenvolveu na última

década. O peche da hostalería golpeou con dureza a distribución de bebidas. Porén, o derrubamento das vendas, sendo elevado, non foi tan forte como as previsións anunciaban a principios da pandemia. Daquela calculábanse unhas caídas arredor do 30 ou 40%. O presidente do Consello Regulador do Ribeiro estimaba que nas tres primeiras semanas de peche se deixaron de distribuír en torno a un millón de botellas. En setembro, cun escenario máis optimista, calculábase que o descenso podería estar entre o 8 e o 12%, grazas á recuperación do verán e á melloría nas exportacións durante estes últimos meses. Estase por tanto, á espera, do que suceda no último trimestre do ano, no que as expectativas, ante os novos gromos, son pesimistas.

As restricións frearon a produción do resto do sector de bebidas. As empresas galegas estaban crecendo e expandíndose polo resto de España nos últimos anos con éxito, como é o caso de Hijos de Rivera, S.A. coa súa marca Estrella de Galicia. O ano 2019 pechou cunha facturación récord de 531 millóns de euros, o que supuxo un crecemento do 11% con respecto ao ano anterior. Malia as caídas nas vendas en 2020 (xa que o maior consumo nos fogares e a aceleración do seu proxecto de venda en liña non compensou a caída da actividade na hostalería), non puxo en marcha un ERTE e logrou manter na actividade todo o seu persoal. A Asociación de Cerveceros de España manifestou recentemente que as caídas de facturación unha vez finalice 2020 serán moi elevadas tendo en conta que a canle da hostalería supón case o 70% das vendas do sector e o 80% da súa facturación.

Na industria da madeira, excluída a fabricación de mobles, observouse unha caída do IPI tanto en 2019 (-5,4%) como nos dez primeiros meses de 2020 (-11,8%). Indicábase no informe de 2018 que no conxunto do amplo número de empresas que constitúe o sector, as dúas que teñen capacidade de arrastre son Ence (tamén encadrada na produción de papel) e Finsa. Os baixos prezos da celulosa foron o principal motivo polo que, desde o inicio de 2020 ata o mes de setembro, Ence acumulase 42 millóns de euros de perdas. Esta sociedade realizou uns importantes investimentos nas súas plantas de celulosa de Pontevedra e Navia para convertelas en biofábricas e conseguir con iso aumentar a produción e as vendas, aliñándose, segundo sinala a dirección da empresa, coa economía circular. Sobre a súa controvertida situación na ría de Pontevedra, que ameaza o futuro desta fábrica, a Audiencia Nacional aínda non ditou resolución.

En canto á compostelán Finsa, tras alcanzar unha facturación de 917 millóns de euros en 2019, cifra case idéntica á de 2018, reduciu sensiblemente a súa actividade desde mediados de marzo de 2020 ata os meses de verán. Durante o tempo que durou o confinamento domiciliario mantivo en ERTE os seus traballadores. Iso arrastrou a unha desaceleración na actividade do sector forestal galego no seu conxunto. Tras a Semana Santa foi reincorporando os seus empregados e paulatinamente a produción volveu á normalidade.

O descenso na actividade da metalurxia e a fabricación de produtos de ferro, segundo o IPI, baixou un 6,4% nos primeiros dez meses de 2020; caída menor á observada en 2019 (-13,1%). A traxectoria desta actividade, tras a saída da economía galega da crise iniciada en 2008, non foi o suficientemente boa como para alcanzar a produción de 2007. Nesta agrupación recóllese, entre outras moitas empresas, a actividade da empresa Megasa. Nos seus resultados en 2019 destaca a sensible redución dos beneficios, tanto na sociedade produtora Megasa Siderúrgica (obtivo un beneficio en 2019 de 538 mil euros fronte aos 8,9 millóns en 2018) como na súa comercializadora Metalúrgica Galaica (4,7 millóns de euros en 2019 fronte aos 11,2 millóns en 2018). A obtención de beneficios e non de perdas foi, ata agora, unha excepción no grupo de empresas electrointensivas galegas, cuxo principal expoñente é Alcoa.

Precisamente neste grupo encádrase tamén a fabricación de aluminio, no que obviamente Alcoa é o principal protagonista. As noticias xeradas en 2020 causan gran preocupación polo seu impacto negativo no tecido industrial e na economía galega no seu conxunto. Agora ben, a economía especialmente afectada é a da Mariña lucense. Aínda que no capítulo deste informe no que se trata a internacionalización da economía galega se detalla a situación actual desta compañía, recordemos neste apartado que o pasado mes de outubro a multinacional norteamericana tomou a decisión de pechar definitivamente a planta de produción de aluminio, deixando hibernar as súas cubas, as cales teñen unha capacidade de produción de 228 mil Tm. Non frutificaron as conversacións nas que participou a Xunta de Galicia, a Administración central e os representantes de traballadores para conseguir a venda da factoría á sociedade británica Liberty. Alégase como motivo do peche o exceso de produción de aluminio no mundo coa conseguinte caída dos prezos e, tamén, o trato dado a esta industria electrointensiva por parte do sector eléctrico español. Certo é, á marxe das razóns que alegaba a multinacional americana para pechar esta planta, que a electricidade para este grupo de empresas é máis cara que a que se paga nos países do noso contorno. Sobre esta cuestión, o Consello de Ministros celebrado o 15 de decembro de 2020 aprobou o estatuto que suporá un aforro nos custos deste tipo de empresas, pero falta por saber

se iso será suficiente para cambiar a actitude de Alcoa. En todo caso, e segundo o barómetro da Asociación de Empresas con Gran Consumo de Enerxía, o prezo medio do mercado diario de agosto, 36,20 euros/Mwh, foi un 19,5% inferior ao de 2019.

Non todo son malas noticias no sector do aluminio. No segmento de extrusión e obtención de perfís de aluminio, extrusión para obter perfil cru de PVC ou perfilaría de aceiro, a empresa orixinaria de Padrón, o grupo de Aluminios Cortizo, mantivo a súa traxectoria expansiva tras facturar, en 2018, 636 millóns de euros (un 72% no estranxeiro) e contar con 3.205 traballadores. Na actualidade está realizando un investimento de 56,9 millóns de euros para ampliar as súas instalacións produtivas e adaptalas á fabricación de novos produtos. A súa actividade non se viu excesivamente afectada na crise sanitaria e, proximamente, tamén poñerá en marcha un campus tecnolóxico en Padrón, cun investimento de case 41 millóns de euros.

Dos restantes sectores cabe destacar o retroceso na actividade de confección de pezas de vestir entre xaneiro e outubro de 2020 (-17,1%) tras o incremento dun 9,7% en 2019. Este sector, moi aberto ao mercado internacional, foi un dos máis castigados pola caída da demanda interna e externa.

Prezos, custos e salarios

Tras un trienio 2016-2018 con tensións inflacionistas, tanto no sector industrial galego como no do conxunto de España, os resultados do índice de prezos industriais (IPRI) en 2019 reflicten unha caída en Galicia do 3%, explicable pola desaceleración dos prezos do sector enerxético dun 8,9%. Tendo en conta o destino económico dos bens, o ano 2019 na industria manufactureira caracterizouse por unha certa estabilización dos prezos do grupo de bens de consumo non duradeiro, mentres nos de consumo duradeiro e os bens de equipo observouse un sistemático descenso nos seus respectivos índices de prezos ao longo do ano. Esta desaceleración foi máis intensa no grupo de bens intermedios. Só os bens de equipo presentaron unha taxa positiva (0,7%), cunha pequena repunta, dúas décimas, con respecto a 2018.

En 2020, a variación negativa media nos catro primeiros meses do índice xeral do IPRI foi o -5,9%. Iso podería suxerir, entendemos que erroneamente, que unha das consecuencias da crise sanitaria, ademais da caída na produción industrial, foi un notable descenso dos prezos. En realidade, o valor deste índice explicase pola redución dun 20,4% do prezo dos bens enerxéticos. Pola contra, no conxunto da industria manufactureira produciuse, neste período, unha leve repunta dos prezos, máis intensa nos bens de consumo duradeiros. As taxas positivas mantivéronse, polo xeral, sen grandes oscilacións ata outubro (último mes do que se dispón de información), coa única peculiaridade dunha desaceleración no grupo de bens intermedios. En suma, agás este último grupo e malia a caída da produción industrial manufactureira, os prezos non descenderon con respecto a 2019.

Fronte a unha caída do IPRI en 2019 do 3%, descenso que na industria manufactureira non superaba o 1%, os custos laborais aumentaron na industria galega un 3,5%. Neste ano conseguiuase a maior subida de salarios dos últimos exercicios. En paralelo a este incremento de 2019, que polo que se observa non tivo unha repercusión inmediata nos prezos, apréciase unha significativa caída dentro dos custos laborais do que se consideran contraprestacións extrasalariais. Baixaron en 2019 os gastos de carácter social que asumen os empregadores nun 36,3%, os de transporte nun 38,2% e tamén os de formación nun 2,6%. O peso relativo da contía destes gastos sobre o custo laboral total é moi baixo, arredor do 1%.

Pola súa banda, a traxectoria da produtividade e dos custos laborais unitarios na industria en 2018 e 2019 foi contraposta. Fronte a un crecemento da produtividade aparente do traballo dun 4% en 2017, esta diminuíu un 1,1% en 2018 e un 0,5% en 2019. Este descenso, xunto coa evolución dos salarios, propiciou un incremento dun 2,6% nos custos laborais unitarios de 2018 e dun 1,8% en 2019; aumento que, malia reducir a capacidade competitiva da industria galega, non parece que repercutise na traxectoria dos prezos industriais en 2019.

As opinións dos empresarios industriais

O Ministerio de Industria, Comercio e Turismo elabora, con carácter mensual, a enquisa de conxuntura industrial, na que dá a coñecer, por comunidades autónomas, a percepción empresarial sobre a situación actual da súa empresa e as perspectivas, internas e do contorno, para os próximos meses. Nesta enquisa combínanse aspectos subxectivos cos datos cuantitativos sobre os resultados alcanzados. Os resultados preséntanse desagregados en tres sectores segundo o destino económico dos bens industriais. Non facilita información sobre a enerxía. A información ampliase coas opinións empresariais sobre

cales son os factores que limitan a produción e sobre o grao de utilización da capacidade produtiva. Con todos estes elementos pódese seguir cun certo detalle a conxuntura da industria e, neste informe, permite completar a información comentada ata agora.

Para simplificar seleccionouse a situación observada a finais de 2019 e contrástase cos resultados de finais de marzo, xuño e setembro de 2020. Así, o ano 2019 rematou cun grao de utilización das plantas industriais galegas do 81,1%, cun uso case pleno no segmento de bens de investimento e intermedios, que contrastaba coa porcentaxe relativamente baixa na fabricación de bens destinados ao consumo (63,3%), malia os incrementos na súa produción que apuntaba o IPI. Nese final de ano había unhas expectativas moderadamente optimistas sobre a evolución da industria nos próximos meses, pese á debilidadade da carteira de pedidos. Este factor foi para o 41,7% dos enquisados o máis limitante, pertencendo case todos eles aos segmentos de bens de consumo e de equipo. Esta preocupación non se sentía entre os fabricantes de bens intermedios, dos que o 92,9% opinaban que non había factores significativos que contivesen a súa produción.

Os resultados que sintetizan o primeiro trimestre de 2020 dalgún xeito melloran os reflectidos a finais do ano anterior, malia unha mingua en algo máis de catro puntos no uso da capacidade produtiva. As percepcións no momento do inicio da crise sanitaria eran moi optimistas xa que non se percibían factores negativos que limitasen a produción, excepto problemas de tesourería no grupo de bens intermedios. As expectativas maioritarias eran que a produción mantería unha certa normalidade seguindo a traxectoria de recuperación tras a crise económica de 2008.

As percepcións do segundo trimestre, como cabería agardar, empeoran, se ben o grao de utilización a finais de xuño, excepto en bens de consumo duradeiro e non duradeiro, recuperaba a porcentaxe anterior ao confinamento, grazas, sobre todo, á evolución do sector de bens intermedios. En todo caso, a situación e expectativas da carteira de pedidos e da produción eran negativas en todos os segmentos.

Por último, finalizados os meses de verán, as percepcións pesimistas non melloraron con respecto á pasada primavera, malia a estabilización no grao de utilización das plantas. Xunto coa carencia de pedidos como principal factor limitativo da produción, súmanse, na maior parte dos sectores, os problemas de liquidez. De novo é o grupo de bens intermedios no que os xestores entrevistados sosteñen que as barreiras á súa actividade non son tan fortes como en bens de consumo e equipo; sectores nos que o 100% dos enquisados manifestan as súas dificultades ante a caída da demanda.

En paralelo a esta fonte estatística, o índice de confianza empresarial harmonizado, elaborado polo INE, presenta para o conxunto dos sectores económicos galegos a opinión dunha mostra de empresarios sobre a marcha favorable ou desfavorable dos seus negocios. En Galicia, este índice, sendo máis elevado no segundo que no terceiro trimestre de 2020 (97 fronte a 93,1 respecto dun valor de 103,6 no primeiro trimestre), pon de manifesto que no verán se percibe unha melloría en relación coa situación da primavera, pero as expectativas en xuño son moi negativas tanto para o final de 2020 como para o inicio de 2021. Curiosamente, no inicio do cuarto trimestre de 2020 apréciase unha certa recuperación na confianza, que seguramente, ante a segunda vaga da COVID-19, non será a percepción que se mostre unha vez rematado o ano. No módulo especial que o INE elabora por comunidades autónomas, realizado para Galicia en 2019 cunha entrevista a 361 establecementos, non se percibiron, por aquel entón, variacións significativas, con respecto a 2018, en compoñentes esóxenos, tales como o contorno macroeconómico, a fiscalidade, o mercado de traballo ou os cambios na regulación que puidesen prexudicar ou favorecer a actividade empresarial.

A dimensión das empresas

A principios de 2019 Galicia contaba con 388 empresas industriais menos que en 2018, das que 268 tiñan menos de 10 traballadores e 120 eran de maior tamaño. Iso supón unha nova perda na dimensión dun sector que viu como de contar en 2008 con 214.600 ocupados, pasou a 179.400 en 2019 e, en termos de empresas industriais, de 15.089 a 12.347. Así, coa recuperación non se conseguiu restaurar o tecido industrial perdido e a situación actual, coa crise sanitaria, non parece a máis propicia para alcanzar este obxectivo. Doutra banda, nun sector, como o industrial, no que a dimensión é importante xa que permite non só aproveitar as economías de escala senón tamén favorecer a internacionalización, é alarmante que nos últimos once anos se conte en Galicia con 1.031 empresas menos das que superaban os 9 traballadores; o que en termos porcentuais supón unha perda do 37,5%. A pequena dimensión das empresas industriais adoita ser o talón de Aquiles deste sector e a tendencia que está seguindo nos últimos anos a industria galega está sendo xustamente a contraria da que nun principio sería a desexable. En 2019, o 86,1% do sector eran microempresas, cando en 2008 eran o 81,8%.

Cadro núm. 4

Número de empresas industriais localizadas en Galicia**a) Total**

	2008	2017	2018	2019	TVA (%) 2019/2018
05 Extracción de antracita, hulla e lignito	2	3	2	2	0,0
06 Extracción de cru e gas natural	2	1	1	1	0,0
07 Extracción de minerais metálicos	6	4	8	9	12,5
08 Outras industrias extractivas	397	264	254	220	-13,4
09 Actividades de apoio ás industrias extractivas	0	2	2	2	0,0
10 Industria da alimentación	2.047	1.862	2.040	1.999	-2,0
11 Fabricación de bebidas	531	509	545	527	-3,3
12 Industria do tabaco	0	0	0	0	
13 Industria téxtil	437	414	425	431	1,4
14 Confección de roupa de vestir	1.248	786	780	770	-1,3
15 Industria do coiro e do calzado	62	51	48	54	12,5
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	1.549	1.002	1.029	1.011	-1,7
17 Industria do papel	56	39	38	39	2,6
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	786	712	748	752	0,5
19 Coquerías e refino de petróleo	0	0	0	0	
20 Industria química	154	144	149	139	-6,7
21 Fabricación de produtos farmacéuticos	11	14	14	11	-21,4
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	209	162	169	164	-3,0
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	1.084	743	758	727	-4,1
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixaxes	79	68	86	75	-12,8
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	2.541	2.107	2.100	2.101	0,0
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	107	98	107	92	-14,0
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	88	71	69	62	-10,1
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	280	268	289	269	-6,9
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	130	101	110	92	-16,4
30 Fabricación doutro material de transporte	158	126	150	142	-5,3
31 Fabricación de mobles	1.185	828	830	799	-3,7
32 Outras industrias manufactureiras	597	534	541	558	3,1
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	969	810	866	912	5,3
35 Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	374	556	577	387	-32,9
Total	15.089	12.279	12.735	12.347	-3,0

b) Microempresas

	2008	2017	2018	2019	TVA (%) 2019/2018
05 Extracción de antracita, hulla e lignito	1	3	2	2	0,0
06 Extracción de cru e gas natural	1	1	1	1	0,0
07 Extracción de minerais metálicos	4	3	6	8	33,3
08 Outras industrias extractivas	287	210	197	181	-8,1
09 Actividades de apoio ás industrias extractivas	0	2	2	2	0,0
10 Industria da alimentación	1.664	1.478	1.639	1.608	-1,9
11 Fabricación de bebidas	478	464	490	486	-0,8
12 Industria do tabaco	0	0	0	0	
13 Industria téxtil	400	387	399	402	0,8
14 Confección de roupa de vestir	913	660	670	672	0,3
15 Industria do coiro e do calzado	55	43	40	47	17,5
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	1.331	889	911	901	-1,1
17 Industria do papel	35	24	25	24	-4,0
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	716	667	706	715	1,3
19 Coquerías e refino de petróleo	0	0	0	0	
20 Industria química	110	110	114	107	-6,1
21 Fabricación de produtos farmacéuticos	7	7	7	7	0,0
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	126	98	105	105	0,0
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	773	617	633	615	-2,8
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixaxes	47	51	65	55	-15,4
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	2.099	1.854	1.829	1.825	-0,2
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	90	83	90	80	-11,1
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	57	53	53	46	-13,2
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	179	191	197	184	-6,6
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	72	59	57	57	0,0
30 Fabricación doutro material de transporte	93	87	105	101	-3,8
31 Fabricación de mobles	1.068	774	767	750	-2,2
32 Outras industrias manufactureiras	564	506	512	531	3,7
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	810	670	711	749	5,3
35 Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	363	540	567	371	-34,6
Total	12.343	10.531	10.900	10.632	-2,5

Fonte: Directorio Central de Empresas, INE.

En canto á distribución dos establecementos por ramas de actividade con respecto a 2018 convén subliñar a perda de empresas en automoción, o que suxire a dificultade para sobrevivir nun sector de

compoñentes no que, ademais das deslocalizacións, a produción está cada vez máis concentrada en grandes multinacionais. Dos tres sectores que contan en Galicia con máis de mil establecementos, so se reduciu o número de empresas en 2019 unicamente na fabricación de produtos metálicos.

A presenza da industria galega nos mercados estranxeiros

Dos bens que desde Galicia se exportaban ao estranxeiro en 2019, o 95,8% do valor monetario total facturábase desde a industria manufacturera e o 1% desde a industria extractiva e enerxética. En importacións, estas porcentaxes son do 81,7% en bens manufacturados e do 15,3% no sector extractivo e enerxético.

Cadro núm. 5

Evolución do comercio co estranxeiro por agrupacións industriais (en miles de euros)

a) Exportación

	2018	2019	% sobre o total	TVI (%)	TVI(%) xan-ago 2020 / xan-ago 2019
B Industrias extractivas	197.628	112.846	0,5	-42,9	-2,9
C Industria manufacturera	21.182.921	21.272.469	99,5	0,4	-13,9
10 Industria da alimentación	2.637.987	2.644.040	12,4	0,2	1,1
11 Fabricación de bebidas	63.071	68.883	0,3	9,2	4,5
12 Industria do tabaco	3.369	3.085	0,0	-8,4	-8,6
13 Industria téxtil	520.531	580.864	2,7	11,6	-23,4
14 Confección de roupa de vestir	5.124.214	5.323.999	24,9	3,9	-32,3
15 Industria do coiro e do calzado	569.032	588.779	2,8	3,5	-33,9
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	404.545	397.291	1,9	-1,8	-16,4
17 Industria do papel	357.693	316.006	1,5	-11,7	-28,4
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	228	210	0,0	-8,0	-34,7
19 Coquerías e refino de petróleo	1.560.466	1.332.624	6,2	-14,6	-31,4
20 Industria química	802.610	826.608	3,9	3,0	-13,2
21 Fabricación de produtos farmacéuticos	44.747	50.917	0,2	13,8	-21,2
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	271.461	275.069	1,3	1,3	-4,8
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	496.927	468.455	2,2	-5,7	-12,6
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	1.189.474	1.067.564	5,0	-10,2	-16,9
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	339.569	339.233	1,6	-0,1	-3,3
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	142.564	125.631	0,6	-11,9	-18,3
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	786.219	629.108	2,9	-20,0	-58,9
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	539.584	600.359	2,8	11,3	-12,8
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	4.935.726	5.078.545	23,7	2,9	15,3
30 Fabricación doutro material de transporte	119.242	259.787	1,2	117,9	-71,3
31 Fabricación de mobles	193.368	195.170	0,9	0,9	-41,7
32 Outras industrias manufactureras	80.294	100.242	0,5	24,8	-22,6

b) Importación

	2018	2019	% sobre o total	TVI (%)	TVI(%) xan-ago 2020 / xan-ago 2019
B Industrias extractivas	3.067.476	2.882.753	15,1	-6,0	-51,2
C Industria manufacturera	15.416.951	16.177.954	84,9	4,9	-16,6
10 Industria da alimentación	3.207.280	3.023.429	15,9	-5,7	-3,3
11 Fabricación de bebidas	27.038	23.076	0,1	-14,7	-19,9
12 Industria do tabaco	0	14	0,0	3.773,2	-92,0
13 Industria téxtil	445.198	530.294	2,8	19,1	0,8
14 Confección de roupa de vestir	1.341.866	1.506.369	7,9	12,3	-22,6
15 Industria do coiro e do calzado	144.436	230.626	1,2	59,7	-39,7
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	118.474	110.845	0,6	-6,4	-19,9
17 Industria do papel	202.097	229.884	1,2	13,7	-5,2
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	146	67	0,0	-53,9	24,1
19 Coquerías e refino de petróleo	475.861	417.010	2,2	-12,4	-26,8
20 Industria química	635.068	708.532	3,7	11,6	-10,9
21 Fabricación de produtos farmacéuticos	44.478	37.732	0,2	-15,2	63,3
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	341.042	283.072	1,5	-17,0	-16,3
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	80.209	95.132	0,5	18,6	-11,8
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	1.165.006	1.157.375	6,1	-0,7	-16,4
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	323.728	365.722	1,9	13,0	-21,7
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	191.068	198.363	1,0	3,8	14,3
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	291.586	336.648	1,8	15,5	16,0
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	648.216	776.965	4,1	19,9	-34,3
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	5.445.071	5.867.799	30,8	7,8	-24,1
30 Fabricación doutro material de transporte	84.489	51.390	0,3	-39,2	-63,8
31 Fabricación de mobles	131.746	147.394	0,8	11,9	7,6
32 Outras industrias manufactureras	72.849	80.214	0,4	10,1	1,0

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Polo tanto, a base exportadora da economía é eminentemente industrial. Considerando que o peso das exportacións galegas supuxeron o 35,1% do PIB de 2019, a demanda externa é vital para os intereses do sector. Xa que noutro capítulo deste informe se ofrece información pormenorizada do comercio externo realizado por Galicia en 2019 e nos oito primeiros meses de 2020, con esta epígrafe só pretendemos mostrar a estrutura industrial e a súa evolución, considerando exclusivamente a comercialización dos produtos fóra do mercado español.

No cadro 5 obsérvase que as vendas da industria manufactureira galega no exterior en 2019 apenas variaron con respecto ás contabilizadas entre xaneiro e agosto de 2020; un crecemento dun 0,4% inferior ao que mostra o IPI. Das divisións da CNAE-09 apréciase que tan só catro sectores superan os mil millóns nas súas exportacións, aínda que, practicamente nos catro, unha parte dos produtos que se venden ao estranxeiro ou foron fabricados na súa totalidade fóra de Galicia, ou ao produto importado se lle incrementou o seu valor engadido; que é o que se entende como tráfico de perfeccionamento. Este feito reflíctese no tamén elevado valor das súas importacións.

Pois ben, a base exportadora galega, en síntese, concéntrase en catro divisións. A industria da alimentación logrou un sensible incremento no seu comercio en 2019 e conseguiu manter este fluxo nos meses de crise sanitaria. A confección de pezas de vestir, actividade que aínda conta cun número de empresas en Galicia elevado malia a caída dun 38,3% con respecto a 2008 e cun mercado internacional totalmente condicionado polas transaccións de Inditex. Así, tras un crecemento moderado das exportacións en 2019, o descenso das vendas nun 32,2% nos oito primeiros meses de 2020, fixéronlle perder o liderado exportador e sitúano como un dos sectores máis afectados pola crise motivada pola pandemia. Pola súa vez, o sector da metalurxia e dos produtos de ferro e aceiro, da mesma maneira que a confección, acelerou as súas vendas no exterior en 2019 para retroceder en 2020. E, finalmente, a fabricación de vehículos de motor, cuxa dinámica é a do grupo PSA comentada anteriormente, e que, tras un arranque espectacular das exportacións en 2019, conseguiu estabilizar as súas vendas en 2020; deste xeito, polo de agora, non se viu afectado pola crise sanitaria, recuperando o liderado nas divisións industriais de Galicia.

Como se indicaba previamente, as empresas que configuran a base exportadora galega teñen unha boa parte dos seus provedores no estranxeiro. Así, na estrutura das importacións, as catro divisións que superaban os mil millóns no fluxo exportador tamén son as que superan esa mesma cantidade no fluxo importador. Á marxe da entrada de produtos estranxeiros substitutivos dos que se fabrican en España ou Galicia, no cadro 5 apréciase unha caída na facturación no conxunto de bens adquiridos no estranxeiro en todas as divisións e, en particular, nas catro máis relevantes. A paralización do aprovisionamento no exterior no primeiro semestre de 2020 é outro feito que mostra o impacto económico na industria galega da primeira vaga da pandemia.

A evolución das magnitudes económicas na industria galega

A estatística estrutural de empresas, no seu apartado relativo ao sector industrial, proporciona unha ampla información sobre a situación económica e contable das empresas en España. O INE tamén presenta os resultados das variables máis relevantes por comunidades autónomas. Ante a complexidade desta operación estatística, a súa publicación atrasase un ano e medio con respecto ao exercicio que se analiza, polo cal, a última información dispoñible refírese a 2018, xa que a de 2019 está previsto que se publique en xuño de 2021.

Unha novidade en canto á información que se presenta de 2018 é o cambio do concepto "empresa". O INE está intentando adaptalo nas súas estatísticas á normativa da Unión Europea que o define como "a combinación máis pequena de unidades xurídicas que produce bens ou servizos e que goza dunha certa autonomía de decisión, principalmente á hora de empregar os recursos dos que dispón". Iso afecta, sobre todo, os grupos empresariais, cuxo número de empresas se verá reducido con respecto aos anos anteriores; o que provocará, entre outras cousas, pequenos cambios na distribución sectorial do cadro 6 co que se presentaba no informe de 2018. En España este cambio afectou o 3,1% das empresas.

Con esta nova metodoloxía o INE publica para Galicia os resultados das catro variables que figuran no cadro 6. Nesta táboa, as taxas de variación con respecto a 2017 non son completamente precisas ante o cambio do concepto de empresa, pero, en todo caso, preséntanse xa que a diferenza coas taxas reais son mínimas. En canto á cifra de negocios, a evolución, consoante o que figura no cadro 1, do VEB, foi en 2018 positiva. Este incremento produciuse tanto na industria extractiva como na manufactureira e, en case todas, as dimensións da CNAE e, en especial, na fabricación de material e equipamento eléctrico

Cadro núm 6

Evolución das magnitudes económicas na industria galega (en miles de euros). Ano 2018

	Cifra de negocios	TVI (%) 2018/2017	Saldos e salarios	TVI (%) 2018/2017
B Industrias extractivas	282.518	11,5	54.129	6,4
C Industria manufacturera	36.524.363	8,1	3.147.608	7,1
10 Industria da alimentación	8.486.767	5,7	564.048	7,6
11 Fabricación de bebidas	967.952	7,9	79.293	0,1
12 Industria do tabaco				
13 Industria téxtil	175.570	21,3	37.926	6,5
14 Confección de roupa de vestir	1.536.830	-2,2	189.252	-2,8
15 Industria do coiro e do calzado	26.236	2,4	4.474	6,8
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	1.332.342	2,7	175.781	10,9
17 Industria do papel	535.849	-17,9	54.665	-8,6
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	253.785	8,8	53.394	11,2
19 Coquerías e refino de petróleo				
20 Industria química	631.552	6,6	41.089	2,5
21 Fabricación de produtos farmacéuticos				
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	780.894	-4,1	100.463	8,3
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	757.376	7,0	140.143	9,3
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	5.265.275	14,2	134.678	3,1
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	2.121.388	6,2	373.190	9,5
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	176.835	11,4	31.493	4,1
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	828.350	73,4	49.359	21,8
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	547.769	1,5	101.838	-6,2
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	6.957.297	1,7	447.793	1,4
30 Fabricación doutro material de transporte	769.524	13,5	161.189	17,1
31 Fabricación de mobles	287.008	-6,2	58.220	-3,4
32 Outras industrias manufacturerais	124.438	29,1	25.457	19,0
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	891.626	32,3	259.978	28,9
D Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	5.488.108	10,9	137.275	-16,2
E Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	968.411	16,3	194.207	11,6
Total industria galega en 2018	43.263.400	8,6	3.533.219	6,1
Total industria española en 2018	670.863.733	8,7	63.921.949	8,5
% Galicia/España 2018	6,4		5,5	

	Investimento en activos materiais	TVI (%) 2018/2017	Persoal ocupado	TVI (%) 2018/2017
B Industrias extractivas	13.896	-23,0	2.186	0,8
C Industria manufacturera	1.089.291	2,9	129.042	5,4
10 Industria da alimentación	242.654	57,9	29.281	10,2
11 Fabricación de bebidas	70.586	-7,9	2.948	-1,8
12 Industria do tabaco				
13 Industria téxtil	5.922	-32,3	2.282	5,4
14 Confección de roupa de vestir	7.320	-38,4	8.561	-2,3
15 Industria do coiro e do calzado	219	-44,6	287	1,8
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	86.622	1,0	8.356	5,4
17 Industria do papel	25.396	-20,2	1.537	-6,2
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	8.230	-6,7	2.867	6,0
19 Coquerías e refino de petróleo				
20 Industria química	19.287	-35,8	1.377	-0,6
21 Fabricación de produtos farmacéuticos				
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	29.153	-51,5	3.941	5,7
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	24.464	26,9	6.259	4,0
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	54.842	-4,2	4.382	4,6
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	65.595	-38,3	15.565	2,3
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	4.477	-18,3	1.030	5,2
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	11.051	-73,4	1.409	7,6
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	14.920	-24,3	3.732	-6,1
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	295.664	26,2	14.526	4,2
30 Fabricación doutro material de transporte	12.327	4,4	4.566	10,0
31 Fabricación de mobles	6.746	-13,4	3.475	-1,2
32 Outras industrias manufacturerais	5.572	-8,8	1.806	8,4
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	27.160	-32,5	9.470	19,6
D Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	388.796	-5,5	2.584	-4,8
E Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	48.792	45,1	7.630	7,9
Total industria galega en 2018	1.540.775	1,2	141.442	5,3
Total industria española en 2018	26.356.884	10,9	2.253.476	5,4
% Galicia/España 2018	5,8		6,3	

Fonte: Elaboración propia a partir da *Estadística estrutural de empresas: sector industrial*, INE.

cuxa facturación case dobra a de 2017. Das catro divisións cun maior valor das exportacións ao estranxeiro que se presentaban na epígrafe anterior obsérvase, por unha banda, o menor peso de confección de roupas de vestir ante unha facturación da súa produción moi inferior ás súas vendas no estranxeiro; e, pola outra, o liderado da alimentación, a cal factura case o 20% da industria galega. Os catro maiores sectores facturan conxuntamente o 60,6% do total.

Unha forma alternativa de analizar a ocupación industrial da EPA é a través da que os empregadores proporcionan nesta enquisa. En 2018, segundo esta fonte, dispoñían de 141.442 persoas empregadas (171.200 na EPA), dos que unha maioría traballan na industria da alimentación. A distribución sectorial do emprego non coincide coa da facturación, xa que en sectores como o enerxético ou o metalúrxico, non intensivos en traballo, presentan unha facturación alta conseguida con poucos traballadores. En canto ao emprego, ademais de alimentación e automoción, ten moita relevancia en Galicia a fabricación de produtos metálicos, co seu conglomerado de pequenas empresas moi intensivas en traballo. Con menos peso, pero tamén intensivas en traballo, están a industria téxtil, a da madeira, a do moble e as artes gráficas. Nótese que a cifra de facturación por traballador da enerxía, 2,1 millóns de euros, ou de 1,2 millóns da metalurxia son moi superiores ás alcanzadas polo téxtil, 76.940 euros, ou pola industria do moble, 82.590 euros.

Cun crecemento nominal na facturación dun 8,6% e do emprego nun 5,3%, a suma de salarios subiu un 6,1%. No cadro 6 conséntase o incremento en fabricación de material e equipamento eléctrico e, no sector naval, dentro da industria doutro material de transporte; e unha caída, acorde cunha variación negativa do emprego, nas divisións da fabricación mobles, papel, maquinaria e confección de pezas de vestir.

A cuarta variable, a contía do investimento efectuado, anticipa o posible dinamismo nos próximos anos do sector. Pois ben, esta variable é a que obtivo os peores resultados das catro analizadas. O seu crecemento anual, en termos monetarios, foi de tan só un 1,2%, moi lonxe do alcanzado polo conxunto da industria española, un 8,5%. Ademais, en case todos os sectores a contía do investido reduciuse con respecto a 2017. Entre os máis importantes só medrou en dous, industria da alimentación e automoción. Grazas a estas dúas divisións o incremento total resultou positivo.

O INE tamén elabora un índice mensual da cifra de negocios con resultados por comunidades autónomas. En media anual, en 2019 estimou un crecemento deste índice en Galicia dun 0,7% (0,4% para España), que mostra a estabilización da actividade industrial nese ano, ante o maior crecemento rexistrado nos exercicios precedentes. En canto a 2020, tras manterse a situación de estabilidade no primeiro trimestre, no pasado mes de xuño en media do que vai de ano o descenso foi dun 15,9%, que se recortou ao 9,2% no mes de setembro. Iso reflicte de novo a magnitude da desaceleración na actividade industrial ante a crise sanitaria xa mostrada por outras variables.

A evolución da especialización industrial galega con respecto a España

Para complementar a estatística estrutural de empresas, do sector industrial, o INE elabora a enquisa industrial de produtos, da que xa se dispón de información para 2019. Trátase dunha investigación moi precisa, posto que se enquisan en España 54 mil establecementos e se indaga sobre 4 mil tipos de produtos. Os resultados para Galicia figuran no cadro 7. Conséntase un incremento do 1,6% con respecto a 2018, que, sendo inferior ao de anos precedentes, mostra que a desaceleración se debeu ao comportamento do sector da enerxía e non á industria manufacturera. Nela, tanto alimentación como automoción presentaron incrementos elevados.

A partir deste cadro, e como nos anteriores informes, elaborouse un sinxelo coeficiente de especialización da industria galega con respecto á española. Previamente temos que subliñar que o peso dun 7,2% da oferta industrial de Galicia, no contexto español foi superior ao do VEB industrial, un 5,8% en 2019. Iso indica unha menor achega de valor engadido na industria galega ás materias primas e bens intermedios que recibe. No índice utilizado, un valor maior que 100 significa que o peso relativo que esa división ten no conxunto da industria galega é superior ao do conxunto de España. Canto máis elevado é o coeficiente, maior é a especialización dese sector. Agora ben, o coeficiente non atende a importancia relativa de cada actividade, polo que unha división con moi pouca entidade en Galicia pode mostrar un coeficiente de especialización moi alto ao ter aínda un menor peso no conxunto de España.

O sector téxtil e confección e o da madeira galegos representan en 2019 o 18,5% e o 17,6% do total do que se factura en España, polo que estas dúas divisións son as de maior especialización a moita distancia de todas as demais. Tamén o coeficiente é elevado en material de transporte, mentres que en

alimentación, que xera en Galicia o 24,8% da oferta industrial, representa no contexto español o 8%; polo que o seu grao de especialización é máis pequeno ao ter un peso relativo elevado en moitas das comunidades autónomas españolas (cadro 6).

Cadro núm. 7

Composición da oferta industrial galega: valor de venda dos produtos industriais. Ano 2019

	CNAE-2009	Miles de euros	%	% Galicia/España	Coefficiente de especialización	TVI (%) 2019/2018
Alimentación, bebidas e tabaco	10-11-12	7.799.336	24,8	8,0	111,4	6,6
Téxtil e confección	13-14	1.391.844	4,4	18,5	258,7	4,0
Coiro e calzado	15	171.531	0,5	4,8	67,1	1,9
Madeira e cortiza	16	901.467	2,9	17,6	245,9	-1,3
Papel, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	17-18	615.650	2,0	3,7	51,4	-11,9
Cocarías, refino, químicas e produtos farmacéuticos	19-20-21	3.439.799	10,9	4,6	63,7	-4,7
Manufacturas de caucho e plástico	22	871.300	2,8	4,8	67,1	0,0
Produtos minerais non metálicos	23	675.101	2,1	4,5	63,1	2,3
Produción, primeira transformación e fundición de metais	24	2.177.299	6,9	8,1	113,2	-7,7
Produtos metálicos	25	1.631.584	5,2	5,6	78,1	7,7
Produtos informáticos, electrónicos, ópticos e eléctricos	26-27	846.680	2,7	5,4	74,9	2,0
Maquinaria e equipo	28	891.242	2,8	5,0	69,9	2,8
Material de transporte	29-30	6.952.203	22,1	9,8	137,2	7,9
Mobles e outras industrias manufactureiras	31-32	601.867	1,9	7,3	102,4	7,2
Reparación e instalación de maquinaria e equipo	33	959.492	3,1	7,4	103,9	3,6
Produción de enerxía eléctrica, gas e vapor	35	1.490.374	4,7	8,2	115,1	-19,3
Total		31.416.769	100,0	7,2		1,6

Fonte: Elaboración propia a partir da *Encuesta industrial de productos*, INE.

No conxunto de divisións que se presentan no cadro 7, en oito actividades a especialización galega con respecto á industria española é moi baixa. Destacan neste grupo o papel e as artes gráficas, o coiro e calzado e os produtos minerais non metálicos. O baixo coeficiente de maquinaria e equipo, 69,9, e de produtos informáticos e electrónicos, 74,9, esixe dun impulso cara a este tipo de actividades, que, polo xeral, utilizan altas tecnoloxías e adoitan xerar un importante efecto multiplicador no seu contorno.

IV. 2. A política industrial

A incidencia da política rexional comunitaria en 2019

O ano 2019 foi o penúltimo de vixencia do Marco financeiro plurianual da Unión Europea para o período 2014-2020. A posta en práctica dos programas operativos (PO), que inciden en Galicia neste período, permítenos coñecer as características da política industrial galega e avaliar os seus resultados neste período.

O drástico cambio experimentado na economía en 2020 debido á crise da COVID-19 puxo a proba o papel das actuacións presentes e futuras da Unión Europea, ante un escenario que non estaba previsto. Iso explica que as respostas no próximo período de programación non sigan as pautas que terían nos anos dunha certa normalidade.

En todo caso, e cinguíndonos aos resultados de 2019, en Galicia continuaron desenvolvéndose os programas aprobados nos primeiros anos deste período de aplicación, vinculados aos fondos estruturais e de investimento europeos: Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), Fondo Social Europeo (FSE), Fondo de Cohesión, Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEDER) e Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP). Máis adiante comentaremos as perspectivas financeiras para o período 2021-2027 e os cuantiosos fondos adicionais que se aprobaron para poder abordar a saída da crise e a recuperación económica.

Lembremos que, entre 2014-2020, Galicia, inesperadamente, quedou encadrada no colectivo das rexións europeas desenvolvidas pero, aínda así, logrou unha contía importante de fondos estruturais para garantir o éxito do paso dunha rexión pouco desenvolvida a desenvolvida. Xa se indicaba no informe anterior que, coa crise económica iniciada en 2008, o PIB por habitante galego deixou de converxer co da Unión Europea. Certamente, cando se iniciaron as actuacións programadas para o período 2014-2020 a súa situación esixiría encadrala no colectivo de rexións en transición.

Aínda que as estimacións feitas nos primeiros anos do século colocaban Galicia cun PIB por habitante, medido por poder de paridade de compra, superior ao 90% do PIB por termo medio da UE-28, o certo é que revisións posteriores suxiren que non se chegou a esa porcentaxe. Segundo as últimas estimacións de Eurostat, xa nunha UE con 27 países, a porcentaxe de Galicia en 2018 (último ano con información dispoñible) foi do 82%. O PIB por habitante no período 2011-2018 oscilou entre o 81 e o 83%. Foi perdendo posicións conforme avanzou a crise, xa que en 2008 se situaba no 89%. Por tanto, este indicador suxire que as políticas realizadas ata o de agora non conseguiron que Galicia puidese retornar a unha senda de converxencia coa media europea, malia a recuperación da actividade dos últimos anos. Galicia, por PIB por habitante e respecto á media da UE, ocupou en 2108 o décimo lugar entre o conxunto das comunidades autónomas españolas. Excedían ou alcanzaban o 100%, Madrid, País Vasco, Navarra, Cataluña e Aragón. Os dous últimos lugares, excluídas as cidades autónomas, eran para Andalucía (68%) e Extremadura (67%).

Os fondos provenientes do FEDER, completados coa achega que realizan as Administracións públicas e o sector privado, permiten levar a cabo as políticas económicas que teñen por finalidade alcanzar un desenvolvemento sostible e corrixindo os principais desequilibrios existentes entre as diversas rexións da Unión Europea. A incidencia deste fondo é determinante nos resultados das políticas industriais que se levan a cabo nos diferentes territorios. As actuacións para o período 2014-2020 do FEDER reflíctense nos PO que presentou cada Estado membro, nos que se plasman as actuacións que se realizan neste período de programación para cumprir os obxectivos previstos. Na economía galega existe un programa específico para a comunidade autónoma, denominado PO FEDER Galicia, 2014-2020, e dous PO plurirrexionais que recollen as actuacións que afectan a Galicia pero tamén a outras comunidades autónomas.

No marco no que se diseña a política industrial galega, o documento máis importante é o PO FEDER Galicia, 2014-2020, cuxo contido e resultados ata 2018 se foron analizando nos anteriores informes. No cadro 8 apréciase como para todo o período a contía total de fondos públicos que utiliza este PO alcanzou os 1.142 millóns de euros, dos que o FEDER aporta 913,7 millóns, ou sexa, o 80%.

O cadro 8 recolle o grao de execución deste PO a 31 de decembro de 2019 nos 13 obxectivos temáticos. Certificouse o 37,02% do programado polo que, tendo en conta que a finais de 2018 o grao de execución era do 21,77%, neste exercicio avanzouse en 16,25 puntos. Pode parecer que este resultado é moi escaso a falta de tan só un ano para finalizar o período de programación. Hai que recordar, por unha

banda, que as actuacións se iniciaron con atraso e, inclusive, nos primeiros anos, as atencións dos xestores centrouse en pechar as actuacións previstas no marco financeiro anterior, 2007-2013. Por outra banda, a xustificación do pago efectivo de cada operación pódese estender ata o 31 de decembro de 2023. É o criterio n+3, co cal, tras 2019, aínda quedan catro anos nos que se poden certificar os gastos. Iso suxire que as actuacións programadas para o período 2021-2027 experimentarán os mesmos atrasos que os que tiveron os marcos financeiros anteriores.

Cadro núm. 8

Grao de execución do PO FEDER Galicia 2014-2020 a 31 de decembro de 2019 (en euros)

Obxectivo temático	Financiamento total	Axuda FEDER	Total gasto certificado	% execución
1. Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación	178.000.000	142.400.000	44.741.418	25,14
2. Mellorar o uso e calidade das TIC e o acceso ás mesmas	175.875.000	140.700.000	77.283.561	43,94
3. Mellorar a competitividade das pemes, do sector agrícola (no caso do FEADER) e do sector da pesca e a acuicultura (no caso do FEMP)	178.750.000	143.000.000	68.628.550	38,39
4. Favorecer a transición a unha economía baixa en carbono en todos os sectores	229.032.463	183.225.970	93.737.529	40,93
5. Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos	49.422.659	39.538.127	18.258.800	36,94
6. Conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos	190.068.044	152.054.435	52.546.176	27,65
9. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación	64.298.104	51.438.483	41.025.572	63,81
10. Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente	59.162.500	47.330.000	25.406.029	42,94
13. Asistencia técnica	17.501.031	14.000.825	1.166.868	6,67
Total	1.142.109.800	913.687.840	422.794.503	37,02

Fonte: Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, Consellería de Facenda e Administración Pública, Xunta de Galicia.

Nos obxectivos temáticos 1 e 2 concéntranse as actuacións de apoio ao tecido empresarial e á innovación. Ambos os obxectivos experimentaron en 2019 un sensible incremento na súa execución con respecto a 2018. O obxectivo temático 1 pasou do 6,41% ao 25,14% e o 2 do 22,76% ao 43,94%. Así, segundo o informe de seguimento, concedéronse 23 millóns de euros a proxectos de I+D+i realizados por centros públicos e privados e 41 millóns de euros a pemes e grandes empresas para mellorar a súa competitividade.

En canto á comparación dos graos de execución por eixes obsérvase que, como en 2018, o obxectivo 9, a loita contra a exclusión e a pobreza ou de calquera forma de discriminación, alcanzou as maiores porcentaxes, seguido polo obxectivo 2, que incide no maior uso da calidade das TIC e de acceso ás mesmas.

A Administración central canaliza en dous PO a súa intervención en Galicia co uso de fondos FEDER. Estes PO tamén poden incidir nas restantes comunidades autónomas. O PO Plurirrexional de España (POPE), 2014-2020, é o froito da fusión en 2017 de dous PO que estiveron vixentes ata ese ano. Neste programa recóllense as iniciativas en infraestruturas, que no caso de Galicia se concretaron en múltiples accións; das que destacamos a extensión da banda ancha e o acceso a redes en Galicia de moi alta velocidade por parte dos grandes operadores de telefonía, o acceso ás TIC por parte de empresas galegas, o apoio á execución da alta velocidade na rede básica de ferrocarril ou, no referente ás cidades, a integración de obxectos internos de cidade no modelo de cidade intelixente en Vigo ou na Coruña. Igualmente, prevé axudas ás empresas para a súa internacionalización. Neste PO tamén se recollen as políticas tecnolóxicas que leva a cabo a Administración central a través do CDTI, que se tratarán nun próximo apartado.

O segundo PO denomínase PO Iniciativa Peme 2014-2020 e a súa actuación céntrase en facilitar o acceso ao financiamento das pemes españolas, a través do Fondo Europeo de Investimentos. A finalidade destes fondos é a realización de proxectos de investimento, a penetración en novos mercados ou o desenvolvemento de novos produtos. Tamén axuda a creación de novas empresas financiando capital semente e *startups*. Obviamente, esta actuación non está territorializada e neste PO conflúen as axudas do Banco Europeo de Investimentos (BEI) e outras institucións.

Tamén con fondos FEDER finánciase a cooperación territorial europea, que en Galicia adquire un certo protagonismo debido á intensa cooperación existente coa Rexión Norte de Portugal. Esta cooperación transfronteiriza, unha das tres vertentes no enfoque de cooperación territorial europea, plasmouse no Programa INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020, cuxas características e formas de intervención comentáronse con detalle nos informes anteriores. En marzo de 2019 publicáronse os proxectos aprobados en segunda convocatoria, un total de 96, que absorbían 84 millóns de euros en axudas. No

cadro 9 do informe de 2018 recollíanse, por obxectivos temáticos, os 24 proxectos aprobados na área de cooperación Galicia-Rexión Norte de Portugal aos que o FEDER aporta unha axuda de 20,8 millóns de euros. Ademais, dentro do programa operativo plurirrexional aprobáronse 23 proxectos con participación galega en 9 deles.

En canto ás últimas novidades, cabe destacar que, dentro do ámbito plurirrexional, o comité de seguimento do POCTEP aprobou en xullo de 2020 as bases para unha convocatoria de proxectos estratéxicos ou estruturantes (un gasto mínimo de 5 millóns de euros) para os que dispón dun orzamento de 27,3 millóns de euros.

Outro ámbito da cooperación territorial europea é a cooperación transnacional, na que Galicia participa en dous espazos. O PO Espazo Suroeste 2014-2020, que abarca os territorios de España (excepto as Illas Canarias), Portugal (agás Madeira e Azores), Xibraltar, Andorra e as rexións do suroeste francés (Aquitania, Auvernia, Languedoc-Rosellón, Lemosín, Mediodía-Perineos e Poitou-Charentes). Estructurado en 6 eixes e dotado polo FEDER con 106.810.523 euros, entre os seus obxectivos está promover a innovación, a competitividade e a internacionalización das pemes. Os resultados da segunda convocatoria dos proxectos con beneficiarios galegos preséntanse no cadro 9. Apréciase que estes beneficiarios son centros tecnolóxicos ou as universidades galegas sen incidencia directa no sector industrial.

Cadro núm 9

Relación dos proxectos con beneficiarios galegos aprobados na 2ª convocatoria do PO INTERREG VB SUDOE 2014-2020

	Beneficiarios galegos	Axuda Feder
Eixe 1: Promover as capacidades de innovación para un crecemento intelixente e sostible		
Título: "Hacia una concepción circular e intelixente de la gestión del agua residual en áreas rurales"	Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia	1.319.876,57
Título: "Reducción del Impacto Ambiental de los Gases Fluorados en el espacio Sudoeste mediante Tecnologías Facilitadoras Esenciales"	Fundación Empresa-Universidad Gallega Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio Universidade de Vigo	1.307.097,75
Eixe 5: Protexer o medio ambiente e promover a eficacia dos recursos		
Título: "Protección y Fomento de los Espacios Naturales mediante la puesta en valor de razas ganaderas autóctonas como Patrimonio de Biodiversidad y activo turístico"	Federación de Razas Autóctonas de Galicia	824.871,00
Título: "Estrategia conjunta para la protección y restauración de los ecosistemas afectados por Incendios Forestales. (Gestión integrada en zonas naturales de alto riesgo)"	Universidade de Santiago de Compostela Instituto Galego da Calidade Alimentaria	1.499.712,50

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública. Xunta de Galicia.

O segundo espazo de cooperación transnacional no que se inclúe Galicia, Espazo Atlántico, articula-se mediante o PO FEDER Espazo Atlántico 2014-2020. Os resultados da segunda convocatoria, da presentación e aprobación de proxectos, nos que participan 43 organismos galegos, recóllense no cadro 10 do informe de 2018.

A terceira vertente da cooperación territorial europea é a cooperación interrexional que se canaliza a través do PO CTE Interrexional Europa 2014-2020, e tamén participan Noruega e Suíza. No período de programación abríronse tres convocatorias e na última, dos proxectos aprobados, dous contan con participación galega, cunha axuda de 150.523,10 euros ao Instituto de Estudos do Territorio para o proxecto "Celebrando a gobernanza da biodiversidade" e de 269.314 euros ao Inorde para desenvolver un proxecto sobre patrimonio cultural.

Cadro núm. 10

Grao de execución do PO FSE Galicia 2014-2020 a 31 de decembro de 2019

Obxectivo temático	Financiamento total (euros)	Gasto executado (euros)	% de execución
8. Promover a sostibilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade social	132.625.205	75.919.359	57,2
9. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación	104.073.585	61.484.606	59,1
10. Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente	155.473.456	102.026.063	65,6
13. Asistencia técnica	10.630.059	2.803.070	26,4
Total	402.802.305	242.233.097	60,1

Fonte: Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, Consellería de Facenda e Administración Pública, Xunta de Galicia.

Xunto ao FEDER, o outro gran fondo estrutural é o FSE. En Galicia incídese co PO FSE Galicia 2014-2020 e tamén mediante catro FSE plurirrexionais. As súas actuacións afástanse do que se entende por política

Cadro núm. 11

Axuda comunitaria prevista nos PO de 2019 e 2020 en Galicia xestionada pola Administración autonómica (millóns de euros)

Fondos estruturais e de investimento europeos	2019	2020
PO FEDER Galicia, 2014-2020	231,2	257,1
PO FEDER Plurirrexional, 2014-2020	14,4	9,2
PO FSE Galicia, 2014-2020	55,5	62,1
PO FSE de Emprego Xuvenil	7,4	7,7
Programa Interreg V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 - FEDER	4,1	1,7
PO FEDER Espazo Atlántico 2014-2020	0,4	0,2
Interreg Sudoe	0,1	0,1
Interreg Europa	0,2	0,1
FEADER	198,9	203,8
FEMP	68,9	73,0
Total	581,1	615,0

Fonte: Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia. Ano 2019 e 2020.

mentalmente no sector primario, aínda que tamén prevén medidas de apoio á transformación e comercialización dos produtos, das que daremos referencia no último apartado deste capítulo.

No cadro 11 preséntase a contía total de fondos europeos que agardaba xestionar a Administración autonómica en 2019 e 2020. En 2019 esta cifra alcanzaba os 581,10 millóns de euros, dos que o FEDER e o FEDER absorberon o 74% do total. En 2020 esperábase que este fluxo de fondos aumentase un 5,8% con respecto a 2019.

A Política de Cohesión no período 2021-2027 e a súa incidencia en Galicia

No informe de 2018 adiantábanse as propostas que efectuara a Comisión Europea, en canto ao Marco financeiro plurianual da Unión Europea, para o novo período de programación 2021-2027. A prezos de 2018, propuña un gasto total de 1,13 billóns de euros, dos que corresponderían á política de cohesión o 29% do total. Aínda que cun certo atraso, en 2019 mantiñase a rutina habitual na preparación deste novo escenario de sete anos.

As circunstancias obviamente cambian coa crise da COVID-19 que desde marzo afectou a todo o continente. Xunto ao novo marco financeiro plurianual, e ante o tratamento de choque que necesita a Unión Europea, deseñouse un fondo de recuperación (NextGenerationEU), que tras arduas negociacións se concretou en 750 mil millóns de euros, dos que 672.500 millóns, en forma de préstamos e transferencias directas, destínanse ao "Mecanismo de recuperación e resiliencia"; ante o que os Estados da Unión Europea terán que presentar os seus respectivos plans. Por outra parte, 47.500 millóns de euros diríxense á "Axuda á recuperación para a cohesión e os territorios de Europa (REACT-UE)", que se poñerán a disposición do FEDER, FSE e o Fondo de axuda para as persoas máis desfavorecidas (FEAD). Ademais, NextGenerationEU aportará fondos a outros programas.

Non é ata o pasado mes de novembro de 2020 cando se consegue pechar os acordos políticos. Houbo que salvar os escollos presentados por Hungría e Polonia, contrarios ao mecanismo adoptado de bloquear os fondos naqueles países que socaven o estado de dereito. Tampouco foi sinxelo alcanzar un acordo entre o Parlamento e a Comisión (representada neste semestre por Alemaña), aceptado finalmente por ambas as partes; non sen antes incluír, para os programas Horizonte, Erasmus e UE pola Saúde, unha dotación de 15 mil millóns de euros, dos que 12.500 millóns serán adicionais e os 2.500 restantes reasignacións. Tamén se esixe unha maior participación da autoridade orzamentaria na supervisión dos ingresos NextGenerationEU.

Por tanto, ao que se agardaba en 2019 que lle correspondese a España no novo marco financeiro plurianual, hai que engadir en torno a 140 mil millóns de euros de NextGenerationEU; dos que, aproximadamente, 72 mil millóns serán transferencias directas e os restantes outorgaranse baixo a fórmula de préstamo. Resulta evidente a dificultade de xestionar e de optimizar ao máximo os resultados destes fondos nun Estado tan descentralizado como o español. Na xestión participarán tanto a Administración central como as comunidades autónomas, que seguramente poderán executar a metade dos fondos que se reciban.

O Goberno, en cumprimento do previsto polo Mecanismo de recuperación e resiliencia, ten de prazo ata o 30 de abril de 2021 para presentar un plan de recuperación, pero o pasado outubro presentou ante as autoridades comunitarias un proxecto de Plan recuperación, transformación e resiliencia. Nese documento propón o uso das transferencias directas no período 2021-2023 que, co novo criterio n+2

industrial. En todo caso, no cadro 10 preséntase o grao de execución deste programa, a 31 de decembro de 2019, un 60,14%, porcentaxe significativamente máis alta que a da FSE FEDER Galicia 2014-2020 e case o dobre que a dun ano antes. A falta de catro anos para poder completar a certificación do gasto, nas actuacións no sector educativo xa se executaron as dúas terceiras partes do programado.

Finalmente, os dous fondos de investimento, o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) e o Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP), inciden funda-

(frente ao n+3 antes comentado do período de programación anterior) alcanzarían ata 2025. Este plan articulábase arredor de dez políticas impulsoras, que seguen as indicacións proporcionadas sobre o uso destes novos fondos.

Estes plans deben abordar as recomendacións específicas por país e, ademais, deben preocuparse pola transición ecolóxica, a dixital, a produtividade, a equidade e a estabilidade macroeconómica, contando con Administracións públicas eficaces e eficientes.

En suma, ao novo marco financeiro plurianual inicial, que se articula en sete rúbricas (1. Mercado único, innovación e economía dixital, 132,8 millóns de euros; 2. Cohesión, resiliencia e valores, 377,8 millóns; 3. Recursos naturais e medio ambiente, 356,4 millóns; 4. Migración e xestión das fronteiras, 22,7 millóns; 5. Seguridade e defensa 13,2 millóns; 6. Veciñanza e o mundo, 98,4 millóns; e 7. Administración pública europea, 73,1 millóns), engadíronse nas tres primeiras rúbricas unhas achegas precedentes do NextGenerationEU de 10,6 millóns, 721,9 millóns e 17,5 millóns de euros, respectivamente.

A desagregación facilitada pola Comisión Europea sobre a distribución dos fondos de cohesión para España no período 2012-2027 sería, a prezos correntes, a seguinte: FSE, 11.153 millóns de euros; FEDER, 23.540 millóns, e cooperación Territorial, 683 millóns. Por tanto, o total serían 35.396 millóns de euros. A asignación do fondo agrícola foi de 7.801,7 millóns de euros.

A falta aínda dunha asignación concreta, Galicia será no período 2021-2017 unha rexión en transición xa que, como xa vimos, o seu PIB por habitante se situou entre o 75% e o 100% do PIB medio europeo. Poderá recibir un cofinanciamento do 60% e todo apunta, sen contar co NextGenerationEU, a un descenso na contía dos fondos con respecto ao período 2014-2020.

Por outra parte, a Administración central solicitoulles ás autonomías que presenten proxectos de investimento que poidan optar á axuda NextGenerationEU. Desde Galicia aportáronse 108 proxectos por unha contía de 9.400 millóns de euros. No momento de escribir este informe non se coñecen os criterios finais de repartición, e recentemente acábese de facer a proposta da creación dun portal único, en liña, xestionado pola Administración central para facilitar a presentación de proxectos e responder todas as dúbidas que se susciten. O Goberno tamén anima a creación de agrupacións e consorcios público-privados para o desenvolvemento conxunto de proxectos. Outra vía para a obtención de fondos é a dos Proxectos estratéxicos para a recuperación e transformación económica (PERTE), nos que se esixe a participación das empresas, os centros de investigación e a Administración.

A política da Administración central aplicada en Galicia

Na análise da política industrial que se segue neste estudo mantense o mesmo esquema de todos os informes precedentes. Abórdase seguindo o organigrama organizativo das diferentes Administracións públicas e recollendo os resultados da súas liñas de política económica. Hai que ter en conta que nos fixaremos máis nos organismos responsables das actuacións que nos que teñen encomendada a súa xestión. Polo tanto, neste apartado trataranse as políticas de responsabilidade da Administración central, aínda que a xestión dos programas a realice a Administración autonómica.

Evidentemente a política industrial española é moi complexa e incide en todas as comunidades autónomas. Ademais, son numerosos os ministerios e outros organismos que, no uso das súas competencias, inciden de forma transversal ou sectorial na actividade económica galega. Por todo iso, e coa pretensión de ser sintéticos, neste apartado centraremos a análise nas políticas dirixidas a Galicia de corte territorial, máis que nas accións sectoriais que se aplican indistintamente en todo o territorio español. Non esqueceremos, porén, o estudo das políticas tecnolóxicas da Administración central.

Previamente, cómpre indicar que o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, nos últimos anos e no contexto das súas políticas de apoio á industria, primou as actuacións que inciden na transformación dixital no marco da Industria 4.0, mantendo tamén a súa aposta de potenciar as agrupacións empresariais innovadoras. En 2020, ampliou, ante a crise sanitaria, a súa oferta de axudas co programa denominado de Reindustrialización e fortalecemento da competitividade industrial, polo que se conceden préstamos reembolsables a empresas privadas do sector manufactureiro afectadas por prexuízos económicos xurdidos a raíz do gromo da COVID-19, tentando impulsar unha nova industrialización tras a saída da crise.

Doutra banda, na última década o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo mantivo un programa de reindustrialización de varias zonas xeográficas españolas que sufriran un proceso de reconversión

industrial ou que manteñan unhas instalacións industriais xa obsoletas. O obxectivo era recuperar e revitalizar estas áreas que nun tempo foron relativamente prósperas e agora estaban moi deprimidas. Trátase do programa coñecido como Reindus, que se presentaba de forma diferenciada e, polo tanto, cun orzamento propio para cada unha das áreas nas que incidía. En Galicia, o Reindus concretábase no denominado programa de reindustrialización das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, máis coñecido como Plan Ferrol. Os resultados dos últimos anos, que figuran nos informes anteriores, foron moi escasos. De feito, houbo anos nos que non se presentou ningunha solicitude. En 2019 este Plan mantívose coa importante novidade de que se transformou a convocatoria en nacional e non se estableceu ningún compromiso para a realización de investimentos nunha área de reindustrialización concreta. Por tanto, os proxectos galegos terán que competir cos de toda España. O plan segue dirixíndose a empresas que realicen investimentos superiores a 100 mil euros. Finalizado o período de presentación de solicitudes, rexistráronse un total de 391, das que tan só 2 eran das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal. A situación dos exercicios precedentes mantense, xa que seguen sendo moi poucas as propostas empresariais que queren acollerse a esta iniciativa nestas comarcas. Por tanto, aínda que contasen cunha dotación de fondos propia, seguiría sen esgotarse. Todo indica que as solucións teñen que ser moito máis incisivas que este tipo de axudas, sobre todo nestes momentos en que a crise se agudiza tanto no sector naval como no enerxético.

Para 2020, o programa Reindus dotouse con 340 millóns de euros destinados a concesión de préstamos que non poden superar os 800 mil euros. O prazo de amortización será de seis anos e o interese no primeiro ano, para as pemes, será do 0,1% e do 0,19% para as empresas de maior tamaño. Ante a crise sanitaria e na actual conxuntura económica non parece probable que melloren os resultados nas comarcas galegas do norte da provincia da Coruña.

O Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI) é o organismo do Ministerio de Ciencia e Innovación encargado de xestionar e poñer en práctica a política tecnolóxica da Administración central no conxunto do territorio español. Esta política tecnolóxica é clave para que a industria española consiga mellorar e ter un protagonismo superior ao das últimas décadas. Obviamente, os instrumentos da política tecnolóxica son esenciais no organigrama de apoio das Administracións públicas á economía e á industria de Galicia. Neste sentido é importante a coordinación que poida existir coa Axencia Galega de Innovación (GAIN); organismo da Administración autonómica que ten un cometido similar ao do CDTI en Galicia, coordinación que debe ampliarse ao Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), do que daremos referencia da súa actuación en 2019 e en 2020 no próximo apartado deste capítulo.

O labor do CDTI en 2019, en España, resúmese (cadro 12) na prestación de axuda a un total de 1.693 proxectos de I+D+i; os cales presentaron un orzamento total de 1.113,5 millóns de euros, dos que o CDTI se comprometeu con 837,8 millóns.

No cadro 12 expóñense, de forma sintética, os resultados alcanzados por 14 programas ou liñas de actuación do CDTI tanto para Galicia como para España. O apoio a través destes programas efectúase coa concesión de subvencións a fondo perdido ou con préstamos parcialmente reembolsables a proxectos tecnolóxicos realizados por sociedades españolas. O labor do CDTI non se acaba aí, xa que tamén apoia a creación e consolidación das empresas de base tecnolóxica e promocióna a transferencia internacional de tecnoloxía, á vez que axuda ás empresas na xestión dos programas internacionais de cooperación tecnolóxica.

En 2020 adoptáronse medidas excepcionais neste organismo, como na maioría doutros, para facer fronte á urxencia sanitaria. Unha foi a flexibilización dos reembolsos nas axudas parcialmente (ou de ser o caso, totalmente) reembolsables, o que consistiu na exención dos xuros de demora nas cotas con vencemento entre o 14 de marzo e 30 de xuño de 2020; e outra, a exención de garantías na concesión de axudas en dúas actuacións, COVID-reactivación (para todo tipo de proxectos) e COVID-urxencia (para aqueles produtos considerados de urxencia polo Ministerio de Sanidade). Ademais, ante esta situación de excepcionalidade abriuse unha liña de axudas denominada COVID-19, cunha dotación de 12 millóns de euros, dedicada ao financiamento de proxectos para facer fronte á urxencia sanitaria. Dos seus resultados poderase facilitar información no próximo informe.

De todo o sistema de axudas, aproximadamente a metade dos expedientes e a contía do compromiso do CDTI adóitanse concentrar nos proxectos de I+D individual, os cales poden optar a unha axuda directa ou a un préstamo parcialmente reembolsable. Os proxectos de I+D individuais desenvólveos unha empresa e en 2019 mantivéronse os requisitos que xa se esixían en 2018. O mínimo esixible por proxecto era 175 mil euros. En 2019, de 913 operacións aprobadas en España, a Galicia correspondéron-

lle 33. Aprobáronse 7 proxectos menos que en 2018, o que reduciu o orzamento total en case 2,5 millóns de euros. No listado destes 33 proxectos, como sucede habitualmente, figuran empresas galegas de sectores e campos moi diversos. Certamente, esta relación apoiada polo CDTI recolle a investigación proposta desde diferentes actividades empresariais que se prevé realizar en Galicia á marxe das institucións públicas e sen cooperación con outras empresas. Non obstante, adoita ser habitual a subcontratación de partes de proxectos a centros de investigación. A maioría das solicitudes aprobadas son investigacións para a mellora de procesos e produtos industriais que se levan a cabo en Galicia, incluídos os da transformación de alimentos e bebidas. Nesta última actividade destacan as investigacións de Rectoral de Amandi S.A. (elaboración de novos tipos de viños) ou de Mar de Frades S.L. (exploración de tres xenotipos branco na variedade godello). En 2019 tamén predominan investigacións no sector químico (pinturas para a aeronáutica, ensaios dunha gama de disolventes verdes) e de empresas de base tecnolóxica de diverso ámbito (tecnoloxías de xestión de datos de pesca, actuacións intelixentes en anomalías en instalacións eléctricas, creación dunha plataforma tecnolóxica de intelixencia de negocio ou de *marketing*, sistemas de intelixencia para plataforma de localización de interiores con novos sensores, entre outras).

Cadro núm. 12
Tipoloxía de proxectos aprobados polo CDTI. Ano 2019

	Proxectos/ Operacións	Compromisos CDTI (euros)	Presuposto total (euros)
GALICIA			
I+D Individuais	33	13.502.696	18.477.009
Consortio de Investigación Empresarial Nacional (CIEN)	6	3.823.343	4.498.050
Investigación e Desenvolvemento en Cooperación (CID)	7	3.053.950	3.592.882
Liña Directa de Innovación (LIC)	4	1.548.697	1.824.658
Proxectos INNOGLOBAL	1	93.454	186.908
Espazo Europeo de Investigación NET COFUND (SERA)			
Proxectos NEOTEC	7	1.499.880	2.298.860
Proxectos Innovación FEMP (IDF)	1	515.323	717.221
Proxecto de Investimento FEMP (LIF)	2	944.611	1.111.307
Liña Directa de Expansión (LICa)			
Liña Innovación Global (LIG)			
ITC			
Subprograma Interempresas Internacional (Proxectos) (CIIP)	1	257.244	428.740
Cervera (Centros Tecnolóxicos)	3	2.821.783	2.821.783
Total	65	28.060.981	35.957.418
Disribución por provincias			
A Coruña	26	10.283.170	12.785.194
Lugo	4	1.466.680	1.931.794
Ourense	5	1.963.730	2.930.327
Pontevedra	30	14.347.402	18.310.103
Total	65	28.060.981	35.957.418
ESPAÑA			
I+D Individuais	913	444.361.635	578.184.167
Consortio de Investigación Empresarial Nacional (CIEN)	111	74.215.452	87.312.296
Investigación e Desenvolvemento en Cooperación (CID)	79	28.423.669	35.275.238
Liña Directa de Innovación (LIC)	136	83.457.752	112.493.967
Proxectos INNOGLOBAL	43	7.483.580	18.886.032
Espazo Europeo de Investigación NET COFUND (SERA)	2	239.796	599.492
Proxectos NEOTEC	198	46.749.076	75.638.970
Proxectos Innovación FEMP (IDF)	3	1.855.705	2.626.894
Proxecto de Investimento FEMP (LIF)	14	10.790.118	15.054.048
Liña Directa de Expansión (LICa)	99	100.039.221	133.422.171
Liña Innovación Global (LIG)	1	1.000.001	2.126.734
ITC	27	5.419.763	11.149.942
Subprograma Interempresas Internacional (Proxectos) (CIIP)	37	8.144.118	15.031.489
Cervera (Centros Tecnolóxicos)	30	25.594.141	25.740.807
Total	1.693	837.774.025	1.113.542.247

Fonte: CDTI.

Á marxe do indubidable valor que estas investigacións terán para o desenvolvemento da economía de Galicia, en termos relativos, cabe indicar que o orzamento dispoñible era o 3,2% do total de España; cifra que non está acorde nin co peso do PIB nin coa porcentaxe noutras variables económicas que poidan servir de comparación. Se ben é certo que os departamentos de I+D de grandes empresas que teñen actividade en Galicia se localizan, polo xeral, na sede central e polo tanto en Madrid ou Cataluña, esta participación debería mellorar nos vindeiros anos.

A participación galega nas outras trece liñas é moito menor que a observada nos proxectos individuais. En catro delas non houbo participación ou se a houbo foi moi anecdótica. Das tres liñas nas que Galicia conta con máis proxectos aprobados tras a de I+D individual, destacan as de Investigación e

Desenvolvemento en Cooperación (CID), que se executan mediante consorcios constituídos por un máximo de seis empresas e un mínimo de dous. É interesante subliñar que de dúas empresas galegas participantes en 2018, pasouse a sete en 2019 e desenvolvían cinco proxectos. Nun deles participan tres empresas galegas do sector da pedra natural (Fachadas del Norte S.L., Granitos de Atios S.A. e Nodosafér S.L. Pola súa banda, CZ Veterinaria S.A. participa en dous proxectos alternativos sobre novos medicamentos. Hai que salientar o interese na economía galega por que se consolide definitivamente o grupo químico-farmacéutico do Porriño, cunha grande experiencia pola súa implantación desde hai xa moitos anos. Os outros dous proxectos desenvólveos en consorcio Porto-Muiños S.L. no incipiente sector das algas mariñas, e a biotecnolóxica Lincbiotech S.L., nun proxecto sobre marcadores temperáns do Alzheimer.

Tamén se alcanzaron sete proxectos, fronte aos tres de 2018, na Iniciativa Neotec. Esta actuación diríxese á creación ou consolidación de pequenas empresas de base tecnolóxica que teñen un período de vida, como máximo, de tres anos. Estes sete proxectos foron realizados por sete empresas, algunha delas, como Ayeconomics Research Centre S.L., *spin off* de universidades galegas.

Fronte ás dúas empresas subvencionadas en 2018, o CDTI apoiou seis empresas integradas en catro proxectos na liña Consorcio de Investigación Empresarial Nacional (CEN). Trátase do fomento de actuacións en consorcio, o cal se pode constituír cun mínimo de tres e un máximo de oito empresas, centradas en áreas estratéxicas de futuro. Todas as investigacións aprobadas teñen que ver, directa ou indirectamente, co sector primario. Tres empresas de acuicultura e plásticos constituíron un consorcio para obter plástico reciclado a partir do plástico recuperado do medio mariño. Outras tres, Agrupación de Cooperativas Lácteas S.L., Feiraco Lácteos S.L. e Pescanova España S.L., executan proxectos sobre a alimentación en consorcio con outras sociedades.

Das liñas de axudas restantes que figuran no cadro 12, na Liña Directa de Innovación aprobáronse catro operacións no sector industrial galego. Préstanse axudas con fondos reembolsables para o "Apoio a proxectos de carácter aplicado, moi próximos ao mercado, con risco tecnolóxico medio/baixo e curtos períodos de recuperación do investimento". Das outras liñas e como novidade, con respecto a 2018, cabe destacar os denominados Proxectos Transferencia Cervera, nos que se apoia con fondos reembolsables a "proxectos individuais de I+D desenvolvidos por empresas que colaboren con Centros Tecnolóxicos de ámbito estatal nas tecnoloxías prioritarias Cervera". Estas abarcan os seguintes ámbitos: materiais avanzados, eco-innovación, transición enerxética, fabricación intelixente, tecnoloxías para a saúde, cadea alimentaria segura e saudable, *deep learning* e intelixencia artificial, redes móbiles avanzadas, transporte intelixente e protección da información. En Galicia accederon en 2019 a estes fondos tres centros tecnolóxicos.

En canto á cooperación internacional, a actividade de empresas galegas nas actuacións financiadas polo CDTI foi moi pequena. Non houbo ningunha actuación no Espazo Europeo de Investigación Net Cofund (SERA), mentres que no subprograma interempresas internacional se financiou un proxecto no que participou a sociedade galega Innolact S.L. sobre a mellora na produción de queixos maduros.

En canto á distribución territorial dos proxectos subvencionados polo CDTI en 2019, dos 65 aprobados a gran maioría corresponden ás provincias da Coruña (26) e Pontevedra (30). O feito de que nestas dúas provincias da fachada atlántica se concentren as empresas que realizan proxectos tecnolóxicos reafirma unha polaridade territorial cada vez máis acentuada. Aprobáronse proxectos de catro empresas con sede en Lugo e cinco en Ourense.

Un dos programas máis veteranos na política industrial española aplicado en Galicia é o de incentivos económicos rexionais. Esta actuación da Administración central, xestionada polo IGAPE, consiste na concesión de subvencións a fondo perdido a proxectos de investimento de certa envergadura, xa que o investimento ten que superar os 900 mil euros e, no caso de ampliación ou modernización das instalacións, deben manter os postos de traballo existentes valorándose a creación de empregos. A porcentaxe de subvención concedida ten, obviamente, que respectar o mapa de axudas rexionais da UE para o actual marco de programación. Este mapa, que se describe no informe de 2018, supón que a suma de todos os incentivos non poderá exceder, no caso de Galicia, un 10% para as grandes empresas, un 20% para as medianas e un 30% para as pequenas empresas. Este sistema de incentivos rexionais, vixente desde a entrada de España na Unión Europea, mantívose, con varios cambios normativos, en todos os períodos de programación. A regulamentación que se aplica na actualidade foi publicada en 2008 e, nela, mantívose a delimitación de toda a comunidade autónoma como Zona de Promoción Económica (ZPE), na que os 113 concellos menos rurais constitúen a zona prioritaria de intervención, o que se traduce en porcentaxes de subvención máis elevadas.

O actual sistema de incentivos rexionais mantén a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2020, polo que a posibilidade de presentar solicitudes finaliza, por tanto, no ano actual. Todo indica que coa aprobación do novo marco orzamentario e a posta en funcionamento dos novos PO, este sistema, posiblemente con algunha modificación, proseguirá a súa andadura no período 2021-2027.

Temos que ter en conta que por este programa non só se pode incentivar todo o sector industrial senón que tamén se pode prestar axuda a determinadas actividades dos servizos, en especial, aos establecementos turísticos. Os resultados recollidos nos cadros 13 e 14 inclúen todos os proxectos subvencionados independentemente do sector ao que pertencen.

No cadro 13 móstrase a distribución dos proxectos aprobados en 2019 nas comunidades autónomas españolas que, na totalidade do seu territorio ou en parte, poden recibir os incentivos rexionais (quedan excluídas Madrid, Cataluña, Navarra e o País Vasco). Obsérvase como os investimentos subvencionados en 2019 se concentraron en tres comunidades, Castela-A Mancha, Andalucía e Canarias. A porcentaxe de axudas aprobadas para estas comunidades supón o 65,2% do total concedido por este programa. Consideramos que esta distribución territorial é un indicador que orienta cara a onde se dirixen os novos investimentos en España naqueles proxectos de certa dimensión da industria e da infraestrutura turística. En realidade recolle a maioría dos proxectos que se prevé executar nas comunidades con menor renda por habitante de España, xa que é pouco probable que se unha iniciativa se pode beneficiar de axudas públicas, vaia renunciar a elas.

Cadro núm. 13

Proxectos aprobados en España acollidos aos beneficios da ZPE. Ano 2019

	Proxectos		Investimento		Subvención		Postos de traballo		Subvención/ Investimento %	Subvención/ Postos de traballo (euros)
	Número	%	Miles de euros	%	Miles de euros	%	Número	%		
Andalucía	21	17,6	228.642	24,2	30.414	19,8	221	11,8	13,3	137.620
Aragón	4	3,4	18.172	1,9	1.722	1,1	43	2,3	9,5	40.036
Asturias	3	2,5	5.263	0,6	1.019	0,7	19	1,0	19,4	53.645
Baleares	2	1,7	7.215	0,8	834	0,5	6	0,3	11,6	138.977
Canarias	12	10,1	134.394	14,2	33.750	21,9	391	20,8	25,1	86.317
Cantabria	1	0,8	5.398	0,6	1.026	0,7	22	1,2	19,0	46.616
Castela e León	8	6,7	29.149	3,1	3.114	2,0	49	2,6	10,7	63.555
Castela-A Mancha	20	16,8	252.276	26,7	43.747	28,4	524	27,9	17,3	83.487
Extremadura	6	5,0	91.797	9,7	12.316	8,0	140	7,5	13,4	87.968
Galicia	2	1,7	8.024	0,9	1.495	1,0	24	1,3	18,6	62.286
A Ríoxa	2	1,7	4.102	0,4	847	0,6	14	0,7	20,7	60.528
Murcia	14	11,8	90.025	9,5	15.222	9,9	232	12,4	16,9	65.614
Valencia	24	20,2	69.230	7,3	8.425	5,5	193	10,3	12,2	43.655
Total	119	100,0	943.686	100,0	153.931	100,0	1.878	100,0	16,3	81.966

Fonte: Elaboración propia a partir do publicado no BOE.

Temos que salientar o impulso investidor de Castela-A Mancha que lidera o *ranking* español, o que mostra un atractivo para o investimento superior ao doutros territorios, no que inflúen a súa proximidade a Madrid e o desenvolvemento das infraestruturas de mobilidade. Así, tres grandes proxectos na provincia de Guadalaxara, Morchem S.A., Luís Simoes Logística Integrada S.A. e Verallia Spain S.A.; un na provincia de Cidade Real (Puertollano), Life For Tyres; outro en Toledo (Santa Cruz da Zarza), Nokian Tyres Sapin S.L., e un en Cuenca, Aguas de Solán de Cabras S.A., absorben a maior parte dos case 45 millóns de fondos públicos destinados a esta comunidade.

Neste contexto, Galicia con tan só dous pequenos proxectos aprobados en 2019 pasou a ocupar un lugar irrelevante no contexto español. O investimento programado de 8 millóns de euros apenas supón o 1% do total, cunha subvención de 1,5 millóns de euros. Os resultados alcanzados son os peores desde a posta en funcionamento dese sistema de incentivos hai xa máis de 30 anos.

Do mesmo xeito, como xa se viña presentando nos anteriores informes, as dúas columnas da dereita do cadro 13 recollen a porcentaxe de subvención aprobada, que loxicamente está condicionada polo autorizado no mapa de axudas rexionais, e a contía de fondos públicos que se aportan pola creación dun novo posto de traballo. Cómpre ter en conta que este último indicador está nesgado, xa que moitos dos proxectos aprobados non son creadores de emprego debido a que o compromiso consiste en manter o persoal existente. En Galicia a porcentaxe de axudas en 2019 foi do 18,6% sobre o investimento subvencionable. Está en consonancia co valor medio español, pero quedou lonxe de comunidades como Canarias, na que ascendeu ao 25,1%. En canto á *ratio* subvención/postos de traballo, os fondos públicos investidos por cada novo traballador foron, en Galicia, 62.286 euros; cifra inferior á metade da gastada en

Andalucía ou Baleares, comunidade na que só unha pequena parte do seu territorio se inclúe neste sistema de axudas.

Dos doce proxectos aprobados en 2018, repartidos por todo o territorio galego e que supuxeron un investimento de case 30 millóns de euros, tres dirixíronse á construción de hoteis (dous na provincia de Lugo e un en Ourense) e os nove restantes eran proxectos industriais (catro na Coruña, dous en Ourense e tres en Pontevedra). Fronte a estes doce proxectos, en 2019 como xa indicamos só se aprobaron dous; dos cales un se desenvolve na Coruña, cun investimento que rolda os 1,5 millóns de euros, e o outro, de maior dimensión, en Lugo con 6,6 millóns de euros. Este último proxecto, Oktonal S.L.U., é o único que prevé crear postos de traballo, 24, e o investimento non é do sector industrial. Trátase da creación dun novo hotel de catro estrelas na capital da provincia. Este grupo adquiriu o inmoible sobre o que realizou un investimento de 8 millóns de euros, dos cales 6,6 millóns se consideraron subvencionables con 1,4 millóns de euros. Ampliábase así a oferta hoteleira da cidade e obviamente da provincia, na cal, en 2018, e como xa se indicaba no informe anterior, se aprobou a subvención para dous hoteis no municipio de Palas de Rei, no Camiño de Santiago francés.

O proxecto da provincia da Coruña, o único que en 2019 era do sector industrial, entronca coas subvencións xa concedidas en 2018, xa que de novo se dirixen á empresa de Camporrapado no municipio de Boqueixón, limítrofe con Santiago de Compostela, Santos, Cociña e Baño S.L.U. Trátase dunha veterana sociedade que aglutina a actividade económica nunha zona eminentemente rural próxima á capital galega. Conseguiu ter un peso importante, no ámbito galego, na fabricación e distribución de mobles de cociña.

Cadro núm. 14

Proxectos aprobados acollidos aos beneficios da ZPE de Galicia. Ano 2019
Distribución territorial

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Proxectos					
Núm.	1	1	0	0	2
%	50,0	50,0	0,0	0,0	100,0
Investimento subvencionable					
Miles de euros	1.463	6.561	0	0	8.024
%	18,2	81,8	0,0	0,0	100,0
Subvención					
Miles de euros	117	1.378	0	0	1.495
%	7,8	92,2	0,0	0,0	100,0
Postos de traballo					
Núm.	0	24	0	0	24
%	0,0	100,0	0,0	0,0	100,0

Fonte: Elaboración propia a partir do publicado no BOE.

Os resultados deste instrumento en 2020 son, polo de agora, unha incógnita, xa que nos tres primeiros trimestres non se aprobou ningún proxecto en España. En Galicia presentáronse seis solicitudes de financiamento cun importe moi cuantioso, 197 millóns de euros, sobre un total de 97 solicitudes en España e cun investimento de 1.219 millóns de euros. Haberá que esperar o resultado da tramitación destas solicitudes galegas para poder ofrecer unha valoración das mesmas.

A política industrial da Administración autonómica

A política industrial que leva a cabo a Administración autonómica é o eixe central no organigrama de fomento da actividade económica en Galicia. Non en balde, o Estatuto de Autonomía no seu artigo 30 establece que, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e da política monetaria do Estado, a comunidade autónoma ten a competencia exclusiva no fomento e planificación da actividade económica en Galicia. Así, a lei 5/1992 indica que o IGAPE se crea "como un instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia, para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, promovendo actividades que contribúan á creación de emprego en Galicia e a un desenvolvemento económico harmónico, equilibrado e xusto, baseado nun tecido industrial moderno e competitivo."

Neste apartado estúdanse as actuacións do IGAPE na economía de Galicia en 2019 e as perspectivas en 2020. De modo separado trátase a incidencia de Xesgalicia, sociedade participada nun 70% polo IGAPE como sociedade xestora do conxunto dos fondos de capital risco cos que se intenta axudar as empresas galegas. Tamén se detallarán os grandes trazos da política tecnolóxica da Administración autonómica que leva a cabo a Axencia Galega de Innovación (GAIN) e a actuación das dúas consellerías sectoriais que xestionan programas cofinanciados polos fondos comunitarios agrícolas e pesqueiros.

A incidencia de Xesgalicia na economía galega en 2019 e as perspectivas en 2020

Xesgalicia, Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Cerrado S.A.U., é o organismo que xestiona as operacións de capital risco que se realizan desde a Administración autonómica. A súa actividade consiste na participación minoritaria e temporal no capital social das empresas e na concesión de préstamos participativos ou ordinarios a longo prazo ás empresas participadas e non participadas.

Cadro núm. 15

Investimentos desembolsados polas entidades de capital risco xestionadas por XesGalicia. Ano 2019

	Participación en capital	Préstamo participativo	Outros préstamos	Total
Sodiga Galicia, S.C.R., S.A.				
Carrocera Castrosua, S.A.		1.700.000		1.700.000
Castro Carrocera, S.A.		1.300.000		1.300.000
Fandicosta, S.A.	3.000.000		2.000.000	5.000.000
Dairylac, S.L.	625.000			625.000
Total	3.625.000	3.000.000	2.000.000	8.625.000
Galicia Compite FICC				
Biomasa Forestal, S.L.	217.710			217.710
VMS Automotive, S.L.	660.000			660.000
Inprosec Auto, S.L.		50.000		50.000
Industria de Rocas Ornamentales, S.A.			3.000.000	3.000.000
Total	877.710	50.000	3.000.000	3.927.710
Galicia Innova, FICC				
Centum Research & Technology, S.L.	93.268			93.268
Oncostellae, S.L.	300.000			300.000
Situm Technologies, S.L.	775.024			775.024
Sunrock Biopharma, S.L.	437.501			437.501
Total	1.605.793			1.605.793
Galicia Iniciativas Emprendedoras, FICC				
Authusb, S.L.		50.000		50.000
Developers Forensics Tools, S.L.		5.000		5.000
In Ertha We Trust, S.L.		20.000		20.000
Galician Brew, S.L.		20.000		20.000
Grilier Gourmet, S.L.		40.000		40.000
Tidyant Cloud, S.L.		40.000		40.000
Fiablone, S.L.	44.979			44.979
Inercial Performance, S.L.	29.996			29.996
Custom Audio, S.L.		20.000		20.000
Norlean Manufacturing & Productividad, S.L.		20.000		20.000
Atelier Bisqato, S.L.		20.000		20.000
Muutech Monitoring Solutions, S.L.		20.000		20.000
Legalmit, S.L.		7.500		7.500
Eccocar Sharing, S.L.	50.000			50.000
Opositatest, S.L.	39.960			39.960
Grupo Tecnológico Arbinova, S.L.		75.000		75.000
DTView 3D, S.L.		25.000		25.000
AR-VR Meifus Engineering, S.L.		10.000		10.000
IT Fabricación Digital, S.L.		25.000		25.000
Total	164.935	397.500		562.435
INVESTIMENTO TOTAL REALIZADO	6.273.438	3.447.500	5.000.000	14.720.938

Fonte: XesGalicia SGEIC, S.A.U.

A súa actividade desenvólvese mediante un conxunto de fondos de capital risco que se foron modificando co tempo para unha mellor adaptación á sociedade galega. Tamén xestiona os activos de SODIGA, a máis veterana sociedade neste ámbito dentro do organigrama da política industrial de Galicia.

En 2019 a actividade de Xesgalicia centrouse en tres fondos (Galicia Compite FICC; Galicia Innova, FICC; Galicia Iniciativas Emprendedoras, FICC) e en SODIGA. Lembremos que está en fase de liquidación o fondo Adiante 2000 FCR, dedicado á atención de empresas en problemas pero con posibilidades de ser viables. A reestruturación levada a cabo nos últimos anos supuxo que as carteiras dos fondos que se liquidaban pasasen a algún dos outros.

Os investimentos efectuados por Xesgalicia desde SODIGA foron os principais protagonistas nas operacións de capital risco en 2019. Recordemos que a misión de SODIGA céntrase no apoio a empresas xestionadas por persoas de recoñecida experiencia profesional e en sectores clave da economía e, sobre todo, da industria galega. Os seus resultados de 2019 recóllense no cadro 15 cun investimento, entre a participación no capital social e os préstamos, que ascendeu a 8.625.000 euros. Esta cifra contrasta cos 750 mil euros investidos en 2018. Atendéronse catro sociedades industriais e sobresaí o investimento efectuado en Fandicosta (3 millóns de euros de participación no seu capital social e 2 millóns dun préstamo ordinario a longo prazo). Recordemos que esta empresa situada na ría de Vigo sufriu un incendio en 2016 que lle supuxo unha perda sensible na súa capacidade produtiva. Nos seguintes anos, tras o incendio, os seus custos para poder recuperarse creceron considerablemente, o que lle orixinou un fondo de manobra moi negativo que podía poñer en perigo unha empresa cun gran potencial de crecemento e que conta cun mercado moi consolidado. Para combater estes problemas a sociedade levou a

cabo unha redución e unha ampliación de capital na que entrou SODIGA con 3 millóns de euros. Ademais concedeu un préstamo que se suma ao xa outorgado tras o incendio.

En 2019 tamén foi significativo o apoio de SODIGA con senllos préstamos de 1,7 e 1,3 millóns de euros a Carrocera Castrosúa e a Castro Carrocera (CARSA), dúas empresas fabricantes de carrocerías do mesmo grupo localizadas, unha en Santiago de Compostela e outra no Polígono de Bamio en Vilagarcía de Arousa. Este grupo deseñou un plan de crecemento no que se contemplan actuacións en innovación, nova maquinaria e infraestruturas cun gasto de 14 millóns de euros.

Finalmente, a cuarta sociedade, participada cunha nova achega no capital social por unha contía de 625 mil euros, foi Dairylac S.L. O único investimento que realizou SODIGA en 2016 foi nesa sociedade. En 2017 outorgoulle un préstamo de 2,36 millóns de euros e aportou ao seu capital 333.333 euros. En 2018 produciuse outra entrada no seu capital de medio millón de euros, ao que hai que sumar a achega, xa comentada, de 2019 por 625 mil euros. Todas estas operacións reflicten o impulso que se pretende dar desde SODIGA a unha das sociedades do sector lácteo galego. Trátase dunha iniciativa, con base en Melide, deseñada inicialmente coa participación de Lasurgal e varias cooperativas lácteas, sendo actualmente o seu gran protagonista a cooperativa Aira, froito da fusión de Icos, Agris, Cogasar e Coelplan. A súa marca principal é Deleitar e, na actualidade, ademais da súa aposta por unha economía circular, introduciuse na biotecnoloxía e nos bioplásticos. Intenta buscar novos produtos que aporten valor engadido nun sector no que segue primando o envasado e comercialización do leite sen transformación.

As expectativas para SODIGA en 2020 concretábanse en poder entrar no capital social de dúas empresas e na concesión de dous préstamos. A mesma previsión realizase a finais de 2020 para 2021, sen especificar a contía prevista de investimento.

O fondo Galicia Compite, FICC, anteriormente denominado Fondo Emprende, dirixese xenericamente a todo tipo de empresas nas que a súa actuación “redunde directa ou indirectamente” en Galicia. Pode admitirse así o financiamento de calquera tipo de sociedade. Lembremos que Emprende foi o fondo que tivo o maior impacto na economía de Galicia nos anos de crise. Non obstante, o investimento de 2019 non foi moi elevado, 3,9 millóns de euros. Quedou lonxe dos 13,3 millóns investidos en 2018. Un préstamo ordinario a Industria de Rocas Ornamentales S.A. de 3 millóns de euros acaprou en 2019 a maior parte do gasto deste fondo; o que supón un apoio para unha das empresas máis importantes do sector da pedra natural (xisto) en Carballeda de Valdeorras.

Xesgalicia en cooperación con GAIN xestionaba o Fondo Tecnolóxico I2C, F.C.R.-Peme destinado ao financiamento de proxectos de I+D+i. A partir de 2019 este fondo pasou a denominarse Galicia Inno Tech, FICC. A súa misión básica é a de apoiar os proxectos que poñan en valor o coñecemento xerado polos diferentes axentes do sistema galego de I+D+i, dos que uns dos seus actores máis importantes son as universidades galegas. En 2019 non se concedeu ningún préstamo desde este fondo e a actuación concreouse na entrada no capital social en catro sociedades tecnolóxicas, das que a dúas xa lles concederá un préstamo en 2018. A achega de capital de maior contía foi a Situm Technologies S.L., por un importe de 775.024 euros. Esta sociedade, situada en Santiago de Compostela, traballa na programación informática e, en concreto, “desenvolve e comercializa unha plataforma de posicionamento en interiores para dispositivos móbiles”. Conta como clientes co grupo PSA., Telefónica e empresas de seguridade.

Finalmente, o fondo creado en 2014, Galicia Iniciativas Emprendedoras FICC, atende o arranque e a consolidación de proxectos de pequena dimensión que realizan pequenos investidores privados que se acollen aos programas de apoio ao emprendemento que xestiona o IGAPE e dos que daremos información nun próximo apartado. Baixo estas premisas apoiáronse 19 pequenos proxectos, cunha contía total de gasto de 562.435 euros. A actuación de maior contía, un préstamo de 75 mil euros, dirixiuse ao Grupo Tecnolóxico Arbinova S.L., empresa creada en 2013 e localizada en Barbadás (Ourense). Dedicase á fabricación de materiais cirúrxicos para o sector veterinario.

A perspectiva de Xesgalicia, reflectida nos orzamentos da Xunta de Galicia de 2019, sobre cal sería a súa actuación en 2020, concretábase na análise e avaliación dun total de 63 proxectos, unha cifra moi superior á que se prevía para 2019. Xa nos orzamentos de 2020 ese número se reducía a 27. Porén, coa crise sanitaria e a situación á que se viron abocadas múltiples empresas galegas, o capital risco ten que ser un instrumento fundamental no organigrama da política industrial. Así pareceu entenderse, de xeito que nesta nova etapa que se abre coa pandemia a liña a seguir é que, ademais de atender as novas iniciativas, XesGalicia tamén poida investir en fondos privados. Esta inxección de diñeiro público no sector do capital risco privado, que axudará nestes momentos difíciles ao desenvolvemento das pemes, tivo recentemente a súa concreción nunha achega de 10 millóns de euros, no contexto dunha iniciativa da

Xunta máis ampla e dotada con 60 millóns de euros. Destes fondos, 20 millóns servirán para facilitar financiamento ás pemes galegas nas que Xesgalicia analizará as condicións de entrada en cada unha das empresas. Os 30 millóns restantes utilizaranse para dotar un fondo público-privado dirixido a grandes proxectos de investimento, definidos como tractores e estratéxicos, realizados por grandes empresas galegas.

Nos exercicios sucesivos terase oportunidade de analizar os resultados desta iniciativa posta en práctica ante a crise sanitaria. O fondo privado de capital risco Kfund acaba de anunciar que investirá un mínimo de 2 millóns en *startups* galegas co capital aportado por Xesgalicia.

A actuación do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) en 2019 e perspectivas para os próximos anos

Como xa se indicou, o IGAPE é desde 1992 o instrumento básico que dispón a Xunta de Galicia para impulsar o sistema produtivo galego. Os sucesivos informes foron seguindo a súa traxectoria desde a súa creación. A xa dilatada historia mostrounos resultados moi dispares en momentos económicos distintos. En 2019, cunha economía galega na que non se corrían os seus tradicionais problemas estruturais pero estabilizada con respecto aos anos da crise, dispuxo dun orzamento de 121,6 millóns de euros. Ao uso deses recursos nos seus programas de incentivo e os seus resultados dedícase a maior parte deste apartado. En 2020, nun marco de continuidade co realizado en 2109, dotouse o IGAPE con 5,1 millóns máis, polo que o seu orzamento alcanzou os 126,7 millóns de euros. Chegada a crise sanitaria en marzo tivo que realizar intervencións excepciónais non previstas. Finalmente, os orzamentos dos que dispón para 2021 teñen que contemplar a responsabilidade encomendada a nivel normativo ao IGAPE de tentar que a economía galega poida recuperarse canto antes do shock que supuxo a COVID-19 en 2020. Dese xeito, a Administración autonómica decidiu duplicarlle o seu orzamento, dotando este organismo con 262,5 millóns de euros, dos que as transferencias de capital pasan de 88,4 millóns a 227,9 millóns; cifra obviamente récord desde a creación do Instituto.

Ademais, en 2021, xunto coas súas accións habituais, o IGAPE tamén se ten que responsabilizar da tramitación de todas as solicitudes que opten aos fondos europeos de recuperación, NextGenerationUE, comentados nunha epígrafe anterior. Con este fin creouse unha nova unidade que se encargará da súa xestión.

En 2021 está previsto utilizar un total de 187 millóns de euros (nos que se inclúen os 60 millóns xa tratados xestionados por Xesgalicia) para financiar proxectos industriais e empresariais que permitan modernizar o tecido industrial galego. Desde o IGAPE anuncian que se activarán os préstamos, para os que se dispón de 32 millóns de euros, e as subvencións ao investimento a fondo perdido con 17,2 millóns. A eles engadiránselles outros 50 millóns de euros para desenvolver o tradicional programa de mellora da competitividade e prestarase unha especial axuda á adaptación tecnolóxica e de material dada a situación creada pola COVID-19. Tamén se reforza a internacionalización da empresa galega cun orzamento de 13 millóns de euros. Destinaranse, entre outros ámbitos, ás vendas en liña ao estranxeiro, ao acompañamento ás empresas na súa saída ao exterior, á implantación de canles comerciais cooperativas e, finalmente, á prestación de axuda ao acceso ás licitacións internacionais.

Do orzamento total do IGAPE de 121,6 millóns en 2019, 110,5 millóns corresponden ás transferencias de capital, o que supón un incremento neste concepto con respecto a 2018 de máis de 20 millóns de euros. Con este orzamento aprobáronse ao longo de 2019 un total de 39,4 millóns de subvencións a fondo perdido e case 37 millóns de euros en préstamos e avais. En canto ás subvencións, a maior contía de fondos destinouse aos plans de internacionalización, pero a cifra alcanzada, 13,7 millóns de euros, está moi afastada da contía de préstamos concedidos, xa sexa con fondos propios ou procedentes doutras entidades.

No ano 2019, penúltimo do período da programación 2014-2020, os programas cos que actúa o IGAPE na economía galega seguen a estratexia definida no PO FEDER Galicia 2014-2020 e, polo xeral, reitéranse as liñas de actuación de 2018, xa comentadas amplamente no informe anterior. O conxunto de liñas desenvolven unha serie de documentos e normativas aprobadas nos últimos anos cos que se intentaba ordenar e incidir dun modo máis integral no tecido económico galego. Tentábase poñer en práctica a Axenda de Competitividade Industrial-Galicia Industria 4.0, na que se desenvolvía a Estratexia de Especialización Intelixente-RIS3, xestionada por GAIN. En decembro de 2020 iniciáronse as consultas para establecer unha nova RIS3 reforzada para o período 2021-2027, sobre a que se cimentarán os instrumentos de apoio que se prevé implantar para o desenvolvemento da política tecnolóxica en Galicia. Tamén as liñas do IGAPE desenvolven a lei galega de emprendemento, a de fomento da implantación

empresarial, a estratexia de internacionalización da empresa galega 2020 e, por suposto, o Plan Estratégico de Galicia 2015-2020. En canto a este último documento, a aplicación das súas estratexias non foi suficiente para que se puidesen cumprir a maioría dos obxectivos previstos a 31 de decembro de 2020, como a porcentaxe de gasto de I+D+i sobre o PIB de Galicia dun 1,7% ou que a taxa de paro galega alcanzase o 10%. Evidentemente, a economía en 2020 non facilitou o cumprimento destes obxectivos que, en todo caso, nunha situación normal, tampouco se acadarían.

Na actualidade está en marcha a elaboración do Plan Estratégico de Galicia 2021-2030, ao cal se deu un certo impulso a finais de 2019 e no inicio de 2020. Pero, tras o parón da actividade co confinamento non se mantivo o mesmo ritmo de actividade, polo que no momento de redactar este informe aínda non se dispón deste importante documento.

O IGAPE en 2019 mantivo os sete grandes programas ou estratexias que rexían as súas liñas de actuación e que tamén se seguían nos anos anteriores: Programa de Competitividade Empresarial; Plan Galicia Investe; Estratexia de Internacionalización da Empresas Galega; Programa Galicia Emprende; Programa Galicia Capacita; Programa Galicia Equilibra, e Proxectos de colaboración.

Cadro núm. 16

Axudas do IGAPE aos grandes investimentos empresariais. Resultados xerais e distribución provincial e sectorial. Ano 2019

	Proxectos		Investimento subvenc.		Subvención	
	Núm.	%	Euros	%	Euros	%
Distribución provincial						
A Coruña	29	35,8	6.500.178	30,6	1.111.319	28,2
Lugo	7	8,6	2.978.255	14,0	638.100	16,2
Ourense	9	11,1	3.413.527	16,1	708.341	18,0
Pontevedra	36	44,4	8.324.199	39,2	1.484.230	37,7
Total	81	100,0	21.216.158	100,0	3.941.990	100,0
Liña de axuda						
Proxectos de investimento xeradores de emprego	25	30,9	11.809.764	55,7	2.594.944	65,8
Proxectos de investimento en equipo produtivo	56	69,1	9.406.394	44,3	1.347.046	34,2
Total	81	100,0	21.216.158	100,0	3.941.990	100,0
Sector CNAE-2009						
10 Industria da alimentación	5	6,2	388.173	1,8	69.827	1,8
13 Industria téxtil	1	1,2	153.171	0,7	38.293	1,0
14 Confección de roupa de vestir	1	1,2	83.000	0,4	6.640	0,2
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	1	1,2	92.670	0,4	7.414	0,2
17 Industria do papel	1	1,2	865.973	4,1	173.195	4,4
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	1	1,2	162.269	0,8	24.340	0,6
20 Industria química	6	7,4	2.164.668	10,2	324.879	8,2
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	6	7,4	1.894.777	8,9	390.719	9,9
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	6	7,4	1.199.844	5,7	147.777	3,7
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	20	24,7	6.757.182	31,8	1.436.321	36,4
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	8	9,9	2.095.587	9,9	380.944	9,7
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	1	1,2	375.000	1,8	75.000	1,9
31 Fabricación de mobles	6	7,4	990.152	4,7	130.113	3,3
32 Outras industrias manufactureiras	3	3,7	249.514	1,2	37.427	0,9
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	4	4,9	1.165.577	5,5	233.127	5,9
45 Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	4	4,9	720.697	3,4	133.468	3,4
52 Almacenamento e actividades anexas ao transporte	2	2,5	963.607	4,5	228.298	5,8
59 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical	1	1,2	200.791	0,9	16.063	0,4
71 Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría; ensaios e análises técnicas	3	3,7	609.505	2,9	75.545	1,9
86 Actividades sanitarias	1	1,2	84.000	0,4	12.600	0,3
Total	81	100,0	21.216.158	100,0	3.941.990	100,0

Fonte: IGAPE.

En 2020 o IGAPE mantivo todas estas liñas básicas de actuación con pequenas modificacións como poden ser, por exemplo, os cambios no programa Re-Acciona en Galicia Capacita, coa incorporación de servizos de apoio e introdución da innovación nas pemes galegas. E na programación para 2021, aínda que mantendo as mesmas denominacións nas estratexias, introduce novidades dentro delas. Así, no Programa Galicia Investe incorpora a concesión de préstamos ás empresas máis afectadas pola COVID-19 para mellorar a súa liquidez e tamén para potenciar o I+D+i nese ámbito. Os cambios nas accións de internacionalización inciden na posta en marcha dun Programa de Consorcios á Exportación e, para facer fronte á nova situación, crea un programa formativo denominado Fórmate Export. Tamén, como

xa se indicou anteriormente, creará un servizo de consultaría para informar sobre as ofertas de contratación pública internacional.

Pola súa incidencia máis directa na actividade industrial galega, a continuación trataranse os resultados da política industrial levada a cabo polo IGAPE a través do seu Programa Galicia Investe en dous ámbitos, subvencións a fondo perdido e o apoio financeiro en todas as súas modalidades, préstamos, subvencións ao tipo de xuro dos préstamos e avais.

En canto ás subvencións, ademais das que se conceden no programa de Galicia Emprende ao amparo da lei de Emprendemento, son de interese as axudas que se outorgan para os denominados grandes investimentos empresariais en dúas vertentes, investimentos en equipo produtivo ou aqueles que se realizan para xerar emprego. A pesar do seu nome, o programa, na primeira modalidade, esixe un investimento entre 50 mil e 2 millóns de euros. Recordemos que o tope mínimo de incentivos rexionais era de 900 mil euros.

No cadro 16 obsérvase que se aprobaron un total de 81 proxectos (59 en 2018), o que mostra un significativo dinamismo investidor, xustamente o contrario do que suxerían as estatísticas de incentivos rexionais. Estes novos investimentos concéntranse, como adoita ser habitual, nas provincias da Coruña e Pontevedra. Os investimentos realízanse moi maioritariamente no sector industrial e, en especial, na rama de produtos metálicos excluída a maquinaria e equipo. Tamén se aprecia que o empresariado demanda en maior grao as axudas de investimento en equipo que as xeradoras de emprego.

Cadro núm. 17

Resumo dos resultados acadados no ano 2019 polos programas do IGAPE de apoio financeiro ás pemes

Liñas de financiamento subsidiado	Solicitudes		Base incentivable		Subvención		Préstamo incentivable	
	Núm.	%	Euros	%	Euros	%	Euros	%
Programas								
Bonificación dos custos financeiros das empresas. Préstamos ICO superiores a 25.000 euros	189	47,4	22.547.163	84,0	1.038.473	63,1	16.910.372	79,8
Bonificación dos custos financeiros das empresas. Préstamos ICO ata 25.000 euros (microcréditos)	170	42,6	2.404.482	9,0	403.088	24,5	2.404.482	11,3
Sector lácteo: Liña 1 - Refinanciamento de pasivos	6	1,5	185.386	0,7	24.266	1,5	186.074	0,9
Sector lácteo: Liña 2 - Apoio ao circulante	34	8,5	1.702.881	6,3	179.155	10,9	1.702.881	8,0
Total	399	100,0	26.839.912	100,0	1.644.982	100,0	21.203.809	100,0
Distribución provincial								
A Coruña	162	40,6	14.184.461	52,8	805.003	48,9	10.962.798	51,7
Lugo	91	22,8	6.237.008	23,2	354.663	21,6	5.026.656	23,7
Ourense	60	15,0	2.430.160	9,1	187.545	11,4	1.955.423	9,2
Pontevedra	86	21,6	3.988.283	14,9	297.772	18,1	3.258.933	15,4
Total	399	100,0	26.839.912	100,0	1.644.982	100,0	21.203.809	100,0

Fonte: IGAPE.

Unha das axudas máis habituais na política industrial galega son os subsidios ao tipo de xuro dos préstamos ofrecidos ás empresas por parte das entidades financeiras colaboradoras. Antes da creación do IGAPE chegou a ser unha das políticas con maior éxito na economía de Galicia pero, coa evolución dos tipos de xuro cada vez máis baixos, foron perdendo o seu impacto. Neste sistema de axudas e fronte a sete liñas de axuda de bonificación dos préstamos que existían en 2018, en 2019 reducíronse a catro. Así, mantivéronse as axudas aos préstamos concedidos polo Instituto de Crédito Oficial (ICO) nas súas dúas vertentes, os superiores a 25 mil euros e os microcréditos, entendidos estes como os menores de 25 mil euros. No cadro 17 compróbase como en 2019 se produciu unha repunta neste tipo de axuda, xa que en 2018 foi moi pouco relevante. Nótese que a actuación do ICO en Galicia vai moito máis alá da colaboración co IGAPE. A acción directa desta entidade pública desempeñou un papel determinante na concesión de avais, o que se verá cando se trate esa liña de axuda.

En febreiro de 2020 publicáronse unhas novas bases reguladoras das liñas de financiamento ás pemes por parte do IGAPE, as cales foron modificadas no mes de marzo para atender os problemas xerados polo gromo da COVID-19. Así, para prestar de forma urxente liquidez ás empresas creouse unha nova liña de microcréditos pola que se subvencionan integramente os tipos de xuros e ademais reaválase ata un 25% do risco asumido por unha SGR. Ademais, implantouse unha liña similar para apoio a pemes e autónomos.

En 2019, tamén se mantivo a liña de axudas aos préstamos do sector lácteo nas súas dúas vertentes, refinanciamento de pasivos e apoio ao circulante. Como adoita ser habitual, a bonificación incidiu máis nesta segunda liña.

En canto á distribución provincial obsérvase que a maior parte das axudas diríxense cara á provincia da Coruña, aínda que se aprecia un maior peso da provincia de Lugo sobre a de Pontevedra debido á maior incidencia nesta provincia dos apoios ao sector lácteo.

Ademais da subvención ao tipos de xuros dos préstamos, o IGAPE mantivo en 2019 a súa política financeira de concesión de préstamos, de avais e reavais. En canto aos préstamos, a contía concedida alcanzou os 9,3 millóns de euros nas cinco liñas de actuación que figuran no cadro 18. Tres destas liñas correspóndense cos préstamos IFI (Instrumento financeiro préstamos pemes Galicia FEDER 2014-2020), programa iniciado en 2018 e do que xa se daba unha ampla referencia no informe de 2018. Estas actuacións, cofinanciadas nun 80% polo FEDER, promoven actuacións moi variadas: investimentos en investigación e innovación, creación de novas empresas, participación das pemes nos distintos mercados, aproveitamento económico de novas ideas ou fomento do espírito empresarial. No cadro 18 preséntanse os resultados alcanzados nas tres modalidades nas que en 2019 se concederon préstamos do conxunto de liñas IFI existentes e compróbase que a súa incidencia na economía galega, considerando o número de axudas dadas, non foi alta. En 2019 concedéronse cinco préstamos IFI Emprende dirixidos a financiar investimentos para a posta en marcha dun negocio (cun máximo de 200 mil euros e un mínimo de 50 mil euros). Tamén se outorgaron cinco préstamos na liña IFI Industria 4.0, pola cal se financian as actividades encadradas no que na Axenda de Competitividade de Galicia se entende por nova industria e na que se priorizan tecnoloxías referidas ao concepto Industria 4.0. Neste sentido, a idea nova industria vai máis aló do sector industrial ao incluíren todas as actividades do sector de servizos que auxilian coa súa actividade as empresas industriais. A contía do préstamo pode oscilar entre 65 mil e 1 millón de euros. Unha terceira liña, coa que se apoiaron catro proxectos e foi na que se concedeu a maior contía de préstamos, denomínase IFI Innova, dirixida a proxectos tanxibles ou intanxibles. As bases vixentes en 2019 modificaron as de 2018, de xeito que se eliminaron esixencias para facer máis accesible estas liñas ás empresas.

En 2019, o IGAPE puxo en marcha dúas novas modalidades de préstamo. Unha destínase ao que denomina investimentos estratéxicos, entendidos como "intervencións de ampliación da capacidade produtiva e/ou mellora de instalacións existentes, valorándose especialmente ou aliñamento dos proxectos cos sectores prioritarios da Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0 e coa RIS3 Galicia". Os investimentos terán un importe mínimo de 1,5 millóns de euros e os préstamos serán como mínimo de 750 mil euros e como máximo de 5 millóns de euros. En 2019 tan só se beneficiou desta axuda un proxecto e o seu efecto entendemos que será máis intenso en 2020.

A segunda modalidade consiste en apoiar, a través de préstamos directos do IGAPE, as empresas auxiliares do sector naval para que poidan dispoñer dun fondo de manobra co que afrontar os posibles atrasos no cobro dos seus clientes. O importe mínimo do préstamo é de 50 mil euros e o máximo 1 millón de euros. No cadro 19 compróbase que se deu apoio a 11 empresas auxiliares e que foi nesta liña onde se concentraron en 2019 a concesión de préstamos, un total de 6,2 millóns de euros sobre un total de 9,2 millóns.

En canto ás actuacións en avais e reavais, o IGAPE mantivo o antigo programa Resolve e estableceu unha nova liña de reavais que cobre múltiples ámbitos con varios programas: Reaval Crecemento (préstamos avalados para o crecemento das pemes); Reaval Funcionamento (financiamento do tráfico comercial); Reaval Garantías (garantías ante terceiros). No seu conxunto, en 2019 apoiáronse 26 iniciativas. En 2020 este tipo de axudas tivo un forte empuxe e incorporáronse os programas de microcréditos, de pemes e autónomos, xa citados anteriormente, co fin de combater os efectos da pandemia.

En canto á política sobre avais da que se poden beneficiar as empresas galegas, tamén hai que considerar, á marxe do IGAPE, os que facilita o Estado para toda España a través do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital e que son xestionados polo ICO. A liña de avais aprobada en 2020 ascendeu a 100 mil millóns de euros.

No cadro 20 resúmese o resto de axudas que proporcionou o IGAPE en 2019, cuxa contía foi de 33,7 millóns de euros. O maior importe subvencionable corresponde ás actuacións dirixidas ao que xenericamente se denomina mellora competitiva/productividade; do conxunto de liñas de axudas implantadas sobresaen as destinadas ás industria ou fábricas 4.0 na vertente aos apoios á dixitalización (11 millóns de euros de investimento cunha subvención de 4,4 millóns) e os proxectos pilotos de fábrica 4.0, no que as empresas participantes fixeron un investimento de 9,5 millóns de euros, sendo a subvención do IGAPE de 3,1 millóns. En 2020, para dar resposta á pandemia, engadiuse nos apoios á dixitalización o denominado Cheque de dixitalización, co fin de que os beneficiarios se adapten e poñan en práctica tecnoloxías dixitais en diversas categorías. Tamén se abriu unha liña de axudas denominada Inviste COVID para fomen-

tar a fabricación dos produtos máis necesarios para combater os efectos da pandemia (medicamentos, incluídas as vacinas; equipamentos sanitarios; produtos sanitarios; desinfectantes e ferramentas para a recolleita de datos).

Cadro núm. 18
Avais e préstamos apoiados polo IGAPE (en euros). Ano 2019

Liña de axuda	Núm. de solicitudes	Base incentivable	Subvención concedida	Préstamo incentivable	Aval concedido
Avais					
Resolve + Apoio ao circulante	26	1.878.000	84.510	2.298.000	574.500
Marco de apoio ao acceso ao crédito das pemes	26	2.585.400	59.858	3.458.400	574.500
Total	52	4.463.400	144.368	5.756.400	1.149.000
Préstamos					
Préstamos IFI Empreende	5	182.000		486.800	
Préstamos IFI Industria 4.0	5	129.102		774.865	
Préstamos IFI Innova	4	0		978.702	
Préstamos para investimentos estratéxicos	1	800.000		800.000	
Préstamos para financiar a operativa da industria auxiliar do naval	11	6.212.472		6.212.472	
Total	26	7.323.574		9.252.839	

Fonte: IGAPE.

A liña de emprendedores, cun importe subvencionable de 18,1 millóns de euros, incidiu en dous segmentos: os proxectos empresariais dos novos emprendedores e aqueles realizados no rural galego. Pola súa banda, a internacionalización segue a ser unha das principais apostas do IGAPE no apoio empresarial. En 2019 mantivéronse as liñas comentadas no informe de 2018 e as axudas seguen concentrándose nas accións de promoción exterior das empresas galegas (330 accións e 7,6 millóns de euros de subvención) e no Plan de Fomento ás Exportacións Galegas (FOEXGA) con 232 solicitudes e 3,9 millóns de subvención. Con este plan, realizado en colaboración coas Cámaras de Comercio, Industria e Navegación, propiciase a venda de produtos nos mercados internacionais.

Finalmente, a actividade do IGAPE complétase co apoio aos clústeres empresariais con 1,9 millóns de euros e cun programa específico de apoio aos establecementos hoteleiros denominado Reforma-Tur 19. Tradicionalmente desde o IGAPE búscase cada ano financiar a compra de bens para o fogar co fin de activar a produción dese sector en Galicia.

Cadro núm. 19
Resumo do resto de axudas con subvención aprobadas polo IGAPE. Ano 2019

Programa	Núm. de expedientes	Importe subvencionable (euros)	Subvención (euros)
Mellora competitiva/productividade	473	24.089.824	10.308.472
Emprendedores	175	18.078.036	7.537.940
Internacionalización	620	17.463.437	13.698.411
Axudas as agrupacións empresariais (clusters)	11	3.822.342	1.911.171
Axudas a establecementos hoteleiros	34	1.012.854	253.214
Total	1.313	64.466.493	33.709.207

Fonte: IGAPE.

A actuación das consellerías sectoriais e da Axencia Galega de Innovación

Do mesmo xeito que o CDTI é o principal executor e xestor da política tecnolóxica da Administración central, a Axencia Galega de Innovación (GAIN) o é da Administración autonómica. Nesta epígrafe expóñense de forma sucinta as actuacións deste organismo para conseguir mellorar o I+D+i do tecido produtivo galego.

Un problema estrutural das empresas galegas é o seu escaso gasto en I+D, ao que se engade o realizado desde os organismos públicos. A suma total queda moi por baixo dos obxectivos trazados polos plans que se levaron a cabo en Galicia para fomentar o desenvolvemento dunha actividade clave no seu desenvolvemento económico. De feito, cuestiónase o termo, xa que máis que un gasto, ao que en realidade nos referimos é a un investimento.

En 2019 a porcentaxe do gasto interno en Galicia sobre o PIB era do 0,97%, tres centésimas máis que en 2018, pero aínda moi lonxe do 1,25% da media do conxunto de España e aínda máis do obxectivo trazado no Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 dun 1,7%. A escaseza do avance apréciase cando en 2008 a porcentaxe era do 1,04%, superior polo tanto á de 2019. Desde 2008 esta porcentaxe foise redu-

cindo, de tal xeito que a taxa en 2016 foi do 0,86%. En Galicia, un impulsor deste gasto sempre foi o sector público. A percepción que se tivo nos anos de crise era que, nun contexto de recortes do gasto público, era relativamente sinxelo, como así se fixo, reducir o investimento en investigación e desenvolvemento, xa que non carrexaba un excesivo desgaste político. Actualmente, nestes momentos de pandemia e crise sanitaria, decatámonos do erro cometido.

Galicia, en 2019 ocupaba o oitavo lugar en canto a gasto en I+D no conxunto das comunidades autónomas españolas. Esta clasificación está liderada polo País Vasco cunha taxa do 1,97%, seguido de Madrid e Navarra. Neste *ranking* sobresa Castela-León en quinto lugar cun 1,35%, case 4 décimas máis que Galicia. Queda, por tanto, un considerable esforzo para que ao longo desta década poidamos conseguir unha taxa acorde cos obxectivos que se marcou a Estratexia 2020 para a Unión Europea de investir un 3% do PIB en investigación e desenvolvemento. Galicia, como todas as comunidades autónomas españolas, quedou moi lonxe dese obxectivo. O apoio ao I+D galego en 2019 concreouse en 627,3 millóns de euros e 11.085 persoas. Esta contía case se divide a partes iguais entre o gasto das empresas e o sector público, cuxos principais actores son as tres universidades galegas.

Neste contexto de gasto en I+D, o orzamento de GAIN en 2019 ascendeu a 96,5 millóns de euros, dos que 80,2 millóns se destinaron a operacións de capital. Este orzamento pasou a 101,4 millóns en 2020 e a 126,7 millóns en 2021, cun gasto en operacións de capital de 83,3 millóns e 108,7 millóns respectivamente. Obsérvase, por tanto, un cambio na traxectoria de gasto notable en 2021, ante un crecemento dun 30,5% das operacións de capital.

O conxunto de iniciativas levadas a cabo en 2019 por GAIN seguen o Plan Galicia Innova 2020, que desenvolve o RIS3 e o Programa de Deseño para a Innovación 2020, dos que se deu unha ampla referencia nos informes anteriores.

Das iniciativas que leva a cabo GAIN temos que destacar a Civil UAVs Initiative, da que neste informe se fai un seguimento desde o seu inicio e está centrada na consolidación dun polo industrial aeronáutico en Galicia e de vehículos non tripulados, a partir da creación do Polo Tecnolóxico e Industrial de Rozas na provincia de Lugo. Antes da crise sanitaria, pola que o sector mundial da aeronáutica viuse moi afectado ante a sensible caída na demanda e a parálise aeroportuaria, as expectativas galegas eran moi positivas. Segundo GAIN e o Consorcio Aeronáutico Galego, en Galicia en 2019 o incipiente sector aeronáutico galego aglutinaba 30 empresas con 132 millóns de euros de facturación e 1.250 traballadores. A súa carteira de pedidos alcanzaba os 112 millóns de euros.

As actuacións da Civil UAVs Initiative establécense mediante un convenio de colaboración público privado no que as tres empresas tractoras, Indra, Babcock e Boeing, e a Administración autonómica desenvolven un programa conxunto que desde a súa constitución, segundo GAIN, xerou máis de 59 proxectos que mobilizaron 164 millóns de euros e no que participan 52 empresas; sendo moi relevantes as subcontratacións a centros tecnolóxicos, universidades e empresas.

Actualmente, o Polo Aeroespacial avanza a construción da primeira fase do parque tecnolóxico e industrial, nunha superficie de 31 mil m². Entre 2021 e 2025 prevese un investimento de 160 millóns de euros, e entre outras actuacións, a fundamental son os avances na aviación non tripulada, na cal Galicia está moi ben situada no contexto internacional grazas ao apoio das tres empresas tractoras e do Instituto de Técnica Aeroespacial (Inta). GAIN lanzou no pasado xuño unha consulta ao mercado para identificar novas tecnoloxías no sector.

No referente ao sistema de axudas que GAIN mantivo vixente en 2019 contabilízanse un total de 9 programas, dos cales a maior parte se caracterizan por intentar consolidar o sistema de I+D+i galego, centrado nas tres universidades e nos centros de investigación. A descrición desa política de apoio á investigación á marxe das empresas excede os obxectivos deste apartado, centrado nas políticas de incentivos ao sector produtivo galego. Con todo, no cadro 20 figura a contía de axudas que desde GAIN se concederon ás unidades de investigación competitiva para a súa consolidación e estruturación: un total de 2,7 millóns de euros destinados aos centros tecnolóxicos sectoriais, organismos fundamentais do I+D xerado pola industria (e por outros sectores económicos) en Galicia.

Dos nove programas de GAIN, destacamos InnovaPeme, iniciativa pola que se financian plans de innovación da empresa galega. Sobre un orzamento total do 2,8 millóns de euros finánciase o 50% dos custos de posta en marcha do plan de innovación, cun mínimo da axuda de entre 40 mil e 100 mil euros. Aprobáronse 37 proxectos.

Cadro núm. 20

Axudas en Galicia para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas

Ano 2019 (en euros)

Centros tecnolóxicos	Importe da axuda
Fundación Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sostenibilidade Enerxética (Energylab)	190.406,4
Asoc. Nac. Ftes. Conservas Pescados y Mariscos - Centro Técnico Nac. Conservación Productos Pesca (Anfaco-Cecopesca)	405.595,9
Clúster da Acuicultura (Cetga)	157.144,3
Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia (Itg)	182.033,8
Asociación de Investigación Metalúrxica do Noroeste - Centro Tecnolóxico AIMEN	524.640,9
Fundación Centro Tecnolóxico de Investigación Multisectorial (Cetim)	184.335,7
Fundación Centro Gallego de Investigacións del Agua (Cetaqua)	119.658,6
Fundación Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (Gradient)	433.397,7
Fundación para la Promoción de la Inn., Inv. y Des. Tec. en la Industria de Automoción de Galicia (Ctag)	502.786,7
Total	2.700.000,0

Fonte: Elaboración propia a partir do DOG.

En 2020 aprobáronse en GAIN doce programas e, entre eles, mantense InnovaPeme. Para facer fronte aos problemas xerados pola pandemia abriuse unha liña especial para SARS-COV-2 e a enfermidade da COVID-19 para aqueles proxectos que non conseguiron financiamento do Instituto de Saúde Carlos III (organismo autónomo público creado en 1986) de créditos extraordinarios para afrontar os retos científicos e de investigación derivados da urxencia sanitaria.

Ademais do IGAPE e GAIN, as consellerías sectoriais da Xunta de Galicia inciden na economía con políticas propias ou doutros organismos xestionadas por elas. A Consellería do Medio Rural con fondos FEADER mantivo nos últimos anos o programa de investimento en activos fixos materiais destinados á creación, ampliación e modernización das instalacións situadas en Galicia, para a transformación ou comercialización de produtos agrarios, de cuxos resultados se foron dando sistematicamente conta nos anteriores informes. En 2019, ante a carencia de orzamento, non se realizou este tradicional programa que, non obstante, terá continuidade en 2020.

Pola súa banda, a Consellería do Mar mantén unha liña similar á do Medio Rural pero para os investimentos das empresas que transforman produtos pesqueiros e da acuicultura. O cofinanciamento procede do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP). O orzamento asignado en 2019 era de 14,7 millóns de euros e, como os proxectos son plurianuais, estaba previsto un gasto de 5,7 millóns de euros en 2019 e de 9 millóns en 2020. Obviamente, en 2019 tamén se estaba executando o programado en exercicios anteriores. Para a realización desta actividade, que consiste na subvención a fondo perdido do capital obras e investimentos, en 2020 dispúxose de 17 millóns de euros.

V. Sector exterior

- En 2019 o valor das exportacións galegas apenas variou con respecto a 2018. Dado o incremento das importacións nun 3,2%, reduciuse o superávit comercial.
- De xaneiro a agosto de 2020 baixou tanto o valor das exportacións (-13,5%) como o das importacións (-21,2%). Os principais grupos arancelarios víronse afectados por este descenso, excepto os produtos alimentarios e as exportacións de automoción.
- No primeiro semestre de 2020 o peso das exportacións galegas no PIB foi o 30,5% fronte ao 33,4% de 2019.
- De xaneiro a agosto, as exportacións de téxtiles e confección en Galicia descenderon en case un terzo con respecto aos mesmos meses do ano anterior e perderon 6 puntos do seu peso relativo sobre o total exportado.
- Redúcese case á metade o valor do importado de combustibles minerais en 2020 e cambiaron os países provedores.
- As exportacións galegas seguen concentrándose na comercialización de produtos de tecnoloxía media-alta e baixa.
- O 72% do comercio galego en 2019 e 2020, medido por capítulos arancelarios, caracterízase como intraindustrial.
- O 61,8% das exportacións galegas en 2019 dirixíronse á Eurozona, 0,9 décimas menos que en 2018, a causa do menor fluxo comercial mantido con Italia e Bélxica. Nos oito primeiros meses de 2020, o peso relativo da Eurozona incrementouse, alcanzando o 64%.
- Francia e Portugal seguen sendo os principais clientes de Galicia tanto en exportacións como en importacións. China sobe en 2019 ao terceiro lugar do *ranking* importador galego, posición que mantén en 2020.
- De recibir Galicia un IED de 65,5 millóns de euros en 2018, pasou a 723 millóns de 2019, cifra récord. No primeiro semestre de 2020 a contía reduciuse a 25,8 millóns de euros.
- En 2019, o IED emitido por Galicia, excepcionalmente alto, 2.218,2 millóns de euros, triplicou o IED recibido. Este fluxo non se detivo en 2020, xa que o IED emitido no primeiro semestre foi de 1.725,5 millóns de euros.
- As actividades inmobiliarias e o comercio polo miúdo seguen concentrando os investimentos galegos no exterior tanto en 2019 como en 2020.

Comercio exterior de mercancías

A inserción do comercio galego no comercio mundial

Tras a convulsa situación vivida no comercio mundial nos últimos anos, a crise motivada pola COVID-19 en 2020, que supuxo un descenso sen precedentes no PIB mundial, orixinou unha desaceleración notable do comercio. As últimas estimacións publicadas pola Organización Mundial do Comercio (OMC) no pasado mes de outubro prevían un descenso do 9,2% e melloraban as realizadas seis meses antes nas que entendían que a desaceleración, na súa hipótese máis optimista, aproximárase ao 12,9%. Porén, tense que subliñar que estas previsións efectuáronse antes de que a segunda ola do virus impactase nas principais economías do mundo.

Cadro núm. 1
Evolución do comercio mundial de mercancías en volume
Taxas de variación interanuais (en %)

	2016	2017	2018	2019	2020*	2021*
Comercio mundial	1,4	4,7	2,9	-0,1	-9,2	7,2
Exportacións						
América do Norte	0,7	3,4	3,8	1,0	-14,7	10,7
América do Sur e Central	1,3	2,9	0,1	-2,2	-7,7	5,4
Europa	1,1	3,7	2,0	0,1	-11,7	8,2
Asia	2,3	6,7	3,7	0,9	-4,5	5,7
Outros territorios	3,5	0,7	0,7	-2,9	-9,5	6,1
Importacións						
América do Norte	0,3	4,4	5,2	-0,4	-8,7	6,7
América do Sur e Central	-9,0	4,3	5,3	-2,1	-13,5	6,5
Europa	3,0	3,0	1,5	0,5	-10,3	8,7
Asia	2,2	8,4	4,9	-0,6	-4,4	6,2
Outros territorios	-4,5	3,4	0,3	1,5	-16,0	5,6

* Previsión publicada o 6 de outubro de 2020.

Fonte: Secretaría da OMC.

papel do comercio mundial neste momento de pandemia. A súa estrutura permitiu garantir subministracións alimentarias e médicas e incentivou novos modos de traballo, polo que se entende que tras a pandemia sería un erro caer no proteccionismo. Outras opinións sosteñen que esta pandemia mostrou a moitos países a súa excesiva dependencia comercial para dotarse de produtos básicos en cantidade razoable e a prezos competitivos. Por esta razón defenden que a produción nacional se diversifique para evitar depender de terceiros nas mercancías estratéxicas.

O volume do comercio mundial en 2019 apenas variou con respecto a 2018. A OMC estimou que se produciu unha caída do 0,1%. A debilidade nas transaccións fíxose patente baixo a ameaza de guerras comerciais e incremento dos aranceis. O tráfico comercial realizado e recibido por Europa, América do Norte e Asia mantívose estabilizado, mentres que os peores resultados se produciron en América do Sur e Central, cunha caída en torno ao 2%. As previsións para 2020 apuntan cara a un descenso maior no fluxo de exportacións en América do Norte (-14,7%) e en Europa (-11,7%) que nas importacións, un -8,7% e un -10,3%, respectivamente. Pola contra, os resultados en Asia, aínda que negativos, son mellores, mentres en América Central e do Sur é onde se prevé unha maior caída no fluxo importador, un -13,5%.

En canto ao comportamento do comercio en 2019 por países hai que salientar que se mantén o liderado de China en canto ás exportacións, cun 13,2% do comercio mundial (12,8% en 2018). Estados Unidos segue ocupando a segunda posición no *ranking*, pero cada vez máis lonxe de China e máis próximo a Alemaña, terceiro país exportador. No cuarto e quinto posto intercambiáronse en 2019 as posicións e agora é Países Baixos (co porto de Róterdam como principal vía de saída e entrada de mercancías no continente europeo) o país que ocupa este cuarto lugar a costa de Xapón, que cae á quinta posición. España ascende un posto e sitúase na posición 16, con 334 mil millóns de dólares, cantidade menor ao valor do exportado en 2018 (345 mil millóns) que, con todo, lle permite manter a mesma cota do 1,8% no mercado internacional. No contexto español, o exportado por Galicia supón un 7,7%, arredor de 25,7 mil millóns de dólares segundo estas estimacións.

Ante a singularidade desta situación, que previsiblemente rematará cando, durante 2021, se consiga inmunizar a poboación, a OMC espera que, pouco a pouco, os fluxos comerciais volvan á normalidade, ao que seguramente tamén axudará a nova Administración americana saída das urnas no mes de novembro que, a priori, parece que será máis proclive ao libre comercio que o Goberno saliente. Outro factor que, para ben ou mal, dará máis certeza é o final do Brexit. Ante todo iso, as previsións da OMC para 2021 elevan ao 7,2% o crecemento do comercio, porcentaxe que, en todo caso, non será suficiente para alcanzar as cifras anteriores ás da crise sanitaria. Desde a OMC reivindicase o

Cadro núm. 2

Evolución, en volume, do comercio de mercancías en Galicia e España

Taxas de variación interanuais (en %)

		2017	2018	2019	Xan-agos 2020
Galicia					
Total sen combustibles e aceites minerais	Exportacións	-5,7	10,4	-0,5	-18,2
	Importacións	3,4	8,0	7,6	-17,1
Combustibles e aceites minerais	Exportacións	28,8	0,6	-11,0	-18,2
	Importacións	25,4	1,5	-23,8	-75,0
Total	Exportacións	2,1	7,6	-3,3	-26,5
	Importacións	13,9	4,6	-8,5	-43,6
España					
Total sen combustibles e aceites minerais	Exportacións	2,1	0,9	-1,2	-5,8
	Importacións	8,1	4,8	1,3	-12,5
Combustibles e aceites minerais	Exportacións	22,8	2,2	4,2	-13,4
	Importacións	0,1	0,0	-0,1	-14,9
Total	Exportacións	5,8	1,1	0,0	-7,4
	Importacións	8,5	0,0	-2,3	-13,6



Datos 2017 e 2018 definitivos, 2019 e 2020 provisionais.

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Estados Unidos mantivo o liderado mundial en canto ao fluxo importador, a pesar do incremento nos aranceis, e a súa posición fronte a China. Comprou o 13,4% das vendas mundiais, o que supuxo alcanzar un déficit comercial de 922 mil millóns de dólares. China, sen Hong Kong, sería o segundo país importador e coa antiga colonia británica estaría, como en 2018, no primeiro lugar. Alemaña, Xapón e Reino Unido serían os seguintes países nese *ranking*. Pola súa banda, España cunhas importacións por valor de 372 mil millóns de euros mantivo o posto 15, aínda que o seu peso relativo, o 1,9%, caeu nunha décima. Galicia en 2019 absorbía o 6,2% das importacións españolas, co cal estas compras supoñían tan só o 0,13% no total mundial.

O comercio externo galego en 2019 e no primeiro semestre de 2020. Trazos básicos e a súa evolución con respecto ao comercio español

O comercio externo galego en 2019 experimentou unha desaceleración no seu crecemento con respecto ao experimentado en 2018. Iso apreciase tanto en volume como en termos monetarios. Se en volume houbo en 2019 unha caída dun 3,3% nas exportacións, o resultado en valor monetario foi, coa información provisional actualmente dispoñible, practicamente a mesma que a de 2018. As importacións aumentaron nun 3,2%, evolución que supuxo un descenso no saldo comercial de 611,3 millóns de euros, pero, malia iso, mantívose en superávit (2.382,5 millóns de euros). O saldo comercial positivo perpetúase de maneira ininterrompida desde 2006.



A case nula variación das exportacións non impediu que en 2019 se lograse de novo unha cifra récord. 22.196,7 millóns de euros foi o valor monetario máis elevado dos alcanzados ata agora en Galicia. O mesmo sucedeu coas importacións. De feito, a demanda externa amorteceu a dureza da crise iniciada en 2008 en Galicia. En 2019, desde Galicia exportábase, en termos monetarios, un 41% máis que en 2008, mentres que as importacións creceron nun 27,9%. Ademais, no gráfico 2 obsérvase que a volatilidade das taxas de crecemento anual no comportamento dos dous fluxos do comercio foi moito menor desde o comezo da crise.

Pola contra, os resultados provisionais referidos ao primeiro semestre de 2020 reflicten un brusco cambio na traxectoria seguida nos últimos anos, o cal entra dentro do agardado, tendo en conta a crise da COVID-19. As exportacións, con respecto ao mesmo semestre do ano anterior, caeron nun 17,7% e as importacións fixérono nun 23,8%. Estas taxas superan o descenso estimado do PIB neste período, un 9,9%, aínda que elevan a contía do superávit comercial.

Os coeficientes que permiten avaliar o papel do sector externo (na súa vertente do comercio de mercancías), con respecto ao

conxunto dos sectores da economía, mostran que o peso das exportacións en relación ao PIB, en 2019, case non variou en Galicia fronte ao ano anterior, manténdose nun valor relativamente elevado, 36,08% (unha centésima inferior a 2018). Este resultado mostra unha economía relativamente aberta aos mercados exteriores, malia que en 2020 non será posible alcanzar o obxectivo do 40% fixado por determinadas liñas de axudas da Administración autonómica no ámbito da internacionalización. O freo exportador no primeiro semestre en 2020 motivou unha caída deste índice de 2,9 puntos (con respecto ao primeiro semestre de 2019), descenso superior ao experimentado pola economía española (1,1 puntos); malia que as diferenzas entre o peso relativo das exportacións galegas e españolas sobre o PIB seguen sendo elevadas (7,61 puntos) a favor de Galicia

Cadro núm. 3

Evolución do comercio externo galego e español (en millóns de euros)

	2006	2016	2017	2018	2019	Xan-xun 2019	Xan-xun 2020
Galicia							
Exportacións	14.611,6	19.981,3	21.798,4	22.195,6	22.196,7	10.508,9	8.650,5
Importacións	15.639,4	15.508,5	17.199,7	19.201,8	19.814,1	9.805,5	7.467,1
Saldo comercial	-1.027,8	4.472,7	4.598,6	2.993,8	2.382,5	703,5	1.183,4
Taxa de cobertura (%)	93,4	128,8	126,7	115,6	112,0	107,2	115,8
Grao de apertura	0,56	0,62	0,66	0,67	0,66	0,65	0,57
% exportacións no PIB	27,27	34,72	36,63	36,09	35,08	33,42	30,52
España							
Exportacións	170.438,6	256.393,4	276.142,9	285.260,5	290.089,1	147.408,2	124.101,4
Importacións	262.687,2	273.778,6	302.431,2	319.647,3	322.068,7	162.120,0	131.674,7
Saldo comercial	-92.248,6	-17.385,2	-26.288,3	-34.386,8	-31.979,6	-14.711,8	-7.573,3
Taxa de cobertura (%)	64,9	93,6	91,3	89,2	90,1	90,9	94,2
Grao de apertura	0,43	0,48	0,50	0,50	0,49	0,50	0,47
% exportacións no PIB	16,98	23,02	23,77	23,73	23,29	24,01	22,91

Fonte: DataComex (Ministerio de Industria, Comercio e Turismo) e *Contabilidad Regional de España*. Base 2010 (INE).

O grao de apertura dunha economía adóitase medir polo peso das exportacións e importacións con respecto ao PIB. No cadro 3 compróbase que o valor deste índice, que se presenta en tanto por un, apenas variou en 2019 en relación a 2018 e caeu 12 décimas no primeiro semestre de 2020. Todo iso suxire que en 2019 o peso relativo do comercio co estranxeiro, considerando tanto as exportacións como as importacións, no contexto de demanda galega total, apenas se modificou, o que motivou que se frease o sistemático incremento no grao de apertura observado desde 2010. Pola súa banda, nos seis primeiros meses de 2020 este índice experimentou un brusco descenso, o que indica que o sector externo, en canto á compravenda de mercancías, caeu nunha crise máis profunda que a doutras variables integrantes da demanda galega. A caída desta taxa no conxunto da economía española en 2020, de tan só 3 centésimas, reflicte a asimetría con Galicia.

Finalmente, a taxa de cobertura, expresada en tanto por cento, simplemente indica o peso relativo das exportacións sobre as importacións. Este índice en Galicia desde 2016 foi descendendo ante unha maior variación relativa das importacións. A caída freouse no primeiro trimestre de 2020 por un maior descenso relativo das importacións.

En canto á posición galega en 2019, no contexto do comercio externo que se realiza desde as comunidades autónomas españolas, cabe indicar que Galicia mantivo o sexto lugar no *ranking* español tanto no fluxo exportador como no importador. As exportacións españolas están moi concentradas en Cataluña, comunidade que en valor vende no estranxeiro o 25,5% das exportacións totais de España. O seu liderado é indiscutible xa que as tres comunidades seguintes, Andalucía, Madrid e a Comunidade Valenciana, teñen porcentaxes parecidas pero non alcanzan o 11% do total. Logo destas tres comunidades sitúase o País Vasco, para xa no sexto lugar aparece Galicia cun 7,7%, porcentaxe afastada da de Castela e León cun 5%. Compróbase que o peso relativo con respecto a España das exportacións ao estranxeiro en Galicia é maior que o que se alcanza en calquera outra variable macroeconómica. Nesta clasificación chama a atención o relativo pouco peso de Madrid debido á súa especialización na venda de servizos e por dispoñer, para os seus produtos, dun mercado máis interno que o catalán, o cal se atopa moi aberto á economía mundial.

Polo lado das importacións, de novo Cataluña volve destacar cun peso do 28,7% no total, seguida por Madrid (20%). Galicia de novo ocupa o sexto lugar, cun peso relativo do 6,2%, e a gran distancia de Castela e León, comunidade que está no sétimo lugar. A diferenza entre o fluxo exportador e importador de Madrid conducen a un elevado déficit comercial que tamén se observa en Cataluña. De feito, das seis primeiras comunidades autónomas, só o País Vasco e Galicia presentan un superávit.

En canto a 2020, o menor fluxo exportador e importador español do primeiro semestre non produciu ningún cambio significativo na importancia relativa de cada comunidade autónoma española no fluxo do comercio exterior. A única variación relevante é a das exportacións de Madrid que foron superadas, ademais de por Cataluña e Andalucía, pola Comunidade Valenciana. Galicia mantense en ambos os fluxos no sexto lugar, pero cun peso relativo menor tanto en exportacións como en importacións.

Evolución dos principais grupos arancelarios

A análise comparativa dos grupos arancelarios nos que está especializado o comercio galego mostra unha certa estabilidade ao longo do tempo. A similitude na estrutura do comercio en 2018 e 2019 (cadro 4) cos anos anteriores ven repetíndose nos sucesivos informes. Así, para 2018 indicábase que seis grupos arancelarios absorbían o 79,1% das exportacións totais galegas e outros seis o 83,0% das importacións; cifras que eran practicamente as mesmas que as de 2017. En 2019, as porcentaxes son respectivamente 78,2% e 82,6%. Ata en exercicios tan atípicos como 2020, entre xaneiro e agosto, aínda que as porcentaxes anteriores caeron, son relativamente semellantes (77 e 79%) e nestes seis grupos séguese concentrando o comercio externo galego. Porén, entre estes seis grupos máis importantes si houbo cambios anuais significativos que adoitan explicar as novidades do comercio dun ano fronte a outro.

En canto ao exportado, en 2019 o grupo de materiais téxtiles e confección volve ser o líder en Galicia, cun incremento no valor con respecto ao ano anterior dun 26,3%. Este liderado decae nos meses de crise sanitaria ante a desaceleración na demanda mundial dun sector de consumo moi afectado polas restricións á mobilidade que impiden un acceso normal aos mercados e que restrinxen a capacidade adquisitiva dos consumidores. De xaneiro a agosto, as exportacións de téxtiles e confección en Galicia descendieron en case un terzo con respecto aos mesmos meses do ano anterior e perderon case 6 puntos no seu peso relativo sobre o total exportado. Este comportamento negativo en 2020 recóllese nos resultados contables dispoñibles das principais empresas do sector en Galicia. A máis importante é, obviamente, Inditex. Tal é o seu volume de facturación con respecto ás restantes, que a evolución dos resultados totais das exportacións galegas nesta actividade coincide coa traxectoria que segue esta firma. Entre febreiro e abril, tras moitos meses consecutivos con beneficios en Inditex, contabilizáronse unhas perdas de 409 millóns de euros. Os datos de maio a xullo foron máis positivos, xa que se lograron 214 millóns de euros de beneficios, polo que as perdas, nestes seis meses, foron de 195 millóns de euros. Realmente o beneficio sería positivo se se exclúen as provisiones para integrar as vendas coas vendas *online*. De feito, a complexa situación salvouse, en parte, polo crecemento dun 74% das vendas por Internet. A finais de xullo, o grupo mantíña abertas 7.337 tendas en todo o mundo. Peor está resultando 2020 para outra das grandes compañías galegas do sector con proxección nos mercados internacionais, Adolfo Domínguez. De marzo a maio as perdas eleváronse a 8,1 millóns de euros ante unhas vendas que caeron un 67,3%, tendo que pechar temporalmente o 92% dos seus comercios. O crecemento das vendas en liña nun 52,3% permitiu aliviar un pouco estes malos resultados.

A evolución do grupo arancelario de material de transporte foi máis positiva que a do sector téxtil-confección. Se o crecemento dun 5,1% no valor das súas exportacións en 2019 non lles permitira alcanzar o primeiro posto do *ranking* galego, o incremento dun 12,3% entre xaneiro e agosto de 2020 situou este grupo no primeiro lugar, cun peso relativo sobre o total exportado do 29,4%, 8,9 puntos por enriba de téxtil-confección.

No caso do material do transporte, as vendas do grupo PSA, no ámbito da automoción, determinan os resultados totais das exportacións galegas. De feito, neste grupo a automoción absorbía o 95,2% do total en 2019 (4,7% a venda de barcos) e o 98,9% entre xaneiro e agosto de 2020 (0,9% a vendas de barcos). Tanto o material ferroviario como o aeronáutico teñen un peso relativo insignificante.

Estes resultados evidencian que a pandemia non freou a produción de coches na factoría viguesa do grupo PSA. De feito, as últimas noticias dispoñibles apuntan a que 2020 pechará cunha produción arredor das 400 mil unidades, malia as paradas realizadas no confinamento. En canto ás súas exportacións, en 2019, do mesmo xeito que nos oito primeiros meses de 2020, concentráronse principalmente en Francia. Os resultados das vendas totais do sector da automoción no estranxeiro mostran que Francia absorbeu o 39,9% do total en 2019 e o 47,4% nos oito primeiros meses de 2020, ou sexa, case a metade. Os restantes países de destino cunha certa significación son Reino Unido, Portugal e Alemaña en 2019, mentres que en 2020 se observa un maior peso de Italia a costa de Portugal.

En canto ao sector naval, a venda de embarcacións supuxo unha facturación de 246,9 millóns de euros en 2019 e de tan só 30,5 millóns nos meses analizados de 2020. Estes datos sitúan este sector, respecto á súa presenza no mercado internacional, nun segundo plano en relación coa automoción.

A facturación concentrouse en 2019 na entrega de buques a Groenlandia, Suecia, Kuwait e Panamá. A principal transacción realizada foi con Groenlandia coa entrega dun arrastreiro conxelador fabricado por Construcciones Navales Paulino Freire. As operacións con Groenlandia serán recorrentes, xa que recentemente o estaleiro Nodosa asinou un contrato coa armadora groenlandesa Royal Arctic para a execución de buques multicargo frigoríficos. Pola súa banda, a facturación con Suecia, segundo país neste *ranking* exportador, debeuse á entrega dun buque oceanográfico.

Nos primeiros oito meses de 2020, as transaccións concentráronse en Canadá, grazas á venda dun arrastreiro. Os resultados que ofrece o Departamento de Aduanas reflicte que non estamos ante un bo momento nas exportacións realizadas, nun sector cuxa facturación oscila moi bruscamente dun ano a outro, segundo o número de entregas e a envergadura dos buques que se venden. Porén, a finais do primeiro trimestre de 2020, a carteira de pedidos galega era mellor que a doutras comunidades autónomas, representando o 46% do total español, cun total de 23 buques en carteira. No último informe dispoñible do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo indícase que no primeiro trimestre de 2020 se realizaron dúas entregas, unha a Bélxica do estaleiro Construcciones Navales Freire e a outra un buque de pesca a Namibia por parte do estaleiro Armón. Estas dúas transaccións seguramente incorporáranse aos resultados de 2020 nos últimos meses do ano.

A caída no valor dos produtos petrolíferos exportados desde Galicia nun 17,9% en 2019 orixinou que o terceiro lugar no *ranking* exportador galego fose ocupado polo grupo de "Animais, peces e moluscos, leite e ovos", grazas á venda dos produtos pesqueiros, a cal foi moi similar ao valor do transaccionado en 2018. Dun total de 1.888,1 millóns de euros facturados neste grupo, á pesca correspóndelle o 76,2%, con Italia, Portugal, Francia e China como clientes máis importantes. Galicia, máis en concreto a provincia de Pontevedra, mantén o seu liderado no capítulo arancelario da pesca en España. As exportacións de Galicia alcanzaron os 1.438,7 millóns de euros, o 47,3% do total español. A seguinte comunidade autónoma con maior facturación é Andalucía con 290,7 millóns de euros, que supón o 9,5%. Nos oito primeiros meses de 2020, nese contexto xeral de caídas nas exportacións, as do sector pesqueiro fixérono nun 8%, mantendo, con todo, a terceira posición. As vendas de produtos petrolíferos caeron ata o sexto lugar, debido a un descenso dun 33,8% do exportado, dada a contracción mundial, coa conseguinte redución da demanda desta materia prima e do seu prezo. A actividade pesqueira mantivo neste período a súa presenza nos países que adoitan seren os seus clientes habituais.

Coa mesma porcentaxe, un 6,1%, e polo tanto, cunha facturación moi similar, os grupos de "Metais e as súas manufacturas" ocupaban, en 2019, o quinto e sexto lugar respectivamente no *ranking* exportador galego. En ambos os casos observouse unha menor facturación que en 2018. A súa evolución aínda é máis negativa nos oito primeiros meses de 2020 nos que as vendas de "Caldeiras, maquinaria e material eléctrico", cunha caída do 36,7%, vense superadas polos "Produtos de alimentación", cando, en anos anteriores, a diferenzas entre estes dous grupos a favor do primeiro eran considerables. Así mesmo, en 2020 as transaccións en "Metais e as súas manufacturas" caeron un 14,2%. En canto a este último grupo, os dous capítulos arancelarios determinantes son "Fundición, ferro e aceiro", actividade con significación na industria galega, e "Aluminio e os seus manufacturas", sector cuxas vendas en 2019 excederon os mil millóns de euros e que na actualidade, lamentablemente, se enfronta a un futuro moi incerto ante o anuncio de peche da principal factoría, Alcoa, e a negativa da súa venda por parte da multinacional americana; situación que deixa en total precariedade á economía da Mariña lucense. Pola súa banda, no capítulo de fundición, ferro e aceiro, o seu protagonista foi e é, Megasa. Portugal (país no que Megasa ten importantes intereses económicos), Bélxica e Francia son os principais lugares de destino destes produtos. En 2020, apréciase que se logra un nivel de facturación no mercado francés, mentres se produciu unha sensible desaceleración no portugués e belga.

No referente a "Caldeiras, maquinaria e material eléctrico", obsérvase unha perda de máis dun terzo da facturación nos oito primeiros meses de 2020. Se en 2018 e tamén, aínda que en menor grao, en 2019, se aceleraron as vendas de eléctrodos de grafito destinados á fundición de aceiro, en 2020 estas exportacións reducíronse notablemente e iso é o que explica o drástico descenso das vendas nesa actividade.

En canto aos restantes grupos arancelarios destaca, polo seu dinamismo, produtos de alimentación. As súas exportacións nos oito primeiros meses de 2020 aumentaron un 14,7%, o que lle permitiu pasar ao quinto lugar entre os grupos arancelarios galegos con maior facturación. Non se trata, en absoluto, da aparición dun sector emerxente, xa que o principal capítulo deste grupo (representan as súas exportacións un 80,7% do total), conservas de peixe, está entre os artigos máis tradicionais da cesta exportadora galega. Este capítulo incrementou neste período un 17,6% o seu valor do exportado, ao que se debe engadir o impulso no sector de bebidas dun 8,7%, malia a política arancelaria de Estados Unidos que

afectou negativamente a venda de viños nese país. O sensible incremento na compra de alcohol etílico por parte dos Países Baixos e Francia e de cervexa de malta por Portugal contrarrestou sobradamente a caída de algo máis de 700 millóns de euros da facturación de viño aos Estados Unidos, produto que tamén experimentou un notable descenso nas compras de Francia e Portugal.

En canto a conserva de peixe, cabe destacar o impulso deste produto en plena crise sanitaria en todos os clientes máis importantes, excepto en Alemaña. Así, as vendas a Italia, o noso principal comprador, incrementáronse nestes meses de 2020 con respecto ao mesmo período de 2019 un 17,7%; as de Francia fixérono nun 19,9% e as de Portugal un 12,5%. Sen dúbida, trátase dun dos alimentos que mellorou a súa demanda no mercado internacional nos momentos de pandemia.

En canto aos restantes grupos arancelarios, no cadro 4 obsérvase o seu menor peso, xa que todos eles, excepto "produtos químicos", non exceden o 2,5% do total. No referente ao sector químico apre-ciouse unha expansión das vendas en 2019 á que seguiu unha caída maior en 2020. De xaneiro a agosto dese ano constátase un aumento nas vendas da principal partida, produtos insecticidas, o que non compensou o descenso nas exportacións da química do aluminio (óxido de aluminio e hidróxido de aluminio); como xa indicamos, nun contexto de viabilidade da produción na Mariña lucense do conxunto de actividades que este sector realiza en Galicia.

Finalmente, na madeira e as súas manufacturas, cun peso das súas exportacións en Galicia que non excede o 2,5%, tamén baixou o valor das exportacións, máis en 2020 que en 2019. Nos oito primeiros meses de 2020 con respecto aos mesmos meses de 2019, reducíronse as vendas ao estranxeiro tanto dos taboleiros de diverso tipo como a madeira serrada. Mantívoose moi estable a venda de madeira en bruto.

Cadro núm. 4

Estrutura do comercio exterior de Galicia por grupos arancelarios

Ano 2019

Capítulos	Grupos	Produtos	Importacións			Exportacións			Taxa de cobertura (%)	Índice de vantaxe comparativa revelada
			Millóns de euros	%	TVI (%) 2019-2018	Millóns de euros	%	TVI (%) 2019-2018		
01/05	I	Animais, peixes e moluscos, leite e ovos	2.204,7	11,1	-6,2	1.888,1	8,5	-0,6	85,6	-7,7
06/14	II	Vexetais, froitos, café e sementes	362,0	1,8	15,3	213,8	1,0	7,1	59,1	-25,7
15	III	Graxas e aceites vexetais e animais	208,7	1,1	-24,2	64,0	0,3	3,8	30,6	-53,1
16/24	IV	Produtos de alimentación	826,9	4,2	3,7	929,1	4,2	2,1	112,4	5,8
25/27	V	Minerais e combustibles minerais	3.321,5	16,8	-6,5	1.624,3	7,3	-17,9	48,9	-34,3
28/38	VI	Produtos químicos	569,3	2,9	9,7	833,3	3,8	5,1	146,4	18,8
39/40	VII	Plástico, caucho e as súas manufacturas	450,6	2,3	-11,0	302,5	1,4	-0,3	67,1	-19,7
41/43	VIII	Peles, coiros e as súas manufacturas	120,7	0,6	56,0	219,6	1,0	4,5	181,9	29,1
44/46	IX	Madeira e as súas manufacturas	122,2	0,6	-3,8	475,6	2,1	-0,1	389,3	59,1
47/49	X	Pastas papeleiras, papel e edición	234,2	1,2	13,8	322,2	1,5	-11,5	137,6	15,8
50/63	XI	Materias téxtiles e confección	2.032,8	10,3	14,6	5.831,9	26,3	4,5	286,9	48,3
64/67	XII	Calzado, paraugas e sombreiros	136,8	0,7	32,0	461,6	2,1	4,5	337,5	54,3
68/70	XIII	Produtos da pedra, cemento, cerámica e vidro	80,7	0,4	16,8	402,3	1,8	1,5	498,2	66,6
71	XIV	Xoiería	20,6	0,1	28,0	28,6	0,1	22,1	138,9	16,3
72/83	XV	Metais e as súas manufacturas, ferramentas	1.653,1	8,3	0,9	1.343,3	6,1	-9,7	81,3	-10,3
84/85	XVI	Caldeiras, maquinaria e material eléctrico	1.393,9	7,0	21,0	1.357,8	6,1	-6,0	97,4	-1,3
86/89	XVII	Material de transporte	5.762,6	29,1	5,8	5.308,2	23,9	5,1	92,1	-4,1
90/92	XVIII	Instrumentos de precisión e relojería	88,5	0,4	17,0	39,2	0,2	0,3	44,3	-38,6
93	XIX	Armas	5,8	0,0	67,1	0,2	0,0	7,4	3,8	-92,7
94/96	XX	Mobiliario, artigos de recreo e varios	206,1	1,0	11,6	290,7	1,3	4,8	141,0	17,0
97	XXI	Obxectos de arte e non clasificados	0,6	0,0	155,1	0,4	0,0	295,9	66,8	-19,9
98-99		Non clasificados	11,9	0,1	14,0	260,0	1,2	-1,0	2.182,6	91,2
Total			19.814,1	100,0	3,2	22.196,7	100,0	0,0	112,0	5,7

Datos provisionais.

Cadro núm. 4 (continuación)

Estrutura do comercio exterior de Galicia por grupos arancelarios

Xaneiro-agosto 2020

Capítulos	Grupos	Produtos	Importacións			Exportacións			Taxa de cobertura (%)	Índice de vantaxe comparativa revelada
			Millóns de euros	%	TVI (%) xan-agos 2020-2019	Millóns de euros	%	TVI (%) xan-agos 2020-2019		
01/05	I	Animais, peixes e moluscos, leite e ovos	1.257,1	12,4	-9,8	1.137,9	9,4	-8,0	90,5	-5,0
06/14	II	Vexetais, froitos, café e sementes	209,1	2,1	13,0	144,2	1,2	2,5	68,9	-18,4
15	III	Graxas e aceites vexetais e animais	170,1	1,7	26,8	48,2	0,4	16,4	28,3	-55,8
16/24	IV	Produtos de alimentación	594,1	5,8	1,9	752,3	6,2	14,7	126,6	11,8
25/27	V	Minerais e combustibles minerais	1.124,4	11,1	-47,0	585,2	4,8	-33,8	52,0	-31,5
28/38	VI	Produtos químicos	325,3	3,2	-7,7	518,3	4,3	-7,5	159,3	22,9
39/40	VII	Plástico, caucho e as súas manufacturas	253,1	2,5	-16,4	184,7	1,5	-6,1	73,0	-15,6
41/43	VIII	Peles, coiros e as súas manufacturas	42,7	0,4	-40,2	86,2	0,7	-37,7	201,5	33,7
44/46	IX	Madeira e as súas manufacturas	65,5	0,6	-19,6	277,8	2,3	-13,2	424,1	61,8
47/49	X	Pastas papeleiras, papel e edición	142,1	1,4	-5,1	156,9	1,3	-27,1	110,4	4,9
50/63	XI	Materias téxtiles e confección	1.075,6	10,6	-16,1	2.494,5	20,5	-31,3	231,9	39,7
64/67	XII	Calzado, paraugas e sombreiros	63,5	0,6	-35,9	189,4	1,6	-33,3	298,0	49,8
68/70	XIII	Produtos da pedra, cemento, cerámica e vidro	45,3	0,4	-9,7	252,2	2,1	-7,8	556,5	69,5
71	XIV	Xoiería	7,6	0,1	-43,8	11,5	0,1	-41,2	151,3	20,4
72/83	XV	Metais e as súas manufacturas, ferramentas	935,4	9,2	-18,6	801,8	6,6	-14,2	85,7	-7,7
84/85	XVI	Caldeiras, maquinaria e material eléctrico	785,5	7,7	-18,1	595,9	4,9	-36,7	75,9	-13,7
86/89	XVII	Material de transporte	2.843,8	28,0	-24,6	3.575,6	29,4	12,3	125,7	11,4
90/92	XVIII	Instrumentos de precisión e relojería	80,0	0,8	53,9	24,9	0,2	-2,5	31,2	-52,5
93	XIX	Armas	0,1	0,0	-95,0	0,1	0,0	11,2	79,7	-11,3
94/96	XX	Mobiliario, artigos de recreo e varios	131,4	1,3	1,8	114,0	0,9	-37,6	86,8	-7,1
97	XXI	Obxectos de arte e non clasificados	0,4	0,0	61,1	0,0	0,0	-86,7	5,6	-89,4
98-99		Non clasificados	6,5	0,1	-17,1	193,8	1,6	8,5	2.959,3	93,5
Total			10.158,6	100,0	-21,2	12.145,3	100,0	-13,5	119,6	8,9

Datos provisionais.

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

En canto ás importacións, como xa indicamos, a súa estrutura aseméllase á das exportacións, e aínda máis en 2020, pola caída das vendas no sector téxtil-confección. En 2019, nas compras galegas no estranxeiro, catro grupos arancelarios (material de transporte, téxtil-confección, combustibles minerais e, do sector primario o grupo que aglutina a "Animais, peixes e moluscos, leite e ovos") excedían o 10% das importacións totais. Ademais tiñan un peso relativamente elevado dous sectores tamén importantes no fluxo exportador ("Caldeiras, maquinaria e material eléctrico" e "Metais e os seus manufacturas"). Nos restantes grupos, ningún excede o 5% do valor total importado. De xaneiro a agosto de 2020 cunha caída dun 21,2% das importacións apréciase unha perda de peso relativo, sobre todo, de combustibles minerais, pero tamén de material de transporte.

A redución case á metade do valor do importado de combustibles minerais en 2020, non hai moito tempo grupo líder nas importacións galegas, modificou neste ano tanto a distribución do comercio como a principal procedencia das compras efectuadas desde Galicia ao estranxeiro. O seu peso relativo quedouse no 11,1%, cando en 2019 era o 16,8%. Este comportamento é un indicador indirecto do menor dinamismo da economía neste período de crise sanitaria. Esta mingua sensible do comercio provocou un cambio de países provedores. Ata 2019, Libia e México acaparaban a maior parte das importacións galegas. De feito, estes dous países nese ano ocupaban o cuarto e sétimo lugar entre os principais subministradores de mercancías a Galicia. En 2020, Estados Unidos incrementou tanto as súas vendas de cru á refinería localizada en Galicia, que pasou a ocupar o primeiro lugar; mentres caeron á metade as compras a México e as efectuadas a Libia case desapareceron ao descender un 87,4%.

Pola súa banda, as importacións en material de transporte tiveron unha evolución similar ás exportacións en 2019. Porén, nos oito primeiros meses de 2020 a traxectoria foi contraposta, xa que, fronte ao incremento dun 12,3% no exportado, produciuse unha caída do 24,6% no importado. Pois ben, a desagregación sectorial permítenos comprobar que, mentres a importación de partes e accesorios de automóviles practicamente non variou con respecto ao adquirido en 2019, a caída debeuse ao brusco freo na importación de vehículos terminados e non das súas partes. O mercado desacelerouse en todos os provedores de importancia, en especial, Francia, Eslovaquia e Portugal.

O sector téxtil-confección, un dos máis prexudicados pola crise sanitaria, resentiuse tanto nas exportacións como nas importacións. É o que cabería agardar tendo en conta o papel, cada vez maior, de Galicia como centro loxístico de distribución de pezas téxtiles provenientes de diferentes lugares do mundo. Nos últimos anos os principais provedores de pezas de téxtil de punto eran, sobre todo, de varios países asiáticos xunto con Marrocos e Turquía, mentres que o comercio con Portugal ía decaendo. Porén, nos oito meses de 2020 analizados, resulta que este fluxo comercial cambiou radicalmente. É importante subliñar que neste período as importacións aumentaron con respecto a 2019 un 19,9%. As compras provenientes de Portugal multiplicáronse por tres, de xeito que representaron o 35% do total; fronte 2019, cando esta porcentaxe non excedía o 14,5%. Iso foi a costa dunha caída das importacións dos restantes provedores sobre todo de Turquía e China. As pezas que non son de punto son as que máis se resentiron nesta nova crise. As compras efectuadas desde Galicia reducíronse ata case a metade (caeron un 46,3%) e os menores aprovisionamentos afectaron a todos os países provedores. As importacións turcas descendieron un 62%, as marroquís un 54,2%, as chinesas un 50,3% e as paquistanís un 53,6%. Dos principais provedores, a menor caída correspondeu a Portugal (6,0%). Todo isto mostra que este tipo de bens foi, cuantitativamente, o que en maior medida se resentiu da situación creada pola COVID-19.

Dentro do grupo arancelario "Animais, peixe e moluscos, leite e ovos", a pesca acaparou unhas importacións que colocaron este grupo nos oito primeiros meses de 2020 no segundo lugar do *ranking* galego, malia un descenso dun 9,8% que ten que agregar á caída dun 6,2% observada en 2019. Esta desaceleración produciuse na maioría de especies capturadas pola flota galega, pero en particular nos moluscos conxelados. A lista dos lugares de procedencia dos produtos da pesca mantense inalterada, aínda que en todos eles caeu o valor das capturas. En 2020, Namibia alcanza o liderado a costa de Arxentina, mentres Portugal perde o terceiro lugar substituída por Marrocos. Neste momento de inicio do período pos Brexit tense que sinalar que o Reino Unido, en canto ás importacións pesqueiras, ocupaba o lugar undécimo no *ranking* galego por territorios cun volume de capturas, en 2020, similar ao de 2019.

Finalmente, os incrementos positivos de 2019 de "Metais e as súas manufacturas, ferramentas" e "Caldeiras, maquinaria e material eléctrico" contrastan cos elevados descensos de 2020 nos dous grupos. Certamente, este dato podería evidenciar un menor dinamismo da economía galega ante unha menor adquisición de bens intermedios necesarios para incrementar a súa produción. Non obstante, o certo é que estas compras, no primeiro grupo, están moi concentradas nos sectores do aluminio e da fundición de ferro e aceiro, e, no segundo, en provisións para o sector da automoción. No período analizado de 2020 diminuíu en 16 millóns de euros a adquisición de aluminio en bruto con respecto aos mesmos meses de 2019.

En 2020, as importacións caeron en todos os grupos relevantes excepto en produtos de alimentación, que mantiveron a traxectoria ascendente que xa se observaba en 2019. O crecemento de xaneiro a agosto de 2020 débese a unha maior provisión de residuos da industria alimentaria. A importación de conservas de peixe tivo un lixeiro retroceso e observouse un cambio na precedencia dos produtos, xa que se produciu un aumento das importacións procedentes de China e Chile, a costa de Ecuador e Papúa Nova Guinea. Como xa se sinalaba no informe de 2018, unha parte destas importacións proveñen das factorías que as empresas galegas manteñen no estranxeiro, pero en 2020 de novo volve ser relevante o comercio con China, que mantén a súa traxectoria expansiva e xa lidera as importacións galegas neste capítulo arancelario.

Nivel tecnolóxico dos bens que se comercian

Nos últimos informes foise avaliando a traxectoria do comercio galego desde a perspectiva do nivel tecnolóxico dos bens que se comercializan. A caracterización deste nivel, cando a análise se realiza con grandes agregados e non cun produto en concreto, non é sinxela, xa que nesa amalgama se inclúen bens de moi diverso tipo. Doutra banda, tamén é posible que o ben que se analiza non conteña, en si mesmo, unha tecnoloxía moi sofisticada, pero si que para a súa fabricación ou deseño supoña unha

interesante achega de I+D+i. Considerando estas limitacións e ante a análise global que se realiza nesta epígrafe, tomouse de novo, como nos informes anteriores, a clasificación de Eurostat, adaptada á CNAE-2009, na que os bens industriais se distribúen en catro grupos, segundo a intensidade do nivel tecnolóxico: alta, media-alta, media-baixa e baixa.

Cadro núm. 5

Evolución do comercio externo en Galicia de produtos da industria manufacturera por nivel tecnolóxico
(en millóns de euros)

Nivel tecnolóxico	Denominación	Exportacións			Importacións		
		2008	2019	Xan-ago 2020	2008	2019	Xan-ago 2020
Alto	21 Fabricación de produtos farmacéuticos	82,6	50,9	30,9	395,0	37,7	43,6
	26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	52,9	125,6	69,6	188,6	198,4	139,8
	303 Construción aeronáutica e espacial	0,4	8,6	8,2	2,3	10,9	1,6
	Total do nivel tecnolóxico alto	135,8	185,1	108,7	585,9	247,0	185,0
	% sobre o total	0,9	0,9	0,9	5,0	1,5	2,1
Medio-Alto	20 Industria química	328,7	826,6	472,8	542,2	708,5	399,7
	254 Fabricación de armas e municións	1,3	0,2	0,1	0,6	5,8	0,1
	27 Fabricación de material e equipo eléctrico	661,2	629,1	188,4	482,9	336,6	277,3
	28 Fabricación de maquinaria e equipo	335,6	600,4	340,2	514,7	777,0	355,4
	29 Fabricación de vehículos de motor	5.821,2	5.078,5	3.536,8	2.604,8	5.867,8	2.905,0
	302 Fabricación de locomotoras e material ferroviario	0,1	0,9	0,1	3,7	0,4	0,4
	304 Fabricación de vehículos militares	0,0	1,1	0,0	0,0	4,4	3,0
	309 Fabricación doutro material de transporte	5,8	2,5	1,2	21,7	9,8	4,8
	325 Fabricación de instrumentos e subministracións médicos e odontolóxicos	4,2	12,1	9,3	8,7	27,0	21,3
	Total do nivel tecnolóxico medio-alto	7.158,2	7.151,4	4.549,0	4.179,3	7.737,3	3.967,0
% sobre o total	48,1	33,6	39,4	35,7	47,8	44,8	
Medio-Baixo	182 Reprodución de soportes gravados	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
	19 Coquerías e refino de petróleo	548,6	1.332,6	472,5	630,6	417,0	198,4
	22 Fabricación de produtos de caucho e plástico	118,0	275,1	168,3	198,4	283,1	158,6
	23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	337,0	468,5	281,5	149,7	95,1	52,8
	24 Metalurxia; produtos de ferro, aceiro e ferroalixas	970,1	1.067,6	621,5	1.374,4	1.157,4	679,3
	25 Fabricación de produtos metálicos excepto maquinaria e equipo (agás 254)	201,9	339,0	219,0	265,0	360,0	192,5
	301 Construción naval	164,4	246,7	30,3	57,9	25,9	5,0
	33 Reparación e instalación de maquinaria e equipo	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
	Total do nivel tecnolóxico medio-baixo	2.340,0	3.729,5	1.793,2	2.676,1	2.338,4	1.286,7
	% sobre o total	15,7	17,5	15,5	22,9	14,5	14,5
Baixo	10 Industria da alimentación	1.580,2	2.644,0	1.798,2	1.720,2	3.023,4	1.901,8
	11 Fabricación de bebidas	31,7	68,9	48,6	12,4	23,1	13,9
	12 Industria do tabaco	0,2	3,1	2,0	0,0	0,0	0,0
	13 Industria téxtil	303,0	580,9	295,7	405,3	530,3	355,4
	14 Confeción de pezas de vestir	2.288,5	5.324,0	2.222,9	1.387,2	1.506,4	721,2
	15 Industria do coiro e do calzado	267,9	588,8	242,2	70,7	230,6	91,3
	16 Industria da madeira e da cortiza	332,8	397,3	222,8	266,3	110,8	59,5
	17 Industria do papel	303,2	316,0	151,6	166,1	229,9	139,2
	181 Artes gráficas	0,8	0,2	0,1	0,1	0,1	0,0
	31 Fabricación de mobles	71,0	195,2	73,7	171,6	147,4	100,7
	32 Outras industrias manufactureras (agás 325)	66,1	88,2	40,0	56,1	53,2	30,4
	Total do nivel tecnolóxico baixo	5.245,3	10.206,5	5.097,8	4.256,0	5.855,2	3.413,4
	% sobre o total	35,3	48,0	44,1	36,4	36,2	38,6
Total	14.879,3	21.272,5	11.548,6	11.697,2	16.178,0	8.852,1	

Datos 2008 definitivos e 2019 e 2020 provisionais.

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

No cadro 5 preséntase esta clasificación en Galicia cos resultados de 2019 e cos oito primeiros meses de 2020. Ambas as situacións compáranse co comercio externo realizado en 2008, ano de inicio da crise económica. Pois ben, obsérvase que o peso relativo de cada un dos catro grupos en 2019 difire moi pouco do de 2008. En canto ás exportacións, en Galicia, apenas se comercializa cos bens denominados de tecnoloxía alta. O seu peso relativo sobre o valor total exportado era do 0,9% en 2008 e ese mesma porcentaxe repítese en 2019 e nos primeiros oito meses de 2020. Non se consolida unha industria que venda ao estranxeiro produtos desta tecnoloxía. Iso contrasta coas porcentaxes do conxunto de España, en torno ao 10%, grazas, sobre todo, ás vendas da construción aeronáutica, as cales non variaron substancialmente na crise sanitaria malia ser o transporte aéreo un dos sectores máis prexudicados.

As exportacións galegas están relativamente concentradas na comercialización de produtos de tecnoloxía media-alta debido, sobre todo á automoción, e en menor medida, á fabricación de maquinaria,

material eléctrico e a industria química, O automóbil é o produto determinante neste apartado tecnolóxico, que en 2019 representaba o 33,6% do total, porcentaxe moi similar á de 2018. A pesar do brusco freo na venda de maquinaria e equipo, os bos resultados da automoción en 2020 permiten elevar esa porcentaxe ao 39,4%, moi lonxe aínda do 48,1% alcanzado en 2008; diferenza que se ten que xustificar polo desenvolvemento experimentado polas exportacións de produtos téxtiles e de confección, catalogados como de tecnoloxía baixa, cuxa expansión foi moi forte na segunda década deste século.

Precisamente, é o conxunto de bens exportados de tecnoloxía baixa o que permite que sexa este grupo tecnolóxico o de maior peso no comercio exterior galego. A integración neste grupo dos produtos da alimentación xunto co de téxtil-confección son os dous factores determinantes de que en 2019 o peso relativo sexa do 48% (46,8% en 2018); nun contexto no que o valor das vendas naquel ano duplicaba as realizadas en 2008. En 2020, o peso relativo deste sector caeu, situándose no 44,1%, debido ao cambio experimentado polo téxtil-confección. Tense que reiterar o manifestado nos informes anteriores sobre a especialización das exportacións galegas neste ámbito. O feito de que case a metade do valor deste fluxo sexa caracterizado como de tecnoloxía baixa non pode supoñer que a estrutura económica debería experimentar unha transformación para mellorar a súa capacidade competitiva. Pola contra, aos dous sectores máis determinantes neste apartado o deseño e a calidade do produto proporcionanlles no mercado mundial claras vantaxes competitivas con respecto a outras economías que fabrican bens similares, a pesar de que aportan bens cun nivel de tecnoloxía na súa fabricación baixo.

Finalmente, o conxunto dos bens caracterizados como de tecnoloxía media-baixa adoita absorber arredor do 15% do total exportado. Esa era a porcentaxe en 2008 e en 2019 subiu ao 17,5%, polo feito de vender máis petróleo refinado en Galicia ao estranxeiro, actividade con pouco impacto na economía galega, e tamén ante os vaivéns nas vendas dos produtos de ferro. Nos meses analizados de 2020, os bens deste nivel tecnolóxico retornaron as porcentaxes de 2008, en concreto o 15,5%, debido a que as exportacións dos dous capítulos arancelarios anteriores caeron en maior porcentaxe que as exportacións totais (excluídos os bens do sector primario) neses oito meses.

En canto ao fluxo importador, a distribución porcentual dos bens industriais adquiridos desde Galicia no estranxeiro non discrepa demasiado coa das exportacións. Non se importaron, en termos cuantitativos, bens de tecnoloxía alta en contía significativa. En 2008, o peso deste grupo sobre o total era o 5% debido á adquisición de produtos farmacéuticos, pero estas compras reducíronse moi sensiblemente en 2019 e 2020. Non obstante, neste último ano obsérvase unha leve repunta que permite ter expectativas máis optimistas na traxectoria do complexo químico-farmacéutico do Porriño, sobre todo ante os resultados dos tratamentos contra o cancro e, máis recentemente, polas posibilidades da colaboración na elaboración da vacina do coronavirus.



Nas importacións, o apartado con maior peso é o dos produtos tecnoloxía media-alta. Desde 2008 foron gañando presenza debido ao crecemento na automoción e, en consecuencia, á compra no exterior de motores e outros compoñentes, así como de vehículos terminados. A porcentaxe deste segmento era do 47,8% en 2019 e descendeu, por unha menor entrada de vehículos, en 2020 ao 44,8%.

Da caída anterior beneficiouse o conxunto de bens de tecnoloxía baixa grazas ao sostemento das importacións de produtos da alimentación nos oito primeiros meses de 2020, que contrarrestou a menor entrada de produtos en téxtil-confección. Dese modo, e como nas exportacións, pode indicarse que nas importacións galegas, con carácter estrutural, predominan os bens que incorporan tecnoloxía media-alta e tecnoloxía baixa.

Os produtos de tecnoloxía media-baixa absorbían tanto en 2019 como en 2020, o 14,5% do valor total importado. O petróleo e os materiais de ferro son os dous tipos de bens que predominan neste grupo e ambos experimentan cambios significativos dun ano a outro ante a volatilidade dos prezos e da cantidade de cru adquirida e as importacións dos produtos do ferro, vinculadas aos movementos internacionais dos grupos empresariais nos que participan as sociedades con sede en Galicia.

Traxectoria dos índices de comercio exterior

Xunto coa descrición do comercio de mercancías de Galicia co estranxeiro, o estudo da súa evolución complétase coa análise dos resultados de dous índices que nos permiten cuantificar, por unha banda, o grao de concentración existente e, polo outro, se as operacións dos dous fluxos de comercio se realizan desde os mesmos ou desde distintos capítulos arancelarios. Ademais, tamén se podería indagar se as operacións de compravenda que se efectúan nun mesmo capítulo son de produtos de similar calidade ou, pola contra, teñen características moi diferentes.



nos últimos anos era a dun leve incremento da concentración neste fluxo tras a sistemática perda de peso das compras ao estranxeiro dos produtos petrolíferos; transaccións que ata hai pouco anos compartían coa automoción o liderado importador galego. Certamente, mentres o grao de concentración en 2019 era moi similar ao de 2018, en 2020 a perda significativa de peso relativo da compra de cru e a caída das importacións de material de transporte (compráronse menos coches terminados) supuxo un descenso deste índice en 2,2 puntos (pasou de 35,90 a 33,71). En síntese, en 2020 na estrutura do comercio externo galego, considerando a súa distribución por capítulos arancelarios, obsérvanse unhas exportacións máis concentradas sectorialmente fronte a unha estrutura de importacións máis diversificada.

Para a avaliación do carácter intraindustrial ou interindustrial do comercio galego utilízase, como tamén se fixo nos informes precedentes, o índice de Grubel e Lloyd sen corrixir. Neste caso, o seu campo de definición está comprendido entre os valores 0 (todo o comercio é interindustrial) e 1 (todo é intraindustrial). No caso galego, o seu valor desde 2017 a 2020 foi o mesmo, 0,72. Iso suxire, nunha interpretación un tanto laxa, que en torno ao 72% do comercio, medido por capítulos arancelarios, se caracteriza como intraindustrial fronte ao 28% que sería interindustrial. Este resultado, que se mantén así desde 2015 (nese ano e no 2016 o seu valor era 0,71), non debe estrañar ante a estrutura similar que presentan as exportacións e importacións; aínda que o tipo de produto que se comercializa dentro de cada capítulo é diferente. Na traxectoria do índice obsérvase o aumento do carácter intraindustrial nos últimos anos, xa que mentres en 2011 o 58% das mercancías se axustaban a esta característica (gráfico 4), como indicamos, en 2019 e 2020 eran xa o 72%.

Destino e orixe do comercio externo galego

A Unión Europea mantense como o territorio ao que se destina a maior parte tanto do fluxo exportador como o importador galego en 2019 e en 2020. No cadro 6 deste informe, con respecto ao similar do informe de 2018, obsérvase unha modificación froito da saída do Reino Unido do club comunitario, polo que o seu comercio, que se recollía ata o de agora na Unión Europea, pasa a integrarse na epígrafe Resto de Europa. Aínda sen este país, no que as exportacións que se realizan desde Galicia teñen un certo peso, á Unión Europea dirixíase o 70,1% do exportado en 2019 (77,6% en 2018 co Reino Unido e 68,4% sen el) e o 60,1% do importado. O principal destino do comercio externo galego é, con diferenza, a Eurozona, tanto en exportacións como en importacións. No cadro 6 obsérvase que Galicia mantivo de maneira

Para medir o grao de concentración utilízase, como nos informes precedentes, un indicador que adoita ser habitual no estudo da concentración empresarial dos mercados de bens, o índice de Hirschmann. Para o seu cálculo, tómanse como referencia os 98 capítulos arancelarios e, polo seu deseño, o seu valor pode oscilar entre 10,1 e 100. Canto máis alto sexa o valor deste índice, a concentración do comercio será máis elevada. Os resultados dos últimos anos reflíctense no gráfico 3. O valor do índice en 2020 (oito primeiros meses) mostrou unha traxectoria diferente á seguida en 2019. Nese ano apreciábase un leve incremento no grao de concentración das exportacións con respecto a 2017 e 2018; anos nos que este comercio se presentaba moito máis disperso que na primeira década deste século debido á maior irrupción do sector téxtil-confección e á perda de peso relativo da automoción. Precisamente, a caída en 2020 do comercio téxtil-confección e o incremento da automoción elevou en case 3 puntos o valor do índice de Hirschmann, pasando de 31,11 a 34,04. Pola súa banda, a traxectoria, en canto á concentración, das importacións foi contraposta á das exportacións. A tendencia

sistemática desde 2015 coa Eurozona un superávit comercial relativamente estable, malia que o de 2019, 3.975,7 millóns, foi inferior ao de 2018, ano no que esta cifra foi de 4.484,8 millóns. Este saldo positivo tamén se confirma nos resultados dispoñibles de 2020. Por conseguinte, Galicia vende máis do que compra na Eurozona e, de feito, se do saldo comercial galego se exclúen as operacións realizadas a estes países, en 2019 sería deficitario.

O elevado superávit comercial de Galicia coa Eurozona foi, en 2018, inferior ao que o diario *Expansión* contabilizaba con relación ao comercio que mantén coas restantes comunidades autónomas españolas (7.237,37 millóns de euros). As comunidades máis próximas, Castela e León e Asturias, son as que absorben a maior parte das exportacións, mentres que as importacións, maioritariamente, proceden de igual modo de Castela e León, pero tamén de Madrid e Cataluña.

A Eurozona absorbeu desde 2015 a 2019 entre o 60,8% e o 62,7% das exportacións totais realizadas por Galicia. O peso relativo deste comercio con respecto a España, entre o 9,1% e 9,4% neses anos, reflicte unha porcentaxe moi superior á chegada de calquera outra variable galega ao conxunto da economía española. En 2019, as exportacións á Eurozona foron o 61,8% do total, 0,9 décimas menos que en 2018, debido, sobre todo, ao menor fluxo comercial mantido con Italia e Bélxica. Nos oito primeiros meses de 2020, nun contexto de caída das exportacións galegas totais nun 13,5%, o peso relativo da Eurozona incrementouse ata alcanzar o 64%, grazas principalmente ao impulso do comercio con Francia, pero tamén con Bélxica que recuperou parte do perdido no ano anterior. Como xa se indicou en informes anteriores, é obvio que tanto a loxística de Inditex como a do grupo PSA condicionan estes resultados.

Nos oito países da UE que non teñen como moeda oficial o euro, o principal cliente galego foi Polonia, país co que se mantivo un fluxo crecente de comercio tanto en 2019 como en 2020. Pola súa banda, en canto aos países restantes de Europa, as exportacións británicas modificaron substantivamente a súa contía total con respecto aos informes precedentes. Excluíndo Reino Unido, país que se trata especificamente no seguinte apartado, apréciase en 2019 unha caída no comercio debido, sobre todo, ao freo das transaccións con Turquía, territorio no que o seu comercio se estabilizou nos oito primeiros meses de 2020 nos niveis de 2019.

En canto ao comportamento das vendas galegas nos outros continentes, en 2019 e 2020 o maior valor exportado, do mesmo xeito que no conxunto de España, foi con América, cunha porcentaxe do 7,9%. Observouse un incremento das exportacións a Estados Unidos motivado polas maiores vendas de compoñentes de automoción, confección de pezas de vestir e pedra natural, o que compensou o descenso nas exportacións de produtos petrolíferos. Non deixa de ser de interese que nun contexto de maior protecciónismo do mercado americano aumenten as exportacións dun conxunto de bens nos que a economía galega conta cunha certa especialización. A evolución do mercado norteamericano contrarresta os malos resultados de México, Chile, Brasil, pero, sobre todo, de Arxentina, cuxa factura reduciuse dous terzos ante un brusco freo nas vendas de material de transporte en dúas das súas vertentes: a automoción e o sector naval. Neste último caso, non se produciu unha entrega de buques pesqueiros similar á de 2018. Respecto dos meses de 2020 estudados, observouse un drástico freo nas vendas na práctica totalidade dos principais clientes. A caída foi dun 38,1%, co que o peso relativo, un 5,9%, só avanta nun punto as exportacións realizadas ao continente asiático. En Estados Unidos os principais retrocesos observáronse na compra de produtos petrolíferos, compoñentes da automoción e no téxtil-confección; se ben, o sector da pedra natural e o de conservas de peixe mantiveron un certo dinamismo.

As exportacións dirixidas a Asia, cun peso relativo sobre o total de tan só o 5% (un 4,5% en 2020), evidencian a escasa presenza galega neste mercado, co que mantén un déficit comercial ante a maior contía das súas importacións. Así, aínda que Galicia se prové en mercados asiáticos, ata agora non foi capaz de abrir cara a alá os seus produtos do modo que o fai con Europa e, ata antes da crise sanitaria, con América. China lidera este mercado, no que tamén teñen unha certa relevancia Xapón, Corea do Sur e Israel. As exportacións creceron un 6,9% en 2019, pero reducíronse un 21,2% nos primeiros oito meses de 2020 ante a menor demanda dos países citados. Así, o principal comprador, China reduciu de maneira sensible a súa demanda nos produtos da pesca e a confección de pezas de vestir. Curiosamente, dos produtos máis demandados exportados cara a ese país, incrementouse a facturación de lácteos.

Por último, as operacións a Oceanía son irrelevantes no contexto xeral e só tiveron un certo peso cando se produciu a venda de buques para a armada australiana.

En canto á traxectoria das importacións que realiza Galicia aos diferentes países do mundo, xa constatamos anteriormente que Europa é o seu principal mercado, pero a adquisición de materias primas e

bens de primeira necesidade nos restantes continentes motiva que o peso europeo no contexto xeral non sexa tan elevado como o das exportacións. Aínda así, se neste continente o saldo comercial galego é positivo, en todos os restantes presenta un déficit. Iso permite afirmar que Galicia vende na súa contorna máis próxima, mentres que as súas compras están máis diversificadas polos cinco continentes.

As importacións na Eurozona representan o 49,2% en 2019 e xustamente a metade do total importado nos meses estudados de 2020; porcentaxes que se mantiveron relativamente estables nos últimos seis anos. Estas importacións aumentaron en 2019, pero en 2020 experimentaron unha contracción do 20%, porcentaxe próxima á caída das importacións totais, un 21,2%. Este descenso afectou a case todos os países, aínda que a redución da quinta parte das compras debeuse, sobre todo, ao freo comercial observado nos catro principais provedores: Francia, Portugal, Italia e Alemaña.

Pola súa banda, e como cabería agardar coa crise sanitaria, tampouco foi positiva a evolución en 2020 dos países da Unión Europea que non son da Eurozona. En canto ao Resto de Europa, cabe subliñar o incremento dun 18,7% nas importacións do Reino Unido, que contrasta coa caída dun 23,2% do valor do exportado; co que, se ben equilibra algo o saldo comercial, Galicia segue mantendo un notable superávit.

Cadro núm. 6
Evolución do comercio exterior en Galicia e España (en millóns de euros)

	Exportacións					Importacións				
	2016	2017	2018	2019	Xan-agos 2020	2016	2017	2018	2019	Xan-agos 2020
Galicia										
Eurozona	12.139,3	13.276,6	13.905,7	13.720,6	7.775,2	8.349,1	8.932,7	9.420,9	9.744,9	5.074,5
Resto UE -28	1.274,2	1.625,1	1.681,8	1.852,3	1.070,1	518,2	480,9	554,1	557,8	326,0
Resto de Europa	2.627,7	2.480,4	2.387,3	2.337,4	1.284,8	1.123,5	1.155,4	1.343,2	1.609,9	750,2
África	1.111,0	1.207,7	1.084,5	1.179,1	599,9	1.469,4	2.094,2	2.653,9	2.717,9	1.115,6
América	1.650,4	1.914,0	1.827,8	1.754,0	718,3	2.003,5	2.209,0	2.712,7	2.658,2	1.382,0
Asia	1.046,4	1.079,1	1.045,8	1.117,6	547,7	1.924,4	2.205,2	2.369,5	2.379,7	1.427,2
Oceanía	12,7	60,8	39,1	30,9	19,0	60,4	81,4	115,4	104,7	59,9
Sen determinar	119,6	154,6	223,6	204,8	130,4	60,1	41,0	32,0	41,1	23,1
Total	19.981,3	21.798,4	22.195,6	22.196,7	12.145,3	15.508,5	17.199,7	19.201,8	19.814,1	10.158,6
España										
Eurozona	132.812,8	142.523,6	147.759,3	149.291,2	87.325,8	125.506,0	134.309,7	139.094,8	137.505,3	74.992,8
Resto UE -28	15.344,3	17.497,9	17.899,9	18.894,4	11.066,8	17.866,2	18.728,1	19.819,7	20.309,3	11.285,6
Resto de Europa	34.557,5	34.901,2	34.556,0	36.165,9	20.426,2	26.336,5	28.675,8	30.116,0	31.273,6	16.374,7
África	16.560,6	17.666,5	18.554,4	18.658,8	9.924,2	19.924,0	24.153,1	27.724,1	27.206,5	12.474,9
América	26.638,1	29.740,1	30.405,3	31.393,8	16.649,4	28.297,9	32.693,2	33.636,8	34.008,5	19.186,4
Asia	23.803,3	25.451,2	26.114,4	26.791,9	15.776,7	53.184,7	60.917,8	66.140,0	67.155,6	37.770,0
Oceanía	1.611,0	1.999,3	1.915,2	1.869,5	1.017,3	799,4	987,4	1.036,0	796,3	425,9
Sen determinar	5.065,8	6.363,1	8.056,0	7.023,6	2.964,6	1.863,9	1.966,0	2.079,9	3.813,5	2.256,3
Total	256.393,4	276.142,9	285.260,5	290.089,1	165.151,1	273.778,6	302.431,2	319.647,3	322.068,7	174.766,5
%Galicia/España										
Eurozona	9,1	9,3	9,4	9,2	8,9	6,7	6,7	6,8	7,1	6,8
Resto UE -28	8,3	9,3	9,4	9,8	9,7	2,9	2,6	2,8	2,7	2,9
Resto de Europa	7,6	7,1	6,9	6,5	6,3	4,3	4,0	4,5	5,1	4,6
África	6,7	6,8	5,8	6,3	6,0	7,4	8,7	9,6	10,0	8,9
América	6,2	6,4	6,0	5,6	4,3	7,1	6,8	8,1	7,8	7,2
Asia	4,4	4,2	4,0	4,2	3,5	3,6	3,6	3,6	3,5	3,8
Oceanía	0,8	3,0	2,0	1,7	1,9	7,6	8,2	11,1	13,1	14,1
Sen determinar	2,4	2,4	2,8	2,9	4,4	3,2	2,1	1,5	1,1	1,0
Total	7,8	7,9	7,8	7,7	7,4	5,7	5,7	6,0	6,2	5,8

Datos 2016 a 2018 definitivos, 2019 e 2020 provisionais.

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Asia, África e América repártense de modo relativamente similar o 40% das importacións totais que non proveñen do continente europeo. De xaneiro a agosto de 2020, Asia mellorou o seu peso relativo a costa de África. Este continente experimentou, con respecto ao mesmo período do ano anterior, un descenso dun 38,7% debido ao freo total na compra de combustibles minerais a Libia. Outros territorios como Marrocos mantiveron un fluxo de comercio similar ao de 2019 malia a pandemia. Pola súa banda, pese a que Asia aumentou o seu peso relativo no contexto do comercio mundial grazas a unha caída das importacións dun 12,6%, porcentaxe inferior ao descenso por termo medio. Neste continente cabe destacar o impulso de China dun 6,5%, tras o incremento dun 24,6% en 2019, que a levaba ao terceiro lugar do *ranking* galego, posición que segue mantendo en 2020. Paulatinamente, a dependencia como provedor deste xigante asiático da economía galega é cada vez maior, e, incluso, chama a atención que en momentos de peche de empresas e de confinamentos, as importacións crezan con respecto a 2019. Este incremento debeuse, sobre todo, ao inicio dunha importación que se converteu na máis importante de 2020, baterías de ións de litio. Tamén se activou un mercado, moi exiguu en 2019, a compra de produtos

téxtiles de cabeceira, o que contrarresta a sensible caída da confección que non é de punto. De igual modo freouse a importación de motores.

Finalmente, as importacións con América caeron en 2020 un 18,2% e o seu peso relativo pasou a representar o 13,6% das importacións totais. O máis relevante foi o abandono do mercado mexicano para a compra de petróleo, de xeito que as importacións dese país caeron nun 50%. Tamén é significativa a negativa evolución de Ecuador na provisión de conservas de peixe. Isto contrarrestouse, en parte, cunha maior adquisición de cru en Estados Unidos e co incremento do comercio con Arxentina, plasmada na adquisición de residuos da industria alimentaria, que compensou a caída dos produtos arxentinos da pesca. Por outra parte, as importacións con Oceanía son moi exiguas, xa que tan só alcanzaron o 0,6% do total.

No cadro 7 móstrase a lista dos dez primeiros países exportadores e importadores e compárase o valor das súas exportacións e importacións con 2018 e cos oito primeiros meses de 2020. En canto ás exportacións, os oito primeiros países son europeos e os dous restantes son Marrocos e Estados Unidos. A taxa de crecemento positiva de case todos eles (excepto Bélxica e Italia) contrasta coas notables caídas observadas en 2020 coa excepción de Francia, Polonia e Bélxica. Nas importacións, os resultados dos dez países xa non son tan homoxéneos. Destaca a caída do comercio en 2019 e 2020 de Portugal, o segundo país proveedor de Galicia, así como os xa comentados descenso, pola caída na compra de produtos petrolíferos, de México e Libia. En 2020, as taxas de variación negativas son a norma e, nalgún caso como Turquía, este descenso ten unha gran dimensión, o -42,1%. Malia a crise, e como tamén xa se indicou, China, Marrocos e Reino Unido conseguiron que o seu fluxo importador a Galicia aumente con respecto a 2019.

Cadro núm. 7

Estrutura espacial do comercio exterior de Galicia
Principais países de procedencia e destino dos intercambios

	2018		2019		Xan-ago 2020		TVI (%) 2019-2018	TVI (%) xan-ago 2020-2019
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%		
Exportacións								
Francia	4.225,7	19,0	4.241,8	19,1	2.864,0	23,6	0,4	10,6
Portugal	3.134,0	14,1	3.192,4	14,4	1.709,0	14,1	1,9	-17,5
Italia	2.123,0	9,6	1.965,2	8,9	1.053,6	8,7	-7,4	-15,5
Reino Unido	1.490,5	6,7	1.504,6	6,8	770,5	6,3	0,9	-23,2
Alemaña	1.227,0	5,5	1.219,2	5,5	659,8	5,4	-0,6	-14,3
Países Baixos	1.084,7	4,9	1.131,9	5,1	455,2	3,7	4,3	-31,8
Polonia	728,2	3,3	796,6	3,6	508,4	4,2	9,4	6,1
Bélxica	985,0	4,4	743,8	3,4	471,9	3,9	-24,5	7,3
Marrocos	691,9	3,1	743,8	3,4	377,6	3,1	7,5	-20,8
Estados Unidos	549,4	2,5	600,2	2,7	269,1	2,2	9,2	-33,6
Resto de países	5.956,3	26,8	6.057,2	27,3	3.006,3	24,8	1,7	-22,8
Total	22.195,6	100,0	22.196,7	100,0	12.145,3	100,0	0,0	-13,5
Importacións								
Francia	5.108,4	26,6	5.309,6	26,8	2.703,1	26,6	3,9	-22,1
Portugal	1.904,0	9,9	1.815,4	9,2	1.062,3	10,5	-4,7	-10,2
China	786,5	4,1	979,9	4,9	746,5	7,3	24,6	6,5
Libia	952,2	5,0	803,7	4,1	75,9	0,7	-15,6	-87,4
Italia	730,7	3,8	789,7	4,0	397,9	3,9	8,1	-23,7
Alemaña	703,1	3,7	739,4	3,7	390,9	3,8	5,2	-18,4
México	755,8	3,9	738,2	3,7	260,0	2,6	-2,3	-50,0
Marrocos	507,1	2,6	678,3	3,4	437,1	4,3	33,8	0,3
Turquía	515,7	2,7	600,2	3,0	228,9	2,3	16,4	-42,1
Reino Unido	325,0	1,7	489,0	2,5	244,2	2,4	50,5	18,7
Resto de países	6.913,2	36,0	6.870,7	34,7	3.611,8	35,6	-0,6	-17,4
Total	19.201,8	100,0	19.814,1	100,0	10.158,6	100,0	3,2	-21,2

Datos 2018 definitivos, 2019 e 2020 provisionais.

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

O comercio externo galego con catro países: Francia, Portugal, Italia e Reino Unido

No cadro 7 obsérvase que Francia consolidouse nos últimos anos como o principal socio comercial de Galicia tanto en exportacións como en importacións. Nas primeiras, ao modesto crecemento dun 0,4% en 2019 temos que engadir un aumento do 10,6% (a máis elevada entre os países máis significativos) nos oito primeiros meses de 2020. Iso motiva que case 1 de cada 4 euros vendidos desde Galicia ao estranxeiro se destinan a Francia. En canto ao valor das importacións, o seu comportamento non foi igual, xa que caeron en 2020 un 22,1%, pero, aínda así, o peso relativo case roldou o 26,6%; o que mostra


a dependencia da economía galega, en canto ao comercio externo, co mercado francés e, máis en concreto, co sector da automoción.

No gráfico 5 visualízase a evolución do fluxo global de exportacións e importacións. Observamos un cambio de traxectoria en 2016. Ata entón as exportacións superaban as importacións e, de feito, en 2007, estas últimas eran aproximadamente a metade. A partir de 2016 ocorreu o cambio no saldo comercial cada vez máis deficitario con Francia.

A idea dunha maior diversificación no comercio polo lado das exportacións que se albiscaba nos últimos anos quedou interrompida tras os resultados coñecidos de 2020 que mostran que automoción galega ten unha maior resistencia á crise que outros sectores. Dese modo, de representar a automoción en 2019 (oito primeiros meses) o 43,9% do valor total exportado, en 2020 pasou ao 58,3%. Iso xustifícase polo aumento dun 46,7% das exportacións. Tamén mellorou nos meses de pandemia a adquisición de conservas de peixe polo país galo e, de feito, o seu peso relativo pasou do 5 ao 5,4%. Pola contra, descendieron outros sectores que adquiriran relevancia no pasado como a confección, o aluminio, os produtos da pesca ou a adquisición de combustibles minerais.

Nas importacións, no gráfico 5 apréciase un cambio de traxectoria a partir de 2011. Nos primeiros anos de crise descendeu a contía do comprado a Francia, pero a partir dese ano as importacións creceiron incesantemente, de tal xeito que, desde 2015 a 2019, en cada ano se marcou un novo récord histórico; o que, ante os resultados coñecidos, previsiblemente non pasará en 2020. O valor do importado en 2019 superou nun 60,5% o facturado en 2008 e con respecto a 2018 aumentou un 3,9%.


Os resultados dos oito primeiros meses de 2020 mostran un retroceso do 22,1% debido, como xa se indicou, ás transaccións de vehículos terminados. Certamente, neste período, como nos anteriores, as importacións de Francia concéntranse na automoción e os seus compoñentes. Ante a súa contía, as estratexias de produción e loxísticas do grupo PSA condicionan os resultados anuais do comercio externo galego con Francia.



Nestes meses o seu peso relativo sobre o total importado do país galo elévase ao 83,9% (86,2% no mesmo período de 2019) e o comercio dos outros capítulos arancelarios apenas si é relevante, excepto en fundición, ferro e aceiro que absorbe o 5,4%. Xa se indicou que a compra desde Galicia de compoñentes de automoción caeu relativamente pouco pese á pandemia e ao peche temporal da factoría de automóviles na pasada primavera, un 2,9%. Diferente foi a adquisición de automóviles, cuxas compras descendieron un 60,2%.


Portugal, desde hai varias décadas, é o segundo país cliente e provedor no comercio externo galego. As relacións comerciais co país luso seguen sendo moi intensas malia as diversas conxunturas económicas atravesadas polas dúas economías nos últimos anos. Neste comercio, Galicia sempre mantivo un saldo positivo; superávit que se foi incrementando nos últimos anos ante o maior crecemento das exportacións que das importacións. De feito, mentres estas últimas caían en 2019, as exportacións aumentaban nun 1,9%.

Nos oito primeiros meses de 2020 as exportacións caeron a unha taxa máis elevada que a media, o 17,5%, o que supuxo perder 3 décimas no peso relativo por países. Galicia vende a Portugal produtos moi diversos, de modo que, a diferenza doutros países, non hai un capítulo arancelario que teña un peso determinante. En 2019, o *ranking* exportador estaba liderado por vehículos automóviles e os seus compoñentes, pero ante unha caída dun 36,4% no valor do exportado, pasou a liderar esta clasificación os produtos pesqueiros, malia descender o seu valor nun 11,8%. Na automoción, a actividade máis afectada foi a industria de compoñentes galegas. A caída da facturación a case a metade indica que se frearon radicalmente as súas vendas cara a Portugal. Esta redución pódese achacar ou á caída na fabricación lusa de automóviles ou á substitución dos produtos habitualmente vendidos desde Galicia polos fabricados por empresas lusas do sector ou polas doutros países. Porén, neste contexto tan negativo, os peores resultados téñense que achacar ás pezas de vestir que non son de punto cuxa factura, neste tempo de retroceso do consumo, se reduciu nun 42,7%. Tamén o aluminio e as súas manufacturas se resentiron ao descendieren as vendas nun 20,6%. Estes resultados mostran a recesión motivada pola




As importacións lusas presentan unha maior concentración que as exportacións debido ao maior peso dos capítulos arancelarios da automoción, que neste período de 2020 reduciu o seu facturación nunha cuarta parte. Esta caída afectou tanto os vehículos terminados como o sector de compoñentes. Neste último caso, a taxa de variación foi dun -27,3%. Esta redución foi porcentualmente menor ás exportacións, aínda que o saldo comercial neste grupo de bens se mantén favorable a Galicia (89,7 millóns vendidos fronte a 60,7 millóns comprados). Malia estes resultados, a automoción segue mantendo o primeiro lugar no *ranking* importador. Outros sectores de importancia, como a pesca, a fundición, ferro e aceiro, ou os materiais plásticos tamén experimentaron descensos con respecto a 2019 e, en todos os casos, exceden o 30%. Agora ben, estes malos resultados compensáronse co rexurdir das importacións das pezas de vestir de punto. A súa facturación triplicouse nestes oito meses. Xa se comentou como os produtos portugueses substituíron os que habitualmente se adquirían en Turquía ou no continente asiático. De non ser por este capítulo arancelario, as importacións resentiríanse máis que as exportacións.

Italia consolídase como o terceiro país de destino das exportacións galegas malia a caída nun 7,4% na facturación de 2019, ao que se debe engadir o descenso nun 15,5% nos oito primeiros meses de 2020.



Esta desaceleración, unida ao incremento dun 8,1% das importacións en 2019 (en 2020 caeron un 23,7%), non evitou que se mantivese o tradicional superávit galego neste fluxo de comercio.

En 2020, os principais capítulos arancelarios das exportacións galegas a Italia mostraron unha evolución moi contraposta. O máis negativo foi a desaceleración nas vendas das pezas de vestir. Este feito, xunto coa caída na provisión de produtos pesqueiros, é o que explica a desaceleración nas exportacións, xa que os sensibles incrementos na venda de automóbiles e conservas de peixe non foron suficientes para que este fluxo alcanzase os niveis de 2019. Por outra banda, a sensible redución do importado desde Italia por Galicia nos oito primeiros meses de 2020 débese a que ningún dos capítulos máis relevantes (maquinaria, automoción, tecidos) tivo unha evolución positiva.



Finalmente, paga a pena revisar o comercio galego co Reino Unido xustamente no período anterior ao comezo dunha nova relación comercial tras o Brexit. No momento de redactar este informe aínda non se coñece como serán os termos do acordo comercial entre a Unión Europea e o Reino Unido no caso de que o haxa. Pois ben, no

gráfico 8 apréciase como evolucionou o fluxo comercial entre estes dous territorios nos últimos 13 anos. Se ata 2011 o saldo comercial era positivo a favor do Reino Unido, desde entón ata a actualidade é Galicia a que mantivo unha situación de superávit. En 2019 a relación exportación-importación era de 3 euros a 1.

As vendas de Galicia ao Reino Unido nos oito primeiros meses de 2020, 770,5 millóns de euros, caeron en case 330 millóns con respecto a 2019. A desaceleración nestes meses foi elevada en todos os capítulos máis relevantes (automoción, pezas de vestir, manufacturas da pedra, aluminio, maquinaria). O descenso máis acusado foi na compra de pezas de vestir que non son de punto. Pola súa banda, as importacións británicas a Galicia aumentaron neste período un 18,7%, pero, malia iso, a súa contía, 244,2 millóns de euros, só foi a terceira parte do exportado. Este incremento debeuse a unha maior adquisición desde Galicia de aluminio en bruto, produtos da pesca (sector en conflito ante a pesca europea en augas británicas e as dificultades de alcanzar un acordo satisfactorio para as dúas partes), e pola provisión de combustibles minerais.

As empresas exportadoras e importadoras en Galicia

Tras un continuo crecemento, en 2019 descendeu con respecto a 2018 o número de empresas localizadas en Galicia que adquirían bens ou os vendían no estranxeiro. Aínda así, o número de sociedades que figura no cadro 8, 7.132 empresas exportadoras e 12.200 importadoras, é moi superior ao de antes da crise (en 2008 había en Galicia 4.907 empresas exportadoras e 9.617 importadoras). Esta desaceleración en 2019, que trunca un período de continuo crecemento, podía entenderse como algo meramente conxuntural nun exercicio previo ao do inicio da crise sanitaria. Agora as cousas son diferentes, se ben, en plena segunda ola da pandemia, os resultados actuais non son do todo pesimistas. E probable que os datos de fin de ano non se desvíen demasiado dos de 2019, o que suxire que malia os confinamentos, as oscilacións da demanda e os cambios nos hábitos de traballo, as empresas, aínda cunha menor facturación, mantiveron as relacións co estranxeiro.

Cadro núm. 8

Número total de empresas galegas exportadoras e importadoras

	2016	2017	2018	2019	Xan-ago 2019	Xan-ago 2020
Exportadoras	6.692	6.714	7.249	7.132	5.693	5.670
Importadoras	9.748	10.616	12.225	12.200	9.359	9.750

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Os mercados onde se concentra o maior número de empresas exportadoras galegas son Portugal, Estados Unidos e Francia. Estes países conservaron estas tres primeiras posicións nos últimos anos e 2019 e 2020 non foron unha excepción. Por tipo de produto, contabilízanse máis de mil empresas exportadoras en catro grupos arancelarios: produtos de alimentación, téxtil-confección, metais e manufacturas e caldeiras, maquinaria e material eléctrico. Iso suxire que, ademais dos xigantes como o grupo PSA, Inditex, Alcoa, e o conxunto de medianas empresas do sector pesqueiro, conserveiro e da pedra natural, nestes grupos de bens predominan empresas de pequena dimensión que participan nun mercado máis amplo co galego ou español, aínda que é certo que o comercio de moitas delas é transfronteirizo con Portugal, en particular, coa Rexión Norte. Das empresas destes catro grupos, o máis afectado pola desaceleración do comercio en 2020 foi o de produtos de alimentación. De xaneiro a agosto contabilizábanse un 7% de empresas menos que no mesmo período do ano anterior. Sorprende un pouco esta caída xa que, a priori, a alimentación non foi un dos sectores máis afectados pola actual crise, pero as estatísticas mostran que son menos as empresas que venderon no exterior. Dentro deste grupo destaca a caída no número de empresas exportadoras de conservas de peixe e de bebidas e o descenso explicase, sobre todo, polas dificultades de comercialización nos Estados Unidos ante a súa política arancelaria. Tampouco foi propicio o mercado xaponés.

As sociedades galegas que adquiren bens no estranxeiro acoden primordialmente a China, aínda que tamén as mesmas ou outras actúan en mercados non tan próximos como Estados Unidos ou adquiren mercancías en países veciños como Portugal, Francia e Italia. En 2020, o número destas empresas seguramente supere as de 2019 e, inclusive, é posible que o mercado chinés adquira un maior protagonismo do que xa ten. Así, a finais de 2020 a cantidade de sociedades que importen de China multiplicará por dous as que o fagan a Estados Unidos e por catro as dos países da Unión Europea da nosa contorna.

No cadro 9 apréciase que o tipo de produto que importan as empresas galegas é moi variado. Destaca o número de sociedades que compran no exterior produtos de téxtil-confección, metais e manufacturas e caldeiras, maquinaria e material eléctrico, bens que tamén sobresaen nas exportacións. Con todo, as sociedades que adquiren produtos de alimentación son moitas menos das que os venden ao estranxeiro. Por outra banda, en 2020 observouse un incremento notable nas empresas que importan bens

de confección. Entre xaneiro e agosto o seu número incrementouse un 17%, nun período, como recordamos, no que se multiplicou a compra de pezas de vestir que non son de punto a Portugal. Non obstante, o maior número de empresas no país luso son as que adquiren materiais plásticos e máquinas e aparellos mecánicos. No país no que se concentra o maior número de empresas galegas importadoras, China, os dous produtos que contan con máis sociedades galegas importadoras son aparellos e material eléctrico e, tamén como en Portugal, máquinas e aparellos mecánicos.

Cadro núm. 9

Número de empresas galegas exportadoras e importadoras por grupos arancelarios

Capítulos	Grupos	Produtos	2017	2018	2019	TVI (%)	Xan-ago	Xan-ago	TVI (%)
						2019/2018	2019	2020	xan-ago 2020/2019
Exportacións									
01/05	I	Animais, peixes e moluscos, leite e ovos	815	785	805	2,5	698	640	-8,3
06/14	II	Vexetais, froitos, café e sementes	246	207	235	13,5	206	176	-14,6
15	III	Graxas e aceites vexetais e animais	49	39	49	25,6	38	40	5,3
16/24	IV	Produtos de alimentación	1.113	1.015	1.043	2,8	918	854	-7,0
25/27	V	Minerais e combustibles minerais	249	242	233	-3,7	202	188	-6,9
28/38	VI	Produtos químicos	833	786	742	-5,6	626	658	5,1
39/40	VII	Plástico, caucho e as súas manufacturas	915	826	867	5,0	726	696	-4,1
41/43	VIII	Peles, coiros e as súas manufacturas	174	173	205	18,5	176	162	-8,0
44/46	IX	Madeira e as súas manufacturas	331	288	294	2,1	246	228	-7,3
47/49	X	Pastas papeteiras, papel e edición	620	442	420	-5,0	341	333	-2,3
50/63	XI	Materias téxtiles e confección	1.298	1.168	1.103	-5,6	903	935	3,5
64/67	XII	Calzado, paraugas e sombreiros	253	223	233	4,5	189	208	10,1
68/70	XIII	Produtos da pedra, cemento, cerámica e vidro	554	496	477	-3,8	398	394	-1,0
71	XIV	Xoiería	90	83	77	-7,2	58	67	15,5
72/83	XV	Metais e as súas manufacturas, ferramentas	1.659	1.553	1.549	-0,3	1.242	1.224	-1,4
84/85	XVI	Caldeiras, maquinaria e material eléctrico	2.025	1.907	1.957	2,6	1.588	1.531	-3,6
86/89	XVII	Material de transporte	880	845	841	-0,5	623	631	1,3
90/92	XVIII	Instrumentos de precisión e relojería	408	405	400	-1,2	318	330	3,8
93	XIX	Armas	0	8	6	-25,0			
94/96	XX	Mobiliario, artigos de recreo e varios	681	663	687	3,6	562	504	-10,3
97	XXI	Obxectos de arte e non clasificados	19	21	32	52,4	26	15	-42,3
98-99		Non clasificados	1.787	3.399	3.345	-1,6	2.602	2.503	-3,8
Importacións									
01/05	I	Animais, peixes e moluscos, leite e ovos	556	574	588	2,4	528	511	-3,2
06/14	II	Vexetais, froitos, café e sementes	357	335	352	5,1	293	293	0,0
15	III	Graxas e aceites vexetais e animais	48	56	43	-23,2	37	45	21,6
16/24	IV	Produtos de alimentación	537	557	557	0,0	470	495	5,3
25/27	V	Minerais e combustibles minerais	289	283	296	4,6	256	267	4,3
28/38	VI	Produtos químicos	1.592	1.543	1.593	3,2	1.389	1.391	0,1
39/40	VII	Plástico, caucho e as súas manufacturas	1.810	1.781	1.932	8,5	1.606	1.679	4,5
41/43	VIII	Peles, coiros e as súas manufacturas	584	630	665	5,6	509	486	-4,5
44/46	IX	Madeira e as súas manufacturas	396	401	411	2,5	359	302	-15,9
47/49	X	Pastas papeteiras, papel e edición	1.163	1.012	1.085	7,2	851	887	4,2
50/63	XI	Materias téxtiles e confección	3.023	3.024	3.258	7,7	2.604	3.047	17,0
64/67	XII	Calzado, paraugas e sombreiros	658	692	821	18,6	636	671	5,5
68/70	XIII	Produtos da pedra, cemento, cerámica e vidro	780	767	833	8,6	681	652	-4,3
71	XIV	Xoiería	293	302	323	7,0	242	212	-12,4
72/83	XV	Metais e as súas manufacturas, ferramentas	2.860	2.850	3.033	6,4	2.505	2.452	-2,1
84/85	XVI	Caldeiras, maquinaria e material eléctrico	4.872	4.756	4.869	2,4	3.825	4.088	6,9
86/89	XVII	Material de transporte	1.192	1.412	1.593	12,8	1.207	1.022	-15,3
90/92	XVIII	Instrumentos de precisión e relojería	1.284	1.441	1.541	6,9	1.185	1.171	-1,2
93	XIX	Armas	24	35	27	-22,9	23	15	-34,8
94/96	XX	Mobiliario, artigos de recreo e varios	1.360	1.442	1.551	7,6	1.201	1.141	-5,0
97	XXI	Obxectos de arte e non clasificados	54	83	95	14,5	72	57	-20,8
98-99		Non clasificados	1.549	3.740	3.278	-12,4	2.488	2.731	9,8

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

O comercio externo galego en 2019 e 2020 por provincias

Como é habitual, o comercio externo galego mantívose concentrado nas provincias da Coruña e Pontevedra e o peso relativo de Ourense e Lugo seguiu sendo moi marxinal. Nos últimos anos, o valor do exportado por Galicia estaba liderado pola provincia da Coruña grazas á fabricación, pero sobre todo á organización da distribución, do grupo con sede en Arteixo, Inditex. O seu paulatino aumento de peso relativo conduciu a que o sector téxtil-confección alcanzase o liderado das exportacións galegas fronte á automoción e con iso subise a importancia da provincia da Coruña. Este primeiro lugar, que en 2018 supuxo que o fluxo exportador da Coruña superase en case 10 puntos o de Pontevedra, persistiu en 2019, aínda que a diferenza entre as dúas provincias se acurtou a 5,7 puntos. Con todo, o cambio no comercio coa crise sanitaria supuxo que nos oito primeiros meses de 2020 Pontevedra volveuse, repentinamente, liderar este fluxo en Galicia e con 9,3 puntos de diferenza sobre a provincia da Coruña.

O grao de concentración do comercio exportador na provincia da Coruña na confección é tan elevado que en 2019, agregando a roupa de vestir que é de punto coa que non o é, estes produtos supoñían o 46,7% de todas as exportacións. Se a estas mercancías se engade o petróleo refinado na factoría da Coruña, alcanzariase o 58,8% e coas conservas de peixe da ría de Muros-Noia, do norte da de Arousa e tamén Carballo (onde Conservas Calvo ten a súa sede social) e a venda de eléctrodos de grafito, por parte da factoría Showa Danko Carbón de Arteixo, chegaríase ao 66,9% do total. Os resultados obtidos dos oito primeiros meses de 2020 alteran estas proporcións, xa que o téxtil e confección pasa a representar o 42,3% do total, debido, sobre todo, ao freo na distribución ao estranxeiro das pezas de confección que non son de punto. Tamén se desacelerou a venda de petróleo e de eléctrodos de grafito, mentres que o aumento das exportacións de conservas de peixe motivou un sensible incremento no seu peso relativo. En 2020, os cinco primeiros capítulos arancelarios supoñían o 62,4% do exportado desde A Coruña. Esta provincia, nese ano, dentro do *ranking* provincial español pasou a ocupar o oitavo lugar, tras alcanzar o quinto en 2019.

Pola contra, en 2020, Pontevedra logrou situarse no sexto lugar entre as provincias de España, subindo tres postos con respecto a 2019. Tamén se observa neste caso unha gran concentración no seu comercio. Nos oito primeiros meses de 2020, cun incremento de 7,6 puntos con respecto ao mesmo período de 2019, o 56,2% do total exportado correspondía á automoción. Cos produtos da pesca a porcentaxe elevábase ao 66,7% e xa os restantes capítulos arancelarios tiñan un peso inferior ao 4%. Apréciase, polo tanto, a notable dependencia do comercio da provincia en dous tipos de produto (automoción e pesca), o que motiva movementos bruscos, dun ano a outro, ante os cambios positivos ou negativos na súa facturación.

Pola súa banda, Lugo e Ourense adoitan absorber en torno ao 7% das exportacións galegas. No caso de Lugo, a súa base exportadora está centrada ata agora na industria do aluminio e na química do mesmo e, tamén, na venda de produtos obtidos do sector primario. A agregación destes dous tipos de produto supoñía entre xaneiro e agosto de 2020 un 78,4% do total, do que o aluminio absorbía un 36,6%. Leite, madeira, pesca e carne son os produtos que seguen o aluminio no *ranking* exportador da provincia, todos eles en bruto ou transformados. Pola súa banda, Ourense mantén tradicionalmente un fluxo exportador superior ao de Lugo e inferior ao importador. Así, mentres a balanza comercial de Ourense adoita ter un superávit a de Lugo adoita ser deficitaria. Nos oito primeiros meses de 2020, as exportacións de Ourense concentráronse, como nos últimos anos, na venda de xisto, comercio que decaeu con respecto a 2019. Pola súa banda, as importacións de Ourense, cuxo peso rolda o 3% das galegas, están relativamente diversificadas, aínda que en 2020 primou a importación de aceite de xirasol e a fundición de ferro e aceiro, tras a caída na compra de produtos de confección que non son de punto por parte das importantes empresas ourensáns do sector. En canto a Lugo, as súas compras ao estranxeiro circunscríbense, sobre todo, a minerais do aluminio e produtos relacionados con este sector, un 43,6% do total en 2020, seguidas de papel e cartón e produtos pesqueiros.

O fluxo importador da Coruña ten unha orientación similar ao exportador. Desde a provincia adquirense no estranxeiro, en particular, combustibles minerais, que lideran as importacións; en 2020 experimentaron un sensible retroceso. Xunto con produtos téxtiles e confección acaparaban o 43,9% do total cando, no ano anterior, esa porcentaxe era case 10 puntos máis alta. Pola súa banda, Pontevedra tamén concentra as súas importacións, en maior grao que A Coruña, nos capítulos arancelarios que exporta. A automoción absorbeu en 2020 o 47,7% do total (en 2019 excedía o 50%) e a pesca supuxo o 16%.

Cadro núm. 10
Distribución do comercio exterior por provincias

	2018		2019		Xan-ago 2020	
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%
Importacións						
A Coruña	7.906,7	41,2	7.894,5	39,8	3.599,0	35,4
Lugo	733,3	3,8	739,5	3,7	452,1	4,5
Ourense	562,3	2,9	591,3	3,0	291,3	2,9
Pontevedra	9.999,5	52,1	10.588,9	53,4	5.816,2	57,3
Galicia	19.201,8	100,0	19.814,1	100,0	10.158,6	100,0
Exportacións						
A Coruña	11.383,4	51,3	10.965,5	49,4	5.070,5	41,7
Lugo	662,6	3,0	650,4	2,9	407,4	3,4
Ourense	864,8	3,9	873,6	3,9	469,4	3,9
Pontevedra	9.284,8	41,8	9.707,2	43,7	6.198,0	51,0
Galicia	22.195,6	100,0	22.196,7	100,0	12.145,3	100,0

Datos 2018 definitivos, 2019 e 2020 provisionais.

Fonte: DataComex. Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

O investimento directo estranxeiro (IED)

O IED no mundo. Os cambios normativos na Unión Europea e España.

O IED global mantivo unha traxectoria expansiva en 2019. Os fluxos de capital dirixíronse, sobre todo, cara ás economías en desenvolvemento, sendo tamén estas as principais investidoras. A contía de IED mundial roldou os 1,54 billóns de euros, cifra máis elevada que en 2018 pero inferior á de 2017. Por continentes, Europa volveu encabezar o *ranking* mundial tras un menor fluxo investidor cara ao leste e ao sueste asiático. Nestes dous territorios, xunto con América do Norte, é onde se concentraron os investimentos. No cadro 11 apréciase o pouco peso que teñen o continente africano e determinadas partes de Asia.

Cadro núm. 11

Evolución do investimento directo estranxeiro (IED) no mundo

	Entradas			Saídas		
	2017	2018	2019	2017	2018	2019
Miles de millóns de dólares						
Economías desenvolvidas	950	761	800	1.095	534	917
Economías en desenvolvemento	701	699	685	467	415	373
Economías en transición	50	35	55	38	38	24
Europa	570	364	429	539	419	475
África	42	51	45	12	8	5
Asia Oriental e Suroriental	422	416	389	367	345	280
Asia Meridional	52	52	57	11	12	12
Asia Occidental	28	30	28	39	50	36
América do Norte	304	297	297	379	-41	202
América Latina e Caribe	156	149	164	38	0	42
Oceanía	1	1	1	0	0	-1
Resto	125	135	130	216	193	263
Total mundial	1.700	1.495	1.540	1.601	986	1.314
Porcentaxes						
Economías desenvolvidas	55,9	50,9	51,9	68,4	54,2	69,8
Economías en desenvolvemento	41,2	46,8	44,5	29,2	42,1	28,4
Economías en transición	2,9	2,3	3,6	2,4	3,9	1,8
Europa	33,5	24,3	27,9	33,7	42,5	36,1
África	2,5	3,4	2,9	0,7	0,8	0,4
Asia Oriental e Suroriental	24,8	27,8	25,3	22,9	35,0	21,3
Asia Meridional	3,1	3,5	3,7	0,7	1,2	0,9
Asia Occidental	1,6	2,0	1,8	2,4	5,1	2,7
América do Norte	17,9	19,9	19,3	23,7	-4,2	15,4
América Latina e Caribe	9,2	10,0	10,6	2,4	0,0	3,2
Oceanía	0,1	0,1	0,1	0,0	0,0	-0,1
Resto	7,4	9,0	8,4	13,5	19,6	20,0

Fonte: UNCTAD, *Informe sobre las inversiones en el mundo 2020*.

Os resultados finais de 2020 serán radicalmente distintos aos que figuran no cadro 11 para 2019. A UNCTAD agarda unha redución no fluxo mundial en torno ao 40% o que supón volver aos niveis de hai 15 anos. Este descenso non se freará en 2021 e a recuperación, como mínimo, non chegará ata 2022. Iso evidentemente dependerá de como evolucione a pandemia no mundo, da eficacia das vacinas e do éxito das respostas políticas a esta crise. No momento actual existe o temor razoable de que ante a nova situación económica e cunhas expectativas empresariais moi pesimistas non se poidan levar adiante novos proxectos de investimento nin continuar cos xa existentes. Ademais, a liquidez dos grandes investidores resentíuse coa pandemia debido á caída dos beneficios.

Ante este panorama, as previsións da UNCTAD para 2020 indican que o fluxo cara ao continente europeo, primeiro territorio ao que se dirixen os investimentos, descenda entre un 30 e 45%. Seguramente menor, pero tamén máis incerto de prever, é o IED que se dirixirá cara a América do Norte, debido ao forte impacto que está tendo a pandemia en Estados Unidos e a resposta política para combater a mesma, estratexia que probablemente cambiará coa nova Administración en 2021. Calcúlase un descenso entre o 20 e o 35%. Doutra banda, os fluxos cara a África, xa de por si escasos, contraeranse entre un 25% no escenario máis optimista e un 40% no máis pesimista. En canto a Asia, as expectativas non son máis favorables. O seu peso estratéxico no mercado mundial complica-se ante a percepción, por parte dos países máis desenvolvidos, de que a excesiva dependencia da produción de bens industriais no sueste asiático e, sobre todo, en China, propiciou unha maior vulnerabilidade das súas economías. Iso viuse claramente na crise sanitaria. A situación actual suxire que nos próximos anos se intentará diversificar máis a procedencia das producións, o que seguramente leve o comercio mundial a ser máis proteccionista. Neste contexto, está por ver que posición adoptará a nova Administración de Estados Unidos que,

nun primeiro momento, anuncia que non variará significativamente a política de aranceis con China. Tamén será de interese a traxectoria que seguirán os países da Unión Europea, xa que algúns deles ocupan os primeiros lugares no *ranking* do comercio mundial.

Finalmente agárdase que en 2020 o IED en América Latina e Caribe caia á metade. A COVID-19, a vulnerabilidade destas economías e a situación política en varios países son un desincentivo para os posibles investidores. Os países máis vulnerables, non só de América Latina e Caribe senón de todo o mundo, enfróntanse na situación actual a un brusco freo do IED, que afecta moi negativamente os seus sectores estratéxicos e xa se están poñendo en práctica políticas que permitan atacar esta delicada situación.

Porén, fronte a políticas máis aperturistas por parte de países en desenvolvemento, na Unión Europea valorouse o risco que supón unha entrada dun IED tan liberalizado, xa que sectores estratéxicos con empresas en dificultades e, polo tanto, con prezos de adquisición moi baixos, poderían caer en mans de investidores estranxeiros privados ou de fondos de procedencia pública con consecuencias non desexadas nas economías nacionais. A experiencia co material médico é un exemplo deste problema.

Coa crise da COVID-19 tamén se reduciron os acordos internacionais de investimento e segundo a UNCTAD obrigará a reformar os xa existentes. Os movementos para intentar reforzar os marcos de actuación dos sectores estratéxicos xa era unha preocupación na Unión Europea nos últimos anos e, de feito, iso conduciu á publicación do regulamento (UE) 2019/452 do Parlamento Europeo e do Consello de 19 de marzo de 2019 para o control dos investimentos estranxeiros directos na Unión. Este regulamento será aplicable a partir do 11 de outubro de 2020, polo que no momento de redactar este informe xa está en vigor. No seu artigo 3 indícase que “os Estados membros poderán manter, modificar ou adoptar mecanismos para controlar, por motivos de seguridade ou orde pública, os investimentos estranxeiros directos no seu territorio”. No seu artigo 4 especifica que para determinar se un investimento estranxeiro directo pode afectar a seguridade ou a orde pública, os Estados membros e a Comisión poderán ter en conta os seus efectos potenciais, entre outros en: a) infraestruturas críticas sexan físicas ou virtuais; b) tecnoloxías críticas e produtos de dobre uso (intelixencia artificial, ciberseguridade, robótica, nanotecnoloxías, biotecnoloxías, tecnoloxías aeroespaciais e de defensa, de almacenamento de enerxía); c) provisión de *inputs* fundamentais (enerxía, materias primas e seguridade alimentaria); d) accesos a información sensible (control de datos persoais); e) medios de comunicación (que afecten a súa liberdade e pluralismo).

Ademais, terase en conta se o inversor está controlado directa ou indirectamente polo goberno dalgún país, se xa participou en actividades que afectan a seguridade ou orde pública ou se existe risco grave de que se poidan exercer actividades delitivas ou ilegais.

No regulamento introdúcese a obriga de que os Estados membros que reciban IED facilitarán a información solicitada pola Comisión ou por outros Estados da UE. Ademais, no artigo 5 establécese que “como moi tarde o 31 de marzo de cada ano, os Estados membros presentarán á Comisión un informe anual que cubra o ano natural anterior, que incluírá información agregada sobre os investimentos estranxeiros directos realizados no seu territorio”.

Antes deste regulamento, tense que lembrar, e así se recolleu en todos os informes precedentes, que a entrada de IED en España e, por conseguinte, tamén en Galicia, estaba tan liberalizada que só en aspectos moi concretos que afectaban a defensa nacional se precisaba da autorización previa por parte do Consello de Ministros. Coa crise da pandemia parece que entrou a présa por avanzar cara a unha maior regulación do IED.

A promulgación do real decreto lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19, pero sobre todo o real decreto lei 11/2020, de 31 de marzo (logo convertido en lei), polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte á COVID-19, supoñen un importante cambio no marco legal que rexe o IED en España. Este último real decreto lei, na súa disposición final cuarta modifica a lexislación anterior introducindo textualmente o contido do regulamento (UE) 2019/452 antes citado. Falta por coñecer o regulamento que desenvolva o previsto neste real decreto lei. Haberá, por tanto, un control máis estrito dos investimentos de fóra da UE, a cuxos países temos que engadir os tamén asinantes do Acordo Europeo de Libre Comercio (Noruega, Islandia, Suíza e Liechtenstein). Queda a incógnita do que ocorrerá co Reino Unido, unha vez consume a súa saída definitiva da Unión Europea a partir do 31 de decembro de 2020.

Realmente non será considerado IED o investimento proveniente da UE ou dos catro países antes citados, e, do mesmo xeito que ata agora, e así se recollía nas estatísticas publicadas en todos os informes


precedentes, segue entendéndose un acto de investimento estranxeiro en España a participación igual ou superior ao 10% do capital social da sociedade española ou se con esa participación adquirese o control desa sociedade.

Para non poñer en risco as transaccións que estaban en curso, o real decreto lei 11/2020, na súa disposición transitoria segunda, punto tres, establece que provisionalmente quedan excluídas de autorización administrativa previa “as operacións de investimento cuxo importe sexa inferior a 1 millón de euros”.

En suma, na información que se presenta a continuación, o IED recibido por Galicia en 2019 e no primeiro semestre de 2020 aínda non segue os criterios que se adoptaron de forma urxente para facer fronte ás consecuencias da COVID-19, malia que xa existía a obriga de adaptar a normativa española ao regulamento (UE) 2019/452, que, como indicamos, entrou en vigor no pasado mes de outubro.

O IED recibido declarado no rexistro de investimentos exteriores en Galicia

Coa crise sanitaria de 2020, ademais da modificación, exposta anteriormente, da normativa sobre IED para adaptala á da Unión Europea co fin de evitar investimentos prexudiciais para España, tamén se produciu un sensible retroceso no fluxo de IED recibido tanto por España como por Galicia, como mostran os resultados xa dispoñibles do primeiro semestre. En 2019 o IED recibido en Galicia alcanzou o valor máis elevado desde que as operacións de investimento estranxeiro quedasen liberalizadas practicamente na súa totalidade e, por motivos estatísticos, as transaccións anotábanse no rexistro de investimentos exteriores. Os apuntes neste rexistro elévanse, con datos provisionais, a 723 millóns de euros, o que supón o 2,83% do total español. Indicamos que son provisionais, xa que o rexistro está actualizándose continuamente e un atraso nunha anotación pode modificar notablemente os resultados obtidos nun período.



Ningunha das operacións realizadas en Galicia en 2019 é de ETVE. Ou sexa, non foron realizadas polas denominadas entidades tenedoras de valores estranxeiros, normalmente sociedades instrumentais sen incidencia na economía real, xa que o seu obxecto social consiste na xestión e administración de valores representativos dos fondos propios de entidades non residentes en territorio español. Así, a súa actividade á hora de incorporala no rexistro implica unha entrada e unha saída de similar contía de capital estranxeiro. Temos que indicar que estas operacións, ante as vantaxes fiscais que proporcionaban para conseguir a neutralidade fiscal e similar igualdade de trato que a doutros países da Unión Europea como os Países Baixos e outros territorios, floreceron na primeira década deste século; pero, conforme estas vantaxes se foron perdendo, tamén decaeu considerablemente a súa utilización.

No cadro 12 recóllese, de forma provisional, a contía do IED recibido polas comunidades e cidades autónomas españolas. A cuestión, desde a perspectiva de Galicia que destaca neste cadro, é que dun investimento de 65,5 millóns de euros en 2018 se pasou a 723 millóns de 2019; polo tanto, o crecemento é do 1.004,52%. Iso é unha mostra da volatilidade desta variable na que unha operación singular dun ano altera considerablemente os resultados comparativos. Este incremento é máis rechamante cando no conxunto de España os investimentos se reduciron a máis da metade e na principal comunidade de destino, Madrid, o IED descendeu en dous terzos. Realmente esta caída de Madrid, que pasou de representar o 84,2% do total español ao 63,2% (porcentaxe que se reduce ao 61,8% se se exclúen as ETVE), debeuse a un conxunto de operacións de grande envergadura que se concretaron en 2018; das que das máis importantes se daban conta no informe de 2018. Lémbrese que a de maior tamaño foi a realizada pola concesionaria de autopistas Abertis. Malia esta notable desaceleración, Madrid mantén a primeira posición no *ranking* a enorme distancia da segunda comunidade, Cataluña. Aínda que, tecnicamente, o efecto sede das sociedades de Madrid que contan con plantas noutros lugares de España non tería por que incidir nestas estatísticas, xa que se intenta que o investimento se asigne ao lugar da súa execución, na realidade, en moitas ocasións detectar isto non resulta sinxelo; de aí a importancia do domicilio legal.

Cadro núm. 12

Distribución territorial do investimento estranxeiro bruto en España

	2018		2019		I semestre 2019		I semestre 2020		TVI (%) 2019/2018	TVI (%) I semestre 2020/2019
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%		
Andalucía	462,69	0,82	986,90	3,86	337,09	2,74	252,70	3,26	113,30	-25,03
Aragón	1.527,15	2,70	102,80	0,40	28,18	0,23	1,42	0,02	-93,27	-94,96
Cantabria	185,79	0,33	5,88	0,02	0,01	0,00	0,01	0,00	-96,83	-35,14
Castela e León	47,59	0,08	1.844,76	7,22	1.683,43	13,66	32,26	0,42	3.776,00	-98,08
Castela-A Mancha	267,05	0,47	96,63	0,38	4,92	0,04	40,65	0,52	-63,82	726,91
Cataluña	3.385,27	5,99	3.332,62	13,05	1.355,22	11,00	1.275,89	16,48	-1,56	-5,85
Madrid	47.539,76	84,16	16.143,66	63,20	7.569,44	61,43	5.894,87	76,12	-66,04	-22,12
C. Valenciana	980,06	1,74	831,52	3,26	341,34	2,77	58,44	0,75	-15,16	-82,88
Extremadura	11,85	0,02	22,97	0,09	0,72	0,01	0,01	0,00	93,84	-98,79
Galicia	65,46	0,12	722,99	2,83	607,08	4,93	25,77	0,33	1.004,52	-95,75
Baleares	137,64	0,24	627,85	2,46	103,01	0,84	23,57	0,30	356,17	-77,12
Canarias	234,00	0,41	184,02	0,72	29,01	0,24	52,18	0,67	-21,36	79,90
A Rioxa	188,13	0,33	26,81	0,10	3,56	0,03	0,00	0,00	-85,75	-100,00
Navarra	197,33	0,35	125,12	0,49	24,95	0,20	19,51	0,25	-36,59	-21,81
País Vasco	1.088,55	1,93	229,15	0,90	81,07	0,66	35,92	0,46	-78,95	-55,69
Asturias	11,89	0,02	117,44	0,46	107,99	0,88	29,27	0,38	887,80	-72,90
Murcia	22,07	0,04	47,51	0,19	36,39	0,30	0,51	0,01	115,25	-98,59
Ceuta e Melilla	0,07	0,00	2,57	0,01	1,05	0,01	0,03	0,00	3.841,35	-96,77
Non clasificable	131,75	0,23	93,95	0,37	7,11	0,06	0,69	0,01	-28,70	-90,28
Total	56.484,10	100,00	25.545,15	100,00	12.321,56	100,00	7.743,69	100,00	-54,77	-37,15

Datos provisionais.

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

No cadro 12 obsérvase, ademais da negativa evolución de Madrid en 2019, a estabilización de Cataluña tras o retroceso de 2018 e a caída do IED en comunidades como o País Vasco, Aragón ou a Comunidade Valenciana, que tradicionalmente adoitan seren centros de entrada de IED en España. Tamén cabe destacar a contía investida en Castela e León, que de 47,6 millóns en 2018 pasou a 1.844,8 millóns de euros en 2019. Explicase por unha única operación: a compra da papeleira Europac (Papeles y Cartonajes de Europa) pola sociedade do Reino Unido DS Smith, operación fraguada en 2018. A adquisición desta planta situada en Dueñas (Palencia), cun investimento de 1.667 millóns de euros, é unha das máis importantes deste exercicio e coloca o Reino Unido como o principal país do que procede o IED recibido por España en 2019, malia a situación creada co Brexit.

Os resultados do primeiro semestre de 2020 reflicten unha caída importante que xa recolle o impacto da crise sanitaria na súa primeira vaga. O descenso, con respecto ao mesmo período do ano anterior, é do 54,8%. Madrid consolídase como a comunidade líder en España, mentres que Cataluña consegue aumentar o seu peso relativo, Non se observan operacións singulares que eleven a porcentaxe nas restantes comunidades autónomas, nas que Galicia, con tan só un 0,33% da IED española, e na que apenas entrou capital foráneo, pasa a ocupar o décimo lugar no *ranking* das comunidades españolas; a considerable diferenza de 2019, cando cun peso do 4,9% ocupaba a cuarta posición.

As operacións de ETVE en 2019 só afectaron a cinco comunidades autónomas (Andalucía, Cataluña, Madrid, Comunidade Valenciana e Baleares). Como se indicaba anteriormente, a súa incidencia caeu de forma considerable nos últimos anos e en Galicia no 2019 non se realizaron operacións deste tipo. As ETVE absorbían neste ano o 9,4% do IED total e Madrid concentraba o 76,2% do mesmo. Nada teñen que ver estas porcentaxes coas que se rexistraban no inicio deste século. Así, en 2002 contabilizáronse un total de 20.710,5 millóns de euros en operacións ETVE, cifra que se aproxima ao total de IED recibido en 2019. Naquel ano estas transaccións representaban o 64% do total.

É importante subliñar que, á marxe das ETVE, o capital que entrou en España en 2019, nun 66% foron achegas fronte ao 34% de adquisicións. Un debate permanente é a pertinencia de recibir investimentos cando estes consisten en adquirir o xa existente. Iso supón un cambio na capacidade de decisión sen ter maior efecto sobre a produción, a non ser que esa sociedade necesite ser replotada. Mentres en 2018 predominaron este tipo de operacións, en 2019 a maior parte do IED dirixiuse a ampliacións (35,8%), a *greenfields* (proxectos completamente novos, ou sexa, parten de cero) ou *brownfields* (proxectos que aproveitan instalacións xa existentes). Entre ambos absorberon o 30,2% do IED (18,3% en 2018).

O investimento, con ou sen ETVE, que se presenta no cadro 13 é bruto, ou sexa é o que se realiza á marxe dos posibles desinvestimentos. A través do rexistro de investimentos calcúlase que en 2019 os desinvestimentos en Galicia alcanzaron os 158 millóns de euros. Iso implica que o investimento neto foi de 565 millóns de euros. Pola contra, do investimento bruto, a Secretaría de Estado de Comercio só facilita, por comunidades autónomas, o valor agregado dos desinvestimentos.

Cadro núm. 13
Distribución territorial do investimento estranxeiro bruto en España. Ano 2019

	Sen ETVE		Con ETVE	
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%
Andalucía	852,99	3,69	986,90	3,86
Aragón	102,80	0,44	102,80	0,40
Cantabria	5,88	0,03	5,88	0,02
Castela e León	1.844,76	7,98	1.844,76	7,22
Castela-A Mancha	96,63	0,42	96,63	0,38
Cataluña	3.302,68	14,28	3.332,62	13,05
Madrid	14.303,12	61,84	16.143,66	63,20
C. Valenciana	766,42	3,31	831,52	3,26
Extremadura	22,97	0,10	22,97	0,09
Galicia	722,99	3,13	722,99	2,83
Baleares	286,57	1,24	627,85	2,46
Canarias	184,01	0,80	184,02	0,72
A Rioxa	26,81	0,12	26,81	0,10
Navarra	125,12	0,54	125,12	0,49
Pais Vasco	229,15	0,99	229,15	0,90
Asturias	117,27	0,51	117,44	0,46
Murcia	47,51	0,21	47,51	0,19
Ceuta e Melilla	2,57	0,01	2,57	0,01
Non clasificable	89,83	0,39	93,95	0,37
Total	23.130,08	100,00	25.545,15	100,00

Datos provisionais.

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

viña realizando en Vigo. Así, creou nese pequeno país europeo unha sociedade chamada Votorantim Cimentos Internacional, a cal se fixo propietaria dunha segregación do *holding* con sede en Vigo, Votorantim Cimentos Latam, ademais de ceder a sociedade situada en Vigo a través de varias operacións societarias o negocio de América do Norte. Estes 500 millóns de IED de 2019 proveñen, como país inmediato, de Portugal canalizados, polo tanto, a través de Cimpor.

Excluída esta operación do sector do cemento, os resultados do IED galego en 2019 serían de 223 millóns de euros e a súa distribución sectorial figura no cadro 14. Un segundo investimento, cunha contía que rolda os 100 millóns de euros, realizouse tamén no sector industrial, neste caso na rama de compoñentes da automoción e localízase na área metropolitana de Vigo. Con Austria como país inmediato do investimento e Reino Unido como país último, todo apunta a que se trata de parte da operación máis importante neste sector en 2019, no que paulatinamente o capital galego é substituído polo de grupos multinacionais de gran tamaño. Lembremos que ese foi o caso da adquisición da empresa Viza Automoción, con factorías no Porriño, República Checa, Marrocos e México, polo grupo canadense Magna; un dos líderes no sector dos asentos da automoción xunto co grupo norteamericano con sede en Michigan, Lear Corporation, que xa en 2017 adquirira a unidade de asentos do Grupo Antolín por 286 millóns de euros. Compróbase como os cambios societarios nun dos sectores determinantes da industria galega son constantes e, paseniñamente, o capital galego vai sendo substituído polo de grandes grupos multinacionais que poden competir con éxito como provedores das empresas de fabricantes de automóviles, nun sector cada vez máis concentrado.

Un terceiro investimento, por valor de 50,9 millóns de euros, tamén na industria manufactureira provén de Irlanda, pero canalízase a través de Luxemburgo e destínase á actividade da fabricación de envases e embalaxes metálicos lixeiros.

Á marxe do IED anotado no rexistro referido a Galicia, non debemos deixar sen comentar dúas adquisicións importantes na estrutura industrial galega. Referímonos, por unha banda, á venda por parte de Ferroatlántica, con sede en Madrid pero con instalacións na Costa da Morte, por 156 millóns de euros das fábricas de ferroalixes de Cee e Dumbria, e as súas 10 centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande ao fondo americano TPG Sixth Street Partners. A empresa cambiou de denominación e agora chámase Xallas Electricidad y Aleaciones (XEAL). A crise sanitaria impactou na súa carteira de pedidos de ferroalixes destinados ao sector do aceiro, actualmente en crise, moi afectado pola perda de actividade e a competencia do mercado chinés.

A segunda adquisición, tamén de moito interese, é a de Iberconsa, empresa competidora de Nova Pescanova, por parte do fondo de capital risco Platinum Equity, a cal era propiedade da sociedade de capital risco Portobello Capital que a adquiriu en 2015. No informe de 2018 dabamos conta desta operación, que se concretou en marzo de 2019 cun prezo de 550 millóns de euros.

Dos 723 millóns de euros de IED recibido por Galicia en 2019, 500 millóns practicamente non terán efecto ningún sobre a economía galega. Corresponden a unha operación que foi recorrente nos últimos anos. É a que realiza o *holding* brasileiro Votorantim, que ten a súa sede central en Vigo (en Madrid contan co centro operativo no que se dirixen todas as operacións internacionais), desde onde se xestionan un grupo de máis de 40 sociedades; moitas delas compradas no seu día pola cementeira pública portuguesa Cimpor, entre elas o *holding* galego de Corporación Noroeste propietaria, entre outras, de Cementos Cosmos. Pois ben, as operacións de IED anótanse en Galicia pero o efecto sobre esta comunidade é moi débil. Desde 2018, o grupo brasileiro Votorantim estase reorganizando, de tal modo que ultimamente parece que optou por Luxemburgo como centro das súas operacións a costa das que

Cadro núm. 14
Distribución sectorial do investimento estranxeiro bruto

Sector	2019					I semestre 2020				
	Galicia		España		%	Galicia		España		%
	Miles de euros	%	Miles de euros	%	Galicia/España	Miles de euros	%	Miles de euros	%	Galicia/España
Agricultura, gandería, selvicultura e pesca	705,3	0,1	265.710,7	1,0	0,3			58.906,9	0,8	
Industrias extractivas	40,0	0,0	167.070,4	0,7	0,0			5.034,9	0,1	
Industria manufacturera	653.759,2	90,4	5.415.426,6	21,2	12,1	71,0	0,3	995.111,7	12,9	0,0
Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	4.359,0	0,6	963.752,2	3,8	0,5	2,4	0,0	224.556,9	2,9	0,0
Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación			144.696,3	0,6				6,2	0,0	
Construción	1.253,5	0,2	861.549,7	3,4	0,1	1,0	0,0	143.922,9	1,9	0,0
Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	3.288,0	0,5	2.025.597,9	7,9	0,2	386,4	1,5	769.476,4	9,9	0,1
Transporte e almacenamento	2.406,0	0,3	492.987,5	1,9	0,5	21.147,6	82,1	258.271,1	3,3	8,2
Hostalería	3.005,5	0,4	537.545,9	2,1	0,6	3,0	0,0	21.652,8	0,3	0,0
Información e comunicacións	1.356,1	0,2	1.814.305,2	7,1	0,1	181,1	0,7	497.667,0	6,4	0,0
Actividades financeiras e de seguros	42.507,8	5,9	6.586.728,1	25,8	0,6			3.971.760,9	51,3	
Actividades inmobiliarias	2.847,2	0,4	2.305.898,5	9,0	0,1	2.738,8	10,6	331.850,3	4,3	0,8
Actividades profesionais, científicas e técnicas	2.180,7	0,3	2.329.420,0	9,1	0,1	1.237,1	4,8	201.111,0	2,6	0,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	5.283,4	0,7	750.524,8	2,9	0,7	0,3	0,0	240.399,2	3,1	0,0
Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria			7,6	0,0						
Educación			443.906,6	1,7		3,0	0,0	17.456,8	0,2	0,0
Actividades sanitarias e de servizos sociais			255.189,6	1,0				426,8	0,0	
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento			111.419,7	0,4				2.118,2	0,0	
Outros servizos	1,8	0,0	73.413,0	0,3	0,0			2.115,8	0,0	
Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio								1.847,2	0,0	
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais										
Total	722.993,5	100,0	25.545.150,4	100,0	2,8	25.771,7	100,0	7.743.693,0	100,0	0,3

Datos provisionais.

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

Cadro núm. 15
Procedencia do investimento estranxeiro bruto en Galicia e España

Área de procedencia	Galicia		España		% Galicia/España
	Miles de euros	%	Miles de euros	%	
2018					
UE -27	31.683	48,4	26.525.536	47,0	0,12
Resto de Europa	21.114	32,3	4.801.383	8,5	0,44
América do Norte	111	0,2	14.324.421	25,4	0,00
Latinoamérica	11.237	17,2	2.204.146	3,9	0,51
Resto de América	0	0,0	87.125	0,2	0,00
Asia e Oceanía	1.273	1,9	8.148.676	14,4	0,02
África	34	0,1	392.816	0,7	0,01
Total	65.453	100,0	56.484.103	100,0	0,12
2019					
UE -27	104.332	14,4	9.244.376	36,2	1,13
Resto de Europa	100.263	13,9	6.300.496	24,7	1,59
América do Norte	5.145	0,7	5.036.796	19,7	0,10
Latinoamérica	508.856	70,4	2.930.201	11,5	17,37
Resto de América	0	0,0	59.239	0,2	0,00
Asia e Oceanía	4.394	0,6	1.706.990	6,7	0,26
África	0	0,0	267.052	1,0	0,00
Total	722.991	100,0	25.545.150	100,0	2,83
I semestre 2020					
UE -27	940	0,1	2.005.271	7,8	0,05
Resto de Europa	10.235	1,4	4.033.337	15,8	0,25
América do Norte	6	0,0	724.539	2,8	0,00
Latinoamérica	12.061	1,7	229.585	0,9	5,25
Resto de América	2.526	0,3	4.587	0,0	55,06
Asia e Oceanía	0	0,0	722.998	2,8	0,00
África	4	0,0	23.376	0,1	0,02
Total	25.772	100,0	7.743.693	100,0	0,33

Datos provisionais.

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

Ademais destas transaccións, no cadro 14 apréciase unha entrada de capital en 2019 por valor de 42,5 millóns de euros no sector financeiro e de seguros. O IED provén de Francia e todo apunta a que se trata da creación dunha aseguradora, froito do acordo entre Abanca e Crédit Agricole Assurances, para a venda de seguros en España e Portugal. Constituíuse unha empresa ao 50% entre ambas as entidades e os seus obxectivos son os particulares e as empresas de menos de dous millóns de euros de facturación. Esperan alcanzar beneficios dentro de catro anos.

No cadro 14 obsérvase que nos restantes sectores a contía das operacións é moi baixa. Da comparación con España, ningún sector excede o 1% do IED recibido excepto a industria manufacturera, cuxas transaccións representaron o 12,1% da entrada de capital estranxeiro en 2019. Neste cadro obsérvase que os dous sectores nos que predominou o investimento estranxeiro en Galicia, tamén

son os máis relevantes no conxunto de España.

En canto ao IED recibido por Galicia no primeiro semestre de 2020, no cadro 14 obsérvase que a contía se reduce a 25,8 millóns de euros, dos que 21,1 millóns corresponden á actividade do transporte e o almacenamento. A estrutura da repartición do IED por sectores en 2020 é totalmente diferente á de 2019, xa que practicamente nin na industria manufacturera nin no sector de seguros houbo transaccións relevantes. Non se contabilizaron neste semestre as posibles operacións que desde Vigo adoita realizar o *holding* brasileiro Votorantim. A dúas principais operacións anotadas no rexistro de investimentos neste período proveñen do mesmo sector e a súa contía é moi similar. A primeira, por un importe de 10,9 millóns de euros, encádrase noutras actividades postais e de correos e procede de México. A segunda, por unha contía de 10,2 millóns euros, inclúese no grupo de actividades anexas ao transporte terrestre e o capital provén do Reino Unido. A diferenza de todas as restantes, os investimentos deste sector si teñen relevancia no conxunto de España xa que representan o 8,2% do total.

Cadro núm. 16
Orixe última do investimento estranxeiro bruto

Ano 2019

Galicia			España		
País ou territorio	Miles de euros	%	País ou territorio	Miles de euros	%
Brasil	500.031,1	69,16	Reino Unido	5.199.198,4	20,35
Reino Unido	100.145,2	13,85	Estados Unidos	4.474.560,9	17,52
Irlanda	50.941,0	7,05	Francia	4.130.018,9	16,17
Francia	43.263,3	5,98	México	976.966,8	3,82
México	6.028,4	0,83	Alemaña	976.920,3	3,82
Estados Unidos	5.094,9	0,70	Italia	968.425,4	3,79
Portugal	4.716,7	0,65	España	941.082,1	3,68
Xapón	4.359,0	0,60	Arxentina	792.872,7	3,10
Dinamarca	2.400,0	0,33	Suíza	744.853,4	2,92
Luxemburgo	1.893,5	0,26	Canadá	562.235,1	2,20
República Dominicana	1.595,1	0,22	Países Baixos	546.614,7	2,14
Panamá	546,5	0,08	Brasil	511.315,0	2,00
España	409,1	0,06	Luxemburgo	500.778,5	1,96
Suecia	384,1	0,05	Singapur	357.006,4	1,40
Arxentina	321,3	0,04	Suecia	333.122,7	1,30
Venezuela	240,2	0,03	Emiratos Árabes Unidos	257.591,2	1,01
Finlandia	144,9	0,02	Suráfrica	255.349,4	1,00
Alemaña	120,7	0,02	Tailandia	250.027,1	0,98
Suíza	118,2	0,02	Irlanda	245.648,7	0,96
Colombia	90,6	0,01	Rusia	203.437,5	0,80
Italia	55,0	0,01	Xapón	195.461,8	0,77
Canadá	50,0	0,01	Portugal	181.127,4	0,71
Emiratos Árabes Unidos	25,6	0,00	Panamá	179.384,6	0,70
India	6,2	0,00	China	164.308,2	0,64
Bulgaria	4,0	0,00	Dinamarca	151.214,6	0,59
Costa Rica	3,0	0,00	Corea do Sur	142.066,2	0,56
Xordania	3,0	0,00	Uruguai	130.912,1	0,51
Cuba	2,5	0,00	Costa Rica	125.035,0	0,49
Perú	0,5	0,00	Bélxica	119.882,1	0,47
Groenlandia	0,4	0,00	Taiwán	88.826,5	0,35
Liechtenstein	0,0	0,00	Resto do mundo	838.906,6	3,28
Total	722.993,5	100,00	Total	25.545.150,4	100,00

I semestre 2020

Galicia			España		
País ou territorio	Miles de euros	%	País ou territorio	Miles de euros	%
México	11.093,8	43,05	Suíza	2.938.672,4	37,95
Reino Unido	10.231,6	39,70	Reino Unido	1.010.275,9	13,05
Illas Virxes Británicas	2.525,6	9,80	Francia	766.535,5	9,90
Portugal	930,3	3,61	Estados Unidos	689.193,8	8,90
Panamá	737,1	2,86	Xapón	514.930,4	6,65
República Dominicana	127,4	0,49	Alemaña	465.485,3	6,01
Arxentina	88,2	0,34	Países Baixos	175.427,1	2,27
Venezuela	12,0	0,05	Dinamarca	120.728,3	1,56
Estados Unidos	6,0	0,02	China	117.752,8	1,52
Angola	4,0	0,02	México	110.382,1	1,43
Francia	3,0	0,01	Bélxica	104.755,0	1,35
Italia	3,0	0,01	Italia	102.679,2	1,33
Andorra	3,0	0,01	España	99.176,5	1,28
Polonia	3,0	0,01	Portugal	83.453,5	1,08
Brasil	2,7	0,01	Noruega	65.535,7	0,85
Bélxica	1,0	0,00	Resto do mundo	378.709,7	4,89
Total	25.771,7	100,00	Total	7.743.693,0	100,00

Datos provisionais.

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

Das restantes actividades, só supera os 2 millóns de euros un IED proveniente dun paraíso fiscal, as Illas Virxes Británicas, dirixido ao mercado do aluguer de inmobles. Nas actividades profesionais, científicas e técnicas realizouse un investimento de 737.100 euros dirixido a servizos de enxeñería. O capital provén de Panamá. Finalmente, houbo un investimento de medio millón de euros dirixidos á investigación en ciencias sociais e humanidades procedente de Portugal.

Tras a descrición do IED recibido por Galicia en 2019 e no primeiro semestre de 2020, obsérvase no cadro 15 unha procedencia por grandes territorios diferente entre o fluxo galego e o español. Mentres en 2019 os 500 millóns de euros recibidos de Brasil nesgan cara a América Latina o IED galego, en España o investimento proveu, sobre todo, de Europa e América do Norte. Destaca que neste período, como en 2020, practicamente non se recibiu IED de Asia, África e Oceanía. Malia que os investimentos destes dous últimos continentes non adoitan ser habituais, con todo hai que subliñar o freo do IED asiático, cando noutros anos desta mesma década o capital procedente de China tivo unha grande importancia en sectores claves da economía galega. Foi o caso das conservas de peixe, a construción naval ou a caldeirería, iniciando a entrada en Galicia precisamente coa adquisición da entón denominada Gándara Censa. Doutra banda, a distribución da procedencia por grandes territorios dos 25,8 millóns de euros recibidos en Galicia de IED no primeiro semestre de 2020 non é moi diferente ao de 2019. Latinoamérica, grazas á entrada de capital mexicano e o Resto de Europa pola incidencia do IED británico, ambos no sector de información e comunicacións, inciden nuns resultados que en España se concentran en primeiro lugar no Resto de Europa, debido aos investimentos suízos e británicos, e, en segundo lugar, na Unión Europea polo IED recibido de Francia e Alemaña.

En canto ao *ranking* por países, no cadro 16 preséntanse de modo exhaustivo todos os países ou territorios dos que Galicia recibiu un investimento estranxeiro directo en 2019 e no primeiro semestre de 2020. Compáranse cos resultados de España, aínda que neste caso, e polo seu elevado número, só se inclúen os países máis relevantes. En 2019, o IED por Galicia proveu de 31 países ou territorios, aínda que en 8 deles a contía do investido non excedeu os 6.200 euros. No cadro 16 compróbese a asimetría existente entre o comercio externo de mercancías e a recepción de IED. Os dous principais provedores de bens, Francia e Portugal, tiveron un peso menor nas estatísticas de investimento, o que suxire unha maior preocupación pola compravenda de bens que por adquirir sociedades para actuar no seu mercado. Ante a singularidade das operacións que se realizan, as catro citadas de Brasil, Reino Unido, Irlanda e Francia motivan que destes catro países proveña o 96% do IED total de 2019. Dúas operacións en transporte e comunicacións do Reino Unido e México, xunto o capital dirixido ao aluguer de inmobles das Illas Virxes Británicas, absorberon o 92,6% do IED do primeiro semestre de 2020.

A pesar do menor peso de Portugal en 2019 e nos seis primeiros meses de 2020, o IED acumulado desde 2008, considerando tanto as operacións de ETVE como as que non o son, e que se eleva a 3.051 millóns de euros, provén en case un 30% deste país debido, sobre todo, ás transaccións efectuadas por Cimpor; que agora se imputan a Brasil tras a adquisición da cementeira portuguesa e do conxunto de sociedades que a través da Corporación Noroeste posuía en Galicia. Iso tamén explica o lugar destacado que neste *ranking* ocupa Brasil; entre ambas, exceden o 50% do IED recibido por Galicia nos últimos doce anos. Pola súa banda, os investimentos do terceiro país, Luxemburgo, adoitan provir de lugares moi diversos do mundo, inclusive China, xa que as sociedades deste país adoitan desempeñar un papel de intermediario. Precisamente, a caída dos investimentos de China motivou un freo no seu continuo ascenso como país do que procedía un fluxo de capital cara a Galicia, situándose no sexto lugar deste *ranking*. Coa nova lexislación cabe agardar un cambio nas estratexias deste xigante económico ante a dificultade de conseguir a entrada en sectores definidos como estratéxicos no territorio europeo, dos que, nos últimos anos, Galicia non quedou á marxe.

Cadro núm. 17


Procedencia última do investimento estranxeiro bruto efectuado en Galicia desde 2008 a xuño de 2020

País	Miles de euros	%
Portugal	898.888	29,46
Brasil	672.330	22,04
Luxemburgo	272.787	8,94
Reino Unido	258.986	8,49
Italia	252.726	8,28
Francia	156.388	5,13
Resto países	538.865	17,66
Total	3.050.969	100,00

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

O IED emitido desde Galicia declarado no rexistro de investimentos

Nos últimos anos, o IED emitido por Galicia adoita ser inusualmente alto con respecto a outras variables que permiten caracterizar a internacionalización da economía galega. Así, a contía, con datos provisionais, de investimento directo que se realizou desde Galicia ao estranxeiro en 2019, 2.218,2 millóns de



euros, foi, tras a de Madrid, a máis elevada de España superando a comunidades como Cataluña, País Vasco ou Cantabria, sendo nesta última onde se rexistra, por exemplo, o IED do Banco de Santander.

No gráfico 10 apréciase que o investimento de 2019 foi o máis elevado desde 1995 e, de feito, alcanzouse unha cifra récord desde que existe o rexistro de investimentos. Doutra banda, no primeiro semestre de 2020 e nun período de lóxico retraemento da saída de capital español ao estranxeiro ante a crise á que se ven abocadas moitas sociedades, sorprendentemente, o IED emitido por Galicia xa se aproximaba ao de todo o

ano 2019. Representaba a cuarta parte do emitido en toda España e lograba manter, tras Madrid, o segundo lugar entre as comunidades autónomas españolas.

Tamén cómpre recordar que tradicionalmente Galicia vén comportándose como un territorio no que, anualmente, o capital que se emitía era superior ao que se recibía. En termos absolutos, as diferenzas son evidentes. En 2019, ano en que o IED recibido foi excepcionalmente alto, a entrada de capital foi de 723 millóns de euros, e a saída alcanzou os 2.218,2, ou sexa, o seu valor foi o triplo. Maior diferenza observouse no primeiro semestre de 2020, xa que fronte a un IED recibido de tan só 25,8 millóns de euros, o IED emitido elevouse aos 1.725,5 millóns de euros; por tanto, este investimento multiplicou por 67 o que entrou en Galicia.

A explicación a eses resultados tan dispares entre os fluxos de entradas e saídas de capitais débese a un feito puntual máis que a unha característica peculiar da estrutura produtiva galega. A localización en Arteixo da sede social de Inditex, xunto aos importantes investimentos inmobiliarios que adoita realizar o seu fundador e principal accionista a través do grupo Pontegadea determinan estes resultados. Ambos están relacionados, xa que esta última se nutre dunha parte dos beneficios obtidos polo seu fundador da actividade de Inditex na fabricación e comercialización de pezas de vestir e complementos. Porén, é importante sinalar que a diferenza da balanza de pagos ou das estatísticas sobre os fluxos co exterior do Banco de España, o rexistro non inclúe nos seus datos a reinvestimento de beneficios, os investimentos de particulares en inmoables nin os fluxos de financiamento entre empresas relacionadas.

Cadro núm. 18

Distribución territorial do investimento español bruto no exterior

	2018		2019		I semestre 2019		I semestre 2020		TVI (%) 2019/2018	TVI (%) I semestre 2020/2019
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%		
Andalucía	522,3	1,2	528,1	2,3	163,1	1,6	4,9	0,1	1,1	-97,0
Aragón	590,3	1,4	22,4	0,1	22,4	0,2	0,1	0,0	-96,2	-99,5
Cantabria	4.754,0	11,1	150,0	0,7	50,0	0,5	29,0	0,4	-96,8	-41,9
Castela e León	77,5	0,2	880,4	3,9	658,1	6,6	35,5	0,5	1.035,7	-94,6
Castela-A Mancha	1,3	0,0	0,5	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	-65,7	-52,3
Cataluña	5.470,4	12,8	1.177,4	5,2	550,8	5,5	1.115,4	16,4	-78,5	102,5
Madrid	25.523,8	59,8	14.635,5	64,9	6.197,2	62,0	3.433,6	50,4	-42,7	-44,6
C. Valenciana	1.271,4	3,0	178,9	0,8	150,2	1,5	262,2	3,8	-85,9	74,6
Estremadura										
Galicia	1.932,0	4,5	2.218,2	9,8	741,6	7,4	1.725,5	25,3	14,8	132,7
Baleares	683,9	1,6	593,8	2,6	79,1	0,8	113,5	1,7	-13,2	43,4
Canarias	140,7	0,3	0,1	0,0	0,1	0,0	0,0	0,0	-99,9	-100,0
A Rioxa	1,7	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	-100,0	
Navarra	93,9	0,2	66,1	0,3	41,2	0,4	4,5	0,1	-29,6	-89,1
País Vasco	1.144,0	2,7	923,2	4,1	722,7	7,2	68,4	1,0	-19,3	-90,5
Asturias	438,4	1,0	1.145,4	5,1	601,1	6,0	23,8	0,3	161,3	-96,0
Murcia	32,9	0,1	35,7	0,2	19,5	0,2	0,0	0,0	8,5	-100,0
Total	42.678,4	100,0	22.555,8	100,0	9.997,3	100,0	6.816,5	100,0	-47,1	-31,8

Datos provisionais.

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

No cadro 18 é importante volver subliñar que os datos que contén son provisionais, xa que están suxeitos a modificacións ante unhas oscilacións no rexistro que poden ser moi elevadas cando se producen atrasos nas anotacións de operacións dunha certa envergadura. No devandito cadro, obsérvase o

elevado peso de Madrid ao localizarse nesta comunidade a maior parte das grandes empresas españolas que realizan investimentos no estranxeiro dun certo calado. Nesta estatística o efecto sede desempeña un papel determinante. Doutra banda, a localización de dúas das máis importantes entidades bancarias deste país en Cantabria e País Vasco adoita elevar puntualmente o investimento destas comunidades. Un exemplo diso percíbese na información sobre Cantabria no cadro 18. Tamén se aprecia a perda de peso relativo de Cataluña, entre outras causas, polo traslado de varias sedes sociais e polo seu menor investimento exterior. En 2019 só representaba o 5,2% do total fronte ao 12,8% de 2018. Non obstante, no primeiro semestre de 2020 esta porcentaxe elevouse ao 16,4%. De feito, os resultados deste período indican que excepto o IED de Madrid, Galicia e Cataluña, o das restantes actividades foi, en todas elas, moi baixo.

Cadro núm. 19

Distribución territorial, con e sen ETVE, do investimento español bruto e neto no exterior

Ano 2019

	Investimento bruto				Investimento neto	
	Sen ETVE		Con ETVE		Sen ETVE	Con ETVE
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	Millóns de euros	Millóns de euros
Andalucía	72,73	0,37	528,13	2,34	-5.943,45	-5.530,82
Aragón	22,42	0,11	22,42	0,10	-63,58	-63,64
Cantabria	149,99	0,76	149,99	0,66	-561,70	-561,70
Castela e León	880,35	4,44	880,35	3,90	869,49	869,49
Castela-A Mancha	0,46	0,00	0,46	0,00	0,21	0,21
Cataluña	1.110,15	5,60	1.177,43	5,22	-1.340,94	-1.305,62
Madrid	12.867,30	64,88	14.635,47	64,89	6.588,49	4.207,65
C. Valenciana	178,93	0,90	178,93	0,79	44,04	44,04
Extremadura						
Galicia	2.127,58	10,73	2.218,21	9,83	2.059,34	2.149,97
Baleares	252,53	1,27	593,82	2,63	252,44	593,73
Canarias	0,12	0,00	0,12	0,00	0,04	-53,85
A Ríoxa	0,00	0,00	0,00	0,00	-0,05	-0,05
Navarra	66,12	0,33	66,12	0,29	66,12	66,12
País Vasco	923,21	4,65	923,21	4,09	516,83	516,83
Asturias	1.145,43	5,78	1.145,43	5,08	714,17	714,17
Murcia	35,68	0,18	35,68	0,16	32,29	32,29
Total	19.833,00	100,00	22.555,78	100,00	3.233,74	1.678,82

I semestre de 2020

	Investimento bruto				Investimento neto	
	Sen ETVE		Con ETVE		Sen ETVE	Con ETVE
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	Millóns de euros	Millóns de euros
Andalucía	4,90	0,08	4,90	0,07	4,90	4,90
Aragón	0,11	0,00	0,11	0,00	0,11	0,11
Cantabria	29,03	0,47	29,03	0,43	27,30	27,30
Castela e León	35,53	0,57	35,53	0,52	-6,05	-6,05
Castela-A Mancha	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Cataluña	1.114,26	17,90	1.115,43	16,36	969,61	968,06
Madrid	2.844,33	45,68	3.433,64	50,37	1.255,64	1.805,46
C. Valenciana	262,20	4,21	262,20	3,85	261,38	261,38
Extremadura						
Galicia	1.725,45	27,71	1.725,45	25,31	1.722,65	1.722,65
Baleares	113,51	1,82	113,51	1,67	113,22	113,10
Canarias	0,00	0,00	0,00	0,00	-6,56	-6,56
A Ríoxa	0,02	0,00	0,02	0,00	0,02	0,02
Navarra	4,48	0,07	4,48	0,07	4,48	4,48
País Vasco	68,38	1,10	68,38	1,00	37,95	37,95
Asturias	23,81	0,38	23,81	0,35	23,81	23,81
Murcia	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Total	6.226,04	100,00	6.816,51	100,00	4.408,48	4.956,64

Datos provisionais.

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

No cadro 19 diferéncianse, por unha banda, os investimentos de ETVE dos que non o son e, por outra, dentro de cada tipo de investimento, o bruto do neto. Como cabería agardar, os investimentos ETVE concéntranse en Madrid, xa que é nesta comunidade onde teñen a súa sede as sociedades *holding* que adoitan facer este tipo de operacións. Do mesmo xeito que ocorría co IED recibido e en simetría con el, a contía deste investimento foi decaendo tras o forte impacto nos primeiros anos deste século. En Galicia, en 2019 contabilizáronse como operación ETVE un total de 90,6 millóns de euros dirixidos a Brasil no sector de cemento, a través das sociedades *holding* do grupo Votorantim, o que xa se explicou ao estudar o IED recibido. No primeiro semestre de 2020 non houbo ningunha operación ETVE en Galicia.

Cadro núm. 20

Distribución sectorial do investimento estranxeiro bruto galego no exterior**Ano 2019**

Sectores	Sector de orixe		Sector de destino	
	Miles de euros	%	Miles de euros	%
Agricultura, gandería, selvicultura e pesca	14.091,2	0,6	16.567,8	0,7
Industrias extractivas			0,1	
Industria manufacturera	851.634,0	38,4	955.348,4	43,1
Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado			13.570,0	0,6
Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación				
Construción	46.858,6	2,1	739.511,4	33,3
Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	23.640,0	1,1	14.147,7	0,6
Transporte e almacenamento			1.782,0	0,1
Hostalería	2.479,6	0,1	2.479,6	0,1
Información e comunicacións			2.000,0	0,1
Actividades financeiras e de seguros	122.588,9	5,5	9.154,4	0,4
Actividades inmobiliarias	1.135.000,8	51,2	456.239,7	20,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	21.920,3	1,0	7.409,0	0,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares				
Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria				
Educación				
Actividades sanitarias e de servizos sociais				
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento				
Outros servizos			3,3	0,0
Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio				
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais				
Persoas físicas (sen sector de actividade)	0,2	0,0		
Total	2.218.213,6	100,0	2.218.213,6	100,0

I semestre 2020

Sectores	Sector de orixe		Sector de destino	
	Miles de euros	%	Miles de euros	%
Agricultura, gandería, selvicultura e pesca	0,1	0,0		
Industrias extractivas				
Industria manufacturera	1.600.000,0	92,7		
Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado				
Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación				
Construción				
Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	1.250,0	0,1	1.601.250,0	92,8
Transporte e almacenamento				
Hostalería	138,5	0,0	138,5	0,0
Información e comunicacións	14.075,0	0,8	14.075,0	0,8
Actividades financeiras e de seguros				
Actividades inmobiliarias	109.989,2	6,4	109.989,2	6,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas				
Actividades administrativas e servizos auxiliares				
Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria				
Educación				
Actividades sanitarias e de servizos sociais				
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento				
Outros servizos				
Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio				
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais				
Persoas físicas (sen sector de actividade)				
Total	1.725.452,7	100,0	1.725.452,7	100,0

Datos provisionais.

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

A diferenza entre o investimento bruto e neto está nos desinvestimentos realizados neste período. No cadro 19 apréciase que a retirada de capital do estranxeiro foi elevada na maior parte das comunidades autónomas. Obsérvanse os resultados negativos no investimento neto de Andalucía, Cataluña, Aragón e Cantabria, o que significa que se desinvestiu máis que o que se investiu. No caso de Madrid, para as que non foron consideradas como operacións de ETVE, o investimento neto foi xustamente a metade do bruto, sendo aínda maior os desinvestimentos de ETVE. En Galicia desinvestíronse un total de 68,24 millóns de euros en 11 países. A maior saída de capital produciuse en Ecuador, 37,9 millóns de euros, nunha empresa do sector de conservas de peixe. Recordemos que Ecuador abastece de atún á industria conserveira e un grupo de empresas españolas entendeu que era un bo país para internacionalizarse e

realizar alí a súa actividade produtiva. A segunda maior saída de capital, 20,4 millóns de euros, realizouse na India. Trátase dun novo movemento do *holding* da industria de cemento. O terceiro desinvestimento de maior contía, por un importe de 5,7 millóns de euros, produciuse en Polonia no sector terciario na consultoría de xestión empresarial. Tamén houbo desinvestimentos, aínda que de menor volume que os xa indicados, en Guatemala, México, Xapón, Portugal, Colombia, Emiratos Árabes Unidos, Arxentina e Brasil.

En canto ao primeiro semestre de 2020, foron elevados os desinvestimentos efectuados por empresas con sede social en Madrid, sobre todo nas sociedades ETVE. Pola súa banda, en Galicia retiráronse 2,8

Cadro núm. 21

Distribución do investimento estranxeiro bruto no exterior por sector de destino

Ano 2019

Sector	Galicia		España		% Galicia/España
	Miles de euros	%	Miles de euros	%	
Agricultura, gandería, selvicultura e pesca	16.567,8	0,7	253.522,1	1,1	6,5
Industrias extractivas			1.316.286,4	5,8	
Industria manufacturera	955.348,4	43,1	5.160.700,5	22,9	18,5
Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	13.570,0	0,6	1.232.383,3	5,5	1,1
Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación			217.250,7	1,0	
Construción	739.511,4	33,3	1.459.188,5	6,5	50,7
Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	14.147,7	0,6	1.109.417,8	4,9	1,3
Transporte e almacenamento	1.782,0	0,1	797.684,3	3,5	0,2
Hostalería	2.479,6	0,1	513.863,8	2,3	0,5
Información e comunicacións	2.000,0	0,1	4.361.037,6	19,3	0,0
Actividades financeiras e de seguros	9.154,4	0,4	4.046.528,4	17,9	0,2
Actividades inmobiliarias	456.239,7	20,6	662.866,2	2,9	68,8
Actividades profesionais, científicas e técnicas	7.409,0	0,3	449.744,9	2,0	1,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares			878.335,6	3,9	
Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria					
Educación			10.857,3	0,0	
Actividades sanitarias e de servizos sociais			55.835,3	0,2	
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento			29.299,7	0,1	
Outros servizos	3,3	0,0	973,3	0,0	0,3
Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio					
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais					
Total	2.218.213,5	100,0	22.555.775,7	100,0	9,8

I semestre 2020

Sector	Galicia		España		% Galicia/España
	Miles de euros	%	Miles de euros	%	
Agricultura, gandería, selvicultura e pesca			30.990,5	0,5	
Industrias extractivas			300.481,4	4,4	
Industria manufacturera			1.862.194,1	27,3	
Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado			620.176,6	9,1	
Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación			21.997,7	0,3	
Construción			149.115,2	2,2	
Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	1.601.250,0	92,8	1.902.116,8	27,9	84,2
Transporte e almacenamento			1.581,7	0,0	
Hostalería	138,5	0,0	107.900,6	1,6	0,1
Información e comunicacións	14.075,0	0,8	815.427,1	12,0	1,7
Actividades financeiras e de seguros			760.412,4	11,2	0,0
Actividades inmobiliarias	109.989,2	6,4	148.644,3	2,2	74,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas			34.509,3	0,5	
Actividades administrativas e servizos auxiliares			55.035,1	0,8	
Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria					
Educación			1.300,0	0,0	
Actividades sanitarias e de servizos sociais			3.226,2	0,0	
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento					
Outros servizos			1.401,6	0,0	
Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio					
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais					
Total	1.725.452,7	100,0	6.816.510,7	100,0	25,3

Datos provisionais.

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

millóns de euros de capital galego investido no estranxeiro en exercicios anteriores. As saídas producíronse en Brasil, cun desinvestimento de 876.630 euros no sector de produción de enerxía, e en Arxentina, 1.927.380 euros, na industria pesqueira.

No cadro 20 preséntase, por sector de orixe e destino, a distribución do IED emitido por Galicia en 2019 e no primeiro trimestre de 2020. As actividades inmobiliarias e a industria manufactureira e, en menor grao, as actividades financeiras e de seguros eran os sectores de orixe que absorbían a práctica totalidade dos investimentos efectuados, un 95,1%. As actividades inmobiliarias diríxense cara ao mesmo sector ou á construción. A carteira inmobiliaria do grupo Pontegadea é determinante nestes investimentos. En 2019 volveu experimentar un novo incremento, de tal modo que nese ano o conxunto do grupo, cuxa sociedade co maior patrimonio é Pontegadea Investimentos, alcanzaba os 15.163 millóns de euros en activos, o que a colocaba como terceiro grupo inmobiliario español. 2019 foi un dos anos importantes en canto a investimentos, xa que realizou, polo menos, seis investimentos inmobiliarios en todo o mundo. En Londres, cidade na que se concentra unha boa parte do seu patrimonio, adquiriu no West End o inmoible denominado The Post Building, sede da consultora McKinsey, cun investimento que roldou os 700 millóns de euros. Non obstante, os maiores investimentos volveron realizarse en Estados Unidos coa adquisición dos complexos Troy Block e Arbor Blocks, en Seattle, e o 815 de Connecticut Avenue en Washington DC. Con todo iso superouse o obxectivo de investir arredor de 2 mil millóns de euros cada ano. O investimento total foi de 2.065 millóns de euros. Neste exercicio, para poder realizar estas transaccións procedeuse, polo tanto, a unha inxección de capital ás empresas do grupo encargadas de realizar estas operacións.

No cadro 20 obsérvase que o capital galego procedente de actividades inmobiliarias en 2019 dirixiuse no país de destino tamén ás actividades inmobiliarias e, previsiblemente, en maior medida, ao apartado de promoción inmobiliaria no sector da construción. O principal país de destino deste último sector foi Estados Unidos e, de actividades inmobiliarias, Reino Unido e Luxemburgo.

A industria manufactureira no sector de destino recibiu un total de 955,4 millóns de euros, dos que 456 millóns corresponden cun IED emitido por Galicia e dirixido ao sector da automoción de Arxentina; actividade que tivo un protagonismo especial no IED galego tanto recibido como emitido en 2019. O segundo investimento de 390 millóns está vinculado coa industria do cemento e tamén se dirixiu a Arxentina.

Cadro núm. 22

Destino do investimento bruto galego e español no exterior

Área de destino	Galicia		España		% Galicia/ España
	Miles de euros	%	Miles de euros	%	
2018					
UE-28	150.493	7,8	14.728.543	34,5	1,02
Resto de Europa	527.601	27,3	2.483.389	5,8	21,25
América do Norte	977.288	50,6	9.405.859	22,0	10,39
Latinoamérica	206.672	10,7	13.486.261	31,6	1,53
Resto de América	0	0,0	202.852	0,5	0,00
Asia e Oceanía	958	0,0	2.183.657	5,1	0,04
África	68.962	3,6	187.890	0,4	36,70
Total	1.931.973	100,0	42.678.450	100,0	4,53
2019					
UE-28	262.566	11,8	7.175.327	31,8	3,66
Resto de Europa	244.166	11,0	1.555.006	6,9	15,70
América do Norte	684.306	30,8	4.347.710	19,3	15,74
Latinoamérica	979.225	44,1	7.993.755	35,4	12,25
Resto de América	30	0,0	66.421	0,3	0,04
Asia e Oceanía	2.980	0,1	952.176	4,2	0,31
África	44.940	2,0	465.381	2,1	9,66
Total	2.218.214	100,0	22.555.776	100,0	9,83
I semestre 2020					
UE-28	1.662.704	96,4	3.017.967	44,3	55,09
Resto de Europa	62.749	3,6	1.552.740	22,8	4,04
América do Norte	0	0,0	448.721	6,6	0,00
Latinoamérica	0	0,0	1.710.973	25,1	0,00
Resto de América	0	0,0	10.873	0,2	0,00
Asia e Oceanía	0	0,0	67.905	1,0	0,00
África	0	0,0	7.332	0,1	0,00
Total	1.725.453	100,0	6.816.511	100,0	25,31

Datos provisionais.

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

Cadro núm. 23

Destino do investimento bruto galego e español no exterior

Ano 2019

Galicia			España		
País ou territorio	Miles de euros	%	País ou territorio	Miles de euros	%
Argentina	845.954,8	38,14	Estados Unidos	4.323.752,2	16,26
Estados Unidos	684.306,0	30,85	Francia	3.245.560,7	12,20
Reino Unido	239.478,1	10,80	Brasil	2.237.888,3	8,41
Luxemburgo	211.776,7	9,55	México	1.359.159,0	5,11
Brasil	93.691,1	4,22	Luxemburgo	1.075.228,0	4,04
Marrocos	44.693,3	2,01	Chile	1.027.194,3	3,86
Portugal	25.860,9	1,17	Reino Unido	1.017.063,6	3,82
México	14.780,2	0,67	Argentina	998.600,9	3,75
Panamá	13.570,8	0,61	Países Baixos	926.334,1	3,48
Polonia	7.409,0	0,33	Uruguai	875.290,2	3,29
Ecuador	7.162,4	0,32	Colombia	700.345,1	2,63
Francia	6.607,2	0,30	Portugal	611.365,6	2,30
Italia	3.300,0	0,15	Marrocos	417.874,0	1,57
India	2.976,7	0,13	Suíza	412.430,2	1,55
Irlanda	2.501,0	0,11	Grecia	321.599,3	1,21
Turquía	2.495,7	0,11	Malaisia	298.271,5	1,12
Perú	2.491,4	0,11	Alemaña	297.931,0	1,12
Suíza	2.192,5	0,10	Perú	289.704,1	1,09
Dinamarca	2.009,2	0,09	Irlanda	264.243,9	0,99
Austria	1.800,0	0,08	Italia	241.239,5	0,91
Guatemala	1.503,3	0,07	Arabia Saudí	233.606,0	0,88
Bélxica	600,0	0,03	Singapur	129.073,8	0,49
Bulgaria	460,2	0,02	China	118.383,5	0,45
Mauritania	246,5	0,01	O Salvador	112.331,7	0,42
Suecia	242,2	0,01	República Dominicana	106.015,6	0,40
Colombia	71,7	0,00	Costa Rica	101.993,1	0,38
Groenlandia	29,8	0,00	Turquía	86.393,5	0,32
Australia	3,2	0,00	Hong Kong	64.076,2	0,24
Costa Rica	0,0	0,00	Resto do mundo	4.702.234,2	17,68
Total	2.218.108,9	100,00	Total	26.595.183,2	100,00

I semestre 2020

Galicia			España		
País ou territorio	Miles de euros	%	País ou territorio	Miles de euros	%
Países Baixos	1.600.000,0	92,73	Países Baixos	1.639.772,9	24,06
Reino Unido	62.748,9	3,64	Reino Unido	1.546.706,5	22,69
Luxemburgo	47.240,4	2,74	Brasil	829.675,2	12,17
Portugal	15.325,0	0,89	Portugal	586.004,7	8,60
Francia	138,5	0,01	Estados Unidos	448.711,8	6,58
Argentina	0,0	0,00	Alemaña	326.326,4	4,79
Brasil	0,0	0,00	Resto do mundo	1.439.313,2	21,12
Total	1.725.452,7	100,00	Total	6.816.510,7	100,00

Datos provisionais.

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

No cadro 20 reflíctense os sectores de orixe e destino do IED emitido no primeiro semestre de 2020. O primeiro que destaca con respecto a 2019 é a desaceleración de actividades inmobiliarias e a inexistencia de investimentos no apartado de promoción inmobiliaria dentro da construción. Este freo investidor que afectou o grupo Pontegadea explícase pola situación na que actualmente se atopa o mercado inmobiliario internacional, ante unha crise sanitaria que se estende por todo o mundo e, en segundo lugar, pola caída de dividendos no sector téxtil-confección, tamén ante esta urxencia sanitaria. Neste mesmo capítulo comentouse a evolución das exportacións e importacións galegas neste mercado. Este menor dividendo reduce a inxección de capital anual destinada ao investimento en inmobles dedicados na súa maior parte ao aluguer. Os 110 millóns de euros que figuran no cadro 20 en actividades inmobiliarias destináronse a Luxemburgo e Reino Unido e, posiblemente, obedezan a transaccións correspondentes a 2019.

Unha segunda cuestión, clave no IED de 2020, é a saída de 1.600 millóns de euros da industria manufactureira galega cara ao comercio polo miúdo dos países de destino. En concreto, do sector de pezas de vestir ao seu comercio miúdo, sendo o seu destino os Países Baixos. Sen dúbida trátase de operacións de Inditex vinculadas co punto de conexión loxística que recentemente se dotou neste país e relacionado coa expansión *online* que a compañía está acelerando, tras a experiencia da crise sanitaria e as novas tendencias da distribución no mundo.

No cadro 21, e do mesmo xeito a como se veu facendo nos informes precedentes, compárase sectorialmente a distribución do IED emitido desde Galicia co do total de España. Obsérvase como nas actividades inmobiliarias e promoción inmobiliaria que se fan desde Galicia representan, en valor, máis da metade do total de España, tendo en 2019 tamén un peso relativo elevado a industria manufactureira ante a contía dos investimentos antes descritos.

En canto ao destino do IED emitido, no cadro 22 apréciase que por grandes territorios os lugares son cambiantes ante o número de operacións que se adoitan realizar e a súa singularidade. Así, no primeiro semestre de 2020, a operación dirixida aos Países Baixos polo sector da confección de pezas de vestir concentra na Unión Europea (96,4%) o IED emitido, o que contrasta cos resultados en España moito máis diversificados. En 2019 o investimento en industria manufactureira fixo que a maior porcentaxe se concentra en América Latina, seguida de América do Norte, grazas á entrada de capital galego no sector inmobiliario. No grupo Resto de Europa destaca tamén pola actividade inmobiliaria do Reino Unido, mentres que na Unión Europea alcanza unha porcentaxe do 11,8%, grazas ao papel de intermediario desempeñado por Luxemburgo na adquisición de inmobles. O peso dun 2% de África débese a un IED dirixido a Marrocos por un valor de 44,7 millóns de euros, tamén maioritariamente destinados á promoción inmobiliaria. Por último, compróbase que o IED dirixido a Asia e Oceanía foi, tanto en 2019 como en 2020, moi escaso. Tan só cabe destacar unha operación de case 3 millóns de euros destinada á India e á industria de procesado de peixe.

Cadro núm. 24
Destino do investimento estranxeiro
bruto emitido por Galicia desde 2008 ao I semestre de 2020

País	Miles de euros	%
Estados Unidos de América	3.770.407	23,75
Reino Unido	2.253.248	14,19
Países Baixos	1.823.690	11,49
Brasil	1.268.033	7,99
Luxemburgo	962.334	6,06
Arxentina	944.889	5,95
Austria	554.435	3,49
Francia	502.375	3,16
Turquía	354.818	2,24
Marrocos	274.151	1,73
Resto países	3.166.993	19,95
Total	15.875.373	100,00

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

motivo. Estados Unidos lidera en 2019 a clasificación española. Un país que tradicionalmente adoita colocarse nos primeiros postos é o noso veciño Portugal, o que mostra que o fluxo inversor funciona nas dúas direccións. O IED emitido galego de 25,9 millóns en 2019 dirixiuse tamén cara á promoción inmobiliaria.

No primeiro semestre de 2020, o peso dos Países Baixos é tan forte que o investimento de Inditex permite que non só lidere este *ranking* en Galicia senón tamén en España, por diante do Reino Unido; país que a pesar do Brexit segue sendo un dos territorios preferidos tanto para os investidores españois como os galegos.

Cadro núm. 25
Situación en 2018 dos stocks xerados polo investimento galego no exterior. Distribución sectorial

Sectores	Stock Empleo	Stock da posición investidora (en miles de euros)	Stock da cifra de negocio (en miles de euros)
Actividades inmobiliarias	321	5.471.790	262.480
Comercio polo miúdo, excepto de vehículos de motor	194.487	5.434.080	19.544.200
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	2.948	2.711.840	2.031.580
Construción de edificios	563	753.390	355.080
Fabricación de vehículos de motor, remolques	6.733	418.800	2.071.170
Comercio por xunto, excepto vehículos de motor	1.434	323.110	896.260
Pesca e acuicultura	6.553	306.750	640.420
Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire	37	221.130	95.150
Industria da alimentación	5.905	170.650	699.970
Industria do papel	611	145.420	351.330
Resto	6.556	789.250	1.783.490
Total	226.148	16.746.210	28.731.130

Datos provisionais.

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

No cadro 23, e do mesmo xeito que para o IED emitido, preséntase a totalidade dos países ou territorios aos que se dirixiu o investimento galego e compárase coa distribución dos principais países aos que se dirixiu o IED español. A novidade en 2019 é o liderado, un tanto ficticio, de Arxentina, debido aos investimentos no sector do cemento realizado polo *holding* vigués da empresa brasileira Votorantim. Nos últimos anos, os investimentos inmobiliarios en Estados Unidos e Reino Unido permiten colocarse nos primeiros lugares do *ranking* a estes dous países, seguidos por Luxemburgo por ese mesmo

En canto ao IED emitido por Galicia, acumulando o investimento desde 2008 ata o primeiro semestre de 2020, e incluíndo as operacións de ETVE, hai tres países (Estados Unidos, Reino Unido e Países Baixos) que absorben a metade do fluxo investidor total. O lugar de Brasil xustifícase en boa parte polas operacións de tipo ETVE por parte do sector cementeiro, mentres que varios dos seguintes países do *ranking* alcanzaron esa posición grazas aos investimentos en distribución comercial polo miúdo do sector de confección de pezas de vestir.

Finalmente, os cadros 25 e 26 permiten complementar a análise dos fluxos realizados ata agora, grazas a que o rexistro publica dun modo máis detallado que o IED recibido a situación dos stocks. O último ano para o que se dispón de información é 2018. O cadro 25 reflicte o tipo de IED que se emitiu en Galicia nas últimas décadas. Concentrouse na xeración dunha extensa rede de comercio polo miúdo no mundo por parte de Inditex e na adquisición de inmobles para o aluguer (sobre todo nos Estados Unidos e Reino Unido) por parte do principal accionista de Inditex, que se canalizan a través das sociedades que constitúen o grupo Pontegadea.

Cadro núm. 26

Situación en 2018 dos stocks xerados polo investimento galego no exterior. Distribución por países ou territorios

Sectores	Stock Empleo	Stock da posición investidora (en miles de euros)	Stock da cifra de negocio (en miles de euros)
Países Baixos	3.253	6.189.540	7.586.360
Estados Unidos	6.306	3.633.410	1.683.250
Reino Unido	5.474	2.576.940	1.212.470
Portugal	9.848	1.258.290	2.127.770
Francia	9.887	855.630	2.041.000
Arxentina	5.668	787.930	1.420.480
Austria	1.144	753.780	154.160
Canadá	3.738	751.280	755.540
Italia	8.797	721.110	1.989.250
Suráfrica	499	410.760	183.460
Resto do mundo	97.323	4.791.040	14.255.090
Total	151.938	22.729.710	33.408.830

Fonte: Registro de Inversiones Exteriores.

Esta explicación é extensible tanto ao emprego creado no exterior, como ao volume da cifra de negocios alcanzada, case toda no comercio polo miúdo. En canto ao stock da cantidade investida en 2018, estas dúas actividades están máis equilibradas como se comproba no cadro 25.

Se en lugar de observar os stocks xerados polo IED emitido por sectores se realiza por países, no cadro 26 apréciase que en 2018 o emprego xerado seguía concentrándose, como nos anos anteriores, nos países máis próximos, Francia, Portugal e Italia. Non así os stocks sobre a contía do investimento mantido e a cifra de negocios, na que os Países Baixos teñen un papel determinante e que se incrementará aínda máis cos resultados de 2020. Recordemos que este territorio tamén desempeña, como, Luxemburgo, un papel de intermediario.

VI. Construcción

- En 2019 o sector construtor medrou tanto en Galicia como en España. En 2020 a crise sanitaria provoca fortes caídas do VEB con aumento do paro e descenso das afiliacións á Seguridade Social.
- As expectativas empresariais do sector, que xa viñan deteriorándose en 2019, empeoran na primeira metade de 2020, mellorando no terceiro trimestre, aínda que seguen a ser pesimistas.
- En 2019 aumentan as iniciacións de novas vivendas en España e Galicia. En 2020 a oferta de venda continúa crescendo en Galicia, pero cae fortemente no conxunto de España.
- As vendas de vivendas subiron en Galicia en 2019, mentres se estancan no conxunto do Estado. En 2020 a crise sanitaria provoca un derrube da demanda tanto en Galicia como en España.
- En 2019 o número de vivendas non vendidas en Galicia redúcese, pero na primeira metade de 2020 a caída das vendas fai que se incremente o stock por primeira vez desde o ano 2011.
- O prezo medio da vivenda mantívose en Galicia en 2019 e baixou lixeiramente na primeira metade de 2020. Porén, nas grandes cidades os prezos continúan aumentando en 2020 nun mercado dominado pola vivenda usada.
- Os indicadores de accesibilidade á vivenda mantivéronse en bos niveis en 2019 e 2020, malia que a caída das rendas e do emprego no último ano xera expectativas económicas negativas sobre o investimento en novas vivendas no inmediato futuro.
- A demanda de obras das administracións públicas en Galicia segue unha tendencia contraria á do resto de España: diminúe en 2019 e sobe nos oito primeiros meses de 2020, con caída do gasto central e forte alza do autonómico.
- En 2019 o gasto público por habitante situou a Galicia por debaixo da media estatal, pero nos oito primeiros meses de 2020 a galega é a segunda comunidade en investimento pública por habitante.
- En 2021 a demanda de obra das administracións en Galicia poderá manterse grazas a un crecemento extraordinario previsto no investimento autonómico, pero a finalización das obras do AVE anuncia fortes caídas nos investimentos públicos nos anos sucesivos.

Introdución

Neste capítulo téntase analizar a evolución do sector construtor en 2019 e a primeira metade de 2020. A pandemia que se inicia a comezos do ano 2020, e as medidas tomadas ao efecto, producen unha tremenda recesión xeneralizada na economía do país, que non pode deixar de afectar a un sector como o da vivenda, tan dependente do emprego, das rendas familiares e das expectativas. Estas variables atópanse baixo mínimos nestes momentos nos que España está inmersa na segunda onda da praga, o que pode agravar aínda máis a xa deteriorada situación económica. Neste contexto, as liñas de evolución normal da economía e, polo tanto, do sector da construción crebáronse e resulta moi complicado facer diagnósticos e aventurar a evolución futura da actividade. A continuación describiremos a situación en 2019 e na primeira metade de 2020, deixando constancia dos grandes problemas aos que se enfronta o sector nos vindeiros anos.

Cadro núm. 1

Indicadores do sector da construción en España. Taxas de variación interanuais (en %)

	2018	2019	2020*	2019-2020				
				III trim.	IV trim.	I trim.	II trim.	III trim.
VEB construción	4,1	4,3	-17,1	3,2	1,7	-6,6	-27,5	-
FBCF. Construción. Vivendas	12,4	3,4	-18,7	3,4	3,1	-6,4	-30,8	-
FBCF. Construción. Outros	5,7	1,0	-15,5	-2,3	-8,8	-7,6	-23,5	-
Produción das empresas	4,0	-1,1	-11,8	-1,0	-3,1	-9,3	-25,4	-
Nova contratación	9,2	-1,6	-22,7	-2,4	2,9	-14,0	-38,6	-
Ocupación	8,3	4,6	-3,4	2,4	0,3	-0,3	-8,4	-1,6
Paro estimado	-10,3	1,9	13,9	4,0	12,6	3,3	25,0	13,3
Afiliación á Seguridade Social	6,6	5,0	-2,9	4,3	2,9	-1,8	-5,3	-
Paro rexistrado	-11,6	-10,9	2,3	-11,3	-3,6	-31,7	27,2	-
Consumo de cemento	8,6	8,4	-21,2	10,3	-3,4	-12,8	-54,9	-
Licitación oficial SEOPAN	27,6	6,9	-34,1	-2,3	-23,9	-33,8	-32,6	-
Índice de custos do sector	2,3	1,0	-1,3	0,6	-0,9	-0,4	-2,2	-

(*) Datos dos meses dispoñibles. En cada variable as taxas de variación están calculadas respecto do mesmo período de 2019.

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social, SEPE, EPA, INE e IGE.

Cadro núm. 2

Indicadores do sector da construción en Galicia. Taxas de variación interanuais (en %)

	2018	2019	2020*	2019-2020				
				III trim.	IV trim.	I trim.	II trim.	III trim.
VEB construción	4,6	2,6	-14,2	1,8	0,6	-5,3	-23,2	-
Ocupación	1,2	4,1	9,2	9,0	10,9	17,7	7,0	3,8
Paro estimado	-15,5	-8,1	45,4	-9,1	112,5	57,1	45,5	35,0
Afiliación á Seguridade Social	3,8	2,3	-4,2	2,1	0,2	-1,9	-6,4	-
Paro rexistrado	-17,1	-18,4	-5,0	-20,3	-7,1	-35,4	17,8	-
Licitación oficial SEOPAN	67,4	-13,6	0,2	-47,4	-33,6	-13,4	8,8	-

(*) Datos dos meses dispoñibles. En cada variable as taxas de variación están calculadas respecto do mesmo período de 2019.

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migracións e Seguridade Social, SEPE, EPA, INE e IGE.



Cadro núm. 3

O mercado de traballo na construción (medias do período). Ano 2020

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
Ocupación (xaneiro-setembro)						
Miles	35,4	7,6	8,2	23,7	74,9	1.232,0
TVI (%)	22,8	-4,2	8,9	-2,3	9,2	-3,4
Paro estimado (xaneiro-setembro)						
Miles	2,1	0,6	0,8	2,3	5,8	153,4
TVI (%)	72,2	5,9	19,0	51,1	45,4	13,9
Paro rexistrado (xaneiro-agosto)						
Miles	5,6	1,3	1,4	4,5	12,8	265,0
TVI (%)	-2,7	-7,9	-10,6	-5,1	-5,0	2,3
Afiliação á Seguridade Social (xaneiro-agosto)						
Miles	34,0	8,6	8,2	24,0	74,9	1,2
TVI (%)	-4,2	-3,9	-2,9	-4,7	-4,2	-2,9

As taxas de variación están calculadas respecto dos mesmos períodos correspondentes de 2019.

Fonte: Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social, SEPE, EPA e INE.



A vivenda en 2019 estaba en fase de recuperación, despois da gran depresión sufrida, situándose os inicios de obra a niveis próximos aos de dez anos antes. Pero neste exercicio obsérvase unha certa retardación da oferta de vivenda, cun crecemento moderado dos inicios de obra e unha forte caída das obras finalizadas. Nos sete primeiros meses de 2020 a oferta de vivenda en España viuse comprometida, caendo en picado os visados de dirección de obra. Polo outro lado do mercado, a demanda xa dá síntomas de debilidade en 2019, con caídas lixeiras das compras, e nos oito primeiros meses de 2020 a procura de vivenda baixa fortemente no conxunto de España. Pola súa vez, o gasto público, que aumentara en 2019, amosa tendencias negativas nos primeiros oito meses de 2020. Deste xeito, a situación do sector construtor español en 2020 é de debilidade con fortes signos recesivos.

A evolución da oferta de vivenda no mercado inmobiliario galego en 2019 e, en especial, na primeira metade de 2020 foi moito mellor que a do conxunto de España: as iniciacións de obra creceron moderadamente en 2019, aumentando o seu ritmo nos sete primeiros meses de 2020; mentres, as vivendas terminadas experimentaron unha expansión en 2019 que se prolonga na primeira metade de 2020. A demanda de vivenda, con todo, non acompañou a oferta. Aínda que as compras subiron en 2019, nos oito primeiros meses de 2020 derrubáronse, seguindo a tendencia xeral española. Doutra banda, o gasto das administracións públicas en Galicia descendeu en 2019, manténdose nos seis primeiros meses de 2020. Así pois, a demanda é o factor que reaccionou máis rapidamente fronte á situación creada pola crise sanitaria. É de temer que esta caída se vexa seguida de contraccións na oferta que, debido á inercia característica do sector, aínda

parece non reaccionar por completo fronte ao derrube das vendas.

Os tres primeiros cadros e gráficos mostran distintos estimadores de actividade do sector da construción para Galicia e España. En 2019 a valoración global é positiva, e o sector continúa crescendo a unha taxa do 4,3% para o conxunto de España e só do 2,6% para Galicia, segundo as estimacións da Contabilidade Nacional Trimestral de España. Con todo, neste exercicio xa parecen manifestarse tendencias á desaceleración, cunha importante redución no crecemento do investimento en vivenda, cuxa formación de capital fixo descende ata o 3,4%, despois de medrar ao 12,4% en 2018. O investimento noutros activos tamén se desaceleraba cun crecemento da súa FBCF de só o 1%. Ademais, a ocupación e o consumo de cemento amosaban que a expansión continuaba, aínda que a un ritmo máis moderado que no ano anterior; con todo, a contratación das empresas e os seus novos traballos entraban en números vermellos (cadro 1). Para Galicia, 2019 tamén se pode considerar un ano positivo, malia que nun ton menor respecto ao resto do Estado. O VEB da construción reducía a súa taxa de crecemento ao 2,6%, en boa parte debido á caída das obras públicas, mentres que o mercado de traballo daba signos positivos con diminución do paro e incremento da ocupación.

No momento de redactar estas liñas existen indicadores para a primeira metade do ano 2020, cubrindo algúns deles ata o terceiro trimestre. Como se aprecia no cadro 1, todos os índices de actividade mostran a profunda crise en que se viu sumido o sector no conxunto de España. A caída do 17% na produción, do 21% no consumo de cemento e no investimento, así como o crecemento do paro reflicten o decaemento da construción e da economía española no seu conxunto. En Galicia a redución do VEB non foi tan forte, cun descenso de "só" o 14,2% nos primeiros seis meses. Mentres, de maneira sorprendente, o emprego do sector da construción medra nos primeiros nove meses do ano, a pesar de que parte desta ocupación son traballadores afectados por expedientes de regulación de emprego temporal (ERTE) que se contabilizan como ocupados. O paro estimado aumenta fortemente e, quizais, as afiliacións á Seguridade Social reflicten máis fielmente o ocorrido no mercado laboral ao reducirse un 4,2% nos oito primeiros meses do ano. Neste contexto, as expectativas empresariais do sector español son negativas, como apunta o indicador de clima da construción¹ no gráfico 2. O saldo de opinións entra en valores negativos desde xullo de 2019, alcanzando as súas cotas máis baixas en maio e agosto de 2020, aínda que desde ese mes mellorou, situándose nun saldo de -5,7 en outubro. Este avance débese a un crecemento de 7,7 puntos na carteira de pedidos das empresas e a unha mellora nas expectativas de emprego a tres meses. Segundo a enquisa de conxuntura industrial, no mes de outubro o subsector de construción de edificios é o que presenta un peor balance, con -9,5 puntos, malia que este saldo significa unha importante mellora respecto dos meses precedentes. Por outra banda, a valoración non é tan mala na obra civil, cun saldo de -3,8 en outubro. O período de traballo asegurado segue a súa tendencia lixeiramente decrecente con 466 días tamén en outubro, 33 días menos que no mesmo mes de 2019. Así, segundo esta fonte, nos últimos meses parece que as expectativas se recuperan paulatinamente, pese a manterse a valoración global negativa.

Para comentar os datos do mercado de traballo mostrados nos cadros 1, 2 e 3 e no gráfico 3 debemos ter en conta que a metodoloxía e as variables medidas pola enquisa de poboación activa (EPA) se viron distorsionadas pola pandemia. No caso dos traballadores afectados polos ERTE, a pesar das suspensións de emprego, para a EPA estas persoas considéranse ocupadas se existe unha garantía de reincorporación posterior, malia que esa garantía resulta dificilmente verificable. Por outra banda, a EPA cuantifica como parados a aquelas persoas que buscan activamente emprego e están en disposición para traballar. Pero na situación de confinamento moitas persoas que perderon o seu traballo non puideron realizar unha procura de emprego, pasando a considerarse como inactivas e non como parados para a EPA. Debido tamén á inexistencia de datos sectoriais dos ERTE, as cifras da ocupación e o paro estimado para o segundo e terceiro trimestre de 2020 resultan moi difíciles de interpretar para identificar a realidade laboral subxacente.

No conxunto de España a media de ocupados na construción en 2019 foi de 1,28 millóns de persoas, cun aumento interanual do 4,6%, e o número de afiliados á Seguridade Social alcanza os 1,25 millóns, crescendo un 5% respecto de 2018. Nese mesmo ano o número de parados crecía moderadamente (1,9%) e a taxa de paro da construción española situábase no 9,7%, mentres o paro rexistrado se reducía un

¹ O indicador de clima é a media dos saldos de opinións empresariais referidos á tendencia do emprego e da carteira de pedidos do sector, recollidos na Enquisa de conxuntura industrial elaborada polo Ministerio de Industria. Por exemplo, un valor de -12 do saldo significa que a porcentaxe de opinións negativas supera en 12 puntos á de opinións positivas.

10,9%. É dicir, a finais de 2019 o mercado laboral da construción presentaba resultados moi positivos, a pesar da desaceleración na creación de emprego do ano anterior. En 2020 o mercado laboral amosa outra cara. Nos tres primeiros trimestres baixou o emprego nun 3,4% respecto ao mesmo período do ano anterior. A caída máis importante (-8,3%) obsérvase no segundo trimestre, a pesar de que xa no primeiro a tendencia é negativa (-0,3%). O paro estimado sobe un 13,9% nos nove primeiros meses, con aumentos moi importantes no segundo e terceiro trimestre, situando a taxa de desemprego no 11,1% (véxase cadro 1). Como se mencionou, é probable que a realidade laboral de 2020 sexa peor que a apuntada por estas cifras, xa que, polo menos, algúns dos que figuran como ocupados son afectados por ERTE que perderon definitivamente o seu emprego. A afiliación media á Seguridade Social durante os oito primeiros meses de 2020 é de 1,21 millóns, cunha caída do 2,9% en termos interanuais.

A enquisa de poboación activa mostra para Galicia (cadros 2 e 3 e gráfico 3) unha evolución en 2019 similar á do conxunto do Estado, con aumento da ocupación e caída do paro. No entanto, nos nove primeiros meses de 2020 as estimacións da EPA para Galicia sepáranse das do resto de España, amosando un sostido aumento da ocupación. Este incremento non resulta moi fiable dada a negativa marcha doutros indicadores do mercado laboral nas mesmas datas.

Cadro núm. 4

A vivenda en España. Principais indicadores de oferta

				TVI (%)		
	2018	2019	2020*	2018	2019	2020*
Visados de dirección de obra (vivenda nova e ampliación e reforma) (2020: 7 primeiros meses)	128.799	137.376	61.684	18,1	6,7	-29,8
Licenzas municipais de obra (número de vivendas de nova planta)	81.926	78.079	-	29,9	-4,7	-
Certificados de fin de obra (número de vivendas) (2020: 7 primeiros meses)	64.354	78.789	44.314	17,8	22,3	0,5
VPO obra nova. Vivendas iniciadas (2020: 6 primeiros meses)	11.903	12.496	4.671	7,1	63,7	5,0
VPO obra nova. Vivendas rematadas (2020: 6 primeiros meses)	5.191	6.615	3.316	5,1	27,4	29,5


* Para o ano 2020 preséntanse os datos dos meses dispoñibles. As taxas de variación están calculadas respecto do mesmo período de 2019.

VPO: Vivenda de protección oficial.

Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

En 2019 a ocupación galega cífrase en pouco máis de 70 mil persoas cunha suba do 4%, semellante á estatal, mentres que o paro (4.250 persoas) descende un 8,1%, situando a taxa de paro da construción galega nun reducido 5,7%, catro puntos por baixo da media estatal. A nivel provincial a ocupación en 2019 crece na Coruña e, especialmente, en Pontevedra; pola contra, descende fortemente en Ourense e Lugo. O incremento do 2,3% nas afiliacións á Seguridade Social en alta laboral e a forte caída do 18% no paro rexistrado confirman a boa marcha do mercado laboral galego da construción en 2019.

As estimacións da EPA nos tres primeiros trimestres de 2020 recóllense no cadro 3 e son sorprendentemente positivas no que respecta á ocupación no sector da construción. En efecto, segundo a enquisa, a ocupación media deste período é de case 75 mil persoas; o que representa un crecemento do 9,2% respecto dos nove primeiros meses de 2019. O emprego sobe o 22,8% na Coruña e o 8,9% en Ourense, mentres descende en Lugo (-4,2%) e Pontevedra (-2,3%). Con todo, o paro estimado nestas datas alcanza as 5.766 persoas, que supoñen un aumento de máis do 45% sobre a media de 3.966 parados existentes nos primeiros nove meses de 2019. Así, segundo a EPA, en 2020 a ocupación e o paro crecen, o que implica unha subida de máis do 11% nos activos estimados do sector. Resulta complicado valorar estes resultados dados os problemas da medición da EPA xa comentados, pero faise difícil aceptar que a ocupación aumentase case un 10% nun contexto de crise xeneralizada. As cifras das afiliacións á Seguridade Social parecen máis realistas, mostrando un descenso medio do



4,2% no período xaneiro-agosto de 2020; descenso que é común ás catro provincias, como mostra o cadro 3 e que é coherente co aumento do 5% do paro rexistrado no mesmo período.

Vivenda

No conxunto de España en 2019 o mercado inmobiliario presenta un certo desequilibrio entre oferta e demanda. A oferta aumenta co crecemento das iniciacións de obra e a finalización dun bo número de novas vivendas, pero, polo lado da demanda, as compras de vivenda comezan a fraquear. En Galicia tamén se mostra puxante, entrando nese ano unha cantidade relativamente alta de vivendas novas recentemente terminadas e manténdose as iniciacións de obra. Pero, a diferenza do resto de España, a demanda de vivenda galega en 2019 é máis expansiva, compensando o retraemento de anos anteriores. A información dispoñible para 2020 sinala unha forte incidencia da COVID-19 na evolución do mercado inmobiliario. Os efectos da pandemia trasládanse con atraso ao lado da oferta, pero maniféstanse de forma inmediata no lado da demanda. No conxunto de España tanto as iniciacións de obra como as vendas de vivenda descenden, pero estas últimas de maneira moito máis intensa. No mercado galego, pola contra, a oferta de novas vivendas creceu nos dous primeiros trimestres deste ano. Non obstante, este incremento inercial non foi acompañado pola demanda, que se reduce fortemente, provocando un incremento no stock de vivendas terminadas non vendidas; variable que viña reducíndose de forma sostida desde o ano 2011.

Cadro núm. 5

A vivenda en Galicia. Principais indicadores de oferta

	2018	2019	2020*	TVI (%)		
				2018	2019	2020*
Visados de dirección de obra (vivenda nova e ampliación e reforma) (2020: 7 primeiros meses)	4.867	4.941	3.018	33,9	1,5	4,2
Licenzas municipais de obra (número de vivendas de nova planta)	2.238	2.217	-	63,1	-0,9	-
Certificados de fin de obra (número de vivendas) (2020: 7 primeiros meses)	1.349	1.700	1.327	-2,7	26,0	32,8
VPO obra nova. Vivendas iniciadas (2020: 6 primeiros meses)	2	65	121	25,0	-60,0	3.150,0
VPO obra nova. Vivendas rematadas (2020: 6 primeiros meses)	8	4	228	5,1	27,4	29,5

* Para o ano 2020 preséntanse os datos dos meses dispoñibles. As taxas de variación están calculadas respecto do mesmo período de 2019.

VPO: Vivenda de protección oficial.

Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

Cadro núm. 6

Indicadores de oferta. Vivendas iniciadas e rematadas

	2016	2017	2018	2019	2020*
Vivendas iniciadas (obra nova)					
A Coruña	1.139	1.463	1.451	1.828	843
Lugo	199	168	565	389	397
Ourense	323	130	250	160	329
Pontevedra	398	612	1.210	1.120	654
Galicia	2.059	2.373	3.476	3.497	2.223
España	64.038	80.786	100.733	106.266	46.513
Vivendas rematadas					
A Coruña	194	331	455	669	306
Lugo	226	601	311	438	439
Ourense	239	303	336	183	130
Pontevedra	321	152	247	410	452
Galicia	980	1.387	1.349	1.700	1.327
España	18.418	51.618	61.351	70.388	14.711

Cadro núm. 7

Indicadores de demanda de vivenda

	Número de transaccións			TVI (%)	
	2018	2019	2020*	2019	2020*
Galicia					
Notarías	19.786	20.462	7.129	3,4	-29,6
A Coruña	8.689	9.002	3.071	3,6	-31,6
Lugo	2.757	2.866	917	4,0	-35,3
Ourense	1.914	2.040	727	6,6	-27,4
Pontevedra	6.426	6.554	2.414	2,0	-25,0
Rexistros	16.516	17.108	10.356	3,6	-20,2
A Coruña	7.252	8.060	4.702	11,1	-23,4
Lugo	1.993	1.842	1.022	-7,6	-25,6
Ourense	1.761	1.676	1.064	-4,8	-15,2
Pontevedra	5.510	5.530	3.568	0,4	-15,3
España					
Notarías	582.888	569.993	195.001	-2,2	-32,3
Rexistros	517.984	505.467	302.381	-2,4	-22,1

* Para o ano 2020 os datos notariais refírense aos seis primeiros meses; os datos dos rexistros da propiedade, aos nove primeiros meses do ano. As taxas de variación están calculadas respecto dos mesmos períodos de 2019.

Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana. *Estadística de Transmisiones de Derechos de la Propiedad*. INE.

Os indicadores de oferta para 2019 e 2020 (certificacións de inicio e de final de obra dos arquitectos técnicos e as licenzas concedidas polos concellos) recóllense nos cadros 4, 5 e 6, e no gráfico 4. Os datos de inicio e final de obra cobren todo 2019 e o sete primeiros meses de 2020, mentres que as licenzas dos concellos só están dispoñibles para o ano 2019.

A partir destes datos, 2019 representou para a vivenda española o quinto ano de recuperación da actividade, conseguindo de novo superar os 100 mil comezos de obra nova, cun 5,5% de aumento, e experimentando así mesmo un crecemento importante das obras de ampliación e reforma. As 106.266 vivendas novas iniciadas recuperan o nivel de actividade do ano 2009, no que comezaba unha caída en picado que tocaba fondo en 2014 con menos de 35 mil vivendas iniciadas en toda España. Porén, os datos dispoñibles para a primeira metade do ano

2020 parecen pór fin a esta traxectoria ascendente, xa que entre xaneiro e xullo deste ano só se comezaron 46.513 novas residencias; o que supón un descenso do 32,1% respecto das 68.500 iniciadas nos mesmos meses de 2019. En canto ás vivendas terminadas, nestes meses entraron no mercado 44.314 vivendas, o que mantén a cifra do mesmo período do ano anterior; pero a caída nas iniciacións de obra adianta un futuro descenso nas vivendas novas terminadas.

Cadro núm. 8

Transaccións de vivenda en notaría. Xaneiro-xuño ano 2020

	Núm. de transaccións		TVI (%)	
	Nova	Usada	Nova	Usada
A Coruña	264	2.807	-34,7	-31,3
Lugo	123	794	-45,1	-33,4
Ourense	101	626	-23,5	-28,0
Pontevedra	196	2.218	-12,9	-25,9
Galicia	684	6.445	-30,6	-29,5
España	22.512	172.489	-15,9	-34,0

Vivendas rexistradas. Xaneiro-setembro Ano 2020

	Núm. de trasmisións		TVI (%)	
	Nova	Usada	Nova	Usada
A Coruña	946	3.756	-25,4	-22,8
Lugo	279	743	-10,3	-30,0
Ourense	280	784	-19,1	-13,8
Pontevedra	762	2.806	-13,4	-15,8
Galicia	2.267	8.089	-19,2	-20,5
España	59.713	242.668	-15,4	-23,6

As taxas de variación están calculadas respecto dos mesmos períodos de 2019.

Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana. *Estadística de Transmisiones de Derechos de la Propiedad*. INE.

Gráfico 5

Demanda de vivenda en Galicia

Número de transaccións nas notaría





Gráfico 6

Demanda de vivenda nas áreas urbanas

Compravendas nas notaría



a través do Plan RehaVita (Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda) vivente entre 2015 e 2020. O plan estatal e as actuacións autonómicas propias céntranse en axudas á rehabilitación e ao aluguer. Iso reduciu a importancia da compra da vivenda protexida (VP), engadíndose en 2020 a problemática derivada dos efectos da pandemia. Nos cadros 4 e 5 pódese observar que a tradicional VP en réxime de compra en España presenta 12.600 VP iniciadas en 2019 e 4.700 VP nos dous primeiros trimestres de 2020; mentres que as terminadas se situaban en 6.600 e 3.300 vivendas respectivamente,

En 2015 a oferta de vivenda en Galicia tocaba fondo con pouco máis de 1.500 vivendas iniciadas e, a partir de aí, comezou unha recuperación que situou en 3.500 os comezos de obra en 2018. En 2019 a actividade mantense con 3.497 vivendas novas iniciadas e nos sete primeiros meses de 2020 obteñen o visado de dirección de obra 2.223; o que supón un notable crecemento interanual do 10,2%. Así, a actividade construtora en Galicia móstrase optimista a pesar da COVID-19. As provincias de maior pulo son as de Lugo e Ourense, con taxas de crecemento do 58,2% e do 204,6% nas súas iniciacións de obra; mentres en Pontevedra medran moderadamente (3%). A Coruña, aínda que presenta o maior número de visados (843), é a única provincia na que caen (-17,7%). As vivendas terminadas neste período en Galicia (1.327) supoñen unha forte subida do 32,8% respecto das mesmas datas de 2019. De novo, a provincia coruñesa é a única con variación negativa, malia que nos anos pasados as súas certificacións de final de obra crecieran en maior medida que o resto.

A falta de completar a segunda metade do ano, a promoción de vivenda galega en 2020 mantén por quinto ano consecutivo unha tendencia positiva, e iso a pesar das pésimas expectativas xeradas pola COVID-19. Con todo, quizais estas cifras poidan ser enganosas. O incremento da oferta de vivenda en 2020 explícase pola propia natureza da actividade e o seu longo período de maduración. No futuro inmediato a construción debe afrontar a caída de rendas dos potenciais compradores e as malas expectativas xeneralizadas, que xa provocaron unha forte retracción da demanda no mercado; circunstancias todas elas que provocan o pesimismo sobre o mantemento do actual nivel de actividade tanto en Galicia como en España.

O Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, comentado en pasados informes, céntrase nas axudas ao aluguer e á rehabilitación. As actuacións protexidas en Galicia articúlense

cun aumento na contorna do 30%. Como se recolle no cadro 5, en Galicia, malia que aumentaron en 2020, as compras de VP son irrelevantes.

Para estimar a demanda do mercado da vivenda usamos as compravendas realizadas en notaría, as transaccións inscritas nos rexistros da propiedade e as series de hipotecas constituídas². As series rexistradas refírense ás mesmas operacións recollidas por notaría, pero cun atraso temporal variable entre os dous rexistros. Para o ano 2020 a estimación de maior alcance no momento da redacción deste traballo son os rexistros da propiedade que achegan datos das vivendas ata o mes de setembro, mentres que as series notarial e de hipotecas só cobren os dous primeiros trimestres. Estes indicadores amósanse nos cadros 7, 8 e 10 e nos gráficos 5 e 6.

No conxunto de España en 2019 prodúcese un retardo nas compras e a demanda estabilízase. Isto parecía indicar que o ciclo expansivo iniciado en 2014 alcanzara a súa cima. Pero esta conclusión non a poderemos contrastar porque a principios de 2020 o ritmo de compra da vivenda vese distorsionado pola irrupción da COVID-19. O confinamento e a paralización da actividade destrúen emprego e rendas, xerando inseguridade económica, con consecuencias negativas para o investimento de longo prazo; anulándose ou pospóndose boa parte das compras previstas de vivenda.

En 2019 os rexistros notariais contan un total de 569.993 vivendas adquiridas en España, cando para os rexistros da propiedade a cifra é de 505.467. Ambas as series apuntan un descenso interanual moi parecido nas compras: 2,2% para notaría e 2,4% para os rexistros da propiedade. A gran dominadora do mercado segue sendo a vivenda usada, que representa o 80,6% das operacións para rexistros e o 90,7% para notaría. Nos seis primeiros meses de 2020 as notaría presentan un total de 195.001 compravendas, que supoñen un descenso do 32,3% respecto ao mesmo período do ano precedente; as compras de vivenda nova caen un 16% e un 34% as de vivenda usada. Os rexistros da propiedade indican 302.381 compras de vivendas nos nove primeiros meses de 2020, o que representa un descenso do 22,1% respecto das mesmas datas de 2019. A caída da vivenda usada (-23,6%) é maior que a da vivenda nova (-15,4%). Subliñando esta negativa tendencia, as hipotecas descenden un 8,4% no primeiros seis meses de 2020. Así pois, en parte pola tendencia que arrastraba do ano anterior, pero, sobre todo, polos efectos da COVID-19, a demanda vese fortemente retraída en 2020, suxerindo malas perspectivas para o futuro da actividade do sector.

O gráfico 5 reflicte as compras de vivenda en Galicia nos últimos seis anos completos e nos primeiros seis meses de 2020 segundo os datos das notaría galegas. Obsérvase unha tendencia crecente na demanda desde 2014. En 2019 este ciclo alcista finaliza coa compra dun total de 20.462 vivendas, das cales o 90% son de segunda man. De acordo coas series notariais, en 2019 as vendas aumentan o 3,4% e os rexistros da propiedade ofrecen unha taxa similar (3,6%) (cadro 7). Neste ano en todas as provincias as vendas melloran, oscilando a súa variación desde o 2% de Pontevedra ao 6,6% de Ourense (datos de notaría). Nas zonas urbanas³ (gráfico 6) producíronse 11.753 compravendas en 2019, que implica un crecemento do 2,6%. As áreas urbanas de Lugo Ourense e Pontevedra experimentaron aumentos importantes mentres que as dúas urbes de maior poboación sufrían lixeiros descensos, caendo un 0,2% na Coruña e un 2% en Vigo. Pero esta tendencia positiva mantida desde 2014 rompe en 2020.

Nos cadros 7 e 8 apréciase a forte contracción das compras no que vai do ano 2020. As series notariais, con 7.129 transaccións nos dous primeiros trimestres, expoñen unha caída interanual da orde do 30%. Os rexistros da propiedade, que cobren os tres primeiros trimestres do ano, suman un total de 10.356 compras cun descenso do 20,2% respecto dos mesmos meses de 2019. Tanto a vivenda nova como a usada caen fortemente nas catro provincias (cadro 8) e nas zonas urbanas. Así pois, o escenario presente do mercado inmobiliario é dunha acusada recesión e mostra unha grande incerteza sobre o futuro inmediato da actividade construtora. Esta, privada da demanda pola caída das rendas e do empre-

² O Consello xeral do notariado estima o número de transaccións levadas a cabo en notaría e estes cálculos son publicados polo Ministerio de Fomento. O colexio de rexistradores de España compila as transaccións inscritas nos rexistros da propiedade na estatística rexistral inmobiliaria e estas cifras tamén se recollen nas series de compravenda de vivendas publicadas polo INE desde o ano 2007. O INE publica a estatística de hipotecas que recolle as hipotecas constituídas sobre bens inmobles; estes datos son fornecidos polo Servizo de Sistemas de Información do Colexio Oficial de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España.

³ Os municipios integrantes das sete áreas urbanas son: Coruña: A Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros. Ferrol: Ferrol, Narón e Fene. Santiago: Santiago de Compostela, Ames, Oroso e Teo. Lugo: Lugo. Ourense: Ourense e Barbadás. Pontevedra: Pontevedra, Marín e Poio. Vigo: Vigo, Gondomar, Mos, Nigrán, Pontearreas, Porriño e Redonde-la

go e con expectativas económicas moi negativas, freará en seco o investimento en novas obras no inmediato futuro a pesar dos bos indicadores financeiros que veremos posteriormente.

Cadro núm. 9
Valor medio declarado das transmisións inmobiliarias de vivenda libre

	Euros			TVI (%)	
	2018	2019	2020*	2019	2020*
A Coruña	116.695	122.343	124.374	4,8	1,7
Lugo	85.226	95.390	91.078	11,9	-4,5
Ourense	91.525	95.792	96.078	4,7	0,3
Pontevedra	126.360	136.782	133.063	8,2	-2,7
Galicia	113.119	120.621	120.293	6,6	-0,3
España	150.108	157.979	165.607	5,2	4,8

* Para o ano 2020 recóllese a media dos seis primeiros meses. As taxas de variación están calculadas respecto das medias do mesmo período de 2019.

Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

Cadro núm. 10
Hipotecas constituídas sobre vivendas


	Núm. de hipotecas			TVI (%)	
	2018	2019	2020*	2019	2020*
A Coruña	5.349	5.328	2.510	-0,4	-11,6
Lugo	1.070	1.006	485	-6,0	-6,6
Ourense	902	897	655	-0,6	30,7
Pontevedra	4.163	3.972	2.168	-4,6	1,3
Galicia	11.484	11.203	5.818	-2,4	-3,0
España	348.326	359.490	177.872	3,2	-8,4

* O ano 2020 recolle os datos dos seis primeiros meses. As taxas de variación están calculadas respecto do mesmo período de 2019.

Fonte: INE.

2020 representa unha fracción moito maior (28% en 2020 fronte ao 17% en 2010). Debido á situación excepcional vivida no segundo trimestre de 2020, hai que pensar que é posible que algunhas compras, quizais aprazadas, se recuperen, na segunda metade do ano e reduzan esta negativa cifra, aínda que os datos de compravendas dos rexistros da propiedade do terceiro trimestre non invitan a demasiado optimismo sobre a demanda.

Durante 2019 o crédito aos fogares para adquisición de vivendas en España reduciuse a unha taxa media trimestral do 1,2% e nos oito primeiros meses de 2020 o ritmo de caída acelerouse lixeiramente ata o 1,5%. En 2019 a débeda hipotecaria das familias representaba un 42,4% do PIB. Esta proporción reduciuse continuamente, ata situarse no segundo trimestre de 2020 no 43,8% do PIB; con todo, este aumento só é debido ao derrube da produción neste trimestre e non ao crecemento do saldo vivo da débeda. Os créditos de dubidoso cobro representaron o 3,7% en 2019, baixando respecto de 2018, e, a pesar da mala situación económica, a morosidade non sobe en 2020, senón, ao contrario, a proporción cae ata o 3,5% no segundo trimestre de 2020.





Como resumo do estado do mercado e do seu dinamismo en 2019 e 2020, no cadro 8 recóllese o stock aparente de vivendas novas non vendidas. O *stock* de vivenda obtense como a diferenza entre as compras de vivenda nova, medidas pola estatística notarial, e as vivendas terminadas, medidas polos certificacións de fin de obra dos arquitectos técnicos; das cales se deduce a proporción non escriturada da autopromoción⁴ e do réxime de cooperativa. Segundo os nosos cálculos, o stock de vivenda non vendida viña reducíndose regularmente desde o ano 2011. En 2019 estimamos que o número de vivendas non vendidas en Galicia diminuíra en 622. Pero nos seis primeiros meses de 2020 apréciase un cambio de tendencia, cun aumento de 377 no número das vivendas terminadas e non vendidas, cifra que nos devolve a 2010 en plena crise inmobiliaria. Aínda que nese ano o stock non vendido subiu en 3.400 unidades, en termos proporcionais ás vivendas terminadas, o dato de

No gráfico 7 preséntanse variables financeiras que inflúen directamente na demanda efectiva de vivenda, malia que na actual situación a súa importancia é menor pola interferencia doutros condicionantes económicos. O EURIBOR a un ano mantívose en valores negativos tanto en 2019 como nos meses transcorridos de 2020, quedando en agosto deste ano no -0,36%. O tipo medio variable das hipotecas españolas mostrou unha tendencia lixeiramente decrecente neste período, situándose no 1,74% en agosto de 2020 segundo a Asociación Hipoteca-

⁴ O tratamento da autopromoción pode levar a resultados moi diferentes en canto á avaliación do stock de vivenda, dado que non é posible coñecer con exactitude en que medida os propietarios das vivendas de autopromoción escriban ou non a compravenda. A estimación das existencias de vivenda móvese dentro dunha ampla franxa. Dentro desta marxe de variación o Ministerio de Transportes opta polo límite inferior. Os nosos cálculos sitúanse no centro desa banda, propondo que só o 50% das vivendas autopromocionadas non pasan por notaría e dedúcense, por tanto, do total anual de vivendas terminadas.

ria Española. Grazas a esta evolución, a cota teórica mensual a pagar por cada 100 mil euros de crédito



Cadro núm. 11
Prezo medio da vivenda libre

	Euros/m ²		TVI (%)	
	Galicia	España	Galicia	España
2019	1.199,1	1.641,2	-0,04	3,63
2020*	1.191,8	1.625,3	-0,42	-0,71
2019 III trim.	1.197,4	1.638,3	1,66	3,07
2019 IV trim.	1.205,4	1.652,8	1,02	2,10
2020 I trim.	1.198,2	1.640,4	0,66	0,25
2020 II trim.	1.185,3	1.610,1	-1,49	-1,67

* O ano 2020 recolle os datos dos seis primeiros meses. As taxas de variación están calculadas respecto do mesmo período de 2019.

Fonte: Ministerio de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana
Cadro núm. 12

Prezo medio da vivenda libre. Detalle por provincias

	Euros/m ²			TVI (%)	
	2018	2019	2020*	2019	2020*
A Coruña	1.217,3	1.235,5	1.235,9	1,5	0,2
Lugo	874,7	849,6	839,2	-2,9	-0,3
Ourense	937,7	950,6	929,9	1,4	-2,8
Pontevedra	1.238,9	1.262,4	1.256,3	1,9	-0,1

* Para o ano 2020 recóllese a media dos seis primeiros meses. As taxas de variación están calculadas respecto das medias do mesmo período de 2019.

Fonte: Ministerio de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana.

deste proceso plásmase no IPV e permite comparacións intertemporais uniformes do custo da vivenda e non só unha aproximación de tipo cualitativo como a presentada no cadro 9. O IPV, que se recolle no cadro 13, arroxa unha perspectiva máis inflacionaria para 2020 que as estimacións vistas anteriormente. Segundo este indicador, en 2019 a vivenda encareceuse un 5,1% en España e un 4% en Galicia, sendo en ambos os mercados as residencias novas as máis inflacionarias con prezos subindo arredor do 7%. Estas estimacións rebaxan lixeiramente as vistas no cadro 9 e son claramente máis inflacionarias que as derivadas das taxacións estimadas polo Ministerio de Transportes. Nos primeiros seis meses de 2020 o IPV reduce algo o seu crecemento, pero presenta unha vivenda inflacionaria en España (2,7% de aumento) e en Galicia (3%), propondo un encarecemento tanto da usada como, en maior medida, da nova.

hipotecario a 25 anos foise reduciendo nos últimos doce meses, fixándose en 411 euros en agosto de 2020, a menor contía desde fai máis de dez anos. Nunha situación "normal" cabería esperar que a mellora destes indicadores incidise nun progreso das compras de vivenda, pero lamentablemente estas mellores de accesibilidade non serán suficientes para compensar outros factores que na actualidade afectan negativamente a demanda.

No gráfico 9 e nos cadros 9, 11, 12 e 13 móstranse distintas estimacións do prezo da vivenda en España e Galicia para 2019 e os dous primeiros trimestres de 2020. As valoracións do Ministerio de Transportes para 2019 propoñen un prezo medio da vivenda libre de 1.641 euros por metro cadrado para o conxunto de España e de 1.199 para Galicia. Estas cifras supoñen un encarecemento do 3,6% en España, mentres que o prezo da vivenda galega apenas varía respecto de 2018. Nos primeiros seis meses de 2020 a tendencia cambia e no segundo trimestre os prezos diminúen tanto para o conxunto de España (-1,7%) como para Galicia (-1,5%) (cadro 11). Outras estimacións, como o índice de prezos da vivenda (cadro 13) baseado no valor declarado das transmisións notariais, presentan un cadro máis inflacionario tanto en 2019 como na primeira metade de 2020.

No cadro 9 expónse o valor medio declarado nas transmisións notariais. Este valor foi de 120.600 euros para Galicia e de case 158 mil euros para España; cifras que supoñen un aumento do 5,2% en España e do 6,6% en Galicia. O valor medio das compravendas sobe nas catro provincias, sendo especialmente forte a de Lugo que, cunha media de 95.390 euros, medra un 11,9%. Nos seis primeiros meses de 2020 o valor medio practicamente mantense, cun mínimo descenso do 0,3% en Galicia, cando no conxunto do Estado aumenta un 4,8%. O índice de prezos da vivenda (IPV), elaborado polo INE, baséase nos valores declarados nas transmisións notariais, pero homoxeneizando estas magnitudes pola calidade e tamaño de cada vivenda en cada transacción. O resultado

Cadro núm. 13
Índice de prezos da vivenda. Taxas de variación interanuais (%)

	2019	2020*	2019-2020			
			III trim.	IV trim.	I trim.	II trim.
Galicia						
Xeral	4,0	3,0	3,7	3,9	3,3	2,7
Vivenda nova	7,0	4,8	6,0	5,9	5,4	4,2
Vivenda usada	3,5	2,7	3,3	3,6	3,0	2,5
España						
Xeral	5,1	2,7	4,7	3,6	3,2	2,1
Vivenda nova	7,3	5,1	6,6	5,3	6,1	4,2
Vivenda usada	4,7	2,2	4,4	3,4	2,7	1,8

* Para o ano 2020 recóllese a media dos seis primeiros meses. As taxas de variación están calculadas respecto das medias do mesmo período de 2019.

Fonte: INE.

Cadro núm. 14
Accesibilidade á vivenda (referida á compra dunha vivenda de 100 m²)

Ano	Anos de salario necesarios para a compra dunha vivenda		Proporción da renda familiar que representa o pago das cotas dun crédito de 25 anos (%)			
	Galicia	España	un salario		Salario ponderado	
			Galicia	España	Galicia	España
2016	6,0	6,6	24,5	26,9	18,8	22,4
2017	5,9	6,7	23,8	27,4	18,3	22,8
2018	5,8	6,9	23,6	28,0	18,2	23,4
2019	5,7	7,0	23,1	28,4	17,7	23,7
2020*	5,8	7,3	23,0	28,9	17,7	24,1

* Para o ano 2020 recóllese as medias de prezos dos seis primeiros meses. Os ingresos de 2020 calcúlanse extrapolando os datos dos seis primeiros meses do índice de custos laborais.

Fonte: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, Índice de Custos Laborais (INE) e elaboración propia.

prezo baséase fundamentalmente nas operacións de compravenda de vivendas de segunda man. En 2020 a cidade máis cara segue sendo A Coruña, cun prezo medio de 1.698 euros/m², que supón unha suba do 2,3%. A segunda vivenda máis custosa é a de Santiago, con 1.672 euros/m² e un incremento do 2,5%. A vivenda viguesa é a terceira de maior prezo (1.484 euros/m²), cun 1,8% de aumento. As vivendas de Ourense e Pontevedra sitúanse, respectivamente, en 1.188 euros/m² e 1.156 euros/m², con subidas arredor do 1%. A vivenda da cidade de Lugo é a máis inflacionaria das sete urbes cun encarecemento do 4,1%, que sitúa o seu prezo en 929 euros/m², mentres que Ferrol, con 731 euros/m², é a cidade coa vivenda máis barata, a pesar dun aumento do 4%. Así pois, malia o decaemento do mercado, a vivenda urbana galega mostrou tendencias inflacionarias nos primeiros seis meses de 2020.

No actual escenario de crise e convulsión económica e social, os indicadores habituais perden parte do seu significado. Isto é o que sucede cos índices de accesibilidade, que estiman o esforzo de compra de vivenda para unha familia representativa. Estes índices están pensados para avaliar a capacidade adquisitiva nunha situación "normal" na que as decisións económicas se poden tomar nunha contorna de expectativas estables. Con todo, aínda que existen factores económicos e sociais que poden deixar sen significado a análise a curto termo, a medio e longo prazo, a medida que a actividade se vaia recuperando, son elementos fundamentais da demanda que incidirán nas decisións dos potenciais compradores. No cadro 14 preséntanse dúas medidas da accesibilidade. A primeira é a ratio entre o custo e a renda familiar, que estima o tempo de traballo necesario para pagar a totalidade dunha vivenda de 100 m², para prezos e rendas medios. A segunda mide a accesibilidade financeira á vivenda, pondo en relación os pagos dun crédito hipotecario-tipo coa renda familiar⁵.

En 2019 a familia media española necesitaba sete anos de traballo para pagar unha vivenda de 100 m². Unha familia galega, percibindo o salario medio, necesitaba catro meses menos para pagar a mesma vivenda típica. Estas porcentaxes supoñen unha pequena mellora para Galicia e un lixeiro empeoramento no cociente para o conxunto de España. Nos seis primeiros meses de 2020 o custo real da vivenda aumentou tanto para os galegos como para o conxunto dos españois, pasando o custo real de 5,7 a 5,8 anos de salario para Galicia e de 7 a 7,3 anos para a media española. Así pois, como era de esperar, a caída de rendas encareceu a vivenda en termos reais, xa que os seus prezos non se axustaron á baixa na

⁵ No cadro 14 calcúlase a proporción de renda que unha familia debe dedicar á compra dunha vivenda de 100 m² construídos. Valórase o importe das cotas dun crédito de 25 anos, financiando o 80% do importe ao prezo medio de cada ano. O custo da vivenda estimouse a partir das series de prezos do Ministerio de Transportes; os ingresos familiares obtivéronse da Enquisa Trimestral de Custo Laboral elaborada polo INE, e o tipo de interese do préstamo é o tipo hipotecario medio publicado por AHE.

mesma medida. Á marxe doutras consideracións, a vivenda aínda parece excesivamente cara, incluso en Galicia. Estímase como óptimo un custo situado entre catro e cinco veces a renda familiar, proporción da que está máis preto a vivenda galega, malia que sen alcanzala, pero da que se atopa moi afastada aínda a vivenda española.

A accesibilidade financeira á vivenda combina os datos de tipos de interese, renda familiar e prezo da vivenda para estimar esforzo da compra a través do recurso ao crédito hipotecario. Como os tipos de interese xa case non teñen marxe para reducirse, as melloras relevantes na accesibilidade financeira só poden vir pola relación entre o prezo da vivenda e a renda familiar; se a renda aumenta máis que os prezos, a accesibilidade mellorará ou empeorará no caso contrario. Para Galicia obsérvase unha leve mellora da accesibilidade en 2019, na que o pago da cota pasa de representar o 23,6% ao 23,1% da renda familiar, baixando ata o 23% na primeira metade de 2020. Para o conxunto de España, a accesibilidade empeora lixeiramente en 2019 e 2020, representando as cotas do crédito hipotecario o 28,9% da renda dunha familia monosalarial. A pesar do aumento, os niveis actuais de accesibilidade financeira á vivenda seguen contando entre os máis altos das dúas últimas décadas. No futuro inmediato, case sen marxe de mellora polo lado dos tipos de interese, e con previsións pesimistas sobre a actividade e o emprego, é de esperar que se reduza a renda media familiar, o que promoverá un empeoramento da accesibilidade. Este empeoramento só se podería evitar se os prezos das vivendas son flexibles e comezan a reducirse proporcionalmente coas rendas. Pero isto historicamente non sucedeu, xa que o prezo da vivenda en España se mostrou sempre moi ríxido á baixa e lento na súa reacción en períodos de crise.

Demanda pública de obras

A licitación das administracións públicas españolas en 2019 foi de 18.240 millóns de euros⁶, o que supón un crecemento real do 7,2% respecto de 2018, reducindo a elevada taxa de expansión do ano anterior. Pero este incremento non tivo continuidade nos primeiros oito meses de 2020, nos que o gasto das administracións descendeu un 35,4% real no conxunto de España. En 2019 a obra civil representa o 62% da licitación española que se distribúen a partes iguais as tres administracións. En 2020, o gasto da Administración central perde peso, significando só o 20% do total, mentres que o autonómico sobe a súa participación ata case o 44%.

Cadro núm. 15
Licitación oficial en Galicia

	Miles de euros			TVI (%) Galicia*		TVI (%) España*	
	2018	2019	2020**	2019	2020*	2019	2020**
Edificación	371.697	283.690	300.748	-24,66	50,01	22,26	-34,31
Obra civil	700.083	642.821	362.631	-8,41	-18,43	0,32	-35,88
Adm. central	329.710	289.239	103.825	-13,14	-41,78	16,09	-62,95
Adm. autonómica	336.824	299.821	371.833	-11,87	56,71	40,34	-31,21
Adm. local	405.246	337.452	187.722	-17,55	-18,57	-18,90	-9,47
Total	1.071.780	926.512	663.380	-14,41	2,67	7,23	-35,41
Galicia/España (%)	6,36	5,08	8,03				

* Euros constantes.

** O ano 2020 recolle os datos dos oito primeiros meses. As taxas de variación están calculadas respecto do mesmo período de 2019.

Fonte: SEOPAN.

O gasto das administracións públicas en Galicia en 2019 e 2020 evolucionou de forma inversa á do conxunto do Estado, reducíndose en 2019 e medrando nos primeiros oito meses de 2020. En 2019 a licitación de obras en Galicia alcanzou a cifra de 926,5 millóns de euros, que supón unha caída do 14,4% en termos reais. O descenso máis importante prodúcese en edificación (-24,6%), malia que tamén diminúe o gasto en obras civís (-8,4%). As tres administracións reducen o seu gasto, producíndose a maior caída nos gastos locais (-17,5%), derivada do forte crecemento "electoral" rexistrado en 2018, seguidos da Administración central (-13,1%) e a autonómica (-11,9%). No período xaneiro-agosto de 2020 a licitación galega recollida por SEOPAN é de 663,4 millóns de euros, crecendo un 2,7%. Esta subida descomponse nun acusado aumento das obras de edificación (50%) e nunha baixada de menor intensidade nas obras civís (-18,4%). Foi a Administración autónoma a que liderou a expansión en 2020 cun ascenso do 57,6% no seu gasto, que representa o 56% da demanda pública de obras total de Galicia neste período.

⁶ Os datos de licitación referenciados neste apartado foron publicados por SEOPAN (Asociación de Empresas Constructoras e Concesionarias de Infraestruturas). Para obter as taxas reais de variación, estes datos foron deflactados polos índices de custos da construción publicados polo Ministerio de Transportes.

Pola súa banda, a Administración local continuou descendendo (-18,9%) e a licitación central derrúbase cunha caída do 41,8% (cadros 15 e 16 e gráfico 10.)

Cadro núm. 16

Licitación (en miles de euros). Anos 2019 e 2020*

	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
	2019	2020*	2019	2020*	2019	2020*	2019	2020*
Edificación	110.543	100.058	43.082	22.105	47.208	11.314	82.713	167.194
Obra civil	277.976	187.327	95.339	48.240	38.838	24.021	189.235	103.048
Adm. central	121.525	61.219	41.143	1.924	26.108	2.581	58.884	38.024
Adm. autonómica	142.793	131.761	40.807	48.187	30.537	17.769	85.684	174.114
Adm. local	124.201	94.402	56.471	20.233	29.401	14.983	127.379	58.104
Total	388.519	287.382	138.421	70.344	86.046	35.333	271.947	270.242
% sobre o total galego	41,9	43,3	14,9	10,6	9,3	5,3	29,4	40,7
TVI (%) (euros constantes)	-21,2	0,7	62,3	-23,0	-66,6	-36,4	11,1	27,4

* O ano 2020 recolle os datos dos oito primeiros meses. As taxas de variación están calculadas respecto do mesmo período de 2019.

Fonte: SEOPAN.





Gráfico 11
Licitación nas comunidades autónomas (euros por habitante)
Xaneiro-agosto 2020




No cadro 17 móstrase a distribución da licitación de 2019 entre as comunidades españolas en proporción á súa poboación e á súa extensión, mentres que no gráfico 11 se representan os valores da licitación por habitante nas autonomías españolas nos oito primeiros meses de 2020. En 2019 o gasto medio por habitante en España foi de 390 euros. Galicia, con 343 euros por habitante, sitúase por baixo da media, no posto 13 entre as 17 comunidades lideradas por Navarra (670 euros), Baleares (625 euros) e País Vasco (590 euros); pechan a lista A Rioxa e Castela-A Mancha, con 265 euros e 216 euros por habitante respectivamente. Nos oito primeiros meses de 2020 a licitación media por español é de 176 euros, sendo Galicia a

Cadro núm. 17

Licitación por habitante e km². Ano 2019

	Euros/ habitante	Euros/ km ²
Andalucía	284,8	27.456,5
Aragón	553,0	15.304,3
Asturias	285,5	27.637,1
Baleares	624,6	143.193,7
Canarias	437,2	129.450,7
Cantabria	424,0	46.588,4
Castela e León	514,2	13.104,5
Castela-A Mancha	216,2	5.547,8
Cataluña	350,7	84.300,7
C. Valenciana	275,0	59.042,3
Extremadura	553,8	14.213,0
Galicia	343,2	31.477,6
Madrid	418,9	349.115,9
Murcia	404,7	53.421,6
Navarra	670,4	42.088,3
País Vasco	589,5	179.230,3
A Rioxa	265,0	16.678,2
Ceuta e Melilla	520,1	2.783.718,8
España	387,9	36.135,8

Fonte: SEOPAN. INE.



aprobados en 2018. Esta cifra representa o menor investimento central en Galicia nos últimos quince anos e sitúaa como a sexta comunidade autónoma por nivel de investimento. No ano 2021 esta caída do gasto será, polo menos en parte, compensada polo crecemento da demanda da Xunta de Galicia. O orzamento autonómico prevé un aumento extraordinario do gasto en 2021, que ascenderá a 11.664 millóns de euros; dos cales 2.500 aproximadamente destinaranse a investimento, cifras que supoñen un récord na historia orzamentaria da Xunta. Así pois, en 2021 é posible que a obra pública galega poida manter os seus niveis de actividade de executarse adecuadamente os investimentos autonómicos, aínda que o crecemento destes é algo conxuntural e será difícil soste este nivel de gasto autonómico en anos sucesivos.

segunda autonomía de maior gasto per cápita con 246 euros, só superada por Navarra con 304 euros; pola súa parte, Murcia e Castela-A Mancha ocupan os últimos lugares cun gasto de 65 euros por habitante neste período.

O gráfico 12 recolle a tendencia da licitación per cápita en España e Galicia no que vai de século. Nos dez anos que transcorren entre 2007 e 2016 os investimentos ferroviarios sitúan á licitación por galego por enriba da media española. A partir deste momento as inxeccións de gasto derivadas do acceso do AVE vense freadas pola paulatina conclusión da obra. A tendencia é decrecente nos dous últimos anos e, probablemente, continúa así ao non existiren proxectos de importancia que poidan substituír a demanda de obra pública xerada pola conexión ferroviaria coa Meseta.

A finalización das obras de acceso da alta velocidade á comunidade condiona o futuro do gasto público en Galicia e nos vindeiros anos anúncianse fortes caídas no investimento procedente da Administración central. Así, o proxecto de orzamentos xerais do Estado (PGE), a piques de aprobarse no momento de redacción destas liñas, prevé xa unha redución dos investimentos en Galicia. Segundo o PGE, o investimento do Estado en Galicia en 2021 será de 832,24 millóns de euros, o que supón un descenso do 11,1% nominal respecto dos últimos orzamentos

VII. Servizos

- A actividade dos servizos nos nove primeiros meses de 2020 reflicte que a senda de recuperación do ano 2019, no que o seu VEB medrou un 2,7%, truncouse bruscamente coa crise sanitaria.
- Segundo o índice de negocios, a hostalería e as actividades administrativas e servizos auxiliares foron das máis danadas no segundo trimestre de 2020 e non se recuperaron no terceiro.
- O grupo de actividades artísticas, recreativas e de entretemento experimentou, nos tres primeiros meses de 2020, a maior caída nos contratos iniciais asinados.
- Os prezos nos servizos desaceleráronse en 2019 e 2020, pero mantendo unha taxa de variación positiva.
- Malia a utilización dos ERTE, a ocupación na distribución comercial, nos tres primeiros trimestres de 2020 caeu, con respecto a 2019, un 6,4%, en torno a 11 mil traballadores.
- A oferta dispoñible en 2019, en canto a número de establecementos de distribución de base alimentaria, non mostra cambios moi significativos en relación a 2018.
- Coa crise sanitaria intensifícase considerablemente o comercio electrónico, aumentando o peso relativo da distribución alimentaria, pezas de vestir e intermediarios financeiros.
- O sector turístico galego tivo bos resultados no ano 2019. No conxunto dos establecementos regrados aloxáronse máis de cinco millóns de viaxeiros, un 5,7% máis que no ano anterior, e xeráronse preto de once millóns de estadias, case un 6% máis que en 2018.
- Nos primeiros dez meses de 2020 produciuse unha redución do 59% no número de viaxeiros e de máis do 55% no de estadias.
- Os establecementos hoteleiros e os de turismo rural foron os máis afectados polas restricións derivadas da pandemia.
- O bo comportamento dos aeroportos galegos en 2019 contrasta coa evolución negativa de 2020 debido á pandemia.
- A desaceleración nas matriculacións de vehículos en Galicia dos últimos exercicios vese agravada pola crise económica en 2020.

A actividade do sector servizos en 2019 e 2020

As últimas estimacións dispoñibles publicadas polo IGE sobre a actividade en Galicia do sector de servizos en 2019 e nos nove primeiros meses de 2020 reflicten que a senda expansiva que parecía recuperar o terciario galego en 2019 truncouse bruscamente coa crise sanitaria. A partir de mediados de marzo de 2020, coa declaración do estado de alarma, a actividade decaeu notablemente, en especial no segundo trimestre de 2020. A dureza da primeira vaga da COVID-19 en abril e maio, que levou á paralización total, ou a unha sensible diminución da actividade en moitas das ramas de servizos, reflectiuse nunha forte caída do VEB que, en taxa interanual, acadou o -16% no segundo trimestre. Tras o desconfinamento e o final do estado de alarma, a produción foise recuperando nos meses de verán, malia que as circunstancias sanitarias que motivaron as restricións á mobilidade e as limitacións nas condicións de reapertura de establecementos non permitiron unha recuperación plena, polo que, no terceiro trimestre, o VEB dos servizos caeu un 5,5% con respecto ao de 2019. No momento de redactar este informe non dispoñemos aínda das contas económicas dos últimos meses de 2020, coas que poderíamos avaliar a evolución do sector na segunda vaga da pandemia.

A evolución dos servizos en Galicia, tras o inicio en 2008 da crise económica, seguiu o seguinte percorrido. O seu VEB mantívose en taxas de variación negativas ata 2013. A partir de aí xerouse unha senda expansiva que durou dous exercicios para, deseguido, experimentar oscilacións, pero sempre cun crecemento superior ao 2%. A taxa de 2019 foi do 2,7%, e a xeración de VEB, en termos monetarios, nos nove primeiros meses dese ano foi de 30.170 millóns de euros. En 2020, neste mesmo período, o VEB reduciuse a 28.007 millóns de euros, cifra similar á de 2017, o que supuxo, nuns meses, un retroceso de tres anos.

No primeiro trimestre de 2020, corrixida a estacionalidade e o efecto calendario, produciuse unha desaceleración dun 3,5% nos servizos en Galicia, ante o cambio radical experimentado pola economía a mediados de marzo. Na comparación da evolución do terciario cos restantes macrosectores apréciase que as ramas de servizos experimentaron a segunda maior caída, despois da construción. No segundo trimestre os descenso foron moi intensos en todos os sectores, coa excepción do primario que conseguiu manter a súa actividade. Nas últimas décadas, nin nos peores momentos de recesión de 2008, as variacións foron tan fortes. Así, desde 1995, a maior caída trimestral nos servizos produciuse no terceiro trimestre de 2009, un -3,3%, moi lonxe do xa citado descenso dun -16% no segundo trimestre deste ano. Pero o sector máis castigado pola pandemia, segundo as estimacións do IGE, foi a industria manufacturera, na que a súa produción diminuíu en torno a un 30%.

Os resultados agregados dos tres primeiros trimestres de 2020 reflicten que, en termos monetarios, a industria foi o sector que experimentou os maiores retrocesos, seguida da construción. O VEB de servizos caeu neste período un 7,2%; descenso que, dado o peso do terciario na economía, ten un efecto moi importante na evolución global da actividade.

A contracción do VEB global do terciario galego encobre un comportamento moi desigual das ramas que o integran. En 2019, o crecemento dun 2,7% (o PIB galego fíxoo nun 1,8%) fundamentábase nuns bos resultados do comercio, a hostalería e o transporte debido, entre outros factores, ao positivo comportamento do sector turístico, cos preparativos xa en marcha para o Xacobeo de 2021. Tamén mantiña unha taxa de crecemento elevada, un 4%, a rama de actividades profesionais. E xeral, en todas as ramas da actividade a variación con respecto a 2018 foi positiva, de modo que os servizos destinados ao mercado creceron ao mesmo ritmo que a taxa xeral, mentres que as ramas dos servizos prestados polo sector público avanzaron arredor dun 3%.

Coa chegada de 2020 e no mes de marzo coa crise do coronavirus, todos os sectores do terciario réntense ante o brusco freo da actividade, pero os grandes prexudicados desde o primeiro momento foron comercio, transporte e hostalería, e actividades artísticas, recreativas e outros servizos. Ou sexa, aqueles nos que prestar un servizo ou era imposible ou, de facelo, era cunha drástica redución da demanda. O afundimento destas actividades no segundo trimestre reflectiuse nunhas taxas de variación do VEB do -35,4% e do -41,6% respectivamente. As actividades profesionais, tamén no segundo trimestre, perden a vitalidade alcanzada nos anos de recuperación e o seu VEB descende nun 22,5%. Neste escenario, só a actividade proporcionada polo sector público, así como os servizos financeiros e de seguros conseguen manter, e incluso mellorar, os niveis de produción alcanzados en 2019. No terceiro trimestre


Cadro núm. 1
Evolución do VEB nas ramas do sector servizos
Taxas de variación interanuais (en %)

Ramas dos servizos	2018	2019	I trim. 2020	II trim. 2020	III trim. 2020
Comercio, transporte e hostalería	2,7	3,6	-9,7	-35,4	-14,6
Información e comunicacións	2,5	0,5	5,2	-6,5	0,1
Actividades financeiras e de seguros	6,6	1,3	-3,9	3,9	3,4
Actividades inmobiliarias	1,3	1,2	0,2	-0,1	-0,5
Actividades profesionais	5	4,1	-6,1	-22,5	-4,2
Administración pública, sanidade e educación	1,5	3	2,8	0,4	1,4
Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	-0,2	0,4	-8,4	-41,6	-10,2
Servizos non de mercado	1,3	2,7	2,3	0,6	1,3
Total servizos	2,4	2,7	-3,5	-16	-5,5
PIBpm	3,2	1,8	-3,8	-17,9	-6,2

Fonte: IGE.

unha caída do VEB do 10,2%, ao que se engade a imposibilidade de poder prestar múltiples servizos persoais; e, as actividades profesionais tamén se resenten da crise, malia que a súa caída, dun 4,2%, non foi tan forte como a dos devanditos sectores. Afortunadamente, as restantes actividades mantiveron unha dinámica similar á de 2019 e inclusive a prestación de servizos financeiros e de seguros experimentou un incremento do 3,4%. Os resultados do cuarto trimestre, ante a chegada da segunda vaga, cos peches da hostalería e lecer nocturno, as limitacións de aforo e os peches perimetrais por municipios ou áreas metropolitanas non auguran mellores resultados.

Gráfico 1
Evolución do VEB no sector servizos
Índices de volume encadeados
Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario
Taxas de variación interanuais (en %)



elementos conxugáronse para conseguir este resultado. Por unha banda, a imposibilidade de consumir o habitual ante a situación de confinamento vivida e, posteriormente, o medo aos contaxios, xerou un aforro forzoso. Doutra banda, nestas circunstancias tan excepcionais, nos fogares prima o motivo precaución á hora de manter liquidez fronte á alternativa do consumo.

En liña cos resultados do VEB, o índice mensual da cifra de negocios dos servizos destinados ao mercado elaborado polo INE, do que se exclúen os servizos financeiros, permiten precisar cunha maior desagregación a traxectoria sectorial seguida nos últimos meses. Este índice tivo en Galicia, fronte ao incremento do VEB de todo o sector servizos do 2,7%, unha variación media en 2019 do 4,2%. Este aumento, aínda que inferior ao de 2018 (5%), puña de manifesto a evolución expansiva que estaba atravesando a actividade en case todos os sectores; excepto na venda e reparación de vehículos de motor, no que se rexistraba unha caída do 4,3%. Neste ano sobresaía a subida dun 15% no índice de transporte e almacenamento e dun 5,5% en hostalería.

Aínda que os resultados da maioría dos sectores mantiveron esa mesma tónica ata o mes de febreiro, o peor comportamento do comercio motivou que o índice xeral de xaneiro e febreiro tivese un incremento medio de tan só un 0,9%. Desde marzo ata setembro de 2020, a taxa de variación interanual do índice xeral foi sempre negativa e cuns descensos de tal magnitude en abril e maio que revelan que nalgúns sectores practicamente non houbo actividade. Segundo este indicador, a hostalería e as actividades administrativas e servizos auxiliares non só foron as máis danadas no segundo trimestre senón que, no terceiro, non chegou a ansiada recuperación. Así, na hostalería, tras caer o seu índice en abril, en termos interanuais un 97,3% e en maio un 89,8%, os resultados dos meses de verán mostran que a facturación descendeu entre un 35 e un 40%. Unha evolución similar, a pesar de que o afundimento non foi tan forte en abril e maio, observouse tamén nas actividades administrativas e servizos auxiliares. Os resultados do

de 2020, período no que as medidas restritivas xa non foron tan severas, a actividade non se desacelerou ao ritmo do segundo trimestre, pero, en particular, os resultados dos tres subsectores con peores resultados nos meses de primavera indican a persistencia da crise (cadro 1). Comercio, hostalería e transporte, a pesar das aperturas parciais, perden, con respecto ao VEB do verán anterior, un 14,6%; as actividades artísticas, recreativas e outras similares, ante as necesarias restricións para evitar os contaxios que non permiten celebrar festas populares e limitan o aforo considerablemente, motivan

No gráfico 1 apréciase como a traxectoria do VEB galego nos servizos en 2018 e 2019 foi moi similar á que seguiu o conxunto da economía española. Pero, a caída observada nos tres primeiros trimestres de 2020 foi máis intensa no conxunto de España. Neste gráfico pódese ver tamén a forte desaceleración que se produciu ao mesmo tempo no gasto en consumo nos fogares galegos e nas institucións sen ánimo de lucro ao servizo dos fogares. O confinamento de abril e maio elevou as taxas de aforro das familias a niveis ata agora descoñecidos. O INE, para España, estimou un aforro do 31,1% da renda dispoñible no segundo trimestre de 2020. Varios

comercio no seu conxunto foron malos en agosto (-15,9%), malia que os descenso do índice en xullo e setembro non foron tan intensos. Ademais, nos meses de verán apreciouse unha recuperación no volume de negocio das actividades profesionais, transporte e almacenamento e información e comunicacións; ramas dos servizos que, en liñas xerais, melloraron os resultados alcanzados en 2019.

Neste contexto, o emprego total no sector servizos, logo dun débil crecemento en 2019 (0,7%), caeu un 4,9% por termo medio nos tres primeiros trimestres de 2020 sobre o mesmo período de 2019. Este descenso podería ser moito maior de non ser pola inclusión en ERTE dunha boa parte dos traballadores que tiveron que deixar de traballar toda a xornada ou parte dela por forza maior. Con data 30 de abril de 2020 o número de traballadores nesta situación en Galicia elevábase a 150.241. A maioría deles pertencen ao sector terciario xa que absorbe arredor do 70% da ocupación total de Galicia (71,1% en 2019 e 69,4% en 2020). Aínda en setembro se mantiñan en ERTE por forza maior un total de 19.828 traballadores. O emprego nos servizos, como cabería agardar, descendeu con máis intensidade nos meses de primavera e en maior contía que a media galega.

En media, nos tres primeiros trimestres de 2020, a caída da ocupación nos servizos supuxo a perda de 38 mil traballadores, a máis alta experimentada no sector en Galicia. Na crise iniciada en 2008, o maior descenso produciuse en 2012 con 14.700 traballadores menos que en 2011. Se temos en conta que a caída do emprego nos servizos no segmento de 16 a 29 anos foi de 15 mil persoas (cun descenso dun 16,1%), case o 40% de total, é obvio que o emprego xuvenil, cun forte peso de contratos temporais, foi o máis afectado pola crise da COVID- 19.

Cadro núm. 2
Ocupación no sector servizos


	Ocupación (miles)					TVI (%)				
	2018	2019	I trim. 2020	II trim. 2020	III trim. 2020	2018	2019	I trim. 2020	II trim. 2020	III trim. 2020
A Coruña	344,5	355,4	336,4	327,3	328,0	5,0	3,2	-6,4	-9,4	-6,5
Lugo	93,9	90,9	91,5	88,3	92,3	4,8	-3,2	2,3	-1,3	0,2
Ourense	81,2	80,3	78,6	76,6	81,8	2,4	-1,1	-2,5	-5,5	5,1
Pontevedra	253,8	252,6	241,4	236,6	252,0	4,6	-0,5	-3,8	-7,3	-1,8
Galicia	773,4	778,9	747,7	728,5	754,2	4,5	0,7	-4,1	-7,5	-3,0

Fonte: EPA, INE.

No cadro 2 obsérvase que, mentres A Coruña era a única das catro provincias galegas na que se incrementou o emprego nos servizos en 2019, foi tamén o territorio máis afectado pola perda de ocupación nos tres primeiros trimestres de 2020 que, en media, caeu un 7,4%. O descenso en Pontevedra foi menor, un 4,3%, e os ocupados mantivéronse relativamente estables nas dúas provincias con menor actividade económica, Ourense e Lugo. Incluso nesta última se rexistrou un leve incremento do 0,4%.

O impacto da crise sanitaria no mercado de traballo tamén se pode apreciar se analizamos a evolución dos contratos de traballo iniciais asinados, case todos eles de duración temporal. En 2019, os contratos aumentaron nun 1,1%, cun crecemento no sector da hostalería do 5,4% e nos transportes (3,5%) que contrarrestaron o descenso no comercio (-1,6%), pero sobre todo, nas actividades administrativas (-4,5%). Esta situación relativamente estable obviamente truncouse en 2020. A firma de contratos iniciais baixou nos nove primeiros meses con respecto ao mesmo período de 2020 un 38,3%. Os maiores descensos producíronse precisamente naquelas actividades nas que se adoita concentrar tanto o emprego

como o número de contratos asinados. En 2019, en hostalería realizábanse o 29,8% dos contratos iniciais nos servizos. O descenso dun 56% en 2020 pon de manifesto que, comparativamente, está sendo unha das ramas do terciario máis afectadas pola crise e, de feito, o seu peso relativo, caeu neste período ao 21,8%. Xa se pode avanzar que o escaso pulso tanto dos hoteis como dos restaurantes e bares agravouse nos últimos meses do ano. En outubro e novembro, nun contexto de caída xeral no número de contratos de servizos dun 23,9%, na hostalería descendieron un 67,1%, polo que o seu peso relativo se reduciu ata o 11,5%.




A caída nos contratos iniciais foi aínda máis forte no grupo de actividades artísticas, recreativas e de entretemento, ou sexa que aquí se inclúe o que se entende por industria cultural. O seu número con respecto en 2019 diminuíu en dous terzos e dun modo moi homoxéneo en case todas as súas ramas, aínda que o peor resultado se produciu no segmento de actividades de creación, artísticas e espectáculos. A situación desta rama tampouco mellorou en outubro e novembro de 2020.

O subsector que engloba as actividades administrativas e servizos auxiliares acumulou de xaneiro a setembro un descenso na contratación do 33,1%. A actividade que mellor exemplifica as dificultades desta rama é a que desenvolven as axencias de viaxes. Asináronse un 73,3% de contratos menos, o que reflicte o colapso neste tipo de negocio que non presenta síntomas de recuperación, xa que a redución en outubro e novembro de 2020 se elevou ata o 80,7%.

Entre xaneiro e setembro de 2020, os contratos no conxunto das ramas do comercio descendéron un 26,6% e obsérvase unha leve melloría nos últimos meses de 2020. A actividade máis afectada foi a venda e reparación de vehículos a motor e motocicletas. Finalmente, no grupo de sectores nos que máis caeu o número de contratos tamén se atopa o conglomerado de transporte e almacenamento, cun 12,2% menos que en 2019. Neste sector destacan, como cabería agardar, os resultados moi negativos do transporte aéreo. Asináronse neste período un 79,3% de contratos menos (a porcentaxe máis alta de todas as ramas dos servizos) e a caída da contratación mantívose nos meses de outubro e novembro.

A única rama que en 2020 incrementou, e de forma intensa, o número de novos contratos asinados foi telecomunicacións. Os contratos aumentaron entre xaneiro e setembro un 69% e en outubro e novembro de 2020 un 106,6%.

Obviamente, nestes últimos meses, outra das actividades cun especial protagonismo é a sanitaria e a de servizos sociais. O número total de contratos novos descendeu nos nove primeiros meses de 2020 un 18,2%, con taxas de variación negativas en todas as ramas deste subsector. Así, nos servizos sociais de atención en residencias a contratación caeu un 9,2%, pero aínda máis o fixo, en momentos moi difíciles, a atención sen aloxamento, un 26,7%, o que non ten que estrañar ante o peche dos centros de día e as dificultades para prestar axudas domiciliarias. Na actividade sanitaria propiamente dita, tras asinarse 9.732 contratos iniciais entre xaneiro e setembro de 2019, pasouse a 7.981 en 2020; cifras que melloraron nos últimos meses de 2020.





Os prezos no sector servizos

2019 caracterizouse por unha desaceleración notable nos valores do índice xeral do IPC galego, alcanzando taxas negativas de xuño a novembro, en contraposición con un IPC nos servizos que mantivo unha estabilidade semellante á de 2018. Esta situación mantívose ata o pasado mes de xuño de 2020, momento no que comezou a desacelerarse, pero sempre en taxas positivas, e cun diferencial tamén positivo con respecto ao conxunto de España.

Por rúbricas, sobresaen en 2020 as fortes variacións negativas do índice de prezos de transporte persoal que en xuño e xullo experimentou un descenso do -7,8% e -9,2% respectivamente e, tamén, das actividades recreativas. Pola contra mantivéronse as tensións inflacionistas nos servizos médicos e na educación. Doutra banda, compróbase que malia a caída na actividade no turismo e na hostalería, o índice de prezos superou o 2% en xullo e agosto para xa caer nos meses posteriores en torno a un 0,5%.

Na situación de excepcionalidade de 2020, o índice de confianza do consumidor,





índice sobre as perspectivas de evolución da economía galega sitúase en -75,2, case 50 puntos máis (en valor absoluto) que no trimestre anterior, o que suxire que o pesimismo se xeneraliza a todo tipo de consumidores. Porén, tras o desconfinamento e o final do estado de alarma, todos os compoñentes do índice de confianza no pasado verán foron máis positivos.

A distribución e o comercio

Na distribución comercial, a información estatística adoita distinguir entre a venda de vehículos a motor e motocicletas (na que se inclúen as reparacións), o comercio por xunto e polo miúdo. Nestas actividades descendeu a ocupación nos tres primeiros trimestres de 2020, con respecto a 2019, un 6,4% (sobre 11 mil traballadores), malia a utilización dos ERTE. Tamén baixou un 26,6% o número de contratos iniciais asinados. Todo iso, aproxímanos á desaceleración experimentada por un sector que se enfrontaba non só a unha demanda moi retraída senón a restricións nas súas aperturas e peches.

Pois ben, neste contexto, o índice xeral da cifra de negocios do comercio polo miúdo en Galicia a prezos constantes para 2020 recolle unha recuperación en febreiro que, como cabería agardar, se trunca en marzo, para recuperarse de tal modo en xuño que a taxa de variación deste mes xa era un 1% superior á de 2019. Este índice presenta mellores resultados se excluimos as estacións de servizo; actividade cuxa facturación se afundiou nos meses de primavera ante a redución da mobilidade. No gráfico 5 apréciase que o índice de negocios sen estacións de servizos mellorou no verán, pero sen recuperación da ocupación.

Coa crise sanitaria e as dificultades de acceso ao comercio tradicional agudizouse a penetración doutros modos de distribución comercial polo miúdo e neste novo escenario modificouse a actitude dos consumidores galegos sobre o comercio en liña. Non hai dúbida de que estes meses houbo un grande avance na disposición de plataformas para a venda por Internet e a aceptación das mesmas por parte dos consumidores.

Non obstante, con moitos comercios polo miúdo en dificultade tras estes meses de crise, as plataformas máis tradicionais manteñen a súa presenza en Galicia. Unha fórmula de éxito desde as últimas décadas do século pasado da distribución comercial é o formato de centros comerciais, os cales se desenvolveron nos principais núcleos de poboación galegos e nos seus territorios limitrofes.

En 2020, Galicia segue contando cos 39 centros comerciais, aos que xa nos referiamos no informe de 2018. A maioría están na provincia da Coruña, que dispoñía de 916.041 m², que son ocupados por 1.980 establecementos. No informe de 2018 apuntábase que estaban previstas catro novas aperturas nos próximos anos. Un dos proxectos execútase na Coruña. Coa denominación Breogán Park, transformárase o antigo centro comercial Dolce Vita, veciño de Marineda City, para convertelo nun parque comercial de mediana superficie cun investimento previsto de 80 millóns de euros. O pasado marzo obtivo a autorización da Xunta de Galicia e está prevista a inauguración en 2022. O segundo proxecto, con máis de 43 mil m², é o centro comercial Vialia en Vigo, na antiga estación de Urzaiz convertida en intermodal, e cuxa inauguración está prevista para o verán de 2021. A fórmula é a tradicional, combinando tendas polo miúdo de coñecidas marcas, con restauración e lecer con varias salas de cine. O terceiro proxecto execútase no Polígono do Vao en Pontevedra, e supón unha ampliación da oferta actual. Tras resolverse varias cuestións burocráticas aínda non comezou a executarse a obra. Finalmente, está previsto que, unha vez obtida a licenza, comecen en breve as obras do cuarto proxecto galego, o centro comercial

elaborado polo IGE, mostrou no segundo trimestre o peor resultado desde que se comezou a elaborar esta serie no primeiro trimestre de 2010. A confianza dos galegos sobre a súa situación económica persoal e a que perciben sobre o conxunto de Galicia xa empeora no cuarto trimestre de 2019, en especial, as perspectivas de evolución da economía galega. As percepcións no primeiro trimestre de 2020 non diferían demasiado das alcanzadas no ano anterior. Pero os índices do segundo trimestre mostran un considerable empeoramento sobre a situación económica persoal e a capacidade de aforro dos consumidores. Nestes meses o

Way Ourense no parque empresarial de San Cibrao das Viñas. Espérase, cun investimento de 25 millóns de euros en 18 mil m², que poida ser inaugurado en setembro de 2021. Calcúlase que xerará 250 empregos directos.

Neste momento tan convulso, as cadeas comerciais apostan por ensaiar novas estratexias para poder sobrevivir nun mercado cada vez máis complexo e con xigantes en liña, como por exemplo Amazon, que están actuando en réxime de oligopolio, xa que máis da metade do eCommerce no mundo está en mans de tan só seis empresas. Neste contexto, a multinacional galega de distribución polo miúdo de téxtil confección, Inditex, propúxose realizar un cambio radical, para o que está investindo 2.700 millóns de euros coa finalidade de conseguir que en 2022 a cuarta parte da súa facturación proveña das vendas por Internet. A finais de 2020 xa prevé que todas as súas cadeas dispoñan de tendas en liña en todos os países nos que se localizan.

Evidentemente, a actual estrutura comercial galega, no ámbito polo miúdo é moi diversa e, como xa indicamos, está sometida a profundos cambios. O comercio tradicional cada vez ten un menor protagonismo e o pequeno comercio sofre cada vez máis para manter unha rendibilidade ante o empuxe doutros formatos. A pandemia evidenciou as súas debilidades, malia mostrar as vantaxes para o consumidor de adquirir produtos nun comercio de proximidade ante as restricións á mobilidade.

No cadro 3, no que a información máis recente que presenta o directorio central de empresas do INE é de 2019, apréciase a crise do pequeno comercio nesta última década. En 2019 había un 12,3% menos de locais activos en Galicia que en 2010. Así, deixaron de estar abertos ao público, en tan só nove anos, o 45,2% dos establecementos non especializados con menos de 10 traballadores asalariados. Hai un 19% menos de locais especializados na venda de artigos de uso doméstico e un 27,9% menos dos que venden equipos para tecnoloxías de comunicación e información. Tamén houbo números peches en comercios especializados na venda de artigos culturais e recreativos. Pola contra, só se observou un incremento neste período dos locais de venda de automóviles. Como xa se indicaba nos informes anteriores, con este proceso, que é froito dos cambios nos hábitos de compra, asistimos a unha reconfiguración dos espazos urbanos galegos, con amplas zonas nas que antigamente operaban baixos comerciais que hoxe están sen uso.

Cadro núm. 3

Número de locais activos dedicados á actividade do comercio polo miúdo (excepto vehículos de motor e motocicletas) localizados en Galicia


	2010				2019				TVI (%) 2010-2019
	Con menos de 10 asalariados	Entre 10 e 99 asalariados	Máis de 99 asalariados	Total	Con menos de 10 asalariados	Entre 10 e 99 asalariados	Máis de 99 asalariados	Total	
En establecementos non especializados	5.203	682	21	5.906	2.850	664	24	3.538	-40,1
De produtos alimenticios, bebidas e tabaco en establecementos especializados	5.928	44	0	5.972	5.848	28	0	5.876	-1,6
Para a automoción en establecementos especializados	618	28	0	646	654	33	0	687	6,3
De equipos para as tecnoloxías da información e as comunicacións en establecementos especializados	931	21	0	952	675	10	1	686	-27,9
Doutros artigos de uso doméstico en establecementos especializados	8.108	98	4	8.210	6.572	68	8	6.648	-19,0
De artigos culturais e recreativos en establecementos especializados	2.500	19	2	2.521	2.160	28	0	2.188	-13,2
Doutros artigos en establecementos especializados	12.548	204	23	12.775	12.076	178	44	12.298	-3,7
En postos de venda e en mercadillos	3.141	13	0	3.154	3.034	5	0	3.039	-3,6
Non realizado nin en establecementos, nin en postos de venda nin en mercadillos	537	8	0	545	695	9	1	705	29,4
Total	39.514	1.117	50	40.681	34.564	1.023	78	35.665	-12,3

Fonte: Directorio Central de Empresas. INE.

Nos resultados da distribución polo miúdo en Galicia, a de base alimentaria ten un gran peso e, grazas á súa traxectoria na crise sanitaria, as caídas na facturación total do sector non foron tan avultadas. Así, o índice da cifra de negocios, en prezos constantes e corrixidos os efectos estacionais e de calendario, en España (o INE non publica a desagregación por comunidades autónomas) mostra que en outubro

de 2020, fronte ao mesmo mes de 2019, o índice da cifra de negocios en alimentación só descendera un 0,2%; o que contrasta coas caídas do 29,8% en equipo persoal ou do 6,2% en equipamentos para o fogar. A pandemia non parece que afecte a traxectoria desta distribución polo miúdo, xa que a súa facturación se mantivo en niveis similares aos de 2019, exercicio no que o índice de alimentación aumentara un 1,1%.

A revista especializada *Alimarket* presenta a información sobre a traxectoria da distribución polo miúdo en Galicia referida ata finais de 2019. A oferta dispoñible, en canto a número de establecementos de todo tipo, non mostra cambios moi significativos con respecto a 2018. Contabilizáronse 10 establecementos menos (3.619 m²) debido aos peches de 75 tendas que non foron compensados cun número similar de aperturas. Practicamente a metade dos peches producíronse na cadea Dia, coa reestruturación realizada tras a súa adquisición por parte do magnate ruso Mijaíl Fridman. Neste período mantivéronse os 40 hipermercados existentes en Galicia e os peches concentráronse no formato de supermercado. Ourense foi a provincia que experimentou os maiores cambios.



No gráfico 6 recóllese o reparto das salas de venda das principais cadeas e grandes grupos que operaban en Galicia en 2019. Obsérvanse pequenos cambios con respecto a 2018, aínda que o grupo líder, Gadisa, confirma a súa primeira posición ao gañar unha cota de dúas décimas máis. Esta posición afianzouse tras poñer en marcha un total de 12 novos establecementos en cinco gasoli-neiras nas provincias da Coruña e Pontevedra e 2 na de Lugo. Ademais producíronse tres inauguracións e procedeuse á remodelación de 21 dos seus centros. En 2019 o seu maior crecemento produciuse en Castela-León. Esta compañía con sede en Betan-

za lidera, en canto a superficie, a distribución na Coruña, Lugo e Ourense, mentres que mantén o terceiro lugar na provincia de Pontevedra.

Pola súa banda, o grupo Eroski, en Galicia aliado con Vegalsa, mantivo a segunda posición no *ranking* galego en 2019 co mesmo crecemento relativo que Gadisa, dúas décimas. Esta segunda posición ocupa nas catro provincias. Neste exercicio conseguiu incrementar a súa superficie un 1,1% grazas á apertura de seis novos establecementos, a maioría franquías, que contrarrestou o peche de cinco centros. Pola súa banda, o grupo Froiz, líder indiscutible na provincia de Pontevedra co 29% da superficie comercial (Eroski dispón do 15,6%) e terceiro nas tres restantes, tivo en 2019 un récord nas aperturas, 12 novas tendas, grazas, sobre todo, á adquisición de centros do grupo Dia, sobre todo en Ames e Santiago de Compostela. Froiz facturou 680 millóns de euros en 2019, un crecemento con respecto a 2018 do 3,5%.

A reestruturación da cadea Dia, que supuxo unha perda de superficie comercial, permitiu que o cuarto lugar no *ranking* galego sexa ocupado en 2019 polo grupo Mercadona, cunha cota do 9,6%, tres décimas máis que en 2018. Esta posición alcanzouse en todas as provincias galegas, excepto en Lugo, na que se mantiña o grupo Dia. O máis relevante de Mercadona en Galicia en 2019 foi a apertura dun centro en Ferrol, que contrarrestou un peche en Narón.

Pola súa banda, Dia ocupou en Galicia o quinto lugar no *ranking* en 2019, cunha sensible perda na súa cota debida á sensible redución emprendida nos seus centros. Nese ano procedeuse ao peche de 32 tendas propias e 12 franquiciadas. Iso supúxolle dispoñer de 13.587 m² menos.

No gráfico 6, comparado co do informe de 2018, apréciase un sensible crecemento no peso relativo da cadea Lidl (sétima por superficie en Galicia), grazas á inauguración de tres novos centros na Coruña, Ourense e Vigo.

Ademais dos movementos dos grupos de base alimentaria que habitualmente están operando en Galicia, unha novidade interesante de 2019 é a entrada do grupo Primaprix con seis aperturas, catro na provincia da Coruña e unha na de Lugo e Pontevedra. Defínense como un grupo que vende produtos alimentarios de marca a prezos de *outlet*.

Na lista que figura no gráfico 6, o grupo de El Corte Inglés, no referente a súa sección de base alimentaria, ocupa en Galicia o oitavo lugar cunha cota do 3%. Estes grandes almacéns atravesaron unha

situación un tanto convulsa que os levou, para conseguir unha maior rendibilidade, a anunciar o peche de 15 e a transformación de 10 puntos de venda en toda España. Esta decisión incide en Galicia no punto de venda do que dispoñen no Centro Comercial de Marineda City na Coruña, o cal é deficitario. Haberá que agardar a confirmación definitiva destes anuncios. Doutra banda tamén resulta de interese a transformación das tres plantas do Supercor do centro de Ferrol, dedicadas a moda e complementos, nun espazo *outlet* de marcas.

Finalmente, no segmento de distribución alimentaria polo xunto (*cash&carry*) cabe destacar a liquidación da empresa matriz do grupo ourensán Juan Miguel Diéguez Rivas, que supuxo o peche das súas instalacións en Ourense. Neste segmento mantivo o liderado Comercial Martínez Sánchez, que, co anagrama Cash Galicia, tivo en 2019 unha cota de superficie do 27,3%, 2,4 puntos máis que o seu principal competidor, o grupo Eroski.

En canto á distribución téxtil-confección, xa comprobamos anteriormente que o índice de negocio elaborado polo INE para o conxunto de España mostrou, no pasado outubro, un descenso, en media anual, do 28,9% na distribución de equipamento persoal do que o comercio polo miúdo forma parte. A crise sanitaria afectou moi duramente a esta rama do comercio e as perspectivas non son alentadoras. O último barómetro dispoñible da asociación do sector Acotex referido a novembro de 2020 cuantifica unha caída das vendas en España do 40,5% (en media anual) con respecto a 2019. Confirma que tras o confinamento non abriron o 15% das tendas existentes e moitas das que o fixeron manifestan que a súa situación ante a redución das vendas é moi delicada; situación que non mellorará coa campaña de Nadal, nun escenario cheo de restricións e incertezas.

Por outra banda, as estatísticas da Asociación Nacional de Fabricantes e Importadores de Electrodomésticos (ANFEL) confirman un crecemento en España dun 0,11% (acumulado xaneiro-novembro de 2020) sobre 2019; dato sen dúbida positivo para este grupo de bens ante a situación que atravesamos o país. Tamén evidencian un descenso no número de unidades do 2,74%.

Cadro núm. 4
Volume de negocio en España da cante electrónica nas 20 ramas de actividade máis importantes

	2018	2019	I trim. 2020	II trim. 2020	2019 (%)	TVI (%) 2019/2018	TVI (%) I trim. 2020/ I trim. 2019
Axencias de viaxes e operadores turísticos	5.631,6	7.303,9	1.645,9	1.534,8	15,0	29,7	-6,8
Transporte aéreo	4.028,1	3.904,4	999,1	871,9	8,0	-3,1	-12,7
Pezas de vestir	2.271,5	2.933,1	651,9	806,5	6,0	29,1	23,7
Hoteles e aloxamentos similares	1.763,6	2.583,8	503,2	516,6	5,3	46,5	2,7
Xogos de azar e apostas	1.608,1	1.861,2	439,1	497,9	3,8	15,7	13,4
Servizos auxiliares á intermediación financeira	570,3	704,7	141,2	333,7	1,4	23,6	136,4
Marketing directo	1.244,6	1.366,0	402,5	322,1	2,8	9,7	-20,0
Subscripción cantes tv	888,8	1.114,6	253,5	315,6	2,3	25,4	24,5
Transporte terrestre de viaxeiros	1.394,6	1.502,4	361,7	304,1	3,1	7,7	-15,9
Espectáculos artísticos, deportivos e recreativos	1.274,0	1.340,2	324,0	289,0	2,7	5,2	-10,8
Grandes almacéns	509,3	901,9	167,1	281,4	1,8	77,1	68,4
Hipermercados, supermercados e tendas de alimentación	674,8	853,6	189,6	265,7	1,7	26,5	40,1
Administración pública, impostos e Seguridade Social	938,7	1.103,4	244,5	251,5	2,3	17,5	2,9
Electrodomésticos, imaxe e son	736,9	776,5	184,6	228,1	1,6	5,4	23,6
Educación	657,2	799,7	181,7	211,1	1,6	21,7	16,2
Intermediación financeira	536,8	908,5	172,3	207,6	1,9	69,2	20,5
Equipos de telecomunicacións e recargas telefónicas	443,1	559,8	124,0	194,2	1,1	26,3	56,6
Publicidade	575,3	676,2	150,5	174,9	1,4	17,5	16,2
Discos, libros, xornais e papelería	570,7	602,2	146,8	131,9	1,2	5,5	-10,2
Xoguete e artigos de deporte	408,8	472,2	108,6	129,3	1,0	15,5	19,1
Total	39.243,0	48.826,2	10.969,2	12.243,4	100,0	24,4	11,6

Fonte: CNMC.

O imparable cambio nos hábitos de compra dos consumidores a favor do comercio electrónico intensificouse coa crise sanitaria. A Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) presenta os resultados trimestrais sobre estas transaccións referidos a España. Desafortunadamente, no momento de redactar este informe o último período dispoñible é o primeiro trimestre de 2020, polo que non se pode recoller o impacto que tivo o confinamento e o estado de alarma nestas transaccións durante a pasada primavera, nin tampouco cal foi a evolución tras a apertura dos establecementos no pasado verán. Este impacto modificará notablemente o *ranking* que se presenta no cadro 4. En todo caso, estas estatísticas mostran, en 2019 con respecto a 2018, un incremento dun 24,4% na facturación total e un 11,6% no primeiro trimestre de 2020. As axencias de viaxes non só lideraban o *ranking*, a distancia de calquera outro sector en 2019, senón que nese ano aumentaron as súas vendas en liña un 29,7%. A continuación aparecen as vendas de billetes de avión, as compras de pezas de vestir e as reservas de hoteles. Os resultados do primeiro trimestre de 2020 xa apuntan cara a un descenso nos sectores que esixen mobilidade, mentres que se incrementan as vendas electrónicas nos establecementos de distribución de base ali-

Cadro núm. 5
Afiados á Seguridade Social nas actividades comerciais

	2018	2019	Setembro 2020	TVI (%) 2019/2018	TVI (%) setembro 2020/2019
A Coruña	74.658	74.763	73.248	0,1	-2,0
Lugo	20.703	20.615	20.143	-0,4	-1,8
Ourense	17.985	17.860	17.327	-0,7	-2,9
Pontevedra	63.979	64.167	63.154	0,3	-1,5
Galicia	177.325	177.404	173.872	0,0	-1,9

Fonte: IGE.

coa evolución das afiliacións á Seguridade Social dos traballadores do comercio en Galicia, un 1,9%, mostran que o impacto da crise sanitaria, seguramente grazas aos ERTE, sendo relevante, non foi tan intenso como podería suxerir a caída no índice da cifra de negocios. En termos relativos, Ourense é a provincia na que se registrou a maior perda de afiliados. Doutra banda, no cadro 5 tamén se observa que a afiliación no comercio en 2019 era practicamente a mesma que a de 2018.

Finalmente, no cadro 6 recóllense os contratos rexistrados e os iniciais nas diferentes actividades comerciais. O IGE publica, con carácter anual, o número de contratos asinados considerando a situación do centro de traballo. Obsérvase que en 2019, xunto coa estabilización nas afiliacións á Seguridade Social, asináronse menos contratos indefinidos e, con todo, practicamente o mesmo número de contratos temporais (a variación foi do 0,2%); o que suxire que en 2019 a situación no mercado de traballo foi moi similar á de 2018. Na parte b) do cadro 6 apréciase que, malia que a ocupación en Galicia experimentou en 2020 un descenso nas afiliacións á Seguridade Social non moi alto (-1,9%), os contratos iniciais, a maioría temporais, caeron entre xaneiro e outubro un 26,1%. Esta traxectoria parece suxerir que se intentou reter os traballadores con contrato fixo, mentres que non se renovaron os contratos temporais nin tampouco se optou polas habituais ampliacións de cadros de persoal nos meses nos que habitualmente adoita incrementarse a actividade.

Cadro núm. 6
Contratos de traballo rexistrados nas actividades comerciais. Ano 2018

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	TVI (%) Galicia
Indefinido ordinario e fomento do emprego	3.795	804	643	2.864	8.106	7,1
De obra ou servizo	8.987	2.073	1.901	7.386	20.347	1,8
Eventual por circunstancias da produción	35.628	6.576	5.163	24.564	71.931	11,2
Interinidade	4.851	1.087	897	3.941	10.776	0,5
En prácticas	495	113	113	404	1.125	3,0
Para a formación	247	94	68	163	572	3,2
Outros	869	127	83	449	1.528	-5,9
Total de contratos iniciais	54.872	10.874	8.868	39.771	114.385	7,6
Conversións a indefinidos	3.666	1.054	792	3.106	8.618	12,8
Total de contratos rexistrados	58.538	11.928	9.660	42.877	123.003	7,9

Fonte: IGE.

O sector turístico en Galicia

Calquera análise que se faga do turismo na actualidade non pode desligarse do que aconteceu a partir da detección, en decembro de 2019, dos primeiros casos da COVID-19 en Wuhan (China). A OMS declarou a enfermidade como unha emerxencia sanitaria mundial e as medidas adoptadas para tratar de frear a súa expansión limitaron drasticamente a mobilidade, impactando na esencia do turismo. Neste apartado faremos un percorrido pola evolución do turismo durante o ano 2019, que remataremos coa análise da situación nos primeiros dez meses de 2020. Esta análise evidenciará os efectos, e o cambio radical, que a pandemia está a provocar na actividade turística.

As chegadas de turistas internacionais a nivel mundial incrementáronse en preto dun 4% en 2019 ata acadar a cifra global de 1.500 millóns. Este crecemento sumouse aos rexistrados nos dous anos anteriores, acumulando tres anos de subas importantes nas chegadas internacionais. Segundo os datos do último Barómetro do turismo mundial elaborado pola Organización Mundial para o Turismo (OMT), Europa experimentou un crecemento similar ao do conxunto mundial, rexistrando 742 millóns de chegadas e concentrando case o 51% do total global. Segundo os datos da estatística de Movementos Turísticos en Fronteira (FRONTUR) (INE, 2020), en 2019 visitaron España 83,5 millóns de turistas estranxeiros; o que supón un incremento inferior ao 1%, que confirma a desaceleración que se vén producindo na demanda internacional desde 2016.

A evolución recente consolida a España como un dos principais destinos do mundo para os turistas internacionais. Os destinos urbanos, encabezados por Madrid, cunha suba do 7%, obtiveron mellores

mentaria, nos de pezas de vestir, nos grandes almacéns e nos servizos auxiliares de intermediario financeiro.

En canto ao comportamento do mercado de traballo, xa comentamos a traxectoria do índice de ocupación do comercio polo miúdo que caeu en setembro (en media anual) con respecto a 2019 un 1,1%, fronte ao descenso dun 2,1% en España. Este índice xunto

resultados que os destinos de sol e praia, que se resentiron ao rexistrarse unha menor afluencia de turistas procedentes dos principais mercados emisores tradicionais. Pola súa banda, os destinos do interior e da España verde experimentaron crecementos importantes nas chegadas de turistas internacionais. Navarra, Castela-A Mancha, Galicia, Madrid e Asturias foron as comunidades con maiores subas, que oscilaron entre o 6% no último caso e o 17% no primeiro. No caso concreto de Galicia, as chegadas de turistas internacionais incrementáronse un 7,4%. Esta evolución positiva verase truncada a raíz das restricións derivadas da COVID-19 e, tal e como se amosa no gráfico 7, nos primeiros dez meses de 2020 as chegadas de turistas internacionais a España reducíronse en máis dun 76%.



As chegadas a España procedentes dos tres principais mercados emisores europeos sufriron caídas en 2019 como consecuencia da recuperación dos destinos competidores, sobre todo en segmentos de "sol e praia", máis sensibles ao prezo. O mercado británico foi o que mostrou un peor comportamento, cunha redución de prezo do 3%. Pola contra, medraron de forma notable os turistas procedentes dos países periféricos europeos e, sobre todo, os de longo percorrido. Por un lado, os turistas procedentes de Italia incrementáronse un 3,3%, os procedentes de Portugal un 3,6% e os de Irlanda un 6%. Os turistas de longa distancia, cun maior gasto

asociado en destino, rexistraron crecementos aínda maiores. Dentro do mercado americano, os turistas procedentes de Estados Unidos subiron un 12,4% ata acadar os 3,3 millóns e os procedentes de México un 20%. Pola súa banda, dentro do mercado asiático, os turistas procedentes de Xapón e de Corea medraron un 24% e un 30% respectivamente e os turistas chineses aumentaron un 8%, superando a barreira dos 700 mil no último ano.

O turismo de "negocios e motivos profesionais" medrou de forma considerable en 2019. O turismo urbano foi un dos grandes beneficiados do comportamento desta modalidade de turismo. As visitas relacionadas co "ocio, recreo e vacacións", que representan a motivación máis importante (87% do total), incrementáronse en pouco máis dun punto porcentual. Os turistas que visitaron o país por "outros motivos", que inclúen aqueles que non puideron ser clasificados nas categorías anteriores, reducíronse en preto dun 9%. Esta motivación tamén foi a que mellor resistiu durante o ano 2020, cunha redución do 59% nos primeiros dez meses do ano, fronte a unha caída superior ao 77% no caso do turismo por motivos de "ocio, recreo e vacacións".

O gasto total xerado polo turismo internacional en España medrou un 2,4% en 2019. A pesar desta suba, obsérvase unha desaceleración nos últimos dous anos. O aumento no gasto total estivo propiciado en boa medida polo incremento do gasto diario medio por persoa, cunha suba do 6,3%, porque a duración da estadia se reduciu nun 4,5%. O gasto medio por persoa creceu un 1,6%, tal e como se pode comprobar nas series publicadas pola Enquisa sobre gasto turístico (EGATUR). Como consecuencia da caída no número de chegadas, o gasto realizado polos turistas internacionais reduciuse un 77% entre xaneiro e outubro de 2020 se o comparamos co mesmo período de 2019. Ademais da evolución do número de chegadas, tamén influíron nesta diminución a caída do gasto diario medio por persoa (-30%) e a diminución da estadia media (-15%). A evolución do gasto dos turistas internacionais que tiñan como destino principal Galicia non foi positiva durante o ano 2019. O gasto medio por persoa baixou por termo medio un 15,4%, resultado, sobre todo, da redución da duración media das viaxes, porque o gasto diario medio por persoa se incrementou en preto do 1%. O resultado global foi unha caída do gasto total en máis dun 9%.



Os datos procedentes da Enquisa de ocupación hoteleira elaborada polo INE amosan un comportamento tamén positivo da actividade turística durante o ano 2019, debido en boa medida a unha evolución máis dinámica da demanda interna. O número de viaxeiros aloxados en establecementos hoteleiros aumentou un 3,1% e o número de estadias en preto do 1% (INE, 2020). Se ben o número de viaxeiros estranxeiros rexistrou un crecemento similar ao dos residentes, o de estadias realizadas polos non residentes permaneceu estancado. Pola contra, as correspondentes a residentes incrementáronse en preto dun 3%. Nos dez primeiros meses do ano 2020 o número de viaxeiros experimentou una redución do 67% e nas estadias superou o 72%. No caso dos estranxeiros a caída superou o 80%.

Os datos de afiliados á Seguridade Social nas actividades características do turismo reflicten unha suba global do 3,5% no ano 2019, resultado dun aumento do 4,1% nas altas de asalariados e do 1,3% no caso das correspondentes aos autónomos. Na mesma liña, os traballadores afiliados en alta laboral en hostalería e axencias de viaxe medraron un 3% (TURESPAÑA, 2020). Segundo estimacións de EXCELTUR, o PIB turístico, cun incremento do 1,5%, tería experimentado unha desaceleración no ano 2019, acumulando deste xeito dous anos consecutivos con crecementos por debaixo do 2% (EXCELTUR, 2020). O PIB turístico tería experimentado, polo tanto, un incremento inferior ao do conxunto da economía española que o INE sitúa no 2% (INE, 2020). Como xa se sinalou anteriormente, esta moderación nos ritmos de crecemento estarían relacionados coa recuperación dos países competidores do Mediterráneo Oriental, que fixo que se reducisen as chegadas procedentes dos mercados tradicionais europeos, especialmente cara ás illas e ás zonas de litoral de sol e praia.

Para a análise da actividade turística en Galicia centrámonos nun primeiro momento nos establecementos hoteleiros, dado que esta tipoloxía concentra preto do 87% dos viaxeiros aloxados e máis do 83% das estadias realizadas no conxunto da oferta regrada durante o ano 2019. Máis adiante ofreceranse datos para os apartamentos, cámpings e establecementos de turismo rural, co obxecto de obter unha visión global da actividade turística que se desenvolve ao redor do conxunto da oferta regrada.

Estes datos amosan un avance da actividade turística en Galicia en 2019. De feito, tanto o número de viaxeiros aloxados como o de estadias nos establecementos hoteleiros da comunidade incrementáronse en preto do 6%. No caso dos residentes en España, o número de viaxeiros subiu un 4,3% e as noites en estadia un 4,6%, presentando, polo tanto, a demanda interna un mellor comportamento que no conxunto de España. A demanda internacional aínda foi máis positiva, con incrementos por enriba do 10%, tanto no número de viaxeiros como no de estadias. Como se sinalará máis adiante, nos dez primeiros meses de 2020 tanto o número de viaxeiros como o de estadias experimentaron reducións de arredor do 60%.

Con todo, en Galicia os resultados da actividade turística seguen a estar moi condicionados pola evolución da demanda procedente do conxunto de España, incluída Galicia. O 72% dos viaxeiros aloxados nos establecementos hoteleiros galegos en 2019 eran residentes en España e realizaron tres cuartas partes das estadias totais. Aínda que nos últimos anos a porcentaxe que supoñen os viaxeiros estranxeiros medrou, o peso dos turistas foráneos está lonxe da media española, onde representan preto da metade dos viaxeiros aloxados nos establecementos hoteleiros. Se nos fixamos nas estadias, as realizadas por turistas estranxeiros significan no caso galego menos da cuarta parte do total, cando no conxunto de España están preto do 35%. En Galicia os turistas estranxeiros incrementaron o seu peso en 8 puntos desde o ano 2009, tal e como queda recollido no gráfico 8. Na provincia da Coruña é onde ten maior peso a demanda internacional (34% dos viaxeiros e o 31% das noites en estadia). No lado contrario, na provincia de Ourense é onde hai unha menor presenza de turistas internacionais, representando menos do 12% dos viaxeiros e pouco máis do 13% das noites en estadia.



Galicia concentrou preto do 6% das estadias realizadas polos residentes nos hoteis españois en 2019, ocupando o sexto posto en canto ás principais comunidades receptoras do turismo interno. Andalucía sitúase no primeiro lugar como receptora do turismo interno, con máis do 21% das noites en estadia realizadas polos nacionais, e incrementou o seu peso no último ano. A Comunidade Valenciana adiantou a Cataluña e está xa no segundo posto co 13,5% das estadias totais realizadas polos residentes. Por enriba de Galicia atópanse tamén Madrid e Cana-

Galicia concentrou preto do 6% das estadias realizadas polos residentes nos hoteis españois en 2019, ocupando o sexto posto en canto ás principais comunidades receptoras do turismo interno. Andalucía sitúase no primeiro lugar como receptora do turismo interno, con máis do 21% das noites en estadia realizadas polos nacionais, e incrementou o seu peso no último ano. A Comunidade Valenciana adiantou a Cataluña e está xa no segundo posto co 13,5% das estadias totais realizadas polos residentes. Por enriba de Galicia atópanse tamén Madrid e Cana-

rias. O turismo doméstico mantivo no último ano a súa concentración espacial e se ás seis comunidades autónomas mencionadas lles engadimos Castela e León e Baleares, sumarían máis do 80% das estadias realizadas polos turistas residentes, tal e como reflicte o Gráfico 9.

Os establecementos hoteleiros galegos aloxaron preto de 4,5 millóns de viaxeiros en 2019, que xeraron case 9 millóns de noites en estadia, como se aprecia no cadro 7. Isto supón en termos absolutos preto de medio millón de estadias máis que en 2018 e volver á senda do crecemento interrompido no ano 2018, no que se rexistraran reducións tanto no número de viaxeiros como no de noites en estadia. En Galicia a duración da estadia practicamente non variou nos últimos tres anos, mentres que o grao de ocupación das prazas medrou en preto de dous puntos. A duración da estadia é inferior á do total de España en máis de un día e o grao de ocupación sitúase case 20 puntos por debaixo da media española que supera o 60%. Do total de estadias efectuadas en Galicia en 2019, máis do 42% concentráronse no terceiro trimestre do ano e agosto acapara o 17,4% do total. Obsérvase, polo tanto, unha elevada estacionalidade da demanda turística que é, ademais, superior á existente no conxunto de España, onde os meses de xullo, agosto e setembro concentraron ao redor do 37% das estadias totais do ano e agosto non chega ao 14% do total.

Cadro núm. 7

Viaxeiros e noites en estadia en hoteis de Galicia

	2009	2011	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019*
Viaxeiros aloxados	3.399.456	3.354.067	3.374.160	3.647.571	4.086.189	4.326.401	4.495.651	4.206.677	4.453.965
Noites en estadia	7.444.456	7.158.336	6.761.686	7.096.620	7.684.702	8.241.693	8.807.925	8.493.952	8.993.653
Grao de ocupación (%)	31,4	31,0	29,6	30,9	33,8	36,1	38,7	38,7	40,5
Estadia media	2,2	2,1	2,0	2,0	1,9	1,9	2,0	2,0	2,0

* Datos provisionais.

Fonte: Encuesta de Ocupación Hotelera, INE.

A Coruña e Pontevedra son as provincias galegas que concentran a maior parte da demanda turística. Ambas as dúas representan máis do 77% dos viaxeiros e preto do 80% das estadias totais en Galicia. Como se recolle no cadro 8, A Coruña é a provincia que rexistra un maior número de viaxeiros e de estadias e tamén onde, como xa se comentou, ten maior presenza o turismo internacional. Nesta provincia as estadias realizadas por estranxeiros representan o 33,7%, máis de dez puntos por enriba da media para o conxunto de Galicia, que se sitúa no 23,4%. Case o 53% das noites en estadia realizadas por estranxeiros na comunidade teñen lugar na Coruña.

Pontevedra é a segunda provincia en captación da demanda turística e está preto da Coruña en canto ao número de noites en estadia. Esta provincia é a que presenta a maior duración da estadia e o maior grao de ocupación das prazas hoteleiras. Ourense é a provincia cun menor peso dentro da actividade hoteleira, onde ten un menor peso o turismo internacional e onde se rexistraron as menores porcentaxes de ocupación hoteleira. Pola súa parte, Lugo é a que rexistra unha menor duración da estadia.

Cadro núm. 8


Viaxeiros e noites en estadia en hoteis por provincias. Ano 2019*

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Viaxeiros aloxados	1.937.474	648.479	359.905	1.508.104
Noites en estadia	3.686.239	1.134.657	678.444	3.494.310
Grao de ocupación (%)	40,9	34,6	30,9	45,2
Estadia media	1,9	1,8	1,9	2,3

* Datos provisionais.

Fonte: Encuesta de Ocupación Hotelera, INE.

Gráfico 10
Procedencia dos viaxeiros españois aloxados nos establecementos hoteleiros galegos. Ano 2019



A provincia de Lugo foi a que experimentou un maior incremento da demanda hoteleira no ano 2019, aumentando en máis dun 10% o número de viaxeiros e en máis do 8% o número de estadias. Na provincia de Pontevedra o número de viaxeiros aloxados subiu en máis dun 7% e as noites en estadia en máis dun 5%. Os establecementos de hostalería de Ourense rexistraron subas dun 5,3% e dun 6,3% no número de viaxeiros e de estadias respectivamente. Finalmente, a demanda tamén tivo un bo comportamento na provincia da Coruña, pois se ben o número de viaxeiros medrou menos que no resto das provincias (3,3%), o número de noites en estadias creceu en preto do 6%; unha cifra similar á do conxunto de Galicia.

A maior parte dos viaxeiros residentes aloxados nos hoteis e hostais proceden da

propia rexión. Con todo, o peso dos viaxeiros galegos reduciuse en máis de cinco puntos no último ano. Excluíndo os galegos, a comunidade de Madrid foi a principal emisora de viaxeiros en 2019, cunha porcentaxe por enriba do 17%. Séguena, en orde de importancia, como pode verse no gráfico 10, as comunidades de Castela e León, Andalucía, Cataluña, Asturias, o País Vasco e a Comunidade Valenciana. Estas oito rexións representan preto do 90% dos viaxeiros totais aloxados nesta tipoloxía de establecementos.

Ademais dos datos de volume, algúns indicadores que nos amosan unha evolución máis cualitativa do turismo en Galicia son os que teñen que ver coa rendibilidade dos establecementos hoteleiros e coa evolución do emprego. Polo que respecta aos primeiros, a tarifa media diaria (ADR) aplicada nos hoteis e pensións de Galicia en 2019 situouse en 59,7 euros, o que significa unha taxa de variación interanual de preto do 2% (INE, 2020). A pesar deste incremento, Galicia sitúase, xunto con Castela-A Mancha, Castela e León, Extremadura e Aragón, entre as comunidades coas tarifas hoteleiras máis baixas e distanciada da media para o conxunto de España; onde acadou os 91 euros, un 2,5% máis que en 2018. Pola súa banda, os ingresos por habitación dispoñible (RevPAR) aumentaron na comunidade un 7%, aproximándose aos 27 euros; aínda así, atópanse entre os máis baixos de todo o territorio español e distantes da media para o conxunto de España que é de 61,2 euros. Polo que respecta á evolución do emprego, o número de afiliados á Seguridade Social nas ramas de hostalería e axencias de viaxes creceu un 2,7% en 2019, situando as afiliacións no sector turístico en 79.258.

En definitiva, o ano 2019 supuxo unha repunta no número de viaxeiros e de estadias en establecementos hostaleiros que permitiu retornar á senda de crecemento experimentada entre 2013 e 2017. En 2019 rexistráronse nos establecementos hoteleiros galegos preto de medio millón máis de estadias que en 2018; 2,4 millóns máis que no ano 2012, cando o sector tocou fondo como consecuencia da crise, e 820 mil máis que no último ano Xacobeo.

No que respecta á oferta hoteleira, compróbase que entre 2009 e 2019 a taxa de crecemento medio anual acumulativo foi negativa, tanto en canto ao número de establecementos como ao de prazas. O número de establecementos reduciuse de media un 0,8% por ano e o número de prazas un 0,4%. En 2019 había 1.418 establecementos abertos, 115 menos que en 2009 e ofrecían unhas 2.500 prazas menos. O tamaño medio dos hoteis sitúase preto das 42 prazas; cifra que se mantivo máis ou menos estable nos últimos 10 anos. En 2019 tanto o número de establecementos como o de prazas incrementáronse en relación co ano anterior, pero baixaron de xeito importante respecto do último Xacobeo. O grao de ocupación das prazas hoteleiras subiu en case dous puntos porcentuais, pero a comunidade segue a ser unha das que rexistran menores taxas de ocupación dentro de España.

O número de empregados nos establecementos hoteleiros medrou un 4,5% no último ano, acumulando deste xeito catro anos de subas. Aínda así, o número de empregados reduciuse de media un 0,4% nos últimos dez anos. En consecuencia, e a pesar destes incrementos recentes, a cifra é preto dun 7% inferior á do ano 2010. O número de traballadores por establecemento sitúase de media en 5, lonxe dos 15 para o conxunto de España, evidenciando o menor tamaño dos establecementos galegos. Dentro da rexión, os establecementos de Pontevedra, cunha media de 7, e os de Lugo, cunha media de 3, sitúanse nos dous extremos en canto ao número de traballadores por establecemento. Tanto o número de establecementos como o de prazas ofertadas de media nos primeiros dez meses de 2020 reducíronse en máis dun 33%. Como consecuencia dun peche total en abril e con moi pouca actividade en maio e xuño, o número de persoas traballando de media no sector nos primeiros dez meses do ano caeu case o 43% e as noites en estadia o 60%.

Cadro núm. 9
Evolución do subsector hostaleiro en Galicia

	Establecementos	Prazas	Ocupación	Empregados	Noites en estadia
2009	1.533	62.394	31,4	7.201	7.444.456
2010	1.543	62.701	35,4	7.395	8.174.138
2011	1.534	62.586	31,0	7.355	7.158.336
2012	1.548	63.155	28,5	6.869	6.643.325
2013	1.523	61.818	29,6	6.392	6.761.686
2014	1.529	62.173	30,9	6.372	7.096.620
2015	1.497	61.454	33,8	6.246	7.684.702
2016	1.512	61.616	36,1	6.392	8.241.693
2017	1.497	61.398	38,7	6.535	8.807.925
2018	1.411	59.043	38,7	6.601	8.493.952
2019*	1.418	59.818	40,5	6.896	8.993.653
% 2019/2010	-8,1	-4,6		-6,8	10,0
% 2019/2018	0,5	1,3		4,5	5,9
% 2020/2019**	-35,4	-35,9		-43,6	-59,0

* Datos provisionais.

** Primeiros nove meses do ano

Fonte: Encuesta de Ocupación Hotelera, INE.

Unha análise do resto dos establecementos turísticos regrados amosa tamén un bo comportamento da demanda turística en 2019. Os apartamentos turísticos, que viñan dun mal ano, foron os que rexistraron un comportamento máis positivo, tanto no número de viaxeiros como no número de estadias, con incrementos do 10% e do 13,7% respectivamente. Os establecementos de turismo rural presentaron unha suba do 3,7% no número de viaxeiros e do 2,1% no de noites en estadia. No caso dos cámpings a demanda rexistrou un incremento do 1,7% se atendemos ao número de viaxeiros, mentres que as noites en estadia medraron en preto do 4% (INE, 2020). En liña coa evolución das dúas variables que se veñen de analizar, o grao de ocupación das prazas e a estadia media melloraron no último ano nas tres tipoloxías de establecementos. En calquera caso, estamos a falar de duracións por debaixo da media para o conxunto de España nas tres modalidades e, agás no caso do turismo rural, graos de ocupación tamén inferiores, tal e como queda recollido no cadro 10.

Cadro núm. 10

Viaxeiros, noites en estadia, estadia media e grao de ocupación en establecementos extrahoteleiros. Ano 2019*

	Viaxeiros		Noites en estadia		Estadia media (días)		Grao de ocupación (%)	
	Número	TVI (%)	Número	TVI (%)	Galicia	España	Galicia	España
Apartamentos	145.914	10,0	500.372	13,7	3,4	5,7	26,9	38,2
Cámpings	268.423	1,7	979.702	3,8	3,7	4,9	24,3	40,8
Turismo rural	227.377	3,7	426.987	2,1	1,9	2,7	19,7	19,2


* Datos provisionais.

Fonte: INE.

De xeito global, o conxunto dos establecementos regrados obtiveron bos resultados no ano 2019, tanto no número de estadias como no de viaxeiros. O número de viaxeiros aloxados incrementouse un 5,7%, situando a cifra total por enriba dos 5 millóns, mentres que as noites en estadia o fixeron en preto dun 6%, deixando a cifra próxima aos 11 millóns. A demanda internacional amosou en 2019 un mellor comportamento que a procedente do conxunto de España, cunha suba próxima ao 10% no número de viaxeiros e superior ao 9% no de noites en estadia. Os non residentes representan o 28% dos viaxeiros aloxados e máis do 23% das estadias totais rexistradas nos establecementos regrados de Galicia.

É evidente que os hotéis son a tipoloxía de establecementos cun maior peso, concentrando máis do 87% dos viaxeiros aloxados en 2019 e preto do 83% das estadias realizadas no conxunto da oferta regrada. Os cámpings concentran pouco máis do 9% das estadias totais, sumando conxuntamente os apartamentos e os establecementos de turismo rural ao redor do 8% do total de estadias rexistradas no conxunto da oferta turística regrada en Galicia.

Unha síntese dos resultados presentados ata o de agora permítenos concluír que o sector turístico galego tivo bos resultados en 2019. Nos establecementos regrados aloxáronse máis de cinco millóns de viaxeiros, un 5,7% máis que no ano anterior, e xeráronse preto de once millóns de estadias, é dicir, case un 6% máis que en 2018. Estes datos reflicten unha mellor evolución que no conxunto de España, onde o número de viaxeiros medrou un 3,2% e as estadias un 0,6%. O bo comportamento da demanda explícase tanto polo comportamento da demanda dos residentes como pola evolución do turismo internacional. As estadias dos residentes aumentaron en preto do 5%, mentres que as dos estranxeiros máis do 9%. A dinámica seguida polo turismo internacional fixo que na oferta turística regrada se aloxasen máis de 1,4 millóns de viaxeiros estranxeiros, 127.106 máis que no ano anterior, que xeraron 2,6 millóns de estadias. Os estranxeiros incrementaron o seu peso no conxunto da demanda, representando na actualidade o 28% dos viaxeiros e máis do 23% das estadias.





Os establecementos hoteleiros seguen a ter un peso predominante dentro da oferta de aloxamento en Galicia, significando máis do 87% dos viaxeiros e case o 83% das estadias totais. No conxunto de España, os hotéis aloxan o 81% dos viaxeiros e concentran o 74% das estadias. Polo que respecta á evolución no último ano, todas as tipoloxías de aloxamento rexistraron unha mellora tanto no número de viaxeiros como no de noites en estadia. As variacións no número de estadias oscilaron entre o 2,1% no caso dos establecementos de turismo rural e o 13,7% no caso dos apartamentos turísticos.

Resultados do ano 2020

As previsións que se fixeran para a evolución da demanda turística durante o ano 2020, e que indicaban un incremento nas chegadas de turistas internacionais en todo o mundo de entre o 3% e o 4% (OMT, 2020), víronse totalmente truncadas como consecuencia dos confinamentos e das restricións á mobilidade internacional, incluídas fronteiras totalmente pechadas, derivadas da COVID-19. A propia OMT indica que as chegadas de turistas internacionais diminuíron un 70% nos primeiros oito meses de 2020, en comparación co mesmo período de 2019. O descenso representa 700 millóns de chegadas de turistas internacionais menos e tradúcese nunha perda de 730 mil millóns de dólares americanos, en ingresos por turismo internacional; máis de 8 veces superior á sufrida en 2009 en pleno impacto da crise económica mundial (OMT, 2020).


No caso de España, a información dispoñible para os dez primeiros meses de 2020 reflicte unha redución do 76,1% no número de turistas internacionais en comparación co mesmo período de 2019 (FRONTUR, 2020). Como consecuencia dos confinamentos e das restricións aos movementos de persoas, a baixada foi especialmente pronunciada no segundo trimestre do ano, chegando a superar o 99%. Nos outros dous trimestres as reducións tamén foron importantes, situándose no 26% no primeiro e no 79% no terceiro. Como consecuencia, e segundo os datos de EGATUR, o gasto realizado polos turistas internacionais en España tamén descendeu un 77,3% en taxa interanual entre xaneiro e outubro de 2020. A caída do gasto total foi resultado da redución do gasto diario medio por persoa, que baixou un 34%, e da duración media das viaxes, que o fixo nun 15%.

Os datos da Enquisa de ocupación hoteleira, correspondentes tamén aos dez primeiros meses de 2020, amosan unha diminución sen precedentes, tanto no número de viaxeiros como no de noites en estadia no conxunto dos establecementos de aloxamento regrados en España. A baixada no número de viaxeiros situouse en preto do 65%, mentres que a correspondente ao número de noites en estadia superou o 68%. O número de viaxeiros residentes e as noites en estadia na oferta regrada retrocederon un 49%. No caso dos estranxeiros, a caída foi moito máis acusada e superou, tanto no número de viaxeiros como de noites en estadia, o 79%. Rexistráronse reducións nos tres trimestres do ano, pero especialmente marcadas no segundo e terceiro. En concreto, no caso dos non residentes o número de viaxeiros e de noites en estadia foron practicamente inexistentes nos meses de abril e maio.



Os datos dos primeiros dez meses de 2020, malia que reflicten un panorama un pouco mellor para Galicia que o comentado para España, son igualmente moi negativos. No conxunto da oferta regrada produciuse un descenso do 59% no número de viaxeiros e de máis do 55% no de estadias. Ao igual que no conxunto de España, a caída foi máis importante no caso dos viaxeiros e das estadias correspondentes aos estranxeiros con reducións do 85% e do 80% respectivamente. O retroceso foi especialmente importante no segundo trimestre do ano, cunha redución do 94% no número de viaxeiros e do 92% no número de estadias. Aínda sendo en todos os casos importante, o impacto derivado da COVID-19 non tivo a mesma intensidade nas diferentes tipoloxías de establecementos. Os maiores efectos tiveron lugar nos establecementos hoteleiros e nos establecementos de turismo rural, con caídas por enriba do 60% no número de viaxeiros e do 55% no número de estadias. Os apartamentos e os cámpings, a pesar de que recibiron un forte impacto, aguantaron un pouco mellor, con descensos que oscilaron ao redor do 35% no número de viaxeiros e do 30% no número de estadias, tal e como se pode apreciar no gráfico 12.

Co obxecto de afondar un pouco máis nos impactos derivados da pandemia na demanda turística durante o que vai de 2020 imos empregar os datos correspondentes aos establecementos hoteleiros procedentes da Enquisa de ocupación hoteleira. Como se acaba de comentar, tanto o número de viaxeiros como o de noites en estadia presentaron caídas de ao redor do 60%. No conxunto dos establecementos hoteleiros galegos, nos dez primeiros meses de 2020 rexistráronse 2,4 millóns de viaxeiros menos que no mesmo período do ano anterior e preto de 4,8 millóns de noites en estadia menos. Ademais, o grao de ocupación das prazas situouse por termo medio nestes meses de 2020 no 20%, cando no mesmo período do ano anterior superara o 42%. Todos estes datos amosan o importante efecto no sector das restricións derivadas da pandemia. Os retrocesos foron en especial severos no segundo trimestre do ano, cunha paralización practicamente total da actividade, que afectou tanto os residentes como os estranxeiros, como recolle o gráfico 13. Entre xullo e outubro a demanda interna rexistrou caídas máis moderadas, aínda que importantes, pero as noites en estadia correspondentes aos estranxeiros presentaron retrocesos por enriba do 70% incluso neses meses.



Tal e como se pode comprobar no gráfico 14, as provincias da Coruña e Lugo foron as que sufriron un maior retroceso no número de noites en estadia nos establecementos hoteleiros, se comparamos os primeiros dez meses do ano 2020 co mesmo período do ano anterior. En ambos os dous casos a perda situouse ao redor do 65%. A provincia de Ourense, na que a demanda internacional ten un menor peso, resistiu un pouco mellor, cunha diminución do 55%; mentres na de Pontevedra a caída das estadias acadou o 60%. En todos os casos, a redución das estadias foi superior no grupo dos estranxeiros.

Os transportes en Galicia

Matriculacións

O sector do automóbil é un bo indicador da evolución da economía. No ano 2019 xa daba signos de desaceleración, pero nesta conxuntura de crise económica sen precedentes provocada pola COVID-19, este sector, igual que o dos transportes aeroportuarios analizados neste capítulo, viuse afectado gravemente.

As cifras acumuladas dos nove primeiros meses de 2020 deixan un panorama moi negativo, con diminucións nas matriculacións de turismos e vehículos de carga no conxunto de España e na comunidade galega. O descenso das matriculacións indica unha caída da confianza dos consumidores e, cando é continuada, un retroceso da economía real. A evolución do sector está en consonancia coa evolución negativa do PIB. Nos nove primeiros meses de 2020 matriculáronse 585.322 unidades de turismos en España, cando no mesmo período de 2019 foron 1.053.548, un 44,44% menos. En Galicia, esas cifras representan 24.583 e 32.751, respectivamente, cun descenso do 24,94% en relación aos tres primeiros trimestres de 2019.

Se analizamos os datos do exercicio 2019 no seu conxunto, podemos concluír que o sector do automóbil novo viña freando a senda ascendente iniciada en 2013, unha vez superados os peores anos da crise de 2008. Os datos de matriculacións ofrecidos pola Dirección Xeral de Tráfico (DXT) mostran que en España se pechaba o ano con 1.375.664 unidades matriculadas, un 3,4% menos en comparación con 2018. En Galicia ese descenso foi máis acusado, un -11,7%. O segmento de vehículos de carga ten un comportamento similar, 2,9% menos a nivel nacional e -8,9% na nosa comunidade autónoma. As caídas nas matriculacións foron xeneralizadas nas catro provincias galegas; tan só Pontevedra presenta matriculacións positivas en vehículos de carga.

As estatísticas da DXT para o mercado galego en 2019 reflicten unhas matriculacións de 44.224, o que implica 5.853 unidades menos respecto a 2018. Doutra banda, os rexistros de vehículos de carga, camiións, furgonetas, autobuses e tractores, con 720 unidades menos e 7.661 unidades, pasou de crecer un 13,1% en 2018 a un descenso do 8,6%.

Cadro núm. 11

Matriculación de vehículos en Galicia

	Turismos	TVI (%)	Vehículos de carga	TVI (%)
2007	82.066	3,3	14.239	4,2
2008	58.729	-28,4	8.956	-37,1
2009	59.457	1,2	6.322	-29,4
2010	52.386	-11,9	6.044	-4,4
2011	34.530	-35,2	4.893	-21,8
2012	29.068	-15,8	3.595	-26,5
2013	31.392	8,0	3.648	1,5
2014	36.048	14,8	4.657	27,7
2015	42.364	17,5	6.696	43,8
2016	45.999	8,6	6.640	-0,8
2017	48.578	5,6	7.438	12,0
2018	50.077	3,1	8.381	12,7
2019	44.224	-11,7	7.661	-8,6
2020	25.791	-26,3	4.054	-20,6

* Datos provisionais. Xaneiro-setembro 2020 respecto ao mesmo período do ano anterior.

Fonte: Dirección Xeral de Tráfico.

descendeu un 25,9%. Desde 2016 contraeuse un 46%. Os fabricantes emprenderon unha carreira ofensiva para dispoñer de modelos con baixas emisións de CO₂ e evitar as multas que impondrá a Unión Europea. En 2019, as 10.050 unidades de coches eléctricos de batería incrementaron as súas vendas nun 63,9%; os híbridos, un 43,4%; os híbridos enchufables, un 30,7% e os de gas, un 20,9%; mentres, os de gasolina avanzaron un 2,2% e os diésel retrocederon un -25,9%.

Nos primeiros meses de 2020 as compras trasladáronse ao segmento de vehículos electrificados (eléctricos puros, híbridos e híbridos enchufables), cun espectacular crecemento agregado do 179%, (173%, 55% e 18%, respectivamente), aínda que representan unha mínima cota de mercado do 2,19%.


As empresas e compañías de aluguer seguen tirando da demanda, cun 3,3% e un 0,2%, respectivamente, mentres que os particulares retraen as compras nun 11,6%. Como contrapunto a este panorama cómpre dicir que os SUV, modelos máis grandes e contaminantes, incrementaron a súa cota de mercado, pasando do 36,9% en 2018 ao 44,3% a finais de 2019.

O Goberno aprobou o Plan Renove 2020, dotado cun orzamento de 250 millóns de euros. Este plan de axudas enmárcase dentro da estratexia de impulso á automoción, sector duramente golpeado pola crise da COVID-19. Os incentivos van desde 400 a 4.000 euros no caso dos compradores particulares. En paralelo a estes incentivos, o Plan Moves 2020, destínase unicamente a vehículos eléctricos, modelos de hidróxeno e híbridos enchufables.

Noutra orde de cousas, a autoestrada do Atlántico xestionada por Audasa presentou en 2019 unhas cifras totais de intensidade media diaria (IMD) anual de 24.405 vehículos/ano, un 1,54% máis que en 2018. O 91,6% correspondeu a turismos e o 8,4% a vehículos pesados. O confinamento afectou moi negativamente a mobilidade, xa que o tráfico caeu un 36% ata xuño de 2020.

Recadación do imposto de matriculación

En 2019 a Axencia Tributaria ingresa máis de 100 millóns de euros en concepto de imposto de matriculación, un 20% máis que un ano antes, a pesar do descenso en 60.401 vehículos matriculados, un



Segundo o *Informe* de 2019 da Asociación Española de Fabricantes de Automóbiles e Camións (ANFAC), o sector do automóbil, incluíndo distribución, seguros e finanzas, alcanza o 11% ao PIB nacional; correspondéndolle á fabricación o 8,5% do total. As 17 factorías existentes produciron en conxunto 3 millóns de unidades, convertendo a España no noveno produtor do mundo; cunhas cifras de empregos directos e indirectos que representan o 9% da poboación activa. Da produción total expórtase o 81,7%, o que significa o 12,5% das exportacións españolas.

A comercialización dos vehículos diésel que, a principios de 2010 representaba o 70% da cota de mercado, no último exercicio

representa un 2,19%.

representa un 2,19%.

representa un 2,19%.

representa un 2,19%.


representa un 2,19%.

Recadación do imposto de matriculación

representa un 2,19%.

representa un 2,19%.

representa un 2,19%.



adquisición ao 14,75% dos coches que superan os 200 g de CO₂ por quilómetro. O tramo comprendido entre 120 e 160 g de CO₂, con 16.260 (o 34,7% do total) é o que máis recada con 14,5 millóns de euros ao tipo máis baixo. Os seguintes tramos, entre 160 e 200 gramos por quilómetro e máis de 200 gramos, repártense cotas do 5,7% e 2,3% respectivamente, e unha recadación conxunta de máis de 8,8 millóns de euros. Desde o ano 2017 a cifra de vehículos non gravados co imposto de matriculación foi descendendo paulatinamente; hai tres anos ascendía ao 75% das matriculas; en 2018 era o 65,9%, para pasar en 2019 ao 57,4%, unha diminución de 17,4 puntos porcentuais. As emisións medias en Galicia son máis elevadas que as do conxunto do Estado, 123 fronte a 121 gramos por quilómetro.

En canto á tipoloxía de combustible utilizado, os coches de gasolina gáñanlle a partida aos diésel tanto en España como en Galicia. No conxunto do Estado os gasolina representan o 64,4% da cota total e os diésel o 35,6% restante. Mentres, na nosa comunidade as cotas repártense así: 55,63% para a gasolina, cunha recadación de 13,4 millóns de euros; e o 44,37% de diésel restante ingresa 9,93 millóns.

Loxística

No mes de maio de 2019 creouse a Agrupación Industrial da Función Loxística de Galicia, ente promovido pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, e axentes e empresas relevantes do sector, entre as que se contan Kaleido, Gadisa, Trotansa, Ence, Finsa, Hijos de Rivera, Delta Vigo, a Autoridade Portuaria de Vilagarcía, Pérez Torres Marítima, Jevaso e Reboredo Irmáns. A agrupación industrial, enmarcada na Axenda 4.0 da Xunta de Galicia, ten como reto apostar pola optimización na organización da provisión e o transporte de mercadorías para permitir desenvolver o potencial dun sector que representa o 3,9% do PIB galego, con preto de 12.000 empresas que operan no sector da loxística e o transporte e dan emprego a preto de 50.000 persoas. A organización da provisión e o transporte de mercadorías resulta esencial no proceso de globalización e internacionalización da economía, así como pola irrupción das tecnoloxías emerxentes. Este sector é clave para a competitividade territorial e empresarial, e vital para o bo funcionamento das cadeas de subministración e para situar os produtos primarios e industriais nos mercados exteriores.


Segundo datos publicados polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, en 2019 o transporte terrestre de mercadorías en Galicia ascende a 115,7 millóns de toneladas, un 5,52% máis en relación a 2018. O tránsito dentro da comunidade é o que ten maior protagonismo, representando o 74% do total. As mercadorías con carácter internacional ascenden a 4,5 millóns de toneladas e as expedidas superan as recibidas, 2,977 millóns de toneladas e 1,486, respectivamente. Con datos da época da COVID-19, os dous primeiros trimestres do ano 2020, o transporte terrestre de mercadorías presenta unha evolución favorable en comparación cos primeiros seis meses de 2019; en total suman 57,7 millóns de toneladas, un 3,28% máis, correspondendo o 78,3% a tráfico intrarregional.

Evolución do IPC en carburantes e combustibles

A situación do mercado do petróleo está condicionada pola evolución da pandemia a nivel mundial. A caída do prezo do cru garda íntima relación coas medidas de contención da propagación do virus impostas polos diferentes países. As dúas causas principais son a diminución da demanda de combustible pola redución ao mínimo do transporte dos cidadáns e ao parón do sector turístico e o consecuente descenso dos voos das aeroliñas. A redución da demanda de cru cífrase en 30 millóns de barris ao día.

consumidores por coches máis grandes e máis contaminantes; a incerteza que rodea aos motores diésel, que propiciou a repunta da motores gasolina cunha fiscalidade máis elevada, e a entrada en vigor da normativa WLTP (*Worldwide Harmonized Light Vehicles Test Procedures*), que incrementa a contía de emisións contaminantes. Cífrase nun 20% máis os vehículos que coa homologación pasan a pagar o imposto.

En Galicia o 57,4% dos vehículos matriculados están exentos do pago do imposto de matriculación por emitir menos de 120 g de CO₂ por quilómetro. Os gravames do resto de tramos van desde o 4,75% do importe de



Nos tres primeiros meses do ano 2020 o prezo do barril Brent de referencia en Europa cedeu o 58% do seu valor, tocando o chan no mes de abril.

A esta crise de demanda temos que sumarlle a crise de oferta provocada polos desacordos entre os principais produtores de cru tras a ruptura da alianza entre a OPEP e Rusia, terceiro produtor mundial. A OPEP acordou diminuír a produción en 1,5 millóns de barrís diarios durante o segundo trimestre de 2020, pero o Goberno ruso rexeitou este recorte. Roto o acordo de redución da oferta, Arabia Saudita, o maior exportador do

mundo, iniciou unha guerra de prezos, con rebaixas para acaparar as compras internacionais; ademais de incrementar a produción nun 27%, desde os 9,7 millóns de barrís diarios actuais ata os 12,3 millóns, asolagando así o mercado. A este incremento debemos engadir o elevado nivel de stocks e a falta de espazo para a almacenaxe dunha maior produción que non atopa comprador no mercado internacional de cru.

O 6 de xaneiro do ano 2020 o prezo do barril Brent alcanzaba un máximo en 66 dólares/barril, e a partir dese mes o prezo do cru entra en caída libre. O 21 de xaneiro declárase o primeiro gromo da COVID-19 en China e, un mes despois, o 21 de febreiro, en Italia. Chegamos ao 14 de marzo, cando é declarado o estado de alarma en España e o prezo colócase en 24,88 dólares/barril. O incremento da oferta e o retroceso da demanda sitúan o prezo do cru en 20 dólares/barril; cifras non vistas desde o ano 2002. En abril chegouse a mínimos con 20,39 dólares/barril. Nese mesmo mes, o barril de West Texas Intermediate (WTI), o homónimo do barril Brent, cotizou por vez primeira por baixo de 0, situándose en -37,63 dólares. No mes de outubro de 2020 advertimos unha lixeira repunta do prezo debido ao anuncio de medidas de estímulo económico e reactivación da industria en Estados Unidos para paliar a crise económica; ademais, en Noruega, a folga dos traballadores de seis campos petrolíferos reduciu a produción nun 8%. Por outra banda, a presión internacional urxiu a China a incrementar as súas importacións de cru para diminuír os inventarios.

En clave nacional e en relación co prezo dos carburantes, o parón na actividade económica fixo que os prezos tocasen fondo no mes de maio do 2020, repuntando timidamente nos meses de verán. Como vimos comentando en anteriores informes, os carburantes son, en media, máis caros en Galicia que no resto do Estado.

En 2019 os produtos petrolíferos importados por España ascenderon a 66 millóns de toneladas métricas e o volume consumido alcanzou, aproximadamente, 52,6 millóns do total.

Aeroportos

Os 46 aeroportos e 2 heliportos españois xestionados por AENA pecharon 2019 con cifras récord. Os 275,2 millóns de pasaxeiros supuxeron un 4,4% de crecemento en relación ao ano anterior, os 2,3 millóns de operacións avanzaron un 2,6% e os mil millóns de toneladas de mercadorías movidas, un 5,6%. Dos 275 millóns de pasaxeiros, 189 corresponderon a voos internacionais e os restantes 86 millóns a voos nacionais.

Os tres aeroportos galegos alcanzaron conxuntamente a cifra de 5.268.000 viaxeiros en 2019, un 3,7% máis que no exercicio anterior, aínda que os comportamentos por instalación foron desiguais. Lavacolla e Alvedro creceron, mentres que o aeroporto de Vigo sufriu unha caída importante, como observamos no cadro 12. O aeroporto compostelán roldou os 3 millóns de usuarios, subindo en taxa interanual un 6,5%. Podemos cualificar o 2019 como o mellor ano da súa historia. A terminal herculina, con máis de 1,3 millóns de usuarios, medrou en taxa interanual un 10,3%. Con todo, o millón de viaxeiros do aeroporto de Peinador supuxo unha caída do 10,4% respecto a 2018, cunhas pobres cifras en roteiros internacionais de tan só 22.283 pasaxeiros.

Cadro núm. 12

Evolución do movemento de pasaxeiros, das operacións realizadas e das mercadorías movidas nos aeroportos galegos


	2018		2019*		2020**	
	Pasaxeiros	TVI (%)	Pasaxeiros	TVI (%)	Pasaxeiros	TVI (%)
Movemento de pasaxeiros						
Alvedro (A Coruña)	1.225.754	7,4	1.352.583	10,3	390.338	-65,9
Lavacolla (Santiago)	2.726.457	3,1	2.903.427	6,5	847.059	-66,0
Peinador (Vigo)	1.129.865	6,0	1.012.447	-10,4	267.061	-69,4
Total	5.082.076	4,7	5.268.457	3,7	1.504.458	-66,7
Total nacional	263.753.406	5,8	275.237.801	4,4	69.333.088	-70,9
Operacións						
Alvedro (A Coruña)	17.551	9,2	17.199	-2,0	9.382	-36,2
Lavacolla (Santiago)	21.841	1,5	22.396	2,5	9.438	-51,1
Peinador (Vigo)	12.526	0,4	11.524	-8,0	4.712	-52,4
Total	51.918	3,7	51.119	-1,5	23.532	-46,4
Total nacional	2.300.189	5,8	2.360.957	2,6	953.165	-53,1
Movemento de mercadorías						
Alvedro (A Coruña)	165.226	5,1	152.304	-7,8	66.138	-47,8
Lavacolla (Santiago)	3.019.642	12,1	3.201.215	6,0	2.153.555	-18,5
Peinador (Vigo)	1.060.645	37,5	541.271	-49,0	189.498	-57,6
Total	4.245.513	17,2	3.894.790	-8,3	2.409.191	-25,1
Total nacional	1.010.873.428	9,9	1.068.394.637	5,7	636.133.430	-26,9

*Datos provisionais.

** Datos provisionais. Xaneiro-outubro 2020 sobre o mesmo período do ano anterior.

Fonte: Dirección de Operacións e Sistemas de Rede, AENA.

En canto ás operacións, dun total de 51.119, o 43% corresponderon a Lavacolla, que gaña un 2,5% en comparación con 2018; mentres Vigo e A Coruña ceden un 8% e un 2%, respectivamente. Comportamento parecido presentan as mercadorías movidas, con 3.894 millóns de toneladas, gañando Santiago un 6%, cando Alvedro perde un 7,8% e Peinador se afunde (-49%).



A nivel nacional e autonómico os datos positivos que presentamos en 2019 contrastan co balance tan negativo dos tres primeiros trimestres de 2020. As respostas atopámonas no confinamento e no consabido parón na actividade económica, co duro golpe ao turismo.

En Galicia, se comparamos os datos desde xaneiro a outubro do exercicio 2020 co mesmo período de 2019, comprobamos como descenden as operacións realizadas nun 46,43%, de máis de 43 mil ata 23 mil; os pasaxeiros retroceden un 66,7%, pasando de 4,5 millóns a 1,5, e o número de toneladas de mercadorías transportadas descenden un 25,1%.

Portos

En 2019 os datos xerais para España do tráfico portuario das 28 instalacións de interese xeral xestionados polo ente público Portos do Estado adscrito ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana rexistran 564,6 millóns de toneladas movidas, cun tímido crecemento do 0,19% en relación a 2018.

Os graneis líquidos aumentan nun 3,55%, mentres os graneis sólidos presentan o descenso máis acusado de todas as epígrafes analizadas, caendo a taxa interanual un 11,13%. A mercadoría xeral crece en conxunto un 2,41%, distribuindo ese incremento entre mercadoría convencional (2,97%) e mercadoría en contedor (2,3%). As mercadorías e os contedores en tránsito aumentan un 4,10% e un 2,77%, respectivamente. Os buques mercantes que chegaron aos portos de interese xeral ascenderon a 170.467 unidades, 3.348 máis que un ano antes, un 2% máis respecto a 2018. Pola súa vez, os cruceiros descenden un 2,55%, de 4.361 a 4.250. E os contedores medidos en TEU, 17.467.130 unidades, subiron un 1,54%.

Os cinco portos galegos de interese xeral no seu conxunto retroceden un significativo 12%, con 33.023.577 de toneladas de mercadorías movidas (37.527.130 un ano antes). O porto de Ferrol foi o que sufriu un maior descenso cun 18,41% menos, seguido pola Coruña cun retroceso do 12,99% respecto ao exercicio 2018. Marín-Ría de Pontevedra tamén descende, pero a menor ritmo, -2,56%. Os datos positi-

vos corresponden, por unha banda, ao porto de Vilagarcía, cun crecemento importante do 9,01%, e ao tímido avance de Vigo, do 0,5%. Todas as epígrafes que se presentan no cadro 13 son negativas, excepto o tráfico de contedores. Destacamos o forte retroceso do tráfico de graneis sólidos (-23,3%).

Se analizamos os nove primeiros meses de 2020, e tendo en conta a crise económica e o seu impacto no comercio internacional, observamos como o conxunto do tráfico portuario presenta un comportamento negativo, perdendo un 10,67% respecto aos nove primeiros meses de 2019; os 382,4 millóns de toneladas supoñen unha caída de 46 millóns. Esta contracción afectou de maneira importante os graneis sólidos (-18,12%) e a mercadoría convencional (-10,49%). Os contedores diminúen a un menor ritmo, caendo o 5% respecto ao mesmo período de 2019. Destacamos que o número de buques que arribaron ascende a 88.332, 43.685 menos que nos nove primeiros meses de 2019 (-33,09%). A pesca, que xa sufriu perdas importantes en 2019 (-7,38%), en 2020 retrocede outro 15,94%.

O porto da Coruña pechou 2019 cun descenso nos seus tráxicos do 12,99%. No exercicio 2018 este porto rexistrara máximos en toneladas de mercadorías movidas. O segmento de graneis líquidos, fundamentalmente enerxéticos vinculados á refinería de Repsol, con 8.970.330 toneladas, diminuíu un 3,93%, debido sobre todo ao menor movemento de produtos refinados por parte de Repsol. Por grandes partidas destacan os 5.403.204 toneladas de petróleo cru, preto de 900 mil de gasoil e fueloil, e máis de 500 mil de gasolina e nafta; correspondendo as cifras máis baixas ao biodiésel e ao bioetanol. En canto aos graneis sólidos, 3.474.568 toneladas, estes retroceden un 28,4% en relación a 2018. Este descenso vén motivado por dúas causas principais: o cesamento de actividade na central térmica de Meirama, propiedade de Naturgy, que supón a perda de máis dun millón de toneladas de carbón que importaba anualmente como combustible, e a paralización da planta de Alcoa. Do total de graneis sólidos, 3.383.255 toneladas, corresponden a produtos que non necesitan instalación especial, en particular agroalimentarios destinados á fabricación de pensos para a cabana gandeira e avícola; superando o millón de toneladas o millo, seguido das fariñas de soia e de colza, e cun aumento da cebada. O produto que si necesita instalación especial é o cemento a granel, con 82.000 toneladas das 91.313 restantes. En canto á mercadoría xeral, con 973.163 toneladas, e un descenso do 11,67% respecto a 2018, destacan o taboleiro de partículas de madeira, o alambión, a balea, a palanquilla e o vidro. A pesca desembarcada no porto, con 35.924 toneladas, retrocede un 15,19% en relación a 2018; mentres o valor de venda ascende lixeiramente, alcanzando os 77.579.897 euros.

Os nove primeiros meses do ano 2020 rexistran descensos en todas as epígrafes. En conxunto os tráxicos retroceden un 18,67% respecto ao mesmo período de 2019. Só cabe destacar o avance da mercadoría en contedores; un segmento que a autoridade portuaria está a promocionar coa intención de captar tráxicos, aproveitando a posición xeoestratéxica e as infraestruturas do porto exterior.

En 2019 a Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao tiña previsto o impacto negativo que ocasionaría nos seus tráxicos o cesamento da actividade na central térmica das Pontes. A aceleración da transición enerxética provoca o descenso das descargas de hulla no porto. En cifras xerais o total de tráxicos ascende a 11,183 millóns de toneladas de mercadorías, un 18,41% menos que un ano antes. Mostran un comportamento positivo os movementos de graneis líquidos con 2.312.415 toneladas, crecendo a unha taxa interanual do 7,3%. Pola súa parte, os graneis sólidos, a especialización da rada ferrolá, con 8.095.037 toneladas, descenden un 24,75%; un ano antes esta cantidade rexistraba un máximo con 10.756.980 toneladas. A clasificación de mercadorías de 2019 está liderada pola bauxita, con case catro millóns de toneladas movidas, seguida polo carbón, con 2.162.592; todas elas desestibadas entre xaneiro e xuño. As mercadorías movidas en contedores presentan unha tendencia alcista, pasando de 44.149 a 95.505 toneladas, un 116,32% respecto a 2018. Se utilizamos a medida en TEU (capacidade de carga dun contedor normalizado de seis metros), en 2018 eran 4.532 unidades, e un ano despois 8.276, un 82,61% máis. O porto aposta pola diversificación da actividade e a captación de novos tráxicos e pon en valor a apertura das dúas liñas de tráfico de contedores que conectan a rada exterior co norte de Europa e o sur da península, a través de Containerships, na terminal de Caneliñas. Yilport Ferrol xestiona a terminal de contedores máis profunda na costa atlántica do suroeste de Europa, cun peirao de 1.450 metros e un *draft* de 20 metros de profundidade. Os contedores é unha aposta clara na estratexia do porto, xa que o movemento de mercadoría xeral, coa posibilidade de importación e exportación de produtos, achega maior valor engadido á instalación portuaria.

Nos nove primeiros meses de 2020 as toneladas de mercadoría movida en contedores aumentaron un 24,6% respecto ao mesmo período do ano anterior. En xullo de 2020 incorpórase a nova conexión con Irlanda, Escocia e o oeste de Inglaterra. Os contedores medidos en TEU soben nese período un 43,2% en taxa interanual. Destacado é o crecemento dos graneis líquidos que gañan un 40,1% respecto aos tres primeiros trimestre de 2019, con 2.139.150 toneladas.

Cadro núm. 13
Evolución do tráfico portuario (en toneladas)

	Ferrol-San Cibrao		A Coruña		Marín-Pontevedra		Vigo		Vilagarcía		Galicia	
	2019	TVI (%)	2019	TVI (%)	2019	TVI (%)	2019	TVI (%)	2019	TVI (%)	2019	TVI (%)
Graneis líquidos	2.312.415	7,3	8.970.330	-3,9	8	-	46.778	-50,2	182.545	8,8	11.512.076	-2,1
Graneis sólidos	8.095.037	-24,7	3.474.568	-28,4	888.506	-4,5	297.779	9,6	479.973	7,1	13.235.863	-23,3
Total graneis	10.407.452	-19,4	12.444.898	-12,3	888.514	-4,5	344.557	-5,8	662.518	7,5	24.747.939	-14,7
Contedores	95.505	116,3	35	-35,2	873.843	-7,0	2.658.822	-0,3	340.775	12,0	3.968.980	0,3
Convencional	666.979	-7,1	973.128	-11,7	676.060	5,0	1.158.064	5,1	293.043	0,0	3.767.274	-2,4
Total mercadoría xeral	762.484	0,1	973.163	-11,7	1.549.903	-2,1	3.816.886	1,2	652.700	10,3	7.755.136	-0,7
Avituallamento	10.899	-61,2	75.888	-9,5	31.496	21,6	142.864	-3,8	5.283	41,7	266.430	-8,1
Pesca fresca	147	-42,6	35.924	-15,2	1.725	-1,1	79.803	2,1	0	-	117.599	-4,0
Total outro tráfico	11.046	-61,0	111.812	-11,4	33.221	20,2	222.667	-1,7	5.283	41,7	384.029	-6,9
Total tráfico portuario	11.183.748	-18,4	13.663.580	-13,0	2.471.638	-2,8	4.384.110	0,5	1.320.501	9,0	33.023.577	-12,0
Contedores (TEUS)	8.276	82,6	6	-77,8	76.645	-12,3	181.195	-17,8	41.257	17,7	307.379	-11,5
Buques (número)	1.086	-3,9	1.212	-0,7	507	1,4	1.677	-2,8	355	5,7	4.837	-1,5

	Ferrol-San Cibrao		A Coruña		Marín-Pontevedra		Vigo		Vilagarcía		Galicia	
	2020*	TVI (%)	2020*	TVI (%)	2020*	TVI (%)	2020*	TVI (%)	2020*	TVI (%)	2020*	TVI (%)
Graneis líquidos	2.139.150	40,1	5.307.738	-17,4	0	-100,0	44.016	23,7	168.703	21,9	7.659.607	-5,7
Graneis sólidos	5.133.462	-24,1	2.001.799	-17,8	638.208	-0,4	229.588	2,7	235.831	-35,6	8.238.888	-21,0
Total graneis	7.272.612	-12,3	7.309.537	-17,5	638.208	-0,4	273.604	5,6	404.534	-19,9	15.898.495	-14,3
Contedores	88.382	24,6	17	13,3	405.564	-37,0	1.953.917	-0,9	227.259	-8,4	2.675.139	-8,9
Convencional	442.874	-10,4	636.032	-17,6	488.545	-5,2	793.865	-6,1	232.230	-1,8	2.593.546	-9,4
Total mercadoría xeral	531.256	-6,0	636.049	-17,6	894.109	-22,9	2.747.782	-2,5	459.489	-5,2	5.268.685	-9,1
Avituallamento	9.969	27,7	33.114	-24,8	21.498	-11,9	84.867	-20,9	3.382	-22,7	152.830	-18,6
Pesca fresca	123	3,7	27.070	-8,4	1.360	6,4	27.297	-47,4	0	-	55.850	-32,6
Total outro tráfico	10.092	27,3	60.184	-18,2	22.858	-11,0	112.164	-29,5	3.382	-22,7	208.680	-22,9
Total tráfico portuario	7.813.992	-11,9	8.005.770	-18,6	1.555.175	-14,8	3.133.550	-3,2	867.405	-12,7	21.375.892	-13,7
Contedores (TEUS)	8.621	43,2	3	0,0	32.853	-41,4	143.253	6,3	26.671	-9,6	211.401	-6,6
Buques (número)	772	-6,4	634	-28,3	314	-18,9	1.105	-11,2	231	-14,4	3.056	-15,4

* Datos provisionais. Xaneiro-setembro 2020 respecto ao mesmo período do ano anterior.

Fonte: Portos do Estado, Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e elaboración propia.

O porto de Vilagarcía é o que mostra unha evolución máis positiva no conxunto de 2019, con 1.320.501 toneladas movidas e un crecemento do 9,01%. Unha das claves da boa marcha dos datos é o desenvolvemento da intermodalidade marítimo ferroviaria, constituíndose a instalación arousá no referente logístico da conectividade exterior e de desenvolvemento socioeconómico do seu *hinterland* en expansión; así como un axente clave no tráfico marítimo do noroeste peninsular. Á mercadoría xeral corresponde a metade de todos os tráxicos en 2019, liderada polos contedores, seguida polo aluminio e o taboleiro. Se medimos os contedores en unidades, os 41.257 TEU, fronte aos 35.039 do ano anterior, supoñen un incremento do 17,75%. O movemento de contedores significa xa máis da metade de todos os tráxicos de mercadoría xeral no porto de Vilagarcía. Os graneis sólidos representan o 36,5% do total das toneladas movidas e os graneis líquidos o 13,9%.

Os datos para os primeiros nove meses de 2020 reflicten unha evolución negativa no tráfico global do porto da ría de Arousa, cunha caída do 12,7%. Como dato positivo, os graneis líquidos pasaron de 138.449 toneladas a 168.703; un 21,85% de crecemento en relación ao mesmo período de 2019.

O porto de Marín-Ría de Pontevedra perdeu en 2019 o 2,76% dos seus tráxicos. O total de mercadorías movidas ascendeu a 2.471.638 toneladas. A mercadoría xeral representa o 63,56% do total, con 1.549.903 toneladas, e retrocede un 2,15%. O outro gran segmento de tráxicos do porto, os graneis sólidos, supoñen 36,43% do total, con 888.506 toneladas e un descenso do 4,48% respecto a 2018; sendo os cereais e as súas fariñas (598.403) o produto máis relevante, seguido de abonos e pensos (254.401).

Os datos dispoñibles do exercicio 2020 mostran unha caída do 14,81% nos seus tráxicos respecto ao mesmo período de 2019. Estes descensos veñen provocados pola contracción da mercadoría xeral (-22,9%) e os contedores que sufriron unha importante desaceleración (-37%). Como dato positivo hai que apuntar a suba do tráfico pesqueiro nun 6,4%.

A Autoridade Portuaria de Vigo en 2019 presenta uns rexistros que ascenden a 4.384.992 toneladas de mercadoría movidas, o mellor dato nos últimos cinco anos, que implica un crecemento do 0,5%. O tráfico de mercadorías (graneis sólidos, graneis líquidos e mercadoría xeral) cífrase en 4.162.327 toneladas, un 0,62% máis que en 2018. Os graneis líquidos compórtanse desfavorablemente cunha caída do 50,19%. En contraposición, os graneis sólidos con 297.779 toneladas medran un 9,55%. A mercadoría xeral representa o 87,06% do total e é un dos tráxicos máis apreciados polo seu alto valor engadido; en

2019 crece un 1,24%. Nesta epígrafe, 2.658.822 toneladas movéronse en contedores. A instalación portuaria viguesa ocupa o oitavo posto na clasificación de movemento de contedores dos 28 portos de interese xeral españois. No apartado de pesca, Vigo subiu un 2,09%, ao mover un total de 79.803 toneladas en 2019, fronte ás 78.169 de 2018. O tráfico ro-ro, con 1.116.655 toneladas, avanzou un 4,80%. En 2019 as mercadorías máis destacadas foron os automóviles (crecemento interanual do 8,24%), o cemento (10,41%) e o granito en bruto (15,04%). Outra mercadoría relevante para o porto é a pesca conxelada, que no último ano diminuíu un 9,48%, obtendo o peor resultado dos últimos 15 anos.

Se analizamos os datos dispoñibles en 2020 observamos que o porto de Vigo retrocede un 3,2% nos seus tráxicos nos nove primeiros meses. A baixada do tráfico ro-ro polo peche temporal no confinamento da planta de PSA e a industria auxiliar da automoción, foron dous factores fundamentais para este retroceso. Pola contra, a mercadoría xeral lo-lo, na que son relevantes os produtos do sector alimenticio, en especial a froita, as conservas, os alimentos variados e a pesca conxelada, presenta un crecemento do 8,5% interanual. A operativa do porto nos últimos meses analizados achegan mellores resultados que os mostrados a mediados de ano. Os graneis en conxunto avanzan un 5,6%, os líquidos un 23,71% e os sólidos un 2,69%. O peor dato corresponde á pesca desembarcada, pasando de 51.866 toneladas a 27.297; un 47,37% menos nos tres primeiros trimestres de 2020.

Trafico de cruceiros

O tráfico de cruceiros no conxunto dos portos do Estado en 2019 subiu menos que en anos precedentes. Foron 4.250 as naves atracadas, un 2,55% menos que en 2018, con 10.661.799 cruceiristas.


Co escenario de restricións pola crise sanitaria exposto no ano 2020, o sector dos cruceiros a nivel mundial viuse afectado gravemente. En clave nacional, e tendo en conta que pasamos xa os meses de verán, podemos dicir que o segmento turístico de cruceiros está afundido, sufrindo perdas dun 78,92% e un 83,32% de cruceiros e cruceiristas, respectivamente. Estes datos afectan de maneira negativa tamén as instalacións aéreas vinculadas ao turismo de cruceiros.

Cadro núm. 14
Movemento de cruceiros en Galicia

	Núm. de cruceiros				Núm. de pasaxeiros en cruceiros			
	2018	2019	TVI (%)	% sobre o total	2018	2019	TVI (%)	% sobre o total
A Coruña	94	108	14,9	55,4	178.965	160.256	-10,5	50,4
Ferrol-San Cibrao	15	14	-6,7	7,2	17.534	14.928	-14,9	4,7
Marín-Pontevedra	-	-	-	-	-	-	-	-
Vigo	70	70	0,0	35,9	158.449	141.637	-10,6	44,6
Vilagarcía	5	3	-40,0	1,5	1.158	890	-23,1	0,3
Total Galicia	184	195	6,0		356.106	317.711	-10,8	

Fonte: Portos do Estado, Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e elaboración propia.

A nivel autonómico, se temos en conta a anualidade de 2019, o comportamento foi positivo. Contabilizouse unha chegada de 195 naves, 11 máis que un ano antes, pero a bordo viaxaron menos cruceiristas, 317.711 fronte aos 356.106 pasaxeiros de 2018, un 10,8% menos. Se analizamos os nove primeiros meses do 2020 en Galicia, as perdas ascenden a máis do 90% tanto en cruceiros como cruceiristas.



O mercado de cruceiros na Coruña considérase estratéxico para o porto e a cidade, por iso desde hai uns anos realízase unha aposta decidida pola atracción de compañías a través da promoción en feiras internacionais. Os resultados mostran o crecemento continuado das cifras de naves chegadas ás instalacións interiores do porto nestes últimos anos. En 2019 aumentaron un 14,9%, aínda que o número de cruceiristas diminuíu nun 10,6%, unha baixada similar á do porto de Vigo, a segunda instalación galega neste tipo de tráfico.

VIII. Sector financeiro

- O sistema financeiro español intensificou durante 2019 o ininterrompido axuste de capacidade iniciado co arranque da crise de 2007, cunha redución anual da rede de oficinas do 8,3% e do 2,8% no número de empregados, mentres que o volume de negocio xestionado crecía un 1,4%.
- O mercado galego tivo un comportamento similar, cunha redución anual do 9,1% na rede de oficinas (finalizando 2019 con 1.355 sucursais) e un crecemento do negocio do 3%. A rede galega supón o 5,7% do total estatal, 1,3 puntos porcentuais por enriba do seu peso en negocio.
- A irrupción da crise sanitaria da COVID-19 en marzo de 2020 está a actuar como factor acelerador deste proceso de axuste, dado o substancial impacto que tivo en termos de caída da actividade económica e impulso ao proceso de dixitalización da sociedade, incorporando presión adicional aos xa baixos niveis de rendibilidade do sector.
- ABANCA e a Caixa Rural Galega mantéñense como as dúas únicas entidades con sede social na comunidade galega. ABANCA seguiu consolidando a súa posición no mercado coa integración en 2019 do Banco Caixa Geral e a compra do banco vasco Bankoa en 2020, o que a sitúa como a sexta entidade española por volume de activos.
- O sector bancario español e galego están a desenvolver un papel destacado para mitigar o impacto da pandemia na economía e sociedade española, prestando os seus servizos de maneira ininterrompida e mantendo a provisión de liquidez a familias e empresas.
- A xestión das entidades financeiras españolas está a focalizarse en minimizar o impacto negativo que sobre a marxe financeira exerce o contexto de tipos reais negativos e a menor actividade económica. As principais pancas oriéntanse aos ingresos por prestación de servizos a clientes, á mellora da eficiencia, á redución dos activos improdutivos e ao reforzo das provisións ante posibles deterioracións da calidade crediticia.
- A súbita irrupción da COVID-19 non fixo máis que dar unha maior relevancia e urxencia ao cumprimento dos principais retos aos que se enfronta o sector: configurar entidades con modelos de negocio rendibles e solventes no longo prazo, dar resposta aos crecentes requirimentos supervisores e reguladores e afrontar os desafíos dos novos competidores que xorden ao amparo do impulso dixital.
- O sector asegurador tivo un crecemento lixeiramente negativo en 2019, que se acentuou en 2020, cando o volume de primas baixou ata o 11% nos nove primeiros meses. Os seguros de vida vinculados explican a maior parte da contracción, mentres que os seguros non-vida aguantaron bastante ben e incluso creceron lixeiramente.
- A situación dos mercados financeiros afectou de forma intensa o patrimonio dos plans de pensións e os fondos de investimento no segundo trimestre de 2020, pero no terceiro trimestre a recuperación dos mercados e as achegas dos partícipes permitiu recuperar boa parte do terreo perdido.
- As actividades financeiras máis centradas no financiamento foron as que sufriron as maiores consecuencias da COVID-19, de xeito que o capital risco, o *leasing* e o *factoring* viron reducido o volume financiado nun 35%.
- En 2021 espérase unha mellora xeneralizada da conxuntura, cunha recuperación dos prezos dos activos financeiros e un crecemento do investimento alentado polos plans de estímulo ao investimento.

Introdución

As entidades que operan no sistema financeiro galego seguiron desenvolvendo a súa actividade no contexto altamente competitivo que caracteriza o negocio bancario español. No inicio de 2019 mantíñase a tendencia de tipos en mínimos históricos, cunha economía española que daba claras mostras de desaceleración, o que impactaba negativamente nos niveis de rendibilidade e eficiencia do sector.

A irrupción da COVID-19 en 2020 supuxo un relevante shock na economía mundial. As medidas de limitación da mobilidade e de paralización de actividades produtivas adoptadas para frear a expansión do virus provocaron unha rápida e intensa contracción económica global, que impactou con forza en España. En Galicia, o efecto da crise foi menos intenso que no conxunto de España, tanto por unha incidencia epidemiolóxica máis baixa como pola súa estrutura produtiva.

Neste marco, o Banco Central Europeo lanzou un amplo paquete de medidas de estímulo para facer fronte aos efectos económicos da pandemia, complementando os mecanismos de axuda aplicados polos distintos gobernos e institucións europeas.

A iso uniuse o forte impulso na dixitalización da sociedade derivado do confinamento, que disparou o uso das canles remotas de prestación de servizos bancarios (banca móbil, pago con tarxetas...).

Estes factores están a obrigar as entidades a redefinir de maneira acelerada o seu modelo de negocio para garantir niveis adecuados de rendibilidade e sostible; o que derivou nun novo proceso de concentración do sector, tal e como se está visualizando nos últimos meses de 2020 con operacións de integración entre Caixabank e Bankia, que creará o novo líder do sector español, e a posible entre Unicaja Banco e Liberbank.

O sistema financeiro español mantivo durante 2019 e a primeira metade de 2020 o ininterrompido proceso de axuste de capacidade iniciado tras a anterior crise de 2007, situación que sen dúbida continuará nos próximos anos. Así, en 2019 reduciu un 8,3% a rede de oficinas e un 2,8% o número de empregados, cunha contracción adicional no primeiro semestre de 2020 do 2,1% no número de oficinas e do 3,1% no de empregados. En tan só 18 meses, desde decembro 2018 a xuño de 2020, pecháronse 2.671 oficinas en España e o sector dispón de 10.688 empregados menos.

O mercado galego sufriu un axuste da súa rede de oficinas lixeiramente superior, cunha redución do 9,1% en 2019 e do 3,6% no primeiro semestre de 2020, contando na actualidade (xuño 2020) con 1.306 sucursais; o 5,6% do total estatal e 1,2 puntos porcentuais superior ao seu peso por negocio.

ABANCA e a Caixa Rural Galega mantéñense como as dúas únicas entidades netamente galegas, aínda que con tamaños moi dispares (729 oficinas e 63.326 millóns de euros de tamaño de balance de ABANCA a xuño de 2020, fronte a 47 oficinas e 1.319 millóns de euros de balance da Caixa Rural Galega). En 2019 ABANCA continuou consolidando a súa estratexia de crecemento inorgánico coa integración do Banco Caixa Geral; operación seguida pola adquisición en 2020 do banco vasco Bankoa.

O volume de negocio (suma de depósitos polo miúdo e créditos) xestionado polas entidades de depósito en España incrementouse un 1,4% en 2019, rompendo cunha secuencia de 8 anos de retroceso ininterrompido. Aínda que o crédito reduciu o seu saldo por noveno ano consecutivo cunha caída do 1,4% (impactado por unhas amortizacións e saneamento de carteiras deterioradas que non foron compensadas polo crecemento anual dos importes formalizados), os depósitos polo miúdo subiron un 4,2% en 2019, impulsados por un ambiente económico que favorece a propensión ao aforro e preferencia pola liquidez.

No primeiro semestre de 2020 acelerouse o ritmo de crecemento do negocio, cun avance do 5,5%, impulsado agora polo incremento do crédito (medrou un 4,8%), en gran parte motivado polas medidas adoptadas para dotar de liquidez a familias e empresas ante o impacto económico da COVID-19 (préstamos avalados, renovación de circulante, moratorias...). Pola súa banda, os depósitos subiron un 6,2% no semestre, reforzando a preferencia pola liquidez (vista) fronte ao prazo e fondos de investimento (moi afectados pola inestabilidade dos mercados financeiros).

O mercado galego seguiu un patrón similar, cun volume de negocio que pechou 2019 en 108.367 millóns de euros, cun aumento anual do 3,1% (un 1,6% o crédito a clientes e un 4% os depósitos polo miúdo). Do mesmo xeito que para o conxunto de España, o crecemento acelerouse na primeira metade de 2020, cun avance do negocio rexional do 6,8% (un 7,7% o crédito e un 6,2% os depósitos polo miúdo).

No ámbito normativo e regulador, cabe destacar as medidas de flexibilización transitorias adoptadas a partir de marzo de 2020 polas principais autoridades supervisoras (EBA, BCE e BDE) sobre requisitos de capital, liquidez e cobertura de activos deteriorados para mitigar o impacto no sector bancario dos efectos derivados da crise da COVID-19, á vez que se atrasou a 2023 o último paquete de Basilea en materia de apancamento, risco de crédito e solvencia e a 2024 a aplicación de MREL. Tamén se adoptaron medidas para favorecer a concentración do sector bancario europeo, como a flexibilización das esixencias de capital á entidade fusionada, a posibilidade de contabilizar *badwill* (compras "por baixo do valor contable") ou o mantemento de modelos internos pre-fusión en IRB.

En España destaca a entrada en vigor en 2019 da lei 5/2019, do 15 de marzo, reguladora dos contratos de crédito inmobiliario, que fixa un marco de actuación claro e estable en materia de repartición de custos e protección do cliente na concesión de créditos hipotecarios. Xa en 2020, e tras o impacto da COVID-19 coas súas profundas implicacións no ámbito económico e social, o Goberno español publicou o real decreto 8/2020, que recollía, entre outras medidas, a posibilidade de acollerse a moratorias hipotecarias (posteriormente ampliadas a crédito non hipotecario) e o lanzamento dun programa de avais públicos para dotar de liquidez ao tecido produtivo español. En Galicia, a Xunta lanzou unha liña de avais a pemes e autónomos a través do IGAPE e reforzou as sociedades de garantía recíproca Afigal e Sogarpo.

No ámbito supervisor, a EBA realizou en 2020 o Transparency bianual no que o sector español presentaba cocientes de eficiencia e apancamento por enriba da media europea, e lixeiramente inferiores en calidade e cobertura de activos e en solvencia; cociente penalizado pola menor aplicación nas entidades españolas respecto das europeas de modelos internos (IRB) de cálculo de APR. Debido á irrupción da COVID-19, os test de tensión de EBA-BCE foron aprazados a 2021.

Tanto o Mecanismo Único de Supervisión (MUS) como o Banco de España realizaron probas do impacto da pandemia no sector bancario. O MUS publicou en xullo os resultados agregados para o sector bancario europeo, concluíndo que se atopa suficientemente capitalizado, mesmo no escenario máis severo. O Banco de España, pola súa banda, publicou o resultado do seu exercicio anual de tensión, reflectindo que o sector español ten suficiente capacidade para resistir o impacto da pandemia mesmo no escenario adverso, malia que con elevada dispersión entre entidades.

Contexto Financeiro

Durante 2020 o Banco Central Europeo lanzou un amplo paquete de medidas de estímulo para facer fronte aos efectos económicos da COVID-19. Entre elas, inxeccións de liquidez no sistema bancario, medidas de flexibilización de provisións e requirimentos de capital e reforzamento do programa de compras de débeda. Tamén puxo en marcha un programa de emerxencia pandémica (PEPP) de compra de activos por un importe total de 1,35 billóns de euros.

A política monetaria amplamente expansiva motivou novos descensos nos tipos do mercado interbancario. Así, o EURIBOR a 12 meses finalizou o terceiro trimestre de 2020 no -0,44% (desde o -0,23% de finais de xuño), mentres que o EURIBOR a 3 meses baixou ata o -0,50%.


Nos mercados de débeda pública, os tipos volveron contraerse polo apoio dos bancos centrais. En concreto, a rendibilidade do bono español a 10 anos descendeu ata o 0,25% a peche de setembro de 2020. Pola súa banda, a prima de risco de España finalizou o trimestre por baixo dos 80 puntos básicos.

Principais magnitudes do sistema financeiro español e galego

Capacidade instalada: rede de oficinas, empregados e número de entidades

O sistema financeiro español mantivo en 2019 e ao longo do primeiro semestre de 2020 (última data para a que se dispón de información) o ininterrompido proceso de axuste de capacidade que vén acometendo desde 2007. A rede de oficinas reduciuse un 8,3% en 2019 e un 2,1% adicional na primeira me-

tade de 2020, contando a peche de xuño de 2020 con 23.340 sucursais operativas en España (-2.671 respecto a decembro de 2018). Paralelamente, o número de empregados caeu un 5,9% entre decembro de 2018 e xuño de 2020, situándose en 171.311 empregados. A peche de 2019 operaban en España 114 entidades de depósito.



sector español foi dos máis intensos de Europa, o que o levou a situarse na actualidade en niveis de concentración bancaria no rango superior entre os países europeos, e claramente por diante de Alemaña, Francia, Italia ou Reino Unido.

Cadro núm. 1
Concentración bancaria países europeos (Herfindahl Index*)

	2015	2019	Variación	
			Absoluta	%
Grecia	2.254	2.382	128	6
Holanda	2.104	2.039	-65	-3
Bélgica	998	1.246	248	25
Portugal	1.215	1.225	10	1
España	896	1.100 ¹	204	23
Irlanda	672	665	-7	-1
Francia	589	654	65	11
Italia	435	643	208	48
Suecia	866	787	-79	-9
Reino Unido	438	349	-89	-20

* Peso das 5 primeiras entidades sobre activos do sector.


¹ A integración Caixabank+Bankia e Unicaja-Liberbank elevaríao por enriba de 1.300.

Fonte: Banco Central Europeo e Eurostat.

do xuño de 2020 con 1.306 oficinas. Desde 2008 a rede de sucursais galega reduciuse un 48% (1.206 oficinas), á vez que pasaron de 8 a 2 as entidades con sede social na comunidade, con ABANCA xestionando en torno ao 40% do negocio financeiro galego.

O 40% das oficinas galegas operan na Coruña, o 30% en Pontevedra, o 16% en Lugo e o 14% en Ourense; porcentaxes que se mantiveron estabilizadas nos últimos anos.

Na actualidade unicamente ABANCA e a Caixa Rural Galega mantéñense como entidades netamente galegas, ao teren as súas sedes sociais na comunidade (en Betanzos-A Coruña e Lugo, respectivamente). O Banco Caixa Geral (sede en Pontevedra), filial española do grupo portugués Caixa Geral de Depósitos, integrouse en ABANCA en 2019. Con todo, o nivel de competencia do mercado financeiro galego vese reforzado ao operaren as principais entidades españolas e as que prestan os seus servizos sen presenza física (bancos en liña, *fintech*...).



Para facerse unha idea da magnitude do axuste acometido nos últimos anos polo sector español, desde 2008 (máximos históricos de oficinas e empregados), a rede de oficinas reduciuse á metade (-49% e 22.322 oficinas menos) e o persoal un 37% (preto de 100.000 empregos), á vez que o número de entidades o fixo nun 42,4% (84 menos, en boa parte concentradas no case extinto sector de caixas de aforros).

O axuste de estrutura acometido polo

En todo caso, as integracións anunciadas ao longo de 2020 (Caixabank-Bankia e a posible entre Unicaja Banco-Liberbank), así como os axustes de rede e empregados proyectados por Santander, BBVA, Sabadell ou Ibercaja Banco, entre outros, auguran unha aceleración deste proceso de redución de capacidade e un avance na concentración do sector español nos próximos anos.

Galicia sufriu igualmente un forte axuste na capacidade instalada do seu sector financeiro. No ano 2019 a súa rede de oficinas reduciuse nun 9,1%, ao que sumou a caída do 3,6% no primeiro semestre de 2020, pechando xuño de 2020 con 1.306 oficinas. Desde 2008 a rede de sucursais galega reduciuse un 48% (1.206 oficinas), á vez que pasaron de 8 a 2 as entidades con sede social na comunidade, con ABANCA xestionando en torno ao 40% do negocio financeiro galego.

A evolución da rede de oficinas das principais entidades financeiras que operan en Galicia confirman a ABANCA como a entidade con maior presenza, cunha cota do 37,9% en xuño de 2020; seguida polo Banco Santander (20,5%), que en 2018 deu un importante salto coa integración do Banco Popular (coa súa filial galega Pastor), conforme se indica no gráfico 3. A Caixa Rural galega, pola súa banda, ocupa a quinta posición por rede de oficinas, cunha cota do 3,6%.

A distribución territorial das oficinas por parte das entidades financeiras non galegas tende a concentrarse maioritariamente nos municipios máis poboados (gráfico 4). Mentres, a galega ABANCA conta cunha maior capilaridade da súa rede, situando o 33% das súas oficinas en municipios galegos con menos de 5.000 habitantes; porcentaxe que case triplica a da segunda entidade con maior presenza (Banco Santander, co 12%).

Gráfico 3
Evolución da cota de oficinas das principais entidades financeiras en Galicia




Gráfico 4
Distribución de oficinas por dimensión dos municipios das principais entidades. Datos a xullo de 2020




Gráfico 5
Evolución dos tipos de xuro anuais acumulados de novas operacións de crédito en España





Gráfico 6
Evolución marxe de xuros/ATM sistema financeiro español (%)



Se se analiza o grao de bancarización dos 313 municipios existentes en Galicia, no 87% (271) presta servizos algunha entidade financeira, o que supón darlle cobertura directa ao 99% da poboación galega. ABANCA é a única entidade que presta un completo servizo financeiro en 119 deles (en oito a través da súa rede de oficinas móbiles), sendo especialmente significativa a súa capilaridade na provincia de Ourense onde é a única entidade en máis da metade dos seus municipios. Pola súa banda, a Caixa Rural Galega é a única entidade en tres municipios e o Banco Santander en dous.

Tipos de xuro das novas operacións de crédito e depósitos

O mantemento da política monetaria expansiva por parte do BCE en 2019, á que se uniron as medidas adicionais adoptadas a partir de marzo de 2020 para paliar o impacto da crise da COVID-19, afectaron de maneira significativa os tipos de formalización das novas operacións de crédito de particulares e empresas en España, que se reduciaron en 2019 por sexto ano consecutivo. Esta tendencia mantívose ao longo de 2020, situándose no mes de marzo no mínimo histórico do 1,77%. O tipo das formalizacións de crédito a empresas reduciuse 14 puntos básicos (p.b.) no acumulado a xullo de 2020 respecto ao total formalizado en 2018; destacando a caída en pemes e autónomos (18 p.b.) e especialmente nas formalizacións de particulares (63 p.b.), que alcanzaron tanto as hipotecas como o crédito ao consumo.


Tipos de xuro das novas operacións de crédito e depósitos

A pesar de partir de niveis moi reducidos, tamén tivo un comportamento baixista a retribución das contas a prazo, que caeu á metade nas novas imposicións de particulares ata o mínimo histórico do 0,03% a xullo de 2020. No caso das empresas, os tipos das novas operacións de prazo situáronse mesmo en valores negativos (pagan por colocar os seus fondos en depósitos desde xaneiro de 2019). A evolución decrecente dos tipos de financiamento foi común entre as principais economías da Eurozona, confirmando a efectividade da política monetaria expansiva


desenvolvida polo BCE para favorecer o fluxo de crédito, especialmente relevante desde a irrupción da COVID-19 para manter o dinamismo dunha economía que sufriu un abrupto parón. Esta situación de tipos de xuro reais negativos na área euro manterase previsiblemente nos próximos 2-3 anos; o que seguirá forzando á baixa o diferencial financeiro do sector bancario, na actualidade en mínimos históricos (gráfico 6).

Crédito polo miúdo: saldos, formalizacións e dubidosidade


Tras un 2019 en que en España continuou por noveno ano consecutivo a redución dos saldos vivos do crédito polo miúdo (crédito ás administracións públicas e sector privado residente) cunha caída do 1,4%, o primeiro semestre de 2020 rompeu con esta tendencia, cun avance do 4,8% no ano. A razón deste comportamento derivase fundamentalmente das medidas adoptadas para paliar o impacto económico da pandemia, que supuxeron unha importante repunta do crédito a empresas a partir de abril de 2020 (só a liña de avais ICO COVID-19 supuxo 84.975 millóns de euros ata xuño) e unha forte retardación na amortización dos préstamos e créditos (moratorias de préstamos e renovacións automáticas de



créditos). A iso uniuse a repunta semestral do crédito ao sector público (9,4%), impulsado polas maiores esixencias de gasto derivadas da pandemia. Deste xeito, o saldo de crédito destinado a particulares e empresas creceu en España un 3,9% no primeiro semestre de 2020, destacando a repunta do destinado a empresas (9,5%), mentres que o de particulares o fixo un moderado 0,3%.



O forte dinamismo do crédito empresarial no primeiro semestre de 2020ponse claramente de manifesto ao analizar o importe das formalizacións de préstamos –non inclúe circulante de empresas– (gráfico 8). No primeiro semestre de 2020 o sector concedeu 256.933 millóns de euros de novos préstamos a particulares e empresas, un 19,3% máis que no mesmo período do ano anterior, destinando ao sector empresarial o 84% deste importe (215.182 millóns de euros). Iso supuxo un avance interanual do 29,2% do importe acumulado a xuño de 2020 dos préstamos destinados a financiar empresas e un retroceso do 14,3% aos particulares; estes últimos moi afectados pola forte deterioración económica e a súa translación en termos de menor consumo e investimento en vivenda.





A pesar do crecemento na concesión de crédito, a súa calidade, medida a través da taxa de dubidosidade (NPL/crédito bruto) seguiu mellorando en 2019 e primeira metade de 2020, a pesar da drástica deterioración económica sufrida desde marzo de 2020. Dun cociente que a finais de 2018 se situaba no 5,81% para o sector privado residente español, reduciuse ao 4,79% de peche de 2019 e ao 4,67% de xuño de 2020. As medidas adoptadas en materia de moratorias e concesión de créditos avalados xustifican a redución do segundo trimestre de 2020. Con todo, a partir de 2021 prevese un empeoramento da calidade crediticia, motivado tanto pola forte contracción dos ingresos de em-

Cadro núm. 2
Evolución dos saldos de crédito de entidades de depósito
(en millóns de euros)

	Galicia		España	
	Saldo	TVI (%)	Saldo	TVI (%)
2008	70.370	7,3	1.842.797	6,5
2009	71.283	1,3	1.837.761	-0,3
2010	70.509	-1,1	1.856.783	1,0
2011	64.076	-9,1	1.798.026	-3,2
2012	55.021	-14,1	1.634.655	-9,1
2013	50.104	-8,9	1.469.010	-10,1
2014	44.912	-10,4	1.422.890	-3,1
2015	43.020	-4,2	1.360.361	-4,4
2016	42.563	-1,1	1.306.396	-4,0
2017	40.042	-5,9	1.273.446	-2,5
2018	40.893	2,1	1.215.968	-4,5
2019	41.548	1,6	1.199.375	-1,4
xuño 2020	44.764	7,7	1.256.859	4,8

Fonte: Banco de España.



Analizando a repartición provincial do saldo do financiamento concedido ao sector privado galego (gráfico 11), A Coruña concentra o 45% do total, seguida de Pontevedra (38%), Lugo (9%) e Ourense (8%). Lugo foi a provincia máis dinámica, cunha ganancia de peso respecto a 2018 de 36 puntos básicos, mentres que as outras tres perderon peso.

O grao de apañamento financeiro en Galicia mantense substancialmente por baixo do conxunto de España. Mentres o volume de crédito no sistema financeiro galego supón o 66% do PIB rexional, en España este cociente elévase ata o 96%. En ambos os casos produciuse unha relevante redución do cociente (-58 e -75 puntos porcentuais respectivamente) desde os máximos alcanzados en 2010, aínda que as perspectivas apuntan cara a unha repunta nos próximos exercicios derivada tanto do impulso ao financiamento empresarial necesario para afrontar o impacto económico da crise da COVID-19, como da forte contracción do PIB que provocou.

Similar resultado ofrece a análise en termos de relación entre créditos e depósitos polo miúdo, cun cociente que en Galicia se atopa no 63%, 29 puntos porcentuais inferior ao de España (92%).

presas e particulares tras o inicio da crise, como polo progresivo vencemento das moratorias e carencias dos préstamos avalados.

A evolución do saldo de crédito en Galicia seguiu un patrón moi similar ao estatal, cun incremento do 1,6% en 2019 e un forte crecemento (7,7%) no primeiro semestre de 2020 (cadro 2).

O saldo de crédito ás administracións públicas galegas aumentou a maior ritmo que no conxunto do Estado, cun crecemento do 18,5% en 2019 e un 35,9% adicional no primeiro semestre de 2020. Por provincias, incrementaron de forma significativa o seu saldo Lugo (110% entre dec.-18 e xuñ.-20), A Coruña (63,0%) e Ourense (27,3%), mentres que Pontevedra o reduciu un 22,3%. A Coruña absorbeu o 99,7% do crecemento de saldo na comunidade, favorecida pola presenza de boa parte das administracións públicas autonómicas en Santiago de Compostela.

O crédito ao sector privado residente tamén incrementou o seu saldo en Galicia a maior ritmo que no conxunto de España: un 0,6% en 2019 (caída do 1,3% en España) e un 5,9% no primeiro semestre de 2020 (por encima do 4,5% estatal), situando o seu saldo en 41.222 millóns de euros en xuño de 2020. Por provincias, na Coruña mantívose plano en 2019 (0,0%) e subiu un 6,2% no primeiro semestre de 2020; en Lugo o crecemento foi moi parello (5,6% en 2019 e 5,0% 1 S-20), en Ourense caeu un 1,8% en 2019 para medrar un 6,3% na primeira metade de 2020, e en Pontevedra creceu un 0,7% e 5,5%, respectivamente. A Coruña volveu ser a provincia que máis peso tivo no crecemento rexional do saldo de crédito ao sector privado residente en 2019 e o 1 S-20, ao supoñer o 43,2% do total, seguida de Pontevedra (36,6%), Lugo (14,4%) e Ourense (5,4%).

Cadro núm. 3
Evolución dos saldos de depósitos do sistema financeiro
(en millóns de euros)

	Galicia		España	
	Saldo	TVI (%)	Saldo	TVI (%)
2008	51.056	11,1	1.218.488	9,1
2009	53.872	5,5	1.219.886	0,1
2010	55.470	3,0	1.223.496	0,3
2011	53.224	-4,1	1.176.126	-3,9
2012	52.979	-0,5	1.167.785	-0,7
2013	55.027	3,9	1.196.711	2,5
2014	57.510	4,5	1.213.205	1,4
2015	57.899	0,7	1.211.817	-0,1
2016	59.758	3,2	1.194.227	-1,5
2017	61.076	2,2	1.207.827	1,1
2018	64.238	5,2	1.235.892	2,3
2019	66.819	4,0	1.287.798	4,2
xuño 2020	70.990	6,2	1.367.465	6,2

Fonte: Banco de España.

Gráfico 12
Saldos de depósitos do sector privado en Galicia
Taxas de variación interanuais (en %)





Gráfico 13
Estrutura dos depósitos do sector privado
Xuño 2020



cun maior peso relativo (entre as dúas acaparan o 27,0% dos depósitos galegos, 10 puntos porcentuais por enriba da porcentaxe de créditos).

Resultados das entidades

O mantemento dunha política monetaria ultra expansiva por parte do BCE, especialmente desde marzo de 2020, unida a unha estrutura do crédito a clientes en España apacada en crédito a tipo variable, seguiron forzando á baixa a marxe financeira do sector español, que en 2019 se reduciu un 0,6%, acelerando a súa deterioración no primeiro semestre de 2020 (caída do 2,9% i.a.). Desde 2009 reduciuse practicamente á metade cunha caída do 46% (gráfico 14).

Outro factor adicional con crecente presión sobre a conta de resultados son as dotacións para insolvencias, cuxo importe creceu moi significativamente desde o inicio da crise sanitaria da COVID-19, nunha política de prudencia ante a previsible deterioración da calidade dos activos nos próximos anos. Así,



Saldo de depósitos polo miúdo

O volume de depósitos polo miúdo (depósitos das administracións públicas e sector privado residente) no sistema financeiro español mantivo en 2019 e o primeiro semestre de 2020 a senda de crecemento iniciada en 2017, cun avance no período do 10,6% (4,2% en 2019 e 6,2% no 1 S-20). A subida do aforro do sector privado residente (11,2%) foi a base deste crecemento, xa que a do sector público foi máis moderada (1,5%). No último ano e medio intensificouse a taxa de aforro de familias e empresas e a preferencia pola liquidez, cun claro traspaso de recursos desde o prazo á vista. Todo iso é consecuencia directa dun marco de tipos de xuro que practicamente reduciu a cero a rendibilidade dos depósitos a prazo e unha economía que ata marzo de 2020 daba claras mostras de esgotamento e que a partir desa data sufriu unha deterioración sen precedentes.

En Galicia os depósitos polo miúdo mantiveron a senda de continuo crecemento iniciada en 2013. Desde decembro do 2018 ata xuño de 2020 o seu saldo subiu un 10,5% ata alcanzar os 70.990 millóns de euros; con incrementos tanto nas Administracións Públicas (2,4%) como no sector privado residente (11,0%), tal como se observa no cadro 3.

En 2019 e o primeiro semestre de 2020 as catro provincias galegas rexistraron taxas de crecemento positivas nos seus saldos de depósitos do sector privado residente (gráfico 12), sendo Pontevedra a que presentou un mellor comportamento relativo (16,4%), seguido pola Coruña (9,8%), Ourense (7,4%) e Lugo (7,1%).

A estrutura dos depósitos ao sector privado residente por provincias en Galicia (gráfico 13) é similar á do crédito, con maior peso da Coruña (42,4%) e Pontevedra (30,5%), aínda que Lugo e Ourense contan



español. O BAI foi negativo en 5.066 millóns de euros, afectado pola menor actividade económica e os fortes saneamentos realizados.

Esta situación incidiu de maneira significativa nos cocientes de rendibilidade do sector español, que se sitúan desde hai seis anos por baixo do custo do capital. O ROE pechou 2019 no 6,7%, por baixo do 8-10% en que se move o custo do capital, e con datos a xuño de 2020 atópase en valores negativos.

Neste contexto, as entidades galegas ABANCA e Caixa Rural Galega mantiveron en 2019 e o primeiro semestre de 2020 unha dinámica comparativamente mellor que a observada para o conxunto do sector. En 2019 ABANCA incrementou a súa marxe de xuros un 2,4% e o BAI un 9,9% ata os 430 millóns de euros. A Caixa Rural Galega, cunha dimensión considerablemente inferior (1.319 millóns de euros de activos fronte aos 63.326 millóns de euros de ABANCA en xuño de 2020), tivo un beneficio neto de 6,6 millóns de euros (subida do 3,2%), cunha mellora na súa marxe de xuros do 11,0%. No primeiro semestre de 2020 ABANCA obtivo un BAI de 151 millóns de euros, cun avance da marxe de xuros do 11% e Caixa Rural Galega 4 millóns de euros de BAI, cun crecemento da marxe de xuros do 6,5%.

Principais retos do sector bancario

A súbita irrupción da COVID-19 no primeiro trimestre de 2020, coas súas inmediatas consecuencias en termos de drástica redución da actividade económica (cunha recuperación aínda incerta que será asimétrica a nivel xeográfico e sectorial), ampliación das medidas de política monetaria expansivas por parte do BCE e a exponencial dixitalización da sociedade impulsada polos períodos de confinamento, non fixo máis que dar maior relevancia e urxencia ao cumprimento dos principais retos que para o sector se apuntaban en informes anuais precedentes: configurar entidades con modelos de negocio rendibles e solventes no longo prazo; dar resposta aos crecentes requirimentos supervisores e reguladores, e afrontar os desafíos dos novos competidores que xorden ao amparo do impulso dixital.

A COVID-19 impactou moi significativamente, e os seus efectos continuarán facéndoo nos próximos anos nos niveis de rendibilidade do sector. Uns tipos negativos que probablemente se manterán polo menos ata 2024, a menor actividade bancaria que orixinará a crise económica na que nos atopamos

en 2019 as dotacións a provisións incrementáronse un 20% respecto ao exercicio precedente, porcentaxe que se dispara ao 277% no primeiro semestre de 2020.

As dúas principais pancas de que dispoñen as entidades para atenuar esta presión sobre a marxe financeira e as maiores dotacións a provisións son, por unha banda, incrementar a achega pola prestación de servizos a clientes, que no conxunto do sector medraron un 1,4% en 2019 e un 3,3% na primeira metade de 2020; e por outro, a contención dos gastos de explotación, que en 2019 subiron un 1,3%, derivado en gran medida polos gastos do ERE de Caixabank. Axustado este impacto, os gastos de explotación reducíronse un 2,5%, porcentaxe de redución que alcanza o 4,3% no primeiro semestre 2020.

O resultado final é un beneficio antes de impostos das entidades de depósito españolas de 14.756 millóns de euros en 2019, cun crecemento anual do 2,4% sustentado en gran parte nos rendementos de capital (participacións), que incrementaron a súa achega á conta un 19,5% (2.297 millóns de euros). A conta de resultados do primeiro semestre de 2020 xa recolle claramente o impacto que está a ter a crise da COVID-19 no sector

inmersos e as maiores necesidades de dotacións para sanear uns activos que sen dúbida se deteriorarán no futuro, están a incorporar presión adicional sobre a conta de resultados das entidades.

Ademais, o desenvolvemento exponencial na dixitalización da sociedade a partir da irrupción da COVID-19 afectou de maneira significativa a operatoria bancaria, disparando o uso de canles de atención remotos e reducindo o uso do efectivo nos pagos. Así mesmo, o teletraballo consolidouse como unha alternativa que se manterá no tempo, reducindo as necesidades de infraestruturas físicas. Iso resta relevancia á oficina tradicional como centro xerador de negocio e obriga as entidades a abordar relevantes investimentos en tecnoloxía, xerando fortes presións sobre os custos e estruturas de distribución sobre-dimensionadas e ineficientes.

Para afrontar este reto e configurar entidades con modelos de negocio sostibles neste contexto, o sector deberá seguir mellorando os seus niveis de eficiencia, minorando custos e facendo un uso máis intensivo das novas tecnoloxías.

Unha das principais pancas de que dispoñen as entidades para avanzar nesta liña é profundar na consolidación do sector vía integracións, proceso que está a ser favorecido desde os organismos supervisores relaxando as esixencias en termos de capital á entidade resultante. Aínda que as operacións transnacionais poderían ser especialmente positivas por incorporar maiores posibilidades de diversificación xeográfica dos riscos e avanzar na unión bancaria, o seu impacto en termos de redución de custos é inferior ao de operacións dentro do territorio español. As integracións nacionais supoñen unha vía rápida para axustar custos eliminando duplicidades, xerar sinerxias derivadas da complementariedade de negocios e contabilizar *badwill* que incrementa o seu músculo financeiro para cubrir posibles deterioracións futuras.

Así mesmo, as entidades deberán avanzar na incorporación ao seu negocio *core* de actividades con elevadas sinerxias e xeradoras de ingresos, como os seguros ou a xestión de activos.

A presión reguladora e supervisora é outro dos retos aos que se enfrontan as entidades. A irrupción da COVID-19 motivou que as principais entidades supervisoras e reguladoras establecesen medidas transitorias de flexibilización. Con todo, aínda que existe incerteza sobre a duración desta flexibilización, a súa finalización supoñerá retomar as medidas e o calendario regulador previo, co foco posto no capital e a calidade dos activos (CRD IV e CRR II). Tamén se seguirá avanzando na regulación da protección do cliente (modificacións en MIFID II), finanzas dixitais (nova iniciativa de pagos EPI, regulación criptoactivos) e seguros (IORP II de plans de pensións e revisións de Solvencia II).

Por último, o desenvolvemento das novas tecnoloxías está a posibilitar un proceso de disrupción no sector, no que empresas non financeiras se están a situar de maneira significativa nos segmentos menos regulados e máis rendibles, como os medios de pago ou os servizos de agregación/iniciación. As chamadas *BigTechs* contan cun volume inxente de información financeira e non financeira dos seus clientes que explotan moi eficientemente, así como co músculo financeiro necesario para acometer fortes investimentos. Con todo, a seguridade na operatoria, posibles endurecementos reguladores e requirimentos en materia de protección de datos, poderían actuar como barreiras á súa entrada na prestación de servizos financeiros.

Pero as novas tecnoloxías tamén supoñen oportunidades para as entidades bancarias "tradicionalistas" que xa se están aproveitando nestes momentos, a través da comercialización a distancia de produtos e servizos personalizados (o que abre un amplo potencial de mellora na oferta de valor ao cliente), así como abrindo novas vías de redución de custos, melloras de produtividade e accesibilidade. A aplicación da intelixencia artificial, a explotación de grandes bases de datos en tempo real, a robotización de procesos, a aplicación de plataformas ou a alianza con *fintechs* está a contribuír tamén a obter importantes melloras de eficiencia.

Os intermediarios financeiros non bancarios

A evolución desfavorable dos mercados no ano 2018 foi superada con claridade en 2019, nun contexto de euforia alentada pola diminución das tensións entre EE. UU. e China e a actividade monetaria dos bancos centrais. A Reserva Federal baixou os xuros ata en tres ocasións e o BCE continuou inxectando liquidez. A pesar de que as expectativas de crecemento proporcionadas polo FMI apuntaban cara a unha moderación, os investidores apostaron fortemente pola renda variable, que experimentou subidas próximas ao 30% no S&P 500 e do 25% en Europa. O IBEX 35 quedou algo máis atrasado (11,6%), mantendo así a tendencia dos últimos anos. Os rendementos dos bonos subiron algo a finais do ano, se ben sempre

dentro de niveis moi baixos. Porén, a declaración da pandemia por parte da OMS en marzo provocou unha caída brusca dos mercados, sen diferenciar por tipo de activo, excepto nos valores refuxio coma o ouro. Esta caída foi acompañada pola economía real, que experimentou taxas inéditas, condicionando fortemente a actividade dos intermediarios financeiros.

A actividade financeira en xeral experimentou unha expansión en 2019 e reduciuse con forza en 2020 nos sectores vinculados ao investimento. O sector asegurador tivo un crecemento lixeiramente negativo en 2019, que se acentuou en 2020, cando o volume de primas baixou ata o 11% nos nove primeiros meses. Os seguros de vida vinculados ao aforro foron os máis afectados, mentres que os seguros non-vida aguantaron bastante ben a situación e incluso creceron lixeiramente. A situación dos mercados financeiros afectou principalmente o patrimonio dos plans de pensións e os fondos de investimento, sobre todo no segundo trimestre, pero a recuperación da meirande parte dos activos financeiros permitiulle recuperar boa parte do terreo perdido, con retrocesos en ambos os casos algo superiores ao 3%. Aínda así, os dous produtos recibiron achegas netas positivas, quizais apoiados nas boas rendibilidades acadadas en 2019 e na rápida recuperación dos activos de renda variable.

A situación dos intermediarios que aportan financiamento ás empresas mediante capital ou débeda foi moi diferente. Durante 2019 creceron con certo vigor, pero os efectos da COVID-19 e a mala situación pola que atravesaron a meirande parte dos sectores económicos reduciron considerablemente o investimento en bens de equipamento e elementos de transporte. Ademais, o clima de desconfianza asentouse nos investidores e apenas houbo operacións de capital privado. Deste xeito, tanto o capital risco como as actividades de *leasing e factoring* experimentaron un grande axuste, con caídas superiores en todos os casos ao 35%. Esta situación non foi tan dramática nas entidades dedicadas á concesión de avais, xa que os programas de apoio financeiro ás pemes impulsaron a súa actividade.

De cara a 2021 espérase unha mellora xeneralizada da conxuntura nun escenario moi condicionado pola capacidade dos países para darlle solución á crise sanitaria. En todo caso, as expectativas están postas nunha mellora dos prezos dos activos financeiros, que xa están recollendo os mercados, e no crecemento do PIB alentado polos plans de estímulo ao investimento produtivo.

Cadro núm. 4
Evolución do sector asegurador español
(en millóns de euros)

	Total primas	TVI (%)
2004	45.217	8,3
2005	48.782	7,9
2006	52.607	7,8
2007	54.920	4,4
2008	59.203	7,8
2009	59.783	1,0
2010	58.188	-2,7
2011	60.590	4,1
2012	57.384	-5,3
2013	55.773	-2,8
2014	55.699	-0,1
2015	56.864	2,1
2016	63.832	12,3
2017	63.408	-0,7
2018	64.424	1,6
2019	64.155	-0,4
2020*	43.114	-10,8

* Datos estimados xaneiro-setembro do 2020.

Fonte: ICEA.

Cadro núm. 5
Evolución dos ramos do seguro en España (en millóns de euros)

	2018	2019	2020*	% variación 2019/2018	% variación 2020/2019 *
Vida	28.994	27.523	15.561	-5,07	-25,78
Non-vida	35.429	36.632	27.553	3,40	0,65
Automóviles	11.137	11.306	8.329	1,52	-2,01
Multirriscos	7.234	7.521	5.719	3,97	2,94
Saúde	8.516	8.922	7.014	4,77	4,90
Resto de non-vida	8.542	8.883	6.491	3,99	-2,15
Total ramos	64.423	64.155	43.114	-0,42	-10,82

* Datos estimados xaneiro-setembro do 2020.

Fonte: ICEA.

O sector asegurador

A actividade aseguradora volveu de novo en 2019 ao terreo negativo, ao caer o volume de primas nun 0,42%. O lixeiro crecemento rexistrado nos ramos de vida (3,4%) non foi suficiente para compensar a caída dos seguros de vida (-5,07%), que perderon o seu atractivo para os aforradores, nun contexto de nulas rendibilidades e de baixa propensión ao aforro. Nos primeiros nove meses de 2020 o impacto da crise sanitaria fíxose notar fortemente no sector, que caeu en preto do 11%, sobre todo polas dificultades para captar aforro nos seguros de vida. As consecuencias da pandemia poderían poñer en dúbida a capacidade financeira do sector. Non obstante, o informe sobre a "Situación financeira e de solvencia", publicado no ano 2020, mostrou que o nivel de capital dispoñible superou os 28.800 millóns de euros, un 59% maior ao esixido polo regulador. En todo caso, segundo UNESPA, o impacto da COVID-19 será significativo pero asumible para o sector asegurador español. Neste contexto espérase un aumento dos seguros de cancelación de eventos, de saúde e cibersseguros vinculados ao maior risco de cibertaque, así como das coberturas de impagos. Por outra banda, a dixitalización expandirase cara á teleperitación, á vídeo-consulta ou á

Cadro núm. 6

Volume de negocio dos ramos do seguro por comunidades autónomas
Ano 2019

	Primas	TVI (%)	% sobre o total nacional
Andalucía	7.337.560.189	-0,6	13,4
Aragón	1.819.580.715	-4,4	3,3
Asturias	911.963.124	-0,3	1,7
Baleares	1.409.735.740	-0,6	2,6
Canarias	1.628.337.716	0,9	3,0
Cantabria	544.474.874	-0,3	1,0
Castela-A Mancha	1.767.677.922	-3,5	3,2
Castela e León	2.765.697.612	-2,8	5,1
Cataluña	10.832.018.798	-0,6	19,8
C. Valenciana	4.612.682.508	0,0	8,4
Extremadura	867.675.715	-2,7	1,6
Galicia	2.664.809.457	-0,3	4,9
Madrid	12.339.836.921	8,2	22,6
Murcia	1.197.824.267	1,6	2,2
Navarra	917.806.010	3,0	1,7
País Vasco	2.559.528.440	0,7	4,7
A Rioxa	380.761.108	-1,4	0,7
Ceuta e Melilla	117.160.397	1,1	0,2

Información facilitada por 81 entidades e grupos aseguradores que representan o 85% do total de primas do sector.

Fonte: ICEA

to dos seguros de non-vida, que subiron de novo preto do 4%. Pero os efectos da COVID-19 deixáronse sentir nos primeiros nove meses do 2020, xa que os seguros de vida perderon máis da cuarta parte do volume de negocio, en especial como consecuencia de que os aforradores reduciron as súas achegas. Tamén caeron os ramos de autos (-2,01%) e o resto de non-vida, pero menos que a importante contracción que experimentou o PIB; de aí que sexa posible que no cuarto trimestre o axuste sexa aínda maior. Con todo, os ramos de non-vida creceron un lixeiro 0,65%, impulsados pola saúde e os multirriscos, mostrando unha importante resiliencia.

A análise rexional mostra para o ano 2019 unha caída xeneralizada no volume de primas, excepto no caso de Madrid, Navarra, Murcia e Canarias. Galicia decreceu algo menos que a media (-0,3%) e situou a súa cota de mercado no 4,9%, sendo así o sexto mercado máis importante.

Os plans de pensións


Os plans de pensións recuperaron en 2019 o terreo perdido e incrementaron o seu patrimonio animados pola recuperación dos mercados financeiros, que levou a acadar o maior rendemento histórico (8,8%), e o saldo neto positivo derivado da entrada de novos fondos por valor de preto dos 800 millóns de euros. En total, o patrimonio en 2019 superou os 116.418 millóns, un 9% máis que en 2018. O efecto da COVID-19 fíxose sentir inicialmente, pero a recuperación dos mercados maquillou os valores do terceiro trimestre e o patrimonio apenas cedeu un 3%, nun contexto de elevado risco. Hai que recordar que se trata, en xeral, dun aforro cativo, que non pode ser rescatado salvo en circunstancias moi concretas, o que garante un comportamento máis estable. A pesar da situación, os aforradores seguiron realizando achegas netas positivas por valor de 146 millóns de euros, sobre todo en renda variable e fondos mixtos, procurando aproveitar os bos prezos dos activos financeiros.

O informe da Comisión Europea denominado *Ageing Report* indicou que, de manterse as condicións actuais, España terá que reducir a taxa de substitución das pensións ata o 49% en 2050, o que suporá unha redución de preto de 30 puntos porcentuais respecto ao nivel actual. Este feito ten bastante importancia se temos en conta que, a diferenza do que ocorre noutros países, os plans de pensións teñen un peso marxinal (8,8% do PIB) e tanto españois como galegos confían moito o seu futuro á percepción dunha pensión pública. Por outra banda, os incentivos fiscais en España, e consecuentemente en Galicia, segundo INVERCO, son moi baixos, xa que apenas acadan o 16% do valor presente das achegas, fronte a países como Irlanda, Israel ou os Países Baixos, onde se aproximan ao 50%. Precisamente, estes incentivos veranse modificados o vindeiro ano para dar cumprimento ao Pacto de Toledo; de xeito que se reducirán as deducións aos plans individuais e se incrementarán as dos plans colectivos. Esta medida enmárcase dentro das accións impulsadas polo Goberno para garantir a viabilidade do sistema público de pensións, que tamén propón a aproximación da idade real de xubilación á idade real.

No ano 2019 todos os tipos de plan creceron, pero de novo a meirande parte do negocio foi parar aos plans de pensións individuais (+10,5%). Esta situación parece que poderá mudar a partir xa do próximo ano, cando entren en vigor as novas deducións, coas que se espera un maior crecemento dos plans

telemedicina. Tamén se espera que o uso do *big data* permita personalizar pólizas e mellorar a asistencia aos clientes.

O impacto da pandemia pode ter consecuencias diversas nos sectores. Así, certos ramos como os de autos e fogar sempre teñen unha evolución vinculada ao PIB pero con certo atraso, mentres que a saúde pode crecer nun contexto de crise sanitaria e os seguros de aforro poden incrementar a tendencia negativa. Finalmente, os multirriscos, moi vinculados ás pemes, poden verse afectados de forma negativa. Certo é tamén que a limitación da mobilidade pode reducir a curto prazo a sinistralidade. A información proporcionada por ICEA mostra que o decrecemento no volume de negocio veu motivado pola caída da facturación do ramo de vida, en particular, dos seguros de aforro, que decreceron nun 6,6%, fronte ao aumento dos seguros de non-vida, que subiron de novo preto do 4%. Pero os efectos da COVID-19 deixáronse sentir nos primeiros nove meses do 2020, xa que os seguros de vida perderon máis da cuarta parte do volume de negocio, en especial como consecuencia de que os aforradores reduciron as súas achegas. Tamén caeron os ramos de autos (-2,01%) e o resto de non-vida, pero menos que a importante contracción que experimentou o PIB; de aí que sexa posible que no cuarto trimestre o axuste sexa aínda maior. Con todo, os ramos de non-vida creceron un lixeiro 0,65%, impulsados pola saúde e os multirriscos, mostrando unha importante resiliencia.



Cadro núm. 7

Evolución do patrimonio dos fondos de pensións por tipo de plan en España
(en millóns de euros)

	Individual	Emprego	Asociado
2017	74.378	35.796	903
2018	72.247	33.957	829
2019	79.849	35.710	858
2020	77.519	34.763	801
% variación 2019/2018	10,52	5,16	3,50
% variación 2020 (III trimestre)	-2,99	-2,65	-6,61
% variación últimos 12 meses	0,27	-1,96	-6,73

Fonte: Inverco.

Cadro núm. 8

Clasificación española dos plans de pensións. Datos a 31 de decembro de 2019

Nome	Cota de mercado (en %)	Patrimonio (millóns de euros)
1 Caixabank	26,28	29.707
2 BBVA	19,27	21.774
3 Santander	11,48	12.979
4 Bankia	7,11	8.041
5 Ibercaja	5,88	6.646
6 Mapfre	4,49	5.080
7 Renta 4	3,52	3.980
8 Fonditel	3,26	3.680
9 Sabadell	2,58	2.921
10 Santa Lucía	1,95	2.201

Fonte: Inverco.

máis longo prazo, a renda variable ten o mellor comportamento ata os 15 anos, pero non cando se consideran 20 anos, onde queda relegada á última posición. Por outra banda, a recuperación do rendemento en 2019 interrompeuse en 2020, e todas as modalidades presentaron rendementos negativos no terceiro trimestre, sendo a renda variable mixta a que presentou un peor rexistro (-3.54%), seguida da renda variable (-2.28%). En todo caso, cómpre sinalar que no terceiro trimestre as bolsas xa recuperaron moito terreo perdido e, consecuentemente, parte das perdas sufridas por mor da pandemia. Respecto á clasificación das xestoras, Caixabank segue dominando o mercado, posición que consolidará coa fusión prevista con Bankia, o cuarto maior operador en plans de pensións. Tamén, a integración do Popular no Santander concentrou aínda máis o mercado, no que as tres principais entidades xa controlan preto do 60% do negocio, considerando tamén as fusións que protagonizará o BBVA co Banco de Sabadell. Finalmente, cabe destacar a entrada doutra aseguradora (Santalucía) entre os 10 primeiros postos.



As Institucións de Inversión Colectiva (IIC)

A evolución do investimento colectivo tivo un comportamento desigual no período 2018-2020. Neste sentido, en 2019 o exercicio pechou cun importante patrimonio xestionado polas institucións de investimento colectivo, xa que superou por vez primeira os 500 mil millóns de euros. A esta situación contribuíu o bo comportamento dos mercados, que explicaron o 91% do crecemento, e a entrada de novas subscricións netas positivas (9%). Tamén é preciso salientar o maior crecemento do patrimonio en mans de xestoras estranxeiras fronte ás nacionais (16,1% fronte ao 7,4%); o que implica que os investidores cada vez confían máis o seus aforros a profesionais estranxeiros, en detrimento da banca española, que é a que domina o mercado nacional. Porén, en 2020, os efectos da COVID-19 se fixeron sentir nos

colectivos, fronte aos individuais, que se verán fortemente penalizados. De novo, o 67% dos partícipes non fixeron achega ningunha ao seu plan, e menos do 5% aportaron máis de 3000 euros. As prestacións pagáronse nun 51,4% en forma de capital, nun 23,9% como renda e no resto dos casos como unha combinación das dúas. Os efectos da COVID-19 puxéronse de manifesto en todos os plans en 2020, xa que viron reducido o seu patrimonio en todas as modalidades, desde o (-2,99%) dos plans individuais ata o (-6,73%) dos plans asociados. Tendo en conta que as achegas netas foron positivas, o principal efecto negativo foi explicado pola mala evolución dos rendementos nos nove primeiros meses do ano.

Nestes últimos cinco anos os produtos que atraeron máis investidores foron os fondos de pensións mixtos e os de renda variable; algo lóxico se temos en conta que canalizan aforro a longo prazo. A carteira de investimento seguiu incrementando a exposición aos activos de renda variable, cun 36,3% investido en accións, fronte ao 45,2% da renda fixa. A boa evolución dos mercados en 2019 e a dificultade para atopar rendementos sen risco impulsou o desprazamento cara á renda variable.

Os plans de pensións colleitaron o mellor rendemento da serie histórica en 2019, cunha rendibilidade media de preto do 9%, destacando en particular a renda variable (23,59%) e a renda variable mixta (12,17%). Ademais, todas as categorías tiveron un resultado positivo, incluíndo aquelas que invisten a curto prazo. Cunha perspectiva de



Pero a mediados de marzo, a incerteza e a volatilidade apoderouse dos mercados, o que provocou variacións patrimoniais nas categorías; explicadas tanto pola variación dos prezos dos activos, coma pola recomposición das carteiras dos aforradores. Os monetarios foron o activo que máis subiu (11,6%) ata setembro de 2020, seguidos da renda fixa mixta (4,8%). O resto das categorías veu reducido o seu patrimonio considerablemente, destacando a renda variable nacional (-44%), afectada polo intenso axuste do mercado español. As subscricións de fondos evidencian que en setembro de 2020 os investidores continuaron tendo certa cautela e apostaron por renda fixa, activos monetarios e con rendemento obxectivo, reducindo posicións nos activos mixtos, de renda variable e de rendemento absoluto.

Cadro núm. 9

Rendibilidade dos fondos de investimento (en %)

Tipo de fondo	2019	2020
Monetarios	0,01	0,03
FIM renda fixa curto prazo	0,54	-0,37
FIM renda fixa longo prazo	2,46	0,56
FIM renda fixa mixta euro	4,04	-2,76
FIM renda variable mixta euro	9,81	-5,60
FIM renda variable nacional euro	10,64	-27,80
FIM renda fixa internacional	4,46	-0,45
FIM renda fixa mixta internacional	5,40	-1,98
FIM renda variable mixta internacional	9,13	-3,38
FIM renda variable euro resto	18,98	-15,50
FIM renda variable internacional Europa	21,39	-14,00
FIM renda variable internacional Estados Unidos	26,48	2,01
FIM renda variable internacional Xapón	20,10	-5,41
FIM renda variable internacional emerxentes	21,21	-6,67
FIM renda variable internacional resto	22,10	-9,16
FIM globais	8,52	-5,21
Garantidos rendemento fixo	4,11	0,85
Garantidos rendemento variable	3,66	-0,07
De garantía parcial	4,77	-5,97
De xestión pasiva	7,19	-3,84
Retorno absoluto	4,00	-2,07
Fondos de investimento libre (FIL)	10,30	-9,50
Fondos de FIL	-0,74	-2,64
Total fondos	7,23	-3,16

Fonte: Inverco.

mercados, e dado que os fondos son carteiros de activos, sufriron de forma moi directa un forte impacto nas cotizacións. As perdas, que nun primeiro momento chegaron a representar nalgúns fondos máis do 30%, foron recuperándose paulatinamente, de xeito que o patrimonio nas IIC a finais de setembro de 2020 caeu nun 3.34%. A pesar de que non temos datos oficiais, a mediados de novembro os anuncios de dúas vacinas efectivas para combater a pandemia infundiron optimismo nos mercados e, polo tanto, a recuperación do patrimonio a finais de ano é posible que sexa maior, esperándose certa recuperación para 2021.

En 2019, ao igual que no ano anterior, os fondos de renda variable e os mixtos foron os que máis creceron, contaxiados pola boa evolución dos activos de renda variable e renda fixa. Así, observáronse subidas superiores ao 50% do patrimonio en fondos de renda variable das economías emerxentes, Xapón ou EE.UU. Tamén a renda fixa e os activos mixtos mostraron un importante aumento por riba do 30%. Unha parte significativa deste crecemento veu motivado polo transvase desde outros fondos, como os monetarios, garantidos e retorno absoluto, con caídas mínimas de preto do 20%.

A boa evolución dos mercados financeiros en 2019 situou en valores positivos todas as categorías, coa excepción dos fondos de investimento libre (FIL). En termo medio, o rendemento subiu ata o 7,23%, debido fundamentalmente ao bo comportamento dos activos de renda variable, onde se acadaron rendibilidade superiores ao 18% na renda variable internacional e do 10% na nacional. Pero incluso os fondos de baixo risco presentaron un bo comportamento, con rendementos do 7% nos de xestión pasiva ou de preto do 5% nos de garantía parcial. O panorama mudou por completo en 2020 e, agás os monetarios e a renda variable americana, todas as categorías retrocederon, e en moitos casos eliminaron o avance de 2019. O grande impacto da COVID-19 na economía española deixouse sentir nos fondos de renda variable nacional, que cun -27,8% foron os que experimentaron unha maior caída ata o mes de setembro. Foron seguidos polos de

Cadro núm. 10
Clasificación de entidades xestoras de fondos de investimento
Datos a 31 de decembro de 2019

Núm.	Entidade xestora	Patrimonio (millóns de euros)
1	Caixabank	46.387
2	Santander	43.600
3	BBVA	37.265
4	Bankia	19.809
5	Credit Agricole	18.522
6	Kutxabank	16.799
7	Ibercaja	14.363
8	Bankinter	8.229
9	Mutua Madrileña	7.215
10	Unicaja	5.103

Fonte: Inverco.

segue dominando o mercado con máis de 46.000 millóns de euros en xestión, posición que incrementará coa fusión con Bankia, o cuarto operador en 2019. Por outra banda, a integración do Popular no Santander permitiulle subir á entidade ata a segunda posición, algo circunstancial se se produce finalmente a integración do Sabadell co BBVA. Tamén é interesante observar a estratexia de aseguradoras competindo polo aforro a través da integración de xestoras. Este é o caso de Mutua Madrileña, que incorporou a Alantra e a EDM para crecer neste segmento e xa é a novena entidade. Boa parte destes movementos veñen motivados pola pandemia, xa que as entidades tratan de fortalecerse ante os posibles efectos adversos mediante o aumento do tamaño e das sinerxias.

O capital risco

O capital risco continuou crescendo de forma importante en 2019, incrementando en máis do 45% a cifra do ano anterior, para situarse en 8.526 millóns de euros investidos, segundo os datos difundidos por ASCRI (Asociación Española de Capital, Crecimiento e Inversión). Os recursos captados polas entidades de capital privado procederon principalmente dos fondos de fondos (33,7%), de patrimonios familiares (29%) e empresas non-financeiras (10,7%). No caso do *venture capital*, os preto de 800 millóns foron aportados sobre todo por patrimonios de sociedades familiares. As operacións superiores aos 100 millóns de euros son as que explican o importante crecemento do investimento, pero tamén houbo un grande avance en operacións medianas e de *venture capital*. O principal protagonismo veu da man de xestoras internacionais, que mobilizaron o 78% dos recursos. O número total de operacións situouse nas 760 e beneficiaron un total de 586 empresas. O sector servizos concentrou a maior parte do investimento (25,3%), seguido das enerxías e recursos naturais (18,3%) e dos produtos de consumo (11,9%). Se temos en conta o número de operacións, as empresas de informática (40,2%), seguidas dos produtos de consumo (9,9%), produtos e servizos industriais (8,8%) e medicina e saúde (8,7%) foron as protagonistas. En 2020 a actividade veuse moi afectada pola crise sanitaria, xa que o capital privado caeu máis dun 35% para situarse nos 3.712 millóns de euros nos primeiros nove meses do ano. A situación de incerteza paralizou o proceso de grandes operacións, 5 fronte as 19 de 2019, e

Cadro núm. 11
As cifras de capital risco en España

	2015	2016	2017	2018	2019*
Investimento (millóns de euros)	2.710	3.619	4.930	5.844	8.526
Número de operacións	578	603	679	670	760
Contía media (millóns de euros)**	4,69	6,00	7,26	8,72	11,22

* Datos estimados

** Un investimento pode realizarse a través dunha ou de máis operacións, xa que a operación é o número de intervencións que un xestor fai nunha empresa. De aí que a contía media dos investimentos difira da resultante da división dos datos do cadro.

Fonte: ASCRI e a web capitalriesgo.

Cadro núm. 12
Distribución territorial do investimento en capital risco

	Millóns de euros					
	2015	2016	2017	2018	2019	2020*
Andalucía	47	53	59	160	389	18
Aragón	39	1	155	11	31	18
Asturias	3	42	36	14	7	18
Baleares	10	740	456	14	44	341
Canarias	0	0	4	27	22	0
Cantabria	0	0	0	0	1	0
Castela-A Mancha	5	233	55	18	14	2
Castela e León	11	42	46	137	106	12
Cataluña	796	743	1.041	1.756	1.066	308
Madrid	996	1.096	2.457	2.693	5.387	696
C. Valenciana	141	242	233	232	784	76
Extremadura	21	31	4	21	38	1
Galicia	53	267	43	66	222	3
A Rioja	76	146	17	181	110	1
Murcia	1	43	308	36	14	4
Navarra	68	44	32	38	117	36
País Vasco	111	87	14	609	176	30
Ceuta e Melilla	0	0	0	0	0	0
Total	2.377	3.809	4.958	6.013	8.527	1.561

* 1º semestre.

Fonte: ASCRI e www.webcapitalriesgo.com.

a caída dos prezos levou a pospoñer os investimentos. En todo caso, desde ASCRI son optimistas sobre o futuro da actividade debido ao interese dos investidores internacionais e á existencia de recursos dispostos a investir en canto se normalice a situación.

renda variable internacional, e o resto tiveron recortes máis moderados, sempre por debaixo do 5%. O resultado final foi dun -3,16% anual, froito dun maior peso do aforro en produtos de baixo risco. Tomando un horizonte de investimento máis longo, obsérvase que o efecto da COVID-19 sitúa en números negativos os fondos de renda variable española e da Eurozona ata o prazo de 5 anos, pero, a partir dos 10 anos, o rendemento é positivo en todas as categorías.

En relación ás entidades xestoras de fondos de investimento mobiliario, Caixabank

de capital privado procederon principalmente dos fondos de fondos (33,7%), de patrimonios familiares (29%) e empresas non-financeiras (10,7%). No caso do *venture capital*, os preto de 800 millóns foron aportados sobre todo por patrimonios de sociedades familiares. As operacións superiores aos 100 millóns de euros son as que explican o importante crecemento do investimento, pero tamén houbo un grande avance en operacións medianas e de *venture capital*. O principal protagonismo veu da man de xestoras internacionais, que mobilizaron o 78% dos recursos. O número total de operacións situouse nas 760 e beneficiaron un total de 586 empresas. O sector servizos concentrou a maior parte do investimento (25,3%), seguido das enerxías e recursos naturais (18,3%) e dos produtos de consumo (11,9%). Se temos en conta o número de operacións, as empresas de informática (40,2%), seguidas dos produtos de consumo (9,9%), produtos e servizos industriais (8,8%) e medicina e saúde (8,7%) foron as protagonistas. En 2020 a actividade veuse moi afectada pola crise sanitaria, xa que o capital privado caeu máis dun 35% para situarse nos 3.712 millóns de euros nos primeiros nove meses do ano. A situación de incerteza paralizou o proceso de grandes operacións, 5 fronte as 19 de 2019, e

En relación á distribución da actividade por comunidades autónomas, en 2019 destacou a concentración do investimento de Madrid con máis do 63% dos recursos, seguido de Cataluña, Comunidade Valenciana e Andalucía. Galicia, con 222,2 millóns, tivo un dos mellores anos da serie histórica. Non obstante, cando analizamos a evolución do primeiro semestre de 2020, observamos a importante contracción da actividade, de xeito que o investimento se reduciu no 62% respecto ao mesmo período de 2019. En concreto, Galicia viu caer o investimento desde os 51 millóns do primeiro semestre de 2019 ata os 2,5 de 2020; o que indica a magnitude do impacto da COVID-19 na actividade de capital risco.

As sociedades de garantía recíproca

Durante 2019, as necesidades de financiamento das pemes subiu lixeiramente, de acordo coa información recollida no VIII informe sobre "La financiación de la pyme en España" elaborado por CESGAR. En concreto, un 34,8% necesitaron financiarse, pero no ámbito das pemes de certo tamaño (10 traballadores) a porcentaxe con necesidades de financiamento superou o 59%. Os recursos solicitados foron dedicados principalmente ao financiamento do circulante (67,5%), investimento produtivo (28,1%) e financiamento de inmobles (11,2%). Por outra banda, o financiamento da innovación tan só foi requirido por unha pequena porcentaxe (2,7%). Pola súa vez, as empresas exportadoras e as innovadoras si amosaron maiores necesidades de financiamento (9 e 16 puntos de diferenza). Un aspecto importante son as necesidades que se están xerando de financiamento para a dixitalización e a sostibilidade (30% das pemes); o que indica que xunto co circulante é unha das principais prioridades. Dentro destes, a economía circular é a que xerou unha maior necesidade de investimento (12,6%), seguida da dixitalización (10,9%) e da eficiencia enerxética (7,7%). O acceso ao financiamento non foi un problema para o 60% das empresas, mentres que no 40% restante a falta de garantías volveu ser un dos principais problemas, xunto co elevado custo da débeda. Por outra banda, a porcentaxe das pemes ás que entidades financeiras lles esixiron garantías reduciuse ata o 39,6%. Xa no ano 2020, a enquisa sobre o acceso ao financiamento polas pemes, realizada polo BCE, recolle a maior dificultade para acceder ao financiamento debido á situación financeira das empresas.

Cadro núm. 13

As sociedades de garantía recíproca en España (en millóns de euros)

	Avais formalizados	Avais formalizados acumulados	Risco vivo	TVI (%)
2004	1.494	10.488	3.307	16,90
2005	1.808	12.297	3.945	19,29
2006	2.258	14.556	4.826	22,33
2007	2.441	16.993	5.638	16,82
2008	2.238	19.230	5.938	5,30
2009	2.515	21.753	6.524	9,86
2010	1.765	23.518	6.533	0,15
2011	1.283	24.801	6.200	-0,05
2012	966	25.768	5.527	-0,10
2013	837	26.605	4.704	-14,90
2014	901	27.506	4.350	-14,90
2015	974	28.481	4.073	-6,36
2016	1.097	29.574	4.005	-1,60
2017	1.183	30.686	4.031	0,65
2018	1.282	31.968	4.149	2,93
2019	1.415	33.385	4.319	4,00

Fonte: Cesgar.

Cadro núm. 14

A actividade das sociedades de garantía recíproca galegas (en euros)

	Avais formalizados	Risco vivo
2013		
Afigal	28.560.501	216.954.989
Sogarpo	13.185.148	100.961.290
Total Galicia	41.745.649	317.916.279
2014		
Afigal	35.170.049	190.567.537
Sogarpo	15.681.221	84.388.743
Total Galicia	50.851.270	274.956.280
2015		
Afigal	40.051.540	174.319.206
Sogarpo	22.331.392	80.323.507
Total Galicia	62.382.932	254.642.713
2016		
Afigal	43.762.268	174.753.449
Sogarpo	25.418.518	84.364.765
Total Galicia	69.180.786	259.118.214
2017		
Afigal	60.579.375	189.636.529
Sogarpo	29.517.162	91.887.980
Total Galicia	90.096.537	281.524.509
2018		
Afigal	57.256.089	198.288.659
Sogarpo	34.449.049	101.442.156
Total Galicia	91.705.138	299.730.815
2019		
Afigal	62.671.755	215.240.784
Sogarpo	34.738.660	112.171.738
Total Galicia	97.410.415	327.412.522

Fonte: Cesgar.

As sociedades de garantía recíproca despregaron unha maior actividade en 2019, dando cobertura a operacións por valor de 1.415 millóns de euros, un 10% máis que no ano anterior. O risco vivo creceu de novo nun 4%, incrementando deste xeito o volume de negocio activo e superando os avais formalizados aos cancelados. A finais de 2019 máis de 134 mil empresas beneficiáronse de financiamento a longo prazo (87%), contribuíndo a dar emprego a máis de 700 mil traballadores. A falta de datos para o ano 2020, é preciso destacar a ampliación da capacidade de CERSA ata os 60 millóns de euros para incrementar a contía de avais concedidos. Esta política foi seguida tamén nas comunidades autónomas mediante a creación de liñas de préstamo e crédito avaladas, o que nos leva a supoñer un crecemento da actividade.

Os avais concedidos polas sociedades de garantía recíproca galegas en 2019 modera-

Os avais concedidos polas sociedades de garantía recíproca galegas en 2019 modera-

ron o seu crecemento (+6,22%), e medraron menos que no conxunto nacional. O volume total concedido foi de 97 millóns de euros e o risco vivo aumentou en maior proporción, ata os 327 millóns de euros avalados. En canto ás características das operacións formalizadas, máis do 40% destinouse ao financiamento de servizos; e as operacións de longo prazo representaron un 62%, sendo a garantía real a máis característica no caso de AFIGAL, e a persoal no caso de SOGARPO. Os préstamos dedicáronse nun 60% ao financiamento de investimento produtivo e nun 25% do circulante. En 2020, na comunidade galega aprobouse unha liña contra a COVID-19 de 250 millóns de euros, que debía estar avalada na súa totalidade por AFIGAL ou SOGARPO dirixida a autónomos e pemes. Esta situación permite augurar un aumento da actividade, ao superar a contía habitual de avais concedidos nun ano.

As entidades de *leasing*

A actividade de *leasing* freou o ritmo expansivo no ano 2019, practicamente repetindo os valores de 2018. Dado que se trata dunha actividade intimamente ligada ao crecemento económico, nos primeiros

Cadro núm. 15
As cifras do *leasing* en España

	Investimento novo (millóns de euros)	TVI (%)	Novos contratos	Investimento vivo (millóns de euros)
2006	18.672	14,60	289.000	39.015
2007	21.544	15,38	286.263	43.548
2008	14.208	-34,05	177.163	42.269
2009	7.054	-50,35	110.406	36.945
2010	7.545	6,96	112.877	31.349
2011	5.233	-30,64	93.369	26.541
2012	3.962	-24,29	69.622	19.309
2013	3.921	-1,03	71.809	17.734
2014	5.196	32,52	84.817	18.091
2015	6.510	25,29	106.199	18.275
2016	6.285	-3,46	100.336	19.239
2017	7.120	13,29	102.437	19.215
2018	7.865	10,46	120.934	20.459
2019	7.848	-0,22	118.399	22.000
2020*	3.466	-39,19	51.874	20.000

* 1º semestre

Fonte: Asociación Española de Leasing.

Cadro núm. 16
As cifras do *leasing* por comunidades autónomas
Investimento novo por CC. AA. en decembro de 2020

	Investimento novo (miles de euros)	% sobre o total	% variación 2020/2019
Andalucía	490.069	11,44	-30,19
Aragón	200.679	4,69	-27,73
Asturias	112.522	2,63	0,26
Baleares	114.321	2,67	-69,51
Canarias	185.064	4,32	-64,08
Cantabria	39.775	0,93	-34,80
Castela-A Mancha	168.172	3,93	-26,01
Castela e León	246.268	5,75	-21,75
Cataluña	774.531	18,09	-36,39
Estremadura	93.317	2,18	-24,28
Galicia	184.927	4,32	-40,43
A Coruña	63.931	1,49	-60,09
Lugo	49.450	1,15	-15,85
Ourense	21.014	0,49	-10,31
Pontevedra	50.533	1,18	-25,74
Madrid	855.129	19,97	-25,27
Murcia	114.378	2,67	-23,79
Navarra	67.652	1,58	-18,50
A Rioxa	26.937	0,63	-37,75
C. Valenciana	381.939	8,92	-39,93
País Vasco	220.673	5,15	-24,36
Ceuta e Melilla	5.936	0,14	-29,40
Total	4.282.289	100,00	-35,05

Fonte: Asociación Española de Leasing.

As entidades de *renting*

A actividade de *renting* de vehículos seguiu medrando con forza no ano 2019, xa que o número de vehículos financiados creceu máis dun 13% para situarse nas 302.900 unidades, superando deste xeito as expectativas que se situaban no 9%. Este aumento enmarcouse nun contexto de redución das

oito meses de 2020, o investimento novo reduciuse drasticamente, ata os 3.466 millóns de euros, preto dun 39% menos que no mesmo período do 2019. Isto pon de manifesto o importante efecto que a pandemia tivo no investimento produtivo financiado a través de *leasing*, situándoo en niveis de hai cinco anos. Tendo en conta que se espera unha recuperación do crecemento para 2021, en torno ao 7% segundo as estimacións do FMI, as expectativas son por tanto alentadoras para o próximo ano; se ben todo está supeditado á mellora da situación sanitaria e da súa xestión.

No ano 2019, o investimento mantivo as proporcións entre mobiliario (88%) e inmobiliario (12%), que variaron lixeiramente en 2020, cun aumento de dous puntos no *leasing* inmobiliario. A redución da actividade económica alterou tamén o financiamento por sectores, en concreto, o sector do transporte aéreo e marítimo perdeu 10 puntos respecto a 2019 e o transporte terrestre e os turismos 1 punto; terreo que foi gañado pola maquinaria de produción industrial, que subiu desde o 19% ata o 24%, así como a maquinaria de obras públicas que creceu tres puntos porcentuais.

A nivel territorial, o impacto da COVID-19 ata o mes de outubro de 2020 tivo en xeral efectos moi negativos en todas as rexións, cunha redución do 35% no investimento novo respecto ao ano 2019. Certo é que algunhas rexións experimentaron retrocesos menos dramáticos, pero Galicia saíu aquí mal parada, cunha caída 5 puntos por riba da media, sendo o principal motivo a redución de máis do 60% das operacións formalizadas na provincia da Coruña.

Cadro núm. 17

Evolución do sector de *renting* en España

	2018	2019	2020*
Frota	629.260	711.616	734.560
TVI (%)	14,05	13,09	3,10
Facturación (millóns de euros)	5.547	5.946	2.964
TVI (%)	13,09	7,19	-33,91
Compras de vehículos	267.732	302.900	145.320
TVI (%)	7,70	13,10	-38,80

* Datos a setembro de 2020

Fonte: Asociación Española de Renting.

Cadro núm. 18

Distribución xeográfica da frota de *renting* en España. Ano 2019

	%
Andalucía	7,37
Aragón	2,11
Asturias	0,84
Baleares	1,7
Canarias	2,03
Cantabria	1,27
Castela-A Mancha	1,84
Castela e Leon	1,89
Cataluña	24,61
Ceuta e Melilla	0,03
C. Valenciana	7,77
Estremadura	0,59
Galicia	2,26
A Rioxa	0,32
Madrid	37,94
Murcia	1,93
Navarra	1,2
País Vasco	4,3

Fonte: Asociación Española de Renting.

eléctricos e gas, +4,4%); en detrimento dos diésel, que rebaixan o seu peso nun 11%. En todo caso, a transición cara ao vehículo eléctrico segue sendo moi lenta, no cal o custo dos vehículos, as prestacións e a falta de infraestruturas seguen sendo obstáculos difíciles de salvar. Os turismos foron o segmento de mercado que máis creceu conxuntamente cos vehículos industriais e comerciais. Por outra banda, Volkswagen segue sendo o que máis matriculacións acumula en 2019, pero as marcas que máis subiron foron SEAT (+33,25%) e BMW (+21,4%). A nivel rexional segue a concentración en Madrid e Barcelona (62%), pero o *renting* estase a expandir máis polo resto das rexións; de xeito que Galicia, entre outras comunidades, volveu gañar peso, representando o 2,26% do mercado.

O *factoring* e o pago a provedores

A actividade de *factoring* está moi vinculada ao financiamento operativo das empresas, de aí que no ano 2019 se seguise expandindo a un ritmo próximo ao 12% para superar deste xeito os 185 mil millóns financiados. Dito volume de operacións sitúa a España no segundo posto europeo no volume de operacións respecto ao PIB, tan só por detrás de Italia. Como xa é habitual, o negocio divídese practicamente a partes iguais entre o *factoring* e o pago a provedores, tamén coñecido como *confirming*. O *factoring* internacional foi o que tivo un mellor comportamento, crecendo máis do 18%, en operacións principalmente de exportación (84%). Tamén se observou un importante avance no *factoring* sen recurso (+21%); o que indica a maior preocupación das empresas por cubrir o risco de crédito das operacións e non utilizar o produto como un mero instrumento de financiamento a curto prazo. O *confirming* tamén medrou o 10,5% pero menos que o *factoring*. En total, o investimento vivo superou os 39.000 millóns de euros, dato inferior ao financiamento debido a que en xeral se financian operacións a curto prazo. A nivel sectorial, a industria manufacturera (27,81%), o comercio (18,82%), outros servizos (17,87%) e o transporte (12,56%), concentran a maior parte do negocio. O impacto da COVID-19 neste caso non foi avaliado por non teren datos dispoñibles.

Cadro núm. 19

Evolución do volume de negocio de *factoring* en España (en millóns de euros)

	2015	2016	2017	2018	2019
Internacional	17.055	15.801	16.009	19.429	23.086
Nacional	45.491	50.930	59.286	65.617	73.010
<i>Factoring</i> a provedores	59.845	62.720	70.790	80.896	89.436
Volume de cesións	122.391	129.451	146.085	165.942	185.532
TVI (%)	5,9	5,8	12,8	13,6	11,8

Fonte: Asociación Española de Factoring.

matriculacións, consolidándose a nova tendencia de optar máis polo uso que pola propiedade. En total, segundo a Asociación Española de Renting de Vehículos (AER) mobilizáronse preto de 6.000 millóns de euros, chegando a representar un 20% do total de matriculacións do exercicio 2019. O maior crecemento procedeu dos autónomos, pemes e particulares, que xa representaron máis do 74% das operacións, restándolle peso á grande empresa, que aínda así ten máis do 50% da frota financiada con *renting*. Non obstante, a boa evolución torceuse en 2020, cando o escenario de incerteza e as restricións de mobilidade frearon a venda de vehículos. De feito, cos datos acumulados ata o mes de setembro, o sector viu recortada a súa actividade en máis do 38%, no referente o número de unidades financiadas, en liña coa caída das matriculacións, que tamén o fixo nun 40%. Ao igual que ocorre co *leasing*, as expectativas están postas no ano 2021, cando o impulso do vehículo eléctrico pode favorecer un instrumento que na actualidade financia o 27% das matriculacións.

A análise dos vehículos financiados amosa unha maior penetración dos vehículos de gasolina (+6,53%) e dos sostibles (híbridos,

A distribución por comunidades mostra que Madrid e Cataluña concentraron máis do 60% do negocio, seguidos do País Vasco (8,37%) e a Comunidade Valenciana (6,74%). Galicia rebaixou a súa cota de mercado ata o 4,40% en 2019, manténdose coma o sexto mercado máis relevante.

IX. Sector público

- A liquidación do exercicio 2019 do sector público autonómico estivo condicionada pola problemática da liquidación do IVE do ano 2017, que supuxo non ingresar 204 millóns de euros orzamentados; incorrendo Galicia nun déficit do 0,41% do PIB, que contrasta co superávit do exercicio anterior.
- Os ingresos tributarios presentaron un comportamento dispar entre os distintos conceptos, medrando os ingresos correntes tan só un 1,2%, o que, conxuntamente co incremento dos gastos correntes do 4,3%, provocou unha diminución do aforro bruto, por vez primeira en anos, de 240 millóns de euros.
- A situación derivada da pandemia da COVID-19 está tendo una repercusión importante nos ingresos e gastos deste exercicio 2020. Aínda que non existen cifras validadas, o seu impacto é significativo, como reflicte o feito de que nos seis primeiros meses a débeda autonómica se incrementase en 656 millóns de euros, fronte á diminución en 272 millóns no exercicio anterior.
- Os concellos galegos seguen a presentar un raquitismo orzamentario (o gasto en euros por habitante sitúase no 79,8% da media nacional), derivado, en gran medida, da súa inibição fiscal (os ingresos por tributos unicamente acadan o 71,9% da media do Estado).
- A recadación da AEAT en Galicia tan só representa o 3,6% do total do Estado, pero medrou no ano 2019 un 8,5%, moi por enriba da media daquel. No que vai de 2020 os ingresos por impostos en Galicia tamén teñen aguantado mellor a caída (2,3% fronte ao 10.3%).
- As cifras de investimento da Administración central en Galicia nos últimos anos triplican, en termos de euros por habitante, a media nacional, empuxadas polas actuacións asociadas á chegada do AVE.
- O gasto en sanidade focaliza a atención sobre as actuacións do sector público por mor da situación que estamos a vivir. Aínda que Galicia xa recibiu 268 millóns de euros do fondo extraordinario artellado pola Administración central para facer fronte a estes gastos, prevese un considerable impacto negativo sobre a liquidación deste exercicio.
- Polo que respecta á súa evolución previa, o gasto en sanidade reduciuse un 20%, en euros constantes, entre os anos 2009 e 2012, recuperándose nos últimos exercicios pero sen chegar a acadar o nivel anterior. Con todo, os gobernos autonómicos priorizaron esta función, en particular Galicia, onde o gasto sanitario pasou de representar o 36,9% do seu gasto non financeiro no ano 2002 ao 44,2% en 2018.
- O sistema público de pensións presenta un desequilibrio que vai máis aló da conxuntura económica, sendo o resultado dunha realidade demográfica, estrutural a medio e longo prazo. Galicia, cun desequilibrio imputable duns 2.901 millóns de euros dun total de 22.690 millóns no conxunto do Estado, anticipa a dinámica do conxunto do sistema, poñendo de manifesto a necesidade de acometer reformas.
- O gasto en educación reduciuse significativamente entre os anos 2009 e 2012 (un 23% en euros constantes), recuperándose parcialmente nos últimos exercicios, para representar actualmente o 25% de gasto non financeiro.


Introdución

Para a análise do sector público galego recolleamos de forma resumida as principais magnitudes e características das actividades desenvolvidas pola Administración autonómica, local e estatal en Galicia, centrándonos naqueles ámbitos de maior interese e actualidade. A pesar de que a información oficial dispoñible é a referida ao exercicio 2019 e anteriores, na media en que a realidade derivada da pandemia da COVID-19 está impactando de forma importante nos ingresos e gastos dos diferentes niveis do sector público, así como nas actividades por eles desenvolvidas, parece oportuno recoller as referencias dispoñibles sobre a súa evolución durante este ano 2020. Nesta liña, realizamos unha análise diferenciada e pormenorizada da estrutura e evolución do gasto público en sanidade, malia que non se conta aínda con datos sobre o custo que está tendo a pandemia, en pensións e educación, tanto en Galicia como no conxunto do Estado.


O sector público autonómico galego

O resultado da liquidación do exercicio 2019 por parte da Administración autonómica -incluíndo tanto a Administración xeral como os organismos autónomos, entidades e axencias coas que consolida-, debe ser avaliado pódoo en relación coa problemática xurdida pola liquidación do imposto sobre o valor engadido (IVE) do exercicio 2017, tras a implantación da Subministración Inmediata de Información (SII). A liquidación dese exercicio, considerando unicamente a recadación dos 11 primeiros meses, supuxo ingresos menores para as comunidades autónomas duns 2.500 millóns de euros, dos que 204,7 correspondían a Galicia. Esa cantidade figuraba nos orzamentos da Xunta para o ano 2019, e ao non ser finalmente achegada pola Administración central xerou un déficit na liquidación do exercicio. Se produce así un cambio de tendencia na senda de recuperación do equilibrio orzamentario que se viña dando nos últimos anos, incorrendo Galicia nunha necesidade de financiamento de 220,2 millóns de euros (o 0,41% do PIB); que contrasta co superávit de 101,6 millóns de euros acadado no exercicio precedente. Isto supuxo incumprir as limitacións inicialmente establecidas para as comunidades autónomas con relación ás necesidades de financiamento, fixadas no 0,1% do PIB rexional.

Inicialmente a Administración central intentou resolver ese problema xerado pola implantación da SII incorporando una solución nos orzamentos xerais do Estado para 2019 pero, na medida en que finalmente non foron tramitados no Congreso, dita solución decaeu, negándose desde entón a Administración central a materializar unha compensación. Aínda que o Ministerio de Facenda aprobou descontar o efecto da SII á hora de avaliar o cumprimento do obxectivo de déficit -co que Galicia pasaría a cumprir co límite establecido-, e articular vías de financiamento mediante débeda para paliar a situación, varias comunidades autónomas, incluída Galicia, reclamaron xudicialmente ditas cantidades. Ademais, o Goberno galego esixiu adicionalmente outros 170 millóns de euros correspondentes aos incentivos polo cumprimento dos obxectivos de déficit, sen resposta ata o momento da Administración central; se ben isto non ten incidencia na liquidación do exercicio 2019 ao non estaren incluídos como previsións de ingreso no orzamento.



Esta situación deu como resultado que os ingresos correntes finalmente liquidados tan só medrasen un 1,2%, o que, conxugado co incremento do 4,3% do gasto corrente, reduce o aforro bruto (gráfico 1) en 239,6 millóns de euros respecto do ano anterior. Muda así a tendencia iniciada no exercicio 2015, caracterizada por importantes saldos positivos que aumentan cada ano. No exercicio 2019 o aforro bruto ascendeu a 535,3 millóns de euros, un 30,9% menos que no ano anterior, sendo a causa principal de que Galicia entrase en déficit tras o superávit do exercicio 2018.




cumpren co período medio de pago a provedores. Este recurso supón unhas condicións de financiamento moi vantaxosas que xeraron un aforro en xuros nas liquidacións dos últimos anos, conseguindo reducir o seu peso relativo ata o 1,6% dos gastos non financeiros. Por esta vía Galicia obtivo fondos por importe de 709,6 millóns de euros no ano 2019.

Esta política de consolidación orzamentaria deu como resultado que Galicia, a pesar de ter multiplicado por tres o seu endebedamento desde 2007, pasando este dos 3.712 aos 11.315 millóns de euros, é unha das comunidades autónomas menos endebedadas do Estado en termos de PIB. Esta porcentaxe é de só o 17,5% do mesmo, fronte á media nacional do 23,7% (gráfico 3), diminuindo tanto esta ratio como a contía total da débeda durante o ano 2019 respecto de exercicios anteriores.

Non obstante, esa tendencia mudou en 2020 por mor das necesidades xeradas polo incremento dos gastos asociados ás actuacións para afrontar a pandemia e pola importante diminución dos ingresos; motivada esta tanto pola paralización da actividade económica como polas políticas artelladas desde o Goberno autonómico de adiamento no cobro de determinados impostos co fin de apoiar as actividades económicas e as familias. Así, fronte á diminución da débeda da comunidade autónoma durante o exercicio 2019 en 272 millóns de euros, nos primeiros seis meses de 2020 incrementouse en 656 millóns de euros.

Do total da débeda galega a finais de 2019, 8.903,4 millóns de euros encádranse dentro dos mecanismos de financiamento dispostos pola Administración central para as comunidades autónomas, o que representa tan só o 3,1% do total, moi por baixo do que lle correspondería en termos de endebedamento relativo. Isto débese a que a alternativa de financiamento establecida para o resto de comunidades autónomas por parte do Goberno central, o fondo de liquidez autonómica (FLA), acadou magnitudes moi importantes para aquelas que incorreron en déficits por enriba dos obxectivos establecidos e, con eles, en elevado endebedamento. En total, o Estado prestoulles ás comunidades autónomas 287.739 millóns de euros, dos que o 68,6% corresponden a Cataluña, Comunidade Valenciana e Andalucía. Mentres, as comunidades cumpridoras ven esta realidade con receo polo trato diferencial que supón ao premiaren condutas non cumpridoras que, seguramente, ao final terán como resultado un tratamento especial, xa sexa mediante a condonación de débeda ou a ampliación das favorables condicións de financiamento. De aí as súas reclamacións no marco das negociacións para acadar un novo sistema de financiamento



Con todo, a Administración galega caracterizouse nos últimos anos por un importante esforzo en materia de consolidación orzamentaria, superando con amplitude neste ámbito o resto de comunidades autónomas que, como se pode ver no gráfico 2, tamén reconduciron os significativos desequilibrios de 2010 e 2011. O cambio de tendencia observado no ano 2019 está motivado polo efecto antes referido do IVE do 2017. O saneamento das súas contas permitiu a Galicia acceder ao fondo de facilidade financeira que, desde 2015, está articulado exclusivamente para as autonomías que acadan os obxectivos de déficit e débeda pública e

autonómico que, polo de agora, volven estar paralizadas tras os cambios no Goberno central e a necesidade de focalizar os esforzos en dar cobertura aos gastos asociados aos requirimentos da pandemia; principalmente en sanidade e servizos sociais, competencias en mans das comunidades autónomas.

Polo que respecta á análise dos ingresos e da súa evolución, hai que salientar un comportamento dispar entre os diferentes capítulos, con especial relevancia no referido aos recursos tributarios. No exercicio 2019 os ingresos por impostos directos me-

draron un 4,5%, empuxados polo bo comportamento do imposto sobre a renda das persoas físicas (un 8,7% máis), que compensou con folgura a caída do 35% do imposto sobre sucesións e doazóns. Pola súa vez, os ingresos por impostos indirectos diminuíron nun 1,9%, principalmente pola redución do IVE (un 3,5% menos), que non se compensou co incremento da recadación polo imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Esta evolución dos ingresos por impostos pon de manifesto a repercusión orzamentaria das políticas de incentivos fiscais artelladas polo Goberno galego, sobre todo no ámbito do imposto sobre sucesións, que reduciron a súa recadación.

Por outra banda, os ingresos por transferencias correntes subiron un 1,9%, grazas en particular aos recursos derivados do sistema de financiamento autonómico, fronte á diminución das transferencias de capital, cunha caída do 5,4% (cadro 1).

Cadro núm. 1

Dereitos recoñecidos da Administración autonómica galega (en millóns de euros)

Capítulos	2007	2009	2011	2013	2014	2016	2018	2019
Impostos directos	1.444,4	1.737,9	2.046,6	2.016,4	1.992,4	2.250,6	2.391,7	2.499,1
Impostos indirectos	2.713,9	2.119,3	2.699,4	2.828,4	3.077,6	3.155,8	3.491,9	3.425,0
Taxas e outros ingresos	283,1	261,8	256,1	179,9	186,7	183,7	181,5	197,9
Transferencias correntes	4.324,0	5.016,1	2.455,0	2.360,6	2.006,1	2.452,3	2.685,6	2.736,0
Ingresos patrimoniais	51,1	28,6	22,8	41,0	28,5	19,1	11,4	12,1
Total ingresos correntes	8.816,5	9.163,7	7.480,0	7.426,4	7.291,3	8.061,6	8.762,1	8.870,1
Alleamento investimentos reais	55,8	65,8	23,6	17,1	10,6	8,2	3,8	15,8
Transferencias de capital	664,1	753,1	588,6	471,7	391,6	222,2	439,8	416,1
Total ingresos de capital	719,9	818,9	612,2	488,9	402,2	230,4	443,6	431,9
Total ingresos non financeiros	9.536,4	9.982,6	8.092,2	7.915,3	7.693,5	8.292,0	9.205,6	9.302,0
Variación de activos financeiros	17,3	16,4	4,4	25,7	25,8	34,8	44,4	30,4
Variación de pasivos financeiros	542,0	936,3	1.293,1	1.909,1	2.221,2	1.881,6	1.194,4	2.971,5
Total ingresos financeiros	559,3	952,7	1.297,6	1.934,8	2.247,0	1.916,4	1.238,9	3.001,9
TOTAL INGRESOS	10.095,7	10.935,3	9.389,8	9.850,0	9.940,5	10.208,4	10.444,5	12.303,9

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Xunta de Galicia e Ministerio de Facenda.

Con relación ao gasto executado no exercicio 2019, tres son os aspectos máis salientables que podemos constatar no cadro 2: por un lado, o importante incremento dos gastos de persoal, que soben un 5,7%; por outro, o moderado crecemento do resto de gastos correntes, que no seu conxunto medran un 3%; finalmente, o importante aumento das transferencias de capital, cun 14,8% máis que no exercicio anterior, no que, a súa vez, xa tiñan mellorado un 13,8%. De novo é de destacar que Galicia executou gastos de capital en 2019 por un importe total de 1.187 millóns de euros, cun incremento do 6,3%, que representan o 10,1% do total deste tipo de gastos no conxunto das comunidades autónomas;ponse así de manifesto o importante esforzo inversor en termos comparativos da nosa comunidade, ao representar os gastos non financeiros tan só o 5,8% das daquelas.

Cadro núm. 2

Obrigas recoñecidas da Administración autonómica galega (en millóns de euros)

Capítulos	2007	2009	2011	2013	2014	2016	2018	2019
Gastos de persoal	3.276,4	3.899,5	3.729,8	3.446,9	3.451,1	3.667,8	3.845,0	4.065,7
Compras de bens e servizos	1.279,8	1.414,3	1.322,4	1.540,9	1.567,3	1.650,2	1.831,2	1.869,0
Xuros	150,0	110,7	214,2	302,2	364,6	269,7	153,9	158,1
Transferencias correntes	2.263,2	2.608,5	2.266,7	2.059,4	1.992,7	2.019,0	2.157,1	2.242,1
Total gastos correntes	6.969,4	8.033,0	7.533,1	7.349,4	7.375,6	7.606,7	7.987,2	8.334,9
Investimentos reais	1.263,6	1.257,7	689,1	627,4	525,6	690,2	680,1	686,0
Transferencias de capital	1.055,5	1.030,6	568,2	481,8	434,0	347,8	436,7	501,3
Total gastos de capital	2.319,2	2.288,3	1.257,4	1.109,2	959,6	1.038,0	1.116,8	1.187,4
Total gastos non financeiros	9.288,5	10.321,3	8.790,4	8.458,6	8.335,2	8.644,7	9.104,0	9.522,2
Variación de activos financeiros	170,0	133,7	112,5	129,6	168,2	176,3	130,3	393,2
Variación de pasivos financeiros	457,1	245,9	419,7	1.025,5	1.460,7	1.334,0	1.033,7	2.706,1
Total gastos financeiros	627,1	379,7	532,2	1.155,2	1.628,9	1.510,3	1.164,0	3.099,3
TOTAL GASTOS	9.915,7	10.701,0	9.322,6	9.613,7	9.964,1	10.155,0	10.268,0	12.621,5

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Xunta de Galicia e Ministerio de Facenda.

A realidade descrita no sector público autonómico galego durante o exercicio 2019 queda en parte eclipsada polo acontecido en 2020 debido á pandemia da COVID-19. Aínda que desde o Goberno central se dispuxo un fondo extraordinario, por importe de 16.000 millóns de euros, para achegar recursos cos que afrontar os gastos derivados da pandemia, seguramente estes non serán suficientes. Nesta liña, ata o de agora repartíronse dous tramos dese fondo extraordinario, por importe de 6.000 millóns de euros para sanidade e 2.000 millóns de euros para educación; dos cales a Galicia lle corresponden 268 e

93 millóns respectivamente. Dos dous tramos restantes, un segundo para sanidade e outro para compensar os menores ingresos pola redución da actividade económica, a Galicia lle corresponderán 150 e 224 millóns de euros. Tamén se entregaron xa durante este ano os recursos correspondentes á liquidación de 2018, que para Galicia resultou positiva nunha contía de 407 millóns de euros.

Ao mesmo tempo, como medida de apoio ás comunidades autónomas, o Goberno central acordou suspender as regras fiscais de contención de gasto para os exercicios 2020 e 2021, establecendo unha referencia de déficit autonómico para o ano 2021 do 2,2% do PIB; do que a Administración central asumiría a metade cunha transferencia estimada nuns 13.500 millóns de euros. Asemade, pese á caída de ingresos, blíndanse os recursos do sistema de financiamento, mantendo para 2021 as entregas a conta practicamente na mesma contía que en 2020. En todo caso, debemos ser conscientes do problema que isto implicará no momento de liquidar os exercicios 2020 e 2021, e a repercusión que estas liquidacións terán para as contas autonómicas futuras.

Ademais, as comunidades autónomas executarán directamente a metade dos recursos procedentes do fondo europeo para a recuperación económica, o que significará para o conxunto destas uns 12.000 millóns de euros no exercicio 2021. Estes ingresos, xunto coa capacidade de endebedamento adicional, permitíronlle ao Goberno galego aprobar un teito de gasto para o próximo ano de 11.664 millóns de euros; un 14,9% máis con respecto a este exercicio, o que suporá incrementar o gasto nuns 1.500 millóns de euros.

En todo caso, pese ás medidas extraordinarias de financiamento articuladas para afrontar as necesidades derivadas da pandemia, en relación co sector público autonómico xorden unha serie de indefinicións sobre a evolución futura dos ingresos e gastos, que obrigarán a unha reformulación global da súa actividade. Neste momento a prioridade é facer fronte as consecuencias sanitarias e económicas, pero temos que empezar a deseñar os eixes arredor dos cales se desenvolvan as actuacións da Administración autonómica no futuro inmediato, xa que nela radican as competencias públicas básicas para superar a situación actual.

O sector público local galego


Dentro do sector público local poñemos o foco na realidade económico-financeira dos concellos galegos, constatando que os principais elementos diferenciais destes respecto dos seus homólogos no resto do Estado español se manteñen ano tras ano. O volume de recursos que administran é significativamente menor, o 79,8% da media nacional en termos de euros por habitante no exercicio 2019, diferenza que é máis acusada canto menor é o tamaño dos municipios, como xa recolleemos en informes anteriores. Continúa así o que se coñece como raquitismo orzamentario do municipalismo en Galicia.

Estas diferenzas entre os concellos galegos e os do resto do Estado teñen a súa orixe tanto en factores esóxenos, ao seren discriminados de forma negativa os municipios galegos na repartición da participación nos ingresos do Estado; como en factores endóxeos, ao non exercer de forma equivalente a súa capacidade tributaria, sendo estes últimos os responsables principais das desigualdades existentes.

Polo que respecta aos ingresos dos concellos galegos derivados da súa participación nos recursos do Estado, no sistema vixente primáanse os municipios de maior tamaño en detrimento dos máis pequenos, sen teren en conta adecuadamente factores como a dispersión da poboación. Esta situación resulta moi

prexudicial para os municipios galegos, que ingresan menos que no conxunto do Estado, e explica parcialmente as diferenzas anteriores.

Non obstante, esa menor capacidade de gasto dos municipios galegos débese, nunha parte importante, ao non exercicio da súa capacidade tributaria, como podemos constatar no gráfico 4 e no cadro 3. Os ingresos por tributos propios, en termos de recadación en euros por habitante, tan só representan en Galicia o 71,9% da media nacional. Estes menores ingresos tributarios dos municipios en Galicia non se xustifican só nas diferenzas de capacidade económica dos



seus residentes, na actividade económica desenvolvida no seu territorio ou nos propios servizos municipais prestados. O que acontece é que segue a producirse o que vimos denominando como inhibición fiscal respecto do exercicio da autonomía e capacidade que a normativa lles outorga aos concellos en materia tributaria.

Cadro num. 3

Ingresos e gastos dos concellos. Orzamentos liquidados (en euros por habitante)

a) Galicia

Capítulos	2008	2010	2012	2014	2016	2018	2019
INGRESOS							
Impostos directos	213,3	240,2	264,0	285,5	305,9	327,9	314,7
Impostos indirectos	35,1	19,4	15,6	13,8	16,0	21,4	22,9
Taxas e outros ingresos	125,9	127,7	142,2	149,1	151,8	161,1	154,9
Transferencias correntes	306,6	291,5	264,3	287,5	304,8	334,9	338,0
Ingresos patrimoniais	12,9	9,4	8,2	8,7	7,5	7,4	6,0
Total ingresos correntes	693,8	688,2	694,3	744,6	786,0	852,8	836,6
Alleamento investimentos reais	9,6	3,4	0,6	0,9	0,5	7,7	0,9
Transferencias de capital	80,9	188,5	43,9	38,4	42,5	55,3	60,8
Total ingresos de capital	90,5	191,8	44,5	39,3	43,0	63,1	61,7
Total ingresos non-financeiros	784,3	880,0	738,8	783,8	829,0	915,9	898,3
Variación de activos financeiros	1,0	1,0	1,0	1,1	0,9	0,8	0,7
Variación de pasivos financeiros	26,7	34,0	78,2	9,0	13,9	14,1	11,0
Total ingresos financeiros	27,7	35,1	79,1	10,1	14,8	14,9	11,8
TOTAL INGRESOS	812,0	915,1	817,9	793,9	843,8	930,7	910,1
GASTOS							
Gastos de persoal	259,4	274,1	234,6	250,3	258,1	273,6	284,6
Compras de bens e servizos	290,1	301,2	324,4	326,8	340,2	364,8	386,0
Xuros	11,8	5,2	8,3	8,0	2,6	3,0	1,6
Transferencias correntes	37,7	39,9	40,0	42,8	44,7	49,6	53,8
Total gastos correntes	599,0	620,3	607,2	627,9	645,6	691,0	726,1
Investimentos reais	161,9	244,3	86,1	86,7	86,4	131,1	141,0
Transferencias de capital	14,9	6,9	9,2	6,0	5,2	3,9	4,0
Total gastos de capital	176,8	251,2	95,3	92,6	91,7	134,9	145,1
Total gastos non-financeiros	775,7	871,5	702,5	720,5	737,3	826,0	871,1
Variación de activos financeiros	1,1	1,1	1,0	1,0	1,3	1,0	0,7
Variación de pasivos financeiros	29,6	33,5	36,1	50,6	44,3	38,6	24,9
Total gastos financeiros	30,7	34,6	37,0	51,6	45,7	39,6	25,7
TOTAL GASTOS	806,5	906,1	739,5	772,1	782,9	865,6	896,8




b) España

Capítulos	2008	2010	2012	2014	2016	2018	2019
INGRESOS							
Impostos directos	318,1	356,3	391,1	419,2	454,5	463,0	461,6
Impostos indirectos	48,0	30,1	22,3	22,3	29,9	40,2	43,7
Taxas e outros ingresos	195,3	191,5	182,6	168,5	176,5	185,6	179,6
Transferencias correntes	353,6	323,5	315,2	301,6	346,6	370,3	368,8
Ingresos patrimoniais	34,0	28,2	23,4	24,6	19,0	18,5	19,2
Total ingresos correntes	949,0	929,6	934,7	936,4	1.026,5	1.077,7	1.072,9
Alleamento investimentos reais	28,3	15,3	7,9	6,3	7,4	9,5	7,2
Transferencias de capital	88,1	176,2	34,9	35,1	31,2	43,7	40,7
Total ingresos de capital	116,4	191,5	42,9	41,3	38,6	53,2	47,8
Total ingresos non-financeiros	1.065,4	1.121,1	977,6	977,7	1.065,1	1.130,9	1.120,8
Variación de activos financeiros	3,7	7,1	3,0	2,1	2,1	1,8	1,5
Variación de pasivos financeiros	76,6	72,2	193,8	59,5	36,7	36,8	47,4
Total ingresos financeiros	80,3	79,3	196,8	61,6	38,8	38,6	49,0
TOTAL INGRESOS	1.145,8	1.200,4	1.174,4	1.039,3	1.103,9	1.169,5	1.169,7
GASTOS							
Gastos de persoal	358,6	370,4	326,6	318,1	352,3	371,9	392,0
Compras de bens e servizos	372,0	358,4	355,6	312,3	346,2	372,1	381,9
Xuros	23,9	15,5	26,7	29,3	15,8	12,4	11,4
Transferencias correntes	93,4	96,5	89,9	86,2	100,2	102,3	101,0
Total gastos correntes	847,9	840,7	798,9	745,9	814,5	858,6	886,2
Investimentos reais	233,3	274,3	99,3	89,6	93,1	120,5	130,8
Transferencias de capital	29,8	21,9	10,6	12,2	12,9	16,5	12,5
Total gastos de capital	263,1	296,2	109,8	101,8	106,0	137,0	143,3
Total gastos non-financeiros	1.110,9	1.136,9	908,8	847,7	920,4	995,6	1.029,5
Variación de activos financeiros	6,4	3,9	10,2	3,0	3,6	3,4	3,8
Variación de pasivos financeiros	52,1	53,9	69,7	130,1	93,6	82,2	89,3
Total gastos financeiros	58,4	57,8	79,8	133,1	97,2	85,6	93,2
TOTAL GASTOS	1.169,3	1.194,7	988,6	980,8	1.017,6	1.081,2	1.122,7

Fonte: Ministerio de Facenda.

A evolución nos últimos anos dos ingresos e gastos dos concellos galegos, ao igual que os do resto do Estado, está estreitamente relacionada coa situación da economía. A anterior crise económica supuxo unha importante diminución dos recursos das facendas locais, que nos anos previos se viron impulsados pola puxanza da actividade inmobiliaria, xénese daquela. Esta caída dos ingresos tentouse compensar, especialmente por parte dos municipios de maior tamaño, recorrendo ao imposto sobre bens inmobles (IBI), como tributo con bases impositibles non asociadas á evolución da economía, constatándose un incremento neste tipo de ingresos.

Con todo, foron as medidas de contención do gasto asociadas aos obxectivos da estabilidade orzamentaria as que en maior medida frearon a recuperación dos niveis de gasto previos, sendo o capítulo de investimentos reais no que máis se concentra esta redución dos recursos executados. A restrición no gasto dos municipios xerou unha importante suma de remanentes orzamentarios, cuantificados actualmente nuns 1.283,5 millóns de euros para o conxunto das entidades locais de Galicia; o que supón un 7,6% do total do Estado, porcentaxe superior ao peso relativo en termos orzamentarios.




A situación derivada da pandemia da COVID-19 levou o Goberno central a artellar medidas que permiten mobilizar ditos recursos e, tras algunha proposta desestimada, mediante a suspensión das regras de gasto para os exercicios 2020 e 2021 permitiráselles aos concellos recorrer aos seus remanentes de tesourería para colaborar na reconstrución económica e social. Porén, esas marxes de manobra difiren substancialmente entre concellos, o que pode dar lugar a realidades dispares que deben ser obxecto de seguimento para tomar as medidas correctoras oportunas.

O sector público estatal en Galicia

Polo que respecta ao sector público estatal, analizamos as súas principais actuacións en Galicia, segundo a información dispoñible, facendo referencia aos ingresos tributarios da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) e aos investimentos da Administración central no ámbito desta comunidade autónoma.

No relativo aos ingresos líquidos da AEAT, estes tan só representan o 3,69% do total do Estado, porcentaxe que debe ser posta en relación co peso da poboación, que é do 5,74%, e co do PIB, que acada o 5,21% do total nacional. En todo caso, é de salientar que no 2019 o incremento da recadación en Galicia foi do 8,5%, fronte ao 1,7% no conxunto do Estado. Este mellor comportamento diferencial mantense en 2020, no que a recadación cae de maneira significativa por mor da crise económica e das restricións derivadas da pandemia. Durante os 8 primeiros meses deste ano (gráfico 6) a recadación no conxunto do Estado baixa, en termos comparativos respecto do mesmo período do ano anterior, un 10,3% fronte a tan só un 2,3% en Galicia. Con todo, tanto en termos de recadación por habitante como de peso da reca-




dación en relación ao PIB rexional, seguimos moi lonxe da media nacional, como se constata nos gráficos 5 e 7.

En canto ás cifras de investimentos da Administración central en Galicia, que analizamos para os cinco últimos anos en termos de euros por habitante no gráfico 7, estas poñen de manifesto un maior esforzo inversor daquela na nosa comunidade, incrementado de forma significativa nos anos 2018 e 2019, triplicando neste último exercicio a media nacional. Os investimentos ligados ao tren de alta velocidade explican en gran medida esta diferenza, corrixindo en parte o desequilibrio inversor de exercicios anteriores.

O gasto sanitario en Galicia


A sanidade pública, que xa de por si é un dos piares básicos do estado do benestar, focaliza a atención das administracións públicas e da cidadanía como elemento central e prioritario de resposta á crise sanitaria que estamos a vivir. Aínda non se dispón de información validada sobre a repercusión orzamentaria do esforzo que no ámbito sanitario se está a facer. En todo caso, a anterior crise económica, e os seus efectos sobre a contas públicas, tivo unha incidencia importante sobre a contía e evolución do gasto destinado a esta función nos últimos anos, o que abre un debate intenso sobre se o nivel de esforzo público neste servizo foi o suficiente para agora afrontar de maneira adecuada a pandemia. É por iso que nos parece oportuno recoller unha análise sobre o gasto público en sanidade, avaliando a realidade galega no conxunto do Estado.

Para contextualizar o estudo do gasto público en sanidade hai que ter en conta que en España o 92,6% do mesmo o levan a cabo as comunidades autónomas que, desde o ano 2002, asumiron de forma






xeneralizada esta competencia (Galicia, como Comunidade histórica, desde 1991). O resto do gasto en sanidade corresponde ás mutualidades dos funcionarios (3,2%), ao sistema da Seguridade Social (2,4%), ás corporacións locais (0,9%) e á Administración central (0,9%).

Ao analizar a evolución do gasto sanitario das comunidades autónomas nos últimos exercicios, o primeiro aspecto que sobresaé é o seu forte crecemento entre 2002 e 2009 (un 46% en Galicia e un 56% no conxunto do Estado); a continuación diminúe de forma significativa ata 2012 e 2013, con caídas medias do 20% en euros constantes entre eses exercicios, recuperándose parcialmente nos últimos anos. É de salientar o menor crecemento relativo do gasto sanitario en Galicia, e como a crise económica abriu máis a fenda coa media das comunidades autónomas; brecha que se pecha parcialmente nos anos 2014 e 2015, para ensancharse de novo nos dous últimos exercicios analizados (gráfico 10).



Ademais da evolución do gasto sanitario nas diferentes comunidades autónomas, resulta interesante cuantificar este en termos




Estas disparidades no nivel de gasto sanitario entre as comunidades autónomas non teñen unha translación exacta no esforzo relativo que estas fan se medimos este relacionando o gasto sanitario e o PIB rexional (gráfico 13). Tendo en conta que nesta ratio incide tamén o nivel de riqueza das comunidades autónomas, vemos como as diferenzas se incrementan e cambian as posicións relativas, sendo as comunidades máis ricas as que presentan un menor peso do gasto sanitario en relación ao PIB; a pesar de que algunhas delas son as que máis gastan en termos per cápita, como acontece no caso de Navarra e do País Vasco. Galicia, cun gasto en sanidade que representa o 6,4% do seu PIB, sitúase lixeiramente por riba da media estatal, se ben reduciu esa diferenza positiva nos últimos anos.

Por último, tamén resulta moi ilustrativo da importancia do gasto sanitario, e da súa priorización nas decisións públicas, cuantificar o seu peso relativo dentro do gasto das comunidades autónomas. Neste sentido, as necesidades asociadas a esta función e a propia dinámica do gasto sanitario, a pesar dos recortes realizados, unido ao proceso de consolidación orzamentaria, provocaron que o gasto en sanidade gañase peso dentro do gasto non financeiro das comunidades autónomas, como podemos

que permitan unha análise comparativa da súa realidade actual. Neste sentido, se calculamos o gasto sanitario en euros por habitante (gráfico 11), atopamos importantes disparidades entre territorios. Así, hai comunidades que superan, nesta ratio, en case un 50% as de menor gasto. Estas diferenzas xurdiron principalmente nos últimos anos, ao seren relativamente menores no momento de culminar o traspaso da sanidade ás comunidades autónomas en 2002. Galicia executou gasto en sanidade no exercicio 2018 por importe de 1.496 euros por habitante, practicamente igual que a media do Estado, que se situou nos 1.486 euros.

En todo caso, á hora de concluír sobre o gasto sanitario por habitante cómpre ter en conta que a sanidade pública non cobre á totalidade da poboación, ao quedar unha pequena parte fóra do sistema e outra baixo sistemas alternativos, como acontece no caso dos funcionarios e das súas mutualidades. Por esta razón debemos utilizar para esta análise a poboación protexida. Pola súa vez, esta poboación protexida debe ser ponderada a partir das necesidades de gasto por mor da súa idade, obtendo así o que se denomina poboación protexida equivalente, que é a que se utiliza á hora de cuantificar no sistema de financiamento en vigor, á parte da sanidade incluída dentro do Fondo de garantía de servizos públicos fundamentais. Comparando o peso relativo destas magnitudes de poboación en termos sanitarios e o gasto en sanidade das diferentes comunidades autónomas, podemos ter unha visión máis adecuada das disparidades entre elas. Como se pode observar no gráfico 12, as diferenzas antes constatadas utilizando a totalidade da poboación mantéñense e, nalgúns casos, empeoran, como acontece no caso galego: co 6,5% da poboación protexida equivalente do conxunto do Estado, o seu gasto sanitario tan só acada o 6,1% do total.



constatar no gráfico 14. No conxunto do Estado este incremento é de 3,7 puntos porcentuais desde 2002. Aquí destaca Galicia, onde o gasto en sanidade aumentou en 7,3 puntos porcentuais o seu peso dentro do gasto non financeiro, situándose actualmente no 44,2% deste; o que nos dá unha idea da reorientación de recursos cara a esta función altamente priorizada. Porén, conséntase unha diminución deste peso relativo no exercicio 2018 respecto dos anteriores, o que pon de manifesto que a recuperación dos orzamentos públicos non beneficiou en igual medida a sanidade que ao resto de funcións. Cómpre salientar que as comunidades do País Vasco e

Navarra, malia presentar as maiores ratios de gasto por habitante, como xa sinalamos, presentan as porcentaxes máis baixas de gasto non financeiro destinado a esta función; o cal é unha boa mostra dos privilexios que lles outorgan os seus sistemas de financiamento.

Aínda que os datos dispoñibles non permiten avaliar o gasto actual en sanidade ligado á situación de crise sanitaria que estamos a vivir, podemos concluir que a análise da contía e evolución do gasto sanitario nos últimos 17 anos reflicte con claridade o peso desta función dentro do gasto autonómico e, con ela, da conveniencia de valorar adecuadamente a súa importancia e o seu custo efectivo. Mais aló das necesidades para afrontar a pandemia, non cabe dúbida de que esta situación obrigará a reformular o modelo de futuro da sanidade pública; o que requirirá de contías adicionais e específicas no marco do sistema de financiamento autonómico. Isto é especialmente importante para Galicia que, cunha poboación máis envellecida e un maior custo na prestación por mor da dispersión, presenta unhas necesidades neste ámbito moi superiores á maioría das comunidades autónomas.

O sistema público de pensións en Galicia

Para encadrar a análise do sistema público de pensións no cadro 4 recolleamos as principais magnitudes tanto para Galicia como para o conxunto do Estado. O sistema dá cobertura a máis de 9,9 millóns de pensionistas ou beneficiarios, cun gasto total que representa o 12,4% do PIB español. Estas cifras son máis significativas en termos relativos para Galicia, onde a poboación cuberta ascende a 760 mil persoas (o 28,17% do total) e implica un gasto que representa o 16,05% do PIB galego.

Cadro núm. 4

O sistema público de pensións. Ano 2019

	Seguridade Social		Clases pasivas		Pensións non contributivas	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Pensionistas/beneficiarios ¹	677.654	8.845.069	44.300	628.401	n.d.	n.d.
Pensións/prestacións ¹	765.513	9.740.077	45.917	648.958	38.511	452.157
Altas de pensións	38.353	559.590	2.410	35.586	n.d.	n.d.
Baixas de pensións	36.387	453.040	1.623	25.020	n.d.	n.d.
Gasto total pensións (millóns de €)	8.970,8	134.629,6	1.113,4	15.711,2	216,2	2.552,0
Gasto total pensións en % PIB	13,97%	10,91%	1,73%	1,27%	0,34%	0,21%

¹ Media anual.

Fonte: Elaboración propia a partir do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións (MISSM), Ministerio de Facenda e Instituto Nacional de Estatística (INE).





Cadro núm. 5

Cobertura do sistema público de pensións. Ano 2019

	Galicia	España
Poboación		
65 anos ou máis	679.784	9.057.193
% sobre o total	25,18	19,26
Pensionistas		
65 anos ou máis	540.748	6.903.035
% / Poboación 65 anos ou máis	79,55	76,22
64 anos ou menos	136.906	1.942.035
% / Poboación 64 anos ou menos	6,78	5,11

Fonte: Elaboración propia a partir do INE e MISSM.

Centrándonos exclusivamente no sistema público da Seguridade Social (ss), un dos elementos máis salientables é que o 25,1% do total da poboación galega ten a condición de pensionista deste sistema, fronte a 18,81% do total estatal. Esta realidade débese tanto ao maior peso da poboación de 65 anos ou máis, que representa o 25,18% da poboación total de Galicia, como á maior cobertura do sistema en Galicia, dado que o 79,55% desa



poboación é beneficiaria do sistema como pensionista, fronte ao 76,22% do total nacional. Diferenzas similares danse na cobertura mediante pensións á poboación de 64 anos ou menos, con índices do 6,78% e 5,11% respectivamente en Galicia e en España (cadro 5).

Este nivel de cobertura do sistema público de pensións xera un gasto en Galicia equivalente ao 13,97% do PIB rexional, fronte ao 10,91% do total do sistema, presentando unha diminución deste peso relativo desde o ano 2014. A tendencia cambia en 2018 e 2019, debido ás medidas aprobadas nestes exercicios en relación coa actualización das pensións e coa suba das de menor contía, suspendendo parcialmente as medidas de contención de gasto introducidas nas reformas de 2012 e 2013. Esta evolución é similar en Galicia e no conxunto do Estado, manténdose as diferenzas, como se pode ver no gráfico 15.

O maior esforzo do gasto en pensións en termos do PIB non ten o seu traslado á contía das mesmas, acadando a pensión media en Galicia tan só o 84,8% da pensión media do conxunto do Estado. Este é o segundo importe máis baixo das comunidades autónomas, incrementándose ademais as diferenzas nos últimos anos, como se poder ver no gráfico 16. Ademais, é necesario que o 30,1% das pensións galegas sexan complementadas para garantir os mínimos legalmente establecidos. Con todo, si se constata a translación aos importes medios das pensións dos acordos de subida para o ano 2019, tras anos de contención: as pensións revalorizáronse con carácter xeral un 1,6% e un 3% as mínimas e non contributivas.

Na medida en que o sistema contributivo da SS se estrutura como de repartición, en virtude do cal as cotizacións que pagan empresarios e traballadores se aplican contemporaneamente a cubrir o importe das pensións en vigor en cada momento, a correlación entre afiliados e pensionistas é básica para o seu balance financeiro. A relación entre ingresos e gastos do sistema evoluciona en paralelo ao do número de cotizantes e de pensionistas, sempre que se manteñan os parámetros básicos de cálculo das cotizacións e das pensións.

O gráfico 17 recolle a relación entre afiliados e pensionistas, en medias anuais, para Galicia e para o conxunto do Estado desde 2005, presentando no último ano unha ratio de 1,50 e de 2,19 respectivamente. Constáta-

se un descenso significativo desde 2008, que empeza a recuperarse lixeiramente nos últimos cinco anos. Dentro de Galicia existen diferenzas importantes entre provincias (gráfico 18), con Ourense (1,08) e Lugo (1,25) claramente distanciadas das provincias atlánticas (Pontevedra e A Coruña con 1,65 e 1,62 respectivamente), nas que esta ratio se ve empuxada polas maiores taxas de emprego e o menor número de pensionistas.

Como resultado desta relación entre afiliados e pensionistas, así como do resto de variables que inciden sobre os recursos e obrigas do sistema, estas xerando un importante desequilibrio que, considerando só os ingresos e gastos directamente relacionados coa parte contributiva, acada os 22.690 millóns de euros no total do Estado en 2018; dos cales 2.901 son imputables a Galicia (cadro 6). A estas cantidades habería que sumarles os complementos a mínimos que se financian con impostos desde os orzamentos do Estado. As medidas que se tomaron en 2018 en relación coa suba das pensións, antes referidas, volven incrementar estes desequilibrios despois da pequena diminución que se producira no ano anterior no conxunto do Estado. Esta situación non se deu en Galicia, onde os desequilibrios aumentan de forma continuada e significativa nos últimos anos.

Cadro núm. 6

Ingresos e gastos do sistema contributivo da Seguridade Social (en millóns de euros)


	Galicia				Total nacional			
	2015	2016	2017	2018	2015	2016	2017	2018
Cotizacións sociais	4.731,9	4.813,4	4.993,0	5.252,8	90.628,0	93.083,8	97.819,5	102.846,5
Prestacións contributivas	7.381,1	7.607,3	7.834,5	8.154,7	112.187,4	115.990,6	120.059,2	125.537,4
Pensións	7.119,0	7.341,7	7.564,7	7.896,1	108.213,9	111.915,9	115.722,4	121.290,0
Incapacidade temporal	149,4	156,1	160,3	155,4	1.913,3	2.058,2	2.195,1	2.113,3
Prestacións por maternidade	85,4	85,9	93,8	90,8	1.799,5	1.787,8	1.942,4	1.947,6
Outras prestacións	27,3	23,6	15,8	12,3	260,6	228,7	199,3	186,5
Saldo sistema contributivo	-2.649,2	-2.794,0	-2.841,5	-2.901,8	-21.559,4	-22.906,8	-22.239,7	-22.690,9
Complemento a mínimos	739,8	718,5	697,5	709,9	7.279,7	7.147,0	6.992,8	7.141,7
Saldo global	-3.389,0	-3.512,5	-3.539,1	709,9	-28.839,1	-30.053,8	-29.232,5	-29.832,6
% total nacional	11,75	11,69	12,11	12,36				

Fonte: Elaboración propia a partir do MISSM.




A evolución e situación actual do sistema público de pensións fainos concluir que os desequilibrios que presenta van máis aló da conxuntura económica e a súa repercusión sobre o mercado de traballo. O escenario demográfico, que se intensificará de forma estrutural no medio prazo, é o determinante principal da súa sostibilidade futura. A realidade do sistema en Galicia valida esta reflexión e anticipa a dinámica do conxunto do sistema, poñendo de manifesto a necesidade de afrontar as reformas que garantan a súa viabilidade futura para cumprir adecuadamente a súa misión: a substitución de rendas que permita manter o nivel de vida das persoas finalizada a súa etapa laboral.

O gasto en educación en Galicia

O gasto en educación constitúe, por detrás da sanidade, un dos eixes principais de actuación das comunidades autónomas, que tamén se veu fortemente afectado polos efectos da anterior crise económica. A aproximación ao gasto nesta función, tanto desde o punto de vista da súa contía como da súa evolución, constitúe un paso necesario para completar a análise do sector público galego.



A primeira conclusión que se tira de analizar o gasto en educación desde unha perspectiva histórica é a do seu forte crecemento entre os anos 2002 e 2009, un 28% en Galicia e un 40% no conxunto de comunidades; para seguidamente diminuír de forma significativa ata 2012, manterse en 2013 e 2014 e recuperarse de forma parcial nos últimos exercicios. Cómpre destacar o menor crecemento relativo do gasto en educación en Galicia e como a crise económica abriu unha fenda coa media das comunidades autónomas que se incrementou nestes últimos anos nos que volveu crecer o gasto en educación (gráfico 19).



En segundo lugar destacan as importantes diferenzas no gasto en educación entre comunidades autónomas. Se cuantificamos o gasto en euros por habitante, tendo en conta a poboación obxectivo de 4 a 22 anos (gráfico 20), atopamos comunidades que case duplican as de menor gasto, incrementándose estas desigualdades nos últimos anos. Estas disparidades tamén se poñen de manifesto se relacionamos o gasto en educación co PIB rexional (gráfico 21), aínda que neste caso incide tamén o nivel de riqueza das distintas comunidades autónomas. Galicia gastou en educación en 2019 por habitante entre 4 e 22 anos 5.594 euros, un 14,7% máis que a media estatal; malia que en termos de esforzo en función do PIB está practicamente na media nacional, polo menor peso relativo da poboación en idade de ser destinataria desta función.

Por último, debemos destacar que a dinámica do gasto asociado a esta función, xunto coa evolución do resto de gastos e o proceso de consolidación orzamentaria, provocaron que o gasto en educación perdese peso relativo dentro do gasto non financeiro das comunidades autónomas (gráfico 22). O gasto en educación representa en Galicia o 25,7% dos gastos non financeiros, un pouco por riba da media nacional; constatándose nos últimos exercicios unha recuperación do seu peso relativo, que chegou a presentar nos peores anos da crise unha diferenza de 5 puntos á baixa respecto de 2002.